

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE FILOSOFÍA
DEPARTAMENTO DE LÓXICA E FILOSOFÍA MORAL

A igualdade sexual na diversidade cultural

TESE PRESENTADA POR: YOLANDA MARTÍNEZ SUÁREZ

DIRIXIDA POR: DRA. MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO

A Lucía, Pepe e Álvaro

A Juan

Ás mulleres andoriña

Agradecimentos

Todo contexto é situado, e esta tese non é unha excepción. Nas etiquetas dos produtos do agro, a normativa esixe que consten os ingredientes e a súa procedencia cando se trata de agricultura ecolóxica. A alegoría da terra venme ao caso porque o campo que fixo xermolar esta semente é a granxa familiar na que nacín. Estas páxinas non terían existencia sen as longas sesións de rozado de silvas dos camiños, traballo que con dedicación e entrega asumiron con ilusión Lucía, Pepe e Álvaro, a quen llo debo todo. A miña nai como a de Manolo Rivas sempre tivo claro que anovaba leiras a costa do lombo e as mans para que os chupóteros puidesen chegar ata o ceo. Nos camiños xa debrozados atopei profesores/as que me brindaron ferramentas novas, que como os lentes de Galileo mudaron o meu ollar para sempre. Comecei a reflexionar sobre a necesidade dunha ética igualitarista de man de Xavi, o meu profesor de Filosofía do instituto de Fontiñas. A el e a varias mestras máis débolle os sinais polo sendeiro, por veces escuro e solitario. Grazas a Teresa Moure, Chus Juanatei, Andrés Romarís, Loli Pose, e tantas outras. Son varias as persoas que regaron a miña semente do amor pola sabedoría, a etimoloxía da Filosofía, non lonxana ao resto das Letras. As bridas que fixeron medrar dereita a árbore da ciencia foron moitas, pero houbos especialmente certas na súa tarefa que aquí agradezo. Cada unha das follas, *folium* en latín, desta árbore do pensamento débelle a súa forma e agudeza á mestra de bata violeta que me convidou ao seu laboratorio das ideas cando só era un enxerto de púa de Comunicación e raíces de Filosofía. María Xosé Agra guiou e alimentou o crecemento desta árbore enxertada, interdisciplinar ao fin. Sempre brindándolle un espazo propio para facultar un crecemento autónomo, pero vixiada de preto por se os ventos ou as estacións a facían torcer ou estancaban o seu crecemento e precisaba dunha manta térmica. Nas follas desta árbore tamén están reflectidos os contactos con outras da mesma especie – nomeadamente aquelas coas que se intercambiou fontes onde beber e bosques aos que viaxar co maxín –pola rede- ou en presenza –os congresos-. O meu máis sincero agradecemento a Alicia Reigada, Manuel Lario, Belén Puñal, Peio Aierbe, Jessica Retis, Amparo Huertas, Estela Rodríguez, Natalia Fernández, Olga Castro e especialmente a Saleta de Salvador Agra pola complicidade e a presenza no aquí e no acolá.

Na fisionomía desta árbore –como de todas- tamén están tatuadas as horas de intercambio de *folium* nos foros e congresos. A miña gratitude aos equipos organizadores que acolleron as miñas propostas e ao resto de participantes: a Facultade de Letras da Universidade de Coimbra, o equipo ESOMI da Universidade da Coruña, a Asociación Internacional de Estudos Galegos, o Instituto de Estudos Ceutíes, a

Facultade de Políticas da USC, Womens' World 08, a Universidad Carlos III e o Grupo Koré de Estudios de Género, o CIFEX, a Facultade de Filosofía da Universidad de Granada, a Aula Castelao na súa SGF, a Facultade de Filosofía da USC e a organización do I Congreso Galego da Mocidade Investigadora. O meu agradecemento tamén aos invernadoiros e aos abonos da árbore, sobre todo á Fundación Caja Madrid e ao seu programa de Becas de Humanidades 2005 e á Consellería de Innovación e Industria e ao seu programa de Bolsas María Barbeito 2007. Así como á Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e ao seu programa de Axudas e subvencións dirixidas a fomentar en Galicia a realización e difusión de estudos e investigacións relacionados coas mulleres, 2007. Así mesmo, quero dar grazas ao iiEDG pola súa hospitalidade en dúas estadias, compartidas polo Seminari de Filosofia i Gènere da UB e as centos de mulleres que fixeron que esta árbore presente unha follaxe multicolor. A todas as asociacións de inmigradas e de inmigrantes que me tenderon lianas para poder contactar coas enquisadas. Grazas especialmente a Úrsula Santa Cruz, Laura Bugalho, Miguel Fernández do Foro Galego da Inmigración, Mónica Alzate da Casa Latinoamericana, Merce Boquera, Mónica Díaz, Pilar Torralvo, a Anna, Mar e Dolors da Associació Cultural Amics de l'Àfrica de Granollers, a Huma Jamshed de ACESOP: Dones Pakistaneses, a Marcos Quispe da Unión Cultural Latinoamericana de Terrassa, a María López de Érguete- Vigo, a Silvia Cuevas-Morales, a Victoria Sánchez de Cruz Roja, a Lourdes de Vagalume, a Lourdes Lema do EOI e a todas e cada unhas das mulleres reflectidas nas últimas follas desta tese.

Ademais da terra e o abono, para o crecemento das árbores é fundamental ao aire que as envolve. A saúde desta tese está en débeda coas conversas coas amigas e os amigos que achegaron outras perspectivas e proporcionaron tempos de hibernación, curtos pero necesarios, deste enxerto. Grazas a todas, en especial a Patricia, Lara, María Brañas, Brandelia, Ana Ogando, Catuxa, Ingrid, Ángeles,... polos azos e as horas de sol e nubes compartidas. Pero sobre todo, grazas a Juan por alentarme sempre a ausentarme polo noso máximo ben.

Dedícolle esta tese a todas as mulleres sen voz e a aquelas que quedaron afónicas por carecer de altofalantes públicos. Porque a súa semente non foi en vano.

Índice

INTRODUCCIÓN	1
PARTE I	9
1. A PERSPECTIVA FEMINISTA	10
1.1. O hórreo feminista das palabras: revisión e redefinición de conceptos	12
1.2. Pechadas no seu corpo, prisioneiras no seu lar	19
<i>1.2.1. A dominación masculina: cuestión de poder</i>	19
<i>1.2.2. A dicotomía do sistema patriarcal: desfacendo binomios</i>	20
<i>1.2.3. A división do traballo, baseada na dicotomía espazo público/privado</i>	23
<i>1.2.4. A distinción racional/ paixonal: a incorporación da dominación</i>	28
<i>1.2.5. Desfacendo a sinonimia home/ser humano</i>	30
<i>1.2.6. Un suxeito feminino autodesignado</i>	33
<i>1.2.7. O corpo fala</i>	35
1.3. Gardas das palabras, correctoras do dicionario materno	39
<i>1.3.1. ¿Onde están as mulleres?</i>	39
<i>1.3.2. O trampolín das cotas para a reelección dos postos no taboleiro</i>	39
<i>1.3.3. Os biberóns da dominación masculina</i>	44
<i>1.3.4. Corresponsabilidade nos escombros do espazo privado</i>	46
<i>1.3.5. As mulleres no Estado de Benestar: a cidade global</i>	48
2. FEMINISMO E MULTICULTURALISMO: Máximo Común Divisor	53
2.1 A artesa das verbas	57
<i>2.1.1. Multiculturalismo: identidade, recoñecemento e cultura</i>	57
2.2. Cultura e Xénero	64
<i>2.2.1. ¿Qué é cultura? Aproximación interdisciplinar</i>	64
<i>2.2.2. Un vello debate: relativismo cultural vs. universalismo</i>	69
<i>2.2.3. A cultura na globalización. Definición de diversidade cultural</i>	79

2.2.4. <i>Multiculturalismo: aproximación teórica</i>	85
2.2.5. <i>As consecuencias da globalización para as mulleres</i>	89
2.2.6. <i>Feminización da pobreza</i>	99
2.2.7. <i>Redistribución e recoñecemento: unha perspectiva feminista</i>	114
2.2.8. <i>Sobrecarga de identidade cultural: feminización da tradición</i>	124
2.2.9. <i>Os dereitos das persoas e os dereitos dos pobos</i>	128
2.3. Feminismo global e Multiculturalismo: unha proposta de diálogo	132
2.3.1. <i>Tecendo redes violeta</i>	133
2.3.2. <i>A perspectiva dun feminismo global: Multiculturalismo e feminismo ¿Quen critica a quen?</i>	134
2.3.3. <i>As voces das outras feministas: o feminismo postcolonial</i>	138
2.3.4. <i>Obxectivos comúns do feminismo global</i>	144
2.3.5. <i>Un multiculturalismo tamén para as mulleres</i>	149
2.3.6. <i>Os dereitos das mulleres</i>	165
3. INMIGRACIÓN E FEMINISMO:	173
3.1. Occidente: porteiro e amo de chaves	176
3.1.1. <i>As identidades debuxadas nas fronteiras</i>	176
3.1.2. <i>Os humanos, aves migratorias por definición</i>	181
3.1.3. <i>O peche da cancela</i>	184
3.1.4. <i>Do inmigrante económico ao cultural</i>	187
3.1.5. <i>Inmigración e democracia: poboación e cidadanía</i>	191
3.1.6. <i>Lexislación de estranxeiría española</i>	198
3.2. Mulleres inmigrantes: problemáticas dende unha perspectiva feminista	205
3.2.1. <i>O sexo da lei de estranxeiría</i>	205
3.2.2. <i>Análise feminista da reagrupación</i>	210
3.2.3. <i>Fechadas nos fogares occidentais</i>	214
3.2.4. <i>A axencia das inmigrantes e prostitutas: apuntamentos sobre tráfico e trata</i>	222
3.2.5. <i>As sobrecargas das inmigradas</i>	233

3.2.6. <i>A feminización das migracións: conceptualizar é politizar</i>	238
3.2.7. <i>A opción do diálogo</i>	244
3.2.8. <i>A balanza da inmigración: o caso das remesas</i>	248
PARTE II	263
4. ANÁLISE MEDIÁTICA: As que se moven non saen na fotografía	264
4.1. Banco de traballo	271
4.1.1. <i>Xustificación da metodoloxía</i>	271
4.1.2. <i>Antecedentes da investigación</i>	283
4.1.3. <i>Porto de navegación: altofalantes violetas</i>	290
4.2. Ferramentas	295
4.2.1. <i>Ficha de análise</i>	296
4.2.2. <i>Mostra</i>	298
4.3. Andoriñas transparentes: A ACD do tratamento mediático das migradas na prensa de referencia galega e catalá	307
4.3.1. <i>As cifras da invisibilidade: Mugak como muleta introdutoria</i>	307
4.3.2. <i>Análise da situación das migradas na maqueta dos diarios: excluídas das primeiras planas</i>	312
4.3.3. <i>A elección da sección nunca é accesoria: entre sucesos e sociedade</i>	317
4.3.4. <i>Análise dos xéneros xornalísticos das migradas</i>	320
4.3.5. <i>As que se moven non saen na foto: cifras da invisibilidade en imaxes</i>	322
4.3.6. <i>As sinaturas responsables do tratamento informativo</i>	323
4.3.7. <i>Análise das temáticas predominantes</i>	325
4.3.7.1. <i>As migradas como vítimas de violencia machista</i>	327
4.3.7.1.1. <i>As nomenclaturas da violencia</i>	327
4.3.7.1.2. <i>A fórmula xornalística: “malos tratos” ou “violencia doméstica”</i>	331
4.3.7.1.3. <i>A construción da excepcionalidade</i>	332
4.3.7.1.4. <i>A responsabilización ás vítimas de violencia</i>	

<i>machista: as estratexias da culpabilización e a pasividade</i>	333
4.3.7.1.5. <i>A exculpación do agresor: estratexias de atenuantes e excepcionalidade</i>	335
4.3.7.1.6. <i>A representación irrespectuosa das migradas: vítimas ante todo</i>	335
4.3.7.1.7. <i>Análise dun caso paradigmático</i>	337
4.3.7.1.8. <i>As fontes institucionais e pouco expertas</i>	338
4.3.7.1.9. <i>O tratamento retrospectivo e de sucesos</i>	339
4.3.7.1.10. <i>A vítima que na defensa vira agresora</i>	341
4.3.7.1.11. <i>O agresor “compañeiro (sentimental)”</i>	342
4.3.7.2. <i>A construción do binomio inmigración-prostitución</i>	343
4.3.7.2.1. <i>A cabalo entre o enfoque institucional e o de sucesos</i>	343
4.3.7.2.2. <i>O abolicionismo predomina sobre o regulamentarismo</i>	344
4.3.7.2.3. <i>A afonía mediática das protagonistas da inmigración e a prostitución</i>	346
4.3.7.2.4. <i>A estratexia da vitimización múltiple</i>	348
4.3.7.2.5. <i>A construción do binomio prostitución-delincuencia</i>	349
4.3.7.2.6. <i>A metonimia da trata</i>	350
4.3.7.2.7. <i>A estratexia da temporalidade e a substitución</i>	352
4.3.7.2.8. <i>A metaprostitución inmigrada: unha excepción mediática</i>	353
4.3.7.3. <i>As temáticas relativas a familia e tradición: o eido da reprodución</i>	355
4.3.7.3.1. <i>O debate do veo</i>	355
4.3.7.3.2. <i>A ameaza social da poligamia</i>	362
4.3.7.3.3. <i>O reforzo do mito da tradición a través da maternidade</i>	365
4.3.7.3.4. <i>A excepcionalidade da inmigrada chegada en pateira</i>	368
4.3.7.3.5. <i>A construción das migradas a través da función familiar</i>	368
4.3.7.4. <i>Análise das temáticas mixtas: as migradas como excepción</i>	371
4.3.7.4.1. <i>A integración a través das temáticas de entretemento e ocio. A excepción da normalidade</i>	371

4.3.7.4.2. <i>As inmigradas como traballadoras</i>	374
4.3.7.4.2.1. <i>O mito da acollida</i>	375
4.3.7.4.3. <i>A representación minoritaria dos dereitos políticos</i>	378
4.3.7.4.4. <i>As migradas como vítimas da delincuencia de aquí e de acolá</i>	380
4.3.7.4.5. <i>O binomio irregular –delincuente</i>	381
4.3.7.4.6. <i>As inmigradas como protagonistas de accidentes e catástrofes de todo tipo</i>	382
4.3.7.4.7. <i>O dato de presas en prensa: a realidade axexa tímida</i>	383
4.3.8. <i>A sintaxe da opresión: a inmigrada como suxeito paciente</i>	385
4.3.8.1. <i>“Semiactivas”</i>	386
4.3.8.2. <i>A supresión do axente, a alusión ao lugar do crime e a elección de factores relativos ao contexto</i>	386
4.3.9. <i>A xeralización: colectivo non definido</i>	388
4.3.10. <i>Caracterización anafórica das migradas: de “inmigrantes” a “ilegais”</i>	389
4.3.11. <i>Hiperrepresentación das nacionalidades latinoamericana e margrebi</i>	390
4.3.12. <i>A idade “adulta” con carácter “joven” presuposta</i>	392
4.3.13. <i>A exclusión do dato laboral</i>	394
4.3.14. <i>A invisibilización dos estudos</i>	396
4.3.15. <i>A omnipresencia da relixión</i>	396
4.3.16. <i>A ausencia de voz de inmigradas no discurso mediático</i>	397
4.3.17. <i>A función das migradas suxeito: de protagonistas a expertas</i>	399
4.3.18. <i>O predominio das fontes do endogrupo</i>	400
4.3.19. <i>O abuso de fontes institucionais</i>	401
4.3.20. <i>A excepcionalidade das citas directas de migradas</i>	403
4.3.21. <i>As responsabilidades compartidas</i>	403
4.3.22. <i>O espazo das noticias e os espazos dos xéneros</i>	404
4.3.23. <i>A estratexia da alarma social</i>	406
4.3.23.1. <i>A “insistencia en el sujeto legislado”</i>	407
4.3.23.2. <i>A ameaza a partir do uso de termos negativos</i>	409
4.3.23.3. <i>O abuso do termo “masivo”</i>	410
4.3.23.4. <i>O racismo implícito en “caza de inmigrantes”</i>	410

4.3.24. <i>A Ausencia de individualización: caldo de cultivo de estereotipos</i>	411
4.3.25. <i>O establecemento do binomio nós/elas</i>	412
4.3.25.1. <i>A polarización e o contraste</i>	413
4.3.26. <i>O discurso dirixido cara ao endogrupo</i>	417
4.3.27. <i>A hipérbole</i>	419
4.3.28. <i>Noticias con datos cuantitativos</i>	420
4.3.28.1. <i>Datos desagregados por sexo</i>	421
4.3.29. <i>O ton de conflito como maioritario</i>	422
4.3.30. <i>A sintaxe activa como norma</i>	424
4.3.31. <i>A linguaxe e a construción dos estereotipos</i>	425
4.3.32. <i>As que se moven non saen na foto: análise do tratamento visual das migradas</i>	430
4.3.33. <i>Conclusións comparativas das cabeceiras</i>	448
5. A VOZ DAS INMIGRADAS: A pluralidade de acentos comunica	458
5.1. Perspectiva inclusiva	459
5.2. A enquisa	462
5.3 Lectura dos resultados	467
5.3.1. <i>A mostra galega</i>	468
5.3.2. <i>A mostra catalá</i>	481
5.3.3. <i>As conclusións comparativas</i>	496
5.3.4. <i>Cruce de resultados entre a mostra e as enquisas: Conclusións contrastadas</i>	497
CONCLUSIÓNS	504
BIBLIOGRAFÍA	513
ANEXOS	562
ANEXO I: Relación de artigos da mostra que representan mulleres	

inmigrantes e migradas	563
ANEXO II: Relación de artigos da mostra que representan homes inmigrantes e migrados, e a inmigración en xeral	568
ANEXO III: Relación de fotografías aparecidas na mostra que repre- sentan mulleres inmigrantes e migradas	578
ANEXO IV: Fichas da mostra	580

Introducción

É unha evidencia que a sociedade europea actual é multicultural. Os movementos migratorios que apuntan a España como país receptor de emigrantes norteafricanos, europeas do leste e latinoamericanas –entre outras- cristalizan nos datos do INE 2010 que sinalan un 11% de inmigrantes residentes entre os 45 millóns de españois/las, coa previsión de chegar aos 50 millóns de habitantes, con case 10 de inmigrantes no 2015. A metade destes inmigrantes son mulleres, co que podemos falar de feminización da migración. A mobilidade cultural asociada aos desprazamentos ten unha serie de particularidades en función do sexo de quen emprende o proxecto migratorio. As mulleres andoriña, a metade do fenómeno segundo as cifras oficiais –tanto estatais, como mundiais-, son construídas como excepción. O acceso ao espazo público por parte das migradas é impedido por unha serie de estratexias, visibles e invisibles, a maioría “*sutís e cotiás*” –parafraseando a Carme Adán (2002: 3). O feminismo, situado nun contexto de diversidade cultural, enfróntase ao reto de acadar a igualdade sexual superando novos hándicaps. De aí o título desta tese de doutoramento, *A igualdade sexual na diversidade cultural*. O primeiro concepto fai referencia á perspectiva da autoría, a corrente ilustrada do feminismo, ou feminismo da igualdade español, e o segundo, ao contexto de situación, xa que todo escrito é situado. As áreas de coñecemento dende as que abordaremos a tarefa do feminismo na consecución do seu obxectivo no contexto multicultural actual son a da filosofía política e a da comunicación.

A preocupación do feminismo pola política é connatural a este movemento teórico e práctico. A liña da igualdade xorde no noso contexto- pois segundo a teoría das Vetas da ilustración de Celia Amorós hai outros feminismos e outras ilustracións -na época das Luces co gallo de facerlle cumprir as promesas de igualdade, liberdade e autonomía ao movemento ilustrado. As candeas na práctica non chegaron a alumear ás mulleres, e o feminismo asumiu a tarefa de estender a luz á outra metade da humanidade, as outras. Ao longo da súa historia de máis de tres séculos, o feminismo enfrontouse a varias reflexións e retos. Nesta investigación pasaremos por enriba de todos estes debates recollendo a semente que deixaron na teoría da emancipación das mulleres. Na actualidade, o reto pasa por reparar na relación das membras do xénero feminino coas culturas e nomeadamente a situación das mulleres nun contexto de migración, na medida en que estes poñen en relación varios sistemas culturais nun mesmo espazo. Co propósito de estudar a relación das mulleres coas culturas, alongamos o ollar cara ao multiculturalismo, porque se ben a multiculturalidade é unha

realidade neste planeta, a teoría multiculturalista radical é unha toma de posición fronte a esta, que cabe analizar dende a perspectiva feminista, co gallo de evitar posibles situacións de discriminación para o xénero feminino. É sabido que existe unha tensión entre a teoría do multiculturalismo radical e a feminista. Nos próximos capítulos dedicamos o noso estudo a examinar os factores relacionais desta temática. As principais motivacións que nos guían son as de reafirmar a pertinencia e posibilidade dunha autodesignación para as mulleres, e nomeadamente para as inmigradas. O concepto de identidade é central nos discursos do multiculturalismo e do feminismo. Sen embargo, o sentido que cada teoría lle apón é contrario. As identidades e as culturas son ao noso modo de ver –con perspectiva de xénero- mutables, co que a transformación da situación das mulleres por elas propias é posible. A teoría multiculturalista radical é reticente, pola contra, ao cambio cultural tanto por empréstitos como por procesos de crítica interna o que devén na inmutabilidade das culturas. Dende unha perspectiva feminista arroxaremos algo de luz sobre as sombras que proxecta o multiculturalismo radical sobre as mulleres en determinados contextos culturais. Nos capítulos que seguen analizaremos a situación das membras do xénero feminino no contexto de globalización actual, contabilizaremos as cifras que diagnostican a feminización da pobreza e a feminización da supervivencia –tomando prestada a expresión de Sassen- e reflexionamos sobre as principais solucións ensaiadas: redistribución e recoñecemento, para decantarnos ao fin por unha colaboración de ambas as estratexias igualitaristas. Meditaremos verbo da sobrecarga cultural das identidades das mulleres e aproximaremonos dende a perspectiva violeta ao debate dos dereitos individuais e colectivos, antepoñendo sempre o benestar dos individuos sexan do sexo que sexan.

O establecemento do diálogo é un dos obxectivos desta investigación sobre a igualdade sexual na diversidade cultural. A experiencia dun feminismo global bríndalle ferramentas ao movemento emancipatorio das mulleres para situarse nunha posición de crítica intercultural dentro dun debate caracterizado pola reciprocidade. Unha das motivacións deste estudo é amosar a pertinencia dun multiculturalismo tamén para as mulleres. Malia que todas as membras do xénero feminino están implicadas no debate que xera a diversidade cultural, as inmigradas son, se cabe, o suxeito máis idóneo para unha investigación da relación das mulleres coas culturas. A mobilidade cultural está intimamente relacionada coa mobilidade xeográfica. Un dos capítulos (terceiro) desta tese trata sobre a inmigración a través da perspectiva de xénero. Dende esta óptica

repasaremos aspectos como as tipoloxías dos inmigrantes, a súa construción legal, económica e cultural, a historia do fenómeno da inmigración, etc. Coa intención de desmantelar tópicos sobre a inmigración, analizamos o sexo da lei de estranxeiría, a figura da reagrupada e os principais nichos de incorporación das mulleres que completan a viaxe migratoria. A sobrecarga de identidade cultural é unha realidade máis latente no caso das inmigradas que no resto das mulleres, na medida en que estas acostuman a vivir a cabalo de dous sistemas culturais.

O tema que subxace a esta investigación é a dicotomía público/privado. Varias son as autoras que reflexionan sobre esta tópica. Mergullámonos na bibliografía pertinente para poder aplicar esta cuestión á inmigración feminina actual, e concretamente a súa representación na prensa. Os medios de comunicación son arestora a principal tribuna do espazo público. Como tal só teñen acceso a eles os cidadáns e cidadás libres e autónomos/as. A produción mediática non é o noso obxecto de estudo. Nesta investigación, centrarémonos no discurso dos medios de comunicación. Xa que o consideramos un paso previo á produción. Antes de buscar as mulleres na dirección dos medios hai que atopalas nas súas páxinas. Os medios de comunicación non teñen fácil acceso á vida privada. As mulleres por definición histórica están pechadas nos seus corpos e fogares, as inmigrantes tamén. No momento de contacto cultural entre individuos de diferentes culturas, os medios están presentes e poden visibilizar, nomear, permitir existir as mulleres inmigrantes, prestarlle un espazo ás súas voces. Agora que a inmigración aínda é un fenómeno recente (coas características actuais, pois non ten nada de novo ser nómade) en España (dende 1996), e sobre todo en Galicia (con saldo positivo dende o século XXI), é o momento de definir as pautas de relacións, de visibilizar as mulleres inmigrantes. Os medios de comunicación xogan un papel fundamental neste aspecto. O obxectivo desta investigación é poñer de relevancia a importancia que ten para a integración na sociedade, e nomeadamente para a igualdade sexual na diversidade cultural, a visibilización das mulleres nos medios, para xerar unha visión positiva realista destas e facultar a sinatura de pactos e o trazado de redes de solidariedade entre elas e coas autóctonas, para combater así as teses intolerantes e relativistas do multiculturalismo radical que feren ás mulleres, ou cando menos non reforzalas dende a sociedade occidental que as critica sen reforzar o patriarcado nas sociedades de recepción.

A primeira parte da investigación está estruturada en tres capítulos ao longo dos que se expón o marco teórico. O primeiro capítulo presenta a perspectiva feminista,

espazo discursivo do que parte esta investigación iniciada na etapa predoutoral, concretamente durante a elaboración do Traballo de Investigación Titorado (TIT), tamén titulado *Igualdade sexual na diversidade cultural* no que fixen unha primeira achega. Fíxenme coas ferramentas metodolóxicas do feminismo da igualdade. Situeime no lugar dende o que falo. Tomei como punto de partida da investigación a perspectiva da igualdade na súa versión española, pola coherencia que lle confire a tradición ilustrada aos seus razoamentos, e porque a considero a mellor posición teórica e práctica para a consecución dun mundo xusto e igualitario. O feminismo da igualdade persegue o obxectivo da igualdade entre os sexos, coa crítica ao patriarcado, sistema de dominación masculina que exclúe as mulleres da esfera pública, e do poder por extensión. Ao longo deste primeiro capítulo expoñemos os principais conceptos (feminismo da igualdade e da diferenza, patriarcado, espazos público e privado, parellas dicotómicas, sexo e xénero, etc.) e debates desta corrente emancipatoria.

No segundo capítulo aglutínanse as cuestións relativas á multiculturalidade e máis concretamente á teoría multiculturalista, enfrontada nestas páxinas á crítica feminista co gallo de examinar a situación das mulleres dentro das culturas. Levamos a cabo unha aproximación interdisciplinar ao concepto de cultura, achegámonos ao vello debate relativismo vs. universalismo dende a perspectiva das mulleres e exploramos o contexto de globalización actual e as súas consecuencias para as mulleres. A feminización da pobreza é un fenómeno consensuado estatisticamente no mundo, onde o 70 por cento das persoas con menos recursos teñen sexo feminino. Presentamos, mediante unha aproximación bibliográfica dende as posturas de Susan Moller Okin e Nancy Fraser, as solucións da redistribución e o recoñecemento. E mergullámonos no debate da primacía dos dereitos individuais ou colectivos. Dende a crenza da posibilidade e pertinencia da crítica intercultural, achegámonos ás posturas multiculturalistas radicais coa intención de establecer un diálogo real que sitúe ás mulleres nunha posición máis igualitaria.

O terceiro capítulo pecha a primeira parte cunha aproximación á situación da diversidade cultural promovida polas intensas correntes migratorias internacionais con España como destino. Examinamos o fenómeno da inmigración centrándonos na situación das mulleres andoriña, aquelas que emprender un proceso migratorio. Neste capítulo presentamos as principais particularidades dos movementos migratorios do século XXI, como a política do peche de fronteiras, a construción do inmigrante cultural (anteriormente económico), etc. Ademais, analizamos a incidencia da lei de

estranxeiría na situación persoal, social, económica... das persoas migradas, e nomeadamente das mulleres inmigradas. A lei de estranxeiría ten sexo. O estudo da figura da “reagrupada” mostra a discriminación legal á que o sistema lexislativo español somete ás mulleres que veñen de alén das fronteiras. Un exame do mercado laboral, e nomeadamente dos nichos –da prostitución, dos coidados e o servizo doméstico- cara aos que se ven maioritariamente abocadas ás inmigrantes dá conta da discriminación laboral que sofren ás suxeito desta investigación. A discriminación social e cultural é tamén unha realidade das migradas. Estudar e visibilizar esta situación é o obxecto da segunda parte desta investigación que podería levar por subtítulo: *A axencia das inmigradas na prensa rexional galega e catalá.*

A óptica feminista permite a crítica activa da situación coa vantaxe de aforrar sufrimento e reconducir esa frustración cara a un plan maior: estar onde quero estar. Ser consciente da desigualdade no contexto de multiculturalidade é o paso previo para erradicala. Neste senso, ser consciente da exclusión das mulleres inmigrantes nos medios de comunicación é o primeiro paso para lograr a súa visibilización e tentar minimizar os efectos que esta invisibilidade conleva tanto para elas coma para o resto das mulleres, as autóctonas. De aí a importancia de completar esta investigación cunha parte práctica: a análise mediática do estereotipo da muller inmigrante en Galicia e Cataluña, comunidades antagónicas en canto a tradición migratoria pero cuns trazos xeopolíticos comúns¹. A análise farase en prensa escrita. Concretamente examínase o discurso e representación gráfica das mulleres inmigrantes nas páxinas dos catro diarios de referencia da prensa rexional galega e catalá, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Periódico de Catalunya* e *La Vanguardia*. Tres das cabeceiras citadas figuran na lista dos xornais de maior difusión estatal, o que fai extensibles os resultados da análise e as conclusións ao Estado. A periodicidade da mostra é de tres anos, durante os que recollemos aleatoriamente un total de 45 exemplares de cada unha das catro cabeceiras –cun total resultante de quince días por ano analizado-. As datas foron escollidas (2 de abril de 2004² e 31 de decembro de 2006³) en función dunha serie de acontecementos relevantes para a comunicación e a inmigración, nomeadamente no contexto galego,

¹ A nacionalidade histórica –recoñecida pola Constitución Española de 1975 e os correspondente Estatutos de Autonomía das dúas Comunidades- e as características que comporta é un dos trazos compartidos por Galicia e Cataluña que tiven en conta á hora de escoller os contextos de análise.

² Creación do Observatorio Galego da Inmigración e da Loita contra o racismo e a xenofobia por parte do goberno popular de Manuel Fraga.

³ A Xunta de Galicia do bipartito promoveu a fins do mes de decembro de 2006 a sinatura da chamada *Declaración sobre o Tratamento Informativo do Fenómeno da Inmigración*³ cos medios de comunicación de Galicia.

aínda que tamén se tiveron en conta acontecementos a nivel estatal. A metodoloxía empregada será a ACD (Análise Crítica do Discurso), completada coa Teoría do Marco e a Análise das fotografías da mostra que representan a inmigradas. A metodoloxía –ACD e Teoría Marco- foi escollida polo seu enfoque interdisciplinar e abductivo, carácter cualitativo e práctico, ademais de pola súa tese –compartida co feminismo- da relación do discurso co poder. A diversidade da ACD permitiunos completar as ferramentas de análise cun ficha elaborada ad hoc a partir das hipóteses presentadas. A ficha incorpora á análise semiótica a de contido. Focaliza a atención nos aspectos sintáctico, léxico e semántico. Con esta metodoloxía pretendemos observar a estreita relación entre o fenómeno migratorio español e o papel que teñen os medios de comunicación na creación de certa imaxe sobre este fenómeno na opinión dos/as españois/las. Na meta da autodesignación fixada pola axenda feminista as corredoras que van á cola son as mulleres inmigrantes, na medida en que non só están heterodesignadas polos seus homes, os seus pais e irmáns maiores, maridos, etc. senón que tamén están heterodesignadas polos homes das sociedades receptoras, os donos dos medios de comunicación, os políticos, etc. quen as sitúan na categoría masculina de inmigrante. A consecuencia é a invisibilización das mulleres inmigrantes como suxeito e como colectividade. O inmigrante que nos presenta a prensa responde ao estereotipo masculino, pobre, inculto, ilegal, delincuente... A opinión pública non reconece ás mulleres inmigrantes como suxeito autónomo. Ao non existiren –ou aparecer sempre como vítimas- na prensa e institucións autóctonas, ás inmigradas resúltalle moi difícil relacionarse, establecer contactos, coa poboación autóctona e nomeadamente coas mulleres, en moitos casos tamén pechadas na esfera privada. Sen identidade non forman redes. Sen redes non asinan pactos.

O campo da análise crítica do discurso está en boga no contexto español actual. Son varias as investigacións que dan conta dos estereotipos e estratexias de construción da figura do inmigrante na sociedade de destino. Sen embargo, seguen a ser excepción os estudos sobre mulleres inmigrantes e medios. O campo do xénero e a comunicación, que conta cunha extensa e rigorosa bibliografía en España, require dun cruce interdisciplinario coa variante da cultura. O resultante, inmigración, xénero e comunicación, contribuiría a articular un campo aínda desleixado, que pola presión da actualidade medra mesmo sen sistematización.

O propósito desta investigación é contribuír a xustificar a pertinencia dos estudos de comunicación e xénero intersectados coa variable da cultura, e

nomeadamente a inmigración, con razóns de xustiza e igualdade. Para tal fin, elaboraremos unha análise intersubxectiva xa que o discurso feminista que nos move insiste na necesidade de recoñecer a axencia das mulleres como un dos pasos fundamentais para a consecución da súa autonomía e igualdade sociais. Esta motivación está recollida no capítulo número cinco (o segundo da parte dúas) de carácter marcadamente intersubxectivo. O carácter crítico e a vontade de coherencia da autora desembocaron na elección da enquisa individual como instrumento para darlle voz ás propias implicadas: as mulleres inmigradas reflectidas na prensa rexional galega e catalá. Neste capítulo recóllense as súas impresións das inmigrantes sobre a propia representación na prensa. Para rematar ofrecemos unhas conclusións xerais entroncando teoría e práctica. Queremos sinalar que a bibliografía recollida é aquela que empregamos explicitamente para o estudo e reflexión nesta investigación. Adxuntamos, así mesmo, unha serie de catro anexos onde recollemos as listaxes de artigos da mostra analizada e revisada, ademais das fichas elaboradas como paso intermedio da ACD. Concretamente adxúntanse catro anexos. O dous primeiros constitúen sendas relacións de artigos da mostra que representan a inmigradas – o primeiro- e a inmigración en xeral –o segundo-, o terceiro aglutina –sempre por orde cronolóxica- unha lista das fotografías aparecidas na mostra que representan a inmigradas e o cuarto e último anexo recolle as 141 fichas, resultado da aplicación da ficha ad hoc a cada unha das noticias do primeiro anexo –a corresponde ás inmigradas.

Parte I

1.A perspectiva feminista

A primeira parte da investigación correspóndese coa exposición do marco teórico e está estruturada en tres capítulos. No primeiro capítulo, a modo de introdución teórica, tratamos os principais temas relativos á problemática do feminismo da igualdade. Co propósito de amosar o sistema social de dominación masculina analízanse as institucións e a lóxica dicotómica que o sustentan. Critícase a racionalidade binaria patriarcal, pois esta instancia convértese na xustificación “racional” da división de espazos e a adxudicación das tarefas en función desta división espacial xenerizada que, en última instancia, é a responsable da incorporación das calidades heterodesignadas femininas e masculinas, ademais das supostamente neutras. A asignación dos espazos público e privado en función do xénero está intimamente ligada á formación do carácter feminino. Un carácter construído polo sistema patriarcal. As feministas da igualdade reclaman a autodesignación da súa propia identidade, é dicir a construción dunha identidade feminina e feminista non determinada polos estereotipos patriarcais nin por un subtexto de xénero, sempre difícil de detectar.

A construción dunha identidade por e para as mulleres vese dificultada pola ausencia do status de suxeito, na medida en que son os suxeitos quen teñen a capacidade de nomear, ordenar, contar, etc. Para afondar no tema analizaremos a lóxica racional masculina e as condicións do estatuto de ser humano e do cidadán/ cidadá. Paralelamente a esta acción, examinaremos os valores tradicionalmente femininos e a relación das mulleres coas institucións (Educación, Igrexa, Estado, Medios de Comunicación, etc.) e co seu propio corpo.

Os grupos definidos como diferentes, ou “Outros”, polas culturas dominantes, vense pechados nos seus corpos, e iso, como indica o título do apartado: *Pechadas no seu corpo: prisioneiras no seu lar*, está intimamente relacionado co confinamento ao espazo privado das mulleres, un dos aspectos da dominación masculina. Para a autodesignación como suxeito dunha identidade feminina é previamente necesario dismantelar a imaxe que se formou, na larga historia de patriarcado, sobre a muller e que os medios de comunicación actuais contribúen de forma moi preocupante a reforzar.

No último apartado deste primeiro capítulo, *Gardas das palabras, correctoras do dicionario materno*, facemos un percorrido estatístico polas institucións políticas, económicas e educativas da sociedade actual para constatar a exclusión das mulleres do eido público, analizada de modo teórico no apartado anterior. Previamente á exposición das estatísticas ofrecidas polo INE, escudriñamos as situacións educativas actuais,

nomeadamente o fogar, a Escola e os Medios de Comunicación social, que arestora teñen un papel relevante na formación da infancia e a mocidade.

A situación actual de ausencia das mulleres en igualdade nas principais institucións, constatada nos datos do INE (2008), lexítima a reivindicación de acceso das mulleres ao eido laboral en igualdade de condicións que os homes. Para iso achegámonos ás solucións prácticas: sistema de cotas, corresponsabilidade educativa e doméstica, educación igualitaria sen subtexto de xénero, entre outras propostas gobernamentais concretas. O contexto político e social condiciona en grande medida a situación das mulleres. Facemos unha aproximación ás críticas anti-globalización que as feministas comparten con este movemento. Criticamos o liberalismo, ou propiamente dito a política económica neoliberal actual e achegámonos á teorización do novo estado mundial, caracterizado pola multiculturalidade. No seguinte capítulo trataremos a problemática suscitada coas teorías do multiculturalismo e a súa relación co feminismo.

1.1. O hórreo feminista das palabras: revisión e redefinición de conceptos

A lingua ademais dun sistema de comunicación, co que enviar e recibir mensaxes, é tamén un sistema de representación, co que describir e construír o mundo que nos rodea. Quen etiqueta os obxectos ou suxeitos é o que en último termo os ordena na realidade. Conceptualizar é, pois, unha forma de poder⁴. A literatura é unha fonte ategada de exemplos. Nas *Viaxes de Gulliver*⁵, os humanos pasean con sacos onde cargan as cousas que precisarán connotar pois non teñen palabras.

A Hermenéutica, póla da árbore filosófica, céntrase na análise e interpretación dos textos atendendo á linguaxe, entre outros factores. Para evitar lecturas da filosofía ou hermenéutica da sospeita deste texto queremos explicitar o senso das palabras que empregaremos e, ao mesmo tempo, non perdernos no extenso dicionario da filosofía. Ademais, sabendo que a linguaxe é un instrumento de representación, queremos asumir a nosa responsabilidade na creación do mundo propio. Todo aquel que sexa consciente da súa forza non deixará de empregala. Crearemos pois unha caste de dicionario desta obra. A orde do dicionario non será alfabética, por arbitraria, senón que ordenaremos os

⁴ Esta frase correspóndese co título dun ensaio de Celia Amorós, publicado en 2008 no volume *Género, violencia y derecho*, coordinado por Patricia Laurenzo Copello, María Luisa Maqueda Abreu e Ana María Rubio Castro, pp. 15-26. Esta idea é un das que vertebran a filosofía da catedrática. E como tal pode atoparse na maioría dos seus textos. Para máis detalle véxase a Bibliografía.

⁵ Véxase SWIFT, Jonathan, *Viajes de Gulliver*, Madrid, Visor Libros SL, 2006.

termos de maior a menor uso na escritora deste texto e en función da súa complexidade. Comezamos logo polo concepto de feminismo, pois é a perspectiva na que nos situamos.

En sentido amplo ao falarmos de feminismo estámonos referindo a un conxunto de actitudes, de teorías pero tamén de prácticas, que teiman rematar coa subordinación e opresión das mulleres fronte aos homes. O obxectivo final do feminismo sería, pois, acadar unha sociedade igualitaria, sen discriminación pola condición sexual, relativa ao sexo e/ou ao xénero (sexo social). Hai unha presa de feminismos. Decantámonos polo feminismo da igualdade; definido por Celia Amorós: “*Entendemos por feminismo, de acuerdo con una tradición de tres siglos, un tipo de pensamiento antropológico, moral y político que tiene como su referente la idea racionalista e ilustrada de igualdad entre los sexos*” (AMORÓS, 1997: 70).

A perspectiva feminista da Igualdade nace na época da Ilustración logo de que os ideais políticos e sociais do século das Luces seducisen as mulleres, e lle desen pulo coas súas arengas políticas de igualdade e liberdade cara á súa liberación dun sistema opresivo, sexista e clasista. Daquela, sempre segundo Amorós, xurdiron dous tipos de xéneros literarios feministas: o “memorial de agravios”, unha sorte de lista de queixas das mulleres análogas aos cadernos de queixas da Revolución Francesa, non en troques estaban no tempo, e a “vindicación”, xénero ilustrado xa, que reclama a igualdade con dúas tácticas: a irracionalización do poder patriarcal e a deslexitimación da división sexual dos roles. Non podemos datar o comezo da Historia do Feminismo. Sen embargo, si podemos mencionar as/os autoras/es e obras ilustradas fundamentais. Christine de Pizan escribiu *La Cité des dames*, en 1405, reclamando científicidade para o discurso feminino e constituíndose así na primeira pluma feminina de defensa das mulleres. Sen embargo, Pizan non está considerada como unha autora feminista pois o seu discurso non vindica, non reivindica unha liberdade para as mulleres. Trátase pois dun discurso pre-ilustrado e polo tanto proto-feminista. As obras ilustradas, propiamente feministas teñen un dos seus primeiros representantes e autores en Poullain de la Barre, discípulo cartesiano que publicou en 1673 *L'Egalité des deux sexes*, obra na que reclama a razón tamén para o sexo feminino. Pouco máis dun século despois, Condorcet reclamaba igualdade de educación para as mulleres en *Sobre a admisión das mulleres ao dereito de cidadanía* (1790). Con menor fortuna persoal, Olympe de Gouges editou un libro que lle valeu a guillotina, *Declaración dos Dereitos da Muller e a Cidadana* (1791). Un ano despois, Mary Wollstonecraft deu ao prelo *A Vindication of*

the Rights of Woman, un texto fundamental para o feminismo de tradición ilustrada. No século XIX foi capital a actuación das mulleres sufragistas e a súas reclamacións dos dereitos das mulleres, e nomeadamente do dereito ao voto. Así mesmo, é menester destacar a organización da primeira convención sobre os dereitos das mulleres nos EUA. Este encontro promovido por Lucretia Mott e Elizabeth Cady Stanton deixou para a historia do feminismo a *Declaración de Seneca Falls* ou *Declaración de sentimentos*, documento considerado por moitos como a acta fundacional do movemento feminista. En todo caso, e á marxe das crenzas populares, é obvio que estamos ante un xénero próximo ao memorial de agravios, categorizado por Amorós como prefeminista.

Xa no século XX, destaca a figura de Virginia Woolf con *Un cuarto propio* (1919), ensaio no que apela á independencia da muller materializada nun soldo e un espazo propio para que as mulleres poidan chegar a desenvolver o seu potencial. A seguinte gran obra do feminismo da igualdade asinouna Simone de Beauvoir en 1949. Sen dúbida, *O Segundo Sexo* está considerado como o ensaio feminista capital do século XX. Século que tamén deu ao prelo a obra de Kate Millett, *Sexual Politics*, publicado en 1970. Esta obra significou unha revolución no pensamento feminista, ao presentar os problemas do eido privado como un asunto público.

Ademais das autoras citadas, existiron outras, tamén de importancia fundamental para a Historia deste pensamento, nas súas distintas fases: dende o memorial de agravios ata as vindicacións. As defensas das mulleres por parte de Guillermine de Bohemia, Agripa de Nettesheim (*De Nobilitate et praecellentia foeminei sexus*, 1510), Benito Jerónimo Feijóo, Lady Winhilsea, Aphra Ben, Erasmo, Cornelio Agripa, Margarita de Navarra, Jonh Stuart Mill, Hubertine Auclert, etc. tamén merecen un capítulo na Historia do Feminismo. Co ambiente reivindicativo da Revolución Francesa e o pensamento ilustrado de sensibilidade feminista, iniciado con Poullain de la Barre, nace o feminismo moderno, o que hoxe entendemos por feminismo da igualdade ou *tout court*.

Ao escoller a perspectiva ilustrada do feminismo, é de recibo facer unha breve contextualización do feminismo español, e por extensión do europeo, ata os que chegan ecos do “debate” entre as/os partidarias/os da igualdade e as/os defensoras/es da diferenza. A España esta polémica chegou moi definida polas posicións preponderantes francesas e italianas. En todo caso, non se trata dun esquema de lóxica binaria patriarcal, xa que o contrario de igualdade non sería diferenza senón desigualdade, como indica a feminista española da diferenza máis citada, Victoria Sendón de León. O

Feminismo da diferenza xorde a mediados da década dos 70 nos USA. Escíndese da tradición do feminismo radical e proxéctase a Europa, coas teóricas francesa, Luce Irigaray, e a italiana, Luísa Muraro, como referentes. Este pensamento nace co propósito de darlle de novo significado ao xenérico (relativo a xénero), que tende a xerar identidades, o contrario das diferenzas. A maior proxección deste movemento viuse na Italia dos anos 90. Virou ao carón da Librería de Mulleres de Milán. Esas mulleres pretendían cambiar a vida buscando modelos que non existían aínda, dende as diferenzas que as fan mulleres, de resignificar o que non tiña significancia, de virar suxeitos dunha ética propia, de poder transformado, dun novo pensamento... (SENDÓN, 2000).

A orixe do feminismo da igualdade na súa versión española sitúaa a propia Celia Amorós, filósofa de referencia desta corrente xunto con Amelia Valcárcel, nos comezos do Seminario “Filosofía e Ilustración” que comezou no curso 87/88 e ao que acudiu o “*grupo fundacional*”⁶ en expresión de Amorós (2006: 2) do feminismo ilustrado español, aquel que se impuxo o obxectivo de facerlle cumprir á Ilustración ás promesas de igualdade, liberdade e solidariedade, para o total da humanidade, sen excluír á metade feminina. Valcárcel e Amorós tiveron moito que ver na formación dunha “*teoría que hiciera posible y verosímil una agenda*”, ademais de “*elaborar una terminología que permitía entender lo que pasaba y poder reinterpretar tractos muy grandes del pasado*” (VALCÁRCEL, 2006: 6).

Para comprender a existencia e necesidade do feminismo temos que definir o patriarcado. As feministas da diferenza afirman a fin do patriarcado nun texto senlleiro⁷. Pola contra, o feminismo da igualdade sostense nunha crítica ao patriarcado, o que presupón a súa existencia, e vixencia, como ferramenta para visibilizar, e poder así criticar a dominación masculina. Definimos o patriarcado, coa axuda de Heidi Hartman, como o conxunto de relacións xerárquicas, de interdependencia e solidariedade, entre homes, que tratan de excluír e oprimir as mulleres. O patriarcado pode resumirse como relacións de poder entre homes coa conseguinte opresión das mulleres. É dicir, a manifestación e institucionalización da dominación masculina. “*O poder de adxudicar espazos*”, segundo a celebre expresión de Cristina Molina. Negar a existencia actual do

⁶ Referímonos ás investigadoras Alicia Puleo, Ana de Miguel, Rosa Cobo, Concha Roldán, Luísa Posada, e outras como as convidadas Cristina Molina, etc.

⁷ Véxase en *El Viejo Topo* o artigo publicado por Luísa Muraro e as súas *afidadas* da Librería de Milán titulado “El fin del Patriarcado ha ocurrido y no por casualidad”. A referencia completa é Sottosopra, Librería de Mujeres de Milán, “El fin del patriarcado” en *El Viejo Topo*, núm. 296, maio de 1996.

patriarcado, como fai o feminismo da diferenza⁸, incorre no reforzo inconsciente da dominación masculina simbólica, a máis perigosa e duradeira, pola súa invisibilidade.

O patriarcado é un sistema binario baseado na división arbitraria de espazos e tempos. A asimilación da primeira dicotomía artificial: masculino- feminino, é naturalizada ao inscribila nun sistema de oposicións supostamente naturais. Deste xeito a división semella máis obxectiva e mesmo chega a interiorizarse e reproducirse socialmente como natural. Xa o filósofo presocrático Pitágoras estableceu unha táboa de contrarios na que incluíu á muller e ao home como un par de opostos máis. Baseándose na diferenza biolóxica dos aparatos reprodutor masculino e feminino establécese unha diferenza social en termos de xénero oposto.

A esta dicotomía orixinal: masculino- feminino, apóñenselle unha presa de parellas de termos pretendidamente antagónicos, sempre ordenados en función da asimilación que deles se fai, como: rico/pobre, par/impar, racional/emocional, terreal/etéreo, egoísmo/altruísmo, produción/reprodución, , corpo/alma, forte/féble, terra/lúa, dinámico/estático, activo/pasivo, relacional/non relacional, bo/malo, suxeito/obxecto, útil/fermoso, recto/torto, ríxido/flexible, aberto/pechado, externo/interno, etc. Tamén encaixa na lista a dicotomía: público/ privado. O primeiro asimilado ao masculino, aberto, racional, activo, etc. Mentres que o segundo: privado, se asimila ao feminino: pasivo, interno, pechado, emocional, etc.

Coa forza do subconsciente, as mulleres son apartadas da vida pública, co argumento aprehendido por todas/os como costume de que a vida pública é exclusiva dun espazo restrinxido, só para homes. Isto ocorre porque segundo o sistema dicotómico son só os varóns son os suxeitos que reúnen as calidades que se asocian co espazo público. A ideoloxía da oposición de adxectivos cardinais, e de asimilación entre eles, non é mera teoría senón que se atopa enmarcada nunha rede estrutural tatuada nos corpos e os obxectos da nosa sociedade. Atopámonos perante unha dinámica circular difícil de cortar. A vida privada é o reduto das mulleres que, consideradas obxectos emocionais, corporais, interiores, pasivos, fráxiles e fermosos..., son inhabilitadas para a vida privada. E se ben, a priori non o estaban, a educación mediante a dominación simbólica masculina pechounas no seu fogar. Tecnicamente, espazo público sería o relativo ás actividades comerciais, políticas, comunicativas, etc. e espazo privado, o seu oposto, é dicir: aquel orientado cara ao interior do fogar, onde se realizan as tarefas que

⁸ Ídem

non se ven, sen relevancia pública e social. Defínense de xeito negativo, un por oposición ao outro.

Xa temos aludido repetidamente aos conceptos de sexo e xénero. A continuación, profundizaremos na historia teórica destes conceptos. O termo xénero tomouno da Lingüística o médico John Money, quen en 1955 o aplicou á sexualidade para completar os estudos verbo do hermafroditismo e os seus problemas no Hospital John Hopkins University. Anos despois, o psiquiatra Robert Stoller, a quen logo citaría Kate Millett en *Politica Sexual*, empregou o termo xénero fora da lingüística. Fíxoo no Congreso Internacional de Psicoanálise de 1963. Este psiquiatra escribiu abundantemente na súa obra *Sex and Gender* verbo da “identidade de xénero”. Para Robert Stoller, sexo era: “*los componentes biológicos que distinguen al macho de la hembra*” o que segundo o autor non afectaba aos afectos, pensamentos e fantasías. Xénero, pola contra, eran segundo Stoller (citado en VARELA, 2005: 181) os fenómenos psicolóxicos⁹. Logo, xénero era cultural e non biolóxico. Este autor distinguía entre macho- femia (sexo) e masculino- feminino (xénero) (STOLLER, citado por OLIVA, 2007: 20). Para entendermos o que significan sexo e xénero acudimos á teoría da construción social do sexo. Queremos demostrar que o sistema sexo- xénero é unha construción social. Varias autoras feministas apoian esta tese. Para Kate Millett os conceptos de sexo e xénero son independentes, dado que carecen dunha correspondencia biunívoca e necesaria (OLIVA, 2007: 20). Millett, politóloga feminista anglófona, afirma que en función da sociedade o masculino e o feminino son dúas culturas radicalmente diferentes¹⁰ (MILLETT citada en VARELA, 2005: 182).

⁹ STOLLER, Robert J., *Sex and Gender*, New York, Science House, 1968, pp. 8.

¹⁰ A antropóloga británica Margaret Mead no seu volume *Sexo y temperamento en las sociedades primitivas*, sen vontade feminista segundo advirte no prólogo, analizou tres sociedades "primitivas" dos mares do Sur para comprobar qué é o que tiñan de cultural as relacións de xénero. Esta antropóloga sorprendeuse ao ver caído o prexuízo da naturalidade dos temperamentos sexuais. Despois das súas viaxes ao norte de Nueva Guinea e da súa convivencia cos tres pobos analizados: “*los plácidos montañeses arapesh, los fieros caníbales mundugumor y los elegantes cazadores de cabezas de Tchambulli*” constatou a existencia de roles de xénero arbitrarios. Ningún rol de xénero semella arbitrario no seu contexto vital, sen embargo, ao comparalo cos roles de xénero dunha sociedade distinta a arbitrariedade é unha obviedade.

Mead conclúe que existen variacións de temperamento humano que por educación teñen un ou outro sexo. A esta conclusión chega despois de constatar que os roles de sexo masculino e feminino dentro da cultura Arapesh son o equivalente ao rol de xénero masculino na sociedade occidental, que os caracteres dos homes e mulleres Mundugumor son o equivalente en canto a rol sexual dos homes occidentais, e o caso máis curioso, que os Tchambulli teñen con respecto a nós (ou nosoutros respecto a eles) os roles sexuais cambiados, é dicir que un home Tchambulli é o equivalente en rol de xénero a unha muller occidental e viceversa, que unha muller Tchambulli cumpre o rol de xénero dos homes occidentais.

Segundo as investigacións de Margaret Mead, os Arapesh teñen ademais do xénero masculino e o feminino, un mixto e outros dez máis. A antropóloga conclúe, pois, que as diferenzas de temperamento

Simone de Beauvoir (1998, 61), nai e radicalizadora do feminismo da igualdade de tradición ilustrada, engade a tese da construción social do xénero á Historia da Filosofía. Para a feminista francesa: “*A muller non nace, faise*”. Esta afirmación do *Segundo Sexo* permítenos tomar conciencia do proceso de formación, e autoría, deste modelo xenérico. Beauvoir desenmascara a intencionalidade do/a autor/a, dado que esta filósofa reivindica a toma de posición en toda creación. Simone de Beauvoir reclama a muller como xuíz e parte da construción do xénero feminino y da conseguinte conciencia do mesmo.

A antropóloga americana Gayle Rubin acuñou para a Historia do Feminismo o termo “*sistema sexo- xénero*” nun artigo titulado “The Traffic in Women: Notes on the “Political Economy” of “Sex””, publicado en 1975. Rubin define este concepto como o conxunto de axustes cos que unha sociedade transforma e satisfai a sexualidade biolóxica construída polo ser humano. Rubin, nun artigo de 1984, si distingue entre sexo e xénero. Aquí subscribimos esta opinión. Entendemos que sexo e xénero, malia seren termos relacionados, teñen entidades distintas.

A historiadora Joan Wallach Scott enumerou os catro aspectos do xénero no seu ensaio “Gender: A Useful Category of Analysis” (1986): os símbolos culturais dispoñibles que evocan representacións múltiples; os conceptos normativos que definen as interpretacións dos significados dos símbolos; as institucións e organizacións sociais, que inclúen traballo, educación, política, etc, ademais de familia; e, por último, a identidade xenérica (OLIVA, 2007: 32).

Unha vez descuberta a construción social dos roles de sexo-xénero, antes enmascarada como natural e biolóxica as mulleres demandan a autodesignación, ou o que é o mesmo: a autodefinición do propio rol, ata agora definido en termos da lóxica patriarcal masculina, que tende a ocultar as súas creacións para evitar a súa revisión ou usurpación por parte das mulleres. O feminismo ilustrado traballa na denuncia do patriarcado e a reclamación da autodesignación: construción dunha identidade feminina e feminista por e para as mulleres.

incluídas nos roles sexuais son resultado das diferenzas de condicionamento recibidas na primeira infancia polos nenos e nenas, os xéneros son polo tanto creacións sociais e/ou culturais. Os inadaptados ou rebeldes xorden pola heteroxeneidade do material humano, explica Margaret Mead, quen completa a hipótese de Ruth Benedict, antropóloga tamén discípula de Franz Boas: as bases sobre as que se estandariza de maneira diferente na historia humana as personalidades de homes e mulleres.

1.2. Pechadas no seu corpo, prisioneiras no seu lar

1.2.1. *A dominación masculina: cuestión de poder*

Tomamos prestado o título que Pierre Bourdieu lle puxo a un ensaio no que tratou a cuestión feminista¹¹, *La dominación masculina*, porque neste apartado pretendemos visibilizar o círculo da dominación que exercen os homes sobre as mulleres e mesmo sobre si mesmos, mediante unha análise pormenorizada de cada unha das súas áreas e aspectos. O sistema de dominación masculina perpetúase grazas á ignorancia da súa existencia por parte da sociedade. Coa súa visibilización contribuímos á súa extinción.

A heterodesignación das mulleres coma o outro, sen status de ser humano por veces, é produto da división xenérica de espazos asentada na lóxica binaria patriarcal. A heterodesignación do espazo privado reléganos ao fogar, onde apreendemos unha serie de valores e actitudes que acabamos interiorizando e incorporando, tatuando no noso corpo, reproducindo así o sistema de dominación masculina de maneira inconsciente. Para visibilizar o círculo da dominación masculina tomamos como referencia o marco teórico explorado por Iris Marion Young sobre a opresión na súa obra *La justicia y la política de la diferencia*. Desta pensadora norteamericana adoptamos a súa crítica ao paradigma distributivo como artífice da invisibilización do contexto institucional. Pretendemos estudar o papel opresor das institucións que instauran e manteñen o sistema de dominación masculina con consecuencias gravísimas para a situación das mulleres. Seguindo a Young, baseamos a concepción da xustiza social (unha plataforma necesaria, para a convivencia pacífica e harmoniosa dunha sociedade libre e respectuosa no trato con todos os seus individuos, sempre que as diferenzas non incorran en prexuízo doutros individuos) na análise da opresión e a dominación, dúas formas de inxustiza (YOUNG, 2000: 33). Partimos de que a diferenza de grupos non é en si mesma opresiva e que a razón universalista ten un nesgo patriarcal para desmontar o sistema de dominación masculina, iluminando as conexións que tece esta rede, dado que o poder, seguindo a Foucault está constituído por unha serie de relacións e procesos. Michel Foucault articula unha alternativa “radical” á

¹¹ Trátase dun ensaio que xerou polémica no círculo feminista da época, e nos seguintes, dado que Bourdieu non cita ás autoras das ideas que expón no seu texto, de xeito que invisibiliza a boa parte das pensadoras e autoras de avances feministas, o que vai en contra da ética.

visión do poder vixente ata a súa teorización. Di o filósofo estruturalista: “*El poder no es una institución, no es una estructura ni una fuerza de la que dispondrían algunos: es el nombre que se le da a una situación estratégica compleja en una sociedad dada*” (FOUCAULT, 1976: 123). Na medida en que vivimos en sociedade, estamos inseridos nas relacións de poder, pero para Foucault hai posibilidade de fuxir. “*No hay relaciones de poder sin resistencias, que estas son más reales y eficaces en cuanto se forman en el lugar exacto en que se ejercen las relaciones de poder*” (FOUCAULT, 1981: 82). Parafraseando o “*onde hai poder, hai resistencia*”¹² de Foucault, diremos que onde hai patriarcado, hai feminismo. Existen feminismos autónomos e independentes do occidental en América Latina, India, África, etc.

A lóxica do paradigma distributivo que analiza Young establece os dereitos como mercadorías que se poden distribuír e non só como relacións que é o que son na realidade. Este é o grande problema do sistema que se sustenta na distribución e que soluciona calquera eventualidade con esta técnica. Segundo Young, as mulleres como grupo poden ser vítimas dos cinco tipos de opresión que enumera: explotación, marxización, carencia de poder, imperialismo cultural e violencia. Ao longo destas páxinas profundaremos en cada un destes motivos, todos eles intimamente relacionados, na medida en que a fonte de opresión é a mesma: o sistema patriarcal sexista inmerso nunha dinámica capitalista e global que favorece a súa continuación¹³ (YOUNG, 2000: 112).

1.2.2. A dicotomía do sistema patriarcal: desfacendo binomios

A crítica do patriarcado comeza pola posta en cuestión das súas pilastras. A lóxica patriarcal aséntase sobre un sistema de dominación masculina de reprodución inconsciente que ten como base a exclusión da outra, xerada a partir da división conceptual do mundo en parellas de elementos excluíntes. Visibilizar a rede da dominación masculina é un paso fundamental para acadar o desmantelamento do patriarcado. Comecemos xa que logo analizando un dos seus principais puntos de apoio.

O patriarcado ancora a súa lóxica binaria sobre unha serie de parellas

¹² Frase de FOUCAULT, Michel (1976) *La voluntad de saber*, Gallimard, París, p. 123.

¹³ Iris Marion Young clasifica a opresión en cinco tipos ou caras: a explotación, a marxización, a carencia de poder, o imperialismo cultural e a violencia. Para ver o desenvolvemento deste tema véxase *La Justicia y la Política de la Diferencia*, Madrid, Cátedra, 2000, páxinas 86-110.

dicotómicas en correspondencia coa primeira dicotomía: home /muller. José Luís Ramírez González sinala a dicotomía identidade- alteridade, ou o que ven a ser o mesmo, eu e a outra, como a raíz do sistema dicotómico. No fondo, a idea consiste en que existe algo considerado e outro algo que queda fora de toda consideración: algo alleo. Esta é un característica do pensamento racional. O logos grego, pensamento racional que herdamos, contempla un sistema de parellas de contrarios. En palabras de Ramírez González (1996): “*Pensar racionalmente es, en su origen, identificar y distinguir*”.

Na sociedade occidental actual, o home identifícase coa identidade, dado que é el o que nomea, é o suxeito da palabra en exclusiva, o que fala en público. As mulleres quédanos por exclusión ser a alteridade, o outro que queda fora. O outro definido polo home nunha heterodesignación. Pensando na lóxica dicotómica patriarcal podemos elaborar unha longa lista de pares de categorías: natureza/ sociedade, corpo/mente, etc. Esta taxonomía convértese na xustificación “racional” da división de espazos, a adxudicación das tarefas, a definición de traballo da que se tira a exclusión do traballo doméstico e de todas as actividades non remuneradas exercidas por mulleres fundamentalmente, non incluídas en ningún balance de economía, oficial ou non oficial, outra dicotomía. Na tradición do pensamento occidental foille atribuída ao filósofo presocrático Pitágoras (570-505) a elaboración da primeira lista de contrarios¹⁴.

A pesares de que en Occidente lle apoñamos a este filósofo matemático a orixe da dualidade do noso sistema de pensamento, é posible rastrear a existencia deste esquema noutras culturas moi afastadas. É evidente a semellanza da lista dos contrarios de Pitágoras, recollida por Aristóteles na súa *Metafísica*¹⁵, coa teoría china do *Yin-Yang*. Aínda que en Oriente os contrarios se entendan de xeito complementario e non excluínse, como en Occidente. Ao afondar nesta temática urxe facer unha reflexión conceptual para evitar a terxiversación da que adoece en sentido coloquial o termo dicotomía. Na linguaxe vulgar confúndense as parellas dialécticas ou parellas de contrarios coas oposicións complementarias. En sentido rigoroso, o concepto de parella dialéctica fai referencia a dous termos, que sumados abranguen a totalidade do asunto ao que se refiren. Atopámonos ante categorías análogas á lóxica formal, onde a

¹⁴ O filósofo que liderou a secta dos pitagóricos argumentou a superioridade de cada un dos elementos da primeira columna sobre os da segunda. Na quinta posición agroma a condición de masculinidade como superior á de feminidade. Para os pitagóricos o número cinco tiña un gran simbolismo, porque implicaba a conxunción dos principios masculino e feminino, o matrimonio (2+3=5).

¹⁵ ARISTÓTELES, *Metafísica*, 986 a.

negación de A é non- A. É dicir que o contrario de home é non home, muller logo. Deste xeito ao definir un concepto, reparamos na ausencia da súa parella dialéctica. Este é o caso da maioría dos conceptos da lista pitagórica. Sen embargo, falando con propiedade, os opostos complementarios non se autoexclúen, senón que se determinan. A presenza dun non implica a ausencia total do outro.

José Luís Ramírez (1996) chama a atención verbo do especial carácter da parella conceptual: home- muller. Segundo o filósofo, esta parella atópase no conxunto das excepcións ao dito anteriormente. De xeito que home e muller non é simplemente unha parella dicotómica (excluínte) senón que tamén é dialéctica (complementaria). Pois o ser humano non se esgota en ningún dos elementos do par. A humanidade non son só os homes, nin só as mulleres. O machismo sería logo, seguindo esta argumentación que presenta Ramírez, o resultado da ignorancia, pola banda dos homes, da condición de parella conceptual dialéctica do binomio home- muller.

Dende o feminismo criticase a concepción dicotómica da parella de termos home- muller, dado que esta implica a definición da muller coma non home. As definicións negativas prexudican ao heterodesignado de maneira grave, e por iso o feminismo persegue como un dos seus principais obxectivos a autodesignación das mulleres. Ou o que é o mesmo: a definición das mulleres por elas mesmas, e non imposta dende fóra polos homes. De todos os xeitos, a solución ao patriarcado non pasa porque as mulleres loiten por darlle un novo sentido ao que se entende polo concepto de parella conceptual, home- muller, nin pola reivindicación do sentido dialéctico complementario que ten este binomio. Non, a solución á opresión das mulleres co gallo da lóxica racional pasa pola disolución das dicotomías, e da propia lóxica patriarcal binaria que as crea e alimenta. Celia Amorós (2005: 104 e ss) alude á heterodesignación como paso previo fundamental para a disolución do espazo das idénticas e a inclusión das mulleres no espazo dos iguais. A filósofa feminista establece as categorías de idénticas e iguais para referirse, por unha banda, ás mulleres recluídas na esfera privada e caracterizadas por unha serie de trazos que as fan intercambiáveis, sen identidade, e, por outra, aos homes que gozan de autodesignación e libre movemento na esfera pública, onde gozan de igualdade co resto dos varóns sinatarios dos pactos. O feminismo da igualdade persegue o obxectivo de rematar coa segregación sexual en función dos espazos e lograr a igualdade tamén para as mulleres.

1.2.3. *A división do traballo, baseada na dicotomía espazo público/privado*

Os fillos do sistema patriarcal son tamén os seus pais e titores. O patriarcado aséntase no sistema dicotómico, na teima de dividir a realidade en parellas de opostos, na lóxica racional patriarcal- máis comunmente chamada sentido común aínda que por veces teña ben pouco sentido lóxico- na separación dos espazos público e privado, e a deriva deste feito nun sistema laboral excluínte para as mulleres, pois quedaron no eido privado e neste o traballo non se ve, nin considera. Todas estas ferramentas de mantemento do *statu quo*, e focos de opresión para as mulleres, están ben ligadas, de xeito que mesmo chegan semellar naturais, inamovibles.

A división de espazos vai parar á división do traballo en función do sexo de cada un/unha, con aparente naturalidade pola graza da racionalidade patriarcal, a lóxica do sentido común. Faise un reparto de tarefas en función da división de espazos. Deste xeito as mulleres non optan realmente a prazas de traballo, pois están noutra esfera: a privada, pechadas no seu fogar. O feminismo insiste en remarcar a existencia desta división porque as institucións do sistema capitalista tenden a facela invisible, como se non existira, e tal cousa fose un invento de mulleres feministas rancorosas e enrabiadas. As cifras oficiais do paro, e a historia das mulleres da familia de cada un, son boas réplicas a ese intento institucional de agochar a verdade. Carole Pateman, estudosa do contrato sexual, sitúa este tema nun lugar privilexiado dentro dos estudos e a práctica feminista. Porque para mudar unha situación o primeiro que hai que facer é dala a coñecer. A feminista de fala inglesa denuncia as consecuencias que ten para a sociedade, e nomeadamente para as mulleres, a división dos espazos. O sistema político actual, o liberalismo, oculta a realidade da discriminación sexual baixo a ambigüidade dos termos de privado e público. A división de espazos oculta a subordinación social das mulleres aos homes que o sistema liberal non recoñece. Todo o contrario, o liberalismo fala dunha orde universal, igualitaria e individualista. Afirmación coa que non se mostran de acordo as feministas (PATEMAN, 1996: 32-33). Ao liberalismo convenlle ocultar a construción social da división sexual do traballo xustificada racionalmente pola división dos espazos, e naturalizada polo sistema de dominación masculina. Ocultando a discriminación elude a responsabilidade e evita as reclamacións dos oprimidos polo sistema.

Pateman critica a habilidade que ten o sistema liberal para anticiparse ás críticas

negando a base da subordinación. Segundo os teóricos do liberalismo, a separación entre o público e o privado aplícase a todos os individuos por igual (PATEMAN, 1996: 33). Se tal afirmación institucional fose certa, as porcentaxes de homes e mulleres dedicados ás tarefas domésticas serían practicamente iguais, do mesmo xeito que as porcentaxes de homes e mulleres empregadas na esfera pública (comercio, banca, turismo, agro, etc.) tamén serían equilibradas. A realidade dista moito desta hipótese, logo, cabe a sospeita.

O patriarcado non reconece a existencia da diferenza entre sexos na adxudicación dos espazos. Pola contra, defende que cada individuo escolle o seu espazo, aos que se supón tamén lle confire a mesma relevancia. Aquí non discutimos cal das esferas ten maior importancia social, porque consideramos que a minusvalorización das calidades heterodesignadas historicamente ás mulleres non desmerecen ás feitas con orgullo polos homes, as chamadas masculinas ou mesmo neutras. É unha realidade que na nosa sociedade se valoran máis actividades como a cirurxía plástica ou a política que o coidado dos/as vellos/as ou os/as nenos/as. Asumimos o célebre lema acuñado por Kate Millett nos anos sesenta, que ven a dicir que “*o personal é político*”, para reflexionar sobre estas distincións que teñen un gran peso na definición e organización do mundo laboral.

Un dos primeiros pasos que ten que dar o feminismo no seu camiño de independización da sociedade da lóxica arbitraria dos xéneros é a desmantelación da división do traballo nos espazos público e privado, porque é esta dicotomía a responsable da formación e mantemento dalgúns dos aspectos da personalidade dos homes e das mulleres. A división sexual do traballo determina certos aspectos da personalidade xenérica, na medida en que instauro roles e condiciona os dereitos das mulleres.

O acceso das mulleres ao dereito ao voto, como proba da inclusión na plena cidadanía é en palabras de Carole Pateman, unha vitoria feminista que fendeu a fronteira entre os eidos privado e público: “*La larga lucha por el sufragio de las mujeres es uno de los ejemplos teóricos y prácticos más importantes de los ataques feministas a la dicotomía entre lo privado y lo público*”, (PATEMAN, 1996: 41).

O feminismo da igualdade reclama un reparto equitativo do espazo e do tempo. A razón orixinaria desta división do traballo en espazos público e privado é a condición de reprodutora da especie que carga a femia en exclusiva. Deste xeito, a cada sexo asignóuselle un rol e un espazo correspondente. En *Tiempo de Feminismo*, Celia

Amorós desenvolve esta tónica, resumindo así esta crenza masculina, estendida á sociedade mediante a lóxica da dominación: “*Haber nacido mujer conlleva la sumisión al destino biológico de ser la reproductora de la especie. De lo que se deriva la incapacidad para elevarse al interés general y una orientación innata hacia lo privado*” (AMORÓS, 1997: 270). A naturalización da muller na esfera privada lexítima a relegación desta ao eido doméstico, e polo tanto a súa subordinación social ao home. Para as mulleres o feito de ter estado fechadas no seu fogar dende o comezo dos tempos, falamos da longa historia do patriarcado, é un hándicap importante que esixe un sobre esforzo para a súa superación. A maior consecuencia deste hándicap é a dobre xornada. Cando unha muller consegue acceder á esfera pública, non é eximida das súas obrigas na esfera privada, co que o acceso ao eido público se ve hipotecado por cargas difíciles de liquidar por moitos pagos que se adianten. Toda a louza e a roupa que se lavou non serve como adianto, a tarefa non remata nunca.

No sistema patriarcal capitalista, á esfera privada non se lle poñen cifras. Entre outras autoras, Vandana Shiva, a física ecofeminista da India, chama a atención sobre o feito de que non se realicen estatísticas nin balances económicos para poñerlle números ás tarefas realizadas polas mulleres. O cálculo patriarcal ignora as actividades domésticas reducindo deste xeito a importancia económica das mulleres, deste modo elimina a competencia da súa área de influencias. Dúas das grandes tarefas ás que se veñen dedicando as mulleres dende o comezo dos tempos: manter o fogar traballando no eido doméstico e labrar as terras, gardar sementes, etc. para obter colleitas que lle sirvan de alimento ao núcleo familiar, etc. non se contabilizan. Carecen dun soldo. Por outra banda, a diversidade e o volume das tarefas realizadas polas mulleres dificulta a definición de traballo. En resumo, e en verbas de Vandana Shiva e María Mies (1998: 16): “*Su trabajo también es invisible porque están concentradas fuera del ámbito del trabajo de mercado o remunerado y porque habitualmente realizan una multiplicidad de tareas*”.

Nunha sociedade onde a principal categoría de definición é a ocupación do emisor (Lourdes, doutora; Xoan, encargado de produción de multinacional, Clara, ama de casa, etc.) o oficio de cada individuo confírelle un status no sistema, é a súa carta de presentación. O capitalismo tardío encasíllanos nunha clase social determinada en gran medida polo xénero. A chamada feminización da pobreza¹⁶ é unha boa proba. As

¹⁶ No seguinte capítulo dedicámoslle un apartado á feminización da pobreza. Véxase 2.2.6. *Feminización da pobreza*.

mulleres acumulan só un dous por cento da riqueza mundial. Con este dato non nos resulta moi difícil imaxinarmos a directa relación que se dá entre o lugar que cada xénero ocupa no espazo segundo a dicotomía de público-privado e o seu status social.

É urxente unha “*auto adjudicación de espacios correlativa*” como a define Celia Amorós (2005: 226). É dicir, repartir o espazo de forma equitativa, con independencia do sexo, atendendo simplemente ao feito de que todos somos seres humanos e temos dereito a escoller o noso espazo. Para iso é precisa unha revalorización das actividades que viñeron realizando as mulleres tradicionalmente, arestora infravaloradas pola asociación patriarcal destas tarefas ao xénero feminino, o outro discriminado, que faculte a elección libre destas e as demais para ambos os sexos con igualdade de oportunidades. O feminismo da igualdade critica que dende o feminismo da diferenza se defendan estas calidades coma trazos identitarios das mulleres e que se custodien cun radicalismo análogo ao que manifestan os machistas cando as connotan e mesmo denotan de negatividade. Alicia H. Puleo, ecofemista da igualdade, preguntada sobre esta cuestión afirmou:

“Quizás esas cualidades femeninas sean resultado de la opresión del patriarcado. Pero yo no soy una esencialista que piense que todas las mujeres tienen esas cualidades. Otra cosa es que, estadísticamente, pueda haber una mayor prevaencia de determinadas actitudes” (PULEO, 2006: 109).

Coincidimos con Puleo en que non debemos esixirlle ás mulleres, como individuos pertencentes a un grupo social oprimido, virtudes de xénero. A súa proposta é que debemos analizar o xénero das virtudes. Nada que ver. Alicia Puleo animanos a facer unha crítica da cultura hexemónica coas ferramentas que dá estar dentro desta sociedade.

Hoxe en día, as mulleres son maioría nos pupitres universitarios. Malia a esta realidade, seguen ocupando sobre todo as aulas de carreiras tradicionalmente femininas (educación, saúde, humanidades etc.) Podería pensarse que estamos ante un fracaso parcial da incorporación das mulleres á educación por non ter desmontado a educación previamente. Este mesmo argumento utilizouse para criticar o que aconteceu coa revolución sexual. Tal afirmación leva implícita unha forte influencia da lóxica patriarcal. A valoración negativa destas actividades, e as súas correspondentes carreiras

universitarias ou ciclos de formación. Pero non podemos desbotala sen máis polo seu influxo patriarcal. É aínda máis complexo. O feito de que as nenas escollan maioritariamente estudar carreiras tradicionalmente femininas, esixe unha revisión das orientacións para comprobar se existe “*un subtexto de xénero*”, como diría Alicia Puleo. É dicir, que teríamos que analizar, antes de tomar medidas, o feito de se se producen nos centros de formación ou noutros eidos públicos ou privados, a orientación das mozas cara ás “ocupacións de mozas” e os rapaces cara “ás de mozos”. Ben se entende que aquí non cremos nas ocupacións privativas dun o outro xénero.

A formación é o eido onde hai que analizar e desterrar a influencia dos estereotipos de xénero que tenden a condicionar a elección da futura ocupación laboral dos individuos dun e doutro xénero, e por ende o seu lugar no espazo (público ou privado). Ademais da información non sexista nos centros educativos, é necesaria unha actuación sobre o resto das institucións fundamentais na formación da personalidade do individuo. Antano, a Igrexa, o Estado e a Escola, que hoxe foron substituídas, aínda que non na súa totalidade, polos Medios de Comunicación, o Fogar e a Escola. Igrexa e Estado seguen influenciando aos/ás máis novos/as, pero xa non son os principais organismos educativos.

Os estereotipos sexuais esténdense, fundamentalmente, a través dos televisores acendidos 24 horas, como barullo de fondo cando menos, os heroes –hai poucas heroínas- dos videoxogos (o aspecto de Lara Crofft con aumento de peito incluído de Angelina Jolie é revelador) e os anuncios –bebés para elas e mecanos para eles- que nos perseguen dende calquera soporte, dende a parada do autobús onde deixamos os/as nenos/as para ir á escola, ata no intermedio dos didácticos e infantís Lunnis.

A libre elección da ocupación por parte dos individuos é unha tarefa ardua difícil pero necesaria. Agora si, se chegado o momento de conseguir este obxectivo as cousas non cambiaran, sinala Alicia H. Puleo que non se trataría dun fracaso. En tal caso: “*Tendremos que preguntarnos por qué esas carreras están menos consideradas cuando son, justamente, carreras fundamentales para la calidad de la vida*” (PULEO, 2006: 109). No tocante á elección de actividades tradicionalmente femininas pola maioría das estudantes actuais, a ecofeminista ilustrada argumenta que:

“La respuesta que se ha dado desde la psicología feminista es que las mujeres tienen una actitud más relacional y los hombres una actitud más instrumental. ¿Es esto construido socialmente? Me limito aquí a la actitud agnóstica de John Stuart Mill: no lo sabremos hasta

que haya una total igualdad de oportunidades” (PULEO, 2006: 109).

Mientras isto non ocorra deixaremos de facer predicións e apostaremos forte por unha análise da ensinanza para detectar posibles e de feito “probables” subtextos de xénero. É un trazo común das feministas da igualdade non esixirlle as calidades de xénero ao dominado para non incorrer nunha incoherencia teórica importante. Debemos ser prudentes.

1.2.4. A distinción racional/ paixonal: a incorporación da dominación

Rastreando a lóxica patriarcal observamos que trala división en dicotomías e a adhesión dos pares opostos en listas antagónicas, as mulleres son heterodesignadas e relegadas ao grupo de categorías relativas ao espazo privado, ligado á irracionalidade e á corporalidade, co conseguinte efecto da incorporación da dominación masculina na anatomía feminina, moldeada segundo os prexuízos e normas de comportamento definidas polo seu espazo heterodesginado.

Aquí abordamos criticamente a racionalidade universal e obxectiva coma punto de vista moral. Queremos prestar atención á exclusión das mulleres, baixo o pretexto teórico da busca da imparcialidade, por asocialas ao seu corpo e emoción. Mergullámonos na historia do pensamento occidental para entender o uso da lóxica binaria patriarcal. En Occidente predomina unha visión dual do mundo. A distinción entre forma e sustancia de Platón é unha das primeiras mostras da división entre mundo real e aparente que os homes occidentais levaron ao seu máximo esplendor coa relación kantiana de suxeito- obxecto. O mundo real é aquel que nomeamos. Aquí xoga un papel moi relevante a linguaxe, que constrúe o mundo que vemos. E o mundo aparente é aquel que queda á marxe da racionalidade: o relativo aos sonhos, o inconsciente... A converxencia das novas correntes: a semiótica, a lingüística e a psicoanálise, daralle un empurrón ao sistema dicotómico patriarcal centrado nas divisións exclusivistas. Sen embargo, estes teóricos non contribuíron a desfacer a dicotomía home- muller e as súas correlativas público- privado, ou racional- paixonal. Nada máis lonxe, pois a psicoanálise tamén ten lecturas machistas.

Decatémonos de que as parellas de conceptos dicotómicos teñen unha orde preestablecida en función da relación dominio- subordinación. O segundo elemento está subordinado ao primeiro no par ordenado. Posto que a división entre mundo real e

aparente é obra do home, este tomou para si a mellor parte, a de creador, e polo tanto suxeito. Entre as súas obras está a muller, parte da súa costela nas relixións bíblicas, influenciadas pola dicotomía platónica entre os dous mundos, terreal e espiritual. O que crea faino co instrumento da razón e para distinguir as súas creacións de si mesmo adxudícalle as calidades que non desexa ter. Deste xeito a muller convértese no ser paixonal e irracional presa do seu corpo que determina a súa personalidade.

A incorporación das calidades heterodesignadas é unha característica do oprimido: as mulleres no sistema patriarcal. Celia Amorós, seguindo a Simone de Beauvoir, salienta a particularidade da relación entre o oprimido, neste caso as mulleres, e o opresor, os homes como xenérico. Afirmar Beauvoitur (1998: 54): “*Es la alteridad en el corazón de una totalidad en la que los dos términos son necesarios el uno al otro*”. A autora do *Segundo Sexo* relata a servidume á que se ven sometidas as mulleres polas características, impostas, ao seu corpo na sociedade patriarcal, onde “*el hombre es el único creador*”. “*Todo organismo de la hembra está adaptado a la servidumbre de la maternidad y controlada por ella, mientras que la iniciativa sexual corresponde al macho*” (BEAUVOIR, 1998: 83).

Desde o comezo do patriarcado, os homes apropiáronse da sexualidade reprodutiva da muller con diferentes métodos. O paradigma científico occidental, perspectiva racionalista por excelencia, está no punto de mira de moitas feministas, fundamentalmente do chamado ecofeminismo¹⁷. Como recolle Alicia Puleo (2006: 111), unha parte do feminismo desenvolveu esta crítica epistemolóxica, explorando o espazo da simboloxía das metáforas patriarcales no eido da historia da ciencia na postmodernidade. “*El enfoque feminista permitía criticar el dominio sobre la naturaleza como una expresión más de las relaciones sociales patriarcales*”, explica. A ciencia como paradigma emancipador e opresor a un tempo é unha arma de dobre fio para e contra as mulleres, e por extensión, para e contra o feminismo. A maioría das feministas, como é o caso de Puleo optan pola vixilancia, sen rexeitar os beneficios que nos pode carretar a tecnoloxía.

Na actualidade, os homes seguen sendo maioría nas tarefas científicas. O difícil acceso das mulleres e o entorno marcadamente patriarcal, mantéñenos nesta situación

¹⁷ Lémbrese aquí o documental dirixido por Itciar Bollain, onde o galego Luís Tosar a piques de parir nos revela as situacións antinaturais e agresivas para a nai que sofren as paridas no que se considera un proceso de parto normal para os médicos, e que só vemos na medida en que as sofre un home, porque a muller non se considera como suxeito no discurso. “*El parto es nuestro, que nos lo devuelvan*”, di.

de copado das batas brancas, o que supón graves consecuencias para a saúde sexual e reprodutiva das mulleres en tanto individuos. Prácticas coma o “baleirado preventivo (sic)” que acompaña ás cada vez máis frecuentes extraccións de miomas coa conseguinte menopausia artificial, os tratamentos hormonais substitutivos, a monitorización permanente no parto horizontal (cando a postura natural de parir é a fetal ou en cuclillas), a episiotomía e a administración de oxitocina durante o parto, etc. só contribúen a lesionar a saúde sexual e reprodutiva das mulleres, quen ao atravesar a porta dun hospital ou clínica deixan de ser un suxeito, se algunha vez o foron de pleno dereito na práctica, para converterse nun obxecto.

É difícil trazar a fronteira entre o estritamente biolóxico e o construído socialmente baixo a sospeita de patriarcal. Nos anos setenta escoitábase un discurso sobre a orixe da síndrome premenstrual. Díciase que era un mero produto do patriarcado. Aínda se poden atopar hoxe libros de autoaxuda que falan das dores menstruais como culpa da muller por selo. O mesmo discurso vense escoitando dende fai relativamente pouco tempo sobre os problemas asociados á menopausia. Certos problemas e malestar danse en moitas mulleres e isto é unha realidade. Non se trata sen máis da alienación mental das mulleres como produto do patriarcado. Outra cousa moi distinta é a crítica ás terapias hormonais substitutivas por artificiais e cargadas de efectos secundarios. Como sentencia Alicia Puleo (2006: 112), e antes dixeron moitas outras/os feministas: *“Hay fenómenos biológicos, no somos pura construcción discursiva”*.

Na definición negativa, á muller, que é “un non home”, correspóndenlle as características contrarias a este. Se o home é racional, logo a muller será paixonal. No eido privado as paixóns e os sentimentos refórzanse. Vaia se os varóns souberon pechar ben o círculo da dominación masculina. Non é accesorio pensar que nun mundo deseñado doutra maneira, con outra lóxica, os sentimentos non se verían relegados ao ámbito privado, é máis quizais noutro mundo nin sequera poderíamos falar de esferas contrarias. Pero, o caso é que neste sistema o eido privado estimula a participación e desenvolvemento das emocións e sentimentos que o público esconde.

1.2.5. Desfacendo a sinonimia home- ser humano

A estas alturas do texto cremos que é necesario definir criticamente o que se entende por home, muller e por ser humano. Tratamos tamén persoa e individuo. A

necesidade desta conceptualización xorde pola sospeita de exclusión das mulleres tamén da humanidade como consecuencia da exclusión do espazo público. Denostamos a utilización de home como sinónimo excluín-te de ser humano, nun pretendido sentido neutro, dado que sospeitamos da apelación á neutralidade por parte do suxeito dominante e polo tanto definidor de conceptos e categorías.

Con este apartado, completamos a aproximación teórica elaborada no epígrafe anterior, sobre os valores autodefinidos masculinos ou neutros, e dos valores heterodesignados femininos. Non renegamos, como mulleres, dos valores que se nos asignan porque iso sería reproducir o sistema de dominación masculina, que ten como mecanismo principal a connotación de negatividade de todo aquilo que se asocia ás mulleres. Sen embargo, si reivindicamos valores certamente neutros e a opción de escoller. Deste xeito esquivamos a crítica, dirixida, como ben é sabido, contra o feminismo da igualdade, dun suposto desexo de “ser coma homes”. Non, queremos deixar ben claro que os homes se fixeron coa vertente neutral, do ser humano, de valores que non deben de ser exclusivos de ningún sexo. A revisión exhaustiva dos valores femininos, masculinos e neutros faculta unha futura reclasificación e elección, non reasignación. Como dixo Simone de Beauvoir no *Segundo Sexo*: “*Se trata de saber lo que la humanidad hizo con la hembra humana*” (BEAUVOIR, 1998: 99). A humanidade enténdese como sinónimo de home dado que son os varóns quen se apropiaron desta condición excluín-do as mulleres.

O feminismo, que aquí concordamos que nace coa Ilustración, é pois “un fillo bastardo” desta –se atendemos á célebre expresión de Amelia Valcárcel-; nace, logo, coa conciencia de incorporación das mulleres aos ideais de liberdade, igualdade e fraternidade que estreaba na época o ser humano, e que aínda hoxe lle son negados parcialmente. ¿Non é entón a muller un ser humano? A utilización do xénero neutro pecha esa trampa, a inclusión ou exclusión do outro cando conveña. Estamos perante a unha “universalidade substitutoria” en termos de Seyla Benhabib¹⁸. A costa de

¹⁸ Seyla Benhabib, dentro da ética comunicativa, distinguiu entre universalidade substitutoria e interactiva. A primeira definea en *Situating the Self* (1992) como “*programa ético que proclama como universal lo que no son sino experiencias específicas de un grupo determinado extendiéndolas al conjunto de los seres humanos e invisibilizando a los otros colectivos*”. Benhabib referíase ás definicións que se viñeron dando de ser humano a partir da Ilustración, definicións feitas á imaxe e semellanza do home branco, burgués, protestante, etc. excluín-do deste xeito á muller, pobres, etc., ou o que é mesmo relegando as mulleres –entre outros colectivos- a unha universalidade substitutoria. Isto levado ao discurso presenta a vantaxe, anunciada por Benhabib (2006: 42), “*de ser capaces de brindar un contenido de elección y deliberación más determinado o concreto. Sin embargo, esta determinación del contenido se obtiene a costa de restringir la agenda de conversación, así como de abstraerse de la identidad de los individuos involucrados. Las teorías morales sustitucionalistas consideran a los individuos como otros*”.

interiorizar este prexuízo, todos sabemos cando o xenérico inclúe á muller e cando non, o problema está na diferenza de criterios. En principio, ser humano, debería incorporar sempre ás mulleres. Sen embargo, se non se dubida nunca da inclusión dos homes no concepto ser humano, as dúbidas asolagan cando se trata das mulleres. A utilización de home como sinónimo de ser humano está rexeitada polo feminismo porque non permite a adhesión acrítica da muller. Non podemos incluír sen pensar e dubidar primeiro se as mulleres están ou non citadas con este concepto.

Pasamos da *Declaración ilustrada dos Dereitos do Home e o Cidadán*, da que explicitamente se excluía á muller como xenérico, por non formar parte da cidadanía, (o voto como inclusión parcial á esfera política acadouse *grosso modo* –aínda non é universal hoxe- en 1919) á *Declaración Universal de Dereitos Humanos*. Foi necesaria unha representación e reelaboración da Carta firmada polas Nacións Unidas en 1948 para confirmar a presenza das mulleres dentro deste texto, e facelas así partícipes de dereito destes trinta artigos. Non obstante, este feito lembrouse en senllas conferencias da ONU: *Conferencia Mundial de Dereitos Humanos de Viena* (1993) y *IV Conferencia Mundial Sobre a Muller*, en Pekín (1995)¹⁹.

Dende aquí apelamos ao uso responsable do termo ser humano para referirnos á especie humana en xeral, e non o de home como xénero neutro, pois dende a vixilancia do feminismo non o é. En termos de Celia Amorós, as mulleres vindican ser seres humanos “*de verdade*”, porque non o son “*na realidade social*” pola incoherencia do sistema xinocéntrico que as exclúe. O xenérico ser humano debe englobalas (AMORÓS, 1997: 184).

Persoa é un termo socialmente máis honesto que ser humano para referirse a un individuo mergullado nunha sociedade. Esta palabra, é sabido, procede do grego e refírese a máscara ou careta. A máscara social que cada individuo interioriza e chega a esquecer pola imposibilidade de despegala da cara. Sen ela, ¿qué nos quedaría? Seguramente algo semellante ao que lle quedou á protagonista de *Persoa*²⁰ de Ingmar Bergman. O silencio e o illamento social, que pode chegar a incomodar aos individuos que a rodean (e envían lonxe) e aos que trata ou deixa de tratar (a evolución da

generalizados, no concretos”. Seyla Benhabib pretende substituír a universalidade substitutoria pola interactiva. Deste xeito, a súa reformulación da ética do discurso a través do novo tipo de universalismo que propón permítelle “*ampliar este modelo para abarcar los dilemas del multiculturalismo, ya que las culturas nos brindan tanto relatos como prácticas tanto dichas como hechas*” (BENHABIB, 2006: 44).

¹⁹ Trataremos a relación dos dereitos humanos coas mulleres no seguinte capítulo no apartado 2.3.6.

Os dereitos das mulleres.

²⁰ Filme dirixido por Bergman en 1966 e protagonizado por Bibi Andersson, Liv Ullmann, Margaretha Krook e Gunnar Björnstrand.

personaxe da enfermeira que a coida é relevante neste sentido). Nesta obra mestra, o cineasta sueco máis recoñecido centra na pantalla o conflito social dunha individuo que se desprende da súa careta.

Seguindo a lectura que fai Young, entendemos o individuo non dunha maneira agregativa, anterior ao colectivo, senón asociativo, produto de procesos sociais, aínda que sen negarlle a súa liberdade de acción e elección. “*Los individuos deberían ser libres para perseguir su plan de vida a su manera, pero sería necio negar la realidad de los grupos*”, teoriza IrisYoung (2000: 83-84). Polo tanto, a autodesignación das mulleres e a previa revisión dos valores xenéricos para restarlles esa carga heterodesignada polos homes que se apropiaron do xénero neutro é un dos primeiros pasos firmes que debe dar o feminismo.

1.2.6. Un suxeito feminino autodesignado

Profundizamos no tema da heterodesignación, ao rego das lecturas das obras de Celia Amorós e da súa reivindicación do suxeito feminino e feminista. A autora de *Tiempo de Feminismo* denuncia a heterodesignación á que estamos sometidas as mulleres: “*Las mujeres somos un nosotros objeto como conjunto práctico correlativo a las prácticas de heterodesignación de los varones*”(AMORÓS, 1997: 280-281). A partir deste “nosoutras obxecto”, a filósofa pretende, mediante as prácticas emancipatorias do movemento feminista, alcanzar un “nosoutras suxeito”, deixando así atrás a mirada externa totalizadora que verten sobre o xénero feminino os homes. Só dende a posición de suxeito autodesignador se pode cambiar a situación real dos individuos do sistema capitalista patriarcal. Polo tanto, é prioritario alcanzar o status de suxeito para poder participar nun mundo co-deseñado por todo suxeito, feminino e masculino. A autonomía dun individuo está intimamente relacionada coa posesión por parte deste dun espazo crítico- reflexivo. E só os suxeitos teñen capacidade crítica. A historia do feminismo debería abondar para avaliar, xa que logo, o merecido status de suxeito da muller en abstracto, dado que a súa capacidade crítica e reflexiva está de sobra demostrada con este movemento teórico e práctico. A individualidade esixe un pasado histórico, e téndese a asociar a muller coa ahistoricidade. O feminismo ocúpase de darlle unha historia ás mulleres para desfacer esta relación.

Verbo da cuestión do suxeito, a historiadora americana, Joan Wallach Scott, que relaciona o xénero co poder: concretamente, como o campo primario dende o que este

outro se articula, fala de capacidade de acción autónoma racional (OLIVA, 2007: 33). Non se trata de asumir o rol de suxeito masculino da razón, nada máis lonxe, pois o feminismo critica este perfil xenérico, senón de acceder aos privilexios que posúe un individuo coa condición de suxeito, como nomear, enumerar, contar, comunicar, etc. Simone de Beauvoir quería que as mulleres foran coma homes, non no sentido de que foran asimiladas ao rol de suxeito masculino da razón. Referíase, polo contrario, á posibilidade do home de ter un proxecto individual non determinado polo xénero, por ser un varón. Sobre este punto reflexiona Celia Amorós²¹. A pensadora afirma que: “*los espacios de poder están intimamente relacionados con el principio de individuación*” (AMORÓS, 2005: 93). Os varóns institúense en individuos establecendo a reciprocidade de recoñecemento mediante a sinatura de pactos e o establecemento de fraternidades, dos que as mulleres están excluídas, en tanto idénticas e indiscernibles. Amorós explica que os homes son recoñecidos como aqueles que poden poder, fronte ás mulleres, identidade por definición. “*Es el espacio de las indiscernibles porque no hay razón suficiente para que en él se opere la discernibilidad: como no hay nada que tribuere, nada hay que distribuere*” (AMORÓS, 2005: 104).

Asunción Oliva (2007: 21) chama a atención verbo da dificultade de creación dunha nova subxectividade debido á situación de toda teoría inserida no sistema patriarcal. Citando a De Lauretis, a creadora do concepto de transgresión *Queer*, Oliva Portolés (2007: 32 y ss.) advirte do risco de caer na reprodución das narrativas masculinas, mesmo nas teorías feministas, se estas non están alerta.

Fronte á teoría da identidade esencialista ou á de negación da identidade, Nancy Fraser propón como alternativa unha identidade baseada no pragmatismo do discurso. Sinala as identidades como complexas e cambiantes, dado que o discurso muda. Esta teórica feminista insiste en que ninguén se define só por un trazo, xa que todos estamos insertos en cando menos unha dúcia de relacións sociais. O seu exemplo ven a dicir que: “*Nadie es simplemente una mujer; somos, por ejemplo, mujer, blanca, judía, de clase media, filósofa, lesbiana, socialista y madre*” (FRASER, citada por OLIVA, 2007: 53). Con este enfoque evítase a crítica de etnocentrismo ao feminismo branco²², xa que se recoñece a existencia de varios tipos de mulleres, e certifícase a posibilidade de cambio

²¹ Véxase a introdución de AMORÓS, Celia, *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias para las luchas de las mujeres*, Madrid, Cátedra, 2005, p. 44.

²² Profundizaremos neste tema nos apartados 2.3.3. *As voces das outras feministas: Feminismo postcolonial* e 2.3.4. *Obxectivos comúns do feminismo global*

da identidade, que coa advertencia de non reproducir os esquemas patriarcais ou a súa lóxica narrativa, pode materializarse nun suxeito feminino autodesignado de carácter feminista.

1.2.7. *O corpo fala*

Finalizamos este apartado pechando o círculo temático, no que nos adentramos nos anteriores apartados, coa explicación, dende a perspectiva feminista da igualdade, da incidencia no corpo feminino (das mulleres), da lóxica dicotómica patriarcal. O corpo é entendido como “situación”, en sentido existencialista, un “proxecto proxectado”. O corpo da muller non se diferencia do xénero, estamos pois, en expresión de Celia Amorós, dentro dun “*corpo xenerizado*”.

O sociólogo inglés, Anthony Giddens, constata a importancia da incorporación da dominación nos individuos dunha sociedade. Segundo Giddens: “*O consenso moral que fai posible a unidade do todo social incorpora valores “interiorizados” a xeito de disposicións- necesidades da personalidade, asegurando logo certo axuste entre o individuo maila sociedade*” (GIDDENS, 1979, trad. OUTEIRIÑO). É sorprendente a constatación deste feito cando facemos un repaso á educación corporal (relativa á vestimenta, movementos, comunicación non verbal, psicolóxica e semiótica) das mulleres. A ignorancia desta xenerización corporal feminina forma parte do sistema de dominación simbólica que desvela Pierre Bourdieu entre outros teóricos e teóricas. Tamén Foucault en *Vixiar e castigar*, pon de relevancia a incorporación da lei nos corpos. Neste caso a lei fai referencia ao xénero: campo das redes de poder. Os grupos definidos como diferentes, ou outros, polas culturas dominantes, vense pechadas nos seus corpos, e iso, como indica o título deste bloque, está intimamente relacionado co confinamento ao espazo privado das mulleres.

Na Idade Media o *Verum*, o *Bonum* e o *Pulchrum*, propiedades do ente dissociáronse e formaron eidos separados. A verdade e a bondade que permiten o suxeito ético e político, ao cidadán en consecuencia, pasaron a ser exclusivamente masculinas. Mentres que a muller se viu pechada na Beleza: “o sexo belo”, non o ser humano belo (AMORÓS, 1997: 262). A beleza é unha das calidades que máis tende a resaltar a chamada feminidade. Aínda hoxe se piropea a unha muller co berro de “guapa” malia que a felicitación sexa provocada por un éxito de calquera outra índole (académico, social, laboral, etc.). A maneira de camiñar, de boquexar, as cores da vestimenta, o xeito

de cruzar as pernas, etc. está determinada polo sexo do individuo. No noso sistema a beleza é cada vez máis relevante: obter un bo traballo, ligar unha cita ou gañarse unha invitación a un evento poden depender en grande medida do aspecto físico e da linguaxe corporal. Nunha sociedade obsesionada pola mocidade e a beleza, cuns espazos publicitarios copados por marcas de cosmética e clínicas de estética²³ e dietética, as mulleres seguen a ser a icona da beleza, pero agora instaurada nun altar cun maior séquito. A relixión da beleza segue entendendo de sexo, aínda que xa todos poidan formar parte dela: nenos, metro- sexuais, homes, mulleres, avós... O corpo da muller convértese nun obxecto cosificado e proxectado con fantasía dende a mirada masculina. Somos como nos ven. O ritual de engalanarse para aparentar beleza está condicionado polo resultado final que desexamos ofrecer. No caso da muller, o ideal buscado e maquillado non é o feminino de cada muller que se acicala, senón o masculino produto da fantasía. O teórico da arte, John Berger, resúmeo dicindo:

“Los hombres actúan, las mujeres aparecen. Los hombres miran a las mujeres. Las mujeres se contemplan a sí mismas mientras son miradas. Esto determina no sólo la mayoría de las relaciones entre hombre y mujer sino también la relación de las mujeres consigo mismas. El supervisor que lleva la mujer dentro de sí es masculino: la supervisada es femenina. De este modo, se convierte a sí misma en un objeto, y particularmente, en un objeto visual, una visión”
²⁴(BERGER , 2000: 55).

Obviamente analizamos os estereotipos da moral heterosexual. A mirada imperante, a masculina, forma os estereotipos femininos: a muller obxecto de desexo que lle proporciona pracer ao espectador masculino, sen levantar sospeitas no auditorio. O corpo espido da muller é utilizado na publicidade como obxecto de desexo e elemento de atracción visual sen que ninguén máis que as minoritarias asociacións de mulleres ou consumidores responsables²⁵ o denuncien, e a pesares destas actuacións críticas, as reclamacións non soen obter ningunha resposta.

²³ Segundo EL PAIS (20/08/2008): “La sociedad científica más importante del sector, la SECPRE, habla de 400.000 intervenciones -de cirurxía estética en España- y de un incremento de actividad del 8% anual”. As intervencións practícanse nun 80 por cento dos casos a mulleres. En 2007, este tipo de actividades recadou, segundo o responsable da SECPRE, Antonio Porcuna, uns 800 millóns de euros en España.

²⁴ Véxase BERGER, John, “La mujer como objeto sexual en imágenes” en BERGER, John, *Modos de Ver*, Barcelona, Gustavo Gili, 2000.

²⁵ O Observatorio Andaluz de la Publicidad no sexista recolleu 343 denuncias sobre campañas sexistas en 2008, practicamente as mesmas (341) que en 2007.

É un discurso naturalizado, que provén do imaxinario masculino, imaxinario que convén analizar e deconstruír. Un informe do mes de abril de 2006 do Observatori de les Dones en els Mitjans de Comunicació, titulado “El *Porno Chic*, la feminitat com a possessió: La publicitat de Sisley o Dolce & Gabana com a exemples”, analiza a cosificación e fragmentación dos corpos das mulleres no soporte publicitario, un dos escenarios de formación e mantemento dos estereotipos de beleza femininos. Este informe conclúe que os cánones de beleza feminina imperantes se ven inexorablemente ligados ás prácticas vexatorias e de submisión e situados no plano simbólico de significación nun mesmo nivel. Así que o que se supoñía unha práctica transgresora, a utilización do *porno chic* para vencer tabús sociais, convértese nunha forma encuberta de: “*Reproducir ideas retrógradas que no dejan de perpetuar una idea de poder o dominio de la masculinidad o virilidad, de una manera vertical y unidireccional de dominio sobre las mujeres*”, como di a estudosa Esquirol (2006: 4). As mulleres aínda levan no bolso ese obxecto que na arte renacentista tiña a función de que estas accederan a tratarse a si mesmas principalmente como un espectáculo: o espello que lle devolve o reflexo da mirada masculina. O espectador suponse maioritariamente masculino de aí que as figuras que adornan os cadros e os anuncios sexan mulleres.

O uniforme, esa vestimenta que xorde co propósito de ocultar o corpo do xuíz, monxe ou miliciano, para non desviar a atención do seu papel social, convértese na actualidade nunha prenda que cosifica ás mulleres. As azafatas dos concursos televisivos –a lotería é un claro exemplo- van enfundadas en prendas axustadas, que teñen unha función totalmente contraria á do uniforme orixinal. Hai unha grande diferenza entre a función e forma dos uniformes masculinos e os femininos. Fai tan só uns anos logrouse como un mérito festexado nos telexornais de todo o Estado que un famoso modisto galego deseñara os uniformes dunha compañía aérea estatal incorporando os pantalóns para as mulleres. Cando esta prenda significou para o sexo feminino a obtención simbólica da liberdade trala Revolución Francesa. Máis aló dos uniformes, a vestimenta diaria de cada cultura difire se o individuo que a leva é home ou muller, como tamén cambia segundo a idade, clase social e outras variables. As mulleres árabes portan un velo que oculta os seus cabelos, algunhas pertencentes a culturas fundamentalistas vense pechadas nunha burka e outras aínda enfundan os seus pes en ríxidos ou excesivamente altos zapatos. Cada cultura despraza a súa idea de pudor a unha parte do corpo, ou á súa totalidade. O actual proceso de desinhibición corporal non é simétrica para ambos os dous sexos. As mulleres cosifícanse

converténdose en obxecto de desexo masculino, con graves consecuencias sociais e persoais para este colectivo xenérico. É necesario denunciar estas prácticas para cambialas. O feminismo reclama un escenario onde as mulleres poida ser elas mesmas, e non o que elas cren ou saben que os homes queren que sexan. Reclama un espazo no que as mulleres poidan vivir en liberdade, dado que ser muller é unha maneira de estar, igual que ser home é outra maneira de estar no espazo. Ser é estar dun modo, e non determinado, senón escollido por unha mesma, ou un mesmo.

O feminismo é unha ferramenta magnífica para tomar conciencia desta situación e buscar medios para non padecela polo mero feito de ser muller nesta sociedade. Así o cre Alicia H. Puleo quen afirma:

“El feminismo nos permite tomar conciencia de las condiciones sociales en las que las mujeres accedemos a la sexualidad (...) La gran ventaja de una chica con conciencia feminista sobre otra que no ha tenido oportunidad de adquirirla es tener una visión más clara y perspicaz, menos ingenua, del estatus del grupo de sexo-género al que pertenece y de la instrumentalización a la que probablemente se la pretenda someter y que no esté dispuesta a admitir” (PULEO, 2006: 107- 108).

As feministas temos, logo, maiores posibilidades de ser respectadas e como di Puleo de obter *“relaciones afectivo- sexuales mucho más satisfactorias en todos los sentidos.”* Concordamos con esta filósofa que non debemos negar os beneficios dunha época polo feito de que haxa outros moitos prexuízos, o que si debemos é eliminar os elementos negativos e manter os positivos. Noutras palabras: *“no vivimos en épocas de ascetismo sino de invitación al goce. Pero no creo que debemos rechazar la conquista de la libertad sexual por más alienada que nos parezca la forma en que se esté dando”* (PULEO, 2006: 107).

O problema é o enfoque que se lle dá á liberación sexual, e este ten unha causa obvia, a mirada é exclusivamente masculina. Cambiar a óptica implicará unha revolución en todos os aspectos. Apelamos á creación do suxeito independente e libre en canto a todas as facetas da súa vida: vestimenta, sexualidade, comunicación verbal e non verbal, creación, educación, laboral, política, económica, etc.

1.3. Gardas das palabras, correctoras do dicionario materno.

1.3.1. *¿Ónde están as mulleres?*²⁶

Coa intención de desfacer o paradoxo que pecha a dominación masculina: sistema que reproduce o propio dominado porque ignora a existencia deste sistema e a súa pertenza e participación no mesmo, mergullámonos nunha análise das institucións, espazos de reprodución do *statu quo*. Comezamos cunha crítica á democracia liberal. O liberalismo é a un tempo elemento inspirador e branco de críticas predilecto do feminismo. A exclusión das mulleres no dereito de voto e as zancadelas impostas ao sexo feminino para acceder a un posto de representación política entran en contradición cos principios democráticos aos que apela o liberalismo democrático. O sistema liberal, na teoría, permite o cambio, de xeito que as críticas feministas de perfeccionamento da democracia liberal o que fan é fortalecer o sistema democrático e convertelo nun modelo máis igualitario e xusto. E se ben, o cambio devén da política, os ideais filosóficos son os que lle dan pulo á vontade xeral de revolucionar un sistema (YOUNG, 2000: 426-427). Así, os ideais feministas móstranse como pertinentes e necesarios para unha maior democratización da sociedade.

Presentamos, a modo orientativo e sen pretensións estatísticas, a participación das mulleres na política internacional. A solución no momento actual pasa sen dúbida por un conxunto de políticas de acción positiva das que o sistema de cotas de representación é a máis coñecida. Non con vontade de resarcir dunha débeda histórica, xa que este motivo só podería carretar xenreira e sentimentos derivados da insá vinganza, senón coa intención de establecer unha plataforma igualitaria na actualidade. Despois da análise crítica desde a perspectiva feminista da igualdade á institución estatal, faremos fincapé na educación e no fogar, onde é reclamada a corresponsabilidade análoga na esfera privada ás cotas de participación das mulleres na esfera pública.

1.3.2. *O trampolín das cotas para a reelección dos postos no taboleiro*

Pierre Bourdieu bautizou o seu ensaio feminista co suxerente título da

²⁶ Obviamente estamos a parafrasear a Simone de Beauvoir no comezo do *Segundo Sexo*.

Dominación masculina coa fin de visibilizar esta práctica que pasa desapercibida na sociedade, de aí o seu potencial. O sociólogo francés define esta forma de opresión como:

“Una construcción social arbitraria de lo biológico y en especial del cuerpo (masculino y femenino), de las costumbres y de sus funciones, en particular de reproducción biológica, que proporciona un fundamento aparentemente natural a la visión androcéntrica de la división sexual del trabajo, y a partir de ahí, de todo el cosmos” (BOURDIEU, 2000, 37).

As institucións xogan un importante papel na conservación da orde do dominador e neste caso da dominación masculina, pois o sistema actual está elaborado e custodiado por homes. O éxito desta fórmula radica en que o dominado se converte á súa vez en vixía e opresor dos seus compañeiros de suplicios. As mulleres reproducen o canon de violencia social contra as mulleres, na maioría dos casos sen ser conscientes disto. A dominación masculina é un sistema de dominación que se apoia no inconsciente colectivo do pobo e no subconsciente de cada individuo, home ou muller. Os principais instrumentos deste tipo de dominación son os ritos sociais. A continuación, centrarémonos nos actuais, malia que tamén faremos breves pero necesarias referencias contextuais ao pasado e ao ingreso nas institucións, que teñen un papel excepcional polo seu carácter solemne e extraordinario.

A sociedade actual caracterízase por unha relación coa relixión totalmente diferente á de hai 25 anos. O Estado, así mesmo, coa entrada na Unión Europea e a fase actual –de integración nunha identidade comunitaria mediante a redacción dunha Constitución Europea- presenta cambios relevantes que modifican a súa relación cos individuos. A crise do Estado de Benestar, o crecemento da exportación do xigante asiático e a loita entre Estados Unidos e Europa para facerse co primeiro lugar económico mundial, xunto coa crise pola carencia de materias primas, fundamentalmente de petróleo, e o auxe do enfrontamento Cristián- Musulmán, etc. fan necesaria unha reformulación da influencia das institucións no individuo e sobre todo nas mulleres, tema que nos ocupa.

Por outra banda, a principal institución, a familia tamén sufriu importantes cambios ou revolucións, nos últimos anos. As familias monoparentais de mulleres soas, parellas *gais* ou lesbianas, novos/as que comparten vivenda e gastos con amigos, etc. modifican a estrutura social e a educación dos individuos. As mulleres, as eternamente

excluídas destes pactos, dado que carecerían dos atributos necesarios –carencia arbitraria e imposta pola heterodesignación de calidades e valores atribuídos a cada sexo- xénero- reivindicando un posto no terreo de xogo: saltamos do graderío e vestimos de ser humano.

Facemos unha chamada á elección e reelección (non reasignación) de funcións, para o que as cotas, entre outras políticas de acción positiva son unha medida temporal necesaria, sempre despois dunha deconstrución e resignificación teóricas dos elementos e valores. Nun mundo ideal, onde a participación paritaria de todos os individuos estivese garantida, o sistema de cotas constituiría unha ferramenta de desigualdade, pero, para a nosa desilusión e pesar, non vivimos nun mundo onde a igualdade de dereitos e oportunidades estea garantida. A situación da que partimos caracterízase pola desigualdade real e formal das mulleres fronte aos homes, fundamentalmente na esfera pública á que comezan a acceder timidamente co hándicap de superar as barreiras horarias, de incompatibilidade coas tarefas domésticas das que non se liberan, etc. Nesta situación son necesarios mecanismos de equilibrio que sitúen ás mulleres nunha posición máis próxima aos homes para poder optar a un dos postos de traballo que escollan. O sistema de cotas é o máis efectivo dos coñecidos e probados ata o momento. Non en troques, a súa aplicación resístese na grande maioría dos eidos públicos, e en varios casos cando consegue implantarse faino de maneira superficial.

O caso do goberno español foi anunciado en todas as publicacións como un logro da democracia paritaria. As contas da fotografía oficial están claras: 6 ministros e 6 ministras. Sen embargo, case ninguén se para a contar o número de secretarías de Estado (22, 6 por cento segundo datos do INE 2008), delegadas do goberno (10,5 por cento), embaixadoras no estranxeiro (6,9 por cento). E, sen dúbida, os Estados van moito máis alá das fotografías oficiais na entrada da Moncloa. Neste caso o executivo suspende. Porque tamén hai que ter en conta a existencia do que non sae na fotografía.

A relixión é a institución na que se aprecian con maior claridade os ritos de inicio e permanencia: o bautizo, a primeira comunión, o casamento, o soterramento, o aniversario... Se analizamos o casamento, sen pretensión totalizadora, pois é un campo de análise moi extenso, veremos como aínda arestora se manteñen os principais elementos de sexismo. A noiva viste de branco para connotar a súa pureza e virxinalidade, dous dos valores das mulleres na sociedade patriarcal, o padriño (sempre un home con poder na familia) entrega a noiva no altar ao seu futuro marido, agora ela será a esposa ou a muller, ata ese momento fora a filla de, dende ese momento será a

muller de. As mulleres non posúen un espazo de liberdade, pois sempre viven baixo a tutela dun varón. As arras que aínda se entregan simbolicamente, xa que un día tiveron poder real e cuantificable, significan a “venta” da muller, o diñeiro que asegura que a traten ben no seu novo fogar, o seu seguro. E o rito de atravesar o aro da porta do novo fogar coa noiva no colo é unha clara escenificación do “rapto”.

Os ritos relixiosos descritos son os que pertencen ao casamento católico, unha das prácticas máis estendidas en Occidente. Cada cultura ten uns ritos relixiosos se ben, aínda que en diferentes medidas, todos comparten o sexismo como trazo fundamental, pois o matrimonio cumpre unha función fundamental de conservación da orde establecida. Os casamentos celebrados en Arabia Saudí son outro exemplo de ritual sexista. Estas cerimoniais duran tres días e celébranse en dous salóns separados, un para cada sexo. O noivo pode entrar a saudar as convidadas femininas, sen embargo, a noiva ten prohibido facer o propio, non pode falar cos homes asistentes á cerimonia.

Existen ritos de acceso á vida política ou ao espazo público que exclúen ás mulleres. Coa consecución do dereito ao voto, as mulleres fóronse metendo no sistema político ata chegar a presidir gobernos. Pero a incorporación dista moito de ser paritaria. Por dar só un dato, dos preto de 200 países do mundo, só 13 están gobernados por unha muller. No poder lexislativo as cifras non son máis alentadoras que no executivo. Segundo datos da Unión Interparlamentaria (UIP) a fins de 2005, as mulleres parlamentarias no mundo representaban o 16,1 por cento do total. No caso europeo, dos 732 membros do Parlamento Europeo, só 221 son mulleres. O INE 2008 sinala que as parlamentarias do PE son o 30, 7 por cento. Seguindo coas porcentaxes, no continente americano, son o 18,3 por cento, sendo as de maior representación Cuba e Costa Rica, quen se sitúan á cabeza, con 36 por cento e o 35,1 por cento, respectivamente. Na África Subsahariana ocupan o 16,2 por cento dos escanos parlamentarios e en Asia alcanzan o 15,8 por cento, na área do Pacífico, e o 8,2 por cento nos países árabes. En España, a porcentaxe de mulleres parlamentarias ascende ao 36 por cento (INE 2008). Aínda moi por debaixo da igualdade, o que resulta máis curioso se lembramos a actual circunstancia executiva do consello de ministros/as paritario e a aprobación dunha lei marco de xénero²⁷, moi avanzada na teoría.

Malia que a cifra de alcaldesas aumenta, as responsables de concellos só representan arredor do 14, 6 por cento do total das alcaldías. A cifra ascende a 41, 1 por

²⁷ Referímonos á Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.

cento nos parlamentos autonómicos e o 36 por cento no congreso; e baixa ata o 25 por cento do senado. A presenza dun 45,05 por cento de mulleres no poder xudicial non garante a súa elección para o Tribunal Supremo, onde estas só representan o 7,4 por cento dos maxistrados. Só hai dúas mulleres dun total de doce maxistrados no Tribunal Constitucional e, paradoxalmente, unha delas²⁸ presídeo. A porcentaxe non acada o 10 por cento se se refire á presenza nos órganos constitucionais españois. O caso das comisarias europeas é pouco máis alentador con 5 mulleres nun total de 20 comisarios. Unha cifra semellante ao 22,1 por cento de media de parlamentarias europeas (UE- 27).

No caso da educación, un dato que non se explica á vista do número de estudantes universitarias españolas (54 por cento en centros públicos e 50 por cento en centros privados segundo o informe do INE 2006), é a minoría, ascendente a media que aumenta a categoría, de mulleres na docencia. Do total de profesores/as do Estado, só un 34,2 por cento son mulleres, e do total das cátedras só o 14 por cento están ocupadas por mulleres (INE 2006, 2008).

Os datos do INE relativos ao paro revelan que as mulleres seguen a ser as principais desfavorecidas no acceso ao eido laboral remunerado, pois as mulleres están dende as orixes da historia na esfera laboral, pero no invisible por non remunerado nin recoñecido malia á capital importancia que ten para o mantemento e bo funcionamento da esfera pública e na economía somerxida, a non contabilizada en cifras oficiais, a pesar de que ten unha contrapartida económica en forma de soldo en negro. Se falamos en termos patriarcais do mercado laboral: o 12,66 por cento dos parados son mulleres, fronte ao 10,32, segundo datos do terceiro trimestre de 2008. Este dato non se comprende se non é ao rego da exclusión das mulleres do espazo público, pois a cifra de individuos de ambos os dous sexos na idade laboral é moi semellante, e a formación hoxe en día tamén. Os contratos a tempo parcial son unha realidade feminina: o 78 por cento dos contratos deste tipo están asinados por mulleres, quen teñen que compatibilizar a xornada doméstica coa laboral. Esta é unha solución politicamente correcta pero prexudicial para os intereses das mulleres que así ven como os postos de responsabilidade se afastan das súas posibilidades. Nun congreso de política de xénero de 2005 escoitei a unha parlamentaria galega comentando que cando tiña que ir recoller os fillos á escola e facer o xantar para a familia na casa, os seus compañeiros

²⁸ Trátase da monfortina María Emilia Casas Baamonde, Catedrática de Dereito do Traballo. A outra xuíza é a Catedrática granadina de Derecho Internacional Privado, Elisa Pérez Vera. Debemos resaltar que só tres dos dez maxistrados masculinos son catedráticos fronte á totalidade das mulleres escollidas para o TC.

parlamentarios quedaban comentando as ideas que saírían no próximo pleno a debate. Ela sentíase excluída dese colegueo pola súa condición de muller e nai. A xornada parcial permite tempo para estar coa familia pero resta posibilidades de ascenso e mellor remuneración e recoñecemento.

As mulleres ocúpanse fundamentalmente de actividades de servizos e administración; sectores onde adquiren a paridade de postos de traballo aínda que non de remuneración. A igual traballo as mulleres cobran ata un 35 por cento menos (dato concreto do caso de dirección de empresa). A media da diferenza salarial está en torno aos 400 euros mensuais menos. Por se fóra pouco, só dúas mulleres presiden unha empresa do total das 37 do IBEX 35. Os datos visibilizan unha preocupante desigualdade en todos os eidos da esfera pública.

1.3.3. Os biberóns de dominación masculina

Para entender os datos do acceso das mulleres ao eido laboral resulta necesario acudir ás institucións da formación e a educación. Pasaron xa 247 anos dende que *O Emilio* de Jean-Jacques Rousseau saíra do prelo en 1762. A pesares de que os principios de educación feminina no son tan diferentes aos da educación masculina como entre Sofía e Emilio, segue habendo diferenzas importantes que condicionan a futura elección e/ou acceso aos estudos superiores e a través deles da ocupación laboral.

“Nunca se empieza dando la batalla política de frente, sino a través de discursos reformadores que resuenan con los mismos acordes, con la misma música; no se podrá reformar nuestra sociedad si no cambiamos la educación de las mujeres.” (AMORÓS, 2007c : 237).

A educación das mulleres é a garantía do mantemento dun ou outro sistema social e dunha ou outra cultura. Implica moito máis que a formación da metade da humanidade, pois xa que elas son as que educan os/as fillos/as, a cifra de afectados/as pola educación das mulleres dóbrase, e pasa a abranguer a totalidade do xénero humano. É urxente profundizar no aspecto da transmisión das reconceptualizacións. Baseándonos na lóxica de socialización da dominación masculina, onde as mulleres –no seu papel de educadoras e coidadoras de novos seres humanos- transmiten os valores que internalizan as xeracións posteriores. Analizamos os procesos de transmisión para asegurarnos de que a reconceptualización non queda en teorías e ensaios sen aplicación práctica real.

Na actualidade, os obxectivos de igualdade no eido educativo aínda non están conseguidos, próboao a existencia de organizacións feministas que velan pola integración plena das mulleres á escola e conseguintemente ao traballo. Os índices de escolarización de nenos y nenas xa se equipararon en sociedades como a española, malia que non ocorre así en todo o planeta. Sen embargo, seguen existindo diferenzas sexuais na elección dos estudos medios e superiores. As mulleres que acceden aos diferentes módulos de Formación Profesional (FP) son menos que os homes. Segundo datos do INE de 2006, as mulleres matriculadas en centros públicos de FP ascende ao 45 por cento do total, e sobre dúas décimas se se trata de centros privados. O caso das carreiras técnicas é máis evidente, nesta póla de estudos universitarios as mulleres só representan o 28 por cento do total logo dun notable ascenso na última década.

Pero o eido escolar non é único escenario de educación. O fogar dos nenos/ nenas é tamén un escenario fundamental onde reciben a súa educación. A educación é corresponsabilidade dos titores dos/as nenos/as: os pais e nais e os profesores e as profesoras. Un maior nivel cultural dálle pulo ao desexo das mulleres de incorporarse ao mercado laboral²⁹. A existencia dos electrodomésticos, aparatos eléctricos que experimentaron un *boom* coincidindo coa volta dos soldados americanos do fronte da Guerra Mundial, co propósito de contentar as mulleres ás que se lles relegaba de novo ao seu status de anxo de fogar, facilitan as tarefas domésticas deixándolle tempo libre ás amas de casa, o que facilita á saída á esfera pública.

Por outra banda, o aumento dos divorcios e a diminución dos matrimonios, co conseguinte número de familias monoparentais dirixidas por nais soas, solteiras ou divorciadas, provoca a situación da saída ao eido laboral para conseguir un salario, cada vez máis necesario nos países de PIB alto, alí onde os bens necesarios son máis subxectivos. Outro factor que impulsa a saída das mulleres do fogar é o cambio social que retarda a idade de matrimonio ou o elide no caso de moitas mulleres, como tamén a idade máis avanzada das maternidades, menos frecuentes. A consecuencia son as políticas sociais de natalidade dos gobernos que se ven sen descendencia que manteña a evolución da súa pirámide poboacional. Neste século, xa non serve mandar as mulleres aos seus fogares a exercer de amas de casa abnegadas e meritorias. As políticas dos concellos, pola contra, incentivan a conciliación das vidas laboral e privada das parellas,

²⁹ Existen unha xeira de motivos que facultaron a entrada das mulleres ao ámbito laboral: o incremento da escolarización das nenas, a modernización das sociedades, etc. pero tamén as crises nos sistemas político-sociais, as políticas de axuste estrutural do FMI, o incremento do consumo nas sociedades occidentais, etc.

fundamentalmente dos membros do sexo feminino. A profesora francesa, Yvonne Knibiehler, estudosa do tema enumera os diferentes tipos de medidas gobernamentais:

“Las soluciones varían. Los países del norte de Europa, individualistas, dan preferencia a los derechos del niño: desarrollan tanto guarderías colectivas como permisos pagados para los padres -y no sólo para las madres. Los países del sur protegen a la familia y cuentan con la solidaridad entre las generaciones. En Gran Bretaña y Alemania, el trabajo de las jóvenes madres sigue estando muy mal visto. En Francia, el estado esbozó una "política del niño" a principios de los años 80, pero la consideró después demasiado costosa; actualmente está experimentando con subsidios pensados para que los jóvenes padres (en realidad, las madres) se queden en casa, o contraten a niñeras.” (KNIBIEHLER, 1999).

A situación actual require que os pais e as nais compartan a educación dos/as infantés/as e para iso é necesario que compartan as responsabilidades domésticas para crear un entorno san onde o neno/a teña un lugar de identificación sólido e uns referentes non sexistas. Así o explica a profesora emérita colaboradora da revista do ministerio de asuntos exteriores, *Label France*:

“Pero la recomposición de la vida privada no depende tan sólo de medidas gubernamentales. Los padres están empezando a lamentar el estar demasiado a menudo separados de sus hijos. Las madres cansadas les invitan a repartir mejor los cuidados y la educación infantiles. Recientes estudios de antropología, sociología y psicología tienden a rehabilitar las tareas domésticas, revelando su dimensión educativa y estructuradora” (KNIBIEHLER, 1999).

1.3.4 Corresponsabilidade no espazo privado

Parece oportuno que a un apartado de transmisión/educación de futuros cidadáns e cidadás lle siga un de corresponsabilidade. Se as mulleres acceden aos postos de traballo, situación anteriormente vetada a elas e de dominio exclusivo dos homes, tamén se fai necesaria unha correspondencia desta actuación, á inversa, pola banda dos homes. Neste capítulo dáse conta das actuacións necesarias para evitar o sometemento temporal das mulleres. Profundizamos, pois, nunha análise do mercado laboral e as obrigas ou deberes das mulleres, co obxectivo de equilibrar a balanza dereitos- deberes, antano moi descompensada cara ao lado das tarefas domésticas.

A profesora da Universidade Autónoma de Barcelona, Teresa Torns³⁰, critica a mala tradución do termo inglés reconciliar que se converte no “conciliar” español, perdendo o re- por algures, ao que se apela na sociedade para manter os privilexios que brinda o Estado de benestar. A conciliación non é unha estratexia de igualdade se previamente non se establecen unhas políticas de tempo previas ás políticas de conciliación e se non se efectúa unha revisión do contrato social entre os homes e as mulleres. O gran problema das mulleres é que non figuran ao longo da historia do patriarcado como asinantes de ningún pacto, xa que os pactos son entre homes. As mulleres exercen de testemuñas ou de madriñas –ademais de ser o obxecto dos pactos-, pero nunca como suxeito de tratos na historia das nosas sociedades. A feminista da igualdade, Celia Amorós, denuncia o estatuto subordinado das mulleres que se explica coa definición do contrato sexual, que titula a célebre obra de Carole Pateman. *“El contrato sexual es, en primer lugar, un pacto entre varones (...) por el cual consensúan el acceso a las mujeres de acuerdo con reglas de distribución ordenada; estas reglas (...) determinan que las mujeres, objeto transaccional de los pactos varones, lo suscriban”*(AMORÓS, 1997: 273). Amorós apela á necesidade de crear redes de pactos entre mulleres para solucionar o problema da exclusión dos contratos e pasar así da historia do patriarcado á historia feminista. A solidariedade entre as mulleres é unha necesidade para a constitución de redes de poder femininas, xa que o poder o teñen os grupos e non os individuos. De aí o problema da intransitividade do poder feminino sobre o que chama a atención Celia Amorós, o que dificulta que repercuta de modo positivo que unha muller estea no poder se non pode darlle a alternativa a outras.

Preséntase a autoconciencia feminista como solución a este hándicap das mulleres que acceden ao mundo laboral masculino ata hai ben pouco tempo. *“La rivalidad entre mujeres y el placer que algunas han encontrado en desmarcarse de su colectivo como excepciones que nada le deben a otras mujeres no es compatible con la comprensión de la necesidad de unirse para superar la situación subalterna del grupo”*, afirma Puleo (2006: 110). O problema da insolidariedade feminina non é a única dificultade do acceso á esfera pública por parte das mulleres. Puleo (2006: 110) enumera outros problemas frecuentes: a falta de experiencia no poder, a ocupación de postos precarios que dificultan a transmisión das cotas de poder alcanzadas e a

³⁰ Intervención nunha mesa redonda organizada no CERC (Centre de Estudis i Recerca Català) en 2005 polas responsables do Proxecto europeo MAGEEC (Mainstreaming Gender Equality in Europe) en España: María Bustelo e Emanuela Lombardo da Facultade de Ciencias Políticas da UAM.

sobrecarga de traballo coas dobres e triplas xornadas. Pero o futuro preséntase susceptible de melloras. A solución sempre pasa porque as mulleres tomen conciencia da súa situación e se agrupen para solucionar os problemas comúns con mellores ferramentas e máis forzas. É dicir, a solución pasa pola loita feminista teórica e activa.

1.3.5. *As mulleres no Estado de Benestar: A cidade global*

Máis aló dos datos hai unha realidade política e social que convén analizar para entender a situación das mulleres na sociedade contemporánea. “*Un análisis de género de la globalización es una tarea ineludible en orden a elaborar la agenda global del feminismo*”, así resume Amorós (2005: 303) a primeira tarefa da investigación feminista contemporánea. O sistema político imperante é relevante para as mulleres e polo tanto obxecto de análise do feminismo. Hai diferenza de criterios para nomear o sistema político no que vivimos ou cara ao que camiñamos na actualidade en Occidente. Xa non se pode falar de Estados illadamente, pois a globalización é unha realidade, onde Amorós apela ao trazado dos fíos rosas. Con esta metáfora chama ao estudo crítico feminista da realidade política occidental, e por extensión mundial.

O Estado de Benestar está atravesando unha grave crise no proceso de transformación a outro tipo de organización política, máis privatizada e con titulares económicos, non políticos, que non atenden a bandeiras e nacionalidades, senón ao valor de cambio do euro- dólar ou, ao que é o mesmo, ao prezo do barril de brendt. As mulleres teñen unha estreita relación co Estado de Benestar: como máximas beneficiarias en tanto “*gardas da esfera privada*”, un equivalente ao “*anxo do fogar*”. A globalización neoliberal caracterízase polo adelgazamento ou desaparición do Estado de Benestar e co paso do patriarcado público ao patriarcado privado, sistema no que tamén as mulleres xogan un papel fundamental, pero tampouco como beneficiarias senón como vítimas das sobrecarga de tarefas para paliar o déficit estatal de servizos públicos. É común escoitar expresións como a feminización da pobreza, a feminización da emigración, etc.

A globalización aséntase nos cementos da política liberal, ou máis propiamente da neoliberal. Anne Phillips, profesora de Teoría de Xénero no Gender Institute da London School of Economics and Political Science, sinala o papel antagónico do liberalismo e o feminismo.

“El liberalismo puede reivindicar su papel en el desarrollo histórico de la tradición feminista y disfrutar, en la actualidad, de su doble legado de ser uno de los elementos inspiradores originales de dicha tradición, así como uno de los blancos predilectos de sus críticas. Sin embargo, y a diferencia del liberalismo, la democracia liberal no nos sirve de inspiración” (PHILLIPS en CASTELLS, 1996: 79).

Anne Phillips non ve incoherencia co liberalismo en que as mulleres solucionen as cuestións de discriminación de xénero das que adoce o sistema político neoliberal sen preocuparse de que o produto obtido destas correccións non sexa unha democracia liberal, pois a filosofía do liberalismo permite o cambio. O sistema político liberal é unha concepción filosófico política que se sustenta nas pilastras da igualdade formal de dereitos para os cidadáns e as cidadás. O liberalismo é, pola contra, unha ideoloxía lexitimadora do capitalismo, sistema incoherente cos principios democráticos que defende o sistema político liberal. A incoherencia é manifesta.

Ao interrelacionar os principais postulados das teorías do liberalismo e o feminismo atopamos unha serie de problemáticas. As tres principais incoherencias que xorden da posta en relación xa foron examinadas neste texto. Trátase do acceso á cidadanía (cos datos estatísticos da participación das mulleres nos principais organismos públicos), división sexual do traballo (espazos público e privado, xornadas parciais, salarios inferiores, etc.), acceso á política (o sistema de cotas entre as políticas de acción positiva, etc.) As formas de participación política máis igualitaria son o voto e o seguimento das campañas electorais. Como indica Phillips estas son actividades que non precisan de moito tempo e que polo tanto deben estar ao alcance de todo individuo.

O movemento feminista caracterízase pola súa forma de agrupación solidaria, sen xerarquías, nin ordes preestablecidas, coa participación persoal como lema. É célebre a frase de Simone de Beauvoir (citada en AMORÓS, 2005: 68): *“El feminismo consiste en vivir individualmente y luchar colectivamente”*. Este tipo de organización serve de precedente ao movemento antiglobalización, do que varias redes feministas forman parte activa, porque existe una política mundial invisible que afecta a todas as mulleres nos seus entornos máis íntimos.

Vandana Shiva, a directora do Research Foundation for Science, Technology and Natural Resource Policy da India, anuncia como obxectivo do ecofeminismo, unha das pólas máis implicada coa antiglobalización dentro do feminismo, visibilizar esas políticas de opresión sexual invisibles.

“Uno es el objetivo de hacer visibles los “otros” procesos globales que se están volviendo cada vez más invisibles con la progresiva consolidación de un nuevo orden mundial basado en el control de las personas y los recursos a escala planetaria en aras de la acumulación de capital”
(SHIVA y MIES,1997: 8)

Esa nova orde, a globalización, escraviza dobremente as mulleres, primeiro, e como extensión da política liberal, exclúeas da esfera pública, aumentando o carácter de inferioridade pois o escenario ao que non pode acceder é agora de dimensións mundiais e, segundo, relégaas dos seus deberes, heterodesginados, no espazo privado. A globalización é unha orde de inxerencia na intimidade das persoas, cos medios de comunicación masiva educa aos máis novos que outrora mamaban unha cultura determinada, a dos/as seus/súas proxenitores/as. O local é convertido nun *“micro ambiente de alcance global”* en expresión de Saskia Sassen, a socióloga da Universidade de Chicago que anuncia a disolución das fronteiras estatais en pro dunha cidade global. Sassen (2003: 41) pon de manifesto o aumento da presenza das mulleres nos circuitos transfronteirizos. Segundo Sassen as migrantes son unha das principais actoras, xunto cos traficantes, contratistas e gobernos, dos circuitos transfronteirizos. Todos/as eles/elas xeran beneficios ao sistema. O feminino asóciase ao negativo, a feminización de varios eidos, pois, implica o seu empeoramento, dende a óptica patriarcal. Sassen (2003: 45) ao usar o concepto de *“feminización da supervivencia”* refírese ao feito de que a economía doméstica e os gobernos dependen das mulleres.

A feminización do traballo é un termo utilizado para poñer de manifesto as consecuencias para a man de obra da política económica neoliberal. O proceso de desterritorialización prexudica a man de obra, cando esta se viu obrigada a emigrar, ou cando sufriu o desarraigo polo deterioro do tecido social (AMORÓS, 2007d: 321). Utilízase o termo para referirnos aos tipos de contratos en precario, ás tarefas pouco valoradas que caracterizan o actual mercado laboral, situación provocada polo auxe da globalización. Naomi Klein analiza en *No Logo* os novos tipos de postos de traballo que seguen o patrón do restaurante de comida rápida McDonald's.

Para a lectura feminista da globalización temos que centrarnos en lugares estratéxicos. Saskia Sassen (2003: 69) sinala fundamentalmente dous: a plasmación estratéxica dos roles de xénero e a economía global. Esta autora resalta o xénero como un nexos estratéxico no desenvolvemento. Na actualidade, vivimos a terceira fase no

xénero: a formación de coñecemento sobre as mulleres e a economía global. O salario familiar asociado ao Estado de Benestar foi substituído polo traballo das mulleres inmigrantes. A ruptura cultural vese provocada e lexitimada pola falta de poder de negociación que facultan os baixos salarios froito da alta demanda de postos de traballo.

A socióloga destaca a informalización da comunidade e o fogar que agora son situados como lugares económicos importantes, malia á desvalorización que seguen a sufrir as actividades asociadas a estes espazos. *“Se trata de un espacio en el que las mujeres pueden ganar cierta visibilidad como sujetos y como actores colectivos, salir de la invisibilidad que acarrea la pertenencia agregada a un Estado-nación”* (SASSEN, 2003: 85).

Se ben é certo que aumenta o acceso das mulleres aos postos de traballo, os empregos que éstas copan son maioritariamente precarios, en xornadas parciais e flexibles, xerarquicamente inferiores, desvalorizados, a domicilio, con salarios baixos, etc. A consecuencia é a chamada feminización da pobreza, que analizaremos no seguinte capítulo. O imperialismo cultural, sinalado por Young como unha das cinco caras da opresión que afecta ás mulleres como grupo social, goza de boa saúde. Como afirma Herbert I Shiller: *“Ainda non pasou a era imperialista”*.

“O imperialismo, concibido a xeito de sistema de control explotador de xente e recursos, anda vivo e vizoso. Á vez, a oposición e resistencia ó imperialismo é moito máis intensa agora do que á fin do século dezanove. A existencia de cento vintecinco nacións novas testemuña o feito de que moitas relacións de dominio pariron. Con todo, aínda hai poderosos medios de control. As máis das nacións africanas, asiáticas e de América Latina seguen a experimenta-lo dominio económico, financeiro e militar” (SHILLER, 1991).

Os eidos económico e cultural non se poden illar no sistema actual. O imperialismo cultural vai sempre acompañado dun imperialismo económico, o sistema capitalista neoliberal, e viceversa. Son as dúas caras da globalización. Neste escenario xorden con forza os movementos sociais, como parte desa oposición e resistencia ao sistema que enuncia Shiller, reivindicando os seus dereitos sociais e uns dereitos especiais para permitir a súa participación completa na sociedade, en termos de Young (2000: 26-27).

É cando a globalización profundiza máis fondamente nas desigualdades económicas, sociais e tamén de xénero, canto maiores son as críticas a este sistema e a oposición por parte dos colectivos sociais desfavorecidos. Os enfrontamentos entre

diferentes comunidades que comparten un espazo ou uns lindes fronteirizos caracterizan o multiculturalismo. Os novos movementos sociais foron particularmente importantes nos EE.UU. na década dos noventa. Fred Halliday establece un corte entre os séculos XX e XXI. Este teórico británico teoriza a crítica dende todos os frontes, incluído o poder, da era imperialista. “*O comezo do novo milenio capitalista veuse, logo, perante grande desafío (...) nas preocupacións do home de Davos pola xente de Seattle, ou nas protestas moi extensas e universalmente espalladas contra o impacto da globalización, estábase a poñer en cuestión a nova era.*” (HALLIDAY, 2002: 445 e ss.). Este mesmo teórico móstrase desconfiado con respecto á diversidade que permite un sistema de hexemonía cultural e tacha a esta diversidade de construída en termos corporativistas, nativistas e esencialistas. A única defensa que o imperialismo permite alegar a un grupo cultural diferente, ao outro, é a súa condición natural. Nada máis lonxe da articulación dunha cultura alternativa que poida desmantelar a hexemonía cultural do titor dos outros.

O concepto de igualdade e a vindicación dos dereitos dos grupos invisibles e diferentes a un tempo –obsérvese o paradoxo ao que é sometido o outro- son instrumentos de loita contra a hexemonía. Para o autor da “Pertinencia do imperialismo”, Fred Halliday, o principal punto de conflito non é o enfrontamento dos valores occidentais e os non occidentais, por definición negativa, tan típica deste sistema imperialista, senón as diferentes interpretacións dos valores da globalización, orixinais de Occidente; e as mulleres neste aspecto móstranse solidarias e loitan nun mesmo fronte: o movemento antiglobalización³¹.

³¹ Este último apartado serve de introdución ao seguinte capítulo, no que afondaremos nas consecuencias da globalización e a situación política actual para as mulleres

2. Feminismo e multiculturalismo: Máximo Común Divisor (MCD)

O segundo capítulo, estruturado, de novo, en tres apartados temáticos, trata a problemática exposta coas teorías do multiculturalismo e a súa relación co feminismo. Comezamos polo dicionario relativo ao multiculturalismo, análogo ao que encabeza o primeiro capítulo. Baixo o título *A artesa das verbas: Multiculturalismo identidade, recoñecemento e cultura* conceptualizamos os termos que manexaremos neste capítulo: multiculturalismo e multiculturalidade, políticas da diferenza, monoculturalismo, relativismo cultural, identidade, cultura, recoñecemento, etc.

O segundo apartado, *Cultura e xénero*, afonda na relación histórica entre as mulleres e a cultura. Antes de mergullarnos na relación do feminismo co multiculturalismo antóllase necesario analizar o concepto de cultura dende diferentes ángulos pero sempre dende unha perspectiva de xénero, para evitar a catalogación de determinadas prácticas discriminatorias e opresivas para as mulleres baixo o concepto de “cultura”. O primeiro epígrafe deste apartado, *¿Que é cultura?*, é unha aproximación ao propio concepto dende a perspectiva política, antropolóxica, etc. completada en *Un vello debate: relativismo cultural vs. Universalismo*. Logo de profundar nas críticas dende o feminismo ao relativismo cultural e ao universalismo, tamén entre as diferentes correntes feministas que se moven nestes marcos teóricos, expoño os usos culturais de maltrato e discriminación das mulleres lexitimados baixo a máscara de cultura. No terceiro epígrafe, *A cultura na globalización. Definición de diversidade cultural* tento facer unha aproximación descritiva á sociedade multicultural. A continuación, presento unha aproximación teórica ao Multiculturalismo e extraio *as consecuencias da globalización para as mulleres*, centrándome fundamentalmente na *feminización da pobreza*, a que lle dedico un apartado. Unha radiografía da situación das mulleres no presente esixe pasarlle os raios x a aspectos como a economía da metade da humanidade e a súa situación en relación ao benestar. Examino o concepto de pobreza, as súas modalidades absoluta e relativa, e observo as relacións económicas das mulleres para comprender a súa situación mundial actual. Entre as solucións máis ensaiadas figuran a *Redistribución e o recoñecemento*, que analizo dende unha perspectiva feminista. *Sobrecarga identidade cultural: feminización da tradición* é o título do epígrafe no que se profunda nas causas estruturais da pobreza e na relación que esta ten coa cultura e co xénero. Revélase a sobrecarga de identidade cultural coa que cargan as mulleres en exclusiva. Este trazo fai sospeitar doutras intencións alén de preservar as culturas. Se a cultura é unha construción patriarcal e a quen realmente lle interesa salvagardala é os homes ¿por que non se preocupan de preservala? Quizais non se trate só de cultura

senón de outras cousas. O citado epígrafe contextualiza no escenario da emigración, e concretamente no suxeito feminino da inmigración, esta teoría da sobrecarga de identidade das mulleres. Exponse a situación do encontro cultural e faise unha análise dende a perspectiva das mulleres inmigrantes para visibilizar a discriminación que sofren as mulleres nas negociacións masculinas (os pactos son entre homes autóctonos e alóctonos) co pretexto cultural como temática central. Revélase que o que se negocia cando se fala de culturas son os dereitos de “oprimir” as mulleres por parte dos homes de ambas culturas encontradas, en contacto. No último epígrafe, *Os dereitos das persoas e dos pobos*, analízanse os dous tipos de dereitos fundamentais (individuais e colectivos) co gallo de dirimir o conflito cultural nunha solución que non prexudique ás mulleres. Os dereitos colectivos poden lesionar os dereitos individuais das persoas. E cando o que se lesionan son os dereitos non só dun conxunto de individuos illados senón de todos os individuos dun xénero, sospeitamos da casualidade desa consecuencia.

No terceiro apartado, *Feminismo global e Multiculturalismo: unha proposta de diálogo*, establece a preferencia da investigación pola ferramenta do diálogo previo ao trazado de pactos entre as mulleres migradas, suxeitos desta análise. No primeiro epígrafe: *Tecendo redes violeta*, preséntanse a importancia do asociacionismo e o trazado de redes. No seguinte epígrafe, *A perspectiva dun feminismo global: Multiculturalismo e feminismo ¿Quen critica a quen?*, argumento a necesidade de crítica bidireccional entre estes dous movementos na medida en que entran en contacto na sociedade globalizada actual. O aumento dos fluxos migratorios pon enriba da mesa do feminismo teórico a necesidade de análise da súa relación co multiculturalismo. Como recollen varias autoras, o feminismo xa se preocupaba pola natureza transcultural do patriarcado dende antes de que se puxera de moda o multiculturalismo. Sen embargo, a situación actual presenta novos retos e fronteiras de reflexión e discusión para a teoría política feminista. Dende a crenza de que é lexítima e necesaria a revisión cultural e intercultural: debemos aceptar as críticas á nosa cultura por parte de voces doutras etnias, e tamén podemos criticar construtivamente os costumes doutras culturas. Neste e no seguinte epígrafe, *As voces das outras feministas: Feminismo poscolonial*, tentounha actitude de diálogo global entre os diferentes feminismos- desmontar a crítica que o multiculturalismo fai ao feminismo de etnocéntrico. A continuación, reflexiónase sobre os *Obxectivos comúns do feminismo global*. En concreto, bosquexase unha sorte de axenda global do feminismo para probar a pertinencia e posibilidade dun diálogo

entre feminismos, que faculte a igualdade sexual na diversidade cultural. O diálogo global está verde aínda, non en troques, os puntos en común da loita contra o patriarcado comezan a ter traza: postura en contra da violencia machista e a globalización, denuncia da minusvaloración de tarefas e valores asociados ás mulleres, loita contra a existencia da vulnerabilidade sexual e reprodutiva, etc.

Os dous últimos epígrafes que pechan o segundo capítulo céntranse na situación concreta das mulleres. *Un multiculturalismo tamén para as mulleres* e *Os dereitos das mulleres* son os títulos abondo explícitos. Certas teses multiculturalistas, dun relativismo cultural exacerbado, predicán que os valores de igualdade, liberdade e solidariedade son occidentais e polo tanto negan o feminismo universal e poñen eivas aos pactos entre mulleres. Nestes apartados desmontamos os tópicos patriarcais e relativistas.

O feminismo da igualdade xorde na Ilustración coa intención de facerlle cumprir a promesa de igualdade para todos os seres humanos ao movemento político-social que nace no século das Luces. As mulleres andaban escasas de candeas na época, o que as relegou á escuridade na esfera pública. Ao longo da súa historia de tres séculos, o feminismo tivo que enfrontarse con varias teorías que malia predicaren avances sociais, sempre deixaron de lado a metade feminina da humanidade. Foron soados os debates co marxismo, o liberalismo, etc. Na actualidade, o reto para as defensoras da universalización da igualdade sen subtexto de xénero pasa polo debate co multiculturalismo, toma de posición normativa ante o fenómeno de diversidade cultural que caracteriza o noso presente. A literatura escrita ata o momento sobre a relación entre ambas as dúas teorías pon de manifesto o enfrontamento radical das defensoras do feminismo da igualdade e dos defensores do multiculturalismo radical. Porque se ben, a priori, o debate entre igualdade e diversidade non implica unha elección, na práctica os planteamentos dos multiculturalistas esconden a defensa de discriminacións de xénero encubertas como prácticas culturais inofensivas que desexan conservar. O feminismo ten a tarefa de desenmascarar as prácticas opresivas para as mulleres, e separalas dos trazos culturais que respectan a dignidade de todos os individuos implicados nos mesmos. Neste bloque de contidos propoñémonos analizar polo miúdo a relación entre feminismo da igualdade e multiculturalismo, situando no centro do debate a condición de igualdade e respecto pola dignidade e integridade física e moral de todos e cada un dos individuos sen prexuízo da súa condición social, sexo, relixión, etnia... e mesmo cultura. A estratexia que empregamos é a do Máximo Común Divisor (M.C.D.),

segundo unha acertada expresión da filósofa Celia Amorós, modo de facer do feminismo, por oposición ao mínimo común múltiplo (m.c.m.) que empregan os defensores do multiculturalismo.

“Ya sabemos en que van a consistir estos mínimos: las mujeres funcionarán, una vez más, como “marcadoras de límites” y se considerará que los límites así estipulados no son negociables. Nosotras, por nuestra parte, deberíamos promover y alentar “ la interpelación intercultural” en todas las direcciones.” (AMORÓS, 2007c: 233).

2.1. A artesa das verbas

2.1.1. Multiculturalismo: identidade, recoñecemento e cultura

Como fixemos no primeiro capítulo, comezaremos o apartado teórico cun dicionario. Deste xeito respectamos a estrutura simétrica do texto e concretamos o significado, para a autora, dos principais termos empregados na teoría do multiculturalismo, corrente ideolóxica contra a que confrontamos o feminismo da igualdade. Comezamos cunha precisión terminolóxica para non caer na polisemia asociada popularmente ao concepto de multiculturalismo: mal empregado para designar tanto a situación de diversidade cultural como as políticas que esta realidade provoca. Utilizaremos o termo multiculturalidade para referirnos á situación sociohistórica de confluencia de grupos de individuos de diferentes culturas de procedencia nun espazo compartido. É dicir, para facer referencia á manifestación da variedade de culturas que interactúan nun mesmo espazo. Por outra banda, entendemos por multiculturalismo, ao rego das lecturas dos textos de María Xosé Agra, Carme Castells, Ramón Máiz, Celia Amorós e outras feministas e politólogas/os, as políticas e teorías que analizan esta situación de multiculturalidade e propoñen teses de coexistencia das diferentes culturas. O politólogo Ramón Máiz defíneo na súa acepción ampla como:

“El conjunto de políticas y arreglos institucionales que, a partir de la consideración no como un hecho, sino como un valor, del pluralismo cultural, religioso y de formas de vida de las sociedades contemporáneas, atienden a las demandas y luchas por el reconocimiento colectivo de los grupos” (MÁIZ, 2003: 447)

Os grupos que reclaman o multiculturalismo son diversos, non se esgotan nas

minorías nacionais, inmigrantes e grupos relixiosos, porque non é unha cuestión de definición obxectiva senón política e cultural, dado que arestora está consensuado que a cultura está indisociablemente ligada á política. Os grupos de lesbianas, gais ou feministas tenden a discriminarse das discusións do multiculturalismo, malia formar parte dos grupos cuxas reclamacións aumentan, en opinión do politólogo galego.

O multiculturalismo adopta nalgúns casos o nome de “políticas da diferenza” ou “políticas de identidade”. Sen embargo, non hai que confundilo co pensamento da diferenza sexual ou feminismo da diferenza. O pensamento da diferenza sexual, en palabras do politólogo Will Kymlicka, refírese aos grupos sociais non étnicos excluídos da maioría da sociedade. O outro, o feminismo, parafraseando a Kymlicka, autor que non distingue entre feminismo da igualdade e da diferenza ao aplicar a súa teoría da política da diferenza ao feminismo en xeral, refírese a un grupo social concreto que pola súa condición de muller foi excluído e marxinado polo núcleo masculino da sociedade, é dicir polos homes. Se ben, o feminismo da diferenza se caracteriza pola súa solidariedade con outros grupos oprimidos e polas simpatías teóricas coas minorías ecoloxistas, naturistas, etc. céntrase no grupo concreto das mulleres que reivindican un certo esencialismo³².

Hai varios tipos de multiculturalismos: moderados e radicais, particularistas ou pluralistas, etc³³. O multiculturalismo máis radical é aquel con tendencias separatistas, dado que defende a diferenza, entendida como variedade e diversidade cultural. Esta ideoloxía está en contra do monoculturalismo: as sociedades formadas por unha única cultura, e do eurocentrismo: unha das manifestacións máis poderosas do monoculturalismo, e neste caso tamén do imperialismo cultural. Pola contra, a visión máis moderada do multiculturalismo non é exclusivista, xa que incide en que as diferenzas non provoquen exclusión.

Do monoculturalismo criticase, dende o multiculturalismo, que xere grupos excluídos. O eurocentrismo, así mesmo, recibe críticas pola súa tendencia a encubri-lo carácter político da cultura e o coñecemento que entende como naturais. Estes trazos son os que pretende combater o multiculturalismo, con diferentes estratexias e métodos, nas súas vertentes moderada e radical. A principal crítica que recibe o multiculturalismo é a súa tendencia ao relativismo cultural. Entendemos por relativismo cultural o

³² As propias feministas da diferenza non se consideran esencialistas. Sen embargo, o esencialismo é unha das principais críticas que se lle fai a esta corrente dende o feminismo da igualdade.

³³ Véxase o primeiro apartado de María Xosé Agra “Multiculturalismo, justicia y género”, en AMORÓS, Celia, *Feminismo y Filosofía*, Madrid, Síntesis, 2000. Páxs. 136- 141.

principio postulado da análise das culturas segundo o que cada fenómeno cultural debe ser analizado en relación ao seu contexto de significado, aos significados que se lle atribúen aos actores sociais dende o punto de vista do autor, ao conxunto de categorías e obxectos propios dese universo cultural e que implica que non se pode impoñer unha racionalidade, un sentido exterior, senón que debe descubrirse a súa racionalidade propia e particular. Tiramos esta definición da obra do antropólogo Franz Boas, teórico do particularismo histórico. Foi o seu maior engado á historia da antropoloxía.

O trasfondo filosófico desta teoría está na crítica ao racionalismo que defende unha razón universal. O relativismo pode chegar a ser determinista, na medida en que rexeita a existencia dunha esencia humana universal. Tipolóxizanse no relativismo cultural dúas variantes: o gnoseolóxico ou epistemolóxico e o axiolóxico. O primeiro fai referencia aos coñecementos universais, mentres que o segundo se refire aos valores. O concepto gnoseolóxico está, polo tanto, implicado nas discusións de temática científica, mentres que o relativismo cultural axiolóxico está implicado nas discusións de carácter ético e moral.

O teórico Alain Touraine co gallo dunha reflexión verbo do relativismo cultural inventa o termo “*multiculturalismo templado*”, para referirse ao produto “*de la oposición al universalismo europeo*”, “*basado en el reconocimiento del acceso de las diferentes culturas al universal*” (TOURAINÉ, 1995: 25), segundo a expresión do director do Instituto de Estudos Superiores de París.

Na sociedade de capitalismo serodio³⁴ na que vivimos, o individuo é cada vez menos radical, no sentido de conservación das raíces orixinais, da súa cultura, da súa relixión, da súa lingua, da súa educación, etc. O multiculturalismo radicalízase coma proxecto no recoñecemento da identidade e a cultura. Faise preciso, pois, definir estes tres termos. Detémonos nas teóricas da diversidade para tal obxecto.

A identidade é unha resposta política de futuro que parte dos grupos de poder da sociedade cuns intereses concretos. Non é unha esencia. A construción dunha identidade pretende ordenar a diversidade dunha comunidade arredor dun vosoutras, no caso da heterodesignación que afecta á identidade das mulleres, ou arredor dun nosoutros no caso da autodesignación masculina. Celia Amorós apela á urxente necesidade de pasar da heterodesignación á autodesignación na construción da identidade feminina como primeiro paso imprescindible para o acceso ao poder das mulleres (AMORÓS, 2005:

³⁴ Véxase HALLIDAY, Fred, “A pertinencia do imperialismo”, trad. De Manuel Outeiriño en *A Trabe de Ouro*, nº 52, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, 2002.

35) e dende aí, para a reformulación do espazo dos iguais e á eliminación da exclusión que actualmente cobra forma no espazo das idénticas, en termos da filósofa valenciana³⁵. A identidade está no discurso, de aí que debamos tomar conciencia e elaborar un discurso consciente³⁶. As identidades colectivas son construcións sociais e a súa lexitimación depende da súa capacidade para xerar consenso e recoñecemento.

A existencia de varios feminismos enriquece esta ideoloxía, e a un tempo dá lugar a diferentes identidades dominantes e locais (as excluídas) o que, se ben por unha banda, obtén o recoñecemento dunhas e doutras verbo da identidade feminina racha o consenso porque o que se recoñecen son dúas identidades colectivas diferentes. Esta é a consecuencia identitaria do debate teórico entre a igualdade e a diferenza. En termos absolutos poderíamos sumar e concluír que moitas mulleres xa gozan dunha identidade autodesignada, pero faise preciso entender que non estamos a falar dunha identidade, senón de varias identidades, como tamén falamos de feminismos e non de feminismo, e de mulleres e non de muller en xenérico abstracto. Os plurais gramaticais denotan a pluralidade de suxeitos, e deste xeito evitamos caer no estereotipo, presupoñendo que só hai un prototipo de muller ou de feminismo. Nada máis lonxe da realidade. A subxectividade é un factor que non admite máis falsación que ver o contrario na vida real. E baixo as caretas agroma a heteroxeneidade.

A identidade á que se refire a política do universalismo é unha identidade unitaria, que non recoñece as diferenzas, mentres que a identidade que entenden as feministas da diferenza si as defende, porque, segundo esta póla do feminismo, nas diferenzas reside a identidade individual, concepto de grande valor para esta ideoloxía da diversidade. Aquí, centrámonos na identidade colectiva das mulleres, construída por e para as mulleres, isto é: a construción social da identidade colectiva feminina. E non a identidade cultural que nos ven dada ás mulleres coma un peso excesivamente forte pola súa detención en exclusiva. Amorós, feminista da igualdade escribiu en ton de denuncia:

“La identidad cultural es un patrimonio precioso que hay que mantener a cualquier precio. Desde luego, al precio de asignar a las mujeres el deber de la identidad, mientras los varones se reservan el derecho a la subjetividad” (AMORÓS, 2007c: 228-229)

³⁵ Para profundizar no tema, véxase AMORÓS, Celia, *La gran diferencia y las pequeñas consecuencias para la lucha de las mujeres*, Madrid, Cátedra, 2005.

³⁶ Neste sentido é recomendable a lectura de CASTELLÓ, Enric, *Identidades mediáticas*, Barcelona, UOC, 2008.

Para a construción dunha identidade, o primeiro paso implica revisa-lo pasado dos membros dese colectivo en conxunto, isto é a bagaxe e historia desa comunidade. No caso específico das mulleres, como na de calquera grupo oprimido que pretenda construír a súa propia identidade despois de anos vestindo unha identidade heterodesignada –designada por outros- polos intereses do grupo dominante, faise difícil a escolla dos elementos pertinentes para a inclusión na nova identidade. Susan Wolf advirte da dificultade de saber ata qué punto e en qué sentido se desexa ser recoñecida como muller, precisamente, porque ao longo da historia as mulleres fomos recoñecidas como mulleres en certos sentidos. O feito de que desexemos ser recoñecidas como mulleres é indiscutible, pero coma qué e a costa de qué queremos ser recoñecidas como mulleres si é discutible (WOLF citada por AGRA, 2000: 149).

A identidade dada que teñen as mulleres padece de minusvaloración tanto por parte dos homes como pola das mulleres, debido ao efecto da dominación simbólica masculina inconsciente, dos valores e actividades tradicionalmente asociados ao xénero feminino. Cabe revisar as tarefas e valores heterodesignados femininos e interiorizados polas mulleres por efecto desa construción de identidade imposta para limpalos da carga negativa, e de inferioridade que carretan. O feito de que non só as actividades tradicionalmente femininas estean desprestixiadas senón que, tamén, a actual devaluación das tarefas ás que acceden as mulleres na súa incorporación ao mundo laboral actual indícanos que é o xénero da muller o que contamina unha actividade ou un valor. Non se nos asignaron os peores valores ou actividades, senón que as que nos foron dadas recibiron o contaxio do status inferior que sofren os individuos do xénero feminino na sociedade patriarcal. É necesario, polo tanto, un recoñecemento das mulleres coma suxeitos de pleno dereito para poder revalorizar as actividades que exercemos e os valores que detentamos, agora contaminados pola óptica patriarcal que considera ás mulleres coma meros obxectos sen posibilidades de nomear ou contar. Revisar os valores chamados femininos: castidade, obediencia, caridade, cariño, paz... non serve de nada si o suxeito feminino non é considerado primeiro coma un individuo igual ao masculino en status.

O feminismo reivindica a autodesignación coma suxeito en contra do tipo específico e deformante de recoñecemento propio do patriarcado que heterodesigna as mulleres coma obxecto. Celia Amorós resalta a importancia do suxeito como condición *sine qua non* para a viabilidade do proxecto emancipatorio do feminismo e tamén na súa

concepción humanista, en relación cos valores antes mencionados.

O suxeito permítenos reinterpretar continuamente a nosa identidade. Falamos da capacidade da transcendencia, columna vertebral da reconstrución histórica da identidade á que apela Amorós no seu *Tiempo de Feminismo*. Nun texto posterior, *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias para la lucha de las mujeres*, Amorós define a identidade feminista como: “*Proyecto crítico reflexivo de ser mujer en la asunción plena de un proyecto individual que pueda darnos una legitimación substantiva*” (AMORÓS, 2005: 68). Nesta mesma obra, Amorós critica a falsa sinonimia aplicada na nosa sociedade aos conceptos de identidade e igualdade. A linguaxe ordinaria confúndeos, sen embargo, a rigurosidade teórica esixe que delimitemos con propiedade os trazos de cada un destes conceptos. Idénticos son dous elementos intercambiabes, e iguais, pola contra, son dous ou máis elementos homologables, pero que non gozan de exactamente as mesmas características en referencia ao que as equiparamos, e polo tanto non son intercambiabes (AMORÓS, 2005: 87-88).

Indisociablemente ligado ao elemento identidade están os outros dous conceptos citados: cultura e recoñecemento. As identidades só se lexitiman en función do recoñecemento do que gozan. Unha identidade sen recoñecemento social é unha mera teoría frustrada que non pode saír dun libro, unha identidade imaxinaria, análoga a unha personaxe colectiva dun libro de ficción. A realidade e todos os conceptos deben gozar na súa cara práctica de tanta relevancia, polo menos, como na súa parte teórica. Pois entendemos a teoría como antesala cara a práctica. En palabras de Martha Nussbaum (2002: 388): “*la teoría normativa abstracta ya está desempeñando un papel en la práctica*”.

A cultura é un concepto de ampla denotación. No contexto do multiculturalismo, Máiz, defínea como un conxunto de elementos de sentido que evolucionan co tempo. As culturas, á vista da revisión que fai deste concepto o multiculturalismo³⁷ son conxuntos de crenzas e prácticas polémicas por plurais e diversas; sometidas a un constante diálogo e intercambio promovido por distintas voces; con crenzas heteroxéneas: dentro dunha mesma cultura non todos/as comparten as mesmas prácticas e valores; non todas as crenzas que forman parte dunha cultura teñen o mesmo valor para ser defendidas (MÁIZ, 2003: 450).

Na cultura, segundo a concepción racionalista, insírese o sistema de valores

³⁷ O multiculturalismo reformula a concepción cultural do racionalismo para quen as culturas eran todas pechadas, inmutables e de grande coherencia interna.

dominante. A cultura conceptualízase como pechada e homoxénea. Deste xeito reproducéase a dominación patriarcal do sistema androcéntrico. A posibilidade de dialogar e intercambiar crenzas está connotada polo concepto de cultura racionalista patriarcal que non contempla a práctica do diálogo entre culturas nin a emerxencia doutras voces. Dende o feminismo apélase á revisión da cultura. Dita revisión apunta á reconstrución da identidade feminina e feminista, o que implica, así mesmo, unha revisión da subxetividade, agora reservada por e para os homes. As culturas están sometidas a revisións culturais e interculturais. O multiculturalismo ilustrado, proposto por Celia Amorós, apela a unha revisión das culturas, propias e alleas. Segundo a súa posición a interpretación intercultural só é lexítima: “*Siempre y cuando exista una simetría entre los que interpelan y los que son interpelados*” (AMORÓS, 2007c: 233). Isto é, que as mulleres españolas poden criticar que a nena musulmana leve o velo á escola, e que esa nena pode, e de feito tamén debe, chamar a atención sobre as minisaias que visten as súas profesoras, os tacóns de agulla que lle dificultan o paso, ou a maquillaxe que usan as caixeiras dos supermercados por esixencias de contrato³⁸.

A revisión da propia cultura está, en maior ou menor medida, condicionada polas críticas externas que se escoitan. Do mesmo xeito que as críticas que diriximos a outras culturas tamén callan nas súas revisións. As críticas non deben ser arbitrarias senón gozar dun carácter específico: un carácter crítico reflexivo que bote luz sobre as súas incoherencias ou aspectos denostables. Neste sentido, Amorós fala de Ilustración ou de vetas de ilustración. A autora teoriza que todas as culturas teñen vetas ilustradas, sobre todo desde o momento no que as culturas interactúan, e o contexto de multiculturalidade asegura ese contacto cultural. Da multiculturalidade sempre se obteñen, mediante unha selección con criterios propios, elementos doutras culturas. En xeral, non se produce nin unha asimilación cultural radical ni un rexeitamento total dunha cultura por parte doutra (AMORÓS, 2007c: 248).

Da relación entre feminismo e multiculturalismo, sempre tensa, ambos os dous: feminismo da igualdade, e multiculturalismo moderado e ilustrado, deben seleccionar en función de criterios internos os elementos das críticas que sobre eles realiza o outro,

³⁸ Coa apelación á crítica intercultural non pretendemos facer apoloxía dos argumentos relativistas que se empregan para condenar as prácticas culturais sexistas. Referímonos a argumentos do tipo dos sinalados por Marta Lois (2005: 19). A politóloga galega cita as consideracións de Yael Tamir, e argumentos críticos contra a condena da ablación de clítoris pola suposta “inconsistencia” destes argumentos dada a realidade occidental de intervir cirúrxicamente as mulleres e nenas para adelgazarlas, aumentarlle o peito, facerlle peircings, etc. A vontade da apelación á crítica intercultural é a de incrementar as ferramentas de liberación para as mulleres que sofren prácticas opresivas, e nunca a de servir de xustificación para discriminacións sexistas.

para así asegurar os efectos dun diálogo aberto e igualitario nas súas condicións. En verbas de Amorós (2007c: 249): *“Hay que hacer, en suma, el canon feminista ilustrado multicultural”* porque *“si el multiculturalismo iguala por abajo (...), la Ilustración multicultural iguala por arriba. Compara las culturas y las hace interactuar”* (AMORÓS, 2007c: 263).

A continuación analizaremos máis de vagar os temas aquí só bosquexados.

2.2. Cultura e xénero

“La cultura es hoy un concepto tan desgastado, tan instrumentalizado que hay que utilizarlo muy prudentemente” (BESSIS, 2005: 144)

2.2.1. ¿Que é cultura? Aproximación interdisciplinar

Como vimos de expoñer, as definicións son fundamentais á hora de teorizar. Non só para non comprometer a honestidade intelectual da autora, senón na medida en que implican a teoría. A concepción que cada quen teña da cultura –en tanto aberta ou pechada, mutable ou inmóbil, etc.–, determinará a súa idea sobre a posibilidade ou non de contacto intercultural, a pertinencia ou prexuízo da revisión de prácticas culturais, a xerarquización de tarefas e valores e mesmo a regulación de entrada e saída dos grupos culturais.

Esta relación é bidireccional. Por unha banda o concepto de cultura que empreguemos influirá fondamente nas teorías que articulemos con esa concepción. Pero, por outra parte, as teorías critican un concepto de cultura concreto para amoldalo e facelo coherente con elas propias. No caso que nos ocupa, ollar a cultura cos lentes do feminismo da igualdade implica a elección dun tipo de cultura que permita a igualdade real -social e sexual- dos individuos que a integran. A continuación, repararemos polo miúdo nas implicacións da mirada feminista sobre a cultura á hora de establecer unha listaxe de características. Pero, antes, faremos un repaso pola orixe e evolución do concepto de cultura nas principais disciplinas.

Facémonos eco da afirmación de Raimond Williams, quen á hora de definir a entrada de cultura no dicionario inglés, pon de manifesto a dificultade do concepto, por dous motivos:

“Esto es así debido en parte a su intrincado desarrollo histórico en varios lenguajes europeos, pero principalmente porque actualmente está siendo usado en importantes conceptos de varias disciplinas intelectuales y en varios e incompatibles sistemas de pensamiento.” (WILLIAMS, 1976: 76).

O que constataba Raimond Williams a mediados dos anos 70 segue a ser certo hoxe. É máis, a cultura está de moda na actualidade nas ciencias sociais e políticas coma nunca antes a situación social o requirira. A situación de multiculturalidade na que estamos mergullados/as obriga a unha teorización en torno a este concepto, hoxe estrela nos círculos académicos e intelectuais de boa parte do mundo.

Cultura ven do latín *cultus* cuxa última palabra trazable *colere* tiña un amplo abano de significados: habitar, cultivar, protexer, honrar con adoración, etc. Varios destes significados separáronse quedándolle, a cultura, o significado principal de cultivo, ou tendencia a cultivarse, sen perder por iso o senso secundario e medieval de honra. A conexión coa natureza do termo cultura é pois etimolóxica. Este termo foi empregado como metáfora natural ata que a mediados do século XVIII, pero sobre todo a partir do séc. XIX, comezou a usarse en sentido moderno. Pero será no século XX cando se popularice o seu uso en plural e, nomeadamente, na antropoloxía e a socioloxía. Será E. B. Taylor, un dos fundadores da antropoloxía moderna, quen en 1871 deu ao prelo, nas páxinas de *Primitive Culture*, a primeira das definicións modernas deste concepto:

“Cultura o civilización (...) es ese todo complejo que incluye conocimientos, creencias, arte, moral, leyes, costumbres y cualesquiera otras capacidades y hábitos adquiridos por el hombre como miembro de una sociedad” (TAYLOR, 1871 citado en DURÁN et al, 2004)

Serán, precisamente, a antropoloxía moderna británica e o estruturalismo francés quen racharán coa concepción binaria de cultura, por oposición a civilización. Logo de Taylor, virán Peter Li e Marvin Harris quen a fins dos anos 80 e comezos dos anos 90 do século XX amplíen para a antropoloxía actual a definición de cultura cara a *“un estilo de vida total”* que inclúe todos os *“modos pautados y recurrentes de pensar, sentir y actuar”* (HARRIS, 1987 citado en DURÁN et al, 2004).

Ademais da antropoloxía, o termo de cultura vertebrada a socioloxía. Nesta ciencia a definición máis consultada é a de Anthony Giddens, para quen:

“Cultura se refiere a la totalidad del modo de vida de los miembros de una sociedad”,

incluyendo los valores que comparten (...), las normas que acatan y los bienes materiales que producen” (GIDDENS,1991 citado en DURÁN et al, 2004)

Raimond Williams reconece tres amplas categorías activas de uso do termo cultura:

“ (i) el sustantivo independiente y abstracto que describe procesos generales de desarrollo intelectual, espiritual y estético, en uso desde el siglo XVIII; (ii) el sustantivo independiente, usado ya sea general o específicamente, que indica una forma particular de vida, de gente, de un período o de un grupo usado a partir de Herder y el siglo XIX. Pero también tenemos que reconocer la forma de uso (iii), el sustantivo independiente y abstracto que describe trabajos y prácticas de actividades intelectuales y especialmente artísticas.” (WILLIAMS, 1976)

A segunda acepción é a que nos interesa dado o carácter desta investigación. Os románticos alemáns opoñían ao sentido de cultura o de civilización. Para Herder e os seus contemporáneos *Kultur* representaba os valores, os símbolos..., en definitiva, as formas de expresión do “espírito dun pobo”. Este concepto implica unha certa individualidade da que carece o seu contraposto civilización, entendida coma o conxunto de prácticas e valores culturais compartidas por un pobo. Seyla Benhabib reflexiona sobre a relación que ten a civilización entendida de xeito romántico coa actual cultura de masas (BENHABIB, 2006: 22-24). Esta autora refírese aos atributos negativos: superficialidade, homoxeneidade, reproducibilidade, falta de durabilidade e orixinalidade. En palabras dos teóricos por excelencia das industrias culturais, T. W. Adorno e H. Horkheimer: “*La cultura marca hoy todo con un rasgo de semejanza*” (ADORNO y HORKHEIMER, 1997: 165). Os autores da Escola de Frankfurt empregan os adxectivos idéntica, estándar... En definitiva, e en termos frankfurtianos, a cultura de masas é “*un sistema de non cultura*”.

Na actualidade, a dicotomía entre civilización e cultura foi superada, pero non por iso deixa de agromar de tanto en tanto nos debates. Hoxe en día, seguindo a retrospectiva histórica conceptual relativa a cultura de Seyla Benhabib, a postura dominante é a baseada na concepción igualitaria de cultura que xorde na antropoloxía cultural de Bronislaw Malinowski, Evans Pritchard, Margaret Mead e Claude Levi Strauss. Como sinala Benhabib, estes antropólogos teñen en común unha crítica cara aos presupostos culturais eurocéntricos (BENHABIB, 2006: 24). Agora ben, esta pensadora sinala tres premisas epistémicas falsas compartidas polos teóricos da cultura actuais, sexan conservadores (buscan preservar as culturas para manter os grupos afastados e evitar o choque de civilizacións vaticinado por Huntington) ou progresistas (buscan preservar as culturas para

corrixir os patróns de dominación simbólica referidos á opresión e terxiversación dalgunhas culturas por parte doutras):

“que las culturas son totalidades claramente delineables; (2) que las culturas son congruentes con los grupos poblacionales y que es posible realizar una descripción no controvertida de la cultura de un grupo humano; y (3) que, aun cuando las culturas y los grupos no se corresponden exactamente entre sí, y aun cuando existe más de una cultura dentro de un grupo humano y más de un grupo que puede compartir los mismos rasgos culturales, esto no comporta problemas significativos para la política o las “políticas” (BENHABIB, 2006: 27).

Con estes tres presupostos Benhabib cuestiona a “*socioloxía reduccionista da cultura*”, que afirma está presente no debate actual da filosofía política e xurídica, onde a cultura tornou “*un sinónimo ubicuo de identidade, un indicador y diferenciador de la identidad*” (BENHABIB, 2006: 22).

O concepto de cultura ten, na actualidade, a particularidade de ser arma arroxadiza nas loitas entre estados e grupos culturais minoritarios. A autora de *Reivindicaciones de la cultura* chama a atención sobre o carácter novidoso da apelación que fan as minorías culturais á redistribución económica e recoñecemento identitario por parte do Estado e das institucións sociais. Os grupos culturais que apelan á salvagarda da súa identidade cultural para o que demandan un trato especial do Estado ampáranse no multiculturalismo. Esta política manexa unha concepción de cultura que encaixa perfectamente na crítica que fai Seyla Benhabib aos termos do debate actual. No seu último título, *Multiculturalism without culture*, Anne Phillips, lista unha serie de críticas ao multiculturalismo por mor da súa concepción de cultura.

“Much recent literature claims that these exaggerates the internal unity of cultures, solidifies differences that are currently more fluid, and makes people from others cultures seem more exotic and distinct than they really are. Multiculturalism then appears not as a cultural liberator but as a cultural straitjacket, forcing those described as members of a minority cultural group into a regime of authenticity, denying them the chance to cross cultural borders, borrow cultural influences, define and redefine themselves” (PHILLIPS, 2007: 14).

A profesora da London School of Economics está a favor do multiculturalismo na medida en que esta teoría xorde coa vontade de defender unha identidade minoritaria fronte a outra maioritaria, defendida por un Estado na medida en que xorde como un movemento igualitarista. Sen embargo, e como se pode deducir do título da súa obra

citada, *Multiculturalism without culture*, Phillips non aproba a concepción cultural actual do multiculturalismo na medida en que esta non permite unha sociedade igualitaria, porque se ben protexe unha identidade minoritaria fronte a outra maioritaria non ten en conta os dereitos de cada un dos membros da sociedade. Quedan excluídas desa defensa, e mesmo son obxecto directo dos ataques da mesma, as mulleres. Nomeadamente as mulleres dos grupos minoritarios, pero na medida en que as culturas minoritarias e maioritarias conviven, os dereitos das mulleres maioritarias tamén se verán ameazados se os das persoas de xénero feminino desas outras comunidades minoritarias non se ven garantidos tamén.

En sentido amplo, o multiculturalismo pivota sobre tres ideas fundamentais:

“o primeiro é que a cultura lle importa á xente, polo cal cualificar de trivial ou desprezar unha identidade cultural pode causar auténtico dano. O segundo, que as sociedades contemporáneas se caracterizan por unha multiplicidade de culturas: que vivimos en sociedades multiculturais, non monoculturais. E o terceiro, que a lexislación, as normativas e as institucións de calquera sociedade dada adoitan primar a identidade e os intereses dos grupos culturais maioritarios” (PHILLIPS, 2008: 8).

Como moi ben di Anne Phillips, estes tres presupostos non son discutibles. É obvio que a identidade cultural é unha parte importante na formación da personalidade dos seres humanos, e que estes reciben danos cando son discriminados pola súa etnia, raza, comunidade, etc. (todos eles conceptos intimamente ligados a idea de cultura no contexto antropolóxico e sociolóxico). Benhabib (2006: 98) sinala que varios/as autores/as contemporáneos/as, como Axel Honneth, Jessica Benjamin ou ela propia, comparten a tese de que as prácticas sociais de recoñecemento son cruciais para a formación/malformación do si propio.

“La falta de reconocimiento por parte de los otros significativos puede producir daños en los tres aspectos del bienestar moral y psicológico individualizados por Honneth: la autoconfianza, el autorrespeto y la autoestima”.

Polo antedito, a politóloga coincide con Nancy Fraser segundo concede que o recoñecemento das identidades culturais pode ser considerado como unha *“cuestión de justicia universal”* (BENHABIB, 2006: 13). Afondaremos neste tema no capítulo *Redistribución e recoñecemento: unha perspectiva feminista*.

Con respecto ao segundo punto: as cifras de inmigración, que malia non ser un fenómeno novo si ten un carácter específico na actualidade, de fins do século XX e comezos do séc. XXI dan boa conta da pluralidade de culturas que conviven nun mesmo espazo, dando así lugar á multiculturalidade e ás dificultades na súa xestión, que se producen na actualidade nas sociedades europeas, e na española en particular. Trataremos este tema coa profundidade que merece no próximo capítulo: **Inmigración e Feminismo**. En referencia ao terceiro e último punto, e malia os intentos de mudar as lexislacións nacionais de cara a facelas máis inclusivas, é certo que as institucións e os corpos lexislativos de cada Estado se construíron en torno a unha comunidade concreta, a maioritaria. Esta situación desemboca por veces na discriminación legal das minorías. Porque como ben afirma Anne Phillips “*sometimes it is more equitable to have different rules for different groups*” (PHILLIPS, 2007: 11)³⁹. Volveremos sobre este tema.

No contexto que nos ocupa, Europa, a política internacional de protección fronte unha ameaza terrorista islámica desembocou nunha revisión e crítica do multiculturalismo, entendido en certos círculos como cómplice da ideoloxía radical e “ameazadora” para os intereses “occidentais”. Ante esta tesitura Europa deu un xiro conservador de vixilancia fronte ás minorías. Os acontecementos do 11 de Setembro de 2001 en Nova Iorque⁴⁰ e os máis recentes 11 de Marzo de 2004 en Madrid e os atentados en Londres do 7 de Xullo de 2005 alimentaron as teorías apocalípticas de teóricos coma Samuel P. Huntington e a súa obra *El choque de civilizaciones y la reconfiguración del orden mundial* de 1996. Predicións que teñen auditorio en Europa, convertida dende fai unhas décadas en receptora de inmigración, cando durante toda a súa historia fora emisora de emigrantes cara América, Asia e mesmo África na etapa colonial.

2.2.2. *Un vello debate: relativismo vs. universalismo*

“ A pesar del reciente debate sobre algunas culturas no occidentales, en la opinión pública prevalecen parámetros que asientan una visión de modernización occidental frente a la tradición o el retraso de otras sociedades con una mirada que simplifica los modelos sociales de las mismas. Un mecanismo clave en este discurso de alteridad subalterna consiste en la pervivencia de una visión de homogeneización cultural que pretende crear dos grandes bloques

³⁹ Parekh (2005: 384), entre outros/as autores/as suscribe a mesma opinión de Phillips.

⁴⁰ Sophie Bessis reflexiona sobre a importancia e impacto da caída das torres xemelgas no fortalecemento da identidade de supremacía occidental no prólogo á edición española de *Occidente y los otros, Historia de una supremacía*, Madrid, Alianza Editorial, 2002. Páxs. 11- 13.

en el mundo (...) en clave cultural religiosa definida en términos de choque de civilizaciones”
(NASH, 2003: 13)

O enfoque de Huntington culpa a outras culturas do que el denomina “choque de civilización”, conxuntura bipolar que ven a substituír a oposición binaria entre os EUA e a URSS durante a Guerra Fría. Esta postura está máis próxima ao universalismo etnocéntrico que a ningunha outra. María Luísa Femenías sitúase do lado de Sophie Bessis⁴¹ ou Edward Said entre outros/as autores/as críticos/as co relativismo cultural pero tamén co pretendido universalismo occidental, que non é máis que unha cara non tan nova do etnocentrismo, e considera a análise do choque das civilizacións coma simplista. (FEMENIAS, 2007a: 257).

“ Tal idea es ridícula, ya que uno de los grandes avances de la moderna teoría cultural es la comprensión, casi universalmente admitida, de que las culturas son híbridas y heterogéneas y de que, como señalé en Cultura e imperialismo, las culturas y las civilizaciones están tan interrelacionadas y son tan interdependientes que es difícil realizar una descripción unitaria o simplemente perfilada de su individualidad. (SAID, 2008: 455).

O escritor estadounidense de orixe palestina móstrase optimista ao afirmar que a tese da hibridación cultural é universalmente aceptada, como a imposibilidade de trazar fronteiras nítidas entre diferentes grupos culturais. Non en tanto, segue a debaterse con argumentos de relativismo cultural radical no seo dos grupos multiculturalistas, nomeadamente nos sectores máis fundamentalistas. Alain Touraine (1995: 14) advirte da consecuencia inevitable de defender o relativismo cultural absoluto: a defensa da identidade transfórmase nun rexeitamento de todo tipo de alteridade.

Pero o uso do relativismo cultural non é patrimonio exclusivo dos multiculturalistas, os abandeirados do universalismo, nomeadamente os occidentais, pecan de relativistas con frecuencia. A historiadora e xornalista tunesina, Sophie Bessis, pregúntase:

“¿Cómo justificar el valor universal de los marcos políticos y económicos y de los principios éticos cuya generalización preconizan si las potencias occidentales por su parte, los utilizan o los pisotean en función de sus intereses? Lo cual nos lleva a una cuestión central: ¿no estará el

⁴¹ A escritora tunesina (BESSIS, 2008: 66) critica a tese segundo a cal as culturas inmutables e ahistóricas, impermeables e diferenciais crean os individuos, e non á inversa. É esta lóxica a que creou a teoría do “choque de civilizacións”.

relativismo cultural mucho más generalizado de lo que se cree, dado que la democracia se ve como una consecuencia de la occidentalización y no como un marco político capaz de encontrar modos de aplicación universales”(BESSIS, 2005: 122).

A nosa autora critica o paradoxo de que os países do Sur (malia rexeitarmos esta dicotomía –Sur/Norte- empregámola por utilidade para o seu estudo e crítica) comece a coñecer e reivindicar unha serie de principios e dereitos, presuntamente defendidos, e mesmo monopolizados, por Occidente, mentres os políticos europeos e nortamericanos violan sistematicamente estes principios ilustrados con fins económicos e estratéxicos. A identidade occidental está constituída sobre a “historia dunha supremacía”, coma reza o subtítulo do libro de Sophie Bessis, *Occidente y los otros*. A tunesina sorpréndese da certeza coa que os occidentais afirman a lexitimidade da súa supremacía:

“Esta certeza se manifiesta en los actos más anodinos y en las actitudes más banales. Estructura la palabra pública, el magisterio intelectual y los mensajes de los medios de comunicación. Reside en lo más profundo de la conciencia de individuos y grupos. Está tan enraizada en la identidad colectiva que se podría hablar de una verdadera cultura de la supremacía, fundamento de la entidad que hoy llamamos Occidente, sobre la que éste construye sus relaciones con el otro” (BESSIS, 2002: 17).

A afirmación desa superioridade occidental é especialmente necesaria dende os atentados terroristas e as illas de pobreza produto da inmigración cara ás metrópoles europeas que afectan ao corazón de Occidente. Nunca foi tan válido o universal occidental, critica Bessis (2002: 229). A política exterior belicista e a interior sobreprotectora (“vixiámolo pola súa seguridade”, segundo lemos nos graffitis autorizados do metro, aeroportos, e mesmo rúas) dos estados europeos, por seguidismo da política estadounidense, son unha boa mostra da constatación de Bessis. Na súa obra reflexiona sobre a dobre moral occidental inscrita no paradoxo de producir uns universais que eleva ao rango do absoluto, para logo violar, sistematicamente, os principios derivados destes universais e mesmo xustificar esas violacións (BESSIS, 2002: 19).

Este comportamento é cómplice da mirada de sospeita que dirixen os países do sur cara ás ideas democráticas e ilustradas. Mirada tamén interesada na medida en que nos países islámicos se penaliza a adopción dos principios universais de igualdade,

liberdade ou xustiza en tanto modernos e occidentais⁴², sen embargo –como critica Fatema Mernissi- non lle fan noxos ás antenas parabólicas ou ao teléfono, estes últimos indubidablemente inventos occidentais. Nesta actitude oriental ten moito que ver Occidente coa súa teima de apoderarse dos logros alleos cando se poden enmarcar no lado moderno da báscula⁴³. A tradición é asimilada aos países non occidentais. A excepcionalidade de Occidente é criticada por Sandra Harding na conferencia lida perante o auditorio madrileño do Congreso Internacional Mundos de Mujeres 2008. Harding nomeou algúns dos inventos asimilados por Occidente, como a pólvora china ou os números de orixe árabe. Con este argumento, a filósofa feminista da ciencia pretende dismantelar a dicotomía que relaciona os termos do binomio tradición/modernidade con Oriente/Occidente. Iso non se cumpre sempre. Así ocorre no caso dos ideais ilustrados. Como indica Celia Amorós, os principios da Ilustración non son exclusivos de Occidente. En practicamente todas as culturas podemos atopar “*vetas de ilustración*”. Seguindo á filósofa valenciana, María Luisa Femenías afirma: “*Debe entenderse la Ilustración no como un período exclusivo de la historia de Europa, sino como un modo de uso o ejercicio de la razón*” (FEMENÍAS, 2007a: 260). Con esta cita queremos facer fincapé na importancia de situar os coñecementos. Un dos principais erros dos fundamentalismos é precisamente o de non situar nun tempo e un espazo as súas categorías, presentándoas como a-históricas. Amorós critica o uso indebido da analogía do futuro en función do pasado. Como o recolle Femenías:

“Desprendida de una ubicación espacio-temporal privilegiada, se debe aceptar la noción de “racionalidad universalizadora hipercrítica e hiperreflexiva” y trabajar en la construcción y despliegue de las “vetas de Ilustración”” (AMORÓS citada por FEMENÍAS, 2007a: 260).

⁴² Véxase o capítulo 5 “La competencia de los modelos” da última obra de Sophie Bessis, *Los árabes, las mujeres, la libertad*, Madrid, Alianza Editorial, 2008 (Páxs. 97- 112), para profundizar no tema. A tunesina describe en ton de denuncia, como as feministas no sur son insultadas (“putas”) ou acusadas de universalistas mimetizadoras de Occidente. As feministas árabes deféndense de tales acusacións negando a súa influencia occidental, e mesmo a conexión con Europa ou os EUA. Feito que alonxa o proxecto dun feminismo global polo prexuízo de separar a tradición da modernidade e asignarlle a cada valor un lugar no mapa. Sen embargo, as culturas non son estancas e nesa medida no Sur tamén se da a modernidade. Véxase a argumentación que fai Bessis na obra citada sobre a modernidade e a modernización. Páxs. 18-19 e 55.

⁴³ Bessis sinala este fenómeno de apropiación como “otra versión de la negación del otro” en *Occidente y los otros*. Páx. 268.

A ahistoricidade é un dos trazos característicos do relativismo cultural. Tomamos como base a definición de “relativismo cultural” que o antropólogo Marvin Harris inclúe no coñecido manual *Introducción a la Antropología General* (1985):

“Principio que afirma que todos los sistemas culturales son intrínsecamente iguales en valor, y que los rasgos característicos de cada uno tienen que ser evaluados y explicados dentro del sistema en el que aparecen” (HARRIS citado por ALVARGONZÁLEZ, 2002: 13)

Malia xermolar en pasto antropolóxico e etnográfico, a teoría do Relativismo Cultural non é de uso exclusivo destas ciencias, xa que arestora se emprega en discusión filosóficas e na praxe política. De aí a relevancia que ten a súa análise crítica nesta investigación. O presuposto inicial do relativismo cultural moral é que *“toda experiencia humana está culturalmente mediatizada”* en termos de Virginia Maquieira (2006: 60). Esta crenza implica que todo coñecemento, valor, percepción, xuízo, opinión, etc. que ten un ser humano é produto da súa pertenza a unha cultura determinada. A idea presentada ten a consecuencia lóxica da validez restrinxida deste xuízo ou opinión á cultura da que emerxe, o que invalida a posibilidade de emitir xuízos sobre culturas alleas, na medida en que só poderían facerse eses xuízos dentro do contexto cultural ao que se refiren. A comparación de culturas tampouco é posible segundo o sistema relativista, posto que ao non poder emitir xuízos sobre outras culturas, estas non son conmensurables por terceiros. Como consecuencia, o relativismo cultural anuncia que todos os sistemas culturais teñen o mesmo valor. No tocante as prácticas culturais en particular, o relativismo da a mesma solución que para as culturas en xeral: todas valen o mesmo. Un dos primeiros defensores desta teoría, Melville Herskovits (citado por MAQUIEIRA, 2005: 60), teorizou en 1948 *“la necesidad de suspender todo juicio valorativo”* sobre culturas alleas, porque como sinalou no mesmo texto, *“los juicios están basados en la experiencia y la experiencia es interpretada por cada individuo en base a su propia endoculturación”*. Este autor defendía a cultura da tolerancia e a defensa da diversidade no marco da loita contra o evolucionismo uniliñal decimonónico.

Nun contexto moi diferente, o da globalización actual, o relativismo cultural é empregado contra o etnocentrismo europeo, a dominación colonial e a globalización fagocitadora de culturas e modos de vida distintos aos que marca o patrón Dóllar-Brent. Unha loita loable, pero o fin non xustifica os medios, por iso é urxente facer unha análise do instrumento que nos leve a calcular as consecuencias do relativismo cultural. Ademais

do igual valor das culturas e as prácticas culturais, o relativismo aséntase sobre outros presupostos que derivan deste. O primeiro que analizaremos é o de definir cada cultura coma un todo homoxéneo.

“Porque defender la equivalencia no negociable de todas las culturas, no puede significar que se decrete su inmutabilidad o impermeabilidad. Lo único que se consigue santificando las culturas dominadas en nombre de la autenticidad y remitiendo todos los hechos culturales de una sociedad determinada a la alteridad, es cristalizar unas identidades sin reconocer su estatus histórico: en lugar de producir cultura, es decir, de innovar, los humanos quedan reducidos a productos de su cultura” (BESSIS, 2005: 147-148).

O trazo da homoxeneidade está presente na creación histórica da identidade europea, que Sophie Bessis sitúa en 1492, data na que tiveron lugar dous acontecementos históricos fundamentais para a creación da idea de Europa: a chegada a América dos colonizadores españois e a expulsión dos xudeos, musulmáns e xitanos de España por orde dos Reis Católicos, feito que tivo como resultado a expulsión do pensamento xudeo-musulmán e a súa substitución polo cristián en Europa. Sophie Bessis chama a atención sobre outro novo paradoxo de Occidente, pecha as súas fronteiras mentres se permite a si mesmo saír destas e colonizar o resto do mundo, unha práctica que segue en vigor na actualidade (BESSIS, 2002: 23 e ss).

A identidade europea constrúese a partir da *“deshumanización del otro y la construcción de una identidad cerrada”* (BESSIS, 2002: 34). O premio Príncipe de Asturias da Concordia 2002, Edward Said, suscribe a primeira parte desta afirmación no seu ensaio sobre o *Orientalismo* cando se refire á *“domesticación de lo exótico”* (SAID, 2008: 94). Este argumento é o mesmo que baralla Anne Phillips cando fala do exotismo ou salvaxismo que se lle apón ao outro, ao integrante doutras culturas.

“Lo que Anuar Abdel Malek llama “la hegemonía de las minorías poseedoras” y el antropocentrismo, aliados con el eurocentrismo: un occidental blanco de clase media cree en su prerrogativa humana, no solo para manipular el mundo no blanco, sino también para poseerlo simplemente porque por definición “él” (el oriental) no es tan humano como “nosotros” lo somos. No existe ningún otro ejemplo tan puro como este de lo que es un pensamiento deshumanizado” (SAID, 2008: 155).

A idea homoxénea e inmutable de cultura é un presuposto que comparten relativismo cultural, etnocentrismo⁴⁴ (o seu contrario) e pluralismo cultural. Ámbalas tres teorías amparan prácticas culturais sen cuestionarse as implicacións que estas teñen para as persoas, nomeadamente para as mulleres e os nenos/as, destas culturas. A perspectiva feminista esixe o rexeitamento da concepción holística e inmutable das culturas que presupoñen relativismo e multiculturalismo (toma en valor do pluralismo cultural) e polo tanto declárase inviable un casamento do feminismo co relativismo, o etnocentrismo e o multiculturalismo radicais. Non en troques, si é coherente analizar con perspectiva de xénero os instrumentos destas tres teorías para loitar contra inimigos comúns.

Malia non seres compatibles o feminismo co etnocentrismo, as críticas ao movemento de mulleres por etnocéntrico foron escoitadas historicamente e seguen a retumbar de tanto en tanto. Na crítica que fai en *Occidente y los otros*, Sophie Bessis acusa a Occidente de etnocentrismo, na medida en que este se instaure como medida do resto do mundo. O monismo cultural (etnocentrismo) cre no universalismo das normas culturais. Sen embargo, erra no feito de pensar que só as prácticas culturais propias son dignas de ser universalizadas en tanto que son as únicas verdadeiras. Nada máis lonxe da realidade, porque se cada cultura se autoproclama etnocentrista ¿Cómo poderían dirimirse os conflitos de universalización das normas das diferentes culturas?

O relativismo pola contra, non está a favor da universalización das normas. De feito coída que as máximas non poden ser universais, incorrendo na incoherencia de universalizar a idea de que: as normas morais son todas particulares e non universais. Ou a máxima de que hai que practicar a tolerancia de xeito universal. As críticas ao relativismo fan fincapé en varias incoherencias deste tipo, como por exemplo: a máxima de ser tolerante ten unha limitación na práctica da tolerancia cos intolerantes, e isto implicaría practicar a intolerancia, etc.

A terceira consecuencia teórica do relativismo, pois, é que non cabe a busca duns valores morais universais que primen sobre as prácticas culturais determinadas porque a inconmensurabilidade das culturas, a intraducibilidade e a súa inmutabilidade é incoherente con este desexo universalista. De feito existe unha ampla literatura crítica

⁴⁴ O etnocentrismo é un movemento que afirma, en palabras de Gustavo Bueno (2002: 3), que: “*Entre las diversas esferas culturales del todo distributivo de culturas, sólo una esfera cultural puede considerarse como soporte de valores auténticos; es decir, que solamente existe una esfera cultural que merezca ser considerada como cultura auténtica o verdadera (las demás esferas culturales serían reflejos, generaciones, o meras apariencias o fenómenos de la “cultura verdadera”.*”

coa *Declaración dos Dereitos Humanos* de 1948 desde argumentos relativistas, que acusan a carta de dereitos universal de etnocéntrica, na medida en que está ligada por nacemento a unha cultura determinada, e para máis *inri*, a unha cultura dominante, a occidental, cun historial de dominación e colonización ás súas costas difícil de maquillar.

O feminismo, en tanto movemento que busca a igualdade de facto das mulleres en todas as sociedades do planeta, precisa que figure entre a súa caixa de ferramentas a posibilidade de universalizar unha serie de dereitos, como tamén precisa da facultade do cambio social e cultural, só deste xeito poderá cumprir algún día os seus obxectivos. Por esta necesidade de enunciado unha serie de principios universalmente válidos cos que medir as prácticas culturais, o feminismo foi branco de críticas por parte dos relativistas e multiculturalistas, en tanto etnocentrista. Non faremos aquí unha defensa de todos os movementos feministas da historia porque non é este o obxecto da nosa tese, sen embargo, si defendemos a inocencia de etnocentrismo do feminismo que aquí representamos. Non negamos tampouco a importancia que tivo a crítica relativista sobre o evolucionismo racista. Sen embargo, é simplista afirmar que todos os movementos que empregan a ferramenta da universalización son etnocentristas. A clave está en ver qué é universalizable e por qué motivos.

A diferenza principal entre o monismo cultural e o feminismo é que o primeiro entende que é universalizable única e exclusivamente o sistema de valores da cultura que está detrás desta teoría, sen embargo, o feminismo considera que son universalizables unha serie de principios que poidan ser consensuados voluntariamente e recoñecidos por todos os seres humanos sen prexuízo do seu xénero, cultura, etnia, clase social, etc. Unha serie de principios que engloben e defendan a todas as persoas de calquera tipo de discriminación, incluídas as inferidas por prácticas culturais abusivas.

Porque se ben o dereito a ter unha cultura debe ser recoñecido universalmente, non se pode dicir o mesmo, dende unha perspectiva feminista, da defensa e salvagarda de todas as prácticas culturais, e véxase que dicimos prácticas e non culturas, porque como vimos de afirmar uns parágrafos máis arriba as culturas non son un todo homoxéneo e invariable, senón que son amalgamas cambiantes de prácticas culturais. De aí a necesidade de falarmos de prácticas e non culturas á hora de enunciado dereitos. As prácticas culturais si son comparables, e de feito, é san comparalas, dende dentro e dende fora das propias culturas. A crítica intercultural feita de xeito construtivo enriquece as culturas no seu cambio constante e adaptación á actualidade. O valor

histórico é polo tanto un factor fundamental á hora de analizar ou teorizar culturas e prácticas culturais.

Coincidimos con Virginia Maquieira (2006: 61) en que “*considerar como equivalentes todas las realizaciones culturales en un mundo desigualitario puede conducir a resultados perversos*”. Non todas as prácticas culturais teñen o mesmo valor, como enuncia o relativismo cultural. Moi polo contrario: hai prácticas culturais que non son desexables e que deben ser erradicadas do colo das culturas nas que xermolaron. Hai que ter especial coidado, así mesmo, en que estas prácticas culturais inxustas non sexan sementadas noutras sociedades ás que chegan portadores/as destas culturas. Os movementos de fluxos migratorios, produto da globalización económica e a política de apertura de fronteiras económicas coa conseguinte circulación de persoas, poden ocasionar a implantación das prácticas culturais non desexables, lonxe da súa orixe. O debate entre o feminismo e o multiculturalismo ten nesta circunstancia un eixe de reflexión capital.

O límite das prácticas culturais debe ser o respecto á dignidade das persoas, á súa integridade física e moral e á súa liberdade de elección. O feminismo apela a criterios de xustiza e igualdade para criticar unha serie de prácticas culturais discriminatorias enmascaradas como prácticas culturais. A perspectiva de xénero aplicada na análise cultural desenmascara unha longa lista de prácticas culturais patriarcais abusivas para as mulleres e fondamente discriminatorias. Os dereitos das persoas deben primar por enriba dos dereitos dos pobos. A esta cuestión dedicáremoslle todo un capítulo: *Os dereitos das persoas e os dereitos dos pobos*.

A tese da cultura como un todo homoxéneo é refutada polas teorías filosóficas que negan a posibilidade da inconmensurabilidade e intraducibilidade radical das diferentes culturas, e, ao mesmo tempo, porque reflicte unha socioloxía reducionista do coñecemento (BENHABIB, 2006: 77). Como sinala Seyla Benhabib non é sostible a tese da inconmensurabilidade das culturas porque de ser certa nin sequera poderíamos sabelo. Na mesma liña, non pode sosterse a tese da imposibilidade radical de tradución porque de ser certa non seríamos quen de recoñecer o outro conxunto de enunciados como parte dunha linguaxe. “*Si las culturas fueran tan radicalmente divergentes, no podríamos aislar las actividades humanas complejas como totalidades inteligibles y coherentes*” (BENHABIB, 2006: 68). Maquieira sinala que o que fora unha ferramenta útil contra o determinismo naturalista, o humanismo relativista, foi paradoxalmente

empregado para lexitimar as desigualdades e ocultalas ao reificar os límites entre culturas (MAQUIEIRA, 2006: 61).

No contexto de creación da *Declaración de Dereitos Humanos* de 1948 houbo acendidos debates entre universalistas e relativistas, non só verbo do contido dos mesmos, senón tamén pola pertinencia de universalizar principios, e do carácter occidental dos mesmos, por estar escritos en Europa e América do Norte. O universalismo carga coa sospeita de etnocentrismo dende a descuberta e posterior conquista de América (BENHABIB, 2006: 59). Pero como defenderemos nun apartado vindeiro, non todos os universalistas son etnocéntricos como tampouco todos son esencialistas, malia ser unha das premisas do universalismo: “*la creencia filosófica de que existe una naturaleza humana o esencia humana que define quienes somos como humanos*” (BENHABIB, 2006: 62). O universalismo tamén pode ser entendido no seu sentido polisémico como estratexia de xustificación en debates filosóficos contemporáneos; como termo cognitivo e moral, e, por último –segundo a enumeración de Benhabib-, como termo con sentido xurídico (BENHABIB, 2006: 62-64).

Logo de expoñer as principais afirmacións da teoría comunicativa habermasiana que aquí representa Seyla Benhabib na súa defensa dun universalismo, expoñemos a posición que argumenta dende unha liña do liberalismo político de corte rawlsiano, Martha Nussbaum (2002: 154), quen presenta cinco elementos para anular as súas eivas e perigos. Estes son: a realizabilidade múltiple, a capacidade como meta, as liberdades e a razón práctica, o liberalismo político e as restricións na implementación. Deste xeito, a feminista universalista pretende mostrar que as preocupacións sobre a diversidade e a liberdade persoal son compatibles co recoñecemento de normas universais. Efectivamente constatamos de man de autores/as como Bessis (2005: 149) a formación dunha cultura universal baseada nos valores da modernidade. Dándolle a razón a Françoise Collin (citada en CAMPILLO, 2008: 150), segundo a que “*la paridad sería el verdadero universalismo*”, a cultura universal vértébrase cos valores de igualdade de dereitos dos humanos. Os valores modernos necesariamente desoccidentalízanse para virar aceptados universalmente⁴⁵.

Para conseguir o recoñecemento universal dos dereitos estanse a empregar varias estratexias. Entre elas destacan catro enfoques: moral (os dereitos humanos son bos e necesarios), filosófico (dereitos intrínsecos e instrumentos para abordar a desigualdade),

⁴⁵ Véxase o segundo capítulo de BESSIS, Sophie, *Las emergencias del mundo: economía, poder, alteridad*, Oviedo, Ed. Nobel, 2005. Páxs. 87 e ss.

político-práctico (válidos por internacionalmente aceptados) e procesual (produto dun proceso aberto, recíproco e comunicativo) (CERVANTES citado por PICHARDO, 2006: 372- 372). Co auxe da globalización faise precisa unha defensa da universalidade dos dereitos na medida en que paradoxalmente canto máis avanza a primeira, máis recúan os segundos (BESSIS, 2008: 52).

2.2.3. *A cultura na globalización. Definición de diversidade cultural*

No contexto actual, universalistas e relativistas seguen a discutir cos seus argumentos clásicos, esta vez sobre teorías da cultura e sobre o multiculturalismo. Antes de reflexionar sobre o multiculturalismo, postura normativa fronte á multiculturalidade, tentaremos facer unha aproximación descritiva á sociedade multicultural. Bhikhu Parekh (2005: 247) coida que “*casi todas las culturas tienen una base multicultural*”. Sen embargo, esta afirmación non acostuma a saír de boca de occidentais, nomeadamente de europeos, salvo para referirse á nova situación de recepción de inmigrantes do mal chamado Terceiro Mundo –porque como defende a exipcia Nawal Al Sadawi só existe un mundo- que caracteriza ao vello continente dende mediados do século XX. En Occidente ignórase o pasado histórico que configurou os estados europeos cunha sorte de traballo de parches ou remendos, o patchwork, a partires de centos de pobos que se asentaron nestas terras. A mensaxe que se difunde na opinión pública é que a situación de multiculturalidade actual é algo novo que atenta contra a homoxénea e inmutable identidade europea. O caso dos Estados Unidos de América é se cabe máis paradoxal na medida en que os estados de América do Norte, como os de América Latina, se constituíron a partir de emigrantes europeos, escravos africanos, indios americanos, etc. Faise moi difícil pensar nunha cultura que estea totalmente illada, sen contactos con outras, quizais –como indica Parekh (2005:247)- algunha tribu primitiva da que non temos coñecemento. Porque toda sociedade que se comunique con outra recibirá e emitirá influencias, facultará a creación de préstamos culturais e, en función da relación, pódese establecer un sistema de integración ou dominación que derive na guetización. As culturas cando entran en contacto influéncianse entre si. É inevitable. Ademais de constituír unha riqueza como todo intercambio, sempre que se de na simetría. Volveremos sobre este tema.

A multiculturalidade é un feito innegable na actualidade occidental, coma no resto do mundo, pero non é nada novo. Se ben, si se recoñece a existencia dunha serie de novidades no seu carácter actual. A diversidade cultural das sociedades europeas e nortamericá núcleo occidental, ten unhas características específicas que diferencian o presente doutras conxunturas multiculturais, como poden ser a España medieval, crisol de culturas, ou os reinos e imperios europeos de idades pasadas.

O politólogo Bhikhu Parekh establece catro características diferenciadoras das sociedades multiculturais contemporáneas (PAREKH, 2005: 23 e ss.). O primeiro dos trazos é a diferenza de clima político e de situación xeográfica dos novos residentes nas sociedades maioritarias. Antigamente, os acabados de chegar a unha cultura aceptaban a súa situación de status subordinado e respectaban os límites xeográficos que lle asignaba a sociedade maioritaria, é dicir que non saían das zonas residenciais nas que os facían acampar. Isto é constatable de xeito doado, cun simple paseo polas barriadas xudías que aínda conservan as cidades europeas de Praga, Amsterdam, etc. Noutros tempos, as minorías eran agrupadas en comunidades protexidas que non se mesturaban co resto da poboación. Na actualidade, a situación é ben distinta. Porque malia que os guetos seguen a existires nas periferias das grandes cidades coma París, Barcelona ou Londres, os/as inmigrantes que chegan ás metrópoles tamén se asentan nos centros das cidades, por ser zonas vellas e descoidadas con chan máis barato e de mellor acceso aos servizos públicos de transporte ou alimentación entre outros. Hoxe en día as comunidades minoritarias xa non están confinadas a uns espazos. En todo caso, se existe unha limitación para vivires onde dispoñan é económica e non política.

Por outra banda, a educación en dereitos e liberdades que se espalla polo mundo, con epicentro –non exclusivo- en Occidente chegou aos membros de colectivos minoritarios, quen tamén reivindicán un status político igualitario. De feito, é a propia sociedade dominante, a maioritaria, quen canaliza esas reivindicacións, e educa neses valores aos fillos/as en idade escolar pertencentes a esas minorías, e mesmo ás mulleres e outros colectivos desfavorecidos, a nivel de dereitos, nesas outras sociedades para que accedan a unha liberdade e igualdade de facto.

A segunda característica é relativa á consciencia que se ten na actualidade da relación estreita que existe entre política e cultura. Tras o historial de guerras e dominacións culturais que Occidente ten ás súas costas, este tomou conciencia a través das distintas teorías sociais: socioloxía, psicoloxía cultural, etc. da importancia que ten para un individuo a súa pertenza e defensa dunha cultura –trazo que tamén salienta

Anne Phillips- na medida en que a autoestima está ligada ao recoñecemento, e este á cultura. Trala historia recente (guerras mundiais, nazismo, colonialismo) viramos conscientes da posibilidade de opresión cultural, ademais da económica, política... e da conexión entre estas diferentes formas. A consecuencia é unha valorización da diversidade cultural e unha maior tolerancia cara ás diferenzas que implica, así mesmo, un maior coidado e respecto polas outras culturas e mesmo unha inclusión deste principio dentro do ideal de “*igualdad ciudadana*” (PAREKH, 2005: 24).

En terceiro lugar, a globalización económica e cultural actual ten a facultade de achegar as culturas, como achega as economías. A revolución das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e dos medios de transporte a nivel global acurtan as distancias espaciais entre as diferentes culturas. Hoxe en día, por turismo ou traballo, viaxa un número infinito de persoas cada día. Os medios de comunicación teñen unha dimensión global co uso de internet, as parabólicas e os móbiles. Existe un corpo de coñecemento de carácter universal, non por consenso senón por influencia dos medios de comunicación e os transportes, que esixen un código de funcionamento que inclúe unha serie de principios de índole global.

O libre tráfico de mercadorías e capitais é a cara máis coñecida da globalización. Ese fluxo non é neutral, moi pola contra, senón que carrega unha ideoloxía, a dominante. Esa ideoloxía penetra en todas as culturas, ameazadas pola influencia dos epicentros da globalización: nomeadamente os EUA e, seguidamente, Europa. A *Declaración dos Dereitos Humanos Universais* de 1948 é unha consecuencia necesaria da globalización. As relacións internacionais esixen un escenario de entendemento, unhas normas. En termos de Parekh (2005: 25): “*Así, la diversidad cultural contemporánea tiene un aire de inexorabilidad e impredecibilidad y se ha convertido en un problema universal*”.

A cuarta diferenza que caracteriza a multiculturalidade actual ven da man da mutación do Estado nacional tradicional en Estado moderno, característica que tamén sinala Manuel Castells en *La era de la información* como constituinte da globalización. O primeiro asentábase sobre os trazos definatorios dunha nación histórica (clima, lingua, relixión, xeografía, historia...) mentres que o Estado moderno se basea nunha idea diferente de unidade social. Os Estados nación pivotaban sobre a concepción cultural homoxénea duns dereitos colectivos, dos que os individuos eran portadores nunha esfera pública homoxénea cun corpo de leis e institucións iguais para todos/as.

No seu aspecto teórico, o tránsito cara ao Estado moderno implica un poder centralizado e a desaparición desa homoxeneización social que se ve substituída por

unha idea de unidade non homoxénea, senón construída a partir da diversidade. O cambio ten nas sociedades unha serie de consecuencias a nivel histórico. Por exemplo, as expulsións dos diferentes en tanto ameazas son comúns, e contemporáneas.

“Nos hemos acostumbrado tanto a considerar que unidad es lo mismo que homogeneidad y uniformidad que, al contrario de lo que ocurría en el caso de muchos de nuestros homónimos premodernos, nos sentimos moral y emocionalmente desorientados ante las exigencias políticas de una diversidad profunda y desafiante a la que no sabemos cómo adaptar” (PAREKH, 2005: 25)

Saskia Sassen constata no terceiro capítulo de *Contrageografías de la globalización* (2003) que o Estado nación xa non é o lugar exclusivo de soberanía e dereito internacional. A autora critica que a corrente maioritaria de estudo da globalización tome como único suxeito de análise o Estado nación, quedando así –de feito– nun terreo moi estreito. Sassen mostra que asistimos á resituación dalgúns compoñentes da soberanía nacional en institucións supranacionais ou non gubernamentais. A socióloga sinala dúas probas do debilitamento da lexitimidade do Estado nación: o aumento do desemprego –só hai que botarlle un ollo ás estatísticas para comprobalo– e os febles vencellos da xente nova co mercado laboral. Son precisamente as mulleres e a xente nova quen están situados nos peores postos do mercado. A globalización ten un forte impacto no modelo de Estado nación anteriormente válido.

“La preeminencia de la escala nacional y de la autoridad exclusiva del Estado sobre su territorio – contexto clave en la etapa actual de la globalización– trae aparejada la participación necesaria de los estados- nación en la formación de los sistemas globales” (SASSEN, 2007: 29).

Segundo a conceptualización de Sassen (2007: 12), a globalización é algo que tamén reside no interior do nacional. Deste xeito, o nacional que antes era local, pasa agora a ser parte da *“escala global multiescalar”* onde figuran a cidade global (subnacional) e o mercado global (supranacional) (SASSEN, 2007: 28).

O Estado moderno –en opinión de Parekh (2005: 275) é un *“logro digno de mención y total y originariamente europeo. Sitúa al individuo por encima de la religión, la etnia y otras formas de conciencia comunitaria y crea un régimen de libertades*

personales y derechos sin precedentes”. Sen embargo, o Estado moderno, nun contexto de diversidade cultural, non é quen de garantir a igualdade entre os/as seus/súas membros/as como promete por definición na medida en que as diferentes sociedades que compoñen unha sociedade multicultural teñen diferenzas entre si que desexan conservar. Dende a perspectiva da igualdade sexual na diversidade cultural é preciso buscar alternativas de poder que permitan un equilibrio entre o contexto material e os dereitos formais sen dar lugar a discriminación e opresión, mesmo por parte do Estado, como advirte Parekh (2005: 277) que pode pasar, e de feito pasa.

Para Sassen, a defensa –mesmo feminista, que as hai- do Estado como único suxeito de dereito internacional supón un retroceso. A tarefa feminista, en opinión da nosa autora, debe preocuparse pola busca de alternativas á soberanía nacional e as implicacións de xénero que estas teorías políticas teñan. Nesa liña vai esta investigación.

Volvendo ao rego, a continuación, propoñemos unha caracterización positiva da diversidade cultural a partir da lectura que fai Parekh dos autores máis citados da teoría política. O politólogo británico-asiático resume en catro as vantaxes da convivencia de diferentes culturas nunha mesma sociedade (PAREKH, 2005: 251 e ss). O primeiro factor positivo é a capacidade da diversidade cultural para aumentar as opcións, a liberdade e a capacidade de acción. Como reconece o propio Parekh, este argumento ten un lado negativo: non serve para as culturas máis afastadas das nosas porque non nos ofrecen opcións viables para escoller, nin para as persoas contentas coa súa situación cultural. Non compartimos a segunda observación do polítogo na medida en que non é coherente rexeitar aquilo do que aínda non se ten coñecemento. Por moi contenta que estea unha persoa cunha cultura, na medida en que as culturas non son homoxéneas e cambian, ¿por qué debemos pensar que entre os cambios non se ían incluír prácticas de culturas alleas? Por outra banda, no presente non existen culturas totalmente illadas, na medida en que rexe o “*patrón informacionalista*” e a “*sociedade rede*” das que fala Castells, e a conexión intercultural é inevitable dando lugar a hibridacións e préstamos culturais de xeito non traumático para os individuos que se adaptan paulatinamente aos cambios.

A segunda vantaxe que ofrece o contexto de pluralidade de perspectivas culturais, seguindo o razoamento do noso autor, é a posibilidade de exercer o dereito de ter unha cultura. Grazas á diversidade os individuos desenvolven a súa dimensión cultural. Como ben critica Parekh este argumento non xustifica a existencia da

diversidade cultural senón unicamente da necesidade humana de ter unha cultura. O terceiro argumento a favor da diversidade é estético. Herder, Shelling e outros románticos postularon esta idea alegando que a diversidade cultural “*crea un mundo rico, variado y estéticamente placentero y estimulante*” (PAREKH, 2005: 251). Coincidimos con Parekh na febleza deste argumento. A cuarta e última vantaxe enumerada relata o vínculo que Mill, Humboldt, etc. estableceron entre a diversidade cultural e o individualismo e o progreso. Parekh conclúe que malia a importancia destes argumentos, a defensa da diversidade cultural debe facerse dende ángulos diferentes para poder dirimir entre os conflitos que xurdan, e non correr o risco de establecer no centro do sistema de protección certas prácticas de xeito inxusto. Concordamos co noso autor nos beneficios que reporta unha mirada dende varias perspectivas cara a un mesmo obxecto, deste xeito pódense observar elementos que doutra maneira pasarían inxustamente desapercibidos.

Á lista das vantaxes da diversidade cultural queremos engadir a posibilidade de enriquecemento mediante o diálogo das diferentes culturas. Un contexto plural facilita o labor de aprender a apreciar as características da propia cultura e criticar as súas eivas. E para aqueles a quen non lle convenzan os argumentos de defensa da diversidade cultural, queda o derradeiro razoamento, necesariamente de peso. Trátase de aquel que afirma que posto que a diversidade cultural é unha realidade na sociedade actual só nos resta aceptala e tentar aprender a canalizar as críticas e alimentar os debates interculturais construtivos e enriquecedores ou tentar loitar contra a pluralidade mirando de esmagala co peso da homoxeneización: empresa complicada na medida en que as ferramentas das TIC e os transportes en tempo real están precisamente no outro bando o da globalización que non permite o estado de illamento total de ninguén practicamente en ningures (PAREKH, 2005: 258).

Entre os paradoxos da globalización, Virginia Maquieira sinala a aparente homoxeneización de pautas de comportamento, tipos de vestimenta, patróns de consumo, etc., mentres de xeito simultáneo se activa un mundo multicultural xa latente. Alain Touraine (1995: 25) sinala, precisamente, como primeiro mérito das ideas multiculturalistas o trazo de reaccionar contra a homoxeneización do mundo en proveito dunha cultura mercantil. Outra das contradicións do movemento global, seguindo á nosa autora, é a presentación da globalización coma un sistema social homoxéneo, cando de certo o que acontece é que aumentan as desigualdades económicas e doutra índole entre as diferentes clases sociais. A estratificación xera un

aumento das maiores riquezas a un tempo que incrementa a pauperización dos/as máis desfavorecidos/as (MAQUIEIRA, 2006: 38). Na mesma lista de paradoxos inclúese a diferenza de movementos entre ricos e pobres. Por unha banda, a globalización, xerou un tránsito de viaxieros/as cosmopolitas que por motivos laborais ou turísticos voan dun extremo ao outro do globo terráqueo sen restricións. Por outra banda, a mundialización provocou un fluxo de desprazamentos forzosos para refuxiados/as e inmigrantes que, por guerras, persecucións ou falta de recursos, deben fuxir dos seus lugares de orixe. Mentres as fronteiras non son un impedimento para o primeiro tipo descrito, son cada vez máis difíciles de franquear para o segundo tipo exposto. A política de peche de fronteiras á inmigración corre parella á apertura das mesmas para bens, servizos e capitais.

A orixe maioritariamente meridional, termo relativo ao mal chamado Sur, dos/as inmigrantes que se asentan no colo de culturas europeas dominantes é un trazo fundamental da multiculturalidade actual. O aumento dos fluxos migratorios de países periféricos cara ao centro das grandes metrópoles, capitais europeas e Nortamérica, é unha consecuencia lóxica da desregularización dos mercados coa economía capitalista neoliberal.

A serie de contradicións que enumeramos, de man da editora de *Mujeres, globalización y derechos humanos*, Virginia Maquieira, xeran un clima de inseguridade, de nerviosismo, de conflitos. É precisamente neste contexto onde se deu e segue a dar o caldo de cultivo para o nacemento e mantemento do multiculturalismo.

2.2.4. *O multiculturalismo: aproximación teórica*

Certa literatura ven empregando de maneira unívoca os termos de multiculturalidade e multiculturalismo, como sinónimos. Aquí faremos unha distinción. De xeito resumido podemos definir multiculturalidade como situación sociohistórica concreta na que se dá unha convivencia de varias culturas diferentes nun mesmo espazo. A multiculturalidade polo tanto, e como explicamos no apartado anterior de vagar, é un feito. O multiculturalismo é a toma de postura fronte a este feito. Trátase dunha teoría normativa que xorde nun contexto de multiculturalidade para xestionar a relación das diferentes culturas obrigadas a convivir.

O multiculturalismo é un termo que fai referencia á multiculturalidade, o seu obxecto de reflexión e punto de partida da súa elaboración político-normativa. A orixe

do multiculturalismo remóntase á loita negra estadounidense que tivo lugar nos anos 60 do século pasado, década na que os líderes políticos reivindicaron a identidade cultural. Na loita contra o racismo uníronselle portorriqueños, mexicanos, indíxenas, novos inmigrantes europeos, etc. Trala reivindicación da América multiculturalista, outros países coma o Canadá –co caso do Quebec- pasaron por un proceso parello. Precisamente son canadinos varios dos autores destacados na análise do multiculturalismo, como Taylor ou Kymlicka nomeadamente. Charles Taylor deu ao prelo en 1972 *El multiculturalismo y la política del reconocimiento*, obra que abre o debate verbo da problemática do recoñecemento e as políticas multiculturalistas. Segundo Kymlicka, o multiculturalismo fai referencia a unha extensa gama de grupos sociais non éticos que, por diversas razóns, foron excluídos ou marxidados do núcleo maioritario da sociedade. Kymlicka alude ao nacemento do multiculturalismo nos EUA, onde este movemento, ten especial relevancia; e ao seu uso en Europa como resposta aos poderes compartidos entre as comunidades nacionais (KYMLICKA citado por AGRA, 2000: 136)

Existen moitas propostas de definición do termo multiculturalismo. Mary Nash propón a utilización do termo “multiculturalismos”, en plural, para facer xustiza a esta realidade. Partimos da definición de multiculturalismo democrático que acuñou Alain Touraine publicada no ano 1995 nun artigo en *Claves de la Razón Práctica*.

“El multiculturalismo democrático es hoy el objeto principal de los movimientos sociales reformadores, como hace 100 años lo fue la democracia industrial. No se reduce a la tolerancia y a la aceptación de particularismos limitados: tampoco se confunde con un relativismo cultural cargado de violencia. En los países liberales, su fuerza principal es su resistencia a una globalización que sirve a los intereses más poderosos; y en los países autoritarios está al servicio de la laicidad y de los derechos de las minorías”.

Sen dúbida quen lea esta definición non poderá máis que desexar coñecer os logros dunha teoría tal: que loita contra os efectos negativos da globalización, que está do lado do laicismo nas sociedades gobernadas por déspotas autoritarios, que defende os dereitos das minorías sen recorrer á violencia e ao uso do relativismo cultural radical, tan denostado nos círculos teóricos, etc. Sen embargo, esta definición non fai xustiza ao multiculturalismo, senón que debuxa unha cara amable e, hai que dicilo, irreal dos movementos multiculturalistas que coñecemos en Europa. Se ben é certo que a

ideoloxía multiculturalista é “*ampliamente aceptada por todos los demócratas, incluso de modo inconsciente*”, en termos de Amelia Valcárcel (en AMARA, 2007: 8).

As bases teóricas do multiculturalismo comparten co relativismo cultural e co etnocentrismo a idea homoxénea de cultura, xa criticada nun apartado anterior. Multiculturalismo e relativismo cultural comparten, así mesmo, a defensa de tolerancia. O que no relativismo era una necesidade para manter a tese da igualdade de valor de todas as culturas (sic), no multiculturalismo preséntase como un imperativo do mantemento das diferentes identidades, fundamentalmente para o mantemento das identidades dos membros de minorías culturais fronte a unha cultura dominante maioritaria que defende as súas prácticas culturais mediante as súas leis e institucións, alleas a situación destas minorías antes da reivindicación de defensa da diversidade cultural.

A idea homoxénea de cultura, conleva, coma no caso do relativismo cultural, a tese da inmutabilidade das mesmas. Dende a perspectiva feminista criticase, como no caso do relativismo, esa idea, na medida en que imposibilita o cambio que demandan as mulleres na súa loita pola consecucións da igualdade real. As feministas “*deberíamos considerar las culturas humanas como constantes creaciones, recreaciones y negociaciones de fronteras imaginarias entre “nosotros” y el/los “otros”*” (BENHABIB, 2006: 33), e de feito é así mesmo como as imaxinamos.

Para unha definición consensuada de multiculturalismo, María Luísa Femenías remite a Rex, que o caracteriza como:

“*Una nueva línea de investigación que sitúa la conflictividad social en torno a lo que se ha dado en denominar los “nuevos movimientos sociales”, que constituyen lo que a veces se ha denominado “una extraña multiplicidad”. Suele incluirse bajo este rubro a “una variedad de movimientos incluyendo el ecologismo, el feminismo, los movimientos gay-lésbicos, los movimientos de jóvenes, los pacifistas y los movimientos étnicos”* (REX citado en FEMENIAS, 2007: 23)

Tras ler esta definición entendemos a afirmación de María Xosé Agra sobre o carácter de comodín deste termo. Na medida en que deriva de cultura –concepto especialmente ambiguo-, esta é unha consecuencia predicible. Para consensuar unha definición de multiculturalismo é previamente necesario ter claro qué é a cultura, tarefa pendente para grande parte dos teóricos/as do multiculturalismo que empregan o concepto de xeito unívoco. Estamos, pois, perante a un termo de “*significado oscuro*”

en termos de Rex. Comecemos co concepto. A orixe está ligada, segundo o estudo de Femenías (2007a: 29), a un debate que se deu nos anos 1992-1993 nos EUA sobre a pertinencia ou non de introducir esta problemática nos libros de texto dos/as escolares nortamericanos/as. Os resultados do congreso foron publicados en 1998 pola Universidade de Kansas. A difusión editorial deulle proxección pública á discusión que non chegara a un acordo terminolóxico.

Stanley Fish considera que o multiculturalismo, que pode ser de boutique ou “strong”: “*valora la diferencia por si misma como manifestación de algo básicamente constitutivo*” (FISH citado en FEMENIAS, 2007a: 30). A procedencia desta ideoloxía do eloxio da diferenza é un elemento consensuado na definición do multiculturalismo pola maioría dos/as autores/as.

Pankratz considera que o multiculturalismo é un termo normativo, que fai referencia a como deberían ser as cousas: “*el multiculturalismo es el futuro de la experiencia humana individual y social*” (PANKRATZ citado en FEMENIAS, 2007a: 31). Este autor reclama dereitos sociais para os grupos étnicos que se diferencian pola identidade cultural.

A historiadora catalá, Mary Nash, define o multiculturalismo como: “*el resultado político de las luchas y negociaciones colectivas en relación con las diferencias culturales, étnicas, raciales*” (NASH, 2001 citada en FEMENIAS, 2007a: 34). Esta autora escolle de entre múltiples propostas, as definicións de cultura que teñen en conta unha “*visión dinámica, relacional y compleja del mismo*”, segundo as súas propias palabras (NASH, 2001: 36). Nash cita as perspectivas de Modood e Werbner para quen o multiculturalismo é o resultado político das loitas colectivas en relación coas diferenzas culturais, étnicas e raciais. Fraser engade á lista as diferenzas de xénero. Volveremos sobre esta tipoloxía.

Para outros/as autores/as o multiculturalismo defínese como un reto ao eurocentrismo. Esta proposta pretende cuestionar:

“Una visión de Europa como centro de gravedad y realidad ontológica del resto de las sombras del mundo” , Shohet, Stam (1994: 2) (...), una visión negativa del otro, de la cultura no occidental en términos de sus deficiencias, reales o imaginadas, para crear una perspectiva crítica, abierta y policéntrica del Multiculturalismo como expresión plural de otros universos y propuestas culturales” (NASH, 2001: 36)

Blanchard establece unha distinción de niveis do termo. Un primeiro nivel máis abranguidor que se vincula ás “políticas de identidade” ou de recoñecemento en referencia aos novos movementos sociais que propoñen cambios a partires da politización das diferenzas. E un segundo nivel, que fai referencia a “*formas de vida diferentes, conservadoras de tradiciones y derechos de las minorías, sean estas sexuales, culturales o de otros grupos sociales que anteriormente eran invisibles como tales*” (FEMENÍAS, 2007a: 35).

As definicións presentadas nesta batería comparten a liña normativa. Pero o “*Multiculturalismo se utiliza en un sentido amplio, muchas veces descriptivo, para manifestar la evidente variedad de culturas, la diversidad intra e internacionales*”. Nesta última cita, María Xosé Agra explicita o uso descriptivo do termo multiculturalista, o que nesta investigación asimilamos á definición de multiculturalidade. Cando nos refiramos ao multiculturalismo farémolo na súa dimensión normativa, a que representa unha toma de posición en termos de Amorós fronte á realidade descritiva, é dicir, ao contexto actual de diversidade cultural. Coa aproximación conceptual que vimos de ensaiar, preparamos o contexto teórico axeitado para un apartado vindeiro sobre a relación entre feminismo e multiculturalismo.

2.2.5. *As consecuencias da globalización para as mulleres*

Logo de facer unha aproximación teórica do universalismo, o relativismo cultural e o multiculturalismo, ademais de describir o contexto actual de diversidade cultural ou multiculturalidade, dispoñémonos a facer unha radiografía da situación das mulleres no presente.

A globalización, como advirten varias estudosas con perspectiva feminista, non é neutral en cuestións de xénero, polo que unha análise de xénero da mundialización é unha tarefa imprescindible. Ou dito doutro xeito pola propia Celia Amorós: “*La identificación de los hilos de color de rosa en el tejido de la globalización trazan para las feministas, como un punteado, las líneas y direcciones en que habrán de intervenir los hilos violeta*” (AMORÓS, 2007d: 303). A metáfora da fiandeira tradicionalmente asociada ao mundo feminino –son elas quen historicamente zurciron, bordaron, coseron, teceron... os fíos⁴⁶- é empregada agora con fins feministas. No contexto actual, a

⁴⁶ Sobre este tema recoméndase a lectura de MERNISSI, Fatema, *El hilo de Penélope*, Barcelona, Lumen, 2005.

metáfora amplía o seu significado para facer referencia á sociedade rede, termo acuñado polo sociólogo catalán Manuel Castells. Xa caracterizamos nun apartado anterior o contexto de diversidade cultural actual, achegámonos agora á realidade da globalización con perspectiva de xénero. Dispoñémonos a tentar bosquejar as consecuencias que este sistema fundamentalmente económico, pero tamén político e cultural –na medida en que estas dimensións están inevitablemente ligadas- ten para a situación das mulleres.

O termo globalización, que por veces se presenta como sinónimo de “mundialización”, “internacionalización” ou “transnacionalización” é escuro (MAQUIEIRA, 2006: 33- 34). Moreno, citada por Maquieira (2006: 34), aclara o termo. Segundo varios/as autores/as, globalización é o termo anglosaxón e mundialización, o francés. O primeiro designa o proceso: traslado das actividades do local ao global. O segundo, fai referencia á interdependencia crecente entre pobos e territorios do mundo. Esta interdependencia comezou fai cinco séculos e a súa cara actual é o capitalismo. O termo internacionalización ten un carácter político- xurídico, xa que se refire aos procesos vinculados ás relacións institucionais que se dan no contexto da globalización. Nesta investigación utilizaremos o termo globalización asociado aos outros dous procesos pero predominando o carácter económico (capitalismo) e cultural (diversidade) do mesmo.

A socióloga Esther Chow (citada por MAQUIEIRA, 2006: 35) define globalización como segue:

“complejo y multifacético proceso de expansión e interdependencia a escala mundial de todas las dimensiones: económica, social, cultural y política. Dichos procesos hacen posible la circulación de capitales, finanzas, producción, ideas, imágenes y organizaciones a través de las fronteras de regiones, Estados-nación y culturas”.

Reparamos na globalización por ser o maior proceso de transformación social, logo da revolución industrial –matiza Rosa Cobo (2007a: 267). Dúas das consecuencias xerais da globalización son a exclusión social e a fragmentación das identidades, que pode levar ata a fragmentación política (MAQUIEIRA, 2006: 39). Estes efectos que sofren todos os individuos inmersos na realidade global, a maioría da poboación mundial, afectan dun xeito especial ás mulleres por varios motivos, que a continuación desglosaremos.

A relación da economía co xénero feminino ten un carácter especial. Fronte ao home- que se establece como modelo ou estándar de suxeito económico- as mulleres son unha excepción que se interpreta á marxe da economía tradicional. Os estudos sobre economía e teoría feminista denunciaron a asignación correlativa de espazos e ocupacións en función do xénero en tanto construción social, enmascarada dunha suposta naturalidade. Os homes fan traballo de produción, mentres que as mulleres facemos traballo de reprodución, que non se considera realmente traballo. As tarefas de coidados son a principal ocupación das mulleres, e estas non se contabilizan porque non se pagan. O traballo non remunerado é feminino, porque son mulleres a maioría dos suxeitos que se ocupan nestas tarefas de solidariedade e amor, como din algúns/unhas teóricos/as economistas.

Tradicionalmente, as mulleres en relación á esfera económica estivemos excluídas, ou incluídas coma excepción, sempre con outras categorías moi afastadas da competencia, interese e egoísmo masculinos, termos que utilizan os teóricos de Economía para referirse ao modelo masculino, oposto ao de amor e altruísmo feminino.

A perspectiva desta investigación foxe do esencialismo que naturaliza a división sexual do traballo. Analizamos as consecuencias da globalización para as mulleres, sen deixar nunca de ser conscientes da construción social do xénero, que deriva na situación de discriminación actual. Acollémonos á estratexia da des-identificación proposta por Amorós en *Tiempo de Feminismo* como ferramenta para distanciarnos do contexto de discriminación e fragmentación identitaria ligados á globalización, para tomar distancia crítica e obxectivar, “*interpretar y discutir los discursos hegemónicos, de reinterpretar y discutir las situaciones dadas y recrearlas confiriéndoles un nuevo sentido*”, en termos de Virginia Maquieira (2006: 42).

“Para las mujeres emanciparse con respecto a su situación de subordinación pasa por un proceso en el que pongan en cuestión la diferencia genérica que les ha sido asignada como una construcción –política, cultural, simbólica- a la que no quieren estar sujetas y de la cual, en esa misma medida, se desidentifican” (AMORÓS, 1997: 19).

Coa des-identificación, a muller vira suxeito capaz de reinterpretar o seu entorno e resignificalo. Deste xeito combátese o esencialismo. Coa axuda de autoras como Rosa Cobo (2007a, 2007b), Lourdes Benería (2005), Virginia Maquieira (2006), Celia Amorós (2005), etc. podemos elaborar unha longa lista de cambios que

promove a globalización: programas de axuste estrutural, a crise da familia patriarcal, o nacemento de novos modelos de familia, unha maior mobilidade laboral, movementos inmigratorios transnacionais, a substitución da ética do traballo pola ética do consumo, a flexibilización do mercado laboral, a perda de dereitos sociais e sindicais, a perda de poder relativo da política estatal fronte a organismos políticos internacionais como son o FMI ou o Banco Mundial, o auxe das TIC, a consolidación do suxeito consumidor, recortes orzamentarios, a crise do Estado de Benestar, o auxe das políticas neoliberais, a crítica o keynesianismo e a intervención governamental da economía, maior individualismo, a precariedade dos mercados, a liberalización do comercio, a fusións de empresas, o crecemento do capital, etc. Todos estes elementos afectan de xeito diferente aos suxeitos en función de varias categorías: clase social, idade, etnia, orixe rural ou urbana, etc., pero tamén- e fundamental para o que aquí se trata- ao xénero. Mulleres e homes sofren de xeito diferente as consecuencias da globalización.

Volvendo ao caso concreto da fragmentación das identidades, as mulleres en tanto representantes da identidade cultural dos seus pobos sofren de xeito moito máis directo que os varóns das súas culturas o problema da fragmentación, encarnado nas loitas de defensa das identidades minoritarias, que no caso das globalización son ameazadas pola cultura nortamericá dominante. As mulleres como teorizou Le Doeuff sofren unha “*sobrecarga de identidade cultural*” e iso tradúcese na radicalización da defensa e reivindicacións de costumes culturais que instrumentalizan ás mulleres. Trataremos este tema polo miúdo nun apartado posterior titulado: *Sobrecarga de identidade: muller e inmigración*. A fragmentación das identidades ten para as mulleres, e máis concretamente para o movemento feminista, outra consecuencia, que ven a ter os mesmos efectos negativos que a primeira consecuencia enunciada. Virginia Maquieira alerta sobre a posibilidade de fragmentación verbo do propio movemento feminista en tanto defensor dunha identidade concreta, a da muller como suxeito autónomo en sentido racional.

“Las fragmentaciones aludidas pueden tener consecuencias para el feminismo como movimiento emancipador en la medida en que fragmenta la constitución de las mujeres como sujeto político y, más aún, cuando la utilización de la diferencia cultural se erige como frontera infranqueable, y a la vez, como soporte infranqueable de la desigualdad” (MAQUIEIRA, 2006: 41)

Por outra banda, o auxe do multiculturalismo é unha das consecuencias da globalización, e nesa medida, a fragmentación do feminismo e a exaltacións das identidades minoritarias encarnadas en mulleres si son efectos nocivos da mundialización para as mulleres. Se ben, non cremos que a reivindicación de dereitos políticos para as mulleres –que non muller como di Maquieira- en tanto suxeito heteroxéneo teña as consecuencias descritas pola antropóloga. O que defende o feminismo ilustrado é a consecución da igualdade real. Nesta medida a fragmentación non ten porque afectar á causa feminista global sempre e cando os diferentes movementos feministas teñan claro o obxectivo primixenio: a consecución da igualdade.

O movemento feminista non goza de prestixio e aceptación social en todos os recunchos do mundo, é máis, en moitos lugares ser feminista é un insulto, mesmo para as mulleres que de facto reivindicán e practican o que o movemento feminista defende. O desprestixio deste termo en boa parte do mal chamado Sur: América Latina, África, etc. ten que ver coa acusación ao feminismo de movemento occidental, e polo tanto tachado de etnocentrismo, eurocentrista, branco, heterosexual, de clase social media alta e cultural alta, etc. Esta idea é divulgada –como denuncia Fatema Mernissi- polos líderes relixiosos fundamentalistas e por un sector “*provinciano*” do feminismo occidental. O carácter non exclusivamente occidental do feminismo é unha afirmación coherente coa teoría amorosía das “vetas da ilustración”, segundo a cal pode espertar unha conciencia crítica co sistema patriarcal imperante en calquera lugar do mundo reunindo así as condicións para ser considerado feminismo.

A continuación desglosaremos a lista das consecuencias negativas da globalización poñendo como referencia a perspectiva das mulleres. Todos e cada un dos elementos citados están interrelacionados entre si, na medida en que forman parte dun sistema social concreto e dun momento socio-histórico compartido. De maneira que non iremos un por un senón que faremos comentarios máis completos relacionándoos.

A crise da familia patriarcal e o nacemento de novos modelos de familia está ligada fundamentalmente á incorporación masiva das mulleres ao traballo, que ao ser contemporánea ao desmantelamento do Estado de Benestar e a diminución na prestación de servizos sociais públicos por parte dos gobernos desencadeou unha situación social que variou en moito a anterior. Tradicionalmente, as mulleres quedaban na casa e dedicábanse ás tarefas de coidado e crianza dos fillos, simultaneadas coas

tarefas domésticas e quizais a agricultura de subsistencia mentres o home da casa saía a traballar fora para traer un soldo ao fogar que mantiña co seu traballo de produción. Na actualidade, varios factores –entre os que se contan as loitas feministas pola independización e maior autonomía das mulleres, o incremento das taxas de escolarización femininas, o incremento do patrón de consumo que esixe un maior nivel de riquezas e a informalización do traballo que non permite a estabilidade laboral masculina tradicional, etc. –desembocaron na incorporación laboral feminina. As mulleres accederon á esfera laboral en grande número pero non en posición de igualdade cos homes. O hándicap que lastran as mulleres sitúanas nunha maior probabilidade, en relación aos compañeiros varóns, nas colas do paro (CABRERA, 2004: 33), “*a tiempo parcial, o con contrato precario, sin regulación de derechos laborales, en el sector informal, en la economía sumergida, etc.*”- porque en expresión de Celia Amorós, os varóns controlan as regras da rifa e distribúen os boletos. (AMORÓS, 2007d: 318). O acceso ao mercado laboral por parte das mulleres vese atrancado polo “imposto reprodutivo”- utilizando o termo da economista feminista Ingrid Palmer que fai referencia ás tarefas domésticas das que as mulleres non se “desembarazan” nunca mellor dito metaforicamente.

A substitución da ética do traballo pola ética do consumo, apuntada no punto anterior, está relacionada coa precariedade laboral caracterizada pola menor estabilidade laboral, o descenso de dereitos laborais ligados a un descenso da forza sindical, unha maior mobilidade laboral, o establecemento das medias xornadas e os contratos a tempo parcial como estándar máis que como excepción, etc. Todas as características enunciadas no punto anterior afectan dun xeito máis grave ás mulleres. En tanto acabadas de chegar, as mulleres están nos peores postos, peor remunerados, con maior mobilidade e flexibilidade, en tempo parcial, en postos temporais, mesmo de xeito informal... Estas características forman o que se deu en chamar a feminización do traballo. Non só atendendo á cantidade de mulleres que traballan senón, e fundamentalmente, á calidade de traballo que realizan. “*Feminizado, enormemente vulnerable, apto para ser desmontado, vuelto a montar, explotado como fuerza de trabajo de reserva...*” (GORDON citado por AMORÓS, 2007d: 311).

A feminización do traballo, caracterizada polo acceso masivo das mulleres a postos de traballo remunerados, está ligada fundamentalmente ao crecemento de dous sectores económicos retroalimentado pola dispoñibilidade que estes sectores de actividade económica tiñan de obreiras baratas, flexibles, etc. Referímonos ao sector dos

servizos e ao das manufacturas a baixo custo. Se ben, hai outros sectores que contribuíron a feminizar a forza de traballo, os datos confirman a importancia das cadeas de montaxe electrónico e o sector servizos como primordiais na ocupación de obreiras do século XXI, ou o que Sassen bautizou como novo proletariado do capitalismo. As zonas francas concentran o traballo feminino en porcentaxes do 75 por cento, e no caso concreto da confección e o téxtil ata o 90 por cento. Os pescozos brancos foron substituídos polos de color rosa, agora vestidos por mulleres pouco cualificadas e situadas nos vestidores do sector turístico, a administración empresarial de baixo nivel, etc. (BENERÍA, 2005: 94).

Outro dos nichos das novas proletarias é o da prostitución e o turismo sexual, sectores que protagonizaron un aumento espectacular nas últimas décadas. A economía somerxida ou informal é, como moi ben afirma Saskia Sassen, parte do sistema de globalización: manteno, en tanto pilar invisible. E ás mulleres tócanlle a gran maioría das rifas na tómbola –segundo a metáfora amorosía xa comentada. Así, a desigualdade de xénero fai medrar as economías globais (BENERÍA, 2005: 94). E a globalización aumenta o traballo das mulleres (COBO, 2007a: 292). O mercado prefíreas por ser novas, con menor formación e sen experiencia en comparación cos homes. Sophie Bessis (2005: 172) documenta a rápida feminización do mercado de traballo que tivo lugar no último cuarto de século tamén nos países do Sur.

Ás malas condicións na esfera pública, no caso das mulleres, temos que engadirlle o empeoramento das condicións na esfera privada, o fogar. A incorporación das mulleres ao traballo asalariado non se viu correspondida cunha progresiva incorporación dos homes ao traballo doméstico⁴⁷. As mulleres, como consecuencia, asumiron na súa saída á esfera pública, o peso dunha dobre xornada. En tempos de crise económica –e dado que o desmantelamento do Estado de Benestar é unha das consecuencias da globalización, na actualidade podemos falar de crise- as mulleres son ás que máis teñen que apertarse o cinto. “*En épocas de recesión, las mujeres trabajan, por lo general, más y más barato que en los periodos de crecimiento*”, afirma Bessis (2005: 173). Por unha banda, sofren os problemas da esfera laboral onde están situadas nos peores postos e cunha maior probabilidade de ser despedidas, e a un tempo os da esfera privada. Os servizos que deixa de prover o Estado, coa caída do réxime de

⁴⁷ Segundo Cristina García Sainz (2006: 181) os españois son entre os europeos, os varóns que menos tempo dedican a tarefas domésticas. O resultado é que España é un dos países da UE onde as diferenzas na dedicación por xénero son maiores. A situación no resto dos países non é moito máis alentadora. Véxanse os datos do informe do PNUD de 1995 ofrecidos por Benería (2005: 163).

Benestar, teñen que ser cubertos polas mulleres⁴⁸. Se non hai garderías públicas, colexios infantís, hospitais, xeriátricos, etc. para todos/as, son as nais e avoas as que teñen que cubrir todas esas necesidades.

As mulleres, polo peso de reprodución, entendida segundo a dicotomía patriarcal, vense obrigadas a entrar e saír do mercado laboral en función das súas fases vitais (AMORÓS, 2007d: 325): esposa cun fillo/a que aleitar, filla que ten que coidar aos pais ou sogros, nai que debe coidar ás criaturas enfermas, etc. Nótese que non pretendemos connotar de xeito negativo as tarefas de coidados. O que se critica é a asunción familiar exclusiva e obrigatoria destas tarefas por parte das mulleres: fillas, nais, avoas...

A situación familiar das mulleres condiciona o seu acceso ao eido laboral. Segundo datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) de 2002 presentados por Pedro Cabrera (2004: 35-36) só o 40,5 por cento das mulleres casadas permanecen activas, sendo a porcentaxe nas solteiras dun 57,5 por cento. O resultado é un 30 por cento menos de actividade remunerada.

Por outra banda, facémonos eco –aínda que non afondaremos máis no tema– de que a función de coidadora asignada socialmente ás mulleres condiciona en parte o tipo de emprego ao que estas acaban tendo acceso.

Esta situación vese especialmente agravada nos contextos de aplicación de políticas de axuste estrutural por asesoramento do FMI ou o Banco Mundial – institucións que no contexto global actual teñen máis poder executivo real que os/as políticos/as estatais. Nestes contextos, as mulleres viven unha situación crítica, que se ve agravada pola necesidade de inmigrar a outros países para buscar traballo, dado que nos propios non existe unha oferta suficiente para cubrir as necesidade básicas destas mulleres e as súas familias.

“A igual nivel social, ellas sufrieron, más que los hombres, el ajuste que acrecentó la parte invisible de su trabajo en detrimento de la parte remunerada. No sólo fueron las primeras afectadas por la reducción del gasto en salud y educación en los países en los que la estructura patriarcal favorece sistemáticamente a los chicos, sino también por el incremento del precio de los alimentos en las sociedades en las que la desigualdad sexual ante la alimentación es la regla. En todas partes aumentó su carga de trabajo (...). En otros lugares, recayó de nuevo

⁴⁸ Sobre este tema véxase o apartado “Trabaja doméstico: estrategias familiares y desigualdad” do capítulo 3 escrito por García Sainz en MAQUIEIRA, Virginia, *Mujeres, globalización y derechos humanos*, Madrid, Cátedra, 2006. Páxs. 177 e ss.

sobre las mujeres el cuidado de niños y ancianos, antes parcialmente garantizado por el poder público. El trabajo femenino gratuito “financió” ampliamente el ajuste.” (BESSIS, 2005: 60).

As políticas de axuste estrutural déronlle visibilidade ás mulleres do Sur a un alto prezo. A historiadora tunesina responsabiliza da maior repercusión sobre as mulleres ao seu status de inferioridade. Ademais, engade Sophie Bessis, as mulleres sofren máis inconvenientes que os homes: menor nivel de escolarización – nomeadamente no Sur-, redución na formación profesional, ocultación do seu engado á produción, omisión da economía doméstica, etc. En tanto “*ejército de reserva*” do asalariado –segundo a expresión bessiniá- en tempos de crise as mulleres sofren máis paro, peor pagado (sempre as últimas na cola do reparto)- en tanto teñen un peor lugar na escala laboral, etc. Son as primeiras en ter que buscar ingresos extra para paliar a crise na economía familiar. Isto ten consecuencias como o abandono da escolarización a idades máis temperás para comezar a traballar, na casa ou na economía informal⁴⁹. As mulleres son, en época de recesión, as primeiras vítimas da precarización laboral e as primeiras excluídas (BESSIS, 2005: 178). Nin dentro, nin fóra. Non atopamos lugar cómodo. A economía e os modelos econométricos –en expresión de McCloskey (citado en BENERÍA, 2005: 25)- é o resultado dunha perspectiva e metodoloxía masculinistas.

Estudos citados por Benería (2005: 29) sinalan que as políticas de axuste non foron, nin son, neutrais con respecto do xénero. As mulleres vense dobremente afectadas pola aplicación destas medidas en tanto membras de grupos sociais concretos, en tanto doentes da esquizofrenia resultante da división do traballo dentro e fóra do fogar. A unidade doméstica, ou familiar –como é entendida tradicionalmente e como segue a ser na maioría dos países que sofren a aplicación de políticas de axuste estrutural- é o refuxio onde os individuos se resgardan da tempestade económica- a crise. Cando en economía se fala de familia, nunha cantidade significativa de ocasións, estase a falar eufemisticamente de mulleres. Ven aquí a colación a crítica que fai Miguel Ángel Mateo (2001: 59), entre outros/as autores/as, da metodoloxía economicista que calcula o número de mulleres pobres con datos nesgados xenericamente por tomar o fogar, e non as propias mulleres, como unidade de análise⁵⁰. Coa transferencia dos custos do mercado ao fogar, as mulleres sobrecárganse de tarefas -por se xa tiñan

⁴⁹ Véxase o apartado “La informalización y las mujeres” e en xeral todo o capítulo 4 de BENERÍA, Lourdes, *Género, desarrollo y Globalización*, Barcelona, Hacer, 2005.

⁵⁰ Unha das autoras que máis ten traballado este tema é Martha C. Nussbaum. Véxase por exemplo NUSSBAUM, Martha C. (2002), *Las Mujeres y el desarrollo humano*, Barcelona, Herder.

poucas- e fan a función de colchón de muelles amortiguando as consecuencias sociais da crise. Existe unha expresión na economía feminista que fai referencia á invisibilidade destes custos da crise: “*os custos ocultos*”. Dymski e Floro (citadas por BENERIA, 2005: 67) desenvolven este argumento:

“Buena parte del coste social y humano de las crisis financieras a veces no es demasiado visible, pero las crisis pueden alterar las relaciones de género debido a los ajustes que se realizan en el seno de las economías domésticas, con severas consecuencias no sólo para los resultados económicos sino también para la reproducción social de los hogares”.

Sassen (2003) denominou feminización da supervivencia a este fenómeno que fai depender as economías domésticas e as dos propios gobernos das mulleres. Coa liberalización dos mercados característica da globalización, prodúcense desprazamentos dos centros de produción a lugares onde os custos de man de obra, e os dereitos sociais e sindicais sexan menores para recadar máis ingresos para os titulares das grandes empresas multinacionais. As mulleres son a opción predilecta destas empresas desterritorializadas que esixen man de obra pouco cualificada e moi flexible cunha necesidade alta do posto de traballo para que o seu nivel de esixencia sindical sexa menor e a súa implicación coa empresa sobrepase a explotación laboral. Rosa Cobo (2007a: 296) denuncia a entrada en masa de mulleres ao mercado global de traballo en condicións de sobreexplotación laboral como condición de posibilidade de aplicación das políticas neoliberais. A deslocalización –estrutural na globalización- manufactura en feminino nas maquilas e zonas francas con vencellos ao vestido e á montaxe electrónica. As mulleres son o novo proletariado do século XXI. Afondaremos nesta cuestión no apartado relativo á inmigración pois son na súa maioría mulleres inmigrantes as explotadas.

A globalización conta entre os seus trazos definitorios a creación de grandes bolsas de pobreza, o que Manuel Castells denominou: “*agujeros negros del capitalismo informacional*”. E non é casual nin accesorio que eses buracos negros sexan nichos maioritariamente de mulleres.

2.5.5. Feminización da pobreza

A realidade choca co mundo editorial. Son varios/as os/as autores/as que critican a ausencia de bibliografía específica sobre feminización da pobreza. Gonzalo Aza (2004: 177) da Universidade Pontificia Comillas critica o paradoxo de que malia recalcarse o protagonismo das mulleres nos procesos de empobrecemento familiar e social exista un escaso número de investigacións centradas nas mulleres excluídas.

A propia Nacións Unidas xa fala de “feminización pobreza”, e non é para menos xa que aínda que existe variación de datos estímase que arredor do 70% (datos da ONU) dos 1.300 millóns de persoas pobres do mundo son mulleres. Así mesmo, calcúlase que só o dous por cento da propiedade mundial é de titularidade feminina. Deste dato son en grande parte responsables as políticas de herdanza patriarcais que pasan os bens de pais a fillos, excluindo as fillas que van casar fóra e formar parte doutra familia. Seguindo coa rolda de datos, estímase que a taxa de alfabetización e escolarización de nenos duplica a de nenas, xerando un hándicap de incorporación ao ámbito laboral moi difícil de superar para as mulleres. Segundo o estudo de Ana García Mina e María José Carrasco (2004: 9), dos 900 millóns de persoas analfabetas que hai no mundo 2/3 son mulleres.

A doutora en Economía, María Martínez Torres, define a feminización da pobreza como segue:

“Existen diversas maneras de definirla: puede significar que las mujeres tienen una mayor tasa de incidencia de la pobreza que los hombres, o que la pobreza de las mujeres es más severa que la masculina; o bien que a lo largo del tiempo la incidencia de la pobreza en las mujeres ha crecido respecto a la de los hombres” (MARTINEZ TORRES, 2005: 7).

Antes de seguir afondando na feminización da pobreza, debemos pararnos en definir o concepto de pobreza, para logo aplicarllo ás mulleres e poder así aproximarnos ao tema dun xeito máis rigoroso. Como todos os conceptos de peso, o termo pobreza ten un pouso ambiguo. Por veces establecer os límites entre pobreza e non pobreza non son doados. A orixe do termo, e daquilo ao que fai referencia, non é nova. Xa, na antigüidade clásica, Séneca defendía esta problemática no escrito *Sobre la pobreza*. Nas súas páxinas, caracteriza a pobreza coma abandono voluntario das riquezas. Sen embargo, esta idea xa non é a que se evoca hoxe con este concepto.

Dende o nacemento histórico do capitalismo, alá polo século XVIII, pobreza adquire o sentido que ten no presente. E que poderíamos esbozar a grandes trazos así: situación involuntaria na que o individuo non é quen de satisfacer as necesidades básicas (TORTOSA, 2001: 20).

Martha Nussbaum elaborou unha listaxe de capacidades humanas centrais que deberían ser garantidas para todos os seres humanos, en especial atención para as mulleres na medida en que, como ela mesma escribiu en referencia ao Informe sobre o Desenvolvemento Humano asinado en 1997 polo PNUD, “*No hay país alguno que trate a su población femenina igual de bien que a la masculina(...) Las desigualdades de los sexos están en fuerte correlación con la pobreza*” (NUSSBAUM, 2002: 29). Nussbaum achégase ao mínimo social básico a través dun enfoque centrado nas “capacidades humanas” situado no liberalismo político. Para elaborar a lista das capacidades básicas, de alcance universal, Martha Nussbaum céntrase na idea kantiana dos individuos coma fins en si mesmos e non coma medios. A nosa autora insiste na importancia que ten este enfoque para as mulleres, na medida en que estas son tratadas frecuentemente como instrumentos para os fins doutros, nomeadamente varóns. Nussbaum exemplifica esta idea coa seguinte lista: “*reproductoras, encargadas de cuidados, puntos de descarga sexual, agentes de prosperidad general de una familia*” (NUSSBAUM, 2002: 28)

Coincidimos con Nussbaum na posibilidade de establecer unhas categorías transculturais de dereitos básicos na vida dos seres humanos: algo semellante ao que ela chamou as capacidades básicas, entendidas como unha profundización nos dereitos humanos. O propósito desta investigación non é elaborar esa lista de capacidades, nin criticar polo miúdo a proposta por Martha Nussbaum, senón a de demostrar teoricamente a súa posibilidade e necesidade á hora de conquistar a igualdade sexual na diversidade cultural. Coidamos que Martha Nussbaum ten razón á hora de reivindicar un mínimo transcultural, que de ser aplicado sen discriminación de xénero, será quen de rematar coa feminización da pobreza, e polo tanto con boa parte desta. Julio Boltvinik (2001: 267), profesor do Centro de Estudios Sociológicos, Colegio de México, elaborou unha lista de seis fontes de benestar para satisfacer as necesidades básicas dunha persoa: o ingreso corrente, os dereitos de acceso a bens e servizos estatais gratuítos, os dereitos de uso de servizos básicos, os niveis educativos, o tempo de educación e descanso e a capacidade de enbedamento.

A pobreza é un fenómeno multidimensional, non estritamente económico, no que claramente se poden diferenciar dúas perspectivas: a pobreza absoluta (ou carencia

total de recursos, coa conseguinte imposibilidade de satisfacer as necesidades básicas) e pobreza relativa (situación comparativamente peor que outros individuos dun contexto determinado á hora de cubrir as necesidades básicas). Como indica Miguel Ángel Mateo (2001: 49), o segundo tipo está relacionada co concepto de desigualdade, polo que entronca coa redistribución da riqueza- da que falaremos máis adiante. En termos de Nussbaum: *“Es poco probable que se pueda obtener que todos los ciudadanos estén por encima de un umbral mínimo de capacidades para el verdadero funcionamiento humano sin implementar ciertas políticas distributivas”* (NUSSBAUM, 2002: 130).

As liñas de pobreza son unha sorte de fronteiras imaxinarias que separan dentro dun mesmo contexto socio-histórico as persoas que son pobres das que non o son. Trátase da perspectiva relativa de pobreza, empregada fundamentalmente nos estudos económicos actuais que elaboran estatísticas de pobres dentro dun mesmo país. A perspectiva relativa da pobreza é a máis indicada para unha investigación, a nosa, na que o obxectivo é o de aproximarnos criticamente á realidade global na que estamos inseridas para resignificar a situación das mulleres, ou cando menos achegarnos ás causas da discriminación con vistas a desmantelala. Así mesmo, a perspectiva feminista da igualdade con preocupacións na diversidade cultural, lévanos a mirar cara ferramentas máis globais como as creadas polo PNUD (Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento). Nacións Unidas creou o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) que pode ter implicacións internacionais. Entre as súas carencias figuran a limitación de aplicación aos Estados como unidades de análise e a ausencia da perspectiva de xénero. O PNUD subsanou a segunda das faltas coa presentación en 1995 do Índice de Potenciación de Xénero (IPG), que, se ben, introduce elementos próximos á dimensión de xénero e desenvolvemento, presenta a eiva importante de ofrecer só datos cuantitativos.

O Informe de 1997 do PNUD puxo de relevancia a maior exclusión social das mulleres nas diferentes institucións políticas e económicas. Este informe sinala unha serie de causas que sitúan ás mulleres máis propensas á pobreza. Entre eles figuran a dedicación das mulleres á reprodución, por oposición á produción masculina; a gratuidade das actividades tradicionais das mulleres fronte o pago que reciben as tarefas remuneradas masculinas coloca ás mulleres nunha situación de desequilibrio fronte ao outro xénero en cuestións de pobreza. Outro factor de pobreza de xénero sinalado polo PNUD é a menor dispoñibilidade que teñen as mulleres por ocuparse de tarefas domésticas ademais doutras de “produción” nomeadamente no sector informal e mal

remuneradas. Os homes dispoñen de máis tempo e iso dálles vantaxe no benestar. O terceiro elemento é a diferenza de soldo por sexos, mesmo cando a ocupación se pode homologar en habilidades. “*Las diferencias salariales ayudarán a definir el trabajo de la mujer como secundario para el hombre*”, sentenza Heidi Hartmann (citada por AMORÓS, 2007d: 323).

Queremos incidir máis no protagonismo que ten a distinción entre produción /reprodución e a súa asignación correlativa de sexos na pobreza das mulleres. Ao non ser as titulares dunha nómina propia as mulleres vense desprotexidas en moitas ocasións. Varios estudos demostran que as ganancias dos pais de familia por veces non chegan –cando menos non nunha proporción xusta, que permita cubrir os gastos necesarios da unidade familiar- ás mulleres da familia. Nas situacións de carencia, son precisamente as mulleres as que máis se sacrifican para servir de colchón á súa familia: son as peor nutridas, con menor atención médica e hixiénica e desfrute de todo tipo de servizos na maioría das familias con falta de recursos. O feminismo ten o labor de desfacer o binomio muller-reprodución, home-produción, só deste xeito se poderá reequilibrar a balanza da pobreza, tan inclinada cara ao lado feminino.

Existen dous tipos de pobreza: a de nacemento, e aquela que devén co tempo. A probabilidade de entrar na pobreza é a mesma para ambos os dous sexos: un 10 por cento. Sen embargo, a posibilidade de saída da pobreza é menor para as mulleres que para os homes, nunha relación de 35 por cento para eles e 50 por cento para elas (MARTÍNEZ TORRES, 2005: 26). Non é preciso ser unha experta en economía para entender que se entran na pobreza o mesmo número de homes que de mulleres, e saen menos mulleres da pobreza, a clave está en que máis nenas herdán a pobreza das súas nais. Dicía Baboucar Gaye: “*Para mí, la pobreza real es una mujer pobre*” (citada en TORTOSA, 2001: 33). E á vista da situación actual non se equivocaba.

Volvendo ao binomio pobreza absoluta/pobreza relativa, recuperamos o termo de tradición política francesa: exclusión social, que dende os anos 70 foi rescatado pola Secretaría de Estado de Acción Social francesa para referirse ás persoas excluídas das seguridade social, os chamados “*problemas sociais*”. A crise dos anos 80 engrosou as filas de parados/as e mesmo de parados/as de longa duración, un dos mecanismos estruturais de produción da exclusión social, xunto con outros como: o deterioro das estruturas familiares, a evolución do sistema de valores, a tendencia á fragmentación social, reducida participación nas institucións tradicionais, evolución da migración, etc. (MARTÍNEZ ROMÁN, 2001: 67-70).

A exclusión social dáse cando existe discriminación na sociedade (MARTÍNEZ ROMÁN, 2001: 74). A primeira é unha consecuencia da segunda. Polo tanto, a exclusión social das mulleres –da que dan conta as cifras de feminización da pobreza– dáse en sociedades onde existe discriminación de xénero. A pobreza, e a exclusión social, en tanto dimensión da primeira, son construcións sociais, “*produtos históricos de mecanismos sociais*” e non produtos derivados de atributos individuais ou colectivos, en termos de Asunción Martínez Román (2001: 78).

Sendo a pobreza unha construción social, só nos queda analizar a relación que teñen as mulleres coas institucións e estruturas sociais, como comezamos a facer co caso da familia tradicional e moderna, para comprender as causas da feminización da pobreza e ensaiar posibles alternativas. Varias das causas da exclusión social e laboral das mulleres están descritas en apartados anteriores. Neste capítulo faremos unha aproximación atendendo á feminización da pobreza, partindo dun concepto multidimensional de pobreza composto por cinco aspectos: ingresos, saúde-nutrición, illamento (educación), vulnerabilidade e carencia de poder (VÁZQUEZ y FIGUEROA, 2001: 173).

Comecemos co tipo de familia e o lugar que as mulleres ocupan na mesma. Tradicionalmente as mulleres eran as amas de casa e criadoras de fillos/as do matrimonio heterosexual no que o home, cabeza de familia vestía os pantalóns e traía un soldo para manter a familia. Sen pretensión de facer unha socioloxía do tipo tradicional de familia, podemos dicir que neste esquema as mulleres carecían de independencia económica e de autonomía persoal e política na medida en que estaban excluídas da esfera pública en tanto carentes do estatuto de suxeito político e económico. A situación mudou. Deuse unha evolución da figura tradicional de familia e de ama de casa coa incorporación das mulleres á esfera pública, nomeadamente ao ámbito laboral; a reivindicación doutros tipos de sexualidade: o auxe do movemento homosexual coa visibilización da existencia *gai*, lésbica, transexual, bisexual, etc.; o descenso das taxas de natalidade; o aumento de separacións e divorcios, etc. Todas estas causas interrelacionadas entre si deron lugar a diferentes tipos de asociacións afectivas: os novos tipos de familia.

Malia que non se pode negar a importancia e efectos beneficiosos que para as mulleres tivo a súa incorporación masiva ao traballo –independencia económica, maior mobilidade, autonomía, capacidade de elección, etc.– non podemos ver as mulleres

como as grandes triunfadoras neste sistema de cambios, porque unha vez máis a balanza da pobreza inclínase para o lado feminino.

“La feminización de la pobreza se ha visto agravada porque la mayoría de hogares monoparentales con cabeza de familia mujer tiene una probabilidad de ser pobre que es significativamente mayor que las que presentan el resto de modalidades de hogar”
(MARTÍNEZ TORRES, 2005: 5).

Nesta cita de María Martínez Torres comprobamos como a independencia, ben prezado por si mesmo, se converte nunha arma de dobre fío en mans das mulleres, para quen a súa autonomía económica vai acompañada dun descenso no seu volume de ingresos. É dicir que a independencia familiar non vai ligada a unha maior independencia económica senón a un axuste do nivel de vida, dado que as condicións laborais das mulleres son en xeral máis precarias que as dos homes, autores provedores económicos do fogar. A economista concreta os datos a partir dos que elabora o texto citado. María Martínez Torres (2005: 21). sinala que máis dunha terceira parte dos fogares dirixidos por mulleres están en situación de pobreza. Se atendemos a estatística, o que antes era unha excepción: a muller vivindo soa ou cos seus rapaces/zas agora torna normalidade. Coa variación da familia viñeron a diminución do número de fillos/as por cada muller –relacionado así mesmo co aumento das taxas de ocupación das mulleres-, o progresivo retraso da idade do primeiro parto, a diminución de matrimonios e o aumento das separacións e divorcios. O resultado da combinación desta serie de causas é o crecemento da taxa de fogares dirixidos por mulleres soas, cos seus fillos/as a cargo, que como vimos teñen un maior risco de caer por debaixo dos umbrais de pobreza.

O descenso nas taxas de fecundidade característica dos países do sur de Europa está correlacionado coa ausencia de servizos sociais que substitúan o traballo doméstico das mulleres para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral. Sen servizos que as apoiem na súa compatibilización, as mulleres vense obrigadas a renunciar a algo de cada esfera. Deste xeito sucédense as baixadas na natalidade e o retraso da idade do primeiro parto.

Segundo a estrutura social de mercado ton patriarcal, o resultado xurídico dunha separación é a custodia das criaturas para a nai nun 84 por cento dos casos, dando lugar a unha *“masiva feminización de la monoparentalidad”* (CABRERA, 2004: 18). O

desmembramento da familia nuclear para as mulleres conta entre as súas consecuencias negativas coa necesidade de buscar un novo fogar, aínda que en España se o cumprimento da sentenza de separación se fai efectivo o domicilio conxugal pasa a ser de uso e disfrute da nai con custodia. Os problemas veñen cando os pais non cumpren co pago que lle asigna o/a xuíz/a para a manutención dos fillos/as e do fogar. Neste caso, o problema vese agravado pola dificultade de acceso que teñen as mulleres en xeral á vivenda. O sistema crediticio e hipotecario español teñen como patrón a familia nuclear, e máis concretamente ao varón con contrato laboral de longa duración. As mulleres no sistema laboral son sinónimo de inestabilidade, termo que produce rexeitamento nas sucursais bancarias á hora de pedir un préstamo para a vivenda. Os contratos a tempo parcial, de media xornada ou por horas, temporais, a proba, en prácticas, etc. son a situación común da maioría das mulleres que acceden ao mundo laboral, cando non nos poñemos no suposto moi común de traballo informal, sen cotización nin contabilización legal.

As mulleres no sistema capitalista sitúanse na figura laboral de “provedora *frustrada*” en termos de Heidi Hartman e Celia Amorós (citadas por COBO, 2007a: 298- 299). Os bancos conceden préstamos aos titulares do “*salario familiar masculino*” e en tempos de crise, como o actual, esta figura tamén desaparece mergullada nas augas da feminización do traballo⁵¹. En termos de Paloma Villota (citada por AMORÓS, 2007d: 312-313), as mulleres son “ dependentes” e con dereitos derivados da súa relación co cabeza de familia ou salario familiar. E no caso de carecer desa relación, como acontece coas mulleres cabeza de familia –politicamente estamos falando de familias decapitadas- sen dereitos directos, como os de obter un crédito hipotecario.

Á vista do antedito non estraña que a disolución dun matrimonio sexa un dos casos máis común de empobrecemento das mulleres e dos seus fillos/as. Fernández Viguera sinala que: “*es en el seno de la familia patriarcal en donde se fragua la dependencia económica de las mujeres respecto a los hombres, mediante la desigual distribución de funciones sociales y a través del proceso de la primera socialización*”. A partir desta cita Pedro José Cabrera, nun estudo para o European Observatory of Homelessness, sobre mulleres sen fogar (2000), conclúe que é de sinalar, neste aspecto:

⁵¹ Para saber máis do novo tipo de contrato da sociedade actual véxase o apartado “Los fundamentos microeconómicos” do capítulo 4 de BENERÍA, Opus. Cit. Páxs. 106 e ss. Véxase tamén o punto 11 do artigo de Celia Amorós, “Globalización y orden de Género” en AMORÓS, Celia y DE MIGUEL, Ana, *Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización*, Madrid, Cátedra, 2007, pp. 322 y ss.

“una nueva pobreza sobrevenida que convierte en mujeres pobres a muchas que de hecho no lo eran en su familia de origen, pero que pasan a vivir una existencia empobrecida como consecuencia de la vulnerabilidad extrema en la que quedan tras un proceso de ruptura familiar que las deja peor equipadas que los varones para competir en el mercado de trabajo” (CABRERA, 2004: 20).

A relación que manteñen as mulleres co traballo é un dos factores que explica o empobrecemento feminino. Boa proba disto é que a feminización da pobreza dáse tanto en países en vías de desenvolvemento coma nos países industrializados, onde as mulleres se incorporaron ao mercado laboral de xeito masivo (FRAU, 2001: 113).

Comecemos co hándicap que supón para as mulleres a compatibilización das tarefas correspondentes ao espazo doméstico, as chamadas de reprodución, coas tarefas remuneradas do eido laboral. As tarefas domésticas son unha carga para as mulleres por varios motivos: ao non estar recoñecidas cun valor ou salario, xa que ademais de non remuneradas –gratis -son invisibles, non se contabilizan á hora de elaborar vidas laborais que dean un dereito a unha paga por xubilación; non teñen dereito a unha baixa laboral por enfermidade ou accidente; non se contan á hora de establecer as xornadas laborais a nivel sindical –actualmente 40 h. semanais- co que o resultado é a suma de xeiras abusivas para as mulleres que compatibilizan vida laboral con vida privada. Por outra banda, as consecuencias da asignación das tarefas de reprodución gratuítas ás mulleres implica a limitación para estas da xornada laboral remunerada, que para facerse compatible coa realización das tarefas domésticas, se trunca: xornadas parciais, por horas, horarios flexibles, medias xornadas, etc. Todas estas modalidades dificultan o ascenso das mulleres nos postos de traballo e o desenvolvemento de tarefas de maior responsabilidade e remuneración porque non están na “oficina” o tempo que outras persoas, ás que obviamente se lles recompensa con ascensos e comisións.

A incorporación das mulleres ao traballo remunerado supón unha vitoria na medida en que combate a súa dependencia económica. Está demostrado que o acceso ao traballo remunerado por parte das mulleres multiplica o seu desenvolvemento. (GARCÍA SAINZ, 2006: 185). Sen embargo, a “*presión funcional*” que supón a dobre xornada –resultante de sumar as horas de tarefas domésticas e tarefas remuneradas- representa así mesmo, “*una amenaza para su autonomía personal*” (a das mulleres), en palabras de María José Frau (2001: 114). A dobre xornada significa unha considerable redución do tempo de ocio dispoñible para as mulleres. Este factor está relacionado coa

feminización da pobreza, en tanto o tempo libre permite unha persecución do benestar. E comparativamente, os homes están mellor situados para a obtención do benestar que as mulleres. O carácter invisible do traballo doméstico e a súa falta de recoñecemento afecta a autonomía das mulleres⁵², na medida en que a autoestima dos suxeitos está relacionada coas tarefas que desempeñan e ao recoñecemento que estas obteñen do entorno social inmediato. Por outra banda, o desprestixio social do traballo doméstico, sitúa as mulleres a nivel colectivo na posición de dependentes, suxeitos pasivos das políticas asistenciais, e non –como de feito debería facelo– como suxeitos activos das políticas de desenvolvemento (FRAU, 2001: 118). Este feito ten un problema engadido no caso da feminización da pobreza. José María Tortosa fai súas as verbas de Allo e Harcourt sobre Xénero e Desenvolvemento a quen cita.

“Hay una creciente base empírica que prueba que las mujeres no se benefician automáticamente de los programas contra la pobreza y que muchas estrategias de promoción del crecimiento pueden incluso empeorar las condiciones de las mujeres en grupos empobrecidos si no se aplican ciertos ajustes a los presupuestos bajo los cuales se planifican y a las metodologías que se aplican” (TORTOSA, 2001: 28)

Está abondo probado que se os programas contra a pobreza que se aplican non incorporan a perspectiva de xénero, as mulleres non son precisamente as principais beneficiarias. As estruturas de poder dos lugares receptores das axudas para paliar a pobreza garanten unha redistribución da mesma segundo os seus criterios. As mulleres, en tanto grupo minorizado ven dificultado estruturalmente o seu acceso a eses programas contra a pobreza. Nesta mesma liña, Sophie Bessis (2005: 195) critica que as políticas destinadas a paliar as consecuencias do axuste estrutural teñen –cando o teñen– un enfoque de xénero con carencias. Este enfoque límitase a multiplicar as institucións limitadas a conceder microcréditos –*“nueva panacea para reducir la pobreza sin tocar las relaciones de explotación”*– e a incrementa-las actividades femininas no sector informal de supervivencia. Os microcréditos son unha medida á que se acollen principalmente mulleres. As propias institucións creadas para concedelos prefiren outorgárllelos a mulleres pola garantía estatística de éxito. Nada máis lonxe de criticar a concesión de microcréditos a mulleres, pretendemos poñer de relieve que en tanto medida son insuficientes para conquistar o obxectivo marcado: rematar coa pobreza.

⁵² Véxase a lista de finalidades que describe Benería do *“proyecto de medir y documentar el trabajo doméstico”*. Opus cit. Páx. 157.

Incorporar unha perspectiva de xénero a estes programas –como a todos- é o primeiro paso de cara a obter resultados firmes, dado o carácter estrutural da pobreza. Así pois, suscribimos a afirmación de Bessis: non abonda cos microcréditos, pois iso segue a ser pan para hoxe e fame para mañá. O que urxe é unha revisión das estruturas sociais de poder para arrincar de raíz a pobreza.

A invisibilidade do traballo doméstico en conxunción co aumento da esperanza de vida, sobre todo para as mulleres, convértese noutro factor de feminización da pobreza. O dato demográfico do aumento da esperanza de vida ten dúas lecturas. Unha boa e outra mala. Por unha banda é ben sabido que “a pobreza mata”. A esperanza de vida dos países máis pobres é moi inferior á dos países ricos. A falta de recursos para paliar a fame, as enfermidades, etc. ten como consecuencia a morte temperá para os/as cidadáns/ás dos países en vías de desenvolvemento, e dentro deles dos/as máis pobres. Por outra banda, o aumento da esperanza de vida carrega unha maior precariedade para os anciáns, e nomeadamente para as anciás que por terse dedicado a tarefas de reprodución gratuítas e non contabilizadas non teñen dereito a unha pensión de xubilación. Estas mulleres vellas dependen economicamente dos seus maridos ou das pequenas pensións de viudedade. Temos aquí un exemplo da consideración das mulleres como receptoras pasivas de políticas asistenciais. O alongamento da esperanza de vida das mulleres, por enriba da dos homes, ten, así mesmo, outra consecuencia negativa para a feminización da pobreza. O factor da idade está estreitamente relacionado co número de analfabetas españolas. Segundo os datos manexados por Pedro José Cabrera no seu estudo sobre “*Pobreza y exclusión desde la perspectiva de género*” de 2005, o 72 por cento de todas as persoas analfabetas son mulleres. Estes datos teñen en conta somentes as 718 mil mulleres analfabetas. Pero, se a estas cifras lle engadimos o número de mulleres sen estudos básicos rematados, o total ascende a 3.443.500 mulleres, fronte a 2.228.600 homes (CABRERA, 2004: 30). O nivel educativo está estreitamente ligado á probabilidade de caer baixo o umbral da pobreza. De feito, a medida que aumenta o nivel educativo das mulleres, aumenta o equilibrio que acadan no eido laboral cos homes. Así, segundo mostran as cifras do INE 2008, a porcentaxe de salario bruto por hora das mulleres respecto do dos homes, por nivel de formación, acada a súa menor diferenza na franxa da educación superior, onde as mulleres cobran en torno a un 87 por cento do soldo dos homes. O maior desequilibrio atópase na franxa de estudos secundarios completos, onde as mulleres cobran unha porcentaxe do 76 por cento do salario masculino coa mesma formación. Nos estudos

inferiores, a diferenza xira en torno a un 80 e un 83 por cento delas fronte ao 100 por cento deles.

Unha vez estudadas as razóns familiares e demográficas da feminización da pobreza, pasamos a analizar as razóns económicas. Xa fixemos referencia anteriormente á relación directa que ten a división produción/reprodución coa feminización da pobreza. Segundo varios/as autores/as, mentres esta distinción siga operativa non se poderá rachar co desequilibrio que afecta ás mulleres e ao seu nivel de renda con respecto á dos homes. A división tradicional mulleres-reprodución, homes-produción segue vixente no sistema actual. Próbano as cifras publicadas no informe do INE 2008 que sinala que a porcentaxe de mulleres “inactivas” coas “labores do fogar” como clase principal de inactividade (sic) representa un 47,2 por cento. Os homes na mesma situación significan só un 4,6 por cento. A estes datos hai que engadirlle a porcentaxe feminina inactiva do 63,1 por cento que non busca emprego por motivos familiares, mentres que a porcentaxe inactiva masculina na mesma situación representa só un 36,9 por cento. En conclusión: o dobre de mulleres desempregadas estano por motivos familiares; e as mulleres españolas empregan máis de 4/5 partes do tempo total que se ocupa nas labores domésticas, con tan só 1/5 restante para os homes. A ONU ofrece uns datos moi semellantes con alcance global no informe do PNUD de 1999. Segundo Nacións Unidas, as mulleres empregan máis de $\frac{3}{4}$ do tempo total en labores domésticas, mentres que os homes lle dedican ao fogar algo menos de $\frac{1}{4}$ da porcentaxe total de tempo. No informe sobre o Desenvolvemento humano de 2003 confirmase esta situación. As mulleres dedican unha parte maior do seu tempo a actividades non relacionadas co mercado, nomeadamente o sector doméstico non remunerado e as tarefas de coidados 445 minutos, mentres que os homes laboran 388 minutos. O 60 por cento delas fronte ao 21 por cento deles. O resultado é unha diferenza de 57 minutos de media que traballan máis as mulleres. Malia a este feito gañan menos (2.158 fronte a 4.743).

O nesgo que lastra o traballo reprodutivo reduce as posibilidades de éxito das mulleres na súa incorporación á esfera laboral, e non dicimos ao traballo, porque as mulleres están incorporadas ao traballo dende que a historia ten memoria. A incorporación laboral refírese só ao traballo remunerado, deste xeito perpetúase o nesgo do traballo reprodutivo. O propio informe do INE incorre neste erro cando se refire as mulleres que fan as labores do fogar como “inactivas”.

Ata que non se desfaga o binomio reprodución gratuíta- produción de pago non se valorizará a esfera doméstica. E mesmo cando isto suceda –de feito en Occidente dalgún xeito sucede- non estará garantida a visión positiva da reprodución. Nos países industrializados nos que as mulleres se incorporaron masivamente ao traballo remunerado, os ocios que estas deixaron no sector das labores domésticas e de coidados foron cubertos por mulleres –de novo mulleres- inmigradas dende países con peores rendas. Pero mesmo nesta situación o que ocorreu non é unha valorización do sector de coidados, malia que se remunera, senón unha prolongación da súa minusvalorización ligada agora ao desprestixio da inmigración tamén feminizada, coma a pobreza ou o traballo, tema que aquí nos ocupa. En expresión de Amorós : *“la pescadilla se muerde la cola: el trabajo doméstico interno y el externo se solapa, y cada uno de ellos destiñe el otro de las tonalidades y matices de su respectivo destino de subordinación”* (AMÓRÓS, 2007d: 328- 329).

A continuidade da oposición produción/reprodución e a súa asignación correlativa de sexos induce á consideración do traballo das mulleres no eido laboral como “opcional”, dado que a súa ocupación principal e “natural” é a das labores domésticas, que polo seu carácter non remunerado non se consideran traballo. Ademais de opcional, o traballo remunerado das mulleres considérase unha axuda para a economía familiar. O salario familiar é proveído polo marido e o soldo das mulleres é accesorio, prescindible, como por outra parte non o son as tarefas domésticas que realiza no fogar e das que, malia non recoñecerse, depende o soldo do marido. José María González (2001: 99) sinala que ademais de considerarse opcional e accesorio, o traballo remunerado das mulleres está deseñado para non interferir na súa realización das tarefas de coidados.

Arriaga (citado por GARCÍA SAINZ, 2006: 171) sinala o traballo remunerado como unhas das catro causas da feble relación das mulleres co emprego, na base da súa exclusión social⁵³. As xornadas laborais reducidas, os horarios flexibles, as tarefas para o fogar, etc. son adaptacións da economía patriarcal á incorporación masiva das mulleres ao traballo remunerado, co obxectivo de non desequilibrar o sistema de produción/reprodución. Así *“la situación de la mujer es peor tanto en términos de salario neto por horas, como en paro o en contratos a tiempo parcial”* (MARTINEZ

⁵³ As outras tres causas son: os mecanismo precarios de inserción laboral, o desemprego e a falta de oportunidades para desenvolve-las súas potencialidades. Para saber máis do traballo non remunerado véxase o apartado “Género y mercado” do capítulo 3 de Benería. Opus cit. Páxs. 84 e ss.

TORRES, 2005: 17). Xa constatamos a desigualdade que existe en termos de salario na mesma franxa educativa en función do sexo. A continuación, analizaremos as cifras do paro feminino e a representación das mulleres nos contratos a tempo parcial para actualizar coa realidade española a cita da economista María Martínez Torres.

O paro afecta máis ás mulleres que aos homes. No segundo trimestre do ano 2008, a taxa feminina de paro rolda o 11,99 por cento, mentres que a masculina está no 7,87 por cento, catro puntos por debaixo segundo datos da EPA. Así, os homes teñen unha taxa de emprego do 63,87 por cento, mentres que as mulleres están 20 puntos por debaixo, cunha porcentaxe do 43,77 por cento. Neste caso España é atípica á lectura da realidade estatística (EUROSTAT, 2002) do resto dos países da Unión Europea, onde a pesares de que na maioría dos estados as taxas de paro das mulleres son maiores ás dos homes (excepto en Alemaña, Suecia, Reino Unido e Irlanda), a taxa de ocupación das mulleres están máis equilibradas coas dos homes. España conta, xunto con Grecia e Italia, coa taxa de ocupación feminina máis baixa da UE. Moi lonxe das porcentaxes sueca e danesa, por enriba do 70 por cento.

As taxas de actividade publicadas polo INE 2008 e desglosadas por sexo sinalan que os varóns lle sacan unha vantaxe en actividade ás mulleres de 20 puntos, cun 69,2 eles e un 49,4 elas. Xa apuntamos cando analizamos a situación do traballo doméstico que os motivos de inactividade das mulleres son fundamentalmente o coidado de familiares ou a realización de tarefas do fogar (47,2 por cento), mentres que no caso masculino, estes non traballan por atoparse en idade de xubilación (61 por cento) ou período de estudos (18,3 por cento). As mulleres na mesma situación representan porcentaxes máis pequenas, mesmo no caso dos estudos (12,6 por cento). As xubiladas ascenden só a un 17,1 por cento. Porque pola súa traxectoria laboral, as mulleres que hoxe viven na vellez son maioritariamente receptoras de pagas diferentes á da xubilación, como poden ser as pensións de viuvez ou semellantes: un 15,7 por cento de mulleres, fronte a un 3,5 por cento de homes perciben pensións diferentes á de xubilación.

O tempo parcial é outra realidade con apelido feminino. Arredor dun 75 por cento dos contratos a tempo parcial están asinados por mulleres. Mentres que elas asinan só un 55 por cento dos contratos a tempo completo, fronte ao 100 por cento masculino. Os motivos femininos que sinalan as enquisas realizadas polo INE 2008 para a sinatura de contratos a tempo parcial son fundamentalmente: obrigas familiares e tarefas de coidado (33,1 por cento) e non poder atopar outro tipo de traballo (31,2 por cento). Os

motivos dos varóns para asinar a tempo parcial son nun 30 por cento non poder atopar outro traballo e formación (27 por cento). As obrigas familiares representan para os homes só unha porcentaxe dun 3,8 por cento.

A caracterización con perspectiva de xénero que acabamos de facer do mercado laboral español, a partir das tres características enunciadas pola nosa doutora en Economía, é sintomática do que se ven en chamar precariedade laboral, un chanzo máis da exclusión social que nas últimas dúas décadas aumentou considerablemente en España, engadindo así á pobreza coñecida, outras novas formas. A vulnerabilidade e a precariedade afectan en maior grao e en maior cantidade ás mulleres, como observamos nas cifras do INE. Pese ao aumento da taxa de actividade feminina, nunha porcentaxe dun 2 por cento anual dende as últimas décadas; á masiva incorporación das mulleres á escolarización; ao aumento da esperanza de vida; a diminución do número de fillos/as; o retraso da idade do primeiro parto; etc. as mulleres seguen a ser as protagonistas da pobreza, das tradicionais e novas formas de pobreza. E segundo a dinámica actual, a situación non se corrixe senón que tende a incrementar as diferenzas entre homes e mulleres (MARTÍNEZ TORRES, 2005: 35).

A causa deste incremento é a “cruz perversa” –segundo unha expresión de Rosa Cobo- da globalización. Segundo a socióloga:

“ la perversidad está en la adaptación a un discurso y a una realidad que cree que la pobreza y la exclusión forman parte de la condición humana y niega que estas realidades sean el efecto de voluntades concretas en sistemas de dominación históricamente estructurados ” (COBO, 2007a: 273).

Rosa Cobo sinala que a globalización non está asociada necesariamente á aplicación de políticas neoliberais. Unha boa mostra é a situación dos países nórdicos, sinalada por Vincens Navarro (citado por COBO, 2007a: 271). Suecia, Dinamarca, Finlandia, Noruega ou Holanda fan gala dos índices máis baixos de paro da UE, mentres que teñen os Estados de Benestar máis desenvolvidos de toda Europa.

As políticas estatais e as macroeconómicas exercen unha gran influencia no benestar das persoas, e fundamentalmente no benestar das mulleres. O recorte de políticas sociais que emprenderon os Estados co comezo da crise do Estado de Benestar deu como resultado un incremento do tempo que as mulleres destinan ás tarefas do fogar para paliar os efectos da crise estatal. As tarefas que o Estado deixa de prestar

mediante servizos sociais son reabsorbidas polas familias, e dentro destas polas mulleres, titulares tradicionais das tarefas de coidados. Nos países en vías de desenvolvemento, as políticas de reaxuste económico que poñen en marcha os estados coa tutela e consello de organismos internacionais coma o FMI e o BM son regresivas para os colectivos máis pobres da sociedade, e as mulleres están nesta tesitura. Estas políticas inflúen no traballo non remunerado das mulleres e nas súas condicións de vida (COBO, 2007a: 289).

A cara perversa da globalización é a responsable do éxodo migratorio protagonizado por mulleres que escapan da pobreza do campo cara ás cidades, onde non poden saír do círculo vicioso da pobreza. O seguinte paso é a inmigración transnacional para buscar uns ingresos que enviarán como remesas aos seus fogares, agora coidados por outras mulleres da familia, nomeadamente as avoas que se converten en nais dos seus netos/as. Son precisamente, as inmigrantes, un dos colectivos sobrerrepresentados dentro das bolsas de pobreza. A situación dos membros de colectivos vulnerables fronte á pobreza vese agravada pola condición de xénero. Así a xente nova, persoas con discapacidade, persoas inmigradas, xente de minorías étnicas e persoas maiores de 65 anos, estarán máis próximos ás fronteiras de pobreza se ademais de novos, ou inmigrantes –poñamos por caso- son mulleres (MARTÍNEZ ROMÁN, 2001: 74). Da mesma opinión é Oscar Ugarteche (2001: 184), quen afirma que os sures do norte son creados polos cidadáns e as cidadás vellos/as afectados/as pola redución de plans de pensións en Europa e os EUA; aparición de desemprego estrutural entre os/as mozos/as –con ou sen estudos- e o tratamento dado aos/as migrantes que perden os seus dereitos nos EUA, Europa e Xapón. Non afondamos máis agora na situación das mulleres inmigrantes pois a elas dedicámoslle todo un bloque desta investigación.

Varias son as solucións que se presentaron dende diferentes fontes para paliar a feminización da pobreza. Entre elas destaca a valorización do traballo doméstico, o reparto real das tarefas do fogar por sexos: a chamada corresponsabilidade, o pagamento por este tipo de traballo segundo o réxime de cotización vixente en cada Estado, etc. No próximo capítulo afondaremos na solución da redistribución das riquezas como método equilibrador. Pero antes queremos facer unha aclaración teórico-terminolóxica.

Varios/as autores/as, entre eles Tortosa (2001) chaman a atención sobre a diferenza que existe entre a feminización da pobreza e a análise da pobreza con

perspectiva de xénero. A primeira, á que xa fixemos referencia conceptualmente repetidas veces nesta investigación, enténdese consensuadamente como o feito de que aumente significativamente a proporción de mulleres sobre o total dos pobres. Así mesmo, a pobreza nas mulleres é máis severa que a dos homes (GONZÁLEZ, 2001: 90). A segunda opción intenta analizar os procesos de empobrecemento das mulleres en relación aos dos homes, pois o xénero –como vimos- non é unha categoría illada.

Nesta investigación achegámonos á realidade da feminización da pobreza con perspectiva de xénero, porque se ben o estudo comeza coa feminización da pobreza, a énfase pasa a analizar o “*empobrecemento das mulleres*”, destacando o empeoramento nas súas condicións de vida (MARTINEZ ROMÁN, 2001: 66). Concordamos con Lourdes Benería en que non se debe illar os asuntos que afectan ás mulleres nin separalas dos contextos socioeconómicos e culturais. A perspectiva de xénero esixe considerar tanto as mulleres coma os homes dende unha perspectiva feminista, poñendo unha especial atención á subordinación das mulleres, co obxectivo de acadar a igualdade de xénero (BENERÍA, 2005: 179).

2.2.7. *Redistribución e recoñecemento: unha perspectiva feminista*

“El sistema de dominio capitalista no actúa de distribuidor de los distintos recursos en solitario, sino que consensúa con otros sistemas hegemónicos y, muy especialmente con el patriarcado, la distribución final de los recursos laborales” (COBO, 2007a: 295)

A lóxica distributiva estatal está influenciada polos estereotipos de xénero. Deste xeito, as medidas redistributivas da riqueza non equilibran a feminización da pobreza, senón que tenden a incrementar as desigualdades. O modelo de “*agregue mujeres y mezcle*” que critica Benería (2005: 43) non cambia o fundamental dos modelos e polo tanto o sistema segue coa súa lóxica patriarcal imperturbada.

Dende unha concepción d axustiza social e política, Iris Marion Young aconsella comezar por unha conceptualización de dominación e opresión antes de centrarse na redistribución á hora de artellar unha concepción da xustiza. Young entende a xustiza social como a eliminación da dominación e a opresión institucionalizadas. Sen embargo, a súa conceptualización choca coa das teorías filosóficas contemporáneas que consideran a xustiza como distribución. O que ao ver da autora de *La Justicia y la política de la diferencia* supón dous problemas: primeiro,

que ignora a estrutura social e o contexto institucional por centrar a súa análise da xustiza social na asignación de bens materiais; e, segundo, ao ampliar o concepto a bens sociais non materiais trátaos coma cousas.

A primeira dificultade que enuncia Young na súa crítica ao paradigma distribucionista é particularmente interesante para a nosa investigación, na medida en que pon en relación o contexto de globalización actual e os reclamos de distribución, co conseguinte ocultamento da existencia doutras reclamacións na nosa sociedade. As reclamacións do recoñecemento que protagonizan movementos sociais como as mulleres, os membros de grupos de minorías culturais, os *gais* e as lesbianas, etc. quedan baixo a alfombra das teorías redistributivas, entendidas como foco da xustiza social nas teorías contemporáneas (YOUNG, 2000: 37 e ss.). A redistribución non muda a situación de raíz, só tenta paliar as consecuencias económicas negativas desta.

Young establece, así mesmo, unha relación entre a definición do traballo e a crítica do paradigma distributivo como exclusivo. Estas políticas tenden a ignorar a estrutura e procedementos de toma de decisións, a división do traballo e a cultura. Estes tres elementos son fundamentais para a análise social alternativa que fai o movemento feminista: poder, traballo (división de espazos: público e privado) e cultura (sobrecarga da identidade feminina). Por iso non deben ser ignorados, nin soterrados baixo outras lexítimas reclamacións, non excluíntes, como debería ser a de redistribución das riquezas. A segunda gran eiva que sinala Young sobre o paradigma distributivo é o non recoñecemento dos dereitos en tanto relacións, senón como obxectos; ou o que é o mesmo a sobreextensión do concepto de distribución.

Na súa análise da obra de Young, Femenías (2007: 126-127) afirma que a autora anglófona presupón a lóxica do dominio como base da loita polo recoñecemento no seu desafío de compatibilizar as diferenzas coa esixencia de institucións e estruturas políticas igualitarias e xustas. A súa concepción de xustiza non se centra na distribución senón que vai máis alá. De feito só o primeiro punto da opresión, a explotación económica, se pode solucionar mediante unha boa distribución económica. Os outros catro puntos van máis aló. Sobre o segundo hai diferentes opinións. Pode situarse dos dous lados.

Para Young (2000: 78 e ss), a diferenciación de grupos non é en si mesma opresiva. Para iso propón conceptualizar os grupos dun xeito máis relacional e flexible, dentro do seu modelo asociativo. Os suxeitos son produtos de procesos sociais e non a súa orixe, como afirma o modelo agregativo. Cada individuo socializado nunha

sociedade complexa, e o capitalismo actual é sen dúbida unha estrutura de gran complexidade, ten identificacións grupais múltiples. A heteroxeneidade forma parte dos individuos.

Citando a Heller, Young (2000: 129) afirma que as políticas distributivas se corresponden co contexto social do capitalismo de benestar, polo predominio que teñen as cuestións distributivas na discusión política actual. Segundo a ideoloxía distributiva propia do capitalismo, as persoas son consumidoras potenciais e non suxeitos de dereitos. O capitalismo está artellado como un sistema de dominación (YOUNG, 2000: 132). Young denuncia que a burocratización que fora concibida para eliminar a dominación se despolitizara, co conseguinte auxe dos movementos que reclaman unha repolitización da vida pública. Dentro desta categoría, a nosa autora establece tres subcategorías: o cuestionamento das estruturas da toma de decisións contra o discurso do experto; en segundo lugar, a organización de servizos autónomos; e, por último, os movementos de identidade cultural que politizan a cultura facéndoa obxecto de reflexión.

Young cataloga o feminismo como o movemento de política cultural de maior alcance, sintetizando no eslogan de Kate Millet, “*o persoal é político*”, a necesidade de repolitizar a vida pública. Femenías (2007a: 151) non ve clara a definición que Young presenta sobre o grupo e afirma que “*el reconocimiento de los individuos qua individuos bien puede entrar en colisión con el reconocimiento de un individuo dado, si es miembro de un grupo cultural marginal*”. Dende a perspectiva feminista, a identidade cultural choca frecuentemente coa identidade da muller en tanto suxeito autónomo de dereitos humanos (nomeadamente políticos), que prevalecen sobre os culturais, xa que o xénero é unha categoría transversal que se engade á de individuo que pertence a unha cultura, etnia, relixión, etc. O recoñecemento é unha palabra clave nos debates actuais sobre a identidade e a diferenza. Nun mundo globalizado económica e culturalmente, con desigualdades crecentes, discriminacións por motivos de sexo, cultura ou idade, entre outras. O debate sobre a redistribución e o recoñecemento non é accesorio. Aquí suscribimos a concepción dualista de Nancy Fraser, quen equipara os conceptos de redistribución e recoñecemento fronte a exaltación moral por parte de Honneth do recoñecemento como primeira categoría de xustiza.

En coherencia coa defensa dunha concepción multidimensional da pobreza –en tanto concepto con carácter económico, social, cultural, político, etc., definida pola CEE en 1984 na súa forma relativa como: “*individuos, familias y grupos de personas*

cuyos recursos (materiales, culturales y sociales) son tan escasos que están excluidos de los modos de vida aceptados en el Estado miembro en el que viven”- consideramos pertinente equiparar a importancia de ambos os dous termos: redistribución e recoñecemento. Xa que só aplicando os dous cunha perspectiva de xénero se poderá mudar a situación de opresión das mulleres. A problemática da relación do xénero coa pobreza é multidimensional e precísanse ferramentas interdisciplinares para poder analizala con eficacia. Ambas as dúas ferramentas poden conter un nesgo de uso, polo que é conveniente achegarse a elas dende a perspectiva de xénero. As políticas redistributivas que consideran as mulleres como obxectos pasivos e receptoras de políticas de asistencia son igual de criticables que as políticas de recoñecemento que priorizan os obxectivos grupais dunha minoría cultural fronte aos intereses das mulleres en tanto colectivo minoritario oprimido polos propios grupos. O multiculturalismo, sen ir máis lonxe, contén entre as súas reivindicacións varias prácticas sexistas defendidas como costumes culturais. Non é coherente a defensa dunha redistribución que equilibre un pouco a situación das mulleres mantendo o sistema estrutural que as oprime en tanto grupo e que non permite a súa independización real nin a concesión xunto cos/as defensores/as das políticas da identidade que as culturas ou os grupos son departamentos estancos que non mudan co tempo, e que non conteñen diversidade interior. En termos de Fraser (en FRASER y HONNETH, 2006: 19): *“hay que integrar en un único marco global los aspectos emancipadores de las dos problemáticas”*. Cabe o matiz sobre *“os aspectos emancipadores”* dende a perspectiva de xénero como óptica principal, aínda que non exclusiva.

Dende unha perspectiva integradora con perspectiva de xénero, o que podería verse como unha dificultade –e de feito se ve como tal- é unha riqueza. No caso da definición das inxustizas a partir das diferentes aproximacións: económica na redistribución e cultural no recoñecemento. Conclúese que a inxustiza non é somentes dun tipo, senón que existe unha longa lista de inxustizas entre as que se atopan a explotación, precariedade, marxinação, exclusión, privación, pero tamén a infrarrepresentación ou invisibilidade, a falta de respecto, o estereotipo, imperialismo cultural, etc. De feito, as similitudes entre a lista e as cinco categorías de opresión de Young son reveladoras. Aínda que cabe equilibrar a balanza un pouco máis do que o fai Young cara á distribución, pois ela céntrase sobre todo nas opresións relativas ao recoñecemento. De feito, Fraser critica a Young polo seu escoramento cara ao modelo culturalista (AMORÓS, 2007c: 220). María Xosé Agra (2008: 144) concorda con

Amorós en que Young, malia estar de acordo co dobre enfoque da xustiza prefire a súa lista de 5 tipos de opresión e “*parece dar mayor preponderancia al reconocimiento, a la cultura*”. O problema das políticas culturais para Fraser é a miopía unidimensional que deixa de lado a xustiza social (NASH, 2001: 40). Concordamos con María Xosé Agra na necesidade de situarnos no terreo da xustiza social e política. O recoñecemento das identidades culturais –segundo a nosa autora (citada en CAMPILLO, 2008: 156)- pode ser visto como unha cuestión de xustiza universal, como tamén defende Fraser. Trátase de enfronta-las desigualdades nun marco de diversidade cultural. Certamente a igualdade sexual sen prexuízo da pluralidade é unha cuestión de xustiza global⁵⁴. A xustiza vai moito máis alá da mera redistribución, en opinión de María José Guerra (2008: 173).

Segundo o razoamento de Fraser (en FRASER y HONNETH, 2006: 22), a solución que se lle dará a inxustiza é o segundo punto de encontro entre os dous paradigmas de xustiza. A solución pasa por unha combinación de políticas de redistribución e de recoñecemento, como poden ser: a reestruturación das canles de distribución dos ingresos e riquezas, mudar a división do traballo e a conceptualización de qué é traballo, a democratización dos procedementos de toma de decisións económicas (establecer as prioridades de inversións, revisar os sistemas de subvencións e políticas de asistencia, etc.), a reestruturación do sistema de propiedade (sistemas de herdanzas, etc.), análise das brechas de xénero na distribución de recursos, o cambio socio-cultural, a valoración da diversidade cultural, o acceso á educación e á sanidade, cuestionar os modelos teóricos de produción, o respecto polas minorías, etc., entre outras medidas de redistribución e recoñecemento.

O terceiro conflito entre paradigmas entendidos como primixenios no sistema de xustiza radica na definición de grupo. O colectivo debe ser entendido non só como clase económico-social explotada: as/os obreiras/os peor remunerada/os, as subclases de inmigrantes explotadas, minorías racializadas oprimidas polo sistema capitalista, as mulleres en tanto protagonistas da feminización da pobreza ligada á globalización, etc. senón tamén como colectivos de baixo estatus: *gais* e lesbianas, mulleres, minorías étnicas de status baixo, etc. Normalmente, dáse unha coincidencia entre os grupos de baixo status e os de baixo nivel de ingresos. Claro que hai excepcións como o dos *gais*

⁵⁴ Véxase AGRA, María Xosé, “Fitos e fíos da xustiza distributiva” en VAZQUEZ LOBEIRAS, María Jesús; VAZQUEZ SANCHEZ, Juan y RAÑA DA FONTE, Cesar Lorenzo (Coords.), *Experiencia et sapientia: estudios dedicadas a la memoria de Ángel Álvarez Gómez*, ISBN 978-84-9750-902-2. Páxs. 67- 82.

na sociedade actual, que se ben gozan de boa saúde económica, non é así no caso do status.

De todos os xeitos, aquí defendemos unha concepción heteroxénea do individuo, nos termos –anteriormente comentados– nos que a define Iris Marion Young. A complexidade da sociedade actual faculta o carácter complexo dos individuos, composto por trazos de grupos diferentes. Así, é coherente defender unha concepción de individuo minusvalorado –económica ou simbolicamente– definido por un abano amplo de categorías. Neste estudo primamos a de xénero en tanto transversal. Porque como ben di Amorós (2007c: 282- 283): o feminismo non é un colectivo máis porque *“sus vindicaciones y las opresiones concretas de las mujeres están presentes en el resto de los grupos sociales excluidos, explotados o subordinados”*.

O cuarto e último aspecto que diferencia os paradigmas, segundo a lectura de Fraser (en FRASER y HONNETH, 2006: 24), é a conceptualización de diferenzas de grupo. No paradigma redistributivo, o obxectivo é rematar coas diferenzas económicas, mentres que no paradigma do recoñecemento o fin a perseguir é ou ben o recoñecemento das diferenzas (en tanto diferenzas benignas transmutadas perversamente en malas por unha xerarquía) ou deconstruír os termos nos que se elaboran esas diferenzas no presente (supoñendo que as diferenzas se elaboran na xerarquía).

Dende unha perspectiva feminista, a priori non é intelixente desbotar ningunha ferramenta que poida servir para a consecución da igualdade. O concepto de igualdade é multidimensional: a igualdade económica, a igualdade cultural, a igualdade en status e recoñecemento político, simbólico, etc. A igualdade non é o sinónimo de identidade, malia que na lingua popular se usen os termos de xeito indistinto. Non. Celia Amorós no texto que mereceu o Premio Nacional de Ensaio español de 2005, aclara que *“A y B son idénticos cuando se dan en ambos unívocamente las mismas características y cualidades que consideramos relevantes en la predicación común que establecemos”* (AMORÓS, 2005: 88). O feminismo denuncia a sobrecarga de identidade feminina, e a condición de idénticas á que nos vemos sometidas as mulleres e reivindica a igualdade. O sinónimo de igualdade sería equipolencia, é dicir igual valor, non identidade.

A identidade é un concepto estreitamente vinculado á diferenza, concepto da discordia neste cuarto punto de conexión entre os paradigmas estudados. De feito as políticas de recoñecemento, perseguen o recoñecemento dunha diferenza que caracteriza os individuos dun grupo, artellado en torno a esa diferenza definitoria.

Nancy Fraser, sen embargo, sostén que a política do recoñecemento non pode equipararse coa política identitaria (BENHABIB, 2006: 128). De feito a orixe de ámbalas dúas teorías é diferente. O termo “*políticas do recoñecemento*” foi acuñado polo politólogo Charles Taylor no seu célebre ensaio titulado *El multiculturalismo y la política del reconocimiento* en 1992. O concepto “*políticas da identidade*” xorde nun manifesto asinado en 1977 polo Combahee River Collective, un grupo feminista negro dos EUA que se pronunciou en defensa da súa identidade negra. Este concepto que ten unha versión forte –en tanto resposta ao proceso estrutural de privilexios- e unha feble –a adscrición prexuzosa ao status denigrado dalgunhas mulleres- chegou a Europa coa connotación de diferenza sexual, desenvolvida polas feministas italianas e francesas Irigaray, Muraro, Braidotti, etc. Como indica Femenías (2007a: 104), dentro das políticas da identidade, só recentemente, a noción de etnia cobrou relevancia. Así, as políticas da diferenza – continúa Benhabib- son a contracara das políticas de identidade. O risco das políticas do recoñecemento é caer no esencialismo. Tanto Fraser coma Benhabib propoñen establecer cales son as diferenzas relevantes, tarefa non doada.

Como sinala Femenías (2007a: 79), o multiculturalismo privilexia as diferenzas étnico-culturais sobre as demais. A defensa da igualdade sexual dentro da diversidade cultural implica unha demanda da igualdade formal sen negar as diferenzas materiais. Por iso son pertinentes a eliminación das desigualdades e os distintos tipos de discriminación: económica, de status, etc. non así das diferenzas, que consideramos son unha riqueza, sempre que non leven implícitas, nin encubran, discriminación por razón de sexo, cultura, ou calquera outra índole. Porque ante o conflito igualdade sexual/ diversidade cultural, debe primar a primeira. Anotamos a advertenza de Fraser sobre o eclipse que exerce a política cultural (multiculturalismo) sobre a política social (igualdade real) no contexto actual para estar á espreita.

“Las reivindicaciones por el reconocimiento de la diferencia grupal se han vuelto notorias en el período reciente, por momentos incluso eclipsando las reivindicaciones por la igualdad social (...) El resultado es una disociación entre la política cultural y la política social, y el eclipse relativo de esta última por parte de la primera” (FRASER, citada en BENHABIB, 2006: 95-96).

Benhabib afirma que as políticas da dignidade igualitaria rexorden nas loitas polo recoñecemento. E é que os movementos de resistencia tenden a incrementarse e

fortalecerse nos momentos de crise, na medida en que o contexto admite un maior grao de crítica. *“Las reivindicaciones de autenticidad presuponen reivindicaciones de justicia, o en otras palabras, la consecución de la diferencia colectiva presupone un esquema sustentado por las premisas de igualdad individual”* (BENHABIB, 2006: 107).

Continuando coa defensa da pertinencia de combinar as ferramentas de ambos os paradigmas en discusión, pódese alegar que a economía está conectada coa cultura, o entramado simbólico, a política, etc. Deste xeito a opresión económica pode revertir en diminución de status e viceversa. Por iso, é importante atallar as desigualdades dende varios ángulos, para así poder podar todas as raíces do patriarcado capitalista que imposibilita a igualdade formal. Pero, ademais das opresións económicas provocadas polas opresións de status ou viceversa, existen tipos de opresión coas dúas dimensións, onde ningunha é causa da outra, senón que teñen outras orixes.

O problema xorde na connotación de inferioridade que carrega o termo de diferenza, en tanto desviación da norma (FEMENÍAS, 2007a: 56). Young establece algunha das consecuencias negativas que carrega a diferenza social no seu ensaio: *“Cuando la cultura dominante define a algunos grupos como diferentes, como el “otro”, los miembros de estos grupos son atrapados en su cuerpo”*, sentenza (YOUNG, 2000: 209). A corporalización do/a oprimido/a é unha constante na historia racionalista occidental, onde as mulleres son corpo, os/as inmigrantes son salvaxes corporizados sen capacidade de abstracción, etc. Onde, en definitiva, os/as outros/as son corpo, por oposición á imparcialidade racionalista que exhiben os individuos do grupo dominante: os homes brancos heterosexuais, acaudalados, protestantes, etc.

Segundo Iris Marion Young (2000: 276 e ss.), a sociedade boa non elimina nin trascende as diferenzas de grupo, se non que establece a igualdade entre os grupos social e culturalmente diferenciados, que se respectan e recoñecen mutuamente nas súas diferenzas. Estamos de acordo con esta conceptualización sempre que tras unha análise das diferenzas non se observe un subtexto de xénero que coloque as mulleres nunha posición de desigualdade real. Por iso é necesario facer unha aproximación feminista ás reivindicacións de recoñecemento das identidades culturais minoritarias que fai o multiculturalismo. Estamos a favor da diferenza pero non a expensas da igualdade de xénero. Trataremos este tema máis de vagar nun capítulo posterior.

Young alega varios motivos para defender a necesidade social das diferenzas. Establece tres puntos por definición negativa. En primeiro lugar, sinala que a cegueira

ante as diferenzas coloca en posición desventaxosa os grupos diferentes dos privilexiados. En segundo lugar, afirma que as regras do xogo son definidas polos grupos dominantes, e o resto teñen que asimilarse a este. E, en terceiro lugar, denuncia que os grupos que se desvían da “*norma supostamente neutral*” internalizan unha desvalorización. En canto aos puntos positivos dunha sociedade que recoñeza as diferenzas de grupo, Young sinala o carácter liberador e lexitimador desta (YOUNG, 2000: 279).

Se lle aplicamos ao feminismo da igualdade as críticas e os puntos favorables da teoría que defende as diferenzas –coa particularidade dun achegamento con perspectiva de xénero que non pase por alto algo ningún subtexto de xénero que faculte discriminación para as mulleres- o resultado é a defensa dos grupos en posición dominada, as mulleres. A segunda crítica de Young é aplicable á teoría do xogo con regras alleas. Amorós denuncia a sinatura de pactos patriarcais coas mulleres como obxectos transaccionais. Ambas as metáforas teñen unha conexión. As diferentes, neste caso as idénticas, non deciden as regras do contrato pero teñen que cumprilo.

O xénero é un concepto multidimensional que reclama unha combinación dos paradigmas redistributivo e de recoñecemento, na medida en que o concepto de xénero ten unha dimensión económica, pero non só queda niso, senón que tamén ten unha dimensión socio-cultural, unha dimensión política, etc. De aí a pertinencia de defender teoría dualista de Fraser. Ademais o xénero é un concepto que:

“codifica patrones culturais omnipresentes de interpretación y evaluación, que son fundamentales para el orden de estatus en su conjunto. En consecuencia, no sólo las mujeres, sino todos los grupos de estatus inferior corren el riesgo de la feminización y, por tanto, de la depreciación” (FRASER en FRASER y HONNETH, 2006: 29).

Sobre o dobre paradigma, Fraser traza un mapa de catro tipos de formación da identidade colectiva: clase, xénero, “raza” e sexualidade (BENHABIB, 2006: 127). Como vimos de indicar, o éxito nalgún dos fronts de reivindicacións pode revertir nunha mellora da situación do outro. Por exemplo, se mellora a situación económica dun colectivo minoritario o seu status verase incrementado, salvo excepcións, como as que xa comentamos (o colectivo *gai*). Así mesmo, a mellora no status dunha minoría pode redundar nunha mellor redistribución da riqueza que eleve o seu lugar na escala social.

A “raza”, terceiro elemento que compón o sistema deseñado por Fraser, é tamén un concepto multidimensional. Contén en si mesma, unha combinación de clase social e status (FRASER en FRASER y HONNETH, 2006: 30). Neste punto cabe denunciar a racialización, a salvaxización que diría Anne Phillips dos/as inmigrantes, en tanto outros/as. A racialización convérteos en suxeitos carentes de status cultural homólogo ao dos seus contemporáneos nados nas sociedades de chegada, e así mesmo, encadáeos en clases sociais moi baixas. Analizaremos polo miúdo en capítulos posteriores a relación que ten a intersección das categorías “raza” e xénero no caso das inmigrantes e as implicacións que este feito ten para a feminización da pobreza e a feminización da inmigración, intimamente ligadas.

A clase, outro elemento do mapa de Fraser, é tamén de carácter multidimensional, e incorpora as dúas dimensións analizadas. A cultura da pobreza que sostén que os pobres o son na medida en que o desexan, e que teñen unha cultura particular, mostra a relación da distribución económica coa xeración de status acordes co nivel de riqueza de cada quen. Por suposto, dende aquí criticamos a perspectiva da cultura da pobreza e negamos que a adaptación a un nivel de vida sexa considerada un modo de vida escollido e merecido por ninguén.

A última das categorías, a sexualidade defínese como unha categoría ligada ao status, pero non se nega a importancia que ten a distribución económica en relación co status, mesmo neste caso. Na inxustiza relativa a esta categoría os danos afectan tanto a unha esfera como a outra (FRASER en FRASER y HONNETH, 2006: 32). Xa reparamos na utilización por parte do patriarcado da sexualidade feminina para controlar as mulleres e mantelas nun status subordinado⁵⁵. A conclusión é que todos os eixes de subordinación enumerados son, cando menos, bidimensionais, malia que uns estean máis inclinados para un lado que para o outro. Fraser (en FRASER y HONNETH, 2006: 33) conclúe que xénero e raza son dúas categorías situadas máis ben no centro.

O obxectivo do feminismo en tanto teoría moral e política é definir un sistema de xustiza e unhas reformas políticas e institucionais que subsanen os erros de distribución e recoñecemento que sitúan estruturalmente as mulleres na tesitura da pobreza e a discriminación. A falta de representación e visualización das mulleres

⁵⁵ Neste sentido son interesantes as lecturas de Bessis (1994, 2002, 2005, 2008) e Mernissi (2005, 2006, 2007). Ambas as dúas autoras magrebís fan unha análise pormenorizada da identidade das mulleres no seu contexto.

inmigrantes e a feminización da pobreza ligada á feminización da inmigración son os dous fíos condutores desta investigación que presentamos. Xa destecemos a análise da relación entre políticas neoliberais no contexto de globalización e pobreza das mulleres. A continuación centrámonos no fío que tece a relación patriarcal entre mulleres e cultura para destecer as redes da opresión.

2.2.8. *Sobrecarga de identidade cultural: feminización da tradición*

Resulta, cando menos, curioso que as mulleres que emigran a outros países conserven os seus costumes identitarios nestes máis que os homes que as acompañan na busca dun mundo mellor, aínda que só falemos en termos económicos para algúns individuos. As mulleres cargan co peso da identidade nos seus velos, chadores, peiteados, minisaias, ablacións de clítoris (non todas as formas de opresión citadas son igual de pesadas obviamente), zapatos, etc.

Susan Moller Okin chama a atención sobre o feito de que o goberno francés permitira, durante os anos oitenta do século pasado, que os inmigrantes homes viñesen acompañados das súas múltiples esposas, ou mesmo que contraísen matrimonio polígamo en Francia, resultando como consecuencia estatística, as aproximadamente 200.000 familias polígamas no París actual, unha capital europea central. Ademais doutras moitas consecuencias de xénero, que non analizamos pero que todos/as temos presentes, e que teñen como principal resultado a diferenza de dereitos, e obrigas –pois sempre están interrelacionados- entre esas mulleres e as parisinas, entre as francesas ou europeas comunitarias que son “defendidas” pola lei da poligamia. Na mesma liña vai a denuncia que fai a somalí Waris Dirie, á que lle deu cobertura o diario español *El Mundo* (11/11/2005), sobre a realidade europea de clitoridectomía. Uns centos dos 130 millóns de mulleres clitoridectomizadas –ás que se lle practicou unha mutilación xenital que consiste na extirpación de boa parte dos xenitais⁵⁶- entre 1996 e 2001 residen no corazón de Europa.

Perante a diversidade cultural, os gobernos, e nomeadamente os executivos

⁵⁶ Segundo apunta Marta Lois (2005: 17) existen media ducia de tipos de operacións dos xenitais femininos dependendo do lugar, etnicidade, status e nivel educativo. As máis coñecidas son a infibulación ou circuncisión faraónica, a circuncisión ou escisión, a ablación intermedia e a clitoridectomía o sunna. Están colocadas de maior a menor gravidade para a saúde física das mulleres, aínda que todas atentan contra a integridade física das mulleres, e polo tanto son indesexables.

Europeos en tanto sospeitosos de universalismo e etnocentrismo, avalados pola súa longa tradición colonial, non saben como actuar en materia de dereitos con respecto á inmigración. Cada día chegan ás costas europeas centos de inmigrantes amoreados/as en pateiras ou “caiuocos”, as fronteiras terrestres denéganlle o paso, sen demasiado éxito todo hai que dicilo, a miles de europeos/as do antigo bloque soviético, hoxe en proceso de conversión á economía capitalista e ao réxime social e político neoliberal, que buscan un lugar mellor –ou cando menos un lugar que lles permita a opción de loitar pola supervivencia con algunha posibilidade de comer cada noite. Os gobernos europeos vense desbordados polas inxentes cantidades de seres humanos que atravesan a súas barreiras.

A sociedade asimila con problemas aos/ás novos/as cidadáns/nas, algúns/unhas de pleno dereito, nacionalizados/as e con número da seguridade social, e outros/as sen papeis. Evitaremos a utilización do termo ilegal porque a denegación de liberdade de movemento a un ser humano contradí o principio de legalidade, como sinónimo de xustiza. Como moi ben dixo Benhabib: “*Ningún ser humano é ilegal*”. Os arrabaldes das grandes metrópoles e as súas cidades periféricas medianas comunicadas con transportes públicos están ateigadas de inmigrantes non integrados/as totalmente. Non hai máis que ver a súa situación xeográfica poboacional, nas zonas marxinais das cidades, os chans máis baratos e as aforas, para comprobar a súa exclusión social. As cidades da provincia de Barcelona, unha das maiores acolledoras de inmigrantes polo seu tecido industrial, están divididas por barriadas en función da nacionalidade da maioría da súa poboación. É famoso estatalmente o barrio de CanAnglada (Terrassa) polos conflitos entre inmigrantes e poboación fai uns anos. Hoxe, as vivendas deste barrio barcelonés son practicamente en exclusiva de individuos de orixe nordsahariano, despois dunha baixada dos prezos dos inmobles da zona pola presa en vender dos/as propietarios/as españois/las que antes residían alí.

Actualmente, xa non se pon en dúbida o carácter cultural do conxunto de costumes que forman unha determinada identidade cultural. Xa ninguén considera natural un determinado xeito de vestirse, comer ou lavar os dentes. Sen embargo, segue prevalecendo a crenza de que existen uns costumes mellores e outros peores, a herdanza do evolucionismo cultural, acuñado por Tylor, Frazer e Morgan a fins do século XIX. O relativismo cultural, asociado ao multiculturalismo, denega a posibilidade de comparación entre culturas apelando ás súas diferenzas. Sen embargo, o radicalismo xera incoherencias importantes: este é o caso do determinismo asociado ao relativismo

radical. A imposibilidade de comparar culturas carreta a negación de xulgar as alleas porque a crítica en aras dos dereitos universais, podería e de feito é interpretada coma un intento de dominación máis e unha imposición da cultura de maior poder económico e político⁵⁷.

Hai unha distancia significativa entre a dominación cultural e a tolerancia cara calquera tipo de práctica cultural. O feminismo presupón a posibilidade de cambio das culturas dado que se fundamenta na necesidade de lograr a igualdade de dereitos para os individuos independentemente do seu sexo, orixe social ou xeográfica... Non todas as prácticas culturais merecen respecto. O factor que permite medir a adecuación ou non dun costume é o respecto desta práctica aos dereitos dos individuos: á súa integridade física e emocional, ao seu benestar e á súa liberdade de elección.

Cando se trata dun encontro de culturas, e cando dúas culturas comparten un espazo inevitablemente xorden puntos de encontro –que non de choque cultural no sentido huntingtoniano- a situación adquire un tinxer máis complexo. Se xa non é doado garantir os dereitos de igualdade a un individuo dentro dunha mesma cultura, o caso das mulleres previamente analizado é suficientemente elocuente como para exemplificar esta tese, garantírllelos a individuos de diferentes culturas afincadas na área de influencia doutra é aínda máis complicado. O territorio é un elemento fundamental á hora de definir e defender unha identidade cultural. No caso dos/as migrados/as, este factor non perde importancia pero desprázase, e este cambio de localización sitúao noutro territorio, factor de definición nacionalista para outro grupo co que agora o/a migrado/a tende a chocar.

Ata o momento, os dous planteamentos máis analizados e practicados, con maior ou menor éxito, son a integración dos migrados/as á cultura de recepción ou o gheto, illamento para evitar a asimilación e perda de trazos identitarios nos que pode derivar a integración⁵⁸. Sen embargo, en condicións normais, excluindo xenocidios e exterminios como o experimento nazi entre outros, non acontecen ningunha das dúas posibilidades sinaladas senón que se produce unha hibridación ou se toman prestadas características da outra cultura coa que coincidimos nun espazo. Como o explica Amorós (2007c: 223-224): “*Nunca tiene lugar ni la total asimilación ni la total destrucción de una cultura*

⁵⁷ Véxase a descrición que fai BESSIS, Sophie, *Occidente y los otros, historia de una supremacía*, Madrid, Alianza Ed., 2002. do enfrontamento na construción identitaria de Oriente e Occidente.

⁵⁸ Sophie Bessis fai referencia a esta dobre opción no contexto oriental en tanto asimilación e diferencialismo. Véxase a explicación que fai en *Las emergencias del mundo: economía, poder, alteridad*. Oviedo, Ed. Nobel, 2005. Páx. 164.

por otra: también las culturas hegemónicas son siempre en alguna medida penetradas por las que no lo son”.

Neste contexto as mulleres son o baluarte da defensa dos costumes culturais, abandeiradas dos ritos e tradicións dos seus pobos. A filósofa francesa Michèlle Le Doeuff teorizou a “*sobrecarga da identidade*” das mulleres. Amorós afirma a propósito da identidade, nunha entrevista realizada por Dolores Vilavedra e María Xosé Agra para *Grial*, que “*compre ter en conta que as identidades se negocian nas relacións de poder*” (AMORÓS, 2007b: 56)⁵⁹. A identidade é relacional e sostense sobre a base da sobrecarga feminina deste factor. Os homes teñen unha identidade en relación a identidade doutros homes. En termos de Femenías (2007a: 87): “*La emergencia de sujetos mujer estereotipamente normalizadas es funcional a la supervivencia de los diversos grupos y culturas*”. A normalización, da que fala a profesora bonaerense, consiste na feminización da tradición, onde as mulleres cumpren coas súas tarefas “normais” de coidadoras e mediadoras culturais. No contexto de diversidade cultural, a feminización da tradición refórzase.

“Ante lo nuevo se potencian las maniobras de poder y de control que refuerzan los modelos de femineidad. Si esto es así, el choque intercultural refuerza directa o indirectamente las heterodesignaciones, generando además un doble mensaje: para las mujeres (en el interior del grupo), a favor de la estereotipia tradicional y la inmovilidad social; para los varones (hacia fuera del grupo), en términos de autoridad y dominio potenciando los aspectos dinámicos” (FEMENÍAS, 2007a: 87-88).

Concluimos con María Luísa Femenías que a capacidade do suxeito- axente é proporcional a súa mobilidade cultural. As mulleres en tanto suxeitos pasivos receptores de heterodesignacións non teñen poder para instituírse como suxeitos e optar

⁵⁹ Como xa indicamos, o poder é unha estrutura masculina, tecida polo patriarcado, definido por Kate Millet coma un conxunto de pactos entre homes, nos que as mulleres son o obxecto transaccional, ou como moito as testemuñas ou madriñas que miran mentres os homes asinan a súa dominación. As mulleres no patriarcado dispoñen dunha identidade heterodesignada polos homes quen teñen poder de nomear, en tanto suxeitos. Os termos do contrato son “as nosas mulleres” ou “as vosas mulleres”. Ou como diría Amorós (2007c: 235) “*mujer es lo que tenemos nosotros*”. As mulleres reciben pasivamente un nome, unha identidade. A negación da individuación das mulleres é tal que Amorós teorizou a correlatividade entre a sobrecarga de identidade das mulleres e a sobrecarga de individuación e autonomía dos homes. A filósofa feminista critica a infracarga de identidade masculina: son “*la subjetividad por antonomasia*”, di Amorós (2007c: 230). En *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias...* Amorós relaciona os espazos de poder co principio de individuación. As mulleres son as mesmas, as idénticas, indiscernibles dentro dos seus traxes folclóricos todos igualiños, homónimas estereotipadas en nomes comúns como “maruxas ou marías”.

á mobilidade. Este aspecto é criticado por Seyla Benhabib na súa reivindicación do dereito de saída ou desasociación cultural de todos os suxeitos, especialmente das mulleres. Benhabib (2006: 51) sinala tres condicións normativas para facer encaixar os dilemas multiculturalistas e as cuestións das mulleres dende unha perspectiva feminista. As tres normas: a reciprocidade igualitaria, a autoadscripción voluntaria e a liberdade de saída e asociación fan compatibles as estruturas pluralistas cun modelo de democracia deliberativa universalista, defendido pola nosa autora. Unha das principais opresións culturais das mulleres son os problemas para saír das súas sociedades e culturas. A outra, definida como muller, é por carectización inmóbil. Afondaremos nesta cuestión máis adiante. Pero antes de mergullarnos de cheo na polémica relación entre feminismo e multiculturalismo faremos unhas consideracións sobre a pertinencia dos dereitos individuais e colectivos, tema clave nesta problemática.

2.2.9. Os dereitos das persoas e os dereitos dos pobos

Perante o encontro cultural planteado anteriormente, o multiculturalismo ofrece a solución da implantación e defensa dos dereitos colectivos. Pola contra, a tradición occidental, tremendamente individualista, contempla os dereitos individuais como adalid da xustiza universal. En expresión de Susan Moller Okin:

"That minority cultures or ways of life are not sufficiently protected by the practise of ensuring the individual rights of their members, and as a consequence these should also be protected through special group rights or privileges" (OKIN, 1999: 10- 11).

Segundo critica esta teórica, quen foi pioneira na cuestión da relación entre feminismo e multiculturalismo por excelencia, a demanda dos privilexios grupais está medrando nas sociedades actuais. Demándanos os nativos indíxenas sometidos a culturas dominantes, as minorías étnicas e grupos relixiosos e os colonizados. Os/as inmigrantes son grupos minoritarios en culturas dominantes. Pero os dereitos colectivos poden lesionar os dereitos individuais das persoas que integran o grupo. Este é un problema que é preciso resolver en favor dos dereitos individuais das persoas, para non incorrer na violación do dereito de liberdade de elección dos individuos a formar parte a un grupo ou outro. Premisa que contén os garantes normativos da democracia universalista de Benhabib: dereito de autoadscripción voluntaria dun grupo e dereito de

saída e asociación. Partimos da base de que un/unha non escolle onde nace, a cultura na que nos integramos é un factor que nos ven imposto. Este feito non é incoherente co desexo e/ ou necesidade de conservar a cultura da que formamos parte, necesidade que se ve exacerbada no caso das culturas minoritarias perante a ameaza real de desaparición no contexto da globalización económica e o imperialismo cultural.

Xa fixemos mención a sobrecarga cultural e de identidade das mulleres. Varias feministas chaman a atención sobre como os homes que migran ás zonas de influencia doutras culturas integran nos seus costumes outros das culturas de adopción mentres lle “prohiben” ás súas mulleres que fagan o propio. Un exemplo visual é a indumentaria dos/as migrados/as marroquí en España. As mulleres seguen vestindo maioritariamente o velo –foular- e as súas túnicas de algodón de cores fortes e rechamantes que as cobren ata os pes verán e inverno. Mentres, os homes migrados adoptan os vaqueiros e a roupa deportiva europea. De feito, os migrados norteafricanos non se distinguen pola súa indumentaria como si acontece coas mulleres.

A fins do 2002, os medios de comunicación fixéronse eco dunha polémica social provocada pola elección dunha nena de orixe marroquí de levar o hijab na cabeza á súa escola europea. Xurdiu un debate social en torno ao multiculturalismo. Teresa Maldonado (2003: 16) lémbra-nos que tivemos a ocasión de escoitar todo tipo de comentarios ao respecto, tanto a favor como en contra do uso do pano por influencia da relixión musulmá. Oíronse argumentos relativistas, que admitían calquera tipo de indumentaria ou práctica de costumes culturais, universalistas radicais que equiparaban o uso do hijab á ablación de clítoris, etc. Tamén se escoitaron pseudo-argumentos evolucionistas culturais, que encumiaban a Occidente na loita polos dereitos como froito dun proceso natural, esquecendo a historia da reivindicación que sustenta a situación actual, etc. As posicións feministas foron múltiples e diversas⁶⁰. A relación do multiculturalismo co feminismo, como vimos amosando, é complicada. Sen embargo, subxace a consideración común, case consensual, do encontro conflictivo entre ámbalas dúas correntes ideolóxicas posto que nas sociedades patriarcais nas que nos tocou vivir, os grupos de dereitos poden pretender defender prácticas sexistas como parte dunha cultura concreta, como indica Susan Moller Okin (1999: 17): *“Most cultures are patriarchal, then, and many (though not all) of the cultural minorities that claim groups*

⁶⁰ Algunhas xeraron polémica, como foi o caso das ponencias de Amelia Valcárcel e Celia Amorós no Círculo de Bellas Artes de Madrid. O multiculturalismo, quizais polo seu grao de abstracción, como pon de manifesto Amelia Valcárcel na conferencia citada, é un termo difícil de definir e polo tanto xerador de varias versións e opinións, encontradas moitas veces.

rights are more patriarchal than the surrounding cultures”.

Agora ben, cada feminismo e cada feminista propón unhas solucións diferentes a esta problemática. Okin chama a atención sobre o perigo de lexitar prácticas sexistas escondidas baixo as alfombras da vida privada mediante estes dereitos colectivos. En tal caso, reclámase que os dereitos colectivos non lesionen os dereitos individuais de cada persoa que forma parte destas minorías. Cando falamos dun grupo, mesmo os de minorías, son as maiorías de poder as que rexen o seu sino. No caso dos grupos de minorías patriarcais é frecuente, coma no resto das sociedades, que os dereitos das mulleres e nenas se vexan violados en pro da maioría (numérica ou empoderada) masculina⁶¹.

Mary Nash sinala como perigos da esencialización das identidades culturais: primeiro, a homoxeneidade cultural que impida o exercicio das diferenzas e a diversidade dentro dun grupo e, segundo, -o que nos ocupa neste punto- “*establecer como interlocutores de comunidades étnicas a personas que no necesariamente son representativas del conjunto del grupo*” (NASH, 2001: 41). Un exemplo contemporáneo desta realidade atopámola nas barriadas do extrarradio parisiño onde agromou en 2003 o movemento Nin putas nin Submisas (NPNS). Fadela Amara, a presidenta e fundadora, critica –no ensaio homónimo ao movemento- que os alcaldes recoñeceron e designaron como “*interlocutores privilexiados*” das barriadas aos relixiosos chamados “*imanes de los sótanos*”. Os intereses das feministas de NPNS non estaban representados, moi pola contra, os relixiosos defendían condutas de comportamento lesivas para os dereitos das mulleres (AMARA, 2007: 84).

Katha Pollitt disinte da “tensión” entre multiculturalismo e feminismo. A columnista de *The Nation* afirma que baixo a superficie aparentemente conflitiva: dado que o multiculturalismo demanda respecto para todas as culturas e o feminismo interroga os costumes desas culturas, ámbalas dúas correntes comparten o relativismo

⁶¹ A concepción dos dereitos, tanto individual como colectiva, ten incidencia na vida das mulleres. Sobre os distintos tipos de dereitos tamén teoriza Kymlicka, quen defende o uso dos dereitos colectivos dos grupos de minorías. Este autor distingue entre dous tipos de dereitos colectivos: “*restriccions internas*” e “*proteccións externas*”. Simplemente o nome xa nos indica o tipo de dereitos que son cada un deles. Kymlicka só defende o segundo tipo como lexítimo. Así mesmo, define os dereitos colectivos externos como aqueles destinados a reducir a vulnerabilidade dos grupos minoritarios en relación á economía ou ao poder político da sociedade dominante. O autor canadiano enumera unha lista de “*proteccións externas*”, tal como el as entende: “*External protections, can take the form of language rights, guaranteed political representation, funding of ethnic media, land claims, compensation for historical injustice, or the regional devolution of power*” (KYMLICKA, 1999: 31).

cultural nas súas “*peticións éticas*” e os seus “*dereitos colectivos*” (POLLITT, 1999: 27). Neste punto queremos facer unha precisión conceptual importante. O feminismo non pode empregar o relativismo cultural na medida en que o segundo ten unha concepción de cultura incompatible coas reivindicacións do primeiro. A cultura do relativismo é homoxénea, estanca, inmutable. A concepción cultural que defende o feminismo, e que quedou explicitada nun apartado anterior, dista moito de ser pechada e delimitable como pretende o relativismo.

Sen dúbida, podemos falar de feministas radicais que ignoran a situación das mulleres negras, xitanas ou inmigrantes, como tamén podemos falar de multiculturalistas que descoñecen a causa das feministas. Pero, nesta investigación avogamos por un internacionalismo cultural moderado, que non caia no etnocentrismo europeo nin no radicalismo do relativismo que xustifica calquera práctica polo mero feito de provir dunha cultura. Bonnie Honig ten razón cando repasa a historia e denuncia o uso da “Cultura” para xustificar calquera práctica opresiva inxustificable (HONIG, 1999: 36). Debemos procurar que iso non aconteza de novo. O feminismo debe trazar os fíos rosa da globalización como apela Celia Amorós na súa crítica ao sistema global imperante para visibilizar e así poder combatermos e defenderse das prácticas patriarcais, que moitas veces superan as culturas concretas para situarse nunha lóxica común. En maior ou menor medida, os sistemas analizados son sexistas e aplican prácticas opresivas para controlar as mulleres e manter o sistema patriarcal. O feminismo debe estar alerta para non permitir estas prácticas pero sen para iso extinguir as culturas. Os dereitos colectivos dos pobos minoritarios fanse necesarios como tamén o son as cotas –ou a súa versión contemporánea: a paridade- para as mulleres en situacións de desigualdade. Se ben, é preciso analizar cada costume dende a óptica do feminismo para descifrar posibles pautas de comportamento patriarcal, que son necesariamente erradicables para conseguir unha sociedade igualitaria.

Okin presupón que a sociedade Occidental é a menos patriarcal das que ela analiza. Opinión que lle valeu varias críticas. Azizah Y. Al-Hibri, presidenta e fundadora de Muslim Women Lawyers for Human Rights, critica a visión estereotipada do “Outro” da profesora de Ciencia Política na Universidade de Stanford. Azizah Y. Al-Hibri critica de Okin que empregue fontes secundarias para establecer os seus xuízos de opinión verbo do multiculturalismo. Tendemos a non fixarnos nos costumes das nosas culturas por velas como naturais, e a enfocar as prácticas culturais alleas como construídas e artificiais, porque o etnocentrismo nos sitúa como medida de todas as

cousas. Negar a posibilidade de criticar outras culturas implica un relativismo cultural radical indesexable para o entendemento. Por iso é recomendable achegarse ás fontes primarias dunha cultura para aumentar a posibilidade de comprensión e lexitimar así as críticas que con respecto ás culturas, e non ás prácticas illadas, sempre son beneficiosas.

Neste sentido pregúntase Al- Hibri (1999: 46) por qué é opresivo levar un pano na cabeza e é liberador vestir unha minisaia. Sobre o mesmo tema reflexiona Fátima Mernissi no que ela denomina o harén occidental do talle 38. Malia que este non é tema desta investigación aproveitamos para posicionarnos criticamente fronte á tiranía que exercen os medios de comunicación e as axencias de márketing e publicidade coa imaxe das mulleres occidentais. A crítica allea a esta realidade parécenos pertinente e saudable para a nosa cultura. Comparar é difícil, aquí só queremos lembrar que as críticas documentadas convenientemente e co obxectivo feminista como motor son beneficiosas para as culturas en xeral. Como indica Yael Tamir, as culturas están cambiando continuamente. Os cambios non implican unha lesión da identidade cultural deses pobos. Os dereitos colectivos lexítimos ou “*proteccións externas*” en terminoloxía de Kymlicka coidan que iso non pase.

2.3. Feminismo global e Multiculturalismo: unha proposta de diálogo

Un dos aspectos máis interesantes do multiculturalismo é a súa intención crítica coa asimilación á cultura dominante, é polo tanto un movemento de resistencia ao proceso de globalización ou imperialismo actual. No mesmo fronte está o movemento feminista. O patriarcado tentou de todas as maneiras posibles cegar as mulleres no seu sistema, e como indica Rosa Cobo, esta asimilación do sexo feminino ao patriarcado é a condición da súa continuidade.

A asimilación cultural e a opresión das minorías, así como a violencia (física e simbólica) patriarcal existen dende sempre. Sen embargo, as reclamacións feministas e multiculturalistas fixéronse oír máis forte que nunca dende os anos 60- 70 do século pasado, data da chamada terceira onda feminista e do nacemento oficial do multiculturalismo no contexto nortamericano, e concretamente a súa aplicación práctica en Canadá, onde o goberno o puxo en práctica do gallo de contentar a Quebec, sen éxito⁶².

⁶² Na actualidade, Canadá é famosa mediaticamente por outros motivos ben diferentes. Son cíclicas as difusión nos medios de comunicación de todo o mundo de malleiras mortais con descargas eléctricas que

O debate importado do contexto canadiano e estadounidense, en torno ao multiculturalismo ademais de facer reflexionar ás sociedades patriarcais globalizadas, tamén comprometeu ao feminismo occidental a unha revisión das súas demandas universalizadoras á escoita das reclamacións das mulleres do Terceiro Mundo. María José Guerra Palmero (2000) data esta “*perspectiva dunha comunidade discursiva feminista global*” na Conferencia da Muller celebrada en Beijing en 1995. Punto de arranque de novos tipos de feminismo, como o ciberfeminismo, que permiten a comunicación entre mulleres de todo o mundo facilitando así a construción de redes de poder femininas. O feminismo é un movemento non xerarquizado que ergue como bandeira o diálogo e a participación de todas e todos.

2.3.1. *Tecendo redes violeta*

No contexto da globalización, as mulleres deben tecer redes transfronteirizas que as manteñan unidas contra os ataques relativistas do multiculturalismo, e os ataques sexistas do patriarcado capitalista, ou de outra índole, pois o patriarcado sempre se alía cos sistemas políticos imperantes co gallo de manter a dominación sobre as mulleres. A globalización na medida en que pon en xaque as identidades produce angustia nos individuos. Ante esta situación a postura máis intelixente e máis práctica dende a perspectiva feminista é a que enuncia Fatema Mernissi en *Un libro para la paz* (2004: 91): “*Si no puedo huir de la globalización, podría prepararme para ella. El diálogo es la clave*”.

O diálogo cultural complexo, afirma Benhabib (2006: 94), non é somentes unha realidade sociolóxica, senón tamén unha “*posición epistemolóxica estratéxica con implicacións metodolóxicas para a ciencia social y el cuestionamiento moral*”. Adoptamos, pois, o diálogo como ferramenta básica do feminismo que persegue a igualdade sexual nun contexto de diversidade cultural. Anotamos a advertenza amorosía da necesidade de simetría na interpelación para evitar xerarquías dentro das mulleres que se agrupan no tecido de redes violeta.

“*Ser y convertirse en un sí mismo es insertarse (verse arrojado) en las redes de interlocución, es saber como responder cuando se es interpelado y saber como*

propinan os policías do aeroporto canadiano a inmigrantes. Semella que o caso non é illado, senón que forma parte dunha lista de máis dunha ducia de asasinatos culturais deste tipo no mesmo país.

interpelar a los demás” (BENHABIB, 2006: 40). Como ben describe Benhabib, o diálogo é unha ferramenta imprescindible no trazado das identidades. Só dende a posición de suxeito unha pode interpelar e ser interpelada. Amorós (2007e: 369) propón unha arañeira –rede de redes- tecida colectivamente. A clave do éxito está en articularse con coñecemento, sen repetir os erros das alianzas inxenuas do pasado do feminismo. Como apunta Femenías a experiencia mostra que as mulleres, en xeral, prefiren manter a lealdade ao grupo que defender os seus propios dereitos, “*en parte porque el vocabulario mismo de los derechos les es ajeno*”⁶³ (FEMENÍAS, 2007a: 85).

2.3.2. *A perspectiva dun feminismo global. Feminismo e Multiculturalismo ¿Quen critica a quen?*

O multiculturalismo ten unhas consecuencias ético-políticas para o feminismo. No seguinte capítulo reflexionaremos polo miúdo na aplicación desta problemática ao noso contexto. Estudaremos a cuestión da emigración dos países de relixión musulmá á Europa comunitaria, e fundamentalmente a España, contexto no que nos centramos. Nesta conxuntura fanse evidentes as reclamacións das “outras” mulleres fronte ao feminismo branco. A perspectiva do multiculturalismo radical caracteriza as culturas como todos inmutables e pechados, o que dificulta dende esta óptica á aproximación e relación entre culturas.

Achegar ambas as dúas posturas para permitir a comprensión e articulación dunhas demandas comúns é unha materia obrigada dun feminismo con vontade universalista. Lonxe de impoñer a cultura dominante (pois iso significaría reproducir a conduta patriarcal capitalista que criticamos, cun diferente suxeito, ou obxecto se falamos nestes termos: as outras mulleres) o feminismo persegue a igualdade de dereitos entre os individuos sen importar o sexo, entre outros factores. María José Guerra establece como prioridade para alcanzar un diálogo cultural a eliminación de dous prexuízos, un de cada grupo cultural: o etnocentrismo occidental e o esencialismo, asociado fundamentalmente ás outras culturas.

A lectura das fontes primarias das outras culturas, como xa indicamos nun capítulo anterior, é un paso necesario para a consecución deste fin: eliminar o

⁶³ Bessis conta en *Los árabes, las mujeres, la libertad*, Madrid, Alianza Ed, 2008. Páx. 81 como as mulleres árabes tamén se alistaron antes para combater pola liberación nacional que pola liberación feminista.

etnocentrismo que nos sitúa como medida de todas as cousas e culturas. Non se trata de convencer o outro de que a nosa cultura é a mellor. Trátase de dialogar, escoitar e comprender. Nada máis lonxe do esencialismo que entende as culturas como entes pechados e inmutables. Estamos nun século de conmocións e revolucións. As culturas mestúranse como acción dos colonialismos, exilios provocados polas guerras e ditaduras, migracións por cuestións económicas no colo da globalización, etc. Non pode pretendese que as culturas sexan espazos homoxéneos e herméticos, pois a realidade é outra. E a situación ideal implica comunicación, non asimilación, pero si un diálogo fluído que permita o respecto entre culturas e a comprensión mutua, sen deixar por aquilo de vixiar que se respecten os dereitos de xustiza entre os individuos e os grupos, sempre co individuo como principio, aínda que sen ignorar a súa procedencia cultural, pois iso conleva uns costumes non sempre lesivos para a súa integridade. Guerra é elocuente en canto á pluralidade das culturas e á vixilancia dos dereitos se refire:

“Esto nos lleva, por ejemplo, a concluir que no podemos confundir Islam con islamismo integrista, una de sus interpretaciones, cuando se nos muestra dentro de la misma cultura posibilidades contrastadas, incluso mayoritarias, de entender esa misma cultura en sentido más tolerante, abierto, democrático e igualitario” (GUERRA, 2000)

A historiadora e xornalista tunesina de educación francesa, Sophie Bessis tamén pon de relevancia esta realidade:

“De hecho, en los últimos veinte años, el Norte ha forjado un silogismo cuya pertinencia cabe cuestionar: los islamistas son peligrosos. Todo musulmán es un islamista en potencia porque su religión lleva en su esencia la semilla del extremismo. Por lo tanto, todo musulmán es peligroso, lo cual lo hace definitivamente repulsivo” (BESSIS, 2002: 252).

María José Guerra lembra que dende o feminismo xa vimos falando da natureza transcultural do patriarcado, antes de que se puxera de moda o multiculturalismo, pois existe dende sempre. As mulleres son as transmisoras dos valores patriarcais, como tamén o son dos valores culturais. Este é o motivo polo que o multiculturalismo considera o xénero un punto de apoio básico, polo tanto esta relación debe ser analizada e deconstruída. Okin lembra a dificultade que carreta esta tarefa, polo carácter privado da feminidade. É máis difícil acceder ás mulleres se estas e as prácticas que as implican

están pechadas na esfera privada de cada cultura. Porque se xa o acceso á esfera persoal da propia cultura é unha tarefa ardua, máis o será acceder ás esferas privadas de culturas alleas, moi ben custodiadas por gardiáns esencialistas. Pois os homes eríxense como representantes culturais. As maiorías de poder de cada grupo, exceptuando as asociacións feministas, son sempre masculinas, incluíndo as minorías multiculturalistas.

As feministas brancas e as mal chamadas “outras” feministas, ou feministas do Terceiro Mundo, comparten críticas contra o sistema patriarcal e reivindicacións de dereitos comúns, que se fan visibles mediante o diálogo multicultural dos feminismos. Guerra resúmeo así:

“La sensibilidad multicultural hacia las diferencias no tiene porque anular la percepción de la discriminación de las mujeres en distintos marcos culturales. Señalar lo obvio, la dominación patriarcal, lo que muchas mujeres de esa cultura, también, señalan y sumarnos a sus voces no puede ser entendido como “ofensa cultural imperialista” (GUERRA, 2000)

Resulta sospeitoso que na reflexión sobre as relacións entre cultura e xénero atopemos as mulleres sempre como as vítimas dos costumes ou accións culturais concretas. É relevante e revelador que os principais costumes culturais para as que se demanda respecto estean relacionadas coas mulleres, e como consecuencia coa vida privada, reduto da reprodución socio-cultural. O feminismo foi atacado polo multiculturalismo e criticado pola súa actitude etnocéntrica, no caso do feminismo branco, occidental e europeísta. E agora faise necesaria a actitude inversa: que o multiculturalismo se preste á crítica que sobre el efectúe o feminismo, para previr o reforzo do patriarcado, que se produce, e se produciu xa nalgúns casos (lembramos o exemplo proposto por Okin da poligamia legal na Francia dos 80) polo carácter aínda máis patriarcal se cabe dalgúns grupos minoritarios e outras culturas. O feminismo establece, previamente ao diálogo, unha análise das situacións de opresión das mulleres nos diferentes contextos como punto de partida da súa reflexión e acción comunicativa e interactiva global. Okin sinala a importancia capital do contexto á hora de falar da relación entre multiculturalismo e feminismo. A súa resposta á pregunta de se o multiculturalismo é malo para as mulleres, cuestión que admitiu (OKIN, 2005: 69) desexar suavizar despois da edición do volume de Oxford, *Is multiculturalism bad for women?*, está determinada polo contexto no que ela mesma e os seus interlocutores teóricos a contestan, onde as súas continxencias particulares son cruciais. O contexto é

un factor relevante coincidente nas demandas do feminismo branco e do resto dos feminismos, ademais da voz occidental citada, Susan Moller Okin, outro filósofo, esta vez de orixe árabe, Mohammed Abed Al- Yabri, destaca a importancia do factor contexto. Di así:

“Basemos nuestra relación con el legado cultural en una comprensión que nos permita asimilarlo en su propio contexto, y asumamos nuestra relación con el pensamiento mundial contemporáneo de la misma manera.” (ABED AL- YABRI, citado por AMORÓS, 2007c: 259).

Se analizamos a situación das mulleres nas diferentes culturas observaremos, salvando as diferenzas, que as mulleres comparten en todas as culturas a titoría da identidade da súa comunidade ou cultura. Como indica Celia Amorós, mesmo os insultos (fillo de puta, bastardo, fillo de mala nai, mal parido, etc.) se desprazan cara ás mulleres da comunidade do outro para ofendelo, pois elas son as depositarias desa sobrecarga de identidade á que xa nos referimos. Debemos empezar a pensar, como afirma Rosa Cobo que os homes cando debaten sobre mulleres realmente están a falar doutra cousa, pero ao facelo deste modo o intercambio de palabras resúltalles máis inocuo (COBO, 1999: 59).

Resulta sospeitoso que non se consideren as mulleres, a metade da humanidade, coma obxecto de discriminación ao falar de multiculturalismo por poñer un exemplo concreto, aínda que pasa con calquera asunto relacionado coa súa existencia, e que sen embargo, ao apelar ao universalismo, a todos lle veña á mente a imaxe dunha lapidación por unha suposta infidelidade ou pola manida, pero non suficientemente combatida, ablación de clítoris. É obvio que as mulleres son as máis desfavorecidas coa aplicación das prácticas culturais, pois como depositarias das identidades, sofren o maior peso destas sobre as súas costas e non teñen o dereito a elixila, defendela, pois non forman parte dos grupos maioritarios que detentan o poder, sempre elites masculinas.

O xénero é un concepto transversal, atravesas razas, etnias, clases sociais, relixións, culturas, etc. A análise das culturas examinando o xénero como factor relevante é, pois, necesaria. Nesta medida, o feminismo pode, pois, e de feito debe, facer unha crítica ao multiculturalismo.

3.2.3. *As voces das outras feministas: o feminismo postcolonial*

As feministas occidentais teñen dúas tarefas previas a presentarse como interlocutoras nun diálogo aberto e plural, unha conversa feminista interactiva. Allison Jaggar (citada en GUERRA, 2000) sinala a necesidade de lidiar co antifeminismo dos occidentais e respectar as perspectivas das outras feministas, sobre todo as mulleres do Terceiro Mundo, dende sempre silenciadas, tanto ou máis que as occidentais. Non se trata de impoñer a visión das feministas occidentais ao resto das mulleres do mundo, pois tal feito suporía un exercicio tan denostable como o imperialismo patriarcal que combate o propio feminismo, senón de pór enriba da mesa de discusión todas as perspectivas das afectadas, todas as mulleres, para poder organizar así unha teoría que sirva de base á práctica emancipatoria do feminismo, que contribuirá a cambiar o mundo: socavando a sociedade patriarcal que oprime a todas as mulleres, independentemente da súa orixe ou cultura. No caso do debate feminista global, como na incorporación das mulleres ao eido laboral, existen entre os suxeitos implicados opinións que presupoñen a necesidade de mecanismos que xeren a igualdade de base que permita, neste caso, un debate con posicións iguais para todas as interlocutoras⁶⁴.

Na visión maioritaria do feminismo, a que aquí tratamos de romper para establecer unha imaxe de feminismo plural e diversa como plurais e diversas son as mulleres, en función de varios factores, considérase que o feminismo é exclusivamente o chamado movemento feminista branco, occidental. Mesmo, hai quen chega a afirmar que os outros feminismos son unha copia ou imitación posterior do feminismo occidental. Os propios líderes árabes manteñen esta tese, como indica a galardoada co Premio Príncipe de Asturias das Letras 2003, Fátima Mernissi⁶⁵:

“Como podemos comprobar la tendencia subversiva de las mujeres ya fue reconocida por el Corán en el siglo VII, pero los líderes árabes actuales se sorprenden y despotrican contra las ideas destructivas importadas desde Occidente cada vez que albergan sospechas de que las mujeres árabes pudieran sublevarse.” (MERNISSI, 2001).

⁶⁴ Estamos pensando na matización que fai María José Guerra sobre a lexitimidade da existencia dun grupo reducido nun primeiro lugar para protexer os membros das minorías estigmatizadas cando o tema de discusión poida volverse contra eles. Neste caso, a feminista xustifica os límites de participación para establecer *“un diálogo xenuinamente igualitario, aberto e inclusivo”* entre todas as feministas.

⁶⁵ Mónica Ramos (en MAQUIEIRA, 2006: 322) indica que na China, país onde reside unha importante minoría islámica, tamén se culpa a Occidente de sementar o *“veneno extranxero”* que trae o feminismo.

Esta mesma crenza, a de mimetismo do feminismo árabe ou outros feminismos, en boca de mulleres occidentais ten unha xustificación moito máis limitada que sostida por varóns árabes. Mernissi entende que os homes de relixión musulmá crean na dependencia do feminismo árabe do occidental para exculpar así ás súas compañeiras de alcoba e tranquilizar as súas propias preocupacións, aínda que non o xustifica. No caso das feministas occidentais, esgrimir o concepto da dependencia e mímese dos outros feminismos ao seu, branco, é unha cuestión de poder, peor, si cabe, á anterior. Segundo a súa propia expresión:

“Pero si uno se pregunta muy seriamente por qué una feminista americana o francesa cree que yo no estoy tan preparada como ella para reconocer los esquemas de degradación patriarcal, se descubre que esto la coloca en una posición de poder: ella es la líder y yo la seguidora. Ella, que quiere cambiar el sistema para que la situación de la mujer sea más igualitaria, a pesar de ello (muy en el fondo de su legado ideológico subliminal) retiene el instinto distorsionador, racista e imperialista de los hombres occidentales. Incluso ante una mujer árabe con cualificaciones, conocimientos y experiencias similares a las suyas, ella reproduce inconscientemente los esquemas coloniales de supremacía” (MERNISSI, 2001)

Baixo a crenza dalgunhas feministas occidentais, non todas afortunadamente, da inferioridade dos outros feminismos, mantense, consciente ou inconscientemente, o esquema colonial de superioridade, clasista e cultural. O feminismo occidental debe aprobar, pois, esta materia pendente, para participar nun diálogo aberto e sincero, reflexo dunha verdadeira solidariedade entre mulleres. Non estamos a cuestionar a teoría das vetas da ilustración das feministas da igualdade españolas que negan a posibilidade dun feminismo bíblico, musulmán ou budista. A interpretación das relixións sexa do cariz que sexa non responde á caracterización feminista. O feminismo, como dende aquí o entendemos, esixe a reivindicación de liberdade e a demanda de igualdade universal, o que en ningún caso nega a posibilidade doutros feminismos ademais do occidental, por suposto.

A opinión pública, por influencia de certos partidos políticos e grupos mediáticos, tende a assimilar os conceptos de Islam e integrismo islámico. Este feito dificulta aínda máis o entendemento entre culturas que se plasma nas actuais guerras entre Oriente e Occidente, e reforza os estereotipos que afastan a poboación dos países árabes, incluídos os/as migrados/as a Europa, e os cidadáns e as cidadás occidentais. Esta actitude ten o seu correlato no feminismo, como acabamos de explicar.

Existe o feminismo árabe, ou mellor dito os feminismos árabes, pois ademais do clásico xurdiu un moderno, non dependente do feminismo branco que provén dos Estados Unidos de América ou París. Aínda son poucas as voces de mulleres árabes que se escoitan en Europa, pero que non cheguen ao noso contexto, non implica que non as haxa. Fátima Mernissi, doctora en socioloxía, ensaísta e profesora universitaria no Institut Universitaire de Reserche Scientifique da Universidade Mohamed V de Rabat, especializada no estudo das mulleres nos países árabes é un exemplo de voz preilustrada segundo a caracterización que dende a teoría das vetas da Ilustración fai dela Celia Amorós, quen ademais a compara con Christine de Pizan, autora de *La ciudad de las damas* en 1405. Mernissi exerce como consultora de diversos organismos internacionais (BIT, UNESCO, UNI). Outra voz do feminismo con orixe árabe é a tunesina Sophie Bessis.

Fátima Mernissi traballa sobre un feminismo autóctono, que logra mediante as lecturas, moi persoais, dos textos sagrados do Islam. Mernissi compite cos sectores conservadores que lle negan algún protagonismo rebelde ás mulleres na cultura islamista. Esta profesora marroquí céntrase na construción da historia do Islam, dende o seu contexto e a partir dos seus intereses de presente, para artellar así un –digamos– proto-feminismo autóctono que non derive do feminismo branco occidental, acusación que combate activamente. A súa orientación teórica é unha combinación de elementos endóxenos (criterios de selección da súa cultura, características propias do Islam, etc.) con elementos esóxenos (as vetas da ilustración seleccionadas de Occidente, os seus principios de igualdade, liberdade, etc.) (AMORÓS, 2007c: 244).

Ademais do feminismo árabe, existen outros feminismos. María Luísa Femenías (2007b: 156) resume a situación actual do debate feminista na interacción de tres grandes correntes feministas, a saber: o feminismo multicultural, o postcolonial e o ecofeminismo. Os tres termos designan a grupos feministas de difícil definición xeral con consenso, pois engloban unha ampla heteroxeneidade de individuos no seu colo. Os estudos subalternos ou postcoloniais fan referencia a un conxunto de compilacións publicadas en Delhi por un grupo de académicos indios. O pensamento postcolonial irrompeu na Gran Bretaña dos anos 70 e desenvolveuse nos Estados Unidos coa lóxica do dominio como punto de partida: división en centro/periferia, unha/outra. O feminismo postcolonial, o feminismo do Terceiro Mundo, ten no feminismo negro ou lesbiano, escindido do feminismo branco, occidental e heterosexista na década dos anos 70, o seu antecedente máis próximo. No 1973, as feministas negras formaron a

Organización Nacional Feminista Negra (NBFO) en Nova Iorque pola desilusión que lles provocou o etnocentrismo e o clasismo das feministas brancas. En 1981, a Asociación Nacional de Estudos sobre as mulleres (NWSA) convocou a súa Terceira Conferencia Anual co título “As Mulleres responden ao racismo” en Storrs (Connecticut). Alí, as mulleres negras fixeron unha microrreunión onde decidiron avogar polo feminismo terceiromundista. A terminoloxía pretendía non excluír as outras mulleres, por iso eliminaron o cualificativo de negro, opoñible ao branco, e substituírono por terceiromundista, hoxe cambiado por postcolonial, sen pleno consenso (hai quen prefire o termo neocolonial), para englobar así tamén as mulleres de orixe e cultura terceiromundista pero residentes, ou migradas en Occidente, o chamado Primeiro Mundo.

Os grupos feministas, sexa cal sexa o factor que os subgrupe: raza, cor, nación, estrato social, etc.; parten sempre do xénero como concepto base a partir do que se comeza a reflexionar. Mesmo no caso do feminismo negro, onde a conciencia compartida é moi forte, e comparten loita cos homes negros oprimidos tamén, como sinala De Lauretis (citada por OLIVA, 2004: 5): “*El sujeto del feminismo se construye y define desde el género, empieza con el género*”. Dentro do feminismo branco, varias representantes se interesaron pola crítica que fixo nacer o feminismo negro e lesbiano, e se fixeron eco das reivindicacións dese outro feminismo. Así o resume Asunción Oliva:

“Las críticas de las negras y/o lesbianas fueron respaldadas muy pronto por una mujer blanca, Adrienne Rich, quien habla en 1984 de la “política de la localización” y establece la figura de la “mujer blanca desleal a la civilización” (OLIVA, 2004: 6)

Tamén Donna Haraway se fai eco destas críticas e afirma que a súa figuración do *cyborg* abre a porta á posibilidade doutras moitas máis. Así, Audre Lorde fala da lesbiana negra como centro da “*casa da diferenza*”; Chela Sandoval pon de releve “*a conciencia opositiva*”; Bell Hooks fala do “*desprazamento dende as marxas ao centro*” e Gayatri C. Spivak da “*conciencia subalterna*”; Gloria Anzaldúa da “*conciencia mestiza*”; Trinh T. Min-ha centra a súa teoría no “*outro inapropiado/ inapropiable*”, Chandra T. Mohanty na “*muller do Terceiro Mundo*”, etc. (OLIVA, 2004: 6- 7).

Como ocorre no caso de certos tipos de proto-feminismo islamista, vinculado á relixión ou non suficientemente crítico como para que os varóns árabes descubran a súa independencia do feminismo branco e a súa orixinalidade; no caso do feminismo negro

tamén había un medo a sufrir un desprezo polos homes da súa mesma cultura e cor de pel por acusacións do tipo de deslealdade contra a causa antirracista ou no caso islamista, relixiosa e cultural. É representativo que as feministas negras inventaran o termo “*mullerismo*”, que saíu da pluma de Alice Walker, para non confundirse ao asociarse co feminismo branco, colonial e clasista, cando menos no que respectaba ás críticas que recibía.

O feminismo postcolonial, seguindo a lóxica dos estudos subalternos, deconstrúe as nocións de poder, emancipación, híbrido ou mestizo. Nun mundo de globalización, medios de comunicación de cobertura internacional, fluxos emigratorios masivos, etc. as fronteiras entre o un e o outro, o central e o periférico suavízanse, e transfórmanse en lugares de intercambio de influencias e trazos identitarios. As identidades híbridas que se crean neste contexto favorecen as resignificacións de cultura, outro, etc. Femenías cita a Bhabha e a súa teoría da transnacionalidade dos discursos postcoloniais (FEMENÍAS, 2007b: 158). O feminismo postcolonial é unha designación discutida, pois nin están englobadas neste concepto todas as mulleres orixinarias dos países descolonizados nos anos 70 do pasado século, nin todas as feministas de países descolonizados pertencen a esta liña de pensamento. Femenías (2007b: 160) exemplifica este segundo caso coa excepción do ecofeminismo: movemento feminista de ideoloxía propia vinculada á ecoloxía e ao movemento antiglobalización que se sitúa en grande parte da India, país descolonizado da tutela inglesa. En África e Asia existen ex-colonias de Inglaterra e Francia, e esta condición non as converte en feudo do pensamento postcolonial. Xa temos falado do feminismo árabe, situado en África. No grande continente tamén existen outros feminismos como o representado pola negritude e a identidade africana. Asia e América Latina tampouco son contedores homoxéneos de identidades feministas. En América Latina, un grupo significativo de mulleres aférranse a esta designación, “*como constructo identitario histórico-económico, con rasgos propios*”- en termos de María Luísa Femenías (2007b: 177) para non diluírse no amplo concepto de Mulleres do Terceiro Mundo. Pois, as feministas de América Latina caracterízanse, así mesmo, e con este trazo diferéncianse do contedor homoxeneizador “Terceiro Mundo”, por unha sociedade descolonizada fai máis dun século, e pola ampla variedade de grupos liderados por mulleres, que aínda que rivalicen entre eles, se unen para facer fronte á ofensa occidental de “*dominación branca*” (FEMENÍAS, 2007b: 179-180). En todo caso, ao utilizar estes termos, non debemos esquecer que o facemos coa vontade universalista de unificar criterios e achegarnos a un diálogo multicultural, pero nunca

coa vontade de abandeirar unha serie de valores impostos dende a lóxica occidental.

A relación entre feminismo e multiculturalismo ten neste punto un tema de traballo importante. De aí que se desenvolvera profusamente o debate sobre este aspecto na década dos noventa. Coa construción autodesignada da propia identidade feminina, as mulleres deixan de preocuparse polas críticas que poidan sufrir nun entorno hostil e móstranse todo o reivindicativas que desexan para romper coa opresión interiorizada. Paralelamente, vanse establecendo grupos feministas negros, lesbianos, chicanos ou latinos en América, etc.; comézanse a realizar reunións internacionais de feministas ás que nun primeiro lugar asisten todas as mulleres. A definición global do feminismo é unha cuestión complexa, pois hai tantas definicións coma grupos de mulleres feministas, mesmo en última instancia como mulleres. O tema da definición resulta de difícil resolución posto que é un tema de apertura e peche a un tempo. É dicir, que para establecer unhas pautas de acción feminista e unha axenda de accións feministas parece necesario saber previamente qué engloba o feminismo. Pero, por outra parte, para saber o que é o feminismo global é necesario desenvolver previamente un debate intenso no que se chegue á conclusión compartida por todos/as de qué é o feminismo.

No caso real de discusión sobre o feminismo nun contexto plural e global, as críticas de etnocentrismo e racismo ao feminismo branco por parte das feministas do Terceiro Mundo, e a incompreensión non permitiron resolver unha definición consensuada, pois as feministas postcoloniais negáronse a aceptar ser un subgrupo do feminismo global. Os movementos defínense no seu nacemento con maior comodidade que despois, nalgún momento da historia e evolución. Posto que hai varios feminismos, establecer os puntos coincidentes é tarefa previa á definición. A definición debe corresponder pois a un novo feminismo, que xurda na superación de ambos os polos do feminismo postcolonial que lle poñía voz ao subalterno e visibilizaba así o seu punto de vista. Un feminismo que xurda ao rego das características da nova sociedade global, multicultural, etc.

Definir é un acto de poder, e prevalece a idea de que as feministas brancas están nunha posición de poder como correlato á que detentan os varóns occidentais aos que critican por neoliberais patriarcais. Nas discusións feministas globais non se superaron a lóxica clasista e racista, aínda que só sexa no imaxinario das mulleres terceiromundistas e occidentais que estaban na discusión, polo que non chegou a consensuarse un feminismo global. (OLIVA, 2004: 12). As condicións particulares das mulleres que viven en países descolonizados, como é o caso da India, patria de orixe de Spivak,

imposibilita a súa adhesión a unha orde feminista global.

“La autora, muy influida por el deconstructivismo derrideano, afirma que en este contexto es imposible pensar en un feminismo “universalista” que, según Spivak, “simula” también la existencia de una colectividad de mujeres, cuando éstas están tan estratificadas como los hombres” (OLIVA, 2004: 13).

Spivak tamén critica que se pretenda dar unha imaxe global e totalizadora dos países do Terceiro Mundo, outra trampa do imperialismo postcolonial. Esta crítica diríxese a outra feminista de orixe hindú, Chandra Talpade Mohanty, cara a algunhas feministas occidentais que pretenden homoxeneizar a todas as mulleres do Terceiro Mundo irmanándoas na mesma loita, cando isto non é así. Tal opinión enganosa é unha mostra máis do etnocentrismo dalgúns occidentais. Explica Oliva que Mohanty critica a visión dicotómica que se presenta das mulleres do Terceiro Mundo por oposición ás do Primeiro Mundo. Esta definición de contrarios enmárcase na lóxica patriarcal clasista, onde as mulleres occidentais se instauran no suxeito, desenvolvido, orixinal, e con esta retórica sitúan as outras mulleres na posición de obxecto, en desenvolvemento, camiñando cara ao Primeiro Mundo. A propia terminoloxía revélaos, o Primeiro Mundo sitúase lóxicamente, sempre segundo a criticada lóxica binaria colonial e etnocéntrica, antes que o Terceiro Mundo. É outra cara máis da actitude que criticaba Mernissi respecto á consideración por parte de Occidente, e o que é peor dalgúns feministas occidentais, de que os/as outros/as dependen de nós e nos imitan. Ou o que é o mesmo, que o Terceiro Mundo se desenvolverá e chegará a ser como o Primeiro. Crítica que fai Sophie Bessis a Occidente. Esta actitude dificulta gravemente a consecución dun diálogo global entre feministas, que falen dende unha mesma posición de poder, obxectivo polo que aposta o feminismo nas súas mellores versións, e dicir, na liña emancipatoria.

3.2.4. Obxectivos comúns do feminismo global

Malia que aínda non se consensuou unha definición global de feminismo, si hai consenso no feito de sinalar coincidencias na loita das feministas globais como tamén o hai no caso das feministas postcoloniais. Chandra T. Mohanty establece cinco puntos en común do feminismo postcolonial. Asunción Oliva enuméraos:

“a) La idea de que sobre estas mujeres existe una confluencia de opresiones que es fundamental para moldear su experiencia de marginalidad política y social, determinando que la política feminista se base en la opresión específica que el imperialismo y el racismo han tenido en cada contexto social; b) el papel crucial que ha tenido y tiene el Estado hegemónico, que domina su vida diaria y su lucha por sobrevivir; c) el significado de la memoria y la escritura en la construcción de una oposición activa; d) las diferencias, conflictos y contradicciones internas a las organizaciones y comunidades del Tercer Mundo; y e) la insistencia en las complejas interrelaciones entre las luchas feministas, racistas y nacionalistas.” (OLIVA, 2004: 16)

Así mesmo, o feminismo global coincide en reivindicar para as mulleres de todo o mundo unha serie de puntos, entre os que destaca a ausencia da violencia machista. O termo “violencia de xénero” foi ratificado pola *Conferencia de Dereitos Humanos*, celebrado en Viena en 1993, despois de que Nacións Unidas, o definira no marco da *Convención para a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra as Mulleres* (CEDAW nas súas siglas en inglés), en 1979, lei que está en vigor dende 1981 en Europa e os principais países occidentais, e dende 1984 en España.

A Organización Mundial da Saúde (OMS), documenta no seu *Informe Mundial sobre a Violencia e a Saúde do 2002* que non hai distincións entre os países chamados desenvolvidos e os en vías de desenvolvemento. A violencia patriarcal é unha triste realidade universal. Aínda que non existen datos fiables do número de mulleres maltratadas continuamente, nin da porcentaxe de suicidios femininos provocados por situacións de violencia patriarcal, etc. sospéitase que o número de mulleres maltratadas tan só en España, un país occidental, rolda os dous millóns, segundo datos dun estudo del Instituto de la Mujer de 2006.

Outro dos problemas que comparten as mulleres, nomeadamente as do Terceiro Mundo, son as políticas económicas levadas a cabo polo Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional (institucións de Bretton Woods). Estas políticas financeiras neoliberais afectan gravemente ás economías dos pobos pobres e fundamentalmente ás súas mulleres como coidadoras das sementes e administradoras do fogar. O traballo de Vandana Shiva, documenta profusamente este aspecto da opresión patriarcal. As protestas dirixidas a esta política, por parte das mulleres, desembocou no chamado ecofeminismo. Teoría feminista que aúna a defensa da natureza e a defensa das mulleres como dous aspectos intimamente interrelacionados na medida que a fonte de opresión

de ámbalas dúas se rexe pola mesma lóxica: capitalismo patriarcal salvaxe. Este mesmo aspecto foi criticado nun apartado anterior ao rego da análise da feminización da pobreza e a súa relación coa posta en marcha das políticas de axuste estrutural dirixidas polo FMI e o BM nos países en situación de crise económica severa.

Nas sucesivas conferencias feministas globais, celebradas no Cairo e Pekín (1995) establecéronse unha serie de puntos importantes compartidos polas mulleres na súa causa feminista. Asunción Oliva resúmeos nos seguintes:

“1) Reconocer que las mujeres se ven directamente afectadas por leyes y costumbres referentes a la sexualidad, matrimonio, divorcio, familia, custodia de hijos, leyes que contribuyen a darles un menor poder dentro de su propia familia. 2) Reconocer que las circunstancias de las mujeres les hacen ser más vulnerables sexualmente que los hombres y mucho más expuestas a abusos sexuales o a explotación sexual, más afectadas por su fertilidad que los hombres, a menos que se les proporcionen medios de controlarla. 3) Reconocer que las mujeres y el trabajo que realizan tienden a ser considerablemente menos valorado que los hombres y su trabajo, independientemente de lo productivo o importante que sea el trabajo que hagan” (OLIVA, 2004: 17).

A loita por incorporar os dereitos de sexualidade e reprodución feminina á lista dos dereitos humanos das mulleres é unha tarefa antiga, e utópica aínda. *A Declaración Universal dos Dereitos Humanos* de 1948 non contempla dereitos especiais para as mulleres, de aí que se veñan demandando dende círculos feministas as ampliacións e ratificacións de convenios de dereitos das mulleres, para conseguir que estes dereitos completen a carta da ONU e que este documento se recoñeza de dereito para as mulleres, nun principio excluídas da *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*. Volveremos sobre este tema.

En relación ao terceiro punto: a minusvaloración das tarefas realizadas por mulleres, que mesmo chegan a perder o seu prestixio, se o tiñan e pasan a ser realizadas maioritariamente por persoas de sexo feminino, é unha realidade preocupante como xa indicamos con anterioridade. Neste terreo conseguiuase a inclusión de cinco Directivas aprobadas pola Unión Europea como desenvolvemento do artigo 119 do Tratado de Roma, que establece a igualdade de mulleres e homes no eido laboral (VARELA, 2005: 202). Na reivindicación destes dereitos é necesario vixiar que non se produza un esencialismo de xénero, é dicir unha visión segundo a que o suxeito que fala (reivindica) se sitúa na perspectiva do/a un/unha privilexiado/a, e que englobe no seu

saco aos/ás outros/as, inferiores. Esta actitude é unha cara máis do imperialismo cultural, e adoecen dela os suxeitos situados en posicións de poder, incluídas algunhas feministas occidentais. Hai que fuxir de todo tipo de esencialismos.

A priori, os tres puntos que se acordaron na Conferencia global en relación aos dereitos das mulleres non teñen porque responder a unha perspectiva esencialista de xénero nin a unha visión de esencialismo cultural. En Occidente expórtase unha imaxe colonial completamente diferente á realidade social e política dos estados. Aínda que se promulguen os principios de liberdade, igualdade, integridade, etc. a realidade social que se pode contrastar nos telexornais é moi diferente. O *informe para España do Comité de Nacións Unidas para a Eliminación da Discriminación contra a Muller(es)*, emitido en xullo de 2004 chama a atención sobre a existencia de actitudes patriarcais e estereotipos profundamente arraigados con respecto ao papel e responsabilidade de mulleres e homes na familia e na Sociedade (VARELA, 2005: 257). Os conflitos protagonizados polos/as migrados/as africanos/as, cidadáns e cidadás xa de segunda e terceira xeración, en Francia, o país da Revolución e dos tres dereitos occidentais como bandeira: igualdade, liberdade e fraternidade, a mediados de 2006 dan un exemplo significativo desta realidade. En Occidente, patria dos dereitos humanos, estes foron escritos e ratificados, pero a gran maioría aínda son unha utopía. Como di Asunción Oliva, os dereitos humanos non son un mérito da política occidental senón da loita contra ela.

“Esto es lo que ha ocurrido con la visión de que las doctrinas de la igualdad y de los derechos humanos son el fruto del imperialismo occidental, cuando lo cierto es que han sido producto fundamentalmente de las luchas contra el imperialismo occidental” (OLIVA, 2004: 19)

E do mesmo xeito que non todos os valores occidentais son imperialistas, tampouco todos os valores non occidentais, bengalís, árabes ou chineses, etc. teñen porque ser anticoloniais ou antiimperialistas. En Oriente tamén existe a visión de que o feminismo é Occidental. Xa citamos o exemplo dos varóns árabes fundamentalistas que se negan a crer que as súas compañeiras de alcoba son conspiradoras contra a orde establecida ou rebeldes orixinais e entenden o feminismo como ideoloxía oriunda de Occidente. Esta postura, veña de Occidente ou de Oriente, non é beneficiosa para o feminismo, nin para os intereses que defende. Estas oposicións: Norte/Sur, Oriente/Occidente son dúas parellas dicotómicas máis da lista dos contrarios elaborada

pola lóxica patriarcal imperialista. Asociarlle parellas de contrarios, como por exemplo, imperialista - antiimperialista, ou avanzado- subdesenvolvido, implica actuar de acordo coa razón patriarcal que dende o feminismo se critica.

A práctica de xeralizar é delicada. Convén documentar ben e formular con acerto as xeralizacións para non caer na trampa dos estereotipos ou lecturas a distancia que poucas veces resultan acertadas. A principal teórica do debate feminismo-multiculturalismo, Susan Moller Okin, defende a hipótese de que os problemas que sofren as mulleres do Terceiro Mundo son os mesmos, pero en maior grao, que as penas que impón o patriarcado occidental ás mulleres. Azizah Y Al-Hibri, presidenta e fundadora de KARAMAH: Muslim Women Lawyers for Human Rights, critica a perspectiva de Okin por “*stereotypical views of the “other”... a conflation of distinct beliefs systems*” (AL-HIBRI, 1999: 41). Así mesmo, esta autora tamén critica o uso, por parte de Susan Moller Okin, de fontes secundarias de fora das culturas ou relixións que a teórica de *Is multiculturalism bad for women?* analiza, como xa indicamos anteriormente.

O diálogo feminista global é posible. A relación académica entre Vandana Shiva e María Mies, que deu lugar a varias obras feministas conxuntas, é unha proba. No prólogo ao seu primeiro libro escrito mediante a co-autoría, as autoras fan referencia a este tema, conscientes da polémica que suscita nos debates feministas. A priori, pode sorprenden que unha muller do Norte, socióloga alemá, coescriba unha obra de xénero con outra muller do Sur, física feminista bengalí, nunha época na que as preocupacións polas identidades particulares monopoliza grande parte das buscas (SHIVA y MIES, 1997: 8- 9). Shiva e Mies transcenden creativamente as súas diferenzas e defenden os seus dereitos como mulleres oprimidas por un patriarcado capitalista de dimensións globais. A agrupación que ten que facerlle fronte, debe, por ende ser tamén global.

O diálogo feminista global é pertinente. O feminismo occidental, non debe erixirse en creador de nada, nin abandeirado de nada, pero tampouco ignorar a situación das mulleres doutros países. Interesarse por aqueles que están nunha situación análoga é parte ineludible dun comportamento solidario entre mulleres. Non entraremos aquí en comparacións de grao, pois non temos datos suficientes como para xulgar, e nin sequera cremos que sexa necesario emitir ese tipo de xuízos. Na medida en que apelamos á solidariedade entre mulleres, cremos que informarse da situación doutras mulleres, e non en termos das “outras” (a linguaxe é traizoeira pola súa lóxica patriarcal nalgúns casos), e colaborar na medida do posible, tanto por parte do feminismo branco con

respecto ao postcolonial como ao revés, non incorre nunha actuación imperialista ou clasista, senón nun paso cara a un feminismo global, deixando atrás os tempos nos que as mulleres se unían aos homes da súa causa (raza, cultura, clase, etc.) moitas veces mesmo en contra dos propios intereses feministas. Por outra banda, o contexto do feminismo europeo tropezo coa pluralidade de movementos feministas e de mulleres coa chegada masiva de migrantes a España, e o resto de Europa. Nesa medida o contexto xustifica a elección do tema por parte da autora. A diversidade cultural, realidade da sociedade contemporánea, non ten porque ser antagónica coa igualdade sexual.

2.3.5. *Un multiculturalismo tamén para as mulleres*

A igualdade e a liberdade son os pilas da democracia. A igualdade non é posible á marxe da metade da humanidade. A reivindicación de igualdade sexual é, pois, un paso previo e necesario para garantir a democracia⁶⁶. Sen embargo, como sinala Martha Nussbaum (2002, 71-72), cando as feministas apelan a estas nocións (igualdade e liberdade) incluídas na meirande parte das constitucións estatais, estas son acusadas de occidentalización ou falta de respecto pola súa propia cultura. Mernissi denuncia o mesmo cun título evocador: *El miedo a la modernidad: Islam y Democracia*. Neste ensaio, a escritora marroquí expón a asociación entre as dicotomías de modernidade/tradición e Occidente/Oriente. Existe a crenza, compartida por ambos os dous bloques culturais da correspondencia entre Oriente-tradición e Occidente-modernidade. Edward Said sinala como un dos dogmas do Orientalismo: “*la diferencia absoluta y sistemática entre Occidente, que es racional, desarrollado, humano y superior, y Oriente, que es aberrante, subdesarrollado e inferior*” (SAID, 2008: 396). O cuarto dogma refírese á necesidade de temer a Oriente. Esta mesma necesidade é compartida pola contraparte. Oriente tamén teme a Occidente. Mernissi matízao.

“Los musulmanes, en general, y los árabes, en particular, más que miedo a la democracia lo que sufren es una amputación cultural: el no acceder a las conquistas más importantes de los últimos siglos y en particular a la tolerancia como principio y práctica, es decir, al humanismo laico que permitió la expansión de la sociedad civil en Occidente” (MERNISSI, 2007: 91).

⁶⁶ María Xosé Agra sinala o carácter inseparable, e ao mesmo tempo, conflictivo na relación deste par de conceptos no artigo “Capacidades humanas e igualdad de las mujeres” en PULEO, Alicia, *El reto de la igualdad de género*, Madrid, Ed. Biblioteca nueva, 2008. Páxs. 125- 146.

Fatema Mernissi (2007: 86) describe unha corrente aperturista de opinión pública nos países árabes. Conta como a xente nova se reconcilia cos valores democráticos e goza de opinión individual. Aínda así, a corrente política predominante cuestiona a democracia en tanto produto ideolóxico occidental⁶⁷. O paradoxo reside en que non lle fan noxos aos adiantos técnicos *made in* Occidente. (MERNISSI, 2007: 106). O rexeitamento da democracia en tanto occidental por varios grupos culturais implica o rexeitamento da igualdade e a liberdade, ou a autonomía das mulleres, por ser estas características asociadas ao liberalismo democrático. As mulleres sofren as consecuencias, pois, do establecemento da dicotomía tradición/modernidade asociada á dicotomía xeográfico-cultural Oriente/Occidente⁶⁸.

“De la actitud responsable de Occidente depende, en gran medida, la suerte de las mujeres, pues, por muy paradójico que pueda parecer, son precisamente esas extranjeras enmascaradas y paralizadas por la tradición a las que la modernidad ha metamorfoseado en egerias de la libertad. Son ellas las que cantan con más fuerza al individualismo, pues a ellas más que a cualquier otro grupo asfixió la ley del grupo. Condenados durante tantísimo tiempo al silencio, su canto, que hacía que rimara libertad con especificidad, ha introducido músicas extrañas en la ciudad. Fascinan y asustan, levantan las iras y desafían. Los imanes las condenan, pero ellas resisten. Sin máscara, frágiles y a cara descubierta, inician su marcha, sin vigilancia por primera vez, en una ciudad en la que todo resiste, salvo las fronteras” (MERNISSI, 2007: 247)⁶⁹.

Con esta cita, Mernissi non apela a Occidente a poñerse á fronte da liberación das mulleres de todo o mundo. Nin moito menos. O que ven a expoñer a estudosa marroquí é que Occidente ten un compromiso en tanto receptor de persoas migrantes, entre os que se atopan mulleres migrantes, de salvagardar a liberdade destas sen para iso eliminar a súa especificidade cultural. Só hai que borrar as tradicións sexistas. As que manteñen ás mulleres “condenadas ao silencio”. Mernissi presenta nesta cita a polémica relación entre feminismo e multiculturalismo. A frase: “*Son ellas las que*

⁶⁷ Bessis (2008: 23) sinala que os aperturistas árabes toman como modelo as institucións democráticas occidentais e introducen así a noción de liberdade individual.

⁶⁸ As mulleres aparecen en todos os debates que xorden en torno ás parellas dicotómicas: tradición/modernidade, Oriente/Occidente, identidade/pluralidade, cultura/dereitos... (BESSIS, 2005: 129).

⁶⁹ Outros actores como Bessis (2002: 318) ou Said (2008: 331) tamén invocan a Occidente para asumir a súa responsabilidade actual a previr deste xeito a ameaza futura que representa un Oriente doente pola colonización que non ten horizonte.

cantan con más fuerza al individualismo, pues a ellas más que a cualquier otro grupo asfixió la ley del grupo” sintetiza perfectamente a necesidade do berro feminista pola liberdade na medida en que esta lles foi negada ás mulleres en tanto abandeiradas das tradicións culturais dos grupos. Ou como o expresaría Sophie Bessis (1992: 33): “*La mujer se presenta como reflejo de lo auténtico y guardiana de los sagrados valores de la sociedad*”.

A sobrecarga de identidade das mulleres é o principal punto de encontro entre feminismo e multiculturalismo. Xa reflexionamos sobre ese tema no capítulo: *Sobrecarga de identidade cultural: feminización da tradición*. O segundo punto de encontro é a concepción de cultura que manteñen cada un dos movementos políticos. Esta cuestión é tan conflitiva que levou á teórica política Anne Phillips a propoñer como solución para o feminismo: un multiculturalismo sen cultura. Este é precisamente o título do seu último ensaio⁷⁰. A isto fai referencia Sophie Bessis cando escribe no libro que lle valeu o Premio Internacional de Ensayo Jovellanos 2005, *Las emergencias del mundo*: “*Si queremos defender la igualdad de sexos, forzosamente hay que oponerse a la cultura como dato antropológico, ya que lo que se persigue es una transformación de esas culturas*” (BESSIS, 2005: 146).

As feministas critican o esencialismo cultural do multiculturalismo: ideoloxía baseada en tres presupostos –segundo a definición coa que traballa Anne Phillips (2008: 8), e que volvemos citar, que a cultura lle importa á xente, que as sociedades contemporáneas se caracterizan pola diversidade cultural ou multiculturalidade, e que as institucións e normativas priman a identidade cultural maioritaria. Fronte a esta definición, as críticas feministas veñen necesariamente de varias perspectivas. A primeira crítica pertinente das defensoras da igualdade cara aos defensores das identidades culturais é a definición de cultura coa que se traballan. O multiculturalismo adoita ser criticado por definir cultura dun xeito esencial. Uma Narayan –citada por Phillips nunha conferencia no Consello da Cultura Galega (2008: 11) e en Phillips (2007: 27)- critica o que ela denomina “*imaxe- paquete de culturas*”, onde as xeralizacións esencialistas e universais se remprazan por categorías totalizadoras: “*western culture*”, “*non-western culture*”, “*indian women*” and “*Muslim Women*”. As culturas neste modelo son presentadas mediante a alegoría de paquetes ben envoltos, con selos e etiquetas nos que constan os seus valores fundamentais que as diferencian, e

⁷⁰ PHILLIPS, Anne. *Multiculturalism without culture*, Princeton, Princeton University Press, 2007.

afastan en expresión de Narayan, do resto das culturas. Así mesmo, Uma Narayan denuncia a “*marcaxe selectiva*”, proceso de cambios culturais onde as prácticas “*que normalmente mellorarían un chisco a vida das mulleres- se tratan coma se ameazasen a enteira supervivencia da cultura*” (NARAYAN citada en PHILLIPS, 2007: 27). Como indica Rosa Cobo non se está a falar tan só de prácticas acordes coa preservación cultural, senón que se trata doutra cousa. Cando o patriarcado negocia en termos de mulleres faino na sinatura de novos pactos patriarcais. No multiculturalismo, as mulleres constitúen unha cultura específica. Amorós sinala o paralelismo desta conxuntura coa do século dezanove, aquel no que o sufraxismo estaba en voga.

“En la filosofía decimonónica (...) G Simmel nos adjudicó a las mujeres “una cultura subjetiva”, en el sentido de idiosincrática, versus la cultura objetiva, con sus connotaciones neutras y universalistas, característica de los varones. Sospechoso ¿no?” (AMORÓS, 2007c: 220).

As mulleres cargamos mediante un exceso de identidade cultural cunha subcultura específica. A antropóloga Virginia Maquieira sinala que as mulleres foron historicamente as depositarias e gardas da cultura. Ás mulleres atribúeselle a reprodución cultural da comunidade. A responsabilidade da honra da colectividade supón para as mulleres a heterodesignación duns espazos e normas de comportamento, xestualidade, mobilidade, etc. marcadas. Maquieira denuncia que é precisamente a través destes “*modos correctos*” como se constrúe as mulleres en tanto “*personificación visible de los códigos culturales de la comunidad y ellas mismas en símbolos de lo auténticamente propio frente a lo ajeno*” (MAQUIEIRA, 2006: 75). As mulleres son construídas en tanto reprodutoras biolóxicas e simbólicas das comunidades étnicas ou nacionais, en tanto estandarte dunha determinada cultura.

En tanto estandarte cultural, as mulleres son obxecto de ataques de membros doutras comunidades, e polos membros das súas propias comunidades se descoidan a súa posición en tanto estandarte cultural. É dicir, se desobedecen as normas de comportamento, vestimenta e valores que lles asignaron. Varios/as autores/as (Hobsbawn, Ranger, Yuval-Davis, Maquieira, etc.) coinciden en sinalar que, nesta medida, as tradicións culturais e as súas reinvenções se convierten frecuentemente en medios de lexitimar a opresión sobre as mulleres.

En momentos de cambio a situación agrávase para as mulleres. O contexto actual

de globalización caracterizado pola multiculturalidade convértese, pois, nun escenario potencial de maltrato sexista xeralizado por parte das diferentes culturas. Así, a relación do Feminismo co Multiculturalismo preséntase conflitiva en termos de intereses enfrontados. Amorós (2007c: 221) conclúe que os planteamentos comunitaristas e multiculturalistas teñen “*serias limitaciones cuando no van pura y llanamente à contra sense, para asumir las demandas feministas de las mujeres*”. Á mesma conclusión chegan outras autoras feministas⁷¹.

A visión do multiculturalismo de Mary Nash está marcada pola “*invisibilidad de las mujeres y la falta de reconocimiento de la necesidad de integrar una perspectiva de género*” (NASH, 2001: 22). A mesma opinión é compartida por Femenías, quen apela á necesidade de atravesar o multiculturalismo coa variable de xénero por dous motivos: porque o feminismo foi o primeiro gran movemento social que acadou visibilidade e presenza na esfera pública e, segundo, porque cabe “*examinar los aportes del movimiento multicultural a la causa de las mujeres y sus derechos*” (FEMENIAS, 2007a: 26).

Susan Moller Okin (citada en FEMENIAS, 2007a: 160) sinala que o recoñecemento dos dereitos do grupo cultural ao que pertencen, na maioría dos casos, vai en detrimento dos dereitos das mulleres. Por este motivo Okin apela á necesidade de recoñecer o dereito de escolla por parte das mulleres especialmente, pero de todos os individuos en xeral, entre os seus dereitos de cidadanía e a súa identidade grupal. Nesta mesma liña, teoriza Seyla Benhabib o dereito de saída dos grupos culturais. Xa antes de Benhabib, Okin reflexionara sobre as dificultades reais que teñen “*las personas –sobre todo si son mujeres- para irse satisfactoriamente de los diferentes tipos de grupos multiculturales de pertenencia*” (OKIN citada en FEMENIAS, 2007a: 158). Os tres eixes do discurso de Okin sinalados pola profesora bonaerense son: a falta de atención por parte dos multiculturalistas á inequidade de xénero dentro dos grupos culturais; o exame das razóns polas que as mulleres teñen menores discursos que os homes para paliar situacións de opresión, e, por último, a problemática do dereito de saír dun grupo, na medida en que quen están en disposición (económica, política, etc.) de facelo non o

⁷¹ Malia que hai consenso na dificultade de relación entre Feminismo e Multiculturalismo, existen varias correntes de interpretación e presentación de solucións a esta problemática. Unha ben diferente á liña das vetas da Ilustración defendida por Celia Amorós é a posición de María Teresa González Cortés, quen expón nun artigo de 2006 titulado “Multiculturalismo y feminismo: un dilema imposible” o seguinte: “*En nombre del multiculturalismo, paradójicamente, se está cercenando la posibilidad de que las mujeres abandonen su status de alienación e invisibilidad milenarias y, por tanto, dejen de ser prisioneras de esas culturas tan antiilustradas y antimodernas como igualmente represoras y machistas*” (GONZÁLEZ CORTÉS, 2005: 14).

precisan. Son as mulleres, as pobres, as discriminadas, e en definitiva as clases sociais máis baixas e aquelas que gozan de peor recoñecemento as que precisa saír de determinados contextos culturais, e nestes casos, esas persoas son as que carecen das ferramentas precisas para preparar e executar esa saída.

Malia a coincidencia na reivindicación do dereito de saída das culturas, especialmente para as mulleres, Okin e Benhabib difiren no ton da relación entre feminismo e multiculturalismo. Benhabib móstrase reticente a plantear o debate en termos de exclusión, como de feito o fai Okin coa pregunta que titulou o seu libro. Plantear a discusión en termos de se o multiculturalismo é malo para as mulleres ou non, deu lugar –crítica a titular da Cátedra Eugene Meyers de Ciencias políticas e Filosofía da Universidade de Yale- a un *“impasse y una polarización innecesarias”*. Isto leva a consecuencia negativa para o feminismo de que os defensores do multiculturalismo, e os que non o son, entendan as culturas de xeito homoxéneo. En termos de Benhabib (2006: 151): *“una visión errónea de las culturas como totalidades unificadas, holísticas y autocohérentes”*.

A crítica ás culturas por esencialistas é un ítem consensuado nos debates multiculturalistas nos que interveñen defensores do liberalismo, feministas ou, en xeral, membros de culturas Occidentais. Esta realidade está en conexión coa visión das culturas como o propio dos outros, aquilo que caracteriza os grupos *“salvaxes”*. Phillips (2008: 18-19) enumera dúas consecuencias da concepción reificada de cultura. A primeira delas é que a cultura pasa a ser vista como a fonte de identidade das persoas, e do seu comportamento. E a segunda é que a cultura se asocia principalmente aos grupos culturais non occidentais, ás minorías estereotipadas de salvaxes, exóticas. O símbolo do privilexio é a ausencia das marcas, en expresión de María Xosé Agra. Os membros dos colectivos maioritarios non son encasillados na súa cultura, como de feito si o son os membros de minorías. Se aplicamos a perspectiva de xénero a esta afirmación, o resultado é que os homes son os carentes de marcas, os representantes da individualidade, do universal. En oposición, as mulleres son as bestas de carga da identidade cultural, do particular, membros de colectivos sen identidade individual definida historicamente, como critica Susan Wolf.

Nas teorías multiculturalistas, a tendencia a vincular cultura con grupos minoritarios, e dentro dos mesmos, coas súas mulleres, atende á mesma lóxica discursiva que a que defende o multiculturalismo (PHILLIPS, 2008: 20-21). Neste sentido vai dirixida a crítica feminista contra o multiculturalismo que advirte sobre a

exclusión dos intereses das mulleres dos grupos minoritarios nas reivindicacións multiculturalistas, na medida en que os representantes dos grupos, mesmo dos grupos minoritarios, non son mulleres, nin individuos con perspectiva de xénero na grande maioría dos casos. Historicamente foi así, e á vista das listas de temas de discusión xerados na plataforma de conexión entre multiculturalismo e feminismo, non semella que as cousas teñan cambiado moito.

A denuncia feminista das mutilacións femininas é unha das reivindicacións básicas que teñen lugar na interrelación do multiculturalismo coa perspectiva de xénero. Preguntémonos con González Cortés (2006: 14) se:

“¿Todas las manifestaciones culturales son en sí elementos dignos de aplauso y reconocimiento al margen, inclusive, de que existan burkhas, esclavitud femenina, ablación de clítoris, uso de discos alargadores del cuello femenino, lapidación hasta la muerte de mujeres, etc.?”

Obviamente, non. Con esta pregunta retórica, González Cortés denuncia o carácter patriarcal dos movementos multiculturalistas. Dende o feminismo non se poden tomar de forma acrítica os valores, como de feito fai o multiculturalismo, na medida en que a perspectiva de xénero desvela o subtexto patriarcal de boa parte das prácticas culturais. Na lista de prácticas culturais que suscitan polémica elaborada por Parekh⁷²

-
1. ⁷² *La circuncisión femenina.*
 2. *La poligamia.*
 3. *Las formas religiosamente correctas de sacrificar animales según judíos y musulmanes.*
 4. *Los matrimonios concertados que casi siempre (aunque no siempre) afectan a los asiáticos. La práctica va desde una aquiescencia de los padres puramente formal ante la elección de sus hijos, hasta la elección directa de las parejas de sus hijos.*
 5. *Los matrimonios que cuentan con impedimentos por consanguinidad. Por ejemplo, los musulmanes pueden depositar a sus primos hermanos y los judíos a sobrinas, algo no muy bien visto en algunas sociedades occidentales.*
 6. *La práctica (...) de herir las mejillas de sus hijos o alguna otra parte de los cuerpos como parte de la ceremonia de iniciación.*
 7. *La práctica musulmana de prohibir a las hijas que van a la escuela realizar ciertas actividades como deportes, atletismo o natación que implican llevar pantalones cortos y exponer públicamente partes del cuerpo.*
 8. *El que las chicas musulmanas lleven hijab o pañuelo a las escuelas. Aunque está permitido en la mayoría de los países occidentales, sigue generando diversos grados de oposición en algunos de*

máis da metade dos epígrafes corresponden a un tema relativo ás mulleres.

Os puntos 1, 2, 4, 5, 7, 8 e 12 implican directamente ás mulleres, así como tamén os puntos 6 e 10 implican a ambos os dous sexos. No caso da educación amish e xitana, as mulleres están implicadas en tanto a educación é un dos instrumentos de liberación ou alienación máis importantes do ser humano, e nomeadamente das mulleres na medida en que historicamente se viron privadas da educación coas consecuencias de desigualdade actual. O punto 12 fai referencia á desigualdade de xénero dun xeito global. Sen embargo, na maioría dos puntos, o factor de polémica é o sexual e reprodutivo. Nos puntos 1 (circuncisión feminina), 2 (poligamia), 4 (matrimonios concertados), 5 (matrimonios consanguíneos), 7 (vestimenta feminina musulmá) e 8 (hijab) o que xera discusión entre multiculturalistas e defensores do liberalismo é a sexualidade das mulleres. O control da sexualidade é unha das ferramentas patriarcais por excelencia, e é ben sabido que o patriarcado asina pactos cos diferentes sistemas sociopolíticos: fíxoo co marxismo, co liberalismo, e tamén co multiculturalismo. Nesa medida, facemos extensibles as verbas de Amorós en referencia aos islamistas radicais a todos os sistemas aliados ao patriarcado:

“tienen (...) muy claro hasta dónde pueden negociar (...) en definitiva, transigen con una serie de cosas cuyo pedigrí islámico es más que discutible. Se produce un rechazo de plano, en cambio, a todo lo que sea por parte de las mujeres libertad sexual y libertades públicas, es decir, se corta por la línea de puntos que marca lo que se percibe como irreductiblemente feminista” (AMORÓS, 2007c: 249)

Vimos de analizar as consecuencias para as mulleres do feito de basear a teoría multiculturalista nun concepto esencialista de cultura. Anne Phillips (2008: 23) sinala, moi acertadamente, que a cultura non é a responsable das accións, en todo caso non pode servir como escusa, pero tampouco como explicación para os actos de

ellos.

9. *La negativa de los sij a llevar cascos en vez de sus turbantes tradicionales al montar en moto o trabajar en la construcción (...)*

10. *La negativa de los gitanos y las comunidades amish a mandar a sus hijos a la escuela (...)*

11. *Las exigencias de aquellos hindúes que desean quemar a sus muertos en piras funerarias, arrojar las cenizas a los ríos (...)*

12. *El status subordinado de la mujer y todo lo que implica en el sentido de negarles oportunidades que favorezcan su propio desarrollo personal. (PAREKH, 2005: 389-390)*

discriminación. Parafraseando a politóloga inglesa afirmamos que: a cultura non mata as mulleres, son as persoas machistas as que as matan. Persoas que teñen unha concepción cultural homoxénea e ben definida que lles serve como coartada. A coartada vese desmoronada pola excepción. Excepción que, de feito, existe en practicamente todas as épocas e lugares para todo tipo de prácticas, incluído para as que aquí nos ocupan (os actos de discriminación sexista amparados como prácticas culturais). Phillips engade o dato histórico das lavanderías de Magdalena irlandesas inmortalizadas no filme *Las hermanas de la Madalena* de Peter Mullan (2002). Non todos os pais eran igual de rigorosos na aplicación da sanción cultural pertinente para as fillas que quedaban preñadas antes de casar. No contexto actual, podemos atopar exemplos do mesmo tipo nos casos de nais que se negan a mutilar xenitalmente ás súas fillas, os irmáns maiores –citados por Mernissi– que axudan a súa irmá musulmá a adestrarse para correr, cando nesa cultura a práctica de deportes femininos vai en contra do costume e a vestimenta recatadas que deben observar as mulleres, etc.

A negación da posibilidade de excepción abocaría na imposibilidade de cambio das culturas. E dende aquí defendemos o trazo do cambio como característica definitoria do concepto de cultura. As críticas tamén veñen dende dentro das propias culturas, pois na medida en que non son homoxéneas contemplan pluralidade de opinións e xuízos, tamén, verbo da propia cultura. As culturas mudan. Parekh (2005: 232) reconece que as culturas son “*un proceso activo de creación de significados que no vienen dados, sino que siempre están siendo redefinidos y reconstruidos*”. Na mesma liña, Celia Amorós critica o concepto reificado de cultura como un dos dous motivos –xunto co nesgo do concepto de identidade– que o feminismo ten en contra do multiculturalismo. Segundo a catedrática de Filosofía Política da UNED, as culturas son históricas, non totalidades autorreferidas, senón que se poden entender dende fora. De feito, Amorós apela á necesidade de interpelación intercultural. Todas as culturas ao entraren en contacto se inflúen entre si. Prodúcese hibridacións, préstamos, apropiacións e rexeitamentos selectivos en función dos intereses da cultura que interpele. Segundo esta argumentación, nunca ten lugar nin a total asimilación nin a total destrución dunha cultura por parte doutra, caendo así polo seu propio peso a teoría do choque de civilizacións de Huntington. A concepción cultural que aquí expoñemos é moi diferente á esencialista na que se apoia certo multiculturalismo, aquel que pibota sobre unha concepción pechada e homoxénea das culturas. Para Amorós a solución non radica en chegar a un consenso, senón en entablar un diálogo constante, unha interpelación fluída

que se caracterice pola simetría e a reciprocidade. O obxectivo desta interpelación non está en lograr un acordo universal, que non sería desdeñable, senón en facer reflexionar aos membros das diferentes culturas e brindarlle, deste xeito, ferramentas de liberación aos oprimidos, entre os que se atopan as mulleres fundamentalmente. O feminismo é partidario de discutilo todo. Non se deben santificar as normas culturais concretas. Por iso, a perspectiva de xénero está alerta para criticar o nesgo sexista de calquera práctica ou realidade cultural. Todas as culturas son discutibles, o que non se discute é o dereito a ter unha cultura, pero si o contido concreto de cada unha destas culturas entendidas como fluíntes, cambiantes, renovables, etc. A crítica feminista fura polas fendas dos sistemas culturais para interpelalos. As culturas non son todos pechados ben selados, sempre hai unha rendixa (unha incoherencia, unha febleza teórica, un paradoxo) por onde os aires de contrastación feminista poden entran e abrir un espazo maior de reflexión.

Co cambio das culturas, mudan tamén as identidades culturais. Femenías afirma, nunha conferencia lida no *1º Encontro Internacional de Investigadoras feministas: Feminismo, Ilustración e Multiculturalismo* celebrado en Madrid en novembro de 2006, que as identidades se modifican, nun movemento permanente de reconstrución subxectiva e simultánea. Parekh (2005: 227) tamén afirma que as identidades culturais, coma as individuais, cambian. O teórico político matiza que os cambios se producen lentamente e por partes, permitindo deste xeito que os membros das culturas se vaian adaptando a eses cambios e poidan reconstruír a súa identidade sobre unha nova base.

O debate interno é un síntoma da riqueza das culturas. Seyla Benhabib (2006: 176) relaciona a polarización dos debates que xiran arredor da relación do feminismo co multiculturalismo, precisamente, coa falta de atención que recibe este aspecto: a disidencia interna das culturas. A autora de *Las reivindicaciones de la cultura* propón como solución mudar o concepto de cultura.

“Rechazando el holismo cultural y teniendo más fe en la capacidad de los actores políticos comunes para renegociar sus propios relatos de identidad y de diferencia a través de los encuentros multiculturales en la sociedad civil democrática” (BENHABIB, 2006: 177)

O problema dende a perspectiva de xénero radica en que as mulleres non gozan da posición de actores políticos ata entrado o século XVIII, cando trala revolución das

Luces reclaman a súa posición de suxeito, dando así lugar ao nacemento do feminismo *tout court* ou feminismo da igualdade. O traxe de actor político é vestido dende a Ilustración europea (occidental) polas mulleres, e noutros contextos dende outras ilustracións, o que Amorós chama vetas da Ilustración. Non todas as mulleres gozan da posición de suxeito político que lle permita renegociar a súa identidade, e iso é unha eiva importante á hora de situarse nun debate co multiculturalismo. Quizais este trazo, ou o descoñecemento por parte de Susan Moller Okin das vetas da Ilustración, foi o que levou a esta autora a afirmar que os problemas do resto das mulleres do mundo son coma os nosos –os das occidentais- pero agravados.

Non hai que comparar que culturas son máis ou menos patriarcais, senón denunciar todas as discriminacións sexistas e brindarlle ferramentas ás mulleres oprimidas para que poidan resignificar a súa identidade e mudar esas culturas, ou, cando menos para que poidan exercer o seu dereito de saír das mesmas. As culturas son cambiantes, poden mellorar a súa sensibilidade de xénero, e dende o feminismo trabállase para que iso suceda. En todo caso, as mulleres maltratadas co beneplácito de determinadas culturas non son as responsables desa opresión, nesa medida non teñen porque defender unha cultura en tanto representación dun presente concreto. As culturas son cambio. Nesta medida cabe promover un cambio con perspectiva de xénero, que faga compatible a práctica cultural coa igualdade e autonomía das mulleres. Para iso, sobran as comparacións holísticas de culturas, e precísanse críticas de prácticas concretas que non pertencen a ningunha cultura concreta senón ao caixón de ferramentas do patriarcado. Por outra banda, a sentenza de Raimundo Pániker (citado en AMORÓS, 2007c: 252): “*Quien teme perder su identidad ya la ha perdido*” aválanos na loita polos dereitos de cidadanía fronte a identidade cultural heterodesignada e sobrecargada cultural que, como ben indica a cita, non está no seu momento máis seguro.

Parekh (2005: 34) tamén está a favor do diálogo intercultural como base para elaborar a lista de “*normas éticas, principios e estruturas institucionales*”. Este autor cita a Young para confirmar esta tese.

“Del mismo modo que una opinión pública que sea realmente representativa sólo puede surgir del diálogo entre ciudadanos iguales, una cultura común multiculturalmente constituida sólo puede nacer y ser considerada legítima si todas las culturas que la conforman pueden participar en su creación en un ambiente de igualdad” (YOUNG citada en PAREKH, 2005: 329).

O espírito crítico está nas modernidades. Amorós propón que o diálogo se produza entre as dúas beiras ilustradas, tendendo pontes. *“Si ha de ser posible civilizar “el conflicto de las civilizaciones”, los puentes habrán de ser tendidos de Ilustración a Ilustración, o de “vetas de Ilustración” a “vetas de Ilustración”* (AMORÓS, 2007c: 257). Esta solución xorde pola ausencia dunha cultura universalizable totalmente na medida en que todas as culturas do mundo son, en maior ou menor grao, patriarcais. Mesmo Occidente, pese a ser berce dos dereitos humanos, da democracia e das liberdades, ten serias limitacións no seu carácter ilustrado. Seyla Benhabib teorizou a *“universalidade substitutoria”*, como xa indicamos, para referirse precisamente ao fenómeno de exclusión das mulleres, en Occidente, da Ilustración. O universal é un particular enmascarado. Un particular caracterizado polo modelo masculino, branco, heterosexual, de clase media alta, etc. Esta teoría moral, dende aquí criticada, entende que os individuos son outros xeralizados e non concretos. Dende o feminismo e os estudos postcoloniais vense criticando este universal nesgado. Bessis (2002: 39) sintetízao así: *“A principios de la Ilustración nació un hombre universal que no era ni mujer, ni indio, ni negro esclavo”*. Fronte a este universalismo con nesgo de xénero, entre outros, Seyla Benhabib propón o universalismo interactivo, o cal *“acepta que todos los seres morales capaces de sensibilizar, habla y acción son socios morales de conversación en potencia”* (BENHABIB, 2006: 40). Mediante este diálogo crítico crearanse culturas de modernidade, porque é mediante a discusión, de *“diálogos complexos”* como se xeran as culturas. Benhabib afirma:

“Las reivindicaciones de las culturas para mantener su individualidad frente a estas interdependencias pueden hacerse realidad sólo a través de diálogos riesgosos con otras culturas, que puedan llevar a la separación y la controversia, así como a la comprensión y el aprendizaje mutuo” (BENHABIB, 2006: 16).

Como Amorós, Benhabib tamén esixe a simetría entre os interlocutores para a validez universal do diálogo. A prestixiosa politóloga enumera dous principios rectores da interacción humana. A ética comunicativa ou do discurso, que defende, debe estar composta necesariamente polas normas de respecto universal e as da reciprocidade igualitaria. Benhabib propón unha regra para a acción. Esta é a chamada metanorma, que cumpre coas características enunciadas. A premisa básica da ética do discurso resúmese así: *“Sólo son válidas las normas y los arreglos institucionales normativos*

que puedan acordarse entre todos los interesados, de acuerdo con situaciones de argumentación específicas llamadas discursos” (BENHABIB, 2006: 182)

A reciprocidade igualitaria é tamén unha das esquinas do triángulo benhabiano-xunto coa autoadscripción voluntaria e a liberdade de saída e asociación-. Estas tres normas amplían, en opinión da teórica política, os principios da ética do discurso habermasiano, na medida en que a reciprocidade igualitaria específica aínda máis o que os principios implican nunha democracia deliberativa, e que a autoadscripción voluntaria e a liberdade de saída e asociación amplían o concepto de persoas, en tanto individuos capaces de interpretarse a si propios (BENHABIB, 2006: 216- 217).

Sophie Bessis concorda coa capacidade que teñen o diálogo e a discusión para rachar fronteiras e tender pontes. En palabras da historiadora tunesina: *“A partir de ahora, el otro existe porque habla el mismo lenguaje”* (BESSIS, 2002: 78). As reivindicacións de dereitos democráticos: igualdade e liberdade son enunciadas polos membros das ex-colonias e as mulleres que non acadaran os dereitos políticos coa Ilustración. O ideario das luces é aprehendido polos/as dominados/as e empregado como armas de liberación (BESSIS, 2002: 79).

Volvamos ao dereito de saída dos grupos, que unhas liñas arriba cita Benhabib, e que primeiro teorizou Okin. O multiculturalismo forte, e concretamente o “argumento de custos inevitable” leva a certos membros do grupo, os que están en risco potencial, a escoller entre os seus dereitos como cidadáns e as súas identidades grupais. (BENHABIB, 2006: 208) . Os individuos do grupo en situación de risco potencial son nomeadamente as mulleres en tanto estandartes da identidade dos seus pobos. Okin advirte da distancia que existe entre o dereito a irse dun grupo e o dereito real. As mulleres non acadan o estatuto de *“individuo autónomo”* que lle permita un acceso igualitario á esfera política. De ser así non estarían na situación de febleza na que están. É un círculo vicioso. A solución, en opinión de Okin, pasa pola instalación de políticas tendentes á individuación igualitarista de todos os individuos, sexan do sexo que sexan, que integran o grupo. Isto *“implica políticas de abandono planificado de identidades primarias (familia, religión...) y el refuerzo sistemático de identidades secundarias en torno a la ciudadanía”* (OKIN citada en FEMENIAS, 2007a: 164). O Estado debe xerar as condicións necesarias para que os grupos culturais non se pechen nas súas fronteiras culturais, e sobre todo para que as mulleres non queden fechadas tras os muros

culturais, que están condenadas a arrastrar⁷³.

“Aunque se feminicen cada vez más los flujos migratorios, aunque transiten constantemente las fronteras, han de llevarlas inscritas en ellas mismas, han de ser la marca de las fronteras étnicas. Se les pide que sean, a la vez, pájaros y caracoles. Como fósiles vivientes, en expresión de Marcela Lagarde, viajan con la frontera puesta” (AMORÓS, 2007c: 231).

Volveremos sobre este tema no seguinte capítulo, que ten como tópico central a inmigración das mulleres en tanto exemplificación práctica no noso contexto da problemática teórica aquí debullada. Pero antes, continuamos coa análise feminista do multiculturalismo. As reivindicacións multiculturalistas atenden a varios aspectos entre os que destacan os particulares da nacionalidade, a etnia, a relixión, o xénero, a raza e a lingua. O fío argumental desta investigación é a relación do xénero coa cultura. Para afondar nesta temática mergullaremos nas augas do resto dos elementos, en tanto existe unha interconexión importante entre eles.

O racismo agroma entre as polas do debate multiculturalista. Por unha curiosa volta de torca –en expresión de Celia Amorós- atopámonos de novo co racismo, un valor clave da cultura occidental dende o século XIX segundo apunta Mary Nash (2001) e documenta Sophie Bessis (2002). O termo de raza está consensuadamente caduco. Sen embargo, hai quen advirte do perigo de empregar cultura de xeito eufemístico como sinónimo de raza. Phillips cita a Adam Kuper: *“a cultura pode tornarse “un eufemismo empregado para se referir á raza e promover, así, un discurso sobre identidades raciais ao tempo que, en aparencia, se refuga o racismo”*. O propio concepto de cultura que deslexitimou o racismo dentro da antropoloxía académica, reabsorbe así a carga racista que pretendía desactivar. Esta teoría entronca coa crítica que se ven facendo á concepción de cultura como exclusiva dos “*salvaxes*”, dos outros primitivos, á cultura como trazo definitorio das minorías e trazo que non marca as maiorías. A conexión entre esta “heterodesignación cultural” e o racismo é lóxica.

A etnia é outra das particularidades en tensión, no contexto de multiculturalidade actual, cos principios universalistas. Fronte ao termo “raza”, etnia goza de maior respecto polos/as teóricos/as que analizan a sociedade. Sen embargo, véñense criticando varias eivas da interpretación do mesmo, xa dende 1912, cando

⁷³ Entre as competencias do Estado liberal figura, así mesmo, a protección da seguridade e a integridade física dos seus cidadáns e cidadás (LOIS, 2005: 18).

Weber criticou a súa falta de rigor conceptual. Seguíronlle as críticas de “*an ambiguous concept referring to an identity that is sometimes religious or class-linked*” e como “*analytically impotent*”. Posteriormente Brubaker identificou o erro do grupismo asociado agora ás étnias, como nun principio fora relacionado coas clases sociais. Este erro consiste en tomar grupos homoxéneos como unidades de análise en tanto base da vida social (PHILLIPS, 2007: 16- 17). Isto ven ser un equivalente de tomar as culturas como totalidades autorreferidas e criticalas como unidades pechadas, concepción que criticamos por esencialista.

Phillips (2007: 17) cita a Brubaker en referencia á súa diferenciación de grupo como acontecemento e etnia como categoría política. E a política –como expón Phillips- ten que ocuparse do poder e as desigualdades. Nesta materia as mulleres temos moito que dicir. A relación das mulleres cos dereitos políticos non é historicamente sólida. Como xa expuxemos repetidas veces ao longo deste texto, na Ilustración quedamos ás portas da cidadanía política e tivémonos que conformar coa cidadanía civil. Sen embargo, non nos conformamos e o feminino ilustrado que nace nese berce é a proba aínda viva de tal inconformidade. A conquista do voto é unha realidade que data do século XX e que non está universalizada nos inicios do XXI. Entre os valores positivos de Occidente está a creación do Estado democrático e coa súa madurez a extensión dos dereitos ás mulleres. Xa fixemos referencia ao debate actual entre dereitos políticos e defensa das identidades culturais reificadas que se ergue no contexto de multiculturalidade actual. A solución feminista, que xa foi adiantada, pasa necesariamente pola defensa das:

“políticas democráticas y transculturales como libertad, igualdad y fraternidad (sic). Por otra parte, el sueño ecuménico de construir una comunidad intercultural no puede erigirse al margen del status de ciudadanía. Y más cuando la igualdad del hombre y de la mujer es un valor innegociable” (GONZÁLEZ CORTÉS, 2006: 14)

Non negamos os valores positivos do multiculturalismo, tales como a defensa de identidades culturais ameazadas pola globalización da cultura occidental en voga, ou a necesidade de escoitar ao/ás oprimidos/as⁷⁴. Como tampouco deixamos de loar os logros de Occidente: a igualdade, a liberdade. A meta do feminismo global é facerlle

⁷⁴ Marta Lois (2005: 9- 10) engade como méritos do multiculturalismo a idea radical de que as persoas de culturas diferentes á nosa son seres humanos moralmente iguais merecedores de respecto, recoñecemento...; a promoción da diversidade cultural; a condena da intolerancia, etc.

cumprir a ambas as teorías coas súas promesas, sobre todo no que atinxe á posición das mulleres. O multiculturalismo eríxese en voz das inxustizas, e nesa medida, cabe lembrarlle que as mulleres –segundo o presentamos no apartado da feminización da pobreza- son un dos colectivos máis numerosos entre os que compoñen a longa lista de desfavorecidos/as no contexto actual de globalización.

Na estela do multiculturalismo xa afondamos na crítica ao modelo monoculturalista occidental, e na necesidade de preservar as culturas fronte á homoxeneización cultural. Neste punto reparamos de vagar no perigo de confundir unha práctica cultural que merece ser defendida cunha práctica sexista enmascarada que debe ser abolida. A definición da práctica cultural debe operar dende a perspectiva de xénero para non cometer a negligencia de amparar unha manifestación supostamente cultural que humille a unha persoa, a unha muller. Porque os dereitos políticos e de cidadanía están por enriba das identidades culturais na medida en que as persoas son o suxeito primixenio de dereitos morais e políticos e non os grupos ou comunidades, sexan da natureza que sexan⁷⁵.

Criticar o pasado colonial europeo, tildado de eurocentrista, etnocéntrico, racista, etc. non implica “*admitir como silogismo verdadero que la crítica hacia los países no occidentales esconde siempre y por definición una forma de neocolonialismo*” (GONZÁLEZ CORTÉS, 2006: 14). Nada máis lonxe da realidade. Non nos podemos permitir o luxo de eximir a certas culturas de crítica por moi duro e ateigado de opresión que fora o seu pasado. A crítica intercultural ten que ser necesariamente recíproca e simétrica. As consecuencias de protexer da críticas aos países non occidentais serían gravísimas para as mulleres.

Irshad Manji, unha feminista “invisible” sentenciou nunha entrevista a Algemmen Daghlad en xuño de 2004 que: “*no se trata de una cuestión de identidad. Se trata de derechos humanos*”. Son precisamente as mulleres e feministas de varios países non occidentais quen reclaman a extensión do estado democrático a nivel mundial para sofocar os intentos de secuestro tradicionalista das mulleres desas outras culturas. De aí o marcado carácter anti-occidentalista asociado aos teóricos do multiculturalismo. Xa expuxemos o caso semellante de antifeminismo dos fundamentalistas de culturas non occidentais, polos mesmos motivos: en tanto produto da modernidade, asimilada a Occidente.

⁷⁵ Xa vimos como algúns dereitos colectivos dun grupo poden vulnerar, por veces, a integridade e dignidade das mulleres.

Mary Nash (2001: 30), a directora do Seminario Multiculturalismo e Género da Universitat de Barcelona, entende que o reto do século XXI ven a ser definir os dereitos humanos en termos capaces de soste-lo principio de igualdade a partir do recoñecemento da diversidade.

2.3.6. Os dereitos das mulleres

A relación dos dereitos políticos coas mulleres é tortuosa dende os comezos. Remontámonos á publicación por Olympe de Gouges da *Declaración Universal dos Dereitos da Muller e a Cidadá* que foi dada ao prelo en 1789. A revolución francesa ignorou os cadernos de queixas das mulleres e as súas voces cando imprimiu a *Declaración Universal dos Dereitos do Home e do Cidadán* (26 de agosto de 1789)⁷⁶. As cartas estaban boca arriba na mesa ilustrada, e as feministas dende aquela teimamos en sentar como iguais dos nosos compañeiros varóns. O tento de colocar as mulleres á altura política e social dos homes custoulle a Olympe o pescozo en 1793. A guillotina foi a resposta que recibiu a escritora á súa reclamación, previa ao preámbulo da Declaración: “*para ser decretados por la Asamblea nacional en sus últimas sesiones o en la próxima legislatura*”. Na actualidade, os dereitos das mulleres seguen a vertebrar o discurso feminista, que sitúan este temática no centro de debates políticos internacionais. A inclusión de feito das mulleres na *Declaración dos Dereitos Humanos* tivo que agardar ata 1948. Nacións Unidas adoptou e proclamou mediante a Resolución da Asemblea Xeral 217, do 10 de decembro do ano no que asasinaron a Ghandi, as mulleres belgas acadaron o voto e estalou o conflito palestino - israelí, a *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*, anticipada seis meses antes pola *Declaración Americana de los Derechos y Deberes del Hombre*, consensuada en Bogotá. Esta última será corrixida pola *Convención Americana sobre Derechos Humanos* – coñecida como Pacto de San José de Costa Rica ou CADH- asinada en 1969.

Os dereitos das mulleres, en termos xerais –tiveron que esperar máis dun século e medio a camiñar parellos aos dos homes sobre o papel. Na actualidade, existe un debate aberto sobre o carácter e contido dos dereitos das mulleres e a crenza compartida pola maioría das feministas de que os dereitos políticos das mulleres seguen sen ser unha realidade para moitas. A inclusión da metade feminina da humanidade nas cartas

⁷⁶ Francia segue a conservar a nomenclatura androcéntrica. A fins de 2008 mantén a figura de “Secretaría de Estado dos Dereitos do Home”, e non Humanos, ou dos homes e das mulleres.

de dereitos promulgadas –nomeadamente da Carta da ONU de 1948- é fundamental, pero non todas as feminista se conforman con este paso. Os dereitos humanos universais foron feitos por e para homes nun contexto determinado, polo que a mera inclusión das mulleres nos mesmo, sen modificación algunha non ten porque cubrir todas as necesidades de dereitos e proteccións que o xénero feminino ten.

Un mínimo de dereitos de base é fundamental para o entendemento e a convivencia pacífica dos seres humanos nun mundo global. Pero non temos porque renunciar á crítica, reinterpretación e mesmo reescritura dende a perspectiva feminista das cartas de dereitos. Os organismos internacionais entenderon esta postura defendida por moitas mulleres e nesa liña crearon a *Convención dos Dereitos Políticos da Muller* en 1952, a *Convención sobre a Nacionalidade da Muller Casada* en 1957, a *Convención sobre o Consentimento para o Matrimonio* en 1962, a *Declaración sobre a eliminación de toda discriminación contra as mulleres* en 1967 (aprobada na Asemblea Xeral), a *Década de Nacións Unidas para a muller* (1976- 1985) que tivo por lema: “Igualdade, Desenvolvemento e Paz”, a fundación do INSTRAW (Instituto Internacional para a Investigación e Formación do Avance das Mulleres) en 1976, a proposta da CEDAW en 1979⁷⁷, as Conferencias Mundiais das Mulleres (México 1975, Copenhague 1980, Nairobi 1985 e Beijing 1990), a creación do *Fondo de Contribucións Voluntarias para o Decenio das Nacións Unidas para a Muller* en 1976, a posta en marcha de UNIFEM (Fondo de Desenvolvemento de Nacións Unidas para as Mulleres) en 1984, a *Declaración de Beijing* e a Plataforma para a Acción revisada na Conferencia Mulleres 2000, etc.

A CEDAW constitúe a carta magna que ven a completar a *Declaración dos Dereitos Humanos* de 1948 cos dereitos específicos das mulleres. A ONU como fixera coa Declaración dos Dereitos de 1948 –segundo o procedemento habitual- promulgou a CEDAW e recomendoulle a todos os países que a ratificaran e incorporaran aos eidos de docencia dos seus respectivos Estados. Sen embargo, non todos os países a ratificaron. Como apuntamos anteriormente, moitos grupos culturais non queren renunciar a ver as súas mulleres como estandartes das súas tradicións culturais, sexan estas sexistas ou non. O resultado ven a ser, en palabras de Rao (citado por

⁷⁷ A CEDAW entrou en vigor como tratado internacional o 3 de setembro de 1981 ratificada por 20 países. España ratificou a CEDAW no ano 1983. No ano 2005, a Convención foi ratificada por 180 países, entre os que non se atopan os EUA. Para saber máis sobre o carácter e historia da Convención véxase o capítulo 2º de Maquieira, Virginia, *Mujeres, globalización y derechos humanos*, Madrid, Cátedra, 2006.

MAQUIEIRA, 2006: 69), que: “*las mujeres son el grupo social que más violaciones de sus derechos humanos ha sufrido en nombre de la cultura*”.

Dende fins do século XX, os discursos, prácticas e institucións relativas aos dereitos humanos están en voga. A linguaxe dos dereitos humanos predomina nos debates sobre a xustiza social. As reivindicacións e críticas aos dereitos humanos por parte de grupos excluídos ilumina o camiño que aínda queda por percorrer para facer da carta magna universal un documento de igualdade formal, e real. As organizacións de mulleres demandan o recoñecemento de seis grandes eixes de dereitos: á cidadanía, ao desenvolvemento, á paz e a unha vida sen violencia, dereitos sexuais e reprodutivos, ao medio ambiente, e ás diferentes identidades (FOLGUERA, 2006: 91). No último punto é onde soben ao mesmo escenario feminismos e multiculturalismos⁷⁸. Os seis eixes de dereitos están interconectados. A loita pola inclusión das mulleres na cidadanía é unha das reivindicacións primordiais do feminismo. O concepto de cidadanía proposto polos varóns non é neutro, e esa constatación e a necesidade de presentar alternativas é un dos vellos cabalos de batalla do movemento feminista. Nos anos 90 xurdiu un frutífero debate en torno á identidade das mulleres e ao suxeito político a partir das distintas propostas que se fixeron dende o feminismo para substituír o concepto patriarcal de cidadanía que excluía as mulleres (CAMPILLO, 2008: 147). No momento en que se constata unha discriminación ou exclusión, o suxeito que reclama o dereito de pertenza ou recoñecemento de dereitos (e redistribución) precisa a plataforma dunha identidade política para levar a cabo esa crítica. Hai que debuxar un novo suxeito de dereitos. O espazo das iguais, que substitúe ao das idénticas, en termos amorosianos é a precondition de individualidade que permita a formación de redes de solidariedade mediante a sinatura de pactos entre suxeitos feministas. Xa o tiña claro Mary Wollstonecraft cando en 1797 escribía en *Vindicación dos dereitos das mulleres*: “*voy a hablar en nombre de las de mi sexo*”. Nos máis de douscentos anos que nos separan da pluma da ilustrada, tivo lugar unha “*constante resignificación del sujeto del feminismo*” (CAMPILLO, 2008: 148). Como ben indica Neus Campillo, o feminismo da igualdade permite a liberdade de establecer diferentes alternativas feministas non excluíntes.

O epicentro da construción do suxeito feminista en tanto político sitúase na esfera pública. Xa que falar de dereitos políticos é referirse á esfera á que as mulleres

⁷⁸ Empregámo-la expresión en plural para facernos eco da proposta de María Luísa Femeninas (2007), quen fala de varios multiculturalismos diferentes, como tamén se reivindica a existencia de diferentes feminismos.

non tiveron acceso ata ben entrado o século XX –no caso do voto por exemplo- e sobre a que aínda camiñan sen equilibrio. Os lazos que manteñen cinguidas as mulleres ao espazo privado hipotecan a súa entrada en igualdade de condicións ao eido público. A construción da dicotomía público/privado ocúpase de retroalimentar a exclusión e discriminación das mulleres na esfera política. En termos de Folguera (2006: 90): “*Cuando a las mujeres se les niega la democracia y los derechos humanos en la esfera privada, sus derechos humanos en la esfera pública también se ven afectados*”. A solución non é doada, pois pasa por modificar as costumes e tradicións patriarcais para transformar así as identidades e construír unha esfera pública plural e igualitaria, onde os individuos sexan autónomos e non identidades marcadas polo seu sexo-xénero.

O segundo eixo que reclaman os movementos de mulleres para si é o recoñecemento do dereito ao desenvolvemento. Constatamos nos apartados *Consecuencias da globalización para as mulleres*, e *Feminización da pobreza* que a relación do desenvolvemento co xénero ten un carácter especial na actualidade⁷⁹.

“En lugar de ayudar, el objetivo debería ser acabar con la pobreza dejando que los pobres busquen sus propias soluciones y reconociéndoles el derecho a participar plenamente en los procesos colectivos de desarrollo humano. Esto es particularmente aplicable en el caso de las mujeres” (BENERÍA, 2005: 9).

O concepto de desenvolvemento humano cobrou pulo a partir da publicación en 1990 do Informe sobre o Desenvolvemento Humano do Programa de Nación Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), de carácter anual. En 1992, este mesmo documento sinala que o concepto “*ha pasado a ocupar el centro del debate mundial en torno al desarrollo*” (BENERÍA, 2005: 28). O primeiro informe nace herdeiro da obra de Amartya Sen. Este autor, como tamén faría posteriormente Martha Nussbaum, traballou nun *enfoque de capacidades* para avaliar a calidade de vida. A versión da catedrática de Chicago –segundo ela mesma aclara (2002: 111)- difire do de Sen en varios sentidos⁸⁰. O economista bengalí define o desenvolvemento humano como “*un proceso de ampliación de las posibilidades de elección de las personas*” (SEN citado en BENERÍA, 2005: 28). A noción de desenvolvemento non se refire exclusivamente ao

⁷⁹ Xa en 1970, Boserup (citada en BENERÍA, 2005: 57) puxo en evidencia co seu título *La mujer y el desarrollo económico* que o desenvolvemento non era un proceso neutral respecto do xénero.

⁸⁰ Para profundizar no tema véxase o apartado III da Introducción de *Las mujeres y el desarrollo humano: “En enfoque de las capacidades: Sen y Nussbaum”* (NUSSBAUM, 2002: 40 e ss).

desenvolvemento económico, pois unha mellora económica non ten porque ir necesariamente unida a unha mellora noutras necesidades fundamentais; e por outra banda, a vida das mulleres pode mellorar sen que o faga a súa posición económica (BENERÍA, 2005: 29). Como xa xustificamos nun apartado anterior a pobreza non é un concepto unidimensional, meramente económico, senón que ten varias caras. Nesa medida se interpreta a lista “*humilde y abierta*” que propón Martha Nussbaum para definir o desenvolvemento humano⁸¹. Unha lista controvertida, acusada por varias/os autoras/es de excesivamente focalizada dende Occidente.

⁸¹ 3. **Vida.** *Ser capaz de vivir hasta el final de una vida humana de extensión normal: no morir prematuramente, o antes de que la propia vida se haya reducido de tal modo que ya no merezca vivirse.*

4. **Salud corporal.** *Ser capaz de tener buena salud, incluyendo la salud reproductiva; estar adecuadamente alimentado; tener un techo adecuado.*

5. **Integridad corporal.** *Ser capaz de moverse libremente de un lugar a otro; que los límites del propio cuerpo sean tratados como soberanos, es decir, capaces de seguridad ante asalto, incluido el asalto sexual, el abuso sexual de menores y la violencia doméstica; tener oportunidades para la satisfacción sexual y para la elección en materia de reproducción.*

6. **Sentidos, imaginación y pensamiento.** *Ser capaz de utilizar los sentidos, de imaginar, pensar y razonar, y de hacer todo eso de forma “verdaderamente humana”, forma plasmada y cultivada por una adecuada educación, incluyendo, aunque no solamente, alfabetización y entrenamiento científico y matemático básico. Ser capaz de utilizar la imaginación y el pensamiento en conexión con la experiencia y la producción de obras y eventos de expresión y elección propia, en lo religioso, literario, musical, etc. Ser capaz de utilizar la propia mente de manera protegida por las garantías de libertad de expresión con respeto tanto al discurso político como artístico, y libertad de práctica religiosa. Ser capaz de buscar el sentido último de la vida a la propia manera. Ser capaz de tener experiencias placenteras.*

7. **Emociones.** *Ser capaz de tener vinculaciones con cosas y personas fuera de uno mismo, de amar a quienes nos aman y cuidan de nosotros, de penar por su ausencia, y, en general, de amar, de penar, de experimentar nostalgia, gratitud y temor justificado. Que el propio desarrollo emocional no esté arruinado por un temor o preocupación aplastante, o por sucesos traumáticos de abuso o descuido. (Apoyar esta capacidad significa apoyar formas de asociación humana que pueden mostrarse como cruciales en su desarrollo.)*

8. **Razón práctica.** *Ser capaz de plasmar una concepción del bien y de comprometerse en una reflexión crítica acerca del planteamiento de la propia vida. (Esto implica protección de la libertad de consciencia.)*

9. **Afiliación.**

A. Ser capaz de vivir con y hacia otros, de reconocer y mostrar preocupación por otros seres humanos, de comprometerse en diferentes maneras de interacción social; ser capaz de imaginarse la situación de otros y de tener compasión de tal situación; ser capaz tanto de justicia como de amistad. (Proteger esta capacidad significa proteger instituciones que constituyen y alimentan tales formas de afiliación, y proteger asimismo la libertad de reunión y de discurso político.)

B. Poseer las bases sociales del respeto de sí mismo y de la no-humillación; ser capaz de ser tratado como un ser dignificado cuyo valor es igual al de los demás. Esto implica como mínimo, protección contra la discriminación basada en la raza, el sexo, la orientación sexual, la religión, la casta, la etnia o el origen nacional. En el trabajo, ser capaz de trabajar como un ser humano, haciendo uso de la razón práctica e ingresando en significativas relaciones de reconocimiento mutuo con otros trabajadores.

10. **Otras especies.** *Ser capaz de vivir con cuidado por los animales, las plantas y el mundo de la naturaleza y en relación con todo ello.*

11. **Juego.** *Ser capaz de reír, jugar y disfrutar de actividades recreativas.*

12. **Control del propio entorno.**

A. Político. *Ser capaz de participar efectivamente en elecciones políticas que gobiernen la propia vida; tener derecho de participación política, de protecciones de la libre expresión y asociación.*

B. Material. *Ser capaz de tener propiedad (tanto de la tierra como de bienes muebles), no solamente de manera formal sino en términos de real oportunidad; y tener derechos de propiedad sobre una base de*

En resumo, o desenvolvemento é aquilo do que son capaz (de ser e facer) como ser humano. Martha Nussbaum tenta basear a súa teoría na idea aristotélico-marxiana de funcionamento verdadeiramente humano. Para a nosa autora a idea de desenvolvemento é normativa. Sendo o fin político as capacidades e non o funcionamento (AGRA, 2008: 127- 128)⁸². A paz, e a ausencia de violencia, citada como terceiro eixo de reivindicación do feminismo en tanto dereitos humanos e necesariamente universalizables forma parte da lista de Nussbaum, así como tamén do lema da década da ONU para a Muller, ou do título da *Conferencia Mulleres 2000*.

A violencia machista, lacra que segue a tinxir o século XX de sangue de muller, é unha das causas de expulsión das mulleres dos seus fogares e da conseguinte entrada destas na pobreza. Yris María Zavala (citada por GONZÁLEZ RÍO, 2001: 108) sinala que: “*uno de los terrenos donde se manifiesta más crudamente la privación que sufren las mujeres en relación al desarrollo humano es la violencia ejercida contra ellas*”. A violencia anula o exercicio autónomo das capacidades, dado que a saúde é unha base para poder exercer a elección. Nussbaum (2002: 141) entende que a saúde e a integridade corporal son tan importantes que en caso de conflito con outras capacidades estas teñen prioridade. Coincidimos coa nosa autora no perigo de actitude paternalista que esta afirmación pode carretar. Pero, á vez, somos conscientes da importancia que ten a necesidade de defensa das mulleres de todo tipo de violencia, nomeadamente a violencia sexista. Son precisamente os dereitos do corpo das mulleres: a saúde e a integridade física, etc. os que son vulnerados en nome das culturas. A perspectiva de xénero non é o enfoque prioritario á hora de analizar o multiculturalismo, sen embargo –como denuncian varias autoras- as prácticas de violencia contras as mulleres en nome de costumes culturais e tradicións ancestrais son empregadas como crítica deste movemento de reivindicación de recoñecemento das diferentes identidades. A ablación de clítoris, a lapidación, o velo, o chador, o burka, etc. son varios dos temas que se empregan nos debates entre universalistas e multiculturalistas á hora de defender un sistema político ou outro. Nomeadamente para atacar a outras culturas. Occidente carga sobre a súa conciencia histórica –que continúa

igualdad con otros; tener el derecho de buscar empleo sobre una base de igualdad como otros; no estar sujeto a registro e incautación de forma injustificada (NUSSBAUM, 2002: 120- 123).

⁸² Para afondar na teoría de Martha Nussbaum léase ademais da obra da autora (2002), o artigo no que María Xosé Agra (2008) compara as teorías da xustiza de Nussbaum (unha teoría parcial segundo a autora) e Young (cun ideal de xustiza abstracto). Véxase tamén Agra, María Xosé (2009), “Martha C. Nussbaum: Liberalismo político de las capacidades” en MAÍZ, Ramón (Comp.), *Teorías políticas contemporáneas*, Valencia, Tirant lo blanch, pp. 365-398.

na actualidade- a denuncia de machismo radical dos árabes, que equipara metonimicamente cos musulmáns, como crítica cultural que deixa a cultura occidental por enriba da dos países veciños. A definición das mulleres é o cetro de poder que tan fortemente protexen os homes con diferentes estratexias. A violencia machista é precisamente cuestión de poder, e unha das principais ferramentas de dominación masculina. Coa violencia, o patriarcado tenta dobregar as ansias de independencia das mulleres, e mantelas deste xeito atadas á súa posición de inferioridade, para que o edificio simbólico –segundo unha expresión de Amorós- non se desmorone. Nos contextos de relevo de heterodesignación, a violencia incrementase para lograr a vitoria cultural. A multiculturalidade é –sen dúbida- un escenario proclive a que se sucedan estas loitas entre grupos de varóns hexemónicos e outros que lle queren disputar o poder: e por ende, a definición e dominio das mulleres.

O cuarto eixo de reivindicación de dereitos dende a perspectiva feminista, dereitos sexuais e reprodutivos, están recollidos no punto 5 da lista de capacidades de Martha Nussbaum: integridade corporal, apartado que tamén recolle o dereito a non sufrir violencia machista. O tema da reprodución e a sexualidade das mulleres como eido empregado polo patriarcado para manter as mulleres na esfera privada xa foi exposto nun apartado anterior. Simplemente queremos apelar, unha vez máis, á liberdade de elección das mulleres en tanto suxeitos autónomos capaces de decidir sobre a súa sexualidade e reprodución. As culturas, e nomeadamente, as relixións instrumentalizan a sexualidade das mulleres recubrindoa dunha moralidade patriarcal para controlar deste xeito a construción social, coa familia como base⁸³. É tarefa do feminismo desenmascarar os discursos patriarcais e vacinar as mulleres contra eles para que exerzan a súa liberdade de elección nun marco de igualdade de oportunidades e non se deixen someter, nin por aparente preferencia, á chantaxe moralista.

O quinto eixe, dereito ao medio, tamén representado na lista das capacidades (punto número 10: outras especies) está intimamente ligado ás mulleres, en tanto representantes da natureza fronte á civilización masculina. O ecofeminismo é unha corrente feminista que afonda na relación entre muller e natureza no contexto actual, onde ámbalas dúas son vítimas do sistema neoliberal patriarcal que as espreme. O sexto

⁸³ María Jesús Izquierdo trata o tema da división introdución /reintrodución e o papel das diferentes institucións (familia, relixión...) na desigualdade das mulleres no libro *El malestar en la desigualdad*, Madrid, Cátedra, 1998. Sobre este tema en concreto escribe: “La situación objetiva de desigualdad se invisibiliza al ideologizarse la relación familiar, ocultando los vínculos económicos y subrayando los afectivos” (Páx. 225).

eixe, o dereito ás diferentes identidades, é o tema central desta investigación, na medida en que se sitúa no epicentro da relación entre feminismos e multiculturalismos.

Segundo a análise de Folguera (2006: 135- 136), estamos a vivir a terceira etapa do feminismo global en relación aos dereitos. Este tempo caracterízase pola vinculación dos dereitos das mulleres ao desenvolvemento. As mulleres pasamos de ser esposas e nais (nunha primeira etapa datada nos anos 60) a ser unha área de Nacións Unidas (e do resto de institucións internacionais) no segundo período datado nos anos 80, a ser, na actualidade, axentes activos do desenvolvemento e suxeitos de dereitos no desenvolvemento. Porque o desenvolvemento segundo o informe de 1998 do PNUD está relacionado cos dereitos humanos, co benestar colectivo, coa equidade e coa sustentabilidade (GARCÍA SAINZ, 2006: 139- 140). E en todos estes puntos, as mulleres teñen moito que dicir.

3. Inmigración e Feminismo

Logo de analizar as problemáticas feministas da relación entre as mulleres e o multiculturalismo a nivel global, afondamos no contexto cultural no que estamos situados/as. Aplicamos ao marco español a teoría analizada no capítulo anterior. A relación do feminismo co multiculturalismo ten un obxecto de estudo primordial na análise das migracións que teñen como destino o contexto europeo, e nomeadamente español, no que nos atopamos e dende o que nos situamos, na medida en que todo pensamento é situado. No presente capítulo esbozaremos unha análise teórica do fenómeno da inmigración feminina cara a España dende a perspectiva feminista da igualdade. Centrarémonos na inmigración das mulleres co fin de desbotar varios tópicos que xiran arredor das mulleres andoriña e caracol a un tempo. Emprendemos pois un estudo sobre a feminización da inmigración española.

O terceiro capítulo, estruturado en dous apartados titúlase *Inmigración e Feminismo*. Comeza co apartado *Occidente: porteiro e amo de chaves*, estruturado a súa vez en catro epígrafes. O primeiro, *As identidades debuxadas nas fronteiras*, dirime o conflito entre colectividade individual e colectiva da man de Balibar e Wallerstein, para quen todas as identidades son individuais pero situadas, creadas nun campo de valores sociais e normas de comportamento. Partimos do caso da construción da identidade europea, onde entran no xogo os movementos inmigratorios, as identidades das diferentes nacionalidades que compoñen a Unión Europea, etc. A identidade é un elemento de poder no que conflúen varios factores como o económico (turistas ou inmigrantes non afectan do mesmo xeito á identidade autóctona), o político (o trazado das fronteiras é unha mostra da formación de identidades nacionais), etc. Definimos a identidade cultural europea, análoga á dos EUA, seguindo a Sophie Bessis, coma a “certeza da (lexitimidade da) supremacía”. A identidade europea constrúese con bases os movementos migratorios propios, cara a América na súa orixe (comezo da Idade Moderna coa colonización de América), e co peche das súas fronteiras para os outros (coa expulsión de mouros, xudeus e xitanos en 1492 e coas actuais leis de estranxeiría).

No segundo epígrafe deste terceiro capítulo, titulado *Os humanos, aves migratorias por definición* ponse en evidencia a falsidade do mito da novidade dos movementos migratorios na definición das vagas de inmigrantes que chegan a Europa. As migracións son un fenómeno que caracterizou e caracteriza diversas épocas históricas. Os medios de comunicación preséntana como un fenómeno excepcional e sen precedentes, unha falacia máis da representación mediática que analizaremos no cuarto capítulo no seu conxunto. Hai moitos tipos de migracións, e todos eles desencadean

conflitos. Sen embargo, as migracións en xeral e os/as inmigrantes en particular non son un problema, o problema reside na xestión que se fai deste feito. As migracións actuais cara Europa amosan características propias das que nos ocupamos. Facemos mención ao papel que teñen os medios de comunicación nas migracións actuais en tanto substitutos dos mitos tradicionais. Internet e as parabólicas preséntanlle Occidente aos/ás futuros/as inmigrantes. As direccións destes movementos son da periferia ao centro. Entre as causas sinalamos o pasado colonial (que determina a elección da vía migratoria e o destino), o empobrecemento do Terceiro Mundo, os mitos en tanto presentadores doutra cosmovisión, causas psicolóxicas, políticas, económicas ou persoais...

O terceiro epígrafe, *O peche da cancela*, analiza unha das principais particularidades dos movementos migratorios de comezos do século XXI, a política de fronteiras, que xunto co desmantelamento progresivo do Estado de Benestar configuran os principais obstáculos estruturais á emigración. Analizamos as causas do peche de fronteiras: as económicas pero tamén, e sobre todo, as psicolóxicas. O medo ao descoñecido: o forasteiro é benvido cando trae billete de volta. No seguinte epígrafe, *do inmigrante económico ao cultural* estudo o cambio de perspectiva das administracións e gobernantes dos países de acollida, que deixan de ver ao/á inmigrante como forza de traballo (inmigrante económico/a) para velo/a dende unha óptica culturalista. Analizo o caso paradigmático do magrebí, ao que se lle apón de xeito negativo a condición de islamista se practica a relixión do Islam. Aclaro esta terxiversación e mergúllome na construción negativa do estereotipo de inmigrante como delincuente, ilegal, pobre, etc. En *Inmigración e democracia: poboación e cidadanía* exploro a distinción entre o demos social e o demos político, un dos principais criterios á hora de situarnos no debate actual do multiculturalismo e a inmigración. No seguinte epígrafe afondo na situación do contexto legal español. Concretamente fago un percorrido pola *Lexislación de estranxeiría española*.

No segundo apartado do capítulo, *Mulleres inmigrantes: problemática dende unha perspectiva feminista*, estudo o suxeito da investigación. Comezo pola análise feminista da lei de estranxeiría, partindo dunha situación de “*universalidade substitutoria*” –en termos de Seyla Benhabib– das leis de estranxeiría, consecuencia principalmente de non ter en conta a variable de sexo, nin as consecuencias de xénero en tanto construción cultural. A partir da división que se fai na lei de estranxeiría das mulleres inmigradas, entre reagrupadas e autónomas, profundízase nesta situación de especial vulnerabilidade no epígrafe *Análise feminista da reagrupación*. A situación

legal das mulleres está intimamente relacionada coa súa adscrición a determinados eidos. As inmigradas están predestinadas a determinados nichos laborais que as encerran nun contexto cun funcionamento análogo ao ámbito privado. En *Fechadas nos fogares occidentais* damos conta da situación laboral maioritaria das inmigradas e as consecuencias políticas desta. O servizo doméstico e o sector dos coidados, son, xunto coa prostitución –analizada en *A axencia das inmigrantes e prostitutas: apuntamentos sobre o tráfico e trata-* os principais nichos aos que se ven dirixidas ás inmigradas. A situación económica das inmigradas está relacionada coa súa independencia, e esta coa *Sobrecarga cultural das inmigrantes*. Son as mulleres inmigradas as que cargan coas principais problemáticas sociais e culturais da inmigración. Nesta epígrafe reflexiónase sobre este feito.

En *A feminización das migracións: conceptualizar é politizar* analizo cómo e en qué medida as relacións de xénero estruturan a inmigración dende a sociedade receptora. Comezo coa asunción da feminización das migracións, tema novidoso e pouco difundido na opinión pública. Repasamos as cifras concretas de inmigrantes en España, Galicia e Cataluña, os contextos xeral e particulares desta análise. No epígrafe *A opción do diálogo* tomamos a frase de Kapuscinsky “*Al toparse con el Otro, la gente tuvo, tres alternativas: hacer la guerra, construir un muro a su alrededor o entablar un diálogo*”. Dende a perspectiva feminista, a opción escollida é a última. No derradeiro epígrafe deste capítulo faise unha *balanza da inmigración* tirando as consecuencias que a inmigración feminina ten para as sociedades de destino, pero tamén para as de orixe. O fio central deste apartado é o estudo do caso das remesas, ponte de relación entre as sociedades, pero sen deixar de lado outras consecuencias dos movementos transnacionais.

3.1. Occidente: porteiro e amo de chaves

3.1.1. As identidades debuxadas nas fronteiras

Cando falamos de identidade preséntasenos a pantasma do conflito entre colectividade e individuo. Pantasma que escorrentaron Immanuel Wallerstein e Etienne Balibar (1991: 146) aseverando que: “*Toda identidade é individual, pero a única identidade individual é a histórica, é dicir, a que se constrúe dentro dun campo de valores sociais, de normas de comportamento e de símbolos colectivos*” .

O espírito dunha nación non se crea de xeito doado; poñamos por exemplo o caso da identidade europea que aínda hoxe non se consolidou, segundo as propias pescudas de institucións europeas. Os/as teóricos/as da UE sabían que era máis importante xerar unha idea de identidade común europea que unha unión política ou económica total, pero como a primeira non avanza, poténcianse as segundas para ver se mentres tanto nace a primeira. Non se pode xerar unha identidade cultural de súpeto. Ben é certo que non escollemos o lugar onde nacemos, uns centímetros no mapa poden significar unha existencia completamente diferente a outra, un pouco máis arriba ou debaixo: sabemos que a riqueza está divida en hemisferios. Coa economía neoliberal e capitalista acéptase a globalización e tráfico de mercadorías que esta carreta, sen embargo aínda permanecemos reticentes ao libre movemento de persoas nesta mesma dinámica. As persoas móvense cunha liberdade proporcional ao seu capital económico. Os executivos de clase social moi alta e os presuntuosos xefes de estado⁸⁴ posúen avións privados que os levan a onde queren cando se lles antolla necesario. Sen embargo, os pobres que tiveron a sorte de nacer nun hemisferio trabucado ou co sexo equivocado, por veces nin sequera poden saír unha soa vez do seu país de orixe. Os pasaportes son caros. E se ben todos/as desmentimos coa experiencia que cada meniño/a ven cun pan debaixo do brazo, o que seguro que non é certo é que traia pasaporte. En palabras do premio Príncipe de Asturias, Hans Magnus Enzensberger (1992: 42): “*El forastero será tanto más forastero cuanto más pobre sea*”. A conservación ateigada de celos das fronteiras é unha costume ríxida dos países prósperos economicamente actuais. Claudio Magrís visualiza a identidade cunha *fronteira* que é: “*ponte ou barreira*”, “*ambigua*”, “*arbitraria e inevitable*”; pero “*o escritor parece coñecer ben cal é o seu sitio, tras que fronteira se sente na casa*”. Con acerto indica que:

⁸⁴ Nesta ocasión non empreguei a dobre forma do xénero gramatical para denunciar que o teito de cristal segue a impedir que mulleres preparadas accedan a postos de responsabilidade política e económica internacionais: motivo polo que na actualidade, segundo datos do INSTRAW, só gobernan 15 mulleres no total dos 192 países do mundo. Elas son a alemá, Angela Merkel; a finlandesa, Tarja Jalonen; a irlandesa, Mari McAleese; a letona, Vaira Vike Freiberga; a chilena, Bachelet; a liberiana, Ellen Johnson Sirlea; a mozanbiqueña, Luís Diogo; a primeira ministra de Santo Tomé, María Do Carmo Silvana; a neozelandesa, Helen Clark; a filipina, Gloria Macapagal Arroyo; a arxentina, Cristina Fernández; a ucraína, Yulia Tymoshenko; a xamaicana, Portia Simpson-Miller; a bangladeshí, Khaleda Zia e a presidenta de Sri Lanka, Chandrika Kumaratunga. Por outra banda só tres mulleres son xefas de Estado dun dos 46 países monárquicos onde o xefe de Estado é o rei. Son as tres raíñas europeas: Isabel II, en Inglaterra; Margarita, en Dinamarca; e Beatriz, en Holanda. Outro dato referente á posición económica global das mulleres é que representando o 52 por cento da poboación global posúen o dous por cento da propiedade mundial.

“Las fronteras tienen que ver con la inseguridad y con la necesidad de seguridad. La frontera es una necesidad, porque sin ella, es decir sin distinción, no hay identidad, no hay forma, no hay individualidad y no hay siquiera una existencia real, porque esta queda absorbida en lo informe y lo indistinto” (MAGRÍS, 2001: 63)

Son as fronteiras, continúa Magrís, as que xeran a colectividade. A identidade colectiva occidental inspirou un título de Sophie Bessis, referímonos a *Occidente y los otros, historia de unha supremacía*. A autora resume deste xeito o que ela entende como identidade cultural europea e estadounidense:

“La certeza con la cual la mayoría de los occidentales afirman la legitimidad de su supremacía nunca ha dejado de sorprenderme. Esta certeza se manifiesta en los actos más anodinos y en las actitudes más banales. Estructura la palabra pública, el magisterio intelectual y los mensajes de los medios de comunicación. Reside en lo más profundo de la conciencia de los individuos y grupos. Está tan enraizada en la identidad colectiva que se podría hablar de una verdadera cultura de la supremacía, fundamento de la entidad que hoy llamamos Occidente, sobre la que éste construye sus relaciones con el otro” (BESSIS, 2002: 17).

As fronteiras do Occidente moderno xorden como inmóbiles na data de 1492, ano de expulsión dos xudeos e árabes de España polos reis católicos e data tamén da Conquista de América por parte de España á que logo se unirán Francia e Gran Bretaña, etc. A xornalista e historiadora tunesina de educación francesa sinala a data de comezo da modernidade pola importancia que para a fixación das fronteiras ten este momento. Antes, durante a Idade Media euromediterránea, as fronteiras europeas foran movedizas. No 1492 tamén se expulsou a *“el islam del territorio político de Europa occidental”* á que segundo Bessis *“ha correspondido la expulsión del pensamiento judeo-musulmán del territorio intelectual europeo”*. Para xustificar tal hipótese a historiadora mergúllase na creación de mitos europeos, entre os que destaca o grecorromano, cun cando menos sospeitoso silenciamento da pluralidade do Imperio Romano. Por outra banda, a cultura exipcia, que tivo un papel tan importante no desenvolvemento de Grecia e Roma, é desligada da súa orixe africana cando se recoñece a súa capitalidade. Noutros casos, sabemos que a historia non é obxectiva senón selectiva en tanto memoria cultural escrita cuns intereses, Exipto non é recoñecido como merece. Por outra banda, a Idade Media, foi desprestixiada durante moito tempo, e aínda hoxe carga co pouso negativo de pobreza cultural e uniformidade tan distante da realidade do momento. Bessis coida que

o estreito contacto entre a cultura árabe e a cristiá europea nesa época é o motivo deste desprestixio.

A historia e a identidade cultural europea construíuse con base nos grandes movementos migratorios propios, cara América durante a época da conquista e inmediatamente posterior, ademais da gran vaga migratoria aos EUA a comezos do século XIX, e alleos forzados, o comercio de africanos dende a súa terra natal cara ás Américas para suplir a man de obra mermada polos conquistadores salvaxes do Oeste. O tráfico de escravos, inmigrantes forzosos, tamén foi norma para poboar as Canarias, Madeira e as Azores ata acabada a Idade Media. *“En efecto, todas las naciones europeas practicaron, entre los siglos XVI y XVIII un comercio triangular que hizo florecer sus puertos atlánticos y sus manufacturas”* (BESSIS, 2002: 32). Resulta paradoxal que tras a conquista e sometemento dun continente (América) e tras o espolio e escravización doutro (África), Europa constrúa a súa identidade dun xeito estanco e pechado sobre si mesmo. É moi elocuente que na mesma data, 1492, dende España, capital europea na época, se chegue a América e se expulse aos outros, decididos dende ese momento como diferentes irreconciliables polo menos ata o momento, do territorio español.

As fronteiras europeas están delimitadas ao Norte e o Sur con senllos mares. O Mediterráneo é unha fronteira política clara. A incompreensión en composición salgada, o Mar Mediterráneo, separa ambas as beiras do mar. Resulta esclarecedor como o termo que empregan os árabes para referirse a Occidente é tamén o termo para referirse ás tebras, ao incompreensible: “Garib” (MERNISSI, 2007: 47). É paradoxal que para os Occidentais os árabes que proceden do Magreb sexan os bereberes, ou que é o mesmo “bárbaros” ou “outros”, mentres que para os/as africanos/as máis afastados/as do Mediterráneo sexan persoas de identidade sospeitosa pola súa proximidade a Occidente:

“En el seno de la comunidad árabe, los habitantes del Mashreq (el sol naciente) ven a los magrebíes como esencialmente ambiguos, excesivamente próximos a la frontera cristiana, o en todo caso, pertenecientes al territorio del límite, de la frontera.” (MERNISSI, 2007: 48)

Este texto mostra a importancia que teñen as fronteiras para a creación da identidade individual e colectiva das comunidades. A ambigüidade non é nunca aval de comprensión nos encontros culturais. Cada individuo debe estar ben definido e categorizado para poder facerlle fronte á situación e atopar pautas de comportamento ás

que aterse. Os conflitos xorden cando os/as forasteiros/as, figura tolerada e homenaxeada na maioría das culturas, se converten en cidadáns e cidadás, ou mellor dito, cando mesmo antes de acadar o estatuto de cidadán/á deciden quedar no lugar de acollida e ser un/unha máis. Enzensberger analiza a creación do tabú de hospitalidade como instrumento para frear a xenofobia dos grupos e lexitimar así a figura do forasteiro/a. O conflito xorde cando o/a forasteiro/a rexeita o seu papel. “*El forastero goza de hospitalidad, pero no puede quedarse*” (ENZENSBERGER, 1992: 15). A opinión pública -que podemos escoitar nos mercados, ou centros comerciais occidentais, nos medios de comunicación, etc.- como de seguido analizaremos no caso galego e catalán obxecto da mostra-, nas escolas, etc.- certifica esta idea do/a forasteiro/a, ben en forma de turista (o aspecto económico é por outra banda un pro que contribúe a súa aceptación) ou de inmigrante temporal⁸⁵. Cando se compara o caso do emigrante español, e máis concretamente o galego, co dos/as inmigrantes magrebís, africanos/as en xeral ou asiáticos/as que veñen a Occidente, sempre se recorre ao argumento da temporalidade da emigración española, e nomeadamente galega, da primeira metade do século XX, en contraposición á duración indefinida ou definitiva dos/as inmigrantes que agora se achegan a Europa.

A emigración temporal do cabeza de familia que emigra por motivos económicos e cando acada a situación solvente que busca no estranxeiro regresa ao seu fogar, onde o esperan os seus seres queridos –falseable coa realidade da desnacionalización que sofren os emigrantes que xa non son de onde naceron pois perderon o contacto, nin de a onde foron, pois alí sempre foron estranxeiros que estaban temporalmente- contraponse á inmigración familiar por motivos económicos, psicolóxicos, etc. e perpetua. Esta última connótase dun xeito negativo. É curioso como a percepción que temos do outro pode distar tanto da que o outro ten de si mesmo. Mernissi destaca a idea da “*provisionalidad*” e o mito do regreso como parte esencial e compartida por todas as comunidades magrebís emigradas a Europa. A escritora marroquí apóiase na relixión musulmá para verificar esta hipótese. E ao fin e o cabo a relixión é unha parte fundamental das culturas, e nomeadamente da cultura norteafricana, fundamente musulmá. “*En la memoria musulmana, emigrar no es un gesto definitivo, sólo es una etapa en el camino de regreso, un rodeo para volver al punto de partida: La Meca*” (MERNISSI, 2007: 178).

⁸⁵ O estereotipo non constrúe migrados/as senón inmigrantes, sempre en marcha.

Hai moitos tipos de migracións, con diversas causas, duracións, protagonistas, etc. pero todas elas desencadean conflitos (ENZENSBERGER, 1992: 15). Sen embargo, o feito de emigrar é connatural á existencia do ser humano, nómade nuns comezos e viaxante intrépido e turista por pracer, en maior ou menor medida enmascarado coas necesidades laborais e económicas. As migracións e os/as migrantes en si non son un problema, o problema reside na xestión que se fai deste feito.

3.1.2. Os humanos, aves migratorias por definición

Todos os/as españois/las levamos gravada na retina a celeberrima fotografía de Manuel Ferrol do pai co fillo e a maleta, magnífica radiografía da migración, personificada na emigración galega. A migración é un fenómeno que caracteriza e caracterizou diversas etapas históricas. Malia que os medios de comunicación e o discurso político nos presente a situación como excepcional e sen precedentes, podemos documentar grandes vagas migratorias de poboación europea cara a outros lugares antes do século XXI. En *La gran Migración* Enzensberger documenta os movementos de máis de 34 millóns de europeos que chegaron aos EUA entre 1810 e 1921 (ENZENSBERGER, 1992: 26-27), cifra que tamén recolle Bessis (2002: 55). Sandra Gil (citada en BERNÁRDEZ, 2007: 13) apunta que saíron de Europa ata 50 millóns nesa mesma época. Á cifra que partiu cara aos EUA haille que engadir as persoas que emigraron cara a outros grandes centros de acollida. Calcúlase que oito millóns de persoas chegaron a Canadá dende Europa, dous millóns de europeos tiveron como destino final Australia entre comezos do século XIX e do XX, e doce millóns de españois/las, italianos/as, alemáns/ás e portugueses/as emigraron cara América do Sur (BESSIS, 2002: 55).

Se ben non se trata dun fenómeno novo, si se caracteriza por uns trazos defintorios diferentes aos movementos migratorios doutras épocas históricas. No estudo do grupo PICNIC sobre as mulleres inmigrantes nos medios de comunicación sinálanse como trazos distintivos da migración actual: a diversidade das nacións implicadas no proceso, a complexidade dos lazos que unen os países de emisión e recepción, características ás que podemos engadir a feminización da emigración unida á feminización da pobreza que sinala Sassen, e á construción por medio das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) das imaxes doutros mundos posibles ao outro lado das maletas.

Ademais da inmigración económica, aquela que busca no lugar de destino unha seguridade que non pode obter no lugar de orixe, existen outros tipos de migración: a migración política, catalogada como dereito de asilo -se ben os límites do “dereito de asilo”, como indica Hans Magnus Enzensberger non están nada claros hoxe en día (ENZENSBERGER, 1992: 65)- e a emigración psicolóxica, reivindicada por algúns migrantes do Magreb que viaxan a Europa para obter un benestar psicolóxico que non son quen de adquirir nas súas patrias de orixe. En todo caso, sempre hai un motivo, “*unha promesa*” en palabras do humanista xermano premiado polo Principado de Asturias, para que alguén emigre. Os medios de comunicación xogan hoxe o papel que antano desenvolvían as lendas que vaticinaban as magníficas calidades e riquezas das xentes de determinados pobos, destino de viaxes temporais ou definitivas. As loas das viaxes de Simbad ou Ulises, por tomar un heroe de cada cultura, Oriental e Occidental respectivamente, tan do gusto de Fátima Mernissi⁸⁶, quedan substituídos hoxe polas imaxes de alta frecuencia que os medios de comunicación expanden ata o recuncho máis remoto do mundo actual (ENZENSBERGER, 1992: 25). A xa citada Fátima Mernissi destaca a importancia que teñen no mundo árabe actual -gran canteira de orixe das migracións que teñen como destino, entre outros países europeos e occidentais en xeral, España- os locutorios que permiten o acceso a internet dos mozos/as magrebís e as canles de televisión por satélite que lle facilitan enormemente o acceso ao resto do mundo os/as cidadáns/ás de Marrocos, e o resto dos/as magrebís, indios/as, etc.

Os medios de comunicación teñen unha dobre participación no proceso de migración global. Por unha banda, substitúen os relatos orais e lendas para converterse, en forma de tv por satélite ou internet, nos construtores das “promesas” da emigración que alentan a milleiros de persoas a facer as maletas e mudar de hemisferio; e, por outra banda, articulan un discurso de exclusión e marxinação da inmigración nos lugares de destino. A ambivalencia dos medios de comunicación no tema da migración está facultada polo seu carácter de instrumento de poder e de democratización a un tempo. Co abaratamento dos custos de comunicación, o coñecemento convértese na fonte de poder máis democrática (TOFFLER citado por MERNISSI: 2007: 21). O intercambio de información por correo electrónico, que substitúe o longo e caro proceso do correo convencional ou o fax, xunto coa facilidade de pirateo das televisións por satélite cunha

⁸⁶ Véxase Mernissi, Fátima, *El hilo de Penélope: la labor de las mujeres que tejen el futuro de Marruecos*, Barcelona, Lumen, 2005.

parabólica permiten o fácil acceso dos/as cidadáns/ás da periferia mundial ao coñecemento. E dentro deste saber está o relativo a Occidente e ás condicións de vida desta outra parte do mundo, o que en moitos casos pode xerar a necesidade de emigrar por causas psicolóxicas como conseguir un posto de traballo no que se recoñezan os coñecementos e habilidades que non teñen cabida na patria de orixe. Mernissi destaca o maltrato por parte da economía e o sistema laboral local que sofren os mozos e mozas magrebís con títulos universitarios. *“Una de las razones del paro de los jóvenes licenciados, en Marruecos, es el miedo de los patronos de las fábricas a integrar en su rebaño a un(a) “con estudios”, que tomó parte en las revueltas del campus universitario”* (MERNISSI, 2007: 116). Bessis (2002: 183-184) está de acordo coa marroquí neste punto. *“Los países del Norte no atraen tanto a las masas más desheredadas del Sur, como se suele creer generalmente, como a sus elites y a parte de su juventud, que no encuentran perspectivas de futuro en sus países de origen”* .

A conexión a internet, dispoñible por unha cantidade económica moito menor a dun fax e moito máis rápida que o sistema de correo físico convencional, que está moi lonxe de garantir a inmediatez temporal de emisión e recepción da mensaxe como de feito fai a arañeira (web), democratizan a información⁸⁷, facilitándolle o acceso aos cidadáns/ás africanos/as, concretamente os/as Magrebís por proximidade cultural (pasado colonial español) e xeográfica (Estreito de Xibraltar) a Occidente. Actualmente, preto de 150 millóns de persoas en todo o planeta viven inmigradas. A porcentaxe representa o 2,4 por cento do total da poboación mundial (GIL citada en BERNÁRDEZ, 2007:13). A dirección dos movementos migratorios tende a ser dende a periferia cara ao centro do sistema. Sen embargo non é uniformemente proporcional o nivel de riqueza e pobreza dos países. Débense dar unha serie de condicións para que un país estableza lazos de migración con outro. As escollas están determinadas por unha historia determinada. O pasado colonial que une a dúas nacións: colonizadora e colonizada, as relacións económicas entre dous países -comerciais, turísticas, de inversións, etc-, a axuda exterior, a axuda interior: subvencións, as intervencións militares, etc. establecen unha serie de pontes que logo servirán de vías para os movementos migratorios, que seguen unha lóxica propia (GIL citada en BERNÁRDEZ, 2007: 21). O pasado colonial

⁸⁷ Non ignoramos as críticas que recibe a teoría de democratización da información mediante o uso das novas tecnoloxías en tanto privilexio dunha porcentaxe moi pequena do total poboacional. Somos conscientes de que a posesión dun ordenador e unha conexión a internet é custosa de máis para a grande maioría da humanidade. Sen embargo, queremos facer notar o maior acceso que estas ferramentas permiten ás novas relativas a outros contextos, nomeadamente ao emisor de información (Occidente). E así o manifestamos no texto. Nesta medida recomendamos a lectura de Cfr. Fátima Mernissi, 2005.

explica porque os/as alxerinos/as emigran a Francia e os/as indios/as e paquistanís á Gran Bretaña; porque os/as marroquís emigran a Francia e España ou porque os/as latinoamericanos/as- moitos deles fillos/as e netos/as de “gallegos” e galegos/as-emigran a España e Galicia. A proximidade xeográfica tamén é un factor de incidencia na creación de redes de emigración.

3.1.3. O peche da cancela

Entre as particularidades dos movementos migratorios de fins do século XX e comezos do XXI está a política do peche das fronteiras, que xunto co Estado de Benestar configuran os principais obstáculos estruturais á inmigración (ENZENSBERGER, 1992: 65). No outro lado da romana está a globalización. A mundialización como fenómeno carrega unha serie de condicións que favorecen as migracións na medida en que esixen o desenvolvemento rápido das economías da periferia dentro dunha competición co centro, que non deixa de producir grazas á man de obra barata que exporta da periferia. Pero, por outra banda, a lóxica occidental da globalización obriga aos países da periferia a manter os/as seus/súas cidadáns/cidadás dentro das súas propias fronteiras.

O paradoxo é unha vez máis compañeiro da lóxica económica occidental. Por unha banda, obrigamos a periferia a igualarse co centro pero sen que nela se dean as condicións necesarias para que tal achegamento suceda. Sen coñecementos especializados e instrumentos de fabricación adecuados, as materias primas e man de obra da periferia non teñen nada que facer para competir co centro, quen, ademais se protexe con aduanas e subvencións que prohíbe aos seus competidores periféricos. Por outra banda, Europa válese da man de obra procedente dos países pobres, importándoa en forma de inmigración ou explotándoa nas fábricas deslocalizadas das multinacionais. Sen embargo, penalízase ao/a que inmigra, malia que o sistema en parte o/a necesita, con políticas de fronteiras que condenan ao/á que entra na maioría dos casos á invisibilidade social, e polo tanto a unha identidade heterodesignada e con carácter de privacidade (o que está oculto da esfera pública). Na mesma liña, a sociedade occidental rexeita o proceso de deslocalización. Co que se condena aos/ás habitantes da periferia a permanecer nos países de orixe sen traballo co imperativo económico de alcanzar a Occidente sen medios para facelo (BESSIS, 2002, 2005). Occidente pretende decidir quén e cando entra.

Coincidindo co aumento dos fluxos migratorios cara aos países do centro, facultado pola precarización laboral parella á globalización, e coa desaparición da situación excepcional de pleno emprego que durante unha época pequena favoreceu o despegue económico capitalista de Europa e os Estados Unidos de América, os países comezaron a aplicar unha política de peche de fronteiras. Máis aló das causas económicas, fundamentais, existen causas psicolóxicas para o peche das fronteiras. O medo ao descoñecido, aos estraños, é unha causa de rexeitamento das migracións.

“Nos da miedo la globalización porque vamos a asistir a la llegada incesante de personas extrañas a nosotros que se meterán en nuestros barrios y merodearán por las esquinas. Así pues, la siguiente pregunta es: ¿Por qué nos dan miedo los extraños? (...) ¿Siempre se ha considerado peligroso a los extranjeros y siempre han sido necesarias unas fronteras vigiladas?” (MERNISSI, 2004: 9-10).

Mernissi entende que non todas as civilizacións consideran perigosos aos/ás estraños/as. E para xustificar esta hipótese podemos acudir ao argumento do tabú da hospitalidade. Se ben é certo que existen graos de hospitalidade entre as diferentes comunidades e culturas do mundo. A pensadora marroquí recorre con frecuencia á memoria da súa aboa Yasmina, quen ensalzaba a tarefa do viaxeiro. Como dicía Yasmina, muller de fai tres xeracións nacida en Fez dentro dos muros dun harem, viaxar é unha maneira de aprender. Precísase valor para enfrontarse aos outros, os estraños e aprender deles. Tentar entendelos permítenos comprender o seu trato cara a nós (observamos os seus prexuizos, costumes, etc.) e a nós mesmos/as. Os/as migrantes, a priori, non viaxan para aprender – aínda que entre as causas das migracións tamén podemos atopar a intelectual e formativa-, sen embargo, a aprendizaxe é unha das consecuencias do seu movemento.

Como teorizamos uns parágrafos atrás, os/as forasteiros/as son benvidos/as cando traen billete de volta. Nos casos en que pretenden asentarse, os Estados toman unha serie de medidas para evitalo. O cosmopolitismo⁸⁸ actual é a mostra de que as políticas estatais non son tan eficaces como algúns desexarían. As grandes metrópoles, dende Londres a Nova York, pasando por París e Barcelona, son formigueiros de diversidade humana e cultural, onde as culturas conviven nun espazo e un tempo. Se ben, hai quen comeza a observar un proceso de trazado de fronteiras interno. Dentro dos

⁸⁸ Empregamos este termo para referirnos á situación de multiculturalidade que caracteriza os espazos urbanos dos Estados occidentais.

países onde o cosmopolitismo é norma, e xa non excepción, as fronteiras nacionais son substituídas cada vez máis polas fronteiras sociais de exclusión, tan claras no caso dos suburbios franceses, caldo de cultivo de movementos fundamentalistas pero tamén de movementos de reivindicación pacifista como Nin Putas nin Submisas, capitaneado por Fadela Amara, hoxe ligada ao goberno de Sarkozy⁸⁹. Centrémonos agora nos muros exteriores, algúns deles físicos⁹⁰ e outros imaxinarios pero ben reais, das fronteiras entre países. No caso europeo a construción de muros físicos non é necesaria⁹¹, porque o mar Mediterráneo actúa como barreira natural para dificultar o tráfico de persoas entre os dous estreitos –miles de persoas quedan cada ano no mar pola imposibilidade de chegar ao destino con vida-.

A pertenza á Unión Europea comporta a aceptación dunha serie de leis que en materia de inmigración constitúen o que Bessis chama: “*un verdadero escudo legislativo y reglamentario para impermeabilizar sus fronteras*” (BESSIS, 2002: 185). A unificación das políticas de emigración dos estados membros supón a homoxeneidade do corpo lexislativo europeo en relación a este tema⁹². Este feito explica porque unha historia de forte emigración como no caso de España, Italia ou Portugal, non implica diferenzas en política emigratoria con respecto a outros países con menos relación histórica cos movementos migratorios. Malia que como xa explicamos anteriormente, Europa entre os séculos XIX e XX foi unha importantísima fonte de movementos emigratorios. Bessis (2002: 185) pon de relevancia a distinción que se fai na actualidade entre estranxeiro/a e inmigrante: “*cualquier extranjero no occidental es en la actualidad un inmigrante en potencia, e incluso las estancias de corta duración se autorizan con*

⁸⁹ Na actualidade, Fadela Amara, ex-presidenta do movemento francés *Ni Putes ni Soumises* e autora do ensaio homónimo en 2004 coa colaboración de Sylvia Zappi, ocupa o cargo de Secretaria de Estado da Política da Cidade do Ministerio de Vivenda da República francesa. A militante de esquerdas aceptou un dos postos que o goberno conservador de Sarkozy brindou a personalidades de centro e esquerda nun xesto conciliador.

⁹⁰ A fins do século XX popularizouse o termo “muros da vergoña” para facer referencia ás divisións físicas en forma de balados, muros, vallas metálicas, etc. que se erixiron para separar zonas fronteirizas porosas. Dentro desta tipoloxía enmárcanse o muro de Berlín, o muro do Sáhara occidental, as vallas de Ceuta e Melilla, a valla que separa a fronteira norte de México cos Estados Unidos de América, etc. Pero son moitos máis os que se podería citar. Sirva esta nota ao pé como mostra de que a práctica do muro defensivo non é cousa do pasado senón algo “vergoñentamente” actual.

⁹¹ Con salvagarda das vallas de Ceuta e Melilla, xa mencionadas na anterior nota ao pé.

⁹² Liliana Suárez Navaz et al. fan referencia no texto “El estado y las luchas de los sin papeles en España” en Suárez Navaz, Liliana; Macía, Raquel y Moreno, Ángela, *El estado y las luchas de los sin papeles en España*, TdS, 2007, pp. 185, á aplicación das leis de estranxería españolas como seguimento, e non iniciativa coxuntural, da política da Unión Europea, daquela CEE. “*Cuando la primera ley de Extranjería de 1985 pasó por el parlamento con procedimiento de urgencia, España no respondió tanto a su propia coyuntura de inmigración (apenas reseñable) como a las restricciones impuestas por la Unión Europea*”, explican. Volveremos sobre este tema.

cuentagotas”. A implantación en España das medidas legislativas e administrativas orixinarias da Unión Europea conleva dúas particularidades. Por unha banda, o feito de ignorar o seu pasado recente de país emigrante, do que Galicia segue a ser hoxe un reflexo moi vivo coas taxas actuais de saldo negativo (saen máis emigrantes que inmigrantes entran cada ano)⁹³. Por outra banda, a sobredimensión da lei que se aplica para o contexto galego. A presenza da inmigración en España na actualidade supón a porcentaxe do dez por cento do total da poboación⁹⁴. E debemos ter en conta que unha terceira parte desta cifra⁹⁵ compónena cidadáns do resto de Europa en forma de residentes da costa do Sol, e mediterránea en xeral, fundamentalmente. A aplicación da lei de estranxeiría de berce europeo en España, e nomeadamente a determinadas zonas de España como a comunidade galega, é pois como indica Santamaría (citado en BERNÁRDEZ, 2007: 15) paradigmática. Neste contexto, a aplicación da lei de estranxeiría asociada ao peche de fronteiras e outras medidas restritivas e disuasorias implica unha serie de efectos negativos que analizaremos a continuación.

3.1.4. Do inmigrante económico ao cultural

As políticas de peche das fronteiras non xorden por casualidade, nin son inocentes. Coinciden cun cambio de perspectiva das administracións e os gobernos dos países do centro respecto aos inmigrantes e cunha preocupación identitaria marcada polo medo a perder a “posición hexemónica”, como diría Bessis (BESSIS, 2002: 106-107). O fenómeno da inmigración deixa de ser contemplado dende a perspectiva exclusivamente económica. É dicir que deixa de considerarse aos/ás migrados/as como mera forza de traballo para observalos/as dende a óptica culturalista. A seguridade está intimamente relacionada coa cuestión do culturalismo. A consecuencia é que o/a inmigrante/inmigrado/a pasa a ser un/unha presunto/a culpable de delincuencia. O caso paradigmático é o do magrebí, exipcio, ou orixinario de Oriente Próximo, en definitiva,

⁹³ Segundo o Informe *Datos Estadísticos básicos de Galicia 2008*, Elaborado polo IGE, o saldo migratorio de Galicia co resto de España é negativo, é dicir que saen máis galegos que españois entran. Concretamente a proporción é de – 1.438 persoas. 2008 é o primeiro ano con saldo migratorio exterior positivo: 19.039 persoas.

⁹⁴ Segundo o Informe *Datos Estadísticos básicos de Galicia 2008*, Elaborado polo IGE, a porcentaxe de inmigrantes residentes en Galicia en 2007 supoñía só o 2,9 por cento do total poboacional.

⁹⁵ Segundo datos recabados polo INE, Padrón municipal de habitantes, 2008, publicados no Informe *Datos Estadísticos básicos de Galicia 2008*, só os portugueses representan en Galicia o 19,4 por cento do total dos inmigrantes residentes, os italianos son a seguinte nacionalidade comunitaria asentada en Galicia cunha porcentaxe do 3,4 por cento do total.

os inmigrados –e en menor grao as inmigradas- de orixe árabe. Os inmigrantes que proceden de países que practican a relixión do Islam son identificados sistematicamente con Islamistas⁹⁶. Tanto a opinión pública, coma os medios de comunicación, que se prestan á confusión mantendo a falta de educación no tema e servindo de voceiros ao discurso confundido e malintenzado do terrorismo que preconizan os EUA para quen todo árabe é terrorista en potencia, contribúen ao establecemento do estereotipo estigmatizador de Islam como sinónimo de Islamista. Esta confusión, que nos afecta en tanto país receptor de inmigrantes magrebís, maioritariamente practicantes da relixión Islam, é un dos elementos característicos da inmigración en Occidente, entendida como fenómeno maioritariamente negativo. Non está de máis explicar que Islam é o nome dunha relixión monoteísta, unha das tres crenzas de Libro xunto co Cristianismo e o Xudaísmo, que rende culto a Alá e ao seu profeta Mahoma. Mentres que o Islamismo é un tipo de fundamentalismo extremista que nada ten que ver coa práctica normal da relixión do Islam⁹⁷.

Outra das características que lle apoñemos aos inmigrantes que chegan ás nosas terras é a responsabilidade neste proceso. Presupoñemos que os inmigrantes chegan a Europa, España ou Galiza porque queren, porque lle colleron gusto a emigrar e deixar as súas raíces. O mito de “a nosa terra é onde mellor se vive” tan manido nos medios de comunicación, como a continuación examinaremos, serve para quitarlle a responsabilidade ás nosas economías dos procesos de pobreza profunda que viven moitos dos países emisores de inmigrantes en busca de traballo e benestar lonxe.

A inmigración económica, a que caracteriza aos/ás emigrantes galegos/as e españois/las por extensión –os españois en América son todos “gallegos” e por algo será- vese de xeito positivo. Deste xeito xustifícase unha necesidade que hoxe en día seguen a ter os/as galegos/as. Para distinguir entre a inmigración positiva –a propia dos galegos e españois ou en última instancia europeos- e a do resto dos/as inmigrantes que chegan ás nosas terras mudouse a perspectiva e conseguinte caracterización destes outros inmigrantes. O proceso de conversión en delincuentes dos outros, dos/as inmigrantes que veñen de fora, é unha das principais ferramentas para a construción desta inmigración negativa. Pero como non podemos afirmar que todos son

⁹⁶ Sobre este tema véxase a obra de Sophie Bessis e de Fátima Mernissi. Ambas as dúas autoras, por separado, fan unha análise e unha crítica da formación do estereotipo de islam e islamista como sinónimos por parte dos medios e os discursos políticos occidentais.

⁹⁷ Non é obxecto deste estudo facer unha análise pormenorizada dos trazos patriarcais da relixión mahometana. Sen embargo, non queremos deixar pasar a oportunidade de sinalar o nexos entre as tres relixións de libro e o patriarcado. Pero, diso á acusación de integrismo fundamentalista media un treito.

delinquentes, establecemos unha serie de argumentos que reforzan este tópico da inmigración negativa que nos serve aos/ás europeos/as para lavar as mans cal Poncio Pilatos no asunto da inmigración, e sobre todo que evita as incómodas comparacións, pois nós- os/as galegos/as pero tamén os/as españois/las somos pobos de emigrantes, a diferenza de varios países centroeuropeos que ditan as normas de política de estranxeiría⁹⁸.

O argumento da ameaza de invasión cultural por parte dos outros e da perda dos referentes propios é outro dos tópicos que reforza a construción do discurso da inmigración como algo negativo. “*Europa importa así mano de obra del Tercer Mundo pero se resiste a que traiga de la mano una religión o una cultura*”. Con esta cita de Rubert Ventós (citado en BERNÁRDEZ, 2007: 17) queremos mostrar como a figura do inmigrante económico está connotada positivamente –cando menos é tolerable- mentres que a figura do inmigrante culturalista é algo negativo e denostable⁹⁹. Nesta mesma liña de argumentación empréganse frecuentemente as metáforas de conflito¹⁰⁰ que crean a opinión de guerra. Cada un dos bandos sitúase a un lado das fronteiras, e obviamente os malos son os que nos queren invadir. De feito os muros que nalgún momento se levantaron para defender os países dos inimigos en pretéritas guerras, serven hoxe para separar economías das “invasións da inmigración”.

Coas políticas actuais de inmigración, as persoas que veñen sen papeis doutros países adquiren o estatuto de “ilegal”. O propio termo xa connota a negatividade e a súa

⁹⁸ Xa fixemos mención ás cifras de emigración de Europa en épocas pasadas. Sen embargo, hai que ter en conta que os países agrupados na UE teñen historias de emigración e inmigración moi dispares entre si. Varios/as estudosos/as traballan as diferenzas en política emigratoria, e social en xeral dos países do norte de Europa e os do Sur, entre os que se atopan nomeadamente España, Portugal, Italia e Grecia. Gemma Aubarell (2000: 393), por exemplo, sinala unha situación común no tocante á inmigración nos países meridionais da UE (Grecia, Portugal, Italia e España). Aubarell analiza a bibliografía sobre inmigracións femininas neses países e conclúe que comparten os seguintes temas: a) interese pola situación laboral e a precariedade que no caso das mulleres inmigrantes se traduce en perigo de marxinação pola súa irregularidade –fundamentalmente as que exercen a prostitución- e b) a análise por nacionalidades de orixe é a metodoloxía predilecta. Asimesmo, priorízanse os contextos urbanos á hora de facer investigacións.

⁹⁹ De todos os xeitos hai que ter presente que os discursos político e mediático minimizan ou invisibilizan, cando non terxiversan, a contribución económica dos/as inmigrados/as ás arcas do Estado. Por exemplo, sóese facer mención ás colas da sanidade pública e ás prazas de escolarización obrigatoria pola presenza de migrados/as, mentres que non se analizan as cifras de contribución deste colectivo á seguridade social ou ao incremento da natalidade, reversibilizando así o efecto de campá invertida das gráficas de natalidade europeas.

¹⁰⁰ Os medios de comunicación empregan frecuentemente as alegorías belicista e naturalista para facer referencia á inmigración. Metáforas como a das invasión, avalancha, etc. son utilizadas polas crónicas mediáticas alimentando a sensación de caos, e a sobredimensión do fenómeno da inmigración. “*Las metáforas habituales (oleadas, avalanchas, asaltos...) derivan enseguida hacia las descripciones militares (las diferentes connotaciones de utilizar la palabra asalto en vez de salto, por ejemplo...)*” (LARIO, 2007: 403)

conexión coa delincuencia e o crime. As persoas que viven dentro dunha comunidade teñen unha serie de dereitos e obrigas, entre as que se atopan cumprir as leis. Todo incumprimento da lei pasa a ser algo ilegal, castigado con diferentes sancións en función da interpretación dos códigos legais vixentes. É dicir, que os/as inmigrados/as polo mero feito de estar aquí sen papeis xa son ilegais. O castigo destas persoas é a perda, ou mellor dito non adquisición do estatuto de cidadán/á á súa chegada ao país de destino. O tratamento politicamente correcto ao que son tan dados os medios de comunicación por contaxio dos políticos mudou o termo de “ilegal” por “sen papeis”¹⁰¹, sen dúbida máis apropiado, aínda que non perdera a carga pexorativa de estar á marxe do sistema, sen lei que respectar porque xa a incumpre coa súa existencia neste lugar.

O paso da concepción económica á culturalista do inmigrante coincide coa crise dos Estados de Benestar europeos¹⁰², que actualmente atravesamos unha fase de recorte de servizos públicos preocupante. Existen varios debates en torno a esta cuestión. Por unha banda escóitase o discurso do límite da tolerancia, encabezado por Francia –país cunha tradición moi diferente á española-, que se preocupa pola capacidade de “acollida” dos/as inmigrantes sen chegar a lesionar o sistema económico francés. O caso de Francia é particular na medida en que leva varias xeracións recibindo inmigrantes das zonas que ocupou durante a colonización. O número de inmigrantes que residen en Francia representa unha porcentaxe importante, na medida en que é país receptor de inmigración dende fai máis décadas. A xestión que Francia fai da inmigración condena á descendencia dos/as inmigrados/as chegados/as fai xa medio século á república laica ao estatuto de “*inmigrantes de segunda xeración*”, terceira e ata cuarta, xa. Malia que a lexislación francesa coma a española si concede o estatuto de cidadanía de facto aos individuos nados no seu territorio, as condicións de guetización á que se ve sometida a inmigración árabe en Francia desencadea a aporía de nacer en Francia, estudar na escola francesa, socializarse na lingua e cultura do país e ser “inmigrante de segunda xeración” por residir nunha barriada pobre nun fogar de país de orixe alxerina se pensamos no

¹⁰¹ Véxase Cfr. Suárez Navaz, Liliana et al. 2007, pp. 185- 213. Neste texto Liliana Suárez Navaz et al. fan mención ás dúas principais consignas dos movementos asociativos de inmigrantes “sen papeis” que se levantaron contra as leis de inmigración de 2000, aprobadas polo PP español, a segunda con maioría absoluta. Os inmigrantes asociáronse arredor dos berros: “papeis para todos” e “ningún ser humano é ilegal”. Precisamente esta segunda frase é defendida por Seyla Benhabib. A teórica política critica a estigmatización dos sen papeis como ilegais no seu ensaio: *Los derechos de los otros, Barcelona, Gedisa, 2005*.

¹⁰² Por economía lingüística fálase aquí de Estados de Benestar Europeos cando de feito se debe precisar que no interior da UE existe unha disparidade enorme entre os diferentes Estados de Benestar, moito máis maduros e desenvolvidos nos países do norte de Europa e moito máis precarios nos estados do sur, entre os que figura España.

exemplo de Fadela Amara¹⁰³.

España acaba de converterse no principal receptor de inmigración da UE. Cun saldo de inmigrados/as sobre o dez por cento da poboación, o Estado español adianta a países europeos de longa tradición inmigratoria como Francia (9,6% da poboación total), Alemaña (8,9%) ou Reino Unido (8,1%)¹⁰⁴. Debemos ter en conta que no interior do territorio español existen grandes diferenzas entre as comunidades na recepción de inmigrantes. Así Galicia, cun 2,9 por cento de poboación inmigrante, é unha das comunidades españolas con menor incidencia da inmigración. O saldo entre emigración e inmigración foi negativo na comunidade autónoma galega ata 2008. Aínda que nas cifras estamos moi lonxe do caso francés ou o británico comezamos a preocuparnos xa pola suposta, en palabras de Bourdieu, ameaza para a unidade nacional e a identidade política (BOURDIEU citado en BERNÁRDEZ, 2007: 33). Isto explícase polas características da formación da opinión sobre a inmigración, que máis que centrarse na experiencia particular de cada quen, baséase nos discursos sociais como o mediático ou o político (BERNÁRDEZ, 2007: 34).

Por outra banda, a economía capitalista que asiste ao desmoronamento do Estado de Benestar que ademais coincide coa emancipación das mulleres españolas, e as galegas por extensión, aprovéitase da emigración para cubrir esas vacantes que o Estado deixa libres. Son concretamente as mulleres inmigrantes as que se ocupan dos coidados no sector doméstico, o máis sobrecargado nos casos de ausencia de apoio e intervención estatal. Fano en forma de “servizo doméstico” ou “fregona” como se dixo toda a vida – que diría Celia Amorós-, que atenda as tarefas de coidados, ou en forma de “neneiras” ou coidadoras de vellos, enfermeiras e acompañantes.

3.1.5. *Inmigración e democracia: poboación e cidadanía*

Ricard Zapata- Barrero sinala a distinción entre o demos social e o demos político como un dos principais criterios á hora de situarnos no debate actual do multiculturalismo e a inmigración, en tanto representación práctica desta problemática. Segundo o profesor de Teoría Política da Universidade Pompeu Fabra, a dimensión

¹⁰³ Para afondar na realidade da inmigración en Francia véxase o ensaio de Fadela Amara, *Ni putas ni sumisas*, Madrid, Cátedra, 2004.

¹⁰⁴ Segundo datos do *II Anuario de la Comunicación del Inmigrante en España*, presentado en outubro de 2007 pola Secretaría de Estado de Inmigración y Emigración.

social conleva a conceptualización da pertenza como poboación independentemente da nacionalidade, mentres que a elección da dimensión política do demos leva implícita a definición da pertenza como cidadanía nacional. Este autor alude a relación triádica entre Cidadanía, Nacionalidade e Estado como “*la Santísima Trinidad de la democracia actual*”, tres elementos que tal como se teñen organizado as democracias liberais modernas non poden ser entendidos por separado, xa que están ligados sistemicamente, de xeito que cada un se define e limita coa axuda dos outros dous, ao tempo que media entre o resto (ZAPATA-BARRERO, 2008: 257- 258).

A dimensión social correspóndese coa poboación: no contexto español, o total de persoas que residen actualmente en España: con ou sen papeis. A dimensión política do demos engloba pois os 45.200.737 españois e españolas rexistrados/as nos censos e padróns do INE no 2007. O total de estranxeiros/as con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor é de 4.192.835, a 31 de marzo de 2008 segundo datos do Observatorio Permanente de la Inmigración¹⁰⁵. A dimensión política está composta en España por 41.007.902 cidadáns e cidadás. A poboación excluída da cidadanía son pouco máis de catro millóns de persoas que presentan o resultado dunha resta (operación matemática que relaciona a poboación total coa cidadanía). Hai que ter en conta que os/as migrados/as sen rexistrar tamén forman parte da poboación total, sendo excluídos da cidadanía. Arestora estase a dar un debate sobre a re-constitución do demos político. Segundo Zapata- Barrero este debate:

“Es una respuesta política a la toma de consciencia de la ciudadanía de la diferencia, o bien incrementando la distancia identitaria, o bien asumiendo implicación mutua, o simplemente haciendo desaparecer la categoría de identidad como factor explicativo de los conflictos entre ciudadanos e inmigrantes” (ZAPATA BARRERO, 2008: 25).

A democracia ten como elemento definatorio a inclusión. Unha democracia non pode ter zonas escuras, sen deixar de selo. Sen embargo, e como ben documenta Zapata.- Barrero (2008: 260) historicamente os demos políticos sempre se delimitaron e obrigaron aos outros a cumprir as súas normas cando estiveran no seu territorio, dentro das súas fronteiras terrestres. Certamente, a democracia grega, en cueiros por ser a primeira, excluía a mulleres, pobres e metecos da cidadanía, computándoos só como poboación. Violando deste xeito o principio de inclusión que a define a nivel teórico. O

¹⁰⁵ Véxase o Boletín núm. 16, abril 2008.

factor do cambio é unha das ferramentas máis valiosas do movemento feminista. De conceder que premisas como a que Zapata- Barrero presenta son inmutables, o movemento feminista non tería conseguido os logros sociais e políticos que xa se lle poden apuntar a súa curta historia de algo máis de tres séculos.

A cidadanía, no esquema triádico das democracias liberais, é o principal vehículo de lexitimación do Estado- nación, entidade política que define quen é cidadán/á. Na sociedade actual, as nacións están lonxe na práctica do papel simbólico que outrora cumpriron vinculando o territorio estatal coa cidadanía que reside no mesmo. Os movementos poboacionais mundiais que caracterizan esta época requiren una revisión conceptual e unha reconstitución do demos político, sen saír do paradigma da Ilustración, se non ampliando a Ilustración para os/as inmigrantes, como o movemento feminista da igualdade amplía a Ilustración reivindicando para as mulleres o estatuto de cidadanía que lle foi negado tras a Revolución Francesa.

A definición de cidadanía precisa dunha revisión e ampliación no contexto da globalización. O modelo de cidadanía ilustrado tivo que convivir con varias contradicións importantes, da que a máis significativa foron os movementos nacionais independentistas, onde a Nación non se corresponde cun Estado, dando como resultado a ecuación diádica de Cidadanía = Nación. No contexto de globalización actual caracterizada polo movementos de persoas, o incremento dos fluxos migratorios, a formación de unións políticas supranacionais, o poder económico dos bancos mundiais, etc. fai pertinente unha revisión do vínculo histórico entre Cidadanía, Nación e Estado. Saskia Sassen (2007: 44) afirma que *“aunque las redes se encuentran parcialmente insertas en los territorios nacionales, ello implica que los marcos regulares existentes a nivel nacional pueden regularlas”*. En opinión da socióloga a globalización non altera as fronteiras xeográficas dos territorios pero si muda a autoridade exclusiva do Estado sobre dito territorio (SASSEN, 2007: 47). Sassen subscribe a opción de varios/as autores/as (Castells, Miller, Ehrenreich, Hochschild, Skeldon...) segundo a que a inmigración é un dos principais procesos que constitúen a globalización actual. Neste contexto estase a dar unha perda do poder dos Estados- nación que xa non contan co poder simbólico de antano de moldear a pertenza e a identidade (SASSEN, 2007: 212). A nova clase global, descrita por Sassen (2007: 210 y ss.), caracterizada por unha posición intermedia entre o nacional e o global revisa e pon en cuestión coa súa existencia, pero sobre todo coa súa reivindicación, a relación excluínte entre cidadanía e Estado- nación. No caso español, cabe destacar a organización de mobilizacións e

peches protagonizado por parte do colectivo de inmigrantes irregulares no 2001.

“A partir de ese momento vemos cómo, progresivamente, van reconociéndose a las personas que residen habitualmente en nuestra sociedad, al margen de “los papeles”, una serie de derechos hasta entonces reservados a los nacionales; derecho a la salud, a la educación, a las políticas de inserción social, a los recursos de ingresos sociales, al acceso a las políticas públicas de vivienda...” (AIERBE, 2007: 243).

Tanto nos peches de 2001 –apoiados por ONGs, sindicatos, partidos políticos da oposición¹⁰⁶, etc.- como nos de 2005 –nos que as/os inmigradas/os sufriron o rexeitamento destes colectivos sociais e políticos-, as/os estranxeiras/os irregulares, ou sen papeis, convertéronse de facto en actoras/actores políticas/os e sociais (AIERBE, 2007: 247), visibilizándose e desafiando a representación maioritaria de inmigrantes como suxeitos económicos, traballadores, consumidores, etc. A loita dos sen papeis foi teorizada como un síntoma das contradicións do modelo de cidadanía nacional xestionado exclusivamente polo Estado- nación (SUÁREZ NAVAZ, 2007: 206). Sassen, pola súa banda, relaciona cidadanía con presenza e con prácticas cotiás que lexitiman publicamente grupos ausentes: inmigrantes e mulleres inmigrantes (VEGA y GIL en SASSEN, 2003: 25- 26). Liliana Suárez Navaz tamén entende a cidadanía como un campo de conflitos que se pode ocupar –en termos de Sassen- e defende que *“ignorar la dimensión política de la presencia de los inmigrantes (...) es instrumental para “nuestra tranquilidad”* (SUÁREZ NAVAZ, 2007: 16). Xa fixemos referencia nun apartado anterior ao medo ao/a estranxeiro/a, ao/á que ven de fora, ao/á descoñecido/a. Medo que se calma coa invisibilización dese/a outro/a. Invisibilización que truncaron os/as inmigrantes irregulares coas súas mobilizacións que conseguiron atraer a atención de políticos/as, medios de comunicación, defensores do pobo- quen os converteron en interlocutores políticos válidos ao negociar con eles-, sindicatos, etc.

Liliana Suárez (2007: 17) tenta demostrar que a fortaleza das mobilizacións dos/as sen papeis radica na febleza dos nosos sistemas político e xurídico. O Estado é o que en última instancia decide quen é cidadán/á. Os Estados son soberanos para aceptar ou non aos/ás inmigrantes que reciben en tanto cidadáns/ás, así mesmo, son soberanos

¹⁰⁶ Durante os dous episodios de peches en igrexas e edificios públicos do Estado Español por parte de inmigrados/as irregulares, en 2001 e 2005, o partido político que detentaba o poder executivo foi o Partido Popular liderado por José María Aznar no primeiro peche e o goberno socialista encabezado por J. Luís Rodríguez Zapatero no segundo peche. De aí deriva, en grande parte, o cambio de apoios aos/ás migrados/as.

para decidir se os individuos nados no seu territorio de proxenitores/as non nacionalizados/as son ou non cidadáns/ás. Este é o caso de Xapón ou Alemaña que acolléndose ao principio do *ius sanguinis* deciden excluír da cidadanía aos nados de proxenitores/as estranxeiros/as en territorio propio. España ou Francia, pola contra, inclúen como cidadáns/ás aos individuos nados dentro das súas fronteiras, independentemente da orixe dos titores/as. Pois nestes dous países rexe o principio do *ius solis*. Dando pé a aporía de converter ás mulleres inmigradas que dan a luz en España en “*madres invisibles capaces de parir hijos plenos de derechos, sin embargo a ellos les queda por conquistar los mínimos*”¹⁰⁷.

A distancia que separa o século de formación da cidadanía moderna como instrumento de inclusión da burguesía animada por unha lóxica universalista –que de facto non foi tal pois excluía ás clases baixas, as mulleres, etc.- e a actualidade caracterizada polos grandes movementos migratorios manifestou a falibilidade e inadecuación de varias das premisas nas que se asentou dita teoría. Liliana Suárez et. al. (2007: 20) lista estas premisas que resultaron falsas: a idea de nación como entidade ahistórica; a idea de que as identidades son anteriores á cidadanía; o mito de que a igualdade formal corrixe as desigualdades previas; a idea de que unha “*sociedad democrática puede considerarse un sistema social completo y cerrado*”; a idea da centralidade do Estado na configuración da nosa identidade política; etc. Benhabib (2006: 271) sinala como unha das teses centrais da súa argumentación verbo da cidadanía e a teoría política o feito de que con frecuencia as teorías da cidadanía se apoian en premisas “*obsoletas y equivocadas*”: as fronteiras non porosas, as sociedades pechadas e a centralidade do Estado, por exemplo.

Os movementos de individuos sen papeis lograron na práctica unha extensión da cidadanía, poñendo así de manifesto boa parte das contradicións do modelo liberal democrático. O cuestionamento ao Estado que fixeron os/as inmigrados/as sen papeis facendo uso do discurso dos dereitos humanos puxo de manifesto unha aporía da democracia moderna. Os seres humanos polo feito de selo teñen recoñecidos unha serie de dereitos fundamentais. O conflito radica na identificación do estatuto de cidadanía co desfrute dos dereitos, o que xera automaticamente unha lista de excluídos/as desa protección. As figuras do/a estranxeiro/a e do/a cidadán/á constituíronse como opostas dende un comezo. “*El ciudadano poseía precisamente aquello que al extranjero le*

¹⁰⁷ Frase extraída do Documental “*La historia de la más bella*” producido por Documentos tv, TVE, 2008. Dispoñible en www.doctv.rtve.es.

faltaba: los honores en la antigüedad y los derechos en la modernidad’ (HENAO, 2007: 1). O/a inmigrante ven a cuestionar a relación liberal establecida entre a cidadanía e a humanidade. Coa perda dos dereitos nacionais de cidadanía, que ten lugar ao comezo da viaxe migratoria, o/a inmigrante perde a un tempo os Dereitos humanos, porque se ben estes lle garanten ao individuo no seu artigo 13 que (1) toda persoa ten dereito a circular libremente e a escoller a súa residencia no territorio dun Estado (...) e que (2) toda persoa ten dereito a saír de calquera país e a regresar ao de nacemento (HENAO, 2007: 6), o dereito de entrada correlativo ao de saída non está contemplado na carta de 1948. Na política liberal, sen embargo, si está recollido que son os Estados os que teñen a potestade de decidir quen son os seus cidadáns e cidadás, de modo que xorde a aporía que permite aos individuos saír dun Estado e perder os seus dereitos de cidadanía, e entrar a outro Estado, onde quizais nunca –cando menos non automaticamente- acadará o estatuto de cidadán/á, coa conseguinte carencia dos dereitos humanos, ligados á cidadanía. Esta aporía fai tremar a pilastra do liberalismo, adosada ao muro da humanidade. O liberalismo apóiase na lexitimidade de representar o especificamente humano. E neste contexto, o/a inmigrante, portador/a desa mesma humanidade fai tambalear a teoría política liberal. A especificidade da teoría política liberal non pode ser compartida polo que esta exclúe sen que o sistema se resinta. As aporías fenden o muro que o liberalismo erixiu en defensa da súa cidadanía. Saskia Sassen pon de manifesto que a desnacionalización da cidadanía se dá porque o Estado-nación non garante os dereitos do/a cidadán/á no mercado global (VEGA y GIL en SASSEN, 2003: 24). A ecuación entre cidadanía, nacionalidade e dereitos humanos reducida na orixe (1789) ao varón ten no presente as consecuencias xa sinaladas de ausencia de dereitos para os inmigrados, e nomeadamente para as mulleres inmigradas.

Malia non existires consenso entre os liberais no recoñecemento da idea da cidadanía universal, son moitos/as os/as teóricos/as que conceden a contradición na que incorre o discurso liberal cos seus principios básicos ao negar unha cidadanía básica universal. O contrato liberal establece un “*vínculo jurídico- político artificial y abstracto*” entre os asinantes (HENAO, 2007: 5). Os/as cidadáns/ás non o son en virtude dun pasado histórico ou por uns valores culturais senón por un contrato político asentado nos principios da igualdade e a liberdade. Principios que a teoría liberal incumpre ao negarlle aos individuos a elección da comunidade de pertenza e residencia, como de facto acontece no caso da xestión da inmigración. Na actualidade estase a incrementar a tensión entre a noción de cidadanía como condición legal formal e como

proxecto normativo ou aspiración. Os cambios do Estado- nación e a crecente influencia dos Dereitos Humanos a nivel internacional deron pé a unha evolucionada noción de “igualdade cidadá” (SASSEN, 2003: 96). Sassen propón unha cidadanía informal como institución mudable. Así o proceso de desnacionalización que teoriza a socióloga é unha transformación do nacional incluíndo así mesmo unha condición fundacional da cidadanía.

Coa perda de poder dos Estados- nación, este poder desprázase cara a outros centros, entre eles, Sassen destaca as cidades¹⁰⁸, lugares onde os/as migrantes, as mulleres, e resto de actores invisibles poden tomar “presenza”. Así estas loitas dos movementos de sen papeis reivindicando os seus dereitos son unha boa mostra da realización da teoría de Sassen. Na mesma liña, Benhabib (2006: 289) sinala o “efecto de desagregación” que causa o desmantelamento das tres dimensións da cidadanía: a identidade colectiva, a pertenza política e a atribución aos dereitos sociais. A conexión entre cidadanía e nacionalidade comporta o risco de excluír a seres humanos da protección dos dereitos fundamentais, que aínda sen estar completos serven de base común necesaria. Precisamente unha das eivas da Declaración de 1948 con respecto aos dereitos relativos á situación particular da inmigración actual é a xa comentada ausencia do dereito humano de entrada a outras comunidades. Os dereitos humanos recoñecen o dereito de saída, teorizado por Benhabib –para quen “*el derecho fundamental a la libertad humana implica el derecho fundamental de entrada y de salida*” (BENHABIB, 2006: 278)¹⁰⁹- ou Susan Moller Okin, sen embargo non inciden no dereito de entrada. Dando así lugar ao paradoxo de saír dunha comunidade cara á nada.

“Si bien el gran logro del siglo XX ha sido asegurar la “opción de salida” de nuestras sociedades, el gran reto del siglo XXI es conseguir también que la “opción entrada” en cualquier parte al territorio mundial se proteja como derecho humano” (ZAPATA-BARRERO, 2008: 271).

Como indica Zapata-Barrero, o propósito de incluír o dereito de entrada nos dereitos humanos segue pendente a comezos do século XXI. Seyla Benhabib (2006:

¹⁰⁸ Sassen (2007: 37- 38) explica a importancia das cidades na “*institucionalización de los procesos económicos globales*” e propón cinco hipóteses.

¹⁰⁹ Dereitos que distingue da reivindicación da pertenza (BENHABIB, 2006: 279), non así do dereito ao respecto e a dignidade humana.

246) afirma que os Dereitos Humanos Universais trascenden os dereitos da cidadanía. Actualmente existen dous enfoques: o universalismo radical que presupón a apertura de fronteiras como posición moral dada a arbitrariedade destas e a postura da cidadanía republicana densa que demanda só a entrada daqueles individuos que máis se asemellen ao modelo republicano, excluindo aos/ás diferentes da cidadanía legal formal.

Conscientes de que a perspectiva política para tratar o tema da inmigración é a da cidadanía (COBO, 2006), consideramos pertinente, sen embargo, facer unha análise xeral da inmigración dende a óptica legal. O discurso xurídico- político é clave do plano normativo, que xunto co plano simbólico e o da praxe social articula a interculturalidade como proxecto (DE LUCAS, 2005: 79- 80).

Unhas das consignas do movemento de reivindicación dos inmigrantes sen papeis foi “*ningún ser humano é ilegal*”¹¹⁰, sentenza que popularizou Seyla Benhabib. Con esta frase alúdese á construción da ilegalidade en torno á figura do inmigrante. Liliana Suárez (2007:23) dá conta do uso da categoría “ilegal” para referirse aos inmigrantes indocumentados a partir do cambio das políticas migratorias que tiveron lugar logo da gran crise do petróleo de 1973. O “*migrante non controlado*” converteuse en “ilegal”. Dende aquela, “*la “ilegalidad” igual que la “diferencia” se construyen como “perturbaciones” externas y anteriores a la ciudadanía cuando en realidad son creaciones estatales*”.

3.1.6. Lexislación de estranxeiría española

“*La nueva frontera estatal es la ley*” (SUÁREZ NAVAZ, 2007: 23).

Centrándonos xa no código legal español, debemos retrotraernos a 1985 para atopar a primeira Lei de Estranxeiría, coa que España respondía ás restricións impostas pola daquela CEE, hoxe UE (SUÁREZ NAVAZ et al., 2007: 185). A Lei Orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, popularmente coñecida como “Lei de Estranxeiría” naceu co obxectivo de loitar contra a delincuencia internacional. O ton criminalizador deste texto estaba ben marcado. Os obxectivos eran controlar, regularizar, deter, sancionar, internar e expulsar aos inmigrantes (BRICEÑO, 2004: 207). Entre 1985 e 1986 deuse en España a primeira regularización extraordinaria de

¹¹⁰ Trátase dun dos lemas do Immigrant Workers’ Freedom Ride, New Cork, 4 de outubro de 2003.

estranxeiros. A seguinte tería que esperar ata a publicación da segunda lei de estranxeiría, a Proposición non de Lei presentada polo Grupo Parlamentario Socialista ao Congreso dos Deputados en 1991. Logo do proceso de regularización extraordinaria de irregulares de 1991, aprobouse en 1993 unha Política de cotas anuais ou “continxentes” de traballadores estranxeiros non comunitarios. Nese mesmo ano reformouse a lexislación española de asilo e aprobouse o Regulamento de Execución da Lei de Estranxeiría de 1985. Sete anos despois, o 11 de xaneiro de 2000 promulgouse a Lei 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada por Lei Orgánica 8/2000, de 22 de decembro, logo da vitoria por maioría absoluta do Partido Popular na súa segunda lexislatura en España. Esta nova lei torna ao ton sancionador e policial da lei de 1985 (BRICEÑO, 2004: 207).

A lei 4/2000 foi modificada de novo por Lei Orgánica 14/2003, de 20 de novembro, en vigor o 22 de decembro de 2003 e desenvolvida polo Real Decreto 2393/2004, de 30 de decembro. A Lei 4/2000, elaborada como froito do consenso entre os diferentes partidos do arco parlamentario, flexibilizou as consecuencias da irregularidade, permitindo así mesmo a posibilidade de acceder a un permiso de residencia (tras dous anos de permanencia no Estado, inscrición no padrón e posibilidades económicas) e a un permiso de traballo dun ano renovable (contando co permiso de residencia temporal). Por outra banda xerou as regularizacións “permanentes” de estranxeiros e relaxou a ameaza de expulsión por carencia de permisos de traballo ou residencia. A Lei Orgánica 8/2000 endureceu as consecuencias legais dos inmigrantes irregulares, establecendo os dereitos de asociación, manifestación, reunión, folga e sindicación exclusivos para inmigrantes regulares. Os únicos dereitos para irregulares concedidos pola LO 8/2000 foron a sanidade pública (de urxencias para persoas empadroadas, atención a menores e a embarazadas) e as prestacións sociais básicas. Por outra banda, esta lei restableceu a ameaza de expulsión por irregularidade e dificultou o acceso á regularidade, impondo cinco anos de residencia para acadar a regularización permanente. A Lei Orgánica 14/2003, facilita a inmigración regular e reforza a loita contra a irregular. É a transposición de dúas Directivas Comunitarias: a Directiva 2001/51/CE, de 28 de xuño de 2001, sobre sancións aos transportistas e a Directiva 2001/40/CE, de 28 de maio de 2001, sobre recoñecemento mutuo das resolucións de expulsión de nacionais de terceiros países. Con esta lei elimínase a imposición dos cinco anos de residencia para conseguir a regularización e establécense dúas figuras de visados: a) para entrar, permanecer e

traballar, e b) visado de tres meses para que os descendentes de galegos busquen emprego en determinados sectores de actividade (GORTÁZAR, 2005: 95- 99). No 2005 aprobouse a orde PRE/140/2005, de 2 de febreiro, pola que se desenvolve o procedemento aplicable ao proceso de normalización previsto na disposición transitoria terceira do RD 2393/2004, de 30 de decembro, pola que se aproba o regulamento da LO 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Cinco anos despois da aprobación da LO 14/2003, e xa na lexislatura socialista liderada por José Luís Rodríguez Zapatero, esta foi substituída pola Lei Orgánica 13/2007, de 19 de novembro, para a persecución extraterritorial do tráfico ilegal ou a inmigración clandestina de persoas (publicada no BOE nº 278 de 20/11/2007). Uns meses antes publicouse a Resolución de 14 de febreiro (BOE núm. 42, de 17 de febreiro), da Subsecretaría, pola que se dispón a publicación da Resolución das Secretarías de Estado, de Seguridade, do Ministerio do Interior e de Inmigración e Emigración, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (hoxe Ministerio de Traballo e Inmigración), pola que se determinan as rutas sobre as que se establecen obrigas de información por parte das compañías, empresas de transportes ou transportistas. Con estas dúas iniciativas lexislativas, España modifica o seu Código Penal e varias leis do Poder Xudicial para darlle competencias aos órganos xudiciais para xulgar condutas que incorran no tráfico ilícito de inmigrantes, mesmo cando o destino sexa outro país comunitario. O 2007 foi tamén o ano de aplicación do Regulamento (CE) núm. 1932/2006 do consello, de 21 de decembro, que modifica o R (CE) núm. 539 /2001 polo que se establece a lista de terceiros países cuxos nacionais están sometidos á obriga de visado¹¹¹.

O 2008 foi o ano do endurecemento da lexislación de estranxeiría española. A publicación do Real Decreto- Lei 4/2008, de 19 de setembro, sobre abono acumulado e de forma anticipada da prestación contributiva por desemprego a traballadores estranxeiros non comunitarios que retornen voluntariamente aos seus países de orixe – desenvolvido polo Real Decreto 1800/2008, de 3 de novembro- representa un cambio de talante do goberno socialista presidido por José Rodríguez Zapatero na xestión da inmigración. Co cambio de lexislatura logo das eleccións do 9 de marzo de 2008,

¹¹¹ Para unha análise máis pormenorizada da aplicación ao eido español da política migratoria recente da UE véxase Mazquiaran, Mikel, “Política migratoria de la Unión Europea. Primer semestre 2007” en Mugak, nº 39, Setembro 2007. Disponible en: <http://revista.mugak.eu/articulos/show/396>.

“inmigración” pasa a formar parte do nome da carteira ministerial. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais pasa a chamarse Ministerio de Traballo e Inmigración, dirixido por Celestino Corbacho Chaves, quen muda o ton do discurso sobre a inmigración con respecto ao que mantivera na lexislación anterior (2004/2008) o ministro Jesús Caldera.

En España, as competencias de estranxeiría relativas ao control de fluxos de entrada e saída como á administración dos requisitos de estancia e permanencia no Estado para a poboación estranxeira corresponden á administración central. Concretamente, a responsable de xerar e desenvolver a política inmigratoria en España é a Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, xerada no cambio de goberno de 2004, coa vitoria socialista que puxo fin ao goberno popular de José María Aznar (1996- 2004). Esta secretaría inseriuse no organigrama do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, hoxe rebautizado. As competencias e responsabilidades están distribuídas nas tres direccións xerais que a integran: Dirección Xeral de Emigración, Dirección Xeral de Inmigración e Dirección Xeral de Integración de Inmigrantes.

Situadas nas subdelegacións provinciais do goberno estatal, as “oficinas dos estranxeiros” asumen as competencias en materia de estranxeiría do Estado nas distintas comunidades e provincias. Estas oficinas son dependentes do Ministerio de Interior (a Delegación do Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración) e do Ministerio de Traballo e Inmigración. Ás comunidades autónomas españolas, e en última instancia aos concellos, correspóndenlle as competencias en acollida e integración de inmigrantes no seu territorio (LÓPEZ DE LERA, 2007: 58). Así Galicia e España asinan convenios de colaboración como o publicado na Resolución 19 de xaneiro de 2005 que publicita o protocolo adicional co Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Traballo e Inmigración (daquela Asuntos Sociais) e a Comunidade Autónoma de Galicia en atención a inmigrantes. Cataluña, pola súa banda, ten un réxime especial de competencias en inmigración logo de que en xaneiro de 2008 unha comisión bilateral entre a Generalitat de Cataluña e o Estado español asinaron a cesión de varias das competencias do delegado do goberno en Cataluña á propia administración autonómica. Este é o primeiro caso no que unha comunidade española xestiona as autorizacións a traballadores/as estranxeiros/as e se responsabiliza de varios trámites de carácter laboral. O *Estatut de Catalunya* de 2006 (nos artigos 14.2, 35.4, 42.6, 84.2, 138 e 206.6) xa abría camiño, aínda que deixando a medias, á regularización do novo modelo propio, especialmente en canto ao acceso á cidadanía (RODRÍGUEZ GARCÍA, 2007:

31). En abril de 2008, Cataluña aprobou o *Pacte Nacional per a la Immigració* que continúa unha tradición política que se anticipa a doutras comunidades do Estado. No ano 1992 por acordo de goberno créase en Cataluña a Comissió Interdepartamental per al Seguiment i la Coordinació de les Actuacions en Matèria d'Immigració, autora do I *Pla Interdepartamental d'immigració (1993-2000)*. No ano 2001 aprobouse o II *Pla interdepartamental d'immigració (2001-2004)* que incluía como novidade a aposta pola vía catalana de integración: equilibrio entre o respecto pola diversidade e o sentimento de pertenza a unha soa comunidade. O último plan de actuacións do goberno catalán foi o *Pla de ciutadania 2005- 2008*, que reconece o principio de cidadanía residente, permitindo así o acceso aos servizos a todas aquelas persoas que residan no territorio catalán, independentemente da súa situación administrativa. Este plan engade como novidade e por primeira vez obxectivos específicos na liña dunha política de inmigración integral, e non so planteando estratexias senón tamén lexislando, por exemplo: o sistema de primeira acollida, o implemento da política social de acceso á saúde, educación e vivenda, os programas de convivencia cidadá e formación ocupacional, cursos de catalán, etc. (RODRÍGUEZ GARCÍA, 2007: 31- 32). A Secretaria per a la Immigració, dependente do Departament d'Acció Social i Ciutadania da Generalitat de Cataluña é o órgano encargado de xestionar as competencias de inmigración nesa comunidade autónoma, que como indicamos é unha excepción no Estado español.

En Galicia, o organismo encargado de realizar as políticas de emigración, inmigración e retorno (Decreto 44/2006, do 2 de marzo) é a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, que a súa vez reparte as competencias entre a Subdirección Xeral de Planificación das Políticas de Retorno e da Inmigración e a Subdirección Xeral da Xestión dos Programas do Retorno e da Inmigración. Por outra banda, a comunidade autónoma galega, conta tamén con órganos de consulta e asesoramento na materia, dependentes así mesmo da Secretaría Xeral de Emigración, a saber: O Consello Galego de Inmigración (Decreto 127/2006, do 27 de xullo) e o Observatorio Galego da inmigración e da Loita contra o Racismo e a Xenofobia (Decreto 78/2004, do 2 de abril). Ambos os dous, órganos colexiados; o primeiro establece unha relación entre administración e organizacións de inmigrados/as para realizar consultas e avaliacións dos plans postos en marcha; e o segundo, dende a administración, recolle datos e informacións relativas ao fenómeno inmigratorio e difunde información institucional relativa á inmigración e dereitos humanos e laborais

(LÓPEZ DE LERA, 2007: 61- 62). Galicia conta cunha nova ferramenta de integración da poboación inmigrante. O consello da Xunta aprobou en febreiro de 2008 o *Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Emigración 2008- 2011*. Á diferenza doutras comunidades estatais¹¹², Galicia non tivera antes un plan nacional sobre esta materia.

Dentro do contexto europeo da inmigración, España viviu un proceso de conversión de país emisor a país receptor sen precedentes. Varios países europeos como Gran Bretaña ou Francia¹¹³ tiveron un proceso moito máis prolongado e paulatino. As incorporacións de inmigrantes nestes países sucedéronse dende os anos 50 con picos puntuais de recepción. En España, a situación foi diferente. Ata os anos 90 a incidencia da inmigración no contexto estatal foi pouco significativa, pero dende finais dos 90, 1996 aproximadamente, e sobre todo dende o ano 2000 a recepción de inmigrantes experimentou en España un rápido crecemento, ata situar a España na principal potencia europea en recepción de inmigración, ademais de convertela no primeiro país europeo en porcentaxe de poboación inmigrante, e o segundo do mundo logo dos Estados Unidos de América. En Galicia, a inmigración tamén foi adquirindo, de vagar iso si, certa significación debido aos cambios que converteron a comunidade en país de inmigración, logo de ser o referente español da emigración¹¹⁴. Segundo datos do Ministerio de Trabajo e Inmigración, en Galicia a 31 de marzo de 2007, 64.634 persoas de orixe estranxeira contaban con tarxeta de autorización de residencia en vigor. Esta cifra supón un incremento de ata cinco veces o volume de inmigrados/as regulares rexistrados/as en 1991 (12.598 estranxeiros/as rexistrados/as). De Lera e Izquierdo (2005: 21) sinalan que durante os anos noventa o ritmo de crecemento da poboación estranxeira en Galicia era a metade que o resto do Estado. Sen embargo, a partir de ano 2002, o ritmo de crecemento foise achegando ao da península. Hai que matizar que Galicia se caracteriza ademais da inmigración que chega ao resto do Estado español, por un tipo concreto de inmigración económica e social –en termos de Losada Álvarez- que chamaremos “*emigración de retorno*”. “*A mestura de inmigración xeral e inmigración de retorno é clave para entender no noso tempo a realidade social (...) de*

¹¹² Véxase a descrición da política autonómica andaluza que fai o grupo dirixido por López de Lera (2007: 58- 59).

¹¹³ Para unha descrición xeral do modelo universalista, solución á inmigración en Francia, véxase o artigo de CLERC, Jeanne- Marie, “Mujeres de la inmigración y Multiculturalismo” en MILLÁN MUÑO, M. Ángeles y PEÑA ARDID, Carmen, *Las mujeres y los espacios fronterizos*, Zaragoza, Pressas Universitaria de Zaragoza, 2007, pp. 15- 27.

¹¹⁴ Véxase o artigo de LÓPEZ DE LERA, Diego e IZQUIERDO, Antonio, “Demografía de los extranjeros en Galicia. Incidencia en el crecimiento de la población” en *Revista Gallega de Empleo*, núm. 4, 2005, pp. 21- 58.

Galicia” (SANTOS REGO, 2008: 11-12)¹¹⁵.

As características particulares do proceso de inmigración española son en boa medida responsables do carácter recente da lexislación de estranxeiría, o que a converte nunha lei inmadura, sobre todo no deseño dunha política integral (RODRÍGUEZ GARCÍA, 2007: 30). Dan Rodríguez xustifica a tese da inmadurez da lexislación española e da súa aplicación mediante exemplos do *Plan Estratégico de Cidadanía e integración 2007-2010* do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais 2007, hoxe Ministerio de Traballo e Inmigración. No Plan incídese na importancia da integración, e fálase do enfoque integral e transversalidade, de cidadanía e igualdade, interculturalidade, diálogo, etc. Estamos pois perante un plan que loita de maneira activa (mediante a aplicación de varias medidas co obxecto de lograr o diálogo, a igualdade...) contra o reforzo do multiculturalismo de grupos –a priori tan prexudicial para os intereses feministas- na medida en que o plan evita a asimilación, caldo de cultivo e reforzo do multiculturalismo nos contextos de recepción de inmigración. Así mesmo cuestiónase a concepción acrítica e ahistórica das culturas, e primáanse os dereitos individuais sobre os colectivos. Estes tres aspectos xa foron obxecto de reflexión no capítulo anterior desta investigación. O respecto á lei europea e a aconfesionalidade estatal son dous principios que defende explicitamente o Plan en tanto parte do código lexislativo español.

Como xa explicitamos anteriormente, dentro de España existen importantes diferenzas entre as lexislacións autonómicas e estatais. Destacamos o caso de Cataluña en tanto política de inmigración máis elaborada que noutros territorios autonómicos. A tradición de recepción catalá xustifica en boa medida esta situación. Cataluña é xunto con Madrid e Andalucía, unha das comunidades españolas de maior tradición inmigratoria. Actualmente a poboación estranxeira asentada en Cataluña rolda o 12 por cento do total poboacional, fronte á porcentaxe galega do 2,9 por cento xa explicitada e o 10 por cento español. A cesión estatal en competencias de inmigración á Generalitat consolidou a formación incipiente da chamada “*vía catalana de integración*”, a medio camiño entre o multiculturalismo e o asimilacionismo. Dan Rodríguez (2007: 31) establece unha analogía entre o caso catalán e o quebequense: “*inclusivo y centrado en*

¹¹⁵ De Lera e Izquierdo (2005: 24) distinguen entre o retornado –emigrante español nado en España que volve á orixe-, inmigrante –persoa nada no estranxeiro-, e estranxeiro –todo aquel que careza de nacionalidade española. Ybelice Briceño (2004 : 205) sinala, tamén, outras categorías de suxeito. “*A la distinción extranjero /nacional, se añade la de extranjero europeo/ inmigrante no comunitario y dentro de esta (...) la de inmigrante ilegal o irregular*”.

el aprendizaje de la lengua y la educación como elementos de integración e identificación con el territorio”.

3.2. Mulleres inmigrantes: problemáticas dende unha perspectiva feminista

3.2.1. O sexo da lei de estranxeiría

Logo de esbozar esta arañeira legal da inmigración a nivel estatal e autonómico, dispoñémonos a interrogarnos pola relación que teñen co xénero as leis estatais españolas e os plans de inmigración autonómicos. Varias autoras denuncian unha situación de “*universalidade substitutoria*” –empregando a acertada expresión de Seyla Benhabib- das leis de estranxeiría, consecuencia principalmente de non ter en conta a variable de sexo, nin as consecuencias de xénero en tanto construción cultural (neste caso lexislativamente) as identidades e relacións de sexo, reservando a peor parte para o feminino, na elaboración da información relativa á inmigración. Como sinalan Emma Martín Díaz e Assumpta Sabuco (2006:5), entre outras autoras, a variable xénero imprime características diferenciadoras aos fluxos migratorios. Mesmo hai autoras máis radicais, como Ruth Mestre (2000) que van máis aló e denuncian a exclusión das mulleres da lei de estranxeiría, xa excluínle de por si: “*la mujer inmigrante queda al margen de una posible regularización; está totalmente desprotegida y los derechos, por pocos que sean los reconocidos a los extranjeros, no la abarcan*”. Malia que esta observación é xeneralizada en varios sectores de expertos/as na materia, as políticas de migración – tanto as deseñadas nos países de orixe coma nos países de destino- seguen sen ter en conta esta realidade, resultando como consecuencia a promulgación de leis de estranxeiría patriarcais, que incrementan a vulnerabilidade das mulleres inmigradas e as converten sistematicamente en obxecto da intervención pública. Sandra Gil (2004) recolle os tipos de concepcións sobre as mulleres inmigradas sinalados por Belén Agrela na súa análise dos plans de integración de inmigrantes españois: a intervención paternalista vitimista, o modelo de intervención de valoración social negativa, o da feminista salvacionista e o modelo de intervención culturalista. Todos estes modelos, en distinto grao, reforzan as relacións de poder e lonxe de axudar e protexer ás migradas, expóñenas a un maior grao de vulnerabilidade fronte aos prexuízos de xénero que lle poida causar a súa cultura de orixe e a de destino, ademais da desprotección fronte ao racismo cultural nas sociedades de destino.

As políticas públicas sitúan os individuos en determinados papeis en tanto suxeitos. No caso das mulleres inmigradas, esta categorización xoga un papel fundamental na medida en que polo feito de ser mulleres gozan dun acceso aínda máis reducido que o que sofren en tanto outros culturais os seus homólogos, inmigrados varóns, á posición de suxeito. Dende unha perspectiva feminista, ás leis de inmigración deberían gozar de un mecanismo específico para as inmigradas, que lles axudara a superar o hándicap engadido que teñen dado o seu sexo, sendo a súa orixe e destino culturas e sociedades patriarcais. Pero as leis de estranxeiría non só non teñen en conta a perspectiva de xénero senón que tenden a reforzar moitos dos estereotipos e prexuízos da sociedade receptora en relación ao xénero. A variable de xénero aparece por primeira vez no estudo dos procesos migratorios nos anos oitenta (AUBARELL, 2000: 392). Aubarell (2000: 398) cita a invisibilidade estatística das mulleres inmigradas como aspecto que dificulta en grande medida a análise dese colectivo. A borrosidade estatística destas mulleres inmigrantes afecta tamén á construción da lei de estranxeiría. María Helena Bedoya (2000: 242) pon de relevancia que a invisibilidade das mulleres tantas veces denunciada nas ciencias sociais, é tamén real nas ciencias xurídicas, nas que sen embargo, non se tende a denunciar. A invisibilidade social é produto da súa dobre condición de muller e estranxeira. Ruth Mestre (2000) sinala que non se trata dunha dobre exclusión, xa que no canto de sumarse, estas exclusión –en tanto concretas e reforzadas- multiplican. O certo é que o dereito constrúe a muller inmigrada como non- suxeito de dereitos, feito que ten consecuencias non só para as mulleres inmigrantes –as máis afectadas pola súa condición xurídica de vulnerabilidade e invisibilidade- senón para todas as mulleres, tamén as autóctonas, e os homes que constitúen a sociedade.

O sistema xurídico español exclúe de xeito sistemático ao outro, sobre todo se este outro non é produtivo. O caso das mulleres inmigradas, e especialmente as que accederon a España en condición de reagrupadas, é paradigmático do que legalmente se entende por “non produtivo”. E dicimos, se entende, porque non compartimos a visión masculina excluín-te que define o traballo.

“La extranjería es la creación jurídica de la diferencia, al menos en el reconocimiento y disfrute de derechos fundamentales. Es una herramienta jurídica que Europa ha inventado para hacer frente a la inmigración del Sur hacia el Norte” (MESTRE, 2005: 140).

A doutora feminista en Dereito, Ruth Mestre, apóiase na teoría de Anne Phillips ao establecer a categoría xurídico- política da estranxeiría como saturada de xénero. A cidadanía, en tanto contracara da estranxeiría, tamén está xenerizada. Mediante a ecuación traballo igual a dereitos artículase a exclusión das mulleres dos dereitos. Entender a cidadanía en termos laborais ten varias consecuencias negativas para as mulleres inmigrantes, dado que a sociedade de destino non está exenta de xermolos de patriarcado. As mulleres que chegan son dirixidas cara aos nichos que forman parte do espazo historicamente considerado feminino¹¹⁶, connotados todos eles con menor recoñecemento e prestixio, mesmo cobrando a forma de discriminación legal, como no caso do servizo doméstico que analizaremos polo miúdo máis adiante.

A lei de estranxeiría revélase sexista e discriminatoria coas mulleres ao presentar como modelo un home traballador que se insire no tecido laboral regular ou irregular, pero en todo caso no ámbito laboral, en termos de Mestre e Casal (citadas en Zabala, 2004). A esixencia de contar cun traballo para obter dereitos preséntase de máis difícil cumprimento para as mulleres que para os homes inmigrados. A definición patriarcal do traballo imperante na era capitalista constitúe un obstáculo de difícil superación para as mulleres que sen contar con este hándicap xa se teñen que enfrontar a outros obstáculos coma vencer os estereotipos construídos na sociedade de destino e tentar amoldarse á construción legal da figura de legalidade na sociedade de destino. Todo iso lonxe dun entorno de apoio familiar e veciñal, que deixaron en orixe.

As mulleres do Sur veñen ao norte a facer traballos de mulleres, o que nos países industrializados se categorizan como traballos de mulleres – independentemente de que coincidan co que nos países subdesenvolvidos de orixe se entende por traballos femininos-, e isto implica un “*tipo de regulación (...) que contribuye a dar contenido real a la diferencia en términos de desigualdad (generización del trabajo)*” (MESTRE, 2005: 140). Un apartado da lexislación verbo das mulleres inmigradas non pode deixar de reparar na cobertura legal que estas teñen en caso de violencia machista, aquela específica das mulleres, á que se ven sometidas polo mero feito de selo. A violencia machista, lexislada en España pola Lei Orgánica

¹¹⁶ O colectivo IOE (2005: 15) sinala seis sectores de actividade como nichos laborais máis importantes das mulleres inmigrantes: servizo doméstico, empresas de limpeza, hostalería, empregos de tipo administrativo, traballadores por conta propia e prostitutas.

1/2004 de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, non atende á distinción de país, nivel de desenvolvemento, nivel socio-educativa, idade, etc. Nacións Unidas definiu en 1993 a violencia machista como “*todo acto de violencia que tenga o pueda tener como resultado un daño o sufrimiento físico, sexual o psicológico para la mujer, inclusive las amenazas de tales actos, la coacción, a la privación arbitraria de la libertad, tanto si se producen en la vida pública como en la privada*”. Este problema estrutural e multidimensional está ligado ao desequilibrio de relacións de poder entre sexos (FMP, 2007: 3). As cifras oficiais das vítimas mortais de violencia machista sinalan que as inmigradas superan preocupantemente as porcentaxes de españolas asasinadas. A taxa de estranxeiras asasinadas por millón de mulleres inmigradas foi de 13,18 por cento en 2007, fronte ao 2,05 de españolas asasinadas por este mesmo motivo. Non dispoñemos de datos desglosados segundo a situación xurídica/ legal das mulleres inmigrantes vítimas de violencia machista. Sen embargo, podemos aventurar que a “irregularidade” é un dos factores que inciden na maior vulnerabilidade destas mulleres fronte ás españolas. En 2007, 28 das 71 mortes rexistradas por violencia machista eran estranxeiras, un 39,4 por cento, porcentaxe moi desproporcionada se atendemos o tanto por cento (9,2) que representan os 2,1 millóns de mulleres inmigradas no total poboacional feminino (22,8 millóns de mulleres en España) (EL PAÍS, 09/08/2008).

As denuncias por violencia machista de inmigradas supoñen un 30 por cento do total. Varias estudosas do tema sinalan precisamente a denuncia –esixida para o acceso a centros de acollida e tratamentos psicolóxicos- como un obstáculo das mulleres inmigradas en situación irregular ou para as reagrupadas que coa denuncia poden ver en perigo o seu permiso de residencia en España, dependente do do seu reagrupador –presunto maltratador. Sen embargo, e contra o que manteñen os prexuízos, o perfil do maltratador é o de varón español. Segundo datos do informe *La Justicia dato a dato* do Consello Xeral do Poder Xudicial (citado por FMP, 2007: 7), o 69 por cento dos denunciados, o 69,1 por cento dos condenados e o 81,5 dos absoltos foron españois. No caso de vítimas mortais a porcentaxe de agresores estranxeiros é do 27, 4 por cento, mentres que as vítimas estranxeiras supoñen o 30, 6 por cento dos casos. As cifras oficiais non visibilizan unha porcentaxe importante de mulleres inmigradas, sobre todo irregulares, que sofren violencia machista.

Non é a nosa intención facer unha análise pormenorizada do fenómeno da violencia machista, para o que faría falta analizar os datos dunha década como

mínimo, senón o de denunciar a desprotección das mulleres inmigradas diante da Lei da Violencia de Xénero, xa que esta choca coa Lei de Estranxeiría en varios puntos. É urxente revisar a Lei da Violencia de Xénero no tocante ás inmigradas para comezar a paliar a sobrerrepresentación das mesmas, especialmente as mulleres latinoamericanas¹¹⁷, entre as vítimas mortais.

O síndrome de Ulises¹¹⁸, cadro de depresión e ansiedade que sofren os/as inmigrados/as como consecuencia do desarraigo e a falta de integración, supón un hándicap engadido á hora de denunciar unha agresión para as mulleres inmigrados/as. Por veces o agresor é a única familia da vítima e a denuncia suporá unha ruptura da súa parella, do vínculo coa orixe en destino e por veces do seu permiso de residencia –no caso de vítima reagrupada. Esta realidade fai urxente unha revisión da lexislación vixente co fin de relaxar as obrigas da vítima para ser protexida. O descoñecemento da lei é en varios casos o responsable de que as inmigradas non se acollan á súa protección. Por outra banda, existe unha desconfianza cara aos corpos de seguridade do Estado, dos que temen unha expulsión –as que están en situación irregular-. Sen prexuízo das críticas, cabe recoñecer o logro da Lei Orgánica de recoñecer de forma expresa o dereito das mulleres estranxeiras, mesmo as irregulares, a ser protexidas e ter acceso aos recursos en igualdade coas demais mulleres (FMP, 2007: 14). Pero urxe axilizar os procesos –longos de máis-, formar en xénero aos/ás profesionais implicados/as, formar en xénero e violencia machista aos/ás xornalistas e medios de comunicación, desglosar por sexo, nación e situación legal as estatísticas, crear un teléfono especial para maltratadas estranxeiras, facer campañas mediáticas de prevención e atención á violencia machista tamén de inmigradas sen estigmatizalas, etc.

Logo desta paréntese, analizaremos de vagar as tres variantes de muller pertencente ao eido privado que constrúe a Lei de Estranxeiría. Estes son a muller reagrupada (ama de casa sen contrato laboral e dependente do seu marido), a traballadora no sector doméstico –nomeadamente de interna- e a traballadora sexual.

¹¹⁷ O 19 por cento de mulleres mortas a mans da violencia machista cando só representan o 48 por cento das estranxeiras e estas o dez por cento das mulleres de España (FMP, 2007: 7).

¹¹⁸ Lourdes Suárez (2006: 4) enumera os síntomas do Síndrome do Inmigrado/a con Stress Crónico, coñecido como Síndrome de Ulises –segundo o termo de J. Achotegui-: sintomatoloxía depresiva (tristeza e choros), ansiosa (preocupacións, irritabilidade, insomnio...), somatomorga (cefaleas e fatiga) e disociativa (confusión, desrealización, despersonalización...)

3.2.2. Análise feminista da reagrupación

Segundo o regulamento de aplicación da Lei de Estranxeiría existen dous tipos de mulleres inmigradas: as reagrupadas e as autónomas. A primeira categoría é unha das máis vulnerables, e non só en tanto a súa realidade alegal –na realidade social, laboral, económica, etc. - á marxe da lei, senón en tanto a construción legal que se fai delas. Bedoya (2000: 248) recolle a definición que fai a profesora López Bellosta da reagrupación:

“Aquel procedimientu administrativo por el cual determinados familiares que no tengan la nacionalidad del país de acogida, denominados reagrupados, se reúnen con residente, extranjero o nacional, en el país de acogida, denominado reagrupante, según unos procedimientos y unos requisitos más favorables que los exigidos normalmente a un extranjero según el mecanismo normal. La reagrupación familiar supone un procedimiento de autorización de entrada y residencia de los reagrupados en condiciones más favorables que para el resto de los extranjeros”.

A definición presenta a reagrupación como forma de entrada máis doada que outros tipos de inmigración. Sen embargo, na práctica as restricións á hora de solicitala e vela concedida son crecentes. Para comezar debemos facernos eco da crítica que se fai á reagrupación en tanto construtora desta realidade sobre o paradigma de familia occidental como exclusivista, xa que familia é aquí a unión legal, mediante contrato de matrimonio ou similar (parella de feito) entre dous cónxuxes de diferente sexo. En España o casamento entre persoas homosexuais é legal dende a promulgación da Lei 13/2005, en vigor dende o día despois da publicación no BOE, o 2 de xullo de 2005. Sen embargo, a reagrupación faise maioritariamente en función do vínculo legal matrimonial ou homólogo da sociedade de orixe. Entre as restricións sutís que se poñen en marcha na tramitación destaca a de destruír mediante o sistema de presuncións negativas, doutrinas de fraude de lei esgrimidas polos consulados ou rexeitamento das certificacións de parentesco ou filiación, matrimonio... entre reagrupador/a e reagrupado/a (BEDOYA, 2000: 249). De modo que as parellas homosexuais que residan nun país onde o vínculo matrimonial entre persoas do mesmo sexo non estea legalizado non poderán acollerse a esta forma, a non ser que casen en España, procedemento para o que existen outra serie de restricións, a cal máis sutís. O ordenamento español, a diferenza do comunitario, esixe o requisito da convivencia

efectiva entre os cónxuxes de cando menos tres anos previamente á solicitude de reagrupación. Esta restrición imposibilita os reagrupamentos de persoas acabadas de casar. O requisito da demostración de que viven xuntos forma parte da aplicación que fan os consulados españois –contravindo a Constitución Española no seu artigo 18.1 que garante o dereito á honra e á intimidade persoal- por orde da Dirección Xeral de Asuntos consulares da chamada “*doutrina do fraude*” (BEDOYA, 2000: 249- 250). Outra das restricións máis común ao reagrupamento constitúea a negativa de varios cónsules a inscribir o matrimonio celebrado no país de orixe no Rexistro Civil Español. Cando o matrimonio se celebra en España o cónxuxe sen papeis españois ten que solicitar unha exención de visado para viaxar a España que se lle concederá sempre que acredite os tres anos de convivencia na orixe. Varias asociacións de inmigrantes critican duramente este requisito. O defensor do pobo xa emitiu unha recomendación en 1998 ao subsecretario de Interior para mudar esta situación que contradí os principios xerais do dereito, xa que o matrimonio se debe presupoñer salvo proba do contrario (BEDOYA, 2000: 251- 252).

A figura do reagrupado ten sexo no código español. Malia que a realidade estatística mostra que non só son mulleres as reagrupadas, que existen mulleres inmigrantes autónomas que deixan en orixe a familiares, etc., a lexislación, sen explicitar o termo en feminino, está claramente deseñada e dirixida á modalidade de reagrupador masculino e reagrupada feminina. Sen chegar ao extremo da Carta Europea sobre os dereitos dos Traballadores inmigrantes, onde se recolle no artigo 17, o dereito “*a hacer venir a la esposa e hijos*”, actualmente mudado por “*cónyuge*” sen modificar o resto da redacción, o efecto do regulamento español de reagrupación recae maioritariamente sobre as mulleres. Mestre denuncia que hai referencias normativas escondidas baixo o termo neutro cónxuxe sobre o xénero da persoa afectada. Tese que exemplifica co apartado 6 do artigo 54.3 RE, onde di: “*no se podrá conceder un permiso de residencia a un extranjero como cónyuge de un residente extranjero cuando otro cónyuge de éste ya resida con anterioridad en España*”. Este apartado está claramente orientado cara ás múltiples esposas dun home musulmán que este tente reagrupar. É obvio que o lexislador pensaba nunhas destinatarias concretas, malia que non o explicita para non vulnerar o principio de igualdade. Pero o feito é que de xeito xurídico se está lexitimando a separación correlativa de espazos en función do sexo: reservando o espazo privado para as mulleres e o eido público para os homes (MESTRE, 2000).

A figura da reagrupación familiar enfocada sutilmente cara ás mulleres constrúe á muller inmigrada como suxeito de non dereitos, dependente e eterna menor de idade. Hai que ter en conta que esta construción se fai dende a legalidade española, malia que de xeito perverso se presente como unha construción cultural allea, dos musulmáns neste caso concreto, reforzando así a suposta “incompatibilidade de culturas” e o multiculturalismo de grupos, ao illar aos que constrúe como outros da sociedade de destino (MESTRE, 2000). Malia que a figura da inmigrada que chega a España a través da reagrupación non é a máis representativa, si se corresponde coa realidade de determinados grupos de inmigradas, nomeadamente as marroquís, africanas de orixe rural e paquistanís (SOLÉ y PARELLA, 2008: 302). A reagrupación da poboación marroquí, das pioneiras en España, visibilizou a este grupo de inmigradas. Coa chegada das mulleres marroquís, as familias asentáronse en vivendas e comezaron a celebrar festas como a “do cordeiro”. Antes da reagrupación, os inmigrados marroquís vivían sos compartindo piso alugado con compatriotas en zonas semiurbanas (GOLÍAS, 2005: 331).

Os requisitos que debe cumprir unha persoa para reagrupar a outra son: permiso de residencia, acreditar un traballo estable, un salario que permita manter os familiares, unha vivenda con condicións para poder reunir á familia –sobre todo no caso de reagrupación de menores-, etc. Por outra banda entre os dereitos dos reagrupados¹¹⁹ non figura o de obter un permiso de traballo relacionado co permiso de residencia que se obtén automaticamente coa concesión da reagrupación. De feito, a posibilidade de adquisición do permiso de residencia independente ao do reagrupador foi unha novidade introducida, en 1996, tras dez anos de aplicación da Lei de Estranxeiría. Esta posibilidade segue sendo excepcional e só pode ser solicitada por aquelas persoas que se atopen nun dos seguintes casos: obteñan un permiso, acrediten dous anos de convivencia en España co reagrupador, e falecemento do reagrupador con residencia legal en España (BEDOYA, 2000: 253). A excepcionalidade do cumprimento dos requisitos converte ao reagrupado de feito nun suxeito dependente económica e legalmente do reagrupador. Levando ao paradoxo teórico de expulsións de mulleres maltratadas que tras unha denuncia ao marido maltratador foron identificadas por un axente da lei, funcionarios/as policiais, como reagrupada sen vínculo co reagrupado por

¹¹⁹ Empregamos o masculino ao referirnos á reagrupación, pois é así como está recollido na lei. Queremos visibilizar a contradición na que neste caso se incorre o empregar o masculino como neutro cando de feito se está construíndo un discurso dirixido a caracterizar o suxeito feminino.

finalización do matrimonio, por exemplo, e que non acadaron un permiso de residencia independente.

Segundo o código español de inmigración, os axentes que xestionan as denuncias de maltrato de inmigradas teñen que interrogalas sobre a súa situación administrativa e informar da posible, e probable –por motivos estatísticos, dado que a gran maioría dos/as inmigrados/as estiveron algunha vez na situación de irregularidade¹²⁰- condición irregular. A lei española protexe as inmigradas denunciante durante o procedemento xudicial de resolución do expediente, período no que o procedemento sancionador aberto polo funcionario policial queda suspendido en aplicación da orde de protección e a autorización de residencia temporal, pero unha vez pechado, a aplicación da Lei de Estranxeiría esixe que sexan expulsadas, ou multadas, se chegaron reagrupadas e o vínculo co reagrupador se trincou. Sempre que non xustifiquen o cumprimento dos requisitos para obter a residencia, como por exemplo un traballo estable. Hai que subliñar que para obter unha orde de protección que paralice o procedemento de expulsión da reagrupada, esta debe presentar unha denuncia –coas dificultades que isto implica para calquera vítima de maltrato mesmo cando a súa condición xurídica é regular: unha española de nacemento- contra o maltratador. As ordes de protección poden tardar meses en xestionarse e durante ese tempo, as mulleres inmigradas vítimas están en situación irregular agravada pola ausencia de autonomía económica que lle nega a propia lexislación de estranxeiría, pois as reagrupadas non teñen dereito a permiso de traballo. Na teoría, a Lei de Estranxeiría colisiona en varios supostos coa Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero (BOE núm. 313 de 29 de decembro de 2004). Aínda que na práctica, e como indica Monserrat Comas, vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial (EL PAÍS, 09/08/2007), non se interroga as mulleres denunciante sobre a súa situación administrativa. O requisito de permiso de residencia do reagrupador é o máis neutral dende a perspectiva de xénero. Non ocorre o mesmo co requisito de acreditar un traballo estable, un salario que permita manter os familiares e unha vivenda con condicións para poder reunir á familia.

¹²⁰ Cristina Gortázar (2005: 93- 94) defende esta tese co argumento de que a maioría das inmigradas irregulares en España deben o seu estatuto a regulacions extraordinarias. Segundo a autora, poucas inmigradas “*entraron y permanecieron siempre en España en situación regular*”. No mesmo artigo, José María Huerta relaciona a irregularidade coa tolerancia por parte do estado receptor do traballo ilegal, a explotación e os/as cidadáns/ás de segunda clase.

Nos apartados *Consecuencias da globalización para as mulleres e Feminización da pobreza* analizamos polo miúdo a relación das mulleres co traballo na globalización e as consecuencias na situación económica que ten para estas, entre as que destaca a feminización da pobreza¹²¹. A definición do traballo é restritiva dende a perspectiva de xénero, tanto que non alcanza a maioría das actividades realizadas polas mulleres, mesmo cando estas cobran unha cantidade económica en contrapartida polos seus servizos, o que a priori sería un trazo definitorio do traballo. Isto ten consecuencias graves para as inmigradas que queiran acollerse ao dereito a reagrupar aos seus familiares que quedaron na sociedade de orixe. Por veces, as inmigradas poden cumprir facilmente o requisito de dispoñer dun salario que permita manter os familiares e unha vivenda con condicións para poder reunir á familia pero non coa demostración dun traballo estable. Isto acontece, por exemplo, no caso concreto da prostitución, actividade pola que se poden chegar a adquirir uns altos ingresos, pero que paradoxalmente non van unidos a un recoñecemento social e legal. A continuación, faremos unha aproximación aos nichos laborais cara aos que principalmente se dirixen as mulleres inmigrantes que chegan a España. Existe un consenso total entre investigadoras de que estes son: o servizo doméstico, incluíndo as tarefas de coidados, e a prostitución.

3.2.3. *Fechadas nos fogares occidentais*

O primeiro deles, o servizo doméstico, ten varias particularidades que o converten nun eido laboral específico. O primeiro trazo definitorio é o carácter legal especial que ten dende a promulgación do Decreto 2346/1969, de 25 de setembro, polo que se regula o Réxime Especial da Seguridade Social do servizo doméstico. Dende esa data, xa moi afastada no tempo fixéronse dúas pequenas modificacións en 1983 e 1986, ambas as dúas mediante resolución. En 1986, mediante a Resolución de 2 de xaneiro, da Sección xeral para a S.S., determinouse a aplicación do incremento do 20 por cento da base reguladora aos declarados en situación de incapacidade permanente total no R.E. de Empregados de Fogar. E en 1983, mediante resolución, de 23 de setembro, da

¹²¹ Véxase para profundizar no tema dende a perspectiva da inmigración Lipszyc, Cecilia, “Feminización de las migraciones: sueños y realidades de las mujeres migrantes en cuatro países de América Latina”, VIÑAS, M^a del Carmen, CORTÉS, Cecilia, LIPSZYC, Cecilia y CAMACHO, Gloria, *Mujeres: retos actuales*, Barcelona, Diputación de Barcelona, 2005, pp. 63-92.

Dirección Xeral de Réxime Económico e Xurídico da Seguridade Social estableceuse a Responsabilidade en orde as prestacións no Réxime Especial de Empregados de Fogar.

O status legal desta actividade prexudica ás mulleres que traballan nesta actividade na medida en que non se reconece o vínculo comercial cun contrato laboral que provea de dereitos sociais e económicos á traballadora. *“La necesidad de “papeles” de las inmigrantes choca con la práctica del contrato verbal, no formalizado por escrito”* (MARTÍN DÍAZ y SABUCO, 2006: 15). O réxime especial –debe entenderse que o normal é o outro: o masculino- das empregadas do fogar non esixe a sinatura dun contrato escrito, que podería ser tomado como proba da relación contractual que lle reportaría beneficios á muller inmigrada de cara á demostración administrativa da posesión dun posto de traballo estable, requisito entre outras cousas para solicitar a reagrupación de familiares. A ausencia de contrato escrito non é un impedimento para a inscrición na Seguridade Social das mulleres que desempeñan traballos no sector do servizo doméstico, é a única excepción de acceso á Seguridade Social sen contrato escrito. A excepcionalidade deste trámite supón para as mulleres inmigradas a obriga de cotizar parte do seu soldo ao Estado en concepto de descontos da Seguridade Social, pero non implica a contrapartida de recibir unha serie de prestacións sociais como baixas por enfermidade ou por embarazo, por exemplo. Así mesmo, o traballo doméstico non cotiza por desemprego, co que as inmigradas traballadoras domésticas non gozan do dereito de cobrar o paro, malia que coticen. A conclusión que se obtén é que o corpo das mulleres, neste réxime legal, non está exposto a accidentes, nin pode enfermarse.

Segundo indican varias investigadoras (Martín Díaz, Sabuco, Gregorio, etc.) obsérvase unha desigualdade salarial entre as traballadoras españolas e as inmigradas no sector doméstico. As prexudicadas na comparación son obviamente ás outras, ás que veñen de fora. Entre as explicacións a este feito figura a idea de moitos/as empregadores/as que consideran que están facendo un acto de caridade, o que lles serve para xustificar certos abusos. O racismo e o etnocentrismo latén baixo este imaxinario de certos/as españois/las que contratan a estranxeiras. A posta a proba da confianza da empregada é outra das xustificacións deste trato discriminatorio. O ámbito laboral das traballadoras domésticas é precisamente o das relacións familiares e íntimas dos/as empregadores/as, polo que por veces se emprega o argumento da posta a proba da confianza da empregada para despedila sen pagarlle o salario pactado. A presenza da empregada en determinados momentos íntimos e familiares pode xogar en contra do

recoñecemento da súa profesionalidade. En ocasións, o trato que recibe é paternalista, como se fose unha menor de idade do núcleo familiar: recibe roupa usada da empregadora, recibe coñecementos –na crenza xeralizada de que as mulleres inmigrantes non saben facer as tarefas domésticas de xeito civilizado, coñecementos que a empregadora se encarga de inculcarlle-, etc. (MARTÍN DÍAZ y SABUCO, 2006: 17-20).

As españolas que traballan no servizo doméstico prefiren o réxime de traballo externo á xornada completa ou preferentemente por horas. Pola contra, as mulleres inmigradas copan maioritariamente os postos no subsector interno do servizo doméstico. Martín Díaz e Sabuco (2006: 14) ofrecen o dato do 50 por cento das inmigradas dadas de alta na Seguridade Social en zonas como Barcelona ou Madrid – cidades maiores receptoras, xunto con Valencia, de inmigración en España. Gregorio e Ramírez (2000: 261) manexaban os datos de preto do 80 por cento das mulleres inmigradas concentradas no sector servizos, destas un 28 por cento corresponderíase co servizo doméstico e un 24, 4 por cento do total da poboación inmigrada feminina atoparíase ocupada nas actividades relacionadas co comercio. Segundo as mesmas autoras, no caso dos homes a distribución entre sectores é máis equitativa: 37,6 por cento na agricultura, 16 por cento industria e 46, 4 por cento nos servizos.

As explicacións ao fenómeno de ocupación laboral practicamente exclusiva das mulleres inmigradas no sector doméstico interno son diversas. Por unha banda hai que ter en conta as razóns das traballadoras e por outra os motivos dos/as contratantes á hora de optar por esta modalidade de relación laboral. Comecemos polas causas estruturais que fan que o servizo doméstico sexa visto como unha porta de entrada, en expresión de Laura Oso (OSO y VILLARES, 2005: 12) –practicamente obrigatoria- para a maioría das inmigradas ás economías de destino. Nas economías globalizadas, como analizamos polo miúdo no segundo capítulo, as mulleres son as máis afectadas polo traballo precario, e irregular. Emma Martín Díaz e Assumpta Sabuco (2006: 7) establecen unha ecuación entre a irregularidade administrativa e o mercado laboral. “*La irregularidad administrativa afecta en mayor proporción a las mujeres que a los hombres, debido a la elevada desregulación de los mercados de trabajo en el que éstas se insertan*”. As mulleres en tanto invisibles no ámbito público por excelencia son as que levan a peor parte no mercado de traballo: copando os postos nos sectores informais. Nas economías dos países industrializados existen uns postos de traballo a medio camiño entre a irregularidade e a regularidade, a medio camiño entre o sector privado e o sector

público, a medio camiño entre os privilexios e os deberes. Esta oferta de traballo pendurada nun taboleiro de anuncios de ter destinatario/a: ben seguro que poría: “muller inmigrante, preferiblemente indocumentada”.

“Para que el trabajo doméstico sea invisible, la trabajadora que lo realiza ha de ser asimismo invisible y, a la vez, alguien invisible es idóneo para realizar este tipo de trabajo: las mujeres, en especial las inmigrantes” (MESTRE, 2005: 148). Nesta cita de Mestre observamos como a invisibilidade do traballo doméstico repercute na invisibilidade social, económica e normativa das mulleres inmigradas que desempeñan esta labor. Esta invisibilidade beneficia o sistema patriarcal que tras a incorporación masiva das mulleres ao traballo non redefiniu as esferas (pública e privada) nin mudou a correlación de espazos en función do sexo. A consecuencia é para a traballadora invisible que ve os dereitos máis lonxe e para as mulleres en xeral, que seguimos baixo unhas relacións de poder xerárquicas e machistas. A invisibilidade que xoga en contra da obtención de dereitos, do recoñecemento tan necesarios para a autoestima e a formación de redes, é vista por certas autoras, entre as que se atopa Cecilia Lypszyc (2005: 77) como elemento positivo en tanto protexe dos riscos relacionados á permanencia ilegal.

A realidade é que as mulleres inmigradas ocupan practicamente en exclusiva o sector das internas, contexto no que os abusos e a explotación son difíciles de mostrar, precisamente pola invisibilidade que implica a ecuación: sector privado+irregularidade. Se analizamos a cuestión dende o lugar de destino temos que facer referencia á incorporación masiva das mulleres das clases sociais e culturais medias altas ao mercado laboral, coa conseguinte necesidade de buscar a satisfacción da necesidade de tarefas de coidados en mans diferentes ás da muller que quedaba no sector privado e desempeñaba esas tarefas de xeito gratuito. Coa saída das mulleres ao mercado de traballo nos países industrializados tívose que recorrer a outras solucións entre as que se ensaiaron: a corresponsabilidade entre os membros da parella –aínda moi inmadura porque non se produciu unha incorporación parcial dos homes á esfera privada correlativa á incorporación das mulleres á esfera pública-; a dobre ou tripla xornada das mulleres que compatibilizan as dúas esferas co resultado estatístico de cinco horas diarias máis de traballo para as mulleres no computo total desglosado por sexo; e a solución –polo de agora en cabeza- da contratación de mulleres máis pobres para a satisfacción das tarefas de coidados. Realidade que beneficia ao Estado na medida en que se despraza a provisión de benestar cara ao mercado. Deste xeito, o Estado ve como

as mulleres autóctonas se independizan economicamente sen ter que aumentar os servizos sociais para paliar a ausencia destas mulleres no eido privado –as tarefas de coidados- cuberta polas mulleres inmigradas. As expertas denuncian que o debate social en torno ao carácter patriarcal do mercado e da sociedade se retrasa. Asimesmo, varias autoras observan que as mulleres orixinarias do rural ocupadas no sector doméstico tanto en réxime de internas –nomeadamente antes de casar- e externas están sendo substituídas por mulleres inmigradas.

“El hecho de que la inmigración posibilite un ejército de mano de obra a bajo coste está originando demandas específicas a los lugares de origen y cambios en la legislación, en la regulación y en el reconocimiento de este empleo” (MARTÍN DÍAZ y SABUCO, 2006: 8). Como se recolle nesta cita, o baixo custe económico é un dos motivos que leva aos titulares de familias europeas a contratar a inmigradas para desenvolver as tarefas domésticas. Estas mulleres non cargan coa necesidade de compatibilizar o traballo remunerado coa realización das tarefas de reprodución do seu propio fogar, porque a distancia llo imposibilita. Así estas mulleres poden afrontar longas xornadas de traballo –as internas teñen en xeral como días libres os xoves pola tarde e os domingos, segundo documenta, entre outras, Carmen Gregorio (1998) na súa análise da inmigración feminina dominicana en Madrid.

A ausencia dunha familia no lugar de destino fai que moitas mulleres opten por empregarse no sector doméstico como internas, deste xeito obteñen vantaxes como a maior marxe de aforros, pois os gastos de aloxamento e manutención están cubertos – aínda que hai autoras que critican que os/as empregadores/as do subsector interno aproveiten a oferta de comida e cama para baixar o soldo ás mulleres empregadas-. Pero ademais da lectura positiva, tamén ten outra negativa: a dificultade para formar unha familia no lugar de destino no caso de vir solteiras ou separadas (LIPSZYC, 2005: 78)¹²². Paradoxalmente é a negación ou dificultade de mantemento da familia das mulleres inmigrantes empregadas domésticas o garante do *“ideal” do modelo de familia coidadora inherente ao imaxinario familista*” (PARELLA, 2007: 269). Con respecto á demanda de traballadoras domésticas nos países industrializados é preciso matizar que é unha demanda informal. A demanda de tipo formal é aquela posibilidade pola Lei de Estranxeiría. Esta reconece a modalidade de contratación en orixe de traballadores/as como unha forma legal de iniciar unha migración cara a España. Sen

¹²² Ademais da carga psicolóxica que sofren estas mulleres por estar tan lonxe dos/as seus/súas fillos/as – en orixe- e do seu fogar.

embargo, as mulleres que teñen como obxectivo laboral o servizo doméstico non teñen o dereito de acollerse a esta modalidade. O servizo doméstico goza en España dun réxime especial, como acabamos de sinalar, que –entre outras particularidades– prescinde da obrigabilidade de contrato laboral escrito. A contratación en orixe esixe a tramitación dun contrato previo á inmigración. Por outra banda, o carácter privado da relación laboral do servizo doméstico –tal como está lexislado– exclúe as migrantes desa posibilidade de entrada laboral legal a España para dedicarse aos coidados.

A cita de Martín y Díaz e Sabuco (2006: 8) remata facendo unha alusión ao recoñecemento do servizo doméstico como profesión. O servizo doméstico forma parte do que se coñece como tarefas de coidados, ou reprodución, aquelas que se caracterizan porque historicamente as desempeñaron as mulleres da unidade familiar de xeito gratuío, non remunerado nin recoñecido. Na actualidade, a gran proporción de mulleres empregadas no servizo doméstico asegura a redefinición deste sector, agora en certo grao profesionalizado, como feminino. O colectivo Ioé, nun estudo de 2001 (citado en MARTÍN DÍAZ y SABUCO, 2006: 10), indica que a lexislación do servizo doméstico é unha proba do carácter feminino que xustifica a baixa remuneración e a ausencia de recoñecemento xurídico e salarial deste sector. O ámbito privado segue a carecer do prestixio e recoñecemento co que conta o espazo público. E o servizo doméstico, aínda que medie unha remuneración, segue a formar parte do ámbito privado, escondido no interior dos fogares. A falta de recoñecemento do sector hai que analizala tamén en relación aos costumes de orixe. Nun estudo comparativo entre inmigrantes femininas de Marrocos e República Dominicana, Carmen Gregorio e Ángeles Ramírez (2000: 263-264) estableceron varias diferenzas na consideración que en orixe e destino tivo para estas mulleres traballar no servizo doméstico. Segundo as autoras, en Marrocos o servizo doméstico trae consigo varias connotacións negativas: relacións de subordinación entre a traballadora e os/as empregadores/as, baixísimos salarios, falta de garantías e seguro social, etc. En Marrocos as mulleres traballan ata o momento de casar, e os beneficios que xeran son embolsados polas familias, iso fai que moitas mulleres non queiran traballar en casas alleas e anhelan casar e traballar só na casa particular. O traballo doméstico é considerado pola maioría das marroquís como unha carga pesada e non como un traballo que dignifica. Sen embargo no lugar de destino, o traballo doméstico pasa a ser considerado polas inmigradas marroquís como unha maneira de dignificar a muller como traballadora.

Para as inmigradas dominicanas estudadas por Gregorio, o traballo doméstico en orixe tamén carga cun pouso negativo que non perde no destino, pero que se ve en boa medida compensado polo salario que este traballo permite gañar en España. O traballo para as dominicanas sempre foi un valor que dignifica e o acceso ao traballo doméstico nas sociedades de destino supón para elas un descenso de status xa que o servizo doméstico ten unha forte carga de clase en orixe (GREGORIO y RAMÍREZ, 2000: 269- 271). Outro aspecto negativo ligado ao traballo doméstico é a inestabilidade asociada ao seu carácter especial. A remuneración en negro é frecuente neste sector no que os contratos laborais son unha excepción. Por outra banda, o feito de que non se esixa unha formación específica para traballar no servizo doméstico, ten a contraparte de non capacitar nin fomentar a mobilidade. A maioría das mulleres inmigradas que desempeñan esta ocupación están sobrecualificadas para desenvolvelo, capacitación que non ven recoñecida, xerando unha situación de perda de autoestima. Como explica Sonia Parella (2007: 271) *“trátase de mulleres que pasan de cumprir unha función cualificada nos seus países de orixe- mestras, enfermeiras, etc.- a quedar recluídas e illadas no ámbito privado do fogar en que están empregadas (...) e a “ser mandadas por todo o mundo”*.

Independentemente das causas que leven ás inmigradas a ocupar os postos de internas no servizo doméstico das sociedades de destino, esta situación ten unha consecuencia especialmente perigosa para estas mulleres: a difícil vixilancia do cumprimento dos dereitos humanos desas persoas por estar situadas en ámbitos de difícil acceso, nomeadamente o espazo privado que constitúe o interior dos fogares, e pola ausencia dunha regulación legal que as protexa (MARTÍN DÍAZ y SABUCO, 2006: 5). No caso do servizo doméstico xa citamos o carácter “especial” do réxime da seguridade social que as ampara –ou desampara-. No caso da prostitución nin sequera existe un regulamento ao que poidan acollerse ás traballadoras sexuais, malia que o exercicio da prostitución é legal en España.

O dereito laboral está configurado historicamente como dirixido ao varón provedor, do cal a muller –ama de casa- é dependente. Este mesmo modelo foi reproducido na Lei de Estranxeiría, concretamente nos apartados relativos á reagrupación. A imposibilidade de acceso a un permiso de traballo para a persoa reagrupada revela que esta foi pensada maioritariamente como muller. A figura da reagrupación pon atrancos xurídicos á incorporación das mulleres ao eido laboral,

acceso dificultado xa por outra serie de hándicaps que como migradas teñen que superar tanto na sociedade de orixe como nas de destino¹²³.

A continuación, expoñemos un cadro cos datos relativos á ocupación por sexos dos/as inmigrados/as dados/as de alta no réxime laboral da Seguridade Social. As cifras demostran a tendencia masiva das inmigradas a incorporarse ao traballo no sector servizos, e nomeadamente no sector doméstico. Así as mulleres, como indica Rosa Aparicio (2006) están pechadas en traballos femininos, maioritariamente non cualificados e de menor rendibilidade económica para as traballadoras, non así para o Estado. No cadro observamos que a construción cun 4,03 por cento de mulleres e a agricultura cun 27, 2 por cento son nichos masculinizados. Mentres que o sector doméstico e a hostalería, en menor grao, son ocupacións feminizadas.

Táboa: Etranxeiras de alta na Seguridade Social no séc. XXI por ocupación.

TOTAL (mixto)	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
TOTAL (mixto)	454.571	607.074	831.658	925.280	1.076.744	1.688.598	1.823.973	1.981.106
Agrario	60.623	87.273	117.698	130.565	125.658	182.365	175.512	180.417
Non Agrario	393.329	519.373	713.520	794.019	950.744	1.506.054	1.648.458	1.800.686
Industria	41.555	56.147	75.302	83.307	96.972	128.969	148.029	171.653
Construción	56.926	86.042	128.185	146.137	190.536	318.240	377.900	417.849
Servizos	294.848	377.184	510.033	564.575	663.236	1.058.845	1.122.529	1.211.184
Non consta	619	428	440	696	342	179	3	3
% Mulleres	34,71	34,33	36,14	36,27	36,71	40,11	39,41	39,29
Agrario	10,54	13,85	17,21	20,31	21,46	20,76	25,20	27,22
Non Agrario	38,45	37,79	39,27	38,90	38,72	42,45	40,93	40,50
Industria	19,56	19,91	20,90	21,23	22,21	22,89	23,96	24,35
Construción	4,15	3,94	3,91	3,87	3,84	4,35	4,19	4,03
Servizos	47,74	48,17	50,87	50,58	51,15	56,28	55,53	55,36
Non consta	21,97	16,12	15,68	28,16	35,38	67,60	0,00	0,00

FONTE: Instituto de la Mujer (2008)

¹²³ Falamos de sociedades de destino en plural para visibilizar unha forma de inmigración escalonada característica dos últimos tempos, que consiste en saír dun país e ir parando noutros ata chegar a un punto de asentamento máis ou menos definitivo. Os procesos de inmigración son complexos e non sempre se reducen a unha saída e chegada programadas a un lugar de destino único.

O mercado español está segmentado por sexo redundando nunha discriminación salarial, de mobilidade, de sobrecalificación, etc. para as inmigradas. Se as mulleres autóctonas cobran un 30 por cento menos, esta discriminación vese incrementada no caso das inmigradas noutro cinco por cento. Aparicio informa que o salario medio dos inmigrantes é de 779 euros mensuais, mentres que o das mulleres é de 579 euros. Esta diferenza non se corresponde coa comparativa dos niveis de instrución dos/as inmigrados/as en función do sexo. Xa que *“hay algunas menos mujeres entre quienes carecen totalmente de certificados de enseñanza primaria y también hay algunas más entre quienes poseen títulos universitarios”*(APARICIO, 2006). A conclusión é que a formación non é o criterio para dirimir a futura ocupación en destino dos/as inmigrados/as, pois os niveis de escolarización de mulleres e homes inmigrados/as que acceden ao mercado laboral español son moi semellantes. Onde si se nota unha diferenza que podería ser relevante para a contratación en destino é na experiencia laboral previa dos inmigrados e das inmigradas. Eles teñen maior experiencia na construción, agricultura e oficios cualificados, mentres que elas traen un maior caudal na administración e nos servizos, ademais de en certos sectores especializados. Sen embargo, en destino as mulleres son ocupadas maioritariamente no sector doméstico (para o que a maioría das inmigradas non foran contratadas anteriormente) e na prostitución (nicho no que non teñen experiencia laboral), dous nichos que non requiren na “contratación” formación nin experiencia previa. Analizamos, a continuación, a realidade e consecuencias para as mulleres inmigradas que se empregan na prostitución dende a perspectiva feminista.

3.2.4. *A axencia das inmigrantes e prostitutas: apuntamentos sobre tráfico e trata*

A falta de estatísticas tan fiables como as doutros sectores de actividade, a prostitución está consensuada polas expertas como o nicho laboral maioritario, xunto co sector servizos -onde o sector doméstico é o principal nicho ocupacional legal- para as mulleres inmigradas. Ambas as dúas son ocupacións *“generizadas y típicamente femeninas”*¹²⁴ (GREGORIO y RAMÍREZ, 2000: 269). Constátase, asimesmo, *“un*

¹²⁴ Excede ao carácter desta investigación entrar na polémica entre abolicionismo e reglamentarismo, pero dado que a prostitución é un dos principais nichos laborais das mulleres inmigradas en España, si entraremos a analizar a situación destas mulleres dende unha perspectiva feminista.

reemplazo de las mujeres autóctonas por las inmigrantes en el negocio de la prostitución, y particularmente en los segmentos más bajos de esta actividad” (MARTÍN DÍAZ, 2008: 198).

Antes de comezar coa análise pormenorizada das consecuencias que ten a realización desta actividade para as inmigradas, cabe facer unha precisión terminolóxica que aclarará varias das confusións establecidas habitualmente en torno a esta problemática. Varias autoras (Azize, Mestre, Solana, etc.) denuncian un enfoque trafiquista das migracións internacionais, que reduce toda inmigración á criminalización, co conseguinte rexeitamento cara a estes movementos. O enfoque trafiquista é incompatible coa decisión autónoma das mulleres que deciden emprender un proxecto migratorio. Segundo o trafiquismo practicamente toda inmigración é conceptualizada como tráfico (MESTRE, 2005: 142- 143). En Europa existe unha confusión entre os termos de tráfico e trata, empregados indistintamente para referirse á situación das persoas que foron forzadas a migrar e escravizadas durante o tempo de saldar a débeda, se é que esta era susceptible de expirar algún día. Sen embargo, existe unha diferenza conceptual entre tráfico e trata que cabe reclamar dende unha perspectiva feminista, pois a confusión prexudica as mulleres inmigrantes. O xénero inflúe en que persoa será traficada e cara a onde. Non todas as persoas traficadas o son para a realización de traballos sexuais, malia que a opinión pública alimentada polos medios de comunicación establece un siloxismo entre tráfico e prostitución. A confusión entre tráfico e trata ven dada porque ambos tipos involucran traballo forzado. Sen embargo, non do mesmo xeito. O Protocolo de Palermo para Previr, Suprimir e Castigar o Tráfico de Persoas, especialmente Mulleres e Nenos/as, asinado pola ONU nesta cidade no ano 2000 alimenta a confusión terminolóxica definindo tráfico co termo “trata de persoas”.

“Por "trata de personas" se entenderá la captación, el transporte, el traslado, la acogida o la recepción de personas, recurriendo a la amenaza o al uso de la fuerza u otras formas de coacción, al rapto, al fraude, al engaño, al abuso de poder o de una situación de vulnerabilidad o a la concesión o recepción de pagos o beneficios para obtener el consentimiento de una persona que tenga autoridad sobre otra, con fines de explotación. Esa explotación incluirá, como mínimo, la explotación de la prostitución ajena u otras formas de explotación sexual, los trabajos o servicios forzados, la esclavitud o las prácticas análogas a la esclavitud, la servidumbre o la extracción de órganos”.

Este documento que ven a ampliar a Convención de Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional, non fai a diferenciación que si fan outras institucións como por exemplo ACNUR, para quen tráfico está relacionado coa entrada ilegal de inmigrantes nun país, mentres que trata implica a explotación dunha persoa, que mesmo pode realizarse sen a necesidade de atravesar fronteiras e saír do propio país. Nos documentos da Coalición contra o Tráfico de Mulleres e o Grupo de Traballo da ONU sobre as Formas Contemporáneas de Escravitude, o tráfico de persoas sempre aparece ligado á prostitución. No outro polo do debate están organismos internacionais como a citada ACNUR, UNICEF ou a Alianza Global contra o Tráfico de Mulleres, quen avogan por facer unha distinción entre prostitución voluntaria e forzada. A necesidade de reclamar que se faga esta distinción pon de manifesto que a priori e de xeito xeral se pon en solfa a caracterización das mulleres en tanto suxeitos autónomos con capacidade de exercer a súa axencia. O enfoque dicotómico e simplista, denunciado por Azize (2004: 169) entre outras autoras, constrúe a muller inmigrante como suxeito pasivo, vítima de mafias, carretando deste xeito unha serie de consecuencias negativas para as mulleres, entre as que destacamos a alimentación do estereotipo vitimista e de vulnerabilidade que supón un hándicap do que as mulleres inmigradas teñen que defenderse, demostrando non cumprir para obter unha situación social digna na sociedade de destino.

O tráfico de seres humanos é, como indica Mestre (2000), unha consecuencia da política do peche das fronteiras. A inmigración é un proceso estrutural que non pode ser atallado polas políticas restritivas que promulgan os países desenvolvidos – nomeadamente a UE e os EEUU de América-. Como teoriza Sassen, non se poden atallar problemas novos con estratexias vellas, e iso é o que se pretende na globalización co peche das fronteiras. Neste contexto que Néstor Rodríguez (citado por AZIZE, 2004: 169) denominou “*batalla por las fronteras, entre las personas, las naciones y las transnacionales*” xorden distintos tipos de organizacións destinadas a facilitar a inmigración de xeito ilegal a aquelas persoas que non cumpren os requisitos de entrada – cada vez máis restritivos- dos países de destino cara aos que deciden migrar.

Carmen Gregorio documenta na súa investigación sobre as mulleres inmigradas dominicanas en Madrid varios modos de relacións sociais que promoven e facilitan a chegada das inmigrantes ao destino. Entre as distintas redes que empregan as mulleres para acadar o seu destino, Gregorio (1998: 120 e ss.) salienta a importancia que teñen as redes familiares. Segundo a antropóloga moitas mulleres inmigradas pagan a viaxe de

outra muller amiga ou familiar e facilítanlle aloxamento, traballo, etc. á chegada. Estes servizos prestados pola inmigrada deben ser reembolsados pola acabada de chegar cando vai cobrando o seu salario. As redes sociais entre orixe e destino mantidas por unha emigración pasada de signo inverso contribúen no caso da migración feminina dominicana a establecer cadeas de favores entre inmigrantes e relixiosas en destino, ou mesmo entre inmigrantes e turistas españois. Tamén existen redes profesionalizadas de prestamistas que ofrecen unha serie de servizos a cambio dunha cantidade económica elevada ou a hipoteca dunha propiedade. Os organizadores de viaxes ofrecen: billetes de avión, pasaporte, transporte ao aeroporto, efectivo que lle poden reclamar no acceso a España, información e sesións de estética para facerse pasar por turistas con posibles económicos, etc. En torno a estas viaxes organizadas xeráronse “*cadeas de explotadores*” (GREGORIO, 1998: 136). Estas dúas categorías poden enmarcarse dentro do tráfico de persoas, na medida en que axudan a persoas inmigrantes a atravesar as fronteiras en condicións de irregularidade. Son traficadas todas aquelas persoas que acceden a un país burlando os procedementos legais –o que inclúe as entradas con carácter de turistas con visado de tres meses que logo se deixa caducar e se permanece de xeito irregular no país–.

Laura Oso e Marcela Ulloa (citadas en SOLANA, 2005: 231- 232) establecen unha lista de catro mecanismos de inmigración e tráfico de inmigrantes cara a España: a migración autónoma, na que as mulleres deciden emigrar e financian a súa viaxe recorrendo ou non a préstamos e hipotecas; a migración na que participan con ánimo de lucro individuos ou entidades do país de orixe- aquí entran as axencias de viaxe citadas por Gregorio-; a inmigración na que individuos do destino con ánimo de lucro se involucran no proceso buscando aloxamento, traballo, etc.; e, finalmente, as redes organizadas ou mafias implicadas na migración –na que se situarían as cadeas de explotación citadas por Gregorio-. Non pretendemos negar a importancia da explotación que exercen as redes de tráfico de persoas que se aproveitan das situacións extremas de moitas persoas que hipotecan todo o que teñen para mercar unha pasaxe nun caiuco ou nun avión, contraendo unha débeda con intereses abusivos. Sen embargo, cremos pertinente insistir na diferenza que implica o tráfico coa trata, na medida en que o primeiro concede a axencia da persoa inmigrante, e a segunda non. A trata faise sen o consentimento, ou mediante o engano á inmigrante.

“La trata de personas constituye hoy el comercio ilícito que ocupa el tercer lugar entre los más lucrativos, después del contrabando de drogas y el de armas; sus utilidades se estiman entre 7.000

y 12.000 millones de dólares estadounidenses por año”.

A cifra ofrecida pola OIT (recollida por DE CICCIO, 2006) só representa os ingresos da venda inicial das persoas, e non os beneficios que xeran co seu traballo sometidas ao réxime de explotación. Segundo a OIT no mundo hai 2,45 millóns de vítimas da trata que traballan en condicións de explotación. Cada ano ente 600.000 e 800.000 persoas son tratadas a través das fronteiras. O 80 por cento dos seres humanos tratados son mulleres e nenos/as. Os fins da trata son explotar a unha persoa obrigándoa a traballar en distintas ocupacións, entre as que destacan o traballo doméstico, a prostitución e o traballo en fábricas (DE CICCIO, 2006). Obviamente non todas as persoas que traballan no servizo doméstico de xeito irregular, que se prostitúen ou que manufacturan en fábricas o fan obrigadas e/ou explotadas.

É fundamental diferenciar os distintos tipos de prostitución: a voluntaria e a forzada. Entendemos que a prostitución infantil –coma o traballo infantil- non se considera autónoma na medida en que os nenos/as están protexidos polos dereitos de protección da infancia, que inclúen a exención –e prohibición- de traballar. Situándonos no enfoque que permite pensar a prostitución como actividade laboral escollida, facémonos eco da crítica ás políticas que consideran as prostitutas nacionais como axentes autodeterminantes, mentres que constrúen as prostitutas inmigradas como vítimas indefensas de abusos (MESTRE, 2000), perspectiva que aumenta a vulnerabilidade á que se ven sometidas ás mulleres, por razón de xénero, cultural e legal. As mulleres inmigradas que exercen a prostitución na actualidade representan o 80 por cento do total neste nicho laboral. Este dato é a base de construción do discurso mediático e político que asocia automaticamente inmigración e prostitución. Realidade que non ten parangón mediático na construción da empregada doméstica interna, malia que os datos sexan mesmo máis cuantiosos que os da prostitución. A construción mediática da inmigrada como prostituta non é casual, xoga un importante papel na construción do outro cultural como salvaxe. *“La prostitución construye un hilo conductor entre las prostitutas actuales y las odaliscas de los harenes, en la línea del orientalismo certeramente criticado por Said”*, en expresión de Emma Martín Díaz e Assumpta Sabuco (2006: 30). A realidade desminte este mito, xa que fora das excepcións especializadas e máis caras do habitual, o groso da prostitución non presenta un grao de especialización “exótica” (MARTÍN DÍAZ y SABUCO, 2006: 30).

As mulleres cargan coa sobrecarga de identidade cultural dos seus grupos, e as

mulleres inmigradas non son unha excepción a esta teoría, senón un exemplo paradigmático na medida en que o cambio de contexto producido pola inmigración esixe que a defensa dos costumes culturais se leve a cabo con maior brío se cabe. Situación con correlato na construción do outro cultural como máis diferente e alleo á cultura do país de recepción. Neste contexto, os medios sobredimensionan o fenómeno da trata e do tráfico de persoas, asociados de xeito reduccionista e simplificado á inmigración vinculada coa prostitución. Son frecuentes as novas nas que a policía desmantela unha rede de trata de persoas que opera nunha barra americana, poñamos por caso, detendo aos malos: os proxenetas que en realidade son acusados dun delito contra a traballadora por non contratar as mulleres de xeito legal e con Seguridade Social. Neste esquema maniqueo, de bos e malos, as mulleres inmigradas que exercen a prostitución de xeito voluntario son as máis prexudicadas. Os medios tamén tenden a mostrar imaxes das detencións das prostitutas irregulares. Esta imaxe constrúe na mente dos/as espectadores/as, e da sociedade por extensión, ás inmigradas irregulares que exercen a prostitución como “malas”. O que non mostran os medios é que esas mulleres serán deportadas aos seus países de orixe por “*carecer de medios lícitos de vida*”, é dicir por carecer dun contrato de traballo que xustifique os seus ingresos. Como moito as mulleres que denunciaren ser vítimas dunha rede de trata e explotación poden ser beneficiarias dun visado de estancia temporal en España mentres dure o proceso da investigación.

A prostitución é unha actividade legal en España. Sen embargo, o estigma que pesa sobre ela produce unha situación de gran vulnerabilidade sobre quen a exerce, e nomeadamente sobre quen a leva a cabo sen un permiso de residencia, difícil de obter sen un permiso de traballo -que a prostitución non permite obter. A prostitución, pese a ser unha actividade legal non está recoñecida como unha actividade laboral lexítima (SOLANA, 2005: 240). Estamos perante un círculo legal vicioso, que encadea ás inmigradas. O fin deste enfoque é construír as mulleres inmigradas como axentes pasivos, invisibles en último termo. A vitimización e invisibilización ten consecuencias perniciosas para as mulleres inmigradas como a perpetuación da súa marxinalidade e a exposición a un maior grao de violencia. Invisibles non poden articular unha loita polos seus dereitos como traballadoras, encamiñada a obter un contrato laboral digno que lles permita regularizar a súa situación en tanto estranxeiras en España. A vitimización, que reduce ás migradas a meras mercadorías mercadas e vendidas por mafiosos e organizacións de trata de persoas, vulnera os dereitos destas mulleres, negándolle o propio dereito a decidir. En calquera decisión que se tome, non só na decisión de exercer

a prostitución, sempre existen determinados condicionamentos impostos polas circunstancias. O que non significa que non se estea a exercer de xeito activo unha decisión. As mulleres inmigradas son axentes capaces de decidir dentro dun abano, máis ou menos reducido de opcións, a que ocupación dedicarse. Salvo nos casos de extorsión, chantaxe, engano, etc. as inmigradas deciden dedicarse á prostitución. “*Tendrán menos opciones o menos opciones agradables que otras personas, pero las tienen*” (AGUSTÍN, 2004: 26), e é de xustiza recoñecerllo. A elección persoal que leva ás mulleres inmigradas a optar polo exercicio da prostitución está influenciada por varias razóns. O acceso rápido a un nivel de ingresos máis elevado que aqueles que caracterizan ao resto de traballos aos que poden acceder sen precisar unha formación especializada é un dos motivos que leva ás mulleres a optar por esta ocupación. Gregorio e Ramírez (2000: 271) documentan o cambio de ocupación de varias mulleres migradas que logo de pasar polo servizo doméstico acceden á prostitución como “*una estrategia de aumentar los ingresos y para poder tener una vida propia a la que no tienen acceso cuando trabajan de internas en una casa*”¹²⁵.

Sequeiros (citado en SOLANA, 2005: 226) relaciona a substitución de prostitutas españolas por estranxeiras co desenvolvemento do Estado de Benestar en España¹²⁶. O autor galego estende esta relación a outros eidos laborais feminizados e menos valorados socialmente tales como o servizo doméstico. O certo é que existe unha demanda por parte dos países occidentais de mulleres alén das súas fronteiras para o exercicio das tarefas relacionados coa industria do sexo –dende bailarinas exóticas ou telefonistas de liñas eróticas, ata prostitutas. Gregorio sinala como causas deste aumento da demanda, ademais da necesidade de importar man de obra feminina para a realización das tarefas máis desprestixiadas e feminizadas –entre as que se atopa a prostitución ou o servizo doméstico- polo desmantelamento do Estado de Benestar, o maior nivel adquisitivo de certos sectores da poboación e o aumento da industria do sexo, ligado ao desenvolvemento das novas tecnoloxías e do turismo transnacional .

O perfil da inmigrante prostituta¹²⁷ en destino –xa que só unha porcentaxe mínima exercía en orixe esta ocupación- é o de muller nova –entre 20 e 30 anos- ; orixinaria de

¹²⁵ Este mesmo aspecto resáltao Draper Miralles (citado en JULIANO, 2004:193) quen afirma que moitas traballadoras do sexo o son logo de pasar por outros traballos menos rendibles e que permanecen na prostitución por unha “*comparación favorable con respecto a otras opciones laborales*”.

¹²⁶ Dolores Juliano (2004: 191) sinala que a progresiva substitución de prostitutas autóctonas por inmigrantes se deu tanto no traballo sexual na rúa, como nos locais de alterne e no anunciado na prensa.

¹²⁷ Referímonos ás prostitutas migradas como migrantes para enfatizar o trazo da mobilidade xeográfica tan acelerada deste colectivo, sinalado entre outras autoras por Agustín (2004).

distintas nacionalidades, nomeadamente latinoamericanas: colombianas, dominicanas, brasileiras, ecuatorianas; seguidas de europeas do leste: rumanas, rusas, ucráínas; e subsaharianas: nixerianas, de Serra Leona e magrebís; de clase media- baixa e cun nivel de estudos básico, maioritariamente en situación irregular en España (SOLANA, 2005: 224). Pilar Rodríguez (2008: 51) explica que a nacionalidade de orixe marca os prezos “*en un mercado laboral informal segmentado por la nacionalidad hasta puntos impensables*”. As migrantes orixinarias de certas nacionalidades están connotadas co prexuízo da prostitución. “*Por ejemplo, las mujeres colombianas, señalan que por su forma de ser son estereotipadas como “mujeres fáciles”, “prostitutas” o “roba maridos”*”, escribe Gloria Camacho (2005: 107- 108). Este prexuízo degrada a estas mulleres, dificulta a súa integración social e limita as súas posibilidades laborais. Por veces, as mulleres inmigradas cargan co estigma da prostitución mesmo sen chegar a exercela.

O exercicio da prostitución, como tamén acontece coa realización do servizo doméstico en réxime interno, é entendido polas inmigradas como unha ocupación temporal, ata que consigan aforrar o diñeiro suficiente para devolver a débeda e cumprir os seus obxectivos de inmigración. Sen embargo a mobilidade ocupacional nos dous nichos analizados, sobre todo para a prostitución, é moi escasa (PARELLA, 2007: 272). “*Los obstáculos propios de las condiciones en las que encuentran estas mujeres aumentan las dificultades para salir de un círculo establecido por las redes de tráfico (...), por los gestores de los clubs de alterne(...) y por los agentes del orden*” (SABUCO, 2008: 251). Cabe matizar o último elemento citado nesta tipoloxía. En España funcionan respecto á prostitución dous grandes tipos de políticas: as asistenciais e as policiais. Ambas as dúas formas poñen en evidencia unha perspectiva que parte da definición da prostitución como un problema social ao que hai que poñerlle remedio. Nesta medida, as prostitutas inmigrantes ven nos policías a “inimigos” que teñen como obxectivo a súa repatriación e penalización. Assumpta Sabuco (2008: 249- 251) sinala ademais a falta de formación en materia de xénero e igualdade tanto dos/as policías como dos xuíces e as xuízas como un atranco máis que dificulta a boa xestión na práctica da cuestión da inmigración, e nomeadamente das mulleres migradas nos nichos laborais máis estigmatizados e desprotexidos do segmentado mercado laboral español, tales como a prostitución ou o servizo doméstico interno –salvando as distancias-.

O insulto é unha das ferramentas do maletín do estigmatizador máis empregadas para denigrar e excluír aos outros. Segundo Dolores Juliano (citada por PALENCIA,

2004: 390) –antropóloga fundadora de LICIT (Línea de Investigación y Cooperación con Inmigrantes y Trabajadoras), colectivo que estuda a prostitución dende o contexto barcelonés, homólogo a Hetaira en Madrid- *“El estigma define más a la sociedad que lo aplica que al individuo o colectivo estigmatizado. Es aquello que elegimos no ser”*. Sen embargo, as peores consecuencias do estigma sófreas o individuo ou colectivo marcados. Concretamente, a estigmatización da prostitución provoca o illamento, unha caste de esencialismo que dificulta a mobilidade laboral das prostitutas, e xustifica a exclusión destas mulleres, que de feito son tratadas como cidadás de segunda categoría (PALENCIA, 2004: 393). O estigma da prostituta vese reforzado no caso da inmigrante prostituta, á que hai que engadirlle a carga do estigma cultural/étnico ao da ocupación. Xa se fixo mención nesta investigación á dificultade de acceso aos dereitos que teñen que afrontar os/as inmigrantes. O estigma da prostitución que lexitima o trato como cidadás de segunda, sumado (ou multiplicado como diría Ruth Mestre) ao estatuto de non cidadá –a irregularidade coa que cargan boa parte dos suxeitos inmigrados- sitúa as inmigradas que exercen a prostitución nunha posición de especial vulnerabilidade. Palencia chama a atención sobre a forza do estigma da prostitución na nosa sociedade, onde o maior insulto é ser “fillo/a de puta”. A conduta das mulleres segue a definir os costumes e a honra das súas comunidades e culturas nun mundo patriarcal onde a sobrecarga de identidade cultural das mulleres é a norma.

O estigma ademais da falta de mobilidade laboral para as mulleres que exercen a prostitución, a dificultade de acceso aos dereitos e o illamento engade outras consecuencias, tales como a vulnerabilidade das mulleres á hora de enfrontarse a explotación que fan delas determinados individuos. A muller migrada e prostituta é obxecto de tres discriminacións (de xénero, étnica- cultural, legal e moral) de fonda pegada patriarcal, que entrelazadas dan lugar a elevadas cotas de vulnerabilidade. Segundo LICIT esta vulnerabilidade afecta ao 80 por cento das traballadoras do sexo en Barcelona, inmigradas en condición irregular, orixinarias maioritariamente de América Latina, África e Europa do Leste (PALENCIA, 2004: 394). O estigma ten a función de marcar precisamente o oficio máis rendible para as mulleres con menor formación. Segundo Palencia, non é casual que se marque a prostitución, precisamente o oficio mellor pagado que require unha menor cualificación, e que está totalmente feminizado. Se aplicamos a conceptualización que fai Fraser da redistribución e o recoñecemento, en tanto dúas caras da moeda da xustiza, á prostitución, observamos que esta actividade presenta un caso especial, xa que está marcada polo estigma (polo que esixe o

recoñecemento) pero non pola infravaloración económica, xa que é unha actividade ben remunerada en comparación coas actividades que non requiren dunha formación especializada. Polo tanto non precisa dunha demanda de redistribución, cando menos a priori. En expresión de Juliano (2004: 26), a construción social non se esgota nas súas bases económicas. No caso das construcións identitarias de xénero o fenómeno é complexo porque o binomio explotación- estigmatización ou o que é o mesmo redistribución- recoñecemento non sempre bascula equilibrado. No caso das prostitución, a estigmatización emprégase para restarlle valor a unha actividade economicamente rendible. Segundo documenta Dolores Juliano, a segregación faise a través de mecanismos de marxinação e mecanismos de exclusión. A exclusión sitúa en posición de suxeito pasivo a quen a sofre. *“Quizá lo más definitorio de la condición de exclusión social es que implica que no se reconoce a las personas afectadas la capacidad de actuar, decidir o evaluar por sí mismas. No son consideradas interlocutoras válidas”* (JULIANO, 2004: 29). Mestre (2004: 258) denuncia que a vitimización tece unha fronteira máis entre as mulleres ao separar as boas das malas e pobres mulleres de “mala vida”. Só as que denuncian ser vítimas dunha rede de tráfico ilícito e sinalan cara ao proxeneta como último chanzo desa cadea teñen os seus dereitos garantidos. *“Para ser sujeto de derechos hay que ser víctima, y para ser víctima protegible hay que haber negado dos veces (consentir el viaje y consentir el ejercicio de la prostitución) y en público (denuncia)”*. O feminismo persegue a consecución dos dereitos das mulleres mediante a ferramenta do empoderamento e a visibilización, que reforcen a posición de suxeito activo das mulleres. Sen embargo, o código legal español (e europeo) constrúe as inmigradas que exercen a prostitución como un suxeito pasivo, unha vítima, e é precisamente este trazo o que lle garante a consecución dos dereitos. Un paradoxo máis que fai sospeitar do carácter patriarcal do sistema socio-político e legislativo das sociedades de destino das redes migratorias de mulleres.

Dolores Juliano (2004: 29) retoma a teoría de Foucault, quen sinalou que a sociedade moderna é a que leva máis lonxe a construción de categorías estigmatizadoras, marxinalizadoras e excluíntes. Ademais, é a sociedade moderna á que ten máis medios ao seu alcance para difundir os estigmas. Os medios de comunicación son a ferramenta máis poderosa en canto a difusión e formación de opinión pública se refire. Foi precisamente a prensa, quen a fins do século XIX inventou as “clases perigosas” entre as que se atopaban as prostitutas. A comezos do século XXI as dinámicas de creación do estereotipo dos medios non mudaron, o que si cambio foi o rostro dos estigmatizados: agora son os/as

inmigrantes. As estatísticas do INE sinalan que os/as españois/las riscan nas enquisas a opción da inmigración como unha das principais preocupacións xunto co paro ou ETA dende mediados da década do 2000.

Segundo Dolores Juliano (2004: 38- 39) a estratexia empregada contra os/as inmigrantes/as non é a da exclusión se non a da marxinalización, coa ameaza de exclusión/expulsión sempre presente. Cabe matizar que dende que Juliano escribiu este texto (2004), a situación económica estatal e mundial mudou de xeito que se modificaron en parte os intereses do Estado español no tocante á economía somerxida e á necesidade de man de obra inmigrada. A política do ministro español de Traballo e Inmigración, Corbacho, de facilitar o retorno dos/as inmigrantes/as á orixe e incrementar a política de peche de fronteiras, por imperativo da UE, torna a revitalizar as estratexias de exclusión, ademais das de marxinalización. Os medios de comunicación son unha tribuna excepcional para poñer en marcha estas estratexias, pero de uso privilexiado só por aqueles que teñen o poder de construír ao outro. A muller inmigrada é articulada como traballadora sexual. E a prostituta estranxeira é moldeada como vítima pasiva. Deste xeito conclúese erroneamente que toda inmigrada é unha vítima pasiva. Como consecuencia, os avances legais que se van acadando para as prostitutas autóctonas non alcanzan as inmigrantes, quen ademais de cargar co estigma da prostitución levan o sobrepeso do estigma da inmigración. “*Se le atribuye además (mezclada y contradictoriamente) ser transmisoras de enfermedades, descaradas y alborotadoras, menores de edad, ignorantes y supersticiosas*” (JULIANO, 2004: 194). Como sinala Sandra Harding¹²⁸ as mulleres non europeas están na infancia da especie, fora da modernidade. O binomio tradición-modernidade, é aplicado aos/ás inmigrantes/as e aos/ás autóctonos/as. Deste xeito as mulleres europeas que comparten os trazos sobre os que se sustenta o estereotipo da “muller tradicional” afástanse da caracterización de muller inmigrada –tradicional por antonomasia. O estereotipo da muller inmigrada tradicional devólvenos unha imaxe de mulleres modernas, caracterización que se esvaece cando o espello no que nos miramos é o home occidental, neste caso o reflexo que recibimos é o de muller tradicional. O feminizado e as mulleres son o non modernizado. Pero cando se trata da diversidade cultural, a categoría que marca a principal dicotomía é a cultura, e o sexo pasa a ser secundaria. Cando menos iso é o que semella nunha lectura superficial. Sen embargo, se afondamos nas consecuencias desta nova lóxica da estereotipia topamos o reforzo das

¹²⁸ Concretamente no relatorio lido na Conferencia Internacional Womens’ World na súa edición de 2008 celebrada en Madrid.

relacións xerárquica se as conseguíntes desigualdades resultantes. Vanesa Sáiz e M^a José Sánchez Leyva (1998: 180- 181) destacan as estratexias de psicoloxización e de bioloxización como ferramentas clave para a conformación do estereotipo ambivalente das mulleres latinas, e das inmigradas en xeral. Estas autoras toman a expresión do movemento feminista francés Nin Putas nin Submisas para caracterizar este estereotipo de “putas e submisas”. As inmigradas son estereotipadas como invisibles, desiguais, marcadas, indixenizadas, sen papeis nin dereitos, subdesenvolvidas, pobres, submisas, familiares, vítimas de violencia machista estrutural, hipersexuais, nais, relixiosas, tradicionais, esposas e traballadoras do servizo doméstico por oposición ao estereotipo moderno de mulleres autóctonas, caracterizadas como visibles, iguais (avanzadas), brancas (non marcadas), cidadás, desenvolvidas, acomodadas, axentes, independentes, autónomas, traballadoras, nais reflexivas, laicas e modernas. A oposición tradición – modernidade distancia as mulleres inmigradas das autóctonas desdebuxando os trazos en común que as poderían identificar e afastando a posibilidade de trazado de pactos nun contexto de diálogo e comprensión recíproca. O patriarcado vese reforzado elevando ás mulleres autóctonas ao polo positivo da dicotomía tradición- modernidade. E deste xeito, os logros da modernidade para a muller son para as mulleres burguesas. As pobres, inmigrantes, etc. non se benefician deste ascenso (HARDING, 2008).

3.2.5. As sobrecargas das inmigradas

Son as mulleres inmigradas as que cargan coas principais problemáticas sociais e culturais da inmigración. Xa reflexionamos sobre a sobrecarga cultural nesgada polo sexo. Son as mulleres as que visten as roupaxes tradicionais de opresión e ás que conservan os costumes culturais de cada comunidade. Este feito non muda na migración. Celia Amorós gusta de lembrar o aspecto occidental, “*con blue jeans y camisa*” que lucía o pai de Fátima, a nena musulmá que levantou en España o debate do velo nas escolas públicas e concertadas, nun debate televisivo; ou o caso do xeque árabe que paga con American Express mentres a súa acompañante vai tapada con velos e roupaxes que ocultan a súa personalidade.

Mencionabamos nun apartado anterior o uso de metáforas como unha das estratexias de desprestixio do fenómeno da inmigración. Pois ben, ademais das metáforas militares que connotan conflitos armados e violentos, interrupcións abruptas e entradas á forza; os medios de comunicación tenden a empregar, tamén, metáforas

acuosas e relativas aos fenómenos naturais, como inundacións, mareas... A naturalización é unha das estratexias máis recorrentes dos sistemas de opresión para desprestixiar o que lle é alleo e pode subvertir a orde imperante. Así a inmigración, como a muller, é asociada á incontrolable oleaxe, as catástrofes naturais, etc. A naturalización está asociada ao caos e a irracionalidade. Podemos establecer unha analogía entre as dicotomías de nacional/inmigrado/a, sociedade/natureza, racional/irracional, home/muller, privado/público, civilización/barbarie, modernidade/tradición, etc. No caso das mulleres inmigradas esta caracterización natural é aínda máis profunda, na medida en que estas son dobremente marcadas co polo negativo da dicotomía. Resulta lóxica pois a adscrición das inmigradas á esfera do privado, o que as invisibiliza. As mulleres que migran son construídas mediante a bioloxización, estratexia discursiva que as pecha no seu corpo e nos seus fogares. A súa condición de nais e seres sexuados, que a priori comparten coas mulleres autóctonas, adoptan matices específicos para as mulleres inmigradas, o que de novo as separa de nós –as mulleres españolas (SÁIZ y SÁNCHEZ LEYVA, 2008: 182- 183). Xa fixemos referencia no apartado da prostitución a estratexia de hipersexualización destas mulleres. As inmigradas, ademais, cargan co estereotipo de nais que pairen sen orde nin concerto, sen previsión nin planificación. A naturalización da maternidade conleva o pensar as mulleres inmigradas sempre dentro dunha familia. A ambivalencia que caracteriza a todos os estereotipos que lle acaen ás mulleres inmigradas tamén afecta á maternidade intensiva á que se supón están sometidas xa que esta, por unha banda, contribúe a garantir o sistema de pensións e a cobertura de certos traballos, pero, por outra banda, representa unha ameaza para os privilexios dos autóctonos, nun futuro en minoría (SÁIZ y SÁNCHEZ LEYVA, 2008: 183- 184).

A outra estratexia discursiva empregada para a creación do estereotipo das mulleres inmigradas como “putas e submisas” –características que como sinalan Sáiz e Sánchez Leyva (2008: 179) conviven sen contradición simultaneamente- é a psicoloxización: “*relato de las características de las mujeres latinoamericanas como rasgos de carácter individuales*”. Tópicos que serven de áncora para a responsabilización ás propias inmigradas da subalternidade e a precariedade. Así as inmigradas son construídas como vítimas e responsables, a un tempo, das circunstancias que as vitimizan, debido ao seu carácter “*débil psicológicamente, ignorantes, incultas, poco formadas, infantiles e irresponsables*” (SÁIZ y SÁNCHEZ LEYVA, 2008: 182). A infantilización das mulleres é unha estratexia típica do patriarcado. A protagonista de

Memorias de África cando lle impiden ir ao fronte a levar provisións ao seu marido coa frase “a guerra non é cousa de mulleres e nenos” responde se se trata dunha soa categoría ou de dúas. Pois ben, o patriarcado teno claro, unha. As mulleres inmigradas son máis infantilizadas na medida en que o son non só polos homes das súas culturas, senón tamén polos varóns occidentais –os das culturas de destino.

Outras autoras, como Ybelice Briceño (2004: 206), citan as mesmas estratexias de construción do estereotipo das mulleres inmigradas pero con outros nomes. Criminalización, racionalización, culturalización e vitimación. A criminalización constitúe un dos polos da báscula vítima/ameaza ou submisa/puta en termos de Sáiz e Sánchez Leyva. As mulleres inmigradas son representadas en menor medida que os homes inmigrados como delincuentes ou ameazas para a seguridade cidadá. Sen embargo, son representadas como ameaza para o sistema social en tanto portadoras da identidade cultural da súa comunidade de orixe e doadoras de vida de xeito “intensivo” segundo o estereotipo. No apartado relativo aos dereitos xa fixemos mención á criminalización que se fai das mulleres inmigradas, en tanto “ilegais”, “sen papeis”, etc. Na segunda parte desta investigación, centrarémonos nas estratexias de criminalización discursivas que se levan a cabo nos medios de comunicación.

A racialización e a culturalización son procedementos de construción do outro – neste caso da outra en tanto muller inmigrada- que se deben interpretar dentro do marco culturalista na medida en que conceptualiza as culturas como compartimentos estancos, pechados, acrílicos interiormente, etc. que constrúen ás inmigradas como suxeitos “*especialmente condicionado(s) por patrones y normas culturales*” (BRICEÑO, 2004: 109- 210). As inmigradas de orixe árabe son as principais vítimas da estratexia de racialización, dadas as diferenzas culturais e xenotípicas coas mulleres autóctonas. As latinoamericanas malia compartiren máis trazos coas mulleres autóctonas, tamén son construídas como diferentes mediante a racialización. É precisamente a proximidade cultural a que se aviva na necesidade de marcar fronteiras. A vitimación é un discurso propio dos medios, certas ONG’s e centros asistenciais que constrúen ás inmigradas como vítimas dos seus compañeiros e culturas de orixe, de mafias, etc. necesitadas de axuda humanitaria da sociedade de destino. Este discurso empregado para xustificar a inmigración faculta o descoñecemento e complexidade das situacións dos procesos migratorios individuais (BRICEÑO, 2004: 211- 212). A construción das mulleres inmigradas como vítimas xa foi tratada nun apartado anterior.

Segundo datos do ano 2002 da Comisión Europea, preto do 50 por cento, a

metade, dos emigrantes internacionais son mulleres. Aos datos cuantitativos que supoñen que 75 dos 150 millóns de migrantes son mulleres, hai que engadir os datos cualitativos, os cales indican que estas mulleres migradas se dedican á enfermía, servizo doméstico (eufemismo de criada) e a industria do sexo (eufemismo de prostituta). Seguindo a liña de Celia Amorós criticamos o uso dos eufemismos na medida en que estes desactivan a carga política e crítica dos termos. Dicindo servizo doméstico ou industria do sexo non mudamos a realidade social que emprega as mulleres maioritariamente no eido privado, perpetuando así a súa invisibilidade, e se aproveita da súa sexualidade, instrumento da súa opresión na medida en que se naturaliza xustificando a falacia naturalista e tradicionalista a un tempo. Varias estudosas destacan o papel que ten o emprego de mulleres inmigradas, ou rurais, para soterrar o problema da conciliación familiar, entre as dúas partes da parella. O feito de dispoñer de man de obra barata, mesmo irregular, que desempeñe as tarefas de reprodución atrasa a discusión pertinente entre a distribución dos espazos e os tempos correlativa ao sexo. Xa non son, maioritariamente, as mulleres europeas as que teñen que cargar co peso do fogar, en exclusiva, pois hai outras mulleres en peor situación socioeconómica que lles botan unha man nesta tarefa. Coa política de contratación de inmigradas para o sector doméstico abórtanse as posibles redes de solidariedade entre mulleres nacionais e inmigradas que aliadas poderían establecer pactos de empoderamento das mulleres. Deste xeito o sistema patriarcal conserva intactas as súas estruturas; a un tempo que obtén un maior prestixio social por apropiarse da retórica igualitaria feminista, xa que nalgunha medida permite a emancipación feminina das súas votantes e cidadás. Sen embargo, non debemos ignorar que o fai a costa de enmascarar de novo o mito do “igualitarismo marital” e a costa da invisibilización e aproveitamento das mulleres inmigradas que, deste xeito, non logran a súa emancipación.

O desmoronamento do Estado de Benestar provoca un incremento de cantidade e calidade de actividades que o sector público deixa de prover e polo tanto das que teñen que facerse cargo os/as cidadáns/ás. Neste caso as mulleres en tanto responsables históricas do sector privado. Esta situación supón unha fonte de traballo para as mulleres inmigradas que son demandadas para realiza estas tarefas. Paradoxalmente, é unha situación político- económica e social semellante á sufrida por Europa co desmoronamento dos Estados de Benestar a que empurrou a moitas mulleres a inmigrar. O desmoronamento das economías dos países emerxentes e a aplicación de plans de

axuste estrutural supón unha das principais causas da migración. A feminización da inmigración ten como principal causa a feminización da pobreza, á que corre parella. As mulleres son sempre as máis prexudicadas nos casos de problemas estruturais. A pobreza que afecta ás nacións periféricas causa un maior impacto nas mulleres que nos varóns pois son elas as que teñen que suplir os servizos que xa non pode prestar o sistema. Son as mulleres ás que fan de coidadoras de nenos/as cando non existen garderías públicas e non se poden pagar as privadas. Son as mulleres as que coidan os/as vellos/as cando non se dispón de xeriátricos. Son as mulleres ás que fan de enfermeiras cando escasean os hospitais. Son as mulleres as que cocían, limpan e coidan. Por outra banda, son tamén as mulleres as que teñen que facer un esforzo por empregarse de maneira formal ou informal, se a anterior non é posible, para paliar a falta de ingresos na unidade familiar. Ademais de copar o sector do subemprego, ou informal, as mulleres constitúen tamén a porcentaxe maioritaria de man de obra da poboación industrial dos países da periferia. Son a man de obra preferida polas multinacionais que se asentan nas fronteiras, as maquilas son un bo exemplo desta política de contratación. As condicións de saúde das mulleres dos países afectados por políticas de axuste estrutural son precarias: traballan sen protección sanitaria xornadas interminables na industria e logo fanse cargo das tarefas de reprodución no fogar, paliando co seu corpo a fame, ou enfermidades do núcleo familiar. Neste contexto as condicións de saúde das mulleres víronse e vense minadas e a migración representa unha saída para moitas destas mulleres.

Segundo Laura Oso existen tres etapas no estudo das migracións femininas¹²⁹. A primeira abrangue o período anterior a mediados dos anos 70 e caracterízase pola ausencia case total de estudos. A segunda, engloba dende mediados dos 70, data na que se establecen as políticas de peche de fronteiras, ata os oitenta. Esta segunda etapa caracterízase pola aparición do estereotipo da muller inmigrada “*reducida al estereotipo de la mujer reagrupada, económicamente inactiva, acompañante y dependiente del migrante varón*”. A terceira etapa comeza nos anos oitenta e chega ata a actualidade. Nesta última etapa xorde a figura da “*mujer jefa de hogar, protagonista de la migración, actora económica, actora social y de desarrollo*”. Oso continúa a análise do caso español coa seguinte afirmación:

¹²⁹ Para un estudo máis detallado sobre o percorrido bibliográfico das inmigrantes no Estado español véxase o artigo de AUBARELL, Gemma, “Un propuesta de recorrido bibliográfico por las migraciones femeninas en España” en *Papers*, núm. 60, 2000, pp. 391- 413.

“En el caso español, lejos del estereotipo de la migrante reagrupada, económicamente inactiva, dependiente del migrante varón, los datos estadísticos revelan que la migración regular de mujeres africanas, latinoamericanas y asiáticas está en casi un 50% compuesta por trabajadoras” (OSO citada en BERNÁRDEZ, 2007: 30-32).

Ademais da precarización da man de obra produto das economías globalizadas e a crise económica dos países da periferia, a muller emigra por outros motivos. Entre eles, dende o feminismo vémonos na obriga de destacar o motivo emancipatorio. Malia que a emancipación sexual non se concrete en Occidente, onde as mulleres inmigradas teñen que pregarse ás normas de dominación masculina implementadas pola súa condición de inmigradas e polo tanto dobremente invisibilizadas, moitas mulleres foxen dos seus países de orixe para escapar das súas parellas ou familias: os casos de separadas, nais de fillos non lexítimos, etc. son numerosos entre as inmigradas. Sen embargo, e como acabamos de reflexionar, a emancipación que levan a cabo estas mulleres non pode, nin debe, interpretarse como unha emancipación de xénero real, porque na patria de destino estas mulleres reproducirán as estruturas de dominación masculina que as atrapan, senón como unha emancipación persoal, de cada caso particular. Como podería ocorrer e de feito ocorre coas persoas do Centro que migran a outro lugar para evitar as presións sociais. Son célebres os exemplos das lesbianas ou os *gais* que foxen do pobo natal cara ás grandes cidades: Madrid ou Barcelona, e mesmo Londres, París ou Amsterdam, para facer a súa propia vida.

3.2.6. A feminización das migracións: conceptualizar é politizar

O obxectivo desta investigación é analizar cómo e en qué medida as relacións de xénero estruturan a inmigración dende a sociedade receptora. A miña condición de cidadá feminista dun Estado europeo, España, faime situarme nun contexto concreto. Coa miña elección teórica non pretendo restar importancia á configuración que o sexo-xénero imprime sobre a inmigración en orixe. Pero o tempo e carácter dunha tese obrígame a acotar o tema de estudo. Comecemos coa caracterización da feminización das migracións internacionais.

A inmigración feminina experimentou un cambio fundamental ao pasar de acompañante ou reagrupada a protagonista en tanto suxeito activo da inmigración, e

pioneira no grupo familiar. Segundo datos do INSTRAW (1994), nos últimos anos vense falando dun incremento importante no fluxo de inmigración feminina a nivel internacional. Segundo este informe, os países desenvolvidos atraen a máis mulleres internacionalmente que a homes (GREGORIO, 1998: 17). Segundo datos do UNFPA (2006), as mulleres constitúen case a metade (un 49, 6 por cento exactamente) dos inmigrantes do mundo (192 millóns de persoas). A cifra de 95 millóns de mulleres inmigrantes é a áncora da teoría da feminización das migracións, un dos principais trazos da mobilidade xeográfica que caracteriza o século XXI¹³⁰. En España, e segundo cifras do INE (2007) residen 4.519.554 de estranxeiros, dos cales 2.123.869 son mulleres e 2.395.685 homes. O UNFPA sinala que nos últimos corenta anos a cifra de mulleres que migrou é semellante á de homes. Ademais das reagrupadas polos seus maridos, o UNFPA sinala a importancia crecente que ten a inmigración de mulleres que se desprazan de forma autónoma por diferentes motivos (SOLÉ y PARELLA, 2008: 299). As circunstancias de orixe de cada muller motivan unha historia migratoria diferente. Sen embargo, e lonxe de estereotipar¹³¹, pódense establecer unha serie de coordenadas coincidentes nas historias migratorias das mulleres con distinta orixe e destino España. Solé e Parella (2008: 300) sinalan que: “*Se constata pues la llegada de una migración femenina, autónoma e independiente, resultado, principalmente, de una estrategia familiar orientada a la obtención de ingresos por el grupo familiar*”. Estas mulleres inmigradas orixinarias principalmente de América Latina¹³² enmarcan a súa traxectoria migratoria dentro das estratexias familiares para a supervivencia do grupo doméstico. Carmen Gregorio (1998: 60-62) estudou o caso das inmigradas de orixe dominicana, o colectivo de inmigradas máis feminizado, xunto co orixinario de Filipinas e Guinea Ecuatorial. O colectivo Ioé (2003: 24) sinala República Dominicana e Brasil como os países de orixe cunha inmigración máis feminizada (cun 70 por cento), seguidos de Guinea Ecuatorial (66 por cento) e Filipinas, México, Rusia, Venezuela, Colombia, Perú e Cuba (entre 58 e 63 por cento). Na seguinte táboa

¹³⁰ E que tamén caracterizou o último cuarto do século XX. Pois é precisamente a partir dos anos oitenta cando se comeza a empregar a variable analítica xénero na análise das migracións pola importancia crecente que tomaron as mulleres na mobilidade xeográfica internacional.

¹³¹ A categoría mulleres inmigrantes é cambiante en función do contexto no que se enmarque. “*Nombrar la categoría “mujeres inmigrantes” evitando no construír con ello una imagen homogénea de la realidad requiere analizar los aspectos que la dotan de sentido político, puesto que tanto ser mujer como inmigrante es algo en permanente cambio en función de una pluralidad de significados y de relaciones económicas, políticas e históricas concretas*” (GREGORIO, 2000: 13). Ademais da comunidade cultural de orixe e destino, e do xénero existen outras variables tales como a clase, formación, sexualidade, idade, etc. que inflúen na construción da identidade das mulleres que emigran.

¹³² América Latina e Asia son os continentes de orixe cunha taxas de maior feminización das migracións.

elaborada con datos do INE relativo ao padrón municipal de 2007, podemos observar os continentes e o seu índice de feminización das migracións. América do Sur con 1.638.694 migrados/as é o continente de orixe con maior nivel de feminización da inmigración cara a España. África pola contra é o continente cunha inmigración máis masculinizada. Segundo o INE, 502.101 africanos viven actualmente en España. E só 235.299 mulleres africanas están empadronadas. Varios/as autores/as sinalan que a porcentaxe de mulleres que migran dende varias nacionalidades africanas, nomeadamente Marrocos, estase a incrementar nos últimos anos.

Cadro: Inmigrados/as segundo o continente de orixe

Ambos os sexos

Total	4.519.554
PAISES EUROPEOS	1.932.998
UNION EUROPEA (27)	1.749.890
<u>PAISES EUROPEOS NON COMUNITARIOS</u>	<u>183.108</u>
PAISES AFRICANOS	737.400
<u>PAISES AMERICANOS</u>	<u>1.638.694</u>
<u>AMERICA CENTRAL</u>	<u>140.953</u>
<u>AMERICA DO NORTE</u>	<u>43.175</u>
<u>AMERICA DO SUR</u>	<u>1.454.566</u>
PAISES ASIATICOS	207.850
PAISES DE OCEANIA	2.612

Mulleres

Total	2.123.869
PAISES EUROPEOS	923.062
UNION EUROPEA (27)	826.378
PAISES EUROPEOS NON COMUNITARIOS	96.684
PAISES AFRICANOS	235.299
PAISES AMERICANOS	887.595
AMERICA CENTRAL	83.453
AMERICA DO NORTE	23.264
AMERICA DO SUR	780.878
PAISES ASIATICOS	76.701
PAISES DE OCEANIA	1.212

FONTE: INE (2007)

A nacionalidade de orixe é relevante á hora de escoller asentamento no territorio español. Así podemos elaborar unha lista –de modo xeral- para distribuír os/as inmigrados/as das diferentes nacionalidades nas comunidades autónomas españolas. Madrid e Cataluña concentran case a metade dos/as inmigrado/as de España.

Cadro: Inmigrados/as nas principais comunidades de destino, e en Galicia

	Ambos os dous sexos	Mulleres
TOTAL POBOACIÓN		

ESPAÑA	45.200.737	22.860.775
CATALUÑA	7.210.508	3.632.332
GALICIA	2.772.533	1.435.374
MADRID	6.081.689	3.137.911

NACIDOS/AS NO EXTRANXEIRO

ESPAÑA	5.249.993	2.522.135
CATALUÑA	1.065.996	494.178
GALICIA	178.481	92.335
MADRID	1.002.539	510.481

FONTE: INE (2007)

As provincia de Barcelona e Madrid presentan –cadansúa- unha fortísima concentración de paquistanís a primeira cun 69 por cento e de polacos/as, a segunda cunha porcentaxe do 62 por cento. En Madrid e Cataluña destacan os/as inmigrados/as filipinos/as (78 por cento), peruanos/as (74 por cento), dominicanos/as (71 por cento) e chinos/as (61 por cento). Os/as ecuatorianos/as mostran predilección por Madrid (cun 46 por cento), pero tamén destaca o seu asentamento en Cataluña, Comunidade Valenciana e Murcia. Case a metade dos/as rumanos /as inmigrados/as en España están distribuídos/as con núcleos en Cataluña, Andalucía, Aragón e Castela- A Mancha. Un terzo dos/as colombianos/as están asentados/as en Madrid, e o resto repartidos/as entre Cataluña, Canarias e a Comunidade Valenciana. Os/as inmigrados/as marroquíes están distribuídos/as de maneira semellante: un terzo en Cataluña e o outro terzo repartido entre Madrid e Andalucía. Outros colectivos nacionais orixinarios dos países subdesenvolvidos están repartidos entre Cataluña, Madrid, Andalucía, Canarias e Valencia. É o caso dos/as arxentinos/as, cubanos/as, alxerinos/as, ucraínos/as, búlgaros/as (Madrid, León e Valencia) e senegaleses/as (IOE, 2003: 27).

A trazos xerais, podemos resumir que os latinoamericanos –e nomeadamente latinoamericanas pois trátase dun colectivo feminizado- se asentan en Madrid maioritariamente, que os africanos –maioría homes- se establecen en Cataluña e que o resto das nacionalidades se reparten fundamentalmente por Cataluña, Madrid, Valencia e Canarias, e en menor medida polo resto do territorio español. As comunidades que non foron citadas, e entre as que se atopa Galicia, reciben entre todas só o 19 por cento restante da inmigración, mentres que contan co 27 por cento da poboación autóctona (IOE, 2003: 25). O colectivo de europeos/as occidentais, os/as pertencentes á UE dende fai tempo aséntanse maioritariamente na costa mediterránea (Cataluña, Valencia, Murcia, Andalucía).

O ano 1996 supón un punto de inflexión na historia inmigratoria de España. Ata esa data a maioría de inmigrados/as asentados/as en España eran homes e orixinarios de Europa Occidental, de idade avanzada e en época de desfrute da súa paga de xubilación. A partir de mediados dos 90, os fluxos migratorios orixinarios dos países subdesenvolvidos incrementouse ata o punto de superar entre 1996 e 2002 a porcentaxe de inmigrados/as estranxeiros/as en España que figuraban nos cálculos de 1996. A poboación estranxeira feminizouse, e fíxose máis nova e activa laboral e politicamente. Actualmente o perfil de inmigrado/a é o de unha persoa nova, en idade laboral (entre 25 e 40 anos) e cunha taxa de ocupación moi elevada na sociedade de destino, que cotiza na seguridade social, de estudos medios ou superiores, e con cargas familiares. Hai practicamente a mesma probabilidade de que sexa home ou muller, a sociedade de orixe dirimirá o sexo –cando menos de xeito maioritario-, se é latinoamericana será muller e se é africano será un home. Sen embargo, hai que matizar que o colectivo inmigrado marroquí –parello a outros norteafricanos- foise feminizando. Segundo o estudioso do colectivo marroquí en Cataluña, Jordi Moreras (2005: 311), a feminización deste grupo foi máis lenta nesa comunidade que noutras como Madrid ou Andalucía. Cabe matizar que as mulleres inmigradas marroquís malia non ser un colectivo feminizado, son un dos colectivos nacionais femininos máis numerosos. Por contra do que rezan os estereotipos, que asimilan reagrupación a muller marroquí- as inmigradas marroquís viñeron cando as súas parellas. Circunstancia pola que este colectivo é un dos máis numerosos de mulleres inmigradas por nacionalidades. Na actualidade son as latinoamericanas, filipinas e guineanas os colectivos máis feminizados e numerosos de mulleres inmigradas en España, pero houbo que esperar ata fins do século XX e xa entrado o XXI para que a presenza destes colectivos nacionais fose tan numerosa como a marroquí, malia a masculinización do fluxo migratorio norteafricano. Dentro das nacionalidades latinoamericanas hai colectivos máis feminizados que outros. Colombia, Brasil e República Dominicana son as nacións de orixe cunha maior presenza feminina en España. Ecuador, pola contra, exemplifica o caso dunha nacionalidade latinoamericana onde o equilibrio entre homes e mulleres é case total, como acontece a trazos xerais entre a poboación orixinaria de Europa do Leste.

Logo de ofrecer os datos cuantitativos –coa axuda do colectivo IOE (2003) e do INE (2007)- dispoñémonos a establecer unha aproximación analítica que nos permita

comprender a cuestión en maior profundidade. A inmigración internacional¹³³ das mulleres representa varios desafíos fundamentais. Yamila Azize (2004: 177- 178) resúmeos en tres. En primeiro lugar: Azize convida a cuestionar por qué “*dos aspectos tan ligados al ámbito privado y público de las mujeres, como son el trabajo doméstico y el sexual*” non recibiron unha atención semellante á da violencia machista, no contexto de discusión dos dereitos humanos. En segundo lugar, “*el reconocimiento de que la organización de las mujeres y los migrantes –en todas sus formas- es primordial para comenzar a denunciar y documentar todo aquello que los que formulan las políticas no quieren ver*”. A inmigración feminina sitúa a estas mulleres nunha posición de maior independencia económica, o que lles dá unha maior potencialidade de participación política, na toma de alianzas, etc. Neste punto cabe salientar que a inmigración internacional feminina malia que pode favorecer o cuestionamento dos papeis tradicionais que encasillan as mulleres non significa de xeito automático unha reversibilización dos papeis entre os sexos nin unha resignificación. A inmigración das mulleres supón un desafío para a orde establecida. Sen embargo, estudos como o de Gregorio (1998) demostran que a maior participación das mulleres no mantemento das economías familiares, mediante o uso de remesas non supón de xeito automático un maior empoderamento destas mulleres nin unha maior participación na toma de decisión, mesmo no uso do soldo que gañan, xa que a independencia económica segue a ser conceptualizada nas culturas de orixe como “unha axuda” temporal, e non como un novo papel económico das mulleres en tanto suxeito de maior independencia económica e maior autonomía. Se ben, si que é certo que, esta maior autonomía económica sitúaa –cando menos de xeito potencial- nunha posición estratéxica para plantearse alianzas políticas e lograr as súas reivindicacións. Azize sinala como terceiro desafío que o peche de fronteiras atenta contra un dos principios fundacionais dos dereitos humanos. Tópico no que profundizamos no apartado *Occidente: porteiro e amo de chaves*. Mergullámonos agora no segundo punto enunciado por Azize: a necesidade de recoñecemento e organización de mulleres. Estratexia que precisa da ferramenta do diálogo como antesala da sinatura de pactos feministas entre mulleres inmigradas e

¹³³ Matizamos “internacional”, xa que a inmigración interna das mulleres caracteriza a varias sociedades dende tempos inmemoriais. India e China son hoxe países onde as migracións internas están totalmente feminizadas. Varias autoras reclaman que se teña en conta e se contabilicen as migracións internas, é dicir os movementos patrilocais, que obrigan as mulleres a deixar a casa materna e viaxar ao fogar do marido, por veces a varios quilómetros de distancia. Esta circunstancia confírelles experiencia migratoria a moitas mulleres que despois atravesaran as fronteiras dos seus países de orixe para emprender unha aventura máis.

occidentais.

3.2.7. A opción do diálogo

“Al toparse con el Otro, la gente tuvo, tres alternativas: hacer la guerra, construir un muro a su alrededor o entablar un diálogo” (KAPUSCINSKY, 2007: 2).

Ryszard Kapuscinsky entende que a pregunta cómo nos debemos de comportar co outro, segue a responderse hoxe coa mesma dificultade que antano. A situación pode desembocar, en opinión do escritor, por unha banda nun duelo, un conflito ou unha guerra; por outra banda nunha muralla defensiva ou, por último, no diálogo, escenificado na historia das cidades nos mercados, academias, universidades, etc. A primeira opción está representada na actualidade polo enfoque de choque de civilizacións de Huntington. A segunda opción é a escollida polos gobernos dos países occidentais: nomeadamente os EEUU, Xapón e a UE –o contexto dende os que teorizamos- quen apostan por un peche de fronteiras, erixindo muros físicos ou legais. A terceira opción é a que se corresponde cun enfoque da teoría da xustiza que entende que a cidadanía é unha construción política que corresponde aos seres humanos polo mero feito de selo. O feminismo subscribe unha teoría da xustiza que establece o binomio seres humanos e disfrute de dereitos, incluídos os políticos. Poñendo especial énfase na necesidade de acadar a igualdade entre os sexos, igualando por arriba como diría Amorós.

O recoñecemento como suxeitos é un paso previo a sinatura de pactos internacionais entre mulleres que salvagarde e amplíe os dereitos acadados polo movemento feminista dende a época da Ilustración. O feminismo xorde co obxectivo de ampliar os dereitos das mulleres, excluídas das cartas de dereitos asinadas logo do trunfo da Revolución Francesa de 1789. A exclusión das inmigradas dos dereitos de cidadanía, e polo tanto do disfrute dos dereitos humanos ligados á nacionalidade e a cidadanía, presenta un novo reto para o movemento feminista. O feminismo radicado en Occidente afronta o reto da inmigración e engade á súa axenda novas versións do mesmo problema que alumeou o seu nacemento alá polo século das Luces: a consecución da igualdade real entre homes e mulleres. O primeiro paso para a consecución da igualdade real entre os xéneros, superando a desigualdade que somete as mulleres aos homes, e a igualdade en dereitos das mulleres entre si, consiste na

formación de redes de solidariedade entre mulleres migradas, que se agrupen para reivindicar os seus dereitos.

“Propiciar las organizaciones de las mujeres migradas y desplazadas, como espacios desde los cuales plantean sus demandas, defender sus derechos y, también, para intercambiar experiencias e impulsar redes de apoyo y solidaridad entre si” (CAMACHO, 2005: 111).

A invisibilidade é o maior atranco que se lles presenta ás migradas nas sociedades de destino para acadar o exercicio da cidadanía plena. A invisibilidade ven reforzada pola súa ocupación en traballos que as ocultan, tales como os estudos de servizo doméstico, sobre todo no réxime de internas, e a prostitución –actividade estigmatizada cara a que a cidadanía pecha os ollos. Ruth Mestre (2004: 248) denuncia a práctica da zonificación- que consiste no establecemento de espazos onde pode exercerse a prostitución, coa conseguinte prohibición do exercicio da mesma noutros lugares máis céntricos e protexidos da marxinalidade- como maneira de ocultamento da prostitución á cidadanía. A zonificación é unha práctica de marcaxe de fronteiras internas. As inmigradas que exercen a prostitución están marcadas por unha presa de fronteiras que as separan da cidadanía: a fronteira legal (asociada á nacionalidade), a fronteira da zonificación (asociada ao estigma da profesión), a fronteira de clase (maioritariamente as estranxeiras que se prostitúen son as que contan cun nivel económico e de estudos máis baixo), a fronteira de xénero (son mulleres nun sistema patriarcal), etc.

Paradoxalmente, o sobredimensionamento que se tende a facer da poboación inmigrada, sobre todo no discurso político conservador e nos medios de comunicación, non se traduce nunha maior visibilidade do colectivo inmigrado de xeito uniforme. As mulleres inmigradas son o colectivo máis invisibilizado. Esta invisibilidade é en boa parte consecuencia da vitimización que se fai delas, recluídas segundo os cánones tradicionais na esfera privada, onde non se ve nin se oe. Emma Martín Díaz (2008: 198) sinala a invisibilidade social –xunto coa extrema dispoñibilidade ás condicións de traballo impostas- como calidades da flexibilidade que converte ás mulleres que migran en man de obra preferidos dos empresarios occidentais. Segundo apunta Saskia Sassen (2003: 85) é precisamente a exportación de man de obra feminina organizada o que lle permite ás inmigrantes deixar de ser invisibles, ao saír da sombra do Estado- nación e traballar fóra das fronteiras. A maior participación das mulleres na esfera pública

mediante o acceso ao traballo tropezo coa informalización que se corresponde coas actividades desvalorizadas nas que se ocupan as mulleres –sobre todo as inmigradas-. Sassen (2003: 77) sinala que existen conexións entre dúas dinámicas diferentes relativas ás mulleres nas cidades globais. Son traballadoras invisibles que ven como a xerarquía se altera coa acceso ao salario, á crecente feminización da oferta do traballo e da informalización. Xorde un novo estrato de mulleres profesionais. A invisibilidade das mulleres inmigradas está ligada á súa suposta falta de axencia, e esta á vitimización. De modo ambivalente, as migrantes son construídas como vítimas responsables. Juliano (2001: 96) pon de relevancia o carácter paradoxal da vitimización- responsabilización das prostitutas: “*la argumentación no puede sostenerse si se nota que el daño real que sufren procede precisamente de la estigmatización social y la indefensión legal, y no a la inversa*”. A vitimización nega a axencia das migrantes e implica a negación do carácter de suxeito a estas mulleres. O recoñecemento da axencia é, pois, un elemento fundamental á hora de analizar as migracións femininas dende unha perspectiva de xustiza.

Fixemos referencia en apartados anteriores ás prácticas legais, políticas e discursivas que contribúen á negación da axencia das mulleres. É fundamental recoñecer as migracións femininas como unha estratexia, consciente e deliberada (MARTÍN DÍAZ, 2008: 201). “*Incluso el sistema más rígido deja un margen de acción a los sujetos que se ven afectados: y es en esa medida en que reconocemos este margen, que podemos reconocer el sujeto*” (MESTRE, 2008: 217). O recoñecemento das mulleres inmigrantes en tanto suxeito permite a organización e o desenvolvemento de accións contra a cosificación, vitimización, invisibilización que se fai delas e que implica o enfrontamento entre as mulleres inmigradas, estereotipadas e estigmatizadas, e as autóctonas que ante a categoría xenérica de inmigrantes, presentada como masculina, se identifican co discurso dos varóns occidentais. Neste proceso, “*el nosotros del discurso de las autóctonas se contruye a partir de la representación de las mujeres inmigrantes como una imagen invertida*” (SÁIZ y SÁNCHEZ LEYVA, 2008: 172) que idealiza ás mulleres occidentais. A consecuencia inmediata é a obstaculización de vínculos entre elas e nós. Unha reacción aos discursos invertidos sobre as migradas, asumidos acriticamente polas mulleres autóctonas que cren xa superaron os problemas destas outras mulleres, son os discursos de contestación enunciados polas propias inmigradas que responden con armas das novas subordinadas ao estereotipo negativo da tradición. Varias autoras –como Emma Martín Días (2008: 202) e Martín Díaz e Sabuco

(2006: 33)- recollen as reivindicacións do carácter de nais e esposas das inmigradas: *“los niños sólo comen si yo les doy la comida”, “ si esta anciana fuera mi madre yo moriría antes de tenerla así, etc.”*

O empoderamento das mulleres inmigradas é fundamental á hora de construír discursos feministas sobre este colectivo para loitar contra as representacións que obstaculizan a sinatura de pactos e o trazado de redes de solidariedade entre todas as mulleres, autóctonas e alóctonas. Fadela Amara (2004: 125) demanda a atención do feminismo cara aos conflitos fundamentais: *“En los últimos años, las feministas han liberado batallas casi “reservadas”: centrándose en la lucha por la paridad, sólo se han dirigido las clases medias y altas y se ha olvidado de las mujeres de los medios populares”*. A fundadora de Nin putas nin Submisas céntrase precisamente no contexto da integración das inmigradas, e os/as seus/súas descendentes, nos suburbios franceses. Nesta mesma liña, Martín Díaz e Sabuco (2006: 34) resaltan a necesidade de realizar un toque de atención ás políticas de igualdade dos países occidentais. Dado que estas se sustentan sobre unha concepción da cidadanía que abre unha “brecha insalvable” entre as persoas dun mesmo sexo pero distinta orixe étnico- nacional, e engadimos clase. As autoras critican, tamén, que as políticas de inserción deseñadas para mulleres non cuestionan o modelo de cidadanía excluínate, o que contribúe a reforzar o modelo de dominación masculina. O patriarcado anóvase con pautas novas que reproducen opresións vellas.

As mulleres europeas, tamén vítimas de representacións homoxeneizadoras e invisibilizadoras das mulleres inmigradas, non teñen doado o achegamento/ identificación coas outras mulleres, por iso urxe unha aproximación á inmigración para poñer en práctica o consello de Benhabib (2006: 78): *“tenemos el imperativo pragmático de comprendernos unos a otros y entrar en un diálogo intercultural”*. A vontade de diálogo comeza co recoñecemento dos outros como suxeitos e polo tanto interlocutores válidos. As inmigradas, como o resto das mulleres, son suxeitos- autoras da súa propia vida. É de xustiza recoñecérllelo.

A articulación de redes de mulleres inmigradas, agrupadas por ocupacións, ou por nacionalidades –entre outras variables- comezan a ser unha realidade no contexto español. O caso catalán é unha excepción, xa que dada a historia –menos recente- do fenómeno inmigratorio dirixido cara a Cataluña, o asociacionismo nesa comunidade autónoma goza dunha maior madurez. Remei Sipi e Mariel Araya, dúas migradas afincadas en Cataluña dende os anos setenta, documentan nun texto compartido a

solidez do asociacionismo de inmigradas catalás. Estas autoras denuncian que a invisibilidade, cando menos no caso catalán, das migradas non está motivada na ausencia dun tecido asociativo senón da “ignorancia” por parte dos discursos políticos e mediáticos. Segundo estas estudosas da inmigración, as inmigradas non son invisibles senón invisibilizadas. Nese contexto, *“el silenci de vegades és el refugi en què moltes de nosaltres ens situem, perquè la comunicació no comporta comprensió sino malentesos”* (SIPI y ARAYA, 2005: 88).

É necesario un contacto entre as mulleres nativas coas estranxeiras na medida en que comparten polo feito de ser mulleres unha serie de discriminacións e desigualdades, xa que de modo xeralizado e a nivel global existen unha serie de relacións xerárquicas que sitúan ás mulleres en tanto colectivo minorizado nunha situación de opresión compartida. De non producirse este contacto que consiga a articulación dun nós e unha relación nós- elas que supere a conceptualización dicotómica das nosas e das súas, como diría Amorós, as consecuencias son graves. Sáiz e Sánchez Leyva (2008: 171) sinalan as tres principais consecuencias: a) estes mecanismos impiden a participación paritaria e xusta na sociedade democrática porque proxectan unha representación desinstitucionalizada no discurso público, b) coa homoxeneización e esencialización procura unha experimentación da subxectividade como outro subalterno dificultando o recoñecemento e a creación de redes de solidariedade e 3) a voz dominante controla o discurso sobre a inmigración. É preciso que se tezan redes violeta entre mulleres inmigrantes e autóctonas co fin de loitar contra a creación de desigualdades e diferenzas a partir das dicotomías nacional/estranxeira, branca/negra, etc. A coherencia co feminismo urxe a reivindicar a autodesignación das mulleres migradas, primeiro paso para a sinatura de pactos e o trazado de redes de solidariedade polos suxeitos das inmigracións, as mulleres inmigradas. Dispoñemos a continuación a analizar e facer balance, de aí o título do seguinte apartado.

3.2.8. A balanza da inmigración: o caso das remesas

A inmigración é un proceso coxuntural complexo con implicacións tanto para as sociedades de orixe como para as de destino, ademais –por suposto– de para o/a axente que emprende a inmigración. O obxectivo desta investigación é a análise da inmigración feminina e nomeadamente das mulleres migradas no contexto español. Por este motivo non reparamos de vagar, aínda que si repasamos, nas consecuencias que ten

a inmigración para as sociedades de orixe. A coherencia esixe que reparemos tamén nas consecuencias que ten a feminización da inmigración para as outras mulleres, as que non migran pero que viven en sociedades afectadas pola migración tanto en orixe como en destino. Sen embargo, o tempo e extensión desta investigación deben ser limitados por iso é preciso acotar o tema de estudo, de modo que nos centraremos fundamentalmente no contexto de destino: o noso: aquel caracterizado pola recepción de inmigrantes.

Un mesmo elemento pode ter tanto consecuencias negativas coma positivas, tanto no caso da inmigración coma en calquera outra tema estudado. Por exemplo, o feito de que migren as persoas con mellor preparación educativo- cultural ten consecuencias negativas para orixe xa que sucede a chamada “fuga de cerebros” que retrasa o desenvolvemento socio- económico da zona de saída da inmigración, e ten consecuencias positivas para o contexto de destino, que recibe man de obra cualificada gratis, é dicir, para a que non tivo que investir recursos económicos na súa formación. Malia que o estereotipo constrúe o/a inmigrado/a como inculto/a, sen estudos, sen experiencia migratoria previa, sen preparación..., as análises que reparan no contexto de orixe da inmigración constatan que as persoas que deciden emigrar *“no son, en general, las menos valiosas en capital humano y formación profesional, sino personas con coraje y ganas de hacer cuanto esté en su mano por salir adelante: con aptitud y actitud para lograr su objetivo”* (GORTÁZAR, 2005: 92). A fuga de cerebros ten unha contraprestación no envío de remesas aos países de orixe por parte dos/as inmigrantes. A propia Comisión Europea lembra o impacto positivo que teñen as inmigracións en orixe a través dos envíos periódicos de diñeiro. O volume de remesas cara aos países emisores de inmigrantes está a medrar exponencialmente. Segundo datos do Banco Mundial, o volume total das remesas incrementouse entre 1999 e 2004 un 306 por cento, mentres que o volume de inmigrantes se incrementou só nunha porcentaxe do 20, 1 por cento. As cifras mostran que as remesas representan unha cifra de máis dun 138,1 por cento por enriba do total da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) (ABAD citada por SOLÉ y PARELLA, 2008: 303- 304). Para facernos unha idea das cifras: en 2005 –segundo datos da UNFPA (recollidos en DE CICCIO, 2006) - as remesas ascenderon a un total de 232.000 millóns de dólares estadounidenses. As remesas convertéronse así no mellor instrumento de redistribución das riquezas entre países a nivel internacional. Sonia Parella (2008: 268) sinala que a importancia deste instrumento radica non só no volume económico –que é obvio- senón tamén no feito de

que as destinatarias destes cartos sexan as familias. Neste punto, queremos matizar que hai unha literatura de análise do contexto de orixe da inmigración –na que destaca a obra de Gregorio (1998)- na que se incide na xestión maioritariamente patriarcal destas remesas, xa que son os maridos en orixe os que dispoñen o uso que se fará dos cartos enviados polas mulleres inmigradas, mesmo contravindo as indicacións de gasto que estas dispuxeran co envío¹³⁴. Carmen Gregorio conta como moitas mulleres migradas comprobaron con desgusto como os seus maridos malgastaran os cartos que elas lles enviaran sen investilos na mellora da vivenda, na educación dos fillos ou en proxectos comerciais previamente pactados polas dúas partes da parella. Gregorio (1998: 168) documenta tamén casos de mulleres que decidiron mudar o destinatario das remesas, substituíndo ao marido pola nai que coida os fillos para evitar o malgasto e a falta de aforro da parella. O control sobre o gasto dos ingresos pertenceu aos homes historicamente nas comunidades de orixe da inmigración –e nas de destino- coa inmigración aumenta a capacidade xeradora de ingresos das mulleres e iso pode xerar – e en varios casos xera- unha inestabilidade ou diminución na capacidade de decisión económica dos homes. As mulleres tenden a dispoñer de xeito moi detallado o destino das remesas: unha porcentaxe para gastos diarios, outra para extras concretos e unha terceira para inversións. O maior protagonismo que teñen as mulleres en tanto principais mantedoras da familia foi acompañado de varios cambios nas sociedades de orixe destas. Por unha banda, é frecuente que os maridos de mulleres inmigradas que envían remesas deixen o seu traballo, pasando a ser mantidos por estas mulleres. A sociedade de orixe xustifica a actitude dos homes e segue conceptualizando as mulleres inmigradas, pese a súa contribución económica á familia -mesmo exclusiva- como as reprodutoras, que de xeito excepcional e coxuntural contribúen ao mantemento da familia cun salario de “axuda”. O control monetario das mulleres incrementa o seu status, o poder de negociación e de decisión destas pero só dentro dos límites da sociedade patriarcal. Pódese exemplificar este argumento coa realidade descrita por Gregorio (1998: 217) sobre a entrega das remesas, por defecto ao cabeza de familia, que sempre é o home da casa. Deste xeito salvo que as mulleres vivan soas (avoá, filla e netas) as remesas serán recibidas por un varón, co que a revalorización das mulleres se produce moi lentamente. O seu traballo segue a ser visto –mesmo por elas propias- como axuda (GREGORIO, 1998: 204).

¹³⁴ Así poderíase falar de redistribución da riqueza entre países ricos e pobres pero non da redistribución da riqueza entre xéneros.

En varios países de América Latina, as remesas supoñen un ingreso superior ao xerado polas exportacións de produtos. Pero estes cartos non chegan de xeito igual a todos os membros da familia, e sobre todo non chegan de mesmo xeito a homes e a mulleres. “*La desigualdad entre géneros se reconstruye dentro del nuevo contexto de las relaciones sociales de producción*” (GREGORIO, 1998: 208). Gregorio especifica como os homes en orixe se benefician en maior medida que as mulleres dos traballos xerados mediante as inversións das remesas enviadas por mulleres. No caso de República Dominicana, por exemplo, é frecuente que os maridos das inmigradas merquen un medio de locomoción e se dediquen ao transporte. No caso de apertura de negocio novo, os xerentes son maioritariamente homes, o que non permite mudar a distribución sexista dos espazos e do prestixio das actividades. As mulleres que quedan nas sociedades de orixe seguen ocupándose maioritariamente das tarefas de coidados, da reprodución. A inmigración das mulleres deixou unha vacante no interior dos fogares nas tarefas relativas á reprodución. Traballos que asumen maioritariamente de xeito gratuíto outras mulleres –nomeadamente familiares da inmigrada. Só no caso en que a rede de familiares femininas da inmigrada non poidan facerse cargo se recorrerá a contratar a unha muller máis pobre á que se lle pagará unha cantidade moito menor da que recibe a inmigrada en destino. Gregorio documenta casos nos que as familias se deslocalizan coa migración da nai dominicana cara a España. O pai vai vivir cunha irmá e os fillos coa avoa ou unha tía materna, deste xeito a reprodución está garantida mediante a rede de relacións femininas, sen necesidade de pagar polas tarefas de coidados, totalmente infravaloradas no contexto de orixe. Este desprestixio unido ao carácter de “axuda” da contribución da inmigración feminina aos fogares en orixe e a concepción prevalecente de nai- esposa sobre a de traballadora sitúa a varias mulleres na difícil e inxusta situación de ser acusadas de abandono de fogar e perda de custodia das criaturas, como ameaza que permite ao home seguir gozando da súa posición de poder (GREGORIO, 1998: 217).

As xefas de fogar transnacional –apelativo co que Laura Oso nomea ás mulleres inmigrantes soas na situación de provedoras económicas da súa unidade doméstica en orixe- e tamén as esposas transnacionais envían unha maior porcentaxe, dos seus menores salarios, que os homes inmigrados aos seus fogares¹³⁵ (DE CICCIO, 2006). O

¹³⁵ As mulleres inmigradas non só envían remesas á súa unidade doméstica. Segundo constata Carmen Gregorio (1998: 179) as inmigradas tenden a mandarlle diñeiro tamén a familiares que non forman parte da súa familia no sentido nuclear e/ou a amizades.

xénero, polo tanto, é un factor que ten un impacto fundamental no envío, recepción e inversión das remesas. Malia que hai variacións nas cifras¹³⁶ da porcentaxe de mulleres inmigradas que envía remesas aos seus países de orixe segundo a fonte, está consensuado que a maioría das inmigradas envían remesas. As diferenzas nas cifras dependen fundamentalmente da nacionalidade de orixe, ademais da situación legal da persoa inmigrada. Así, as inmigradas marroquís estudadas por Ramírez non teñen un grao de compromiso tan elevado como as dominicanas estudadas por Gregorio. Por exemplo, as inmigradas marroquís deixan de mandar remesas cando casan en destino. Por outra banda, non é habitual que as mulleres marroquís emigren deixando a esposo e fillos en orixe. O caso máis común de inmigradas marroquís compóñeno as mulleres que emigran solteiras. Estas mulleres asumen o mantemento da familia en orixe como xeito de minimizar a vergoña que supón a súa inmigración (GREGORIO y RAMÍREZ, 2000: 267).

O éxodo que provoca a inmigración feminina nos países de orixe produce a activación das cadeas de coidados internacionais. As inmigrantes que veñen a España a desenvolver tarefas de coidados, vense na obriga de acudir ás mulleres da súa familia para que as cubran no quefacer das tarefas que deixan de facer en orixe. A inmigración xera unha incompatibilidade co mantemento das tarefas de reprodución por parte das mulleres que toman a decisión de emigrar. Sen embargo, esa incompatibilidade non serve para descargarlas deste peso. Xa que son elas as encargadas de buscar substitución para estas tarefas. Segundo explica Carmen Gregorio, a partir dos resultados da súa investigación na República dominicana, son as redes de familiares femininas das mulleres inmigradas ás que asumen as cargas asociadas á reprodución do fogar que quedou sen a súa áncora de coidados. Esta realidade coñécese como as “*cadeas mundiais de afecto e asistencia*” (SOLÉ y PARELLA, 2008: 307). Unha nova forma da vella fórmula que asocia reprodución e ámbito privado ás mulleres. Parella (2007: 267) cita a Bettio quen acuñou o termo “*fuga de coidados*”, facendo un paralelismo coa expresión “*fuga de cerebros*” –que tamén ten lugar nos contextos de orixe da inmigración- para referirse ás cadeas que se forman entre mulleres co gallo de seguir

¹³⁶ Segundo Carmen Gregorio (1998) o 85, 7 por cento das entrevistadas pola Comunidade Autónoma de Madrid envía remesas. A porcentaxe baixa ata o 62,07 por cento das mulleres preguntadas pola Asociación Malen Etxea (2006) do País Vasco, e ten un punto intermedio na enquisa a 210 mulleres dominicanas procedentes da rexión suroeste efectuada por Carmen Gregorio (en GREGORIO y RAMIREZ, 2000: 266), quen fixa neste caso na porcentaxe do 70, 5 por cento as mulleres que envían cada semana remesas ás súa familias. Neste estudo especificase tamén a cantidade media: máis de 25.000 pesetas.

ocupándose dos coidados, malia independizarse e acceder ao mercado laboral, malia acceder á esfera pública, ou malia inmigrar a outro continente a miles de quilómetros de distancia. Carmen Gregorio (1998: 200) chama a atención sobre cómo as mulleres inmigrantes se senten culpables de deixar de realizar as tarefas de reprodución cando migran, mesmo que envíen en remesas o seus salarios practicamente íntegros. Gregorio sinala que, por contraste, os homes que quedan nos fogares onde a nai da familia migrou e que non se ocupan desas tarefas pese a estar na dispoñibilidade de facelo non teñen nin sequera a obriga social ou moral de tentalo. A opción de culpar a muller inmigrada é máis aceptada socialmente, mesmo cando o home deixou o seu traballo na esfera produtiva porque coa remesa que envía a muller abundaba para manter a unidade doméstica. “*É así como se establecen as cadeas mundiais de afecto e asistencia con distintos vínculos e graos, sendo as mulleres máis pobres as que se ocupan dos fillos ou dos anciáns das familias máis acomodadas*”, así é como Sonia Parella (2007: 276) caracteriza a “maternidade transnacional” ou “globalización da maternidade”. Gregorio fai referencia ás cadeas de coidados internacionais no seu estudo sobre a comunidade de inmigradas femininas dominicanas (1998, 2000: 268). As mulleres dominicanas buscan a axuda das súas familiares femininas (nais, irmáns) para coidar das súas criaturas mentres a muller está inmigrada lonxe e imposibilitada de cumprir con esas tarefas de reprodución.

Centrámonos xa no contexto de destino. En opinión de varios/as expertos/as a inmigración é beneficiosa para os países de recepción. O socialista galego José Manuel Civeira Moure, técnico director xeral de Promoción de Emprego da Consellería de Traballo durante o bipartito, afirmou nunha intervención nas Xornadas “In-Emigración e comunicación” organizadas polo Club Internacional de Prensa en decembro de 2006 que: “*a chegada da inmigración é unha bendición para unha sociedade como a española que envellece á par que diminúe, amosando escasez de man de obra en certos sectores*”¹³⁷. Valorando de xeito positivo a inmigración en termos económicos, xa que, explica, permite manter un ritmo de creación de riqueza que garante o futuro modelo de protección social. Ademais da dispoñibilidade de man de obra formada sen ningún custe –xa que son os países de orixe os que pagaron a educación destas persoas- a inmigración contribúe de xeito directo ás arcas do país mediante os descontos de cotización da Seguridade Social. No Informe sobre *Estrategia Nacional de Pensiones*

¹³⁷ Xa fixemos mención nun apartado anterior á lectura positiva da ambivalente maternidade intensiva das mulleres inmigradas.

2008, presentado polo goberno español sinálase a inmigración como unha das principais causas de garantía do equilibrio presupostario ata o 2029, oito anos máis do previsto.

“Con cifras de 2008 el total de afiliados extranjeros asciende a 2.130.000, lo que supone un 11,1 por ciento del total de afiliados. El 65 por ciento de los extranjeros son trabajadores procedentes de países que no forman parte de la Unión Europea. Una de las características de dicho colectivo es que se trata de una población joven que supone a corto y medio plazo una situación beneficiosa para el Sistema de Seguridad Social al suponer un aumento del colectivo de trabajadores que efectúan sus correspondientes cotizaciones al sistema y por tanto ayudar al equilibrio económico financiero” (páx. 6).

O que para as sociedades de orixe supón unha consecuencia negativa da inmigración, a fuga de persoas novas con forza de traballo, representa nos países de destino unha das principais vantaxes desta realidade. Europa é unha sociedade envellecida e con tendencia a un envellecemento da poboación aínda maior nos seguintes anos. Dada a baixa taxa de maternidade de mulleres autóctonas, a porcentaxe de persoas maiores e dependentes aumenta a un ritmo xeométrico, mentres que os nacemento o fan a un ritmo aritmético. As mulleres inmigradas teñen unha taxa de maternidade superior ás autóctonas. Por outra banda a chegada de xente nova en idade laboral que cotice ao sistema xeral da Seguridade Social garante o fondo de pensións na actualidade. Deste xeito, a inmigración supón un garante a curto e medio prazo do equilibrio económico financeiro, como indica o Informe. Non queremos posicionarnos dentro da perspectiva funcionalista –que xustifica a aceptación da inmigración en nome da necesidade desta para o bo desenvolvemento do noso sistema económico (SÁIZ y SÁNCHEZ LEYVA, 2008: 174). Sen embargo, non podemos deixar de expoñer os argumentos funcionalistas nun balance da inmigración.

Deixando á marxe a inmigración xeral, e centrándonos no caso das mulleres inmigradas e as vantaxes da súa chegada para as sociedades de destino, debemos matizar que o principal beneficiario é o patriarcado occidental, e nomeadamente os Estados –neste caso o Estado español- quen recibe de mans de “outras mulleres” os servizos que a independización das mulleres “de aquí” (“as nosas” en termos amorosianos) deixou de prover coa conseguinte necesidade de substitución. O Estado é o responsable de garantir determinados servizos que en época de crise delega nas mulleres, titoras das tarefas de coidados. O sistema xerárquico é o gran beneficiario de

que outras mulleres substitúan as autóctonas na reprodución evitando así o proceso de poñer en solfa o propio sistema patriarcal, que sen o traballo gratuito ou mal pagado das mulleres estaría manco. As mulleres son sinónimo de traballo barato e flexible, o máis demandado na época da globalización.

Varias autoras coinciden na crítica feminista á xestión da inmigración feminina, de fonda pegada patriarcal. *“Las mujeres inmigrantes continúan confinadas en el gueto de lo privado que las mujeres del norte apenas han conseguido comenzar a romper”* (DE LUCAS citado por AZIZE, 2004: 174). Non hai máis que ver, en expresión de Javier de Lucas citado por Yamila Azize *“la vinculación de la entrada en el país y el reconocimiento de los derechos con las reglas del mercado formal masculino de trabajo”*. As leis de estranxeiría, os medios de comunicación, o discurso político e social están dirixidos cara á inmigración masculina. As mulleres inmigradas, invisibilizadas en todas as esferas, son discriminadas pola perspectiva masculina que olla dende calquera das institucións. Analizaremos máis polo miúdo o discurso mediático sobre as inmigradas no seguinte capítulo. Pero antes continuamos tirando as consecuencias da inmigración. Centrémonos agora na situación das protagonistas da inmigración: as mulleres que fan as maletas e emprenden a viaxe e conseguinte aventura de mudar de territorio.

“La inmigración es beneficiosa para el inmigrante (sic) que ve en ella la única forma de escapar de penosas circunstancias de vida y nulas perspectivas de un futuro digno para sus descendientes y para el resto de sus seres queridos” (GORTÁZAR, 2005: 91)

Na cita de Rodríguez Palop podemos recoñecer o prototipo de inmigrante económico, o protagonista da teoría da modernización, predominante dende os sesenta ata ben avanzados os setenta. Gregorio (1998: 21- 24) describe a teoría baseada nos presupostos do enfoque do equilibrio de Kerney como una perspectiva que destaca as consecuencias positivas (integración das tecnoloxías e coñecementos, diminución do desemprego pola saída de man de obra sobrante, inversión de capital e transmisión de modernidade) dunha decisión racional e individual dun individuo ou unha familia¹³⁸.

¹³⁸ Oso e Villares (2005: 4-5) sinalan que a toma de decisión ten unha ou outra protagonista en función da nacionalidade de orixe. Así, as inmigradas argentinas e venezolanas toman a decisión de migrar de xeito conxunto no marco da familia nuclear. Pola contra, as inmigradas dominicanas (estudadas por Gregorio: 1998) deciden migrar elas propias: *“para las mujeres dominicanas en España la migración constituye a veces una estrategia del hogar dirigido por una mujer”*. Abundan así, entre as inmigradas dominicanas

Esta primeira teoría da inmigración non ten en conta a especificidade das mulleres. “*En los planteamientos de este modelo, la mujer, cuando emigra lo hace como sujeto individual racional y sin género*”, explica Gregorio (1998: 22). Nun mundo ideal onde a igualdade real entre os xéneros estivese garantida, esta circunstancia non tería tanta importancia coma na actualidade. Dado que as mulleres son obxecto dunha heterodesignación e dominación masculinas, é pertinente analizar as migracións dende unha perspectiva de xénero, para non reforzar de xeito consciente as desigualdades e inxustizas sociais, que se alimentan da invisibilidade das mulleres, converténdooas en reflexo do espello masculino. Varias autoras feministas sinalaron a pertinencia de analizar as mulleres en relación á inmigración. Así comezouse a sinalar os efectos “sociais” e especificamente femininos desencadeantes da emigración das mulleres, tales como a ruptura matrimonial, os embarazos prematrimoniais e a viudedade. Nese momento teorízase que as causas sociais da inmigración feminina prevalecen sobre as económicas, as maioritarias na migración masculina.

O enfoque económico recibiu varias críticas, entre as que destacan en importancia a do erro de analizar as migracións en termos de motivacións individuais, esquecendo os aspectos macrosociais (tales como crises económicas, políticas de axuste estrutural, os efectos da globalización, o carácter patriarcal das sociedades, etc.), o cuestionamento das “outras razóns” de carácter social ou a negación de axencia das acompañantes de esposos que migran, xa que estas mulleres tamén poden percibir a inmigración como unha oportunidade de mellorar o seu status económico.

Nos anos 70 desenvolveuse o enfoque histórico- estrutural, enraizado na teoría economía política marxista. Esta teoría pon énfase na emigración de grupos sociais, esquecendo a perspectiva individual, a axencia e racionalidade dos suxeitos que emprenden a viaxe da inmigración. No tocante ao xénero, esta perspectiva supón un avance con respecto ao enfoque económico anterior, pois por exemplo analiza as consecuencias para as mulleres que quedan en orixe, da inmigración dos seus esposos, fillos, etc. O terceiro enfoque, a teoría da articulación, pretende superar as eivas dos dous anteriores. A unidade de análise deste modelo teórico é o grupo doméstico, o que permite “*tomar en cuenta con toda su importancia la reproducción (...) y por otro incluir las relaciones ideológicas de género que aparecen dentro del grupo doméstico*” (GREGORIO, 1998: 32).

“*mujeres separadas, viuda, divorciadas, madres solteras o casadas que dejan a sus maridos en el país de origen (...) en busca de una vida mejor para su familia*” (OSO y VILLARES, 2005: 4).

Logo da análise dos tres modelos teóricos sobre a inmigración, Carmen Gregorio conclúe a necesidade de incorporar dúas variables que permitan comprender dende un enfoque de xénero, ausente nos tres modelos, os procesos migratorios, as causas e consecuencias. Estas variables son o grupo doméstico (que inclúe a división sexual do traballo, as relacións de poder dentro do grupo –acceso a recursos, autonomía nas decisións-, ideoloxía respecto á migración, á maternidade, transnacionalidade, etc.) e a rede migratoria: “*conjunto de relaciones sociales que organizan y dirigen la circulación de trabajo, capital, bienes, servicios, información e ideologías entre las comunidades que envían emigrantes y las que los reciben*” (GREGORIO, 1998: 39). Para levar a cabo unha análise da inmigración é fundamental ter en conta os contextos de orixe e destino, para poder actuar sobre as discriminacións ás que fan fronte estas mulleres e prever o reforzo do multiculturalismo de grupos. A tendencia é que as mulleres reproduzan á súa chegada a vida que levaban nos países de orixe: co que o patriarcado das sociedades de destino se ve reforzado polo que traen a costas as mulleres inmigradas doutros países. Por outra banda, a inmigración feminina reproduce as desigualdades na medida en que estas mulleres fan o relevo das mulleres autóctonas na realización das tarefas reprodutivas presentando unha solución mercantil a un conflito de xénero e imposibilitando así a solidariedade baseada na identidade de xénero. Martín Díaz e Sabuco (2006: 3) sinalan, ademais deste, outro factor de reforzo das relacións xerárquicas pola inmigración feminina: a delegación das tarefas de coidados en outras mulleres dos países de orixe. Deste xeito, o sistema xerárquico refórzase coa mobilidade das mulleres tanto en orixe como en destino das cadeas migratorias. Varias autoras sinalan que asistimos a unha perigosa reformulación dos modelos de xénero imperantes. A inmigración é unha oportunidade para mudar varios aspectos das relacións de xénero. Carmen Gregorio (1998: 194- 195) sinala varios factores que inflúen no cambio de relacións entre os xéneros coa inmigración. O control monetario das mulleres permite unha elevación do status e do poder de negociación e de decisión. A ausencia de redes étnicas e de parentesco implica unha diminución do control social pero tamén do apoio familiar e social que pode chegar a agravar as situacións de pobreza. O papel que cumpre a familia, contra as teses feministas, é por veces de colchón amortiguador de discriminación e non só lugar de opresión, aínda que nela se reproduza a ideoloxía patriarcal. Concluimos con Amelia Valcárcel¹³⁹ que

¹³⁹ Conferencia titulada “La globalització és positiva per a les dones? Lida no ciclo “...el fil d’Ariadna”, o 28 de abril de 2009 no Centre Francesca Bonnemaison, Barcelona.

existe unha relación entre a inmigración e o benestar das mulleres. Pero esta é bastante variable. Non debemos caer no reduccionismo que equipara os países de orixe da inmigración á tradición e os países de destino á modernidade.

“El eurocentrismo está tan imbricado en la vida cotidiana, lo permea todo de tal manera que a menudo no lo percibimos. Los vestigios de siglos de dominio europeo axiomático dan forma a la cultura general, el lenguaje cotidiano y los medios de comunicación, y engendran un sentimiento ficticio de superioridad ignata en las culturas y los pueblos de origen europeo” (SHOHAT y STAM, 2002: 20).

Á luz das palabras de Ella Shohat e Robert Stam vemos o doado que é caer no reduccionismo que equipara o outro á tradición e reserva a modernidade para nós, europeos/as e occidentais en xeral. O eurocentrismo –seguen Shohat e Stam (2002: 22-23)- é a visión “normal” que a maioría das criaturas do primeiro mundo e tamén parte do dos terceiro aprenden na escola e nos medios de comunicación. Non resulta doado escapar á influencia desa teoría da normalidade, aceptada acriticamente, que resalta o/a inmigrado/a como estereotipo negativo ou invisible, fronte aos logros e virtudes ensalzadas do relativo a Occidente.

A redución (inmigración –tradición) fíxoa o primeiro modelo teórico que presentamos de man de Gregorio, a teoría económica, e recibiu varias críticas por facelo. O feminismo loita contra a ansia patriarcal de establecer dicotomías marcando as mulleres co polo negativo. As mulleres son asociadas a tradición, fronte á modernidade que connota o masculino. Na inmigración, as mulleres son dobremente marcadas coa etiqueta de atraso: en tanto mulleres e en tanto outras culturais. Faise necesario observar as mulleres en tanto actoras sociais, suxeitos activos de políticas e accións económicas. Para iso é necesario combater a interpretación simplista que as presenta como *“meras reproductoras pasivas de estructuras patriarcales de sociedades consideradas máis atrasadas en comparación con “Occidente”*”. Coincidimos con Gregorio (2004: 23) neste punto. Sen embargo non queremos pecar de excesivamente optimistas. Malia que é necesario representar as mulleres inmigradas como suxeitos activos, non podemos deixar de lado a realidade. No tocante de presentar as sociedades de orixe como modernas, e sen discriminación de xénero, o que cremos se debe facer é analizar e denunciar o carácter patriarcal tanto das sociedades de destino como das de orixe para poñer de relevancia as cuestións coas que se teñen que enfrontar as

inmigradas en particular e as mulleres en xeral. Evitar o esencialismo cultural é unha das obrigas da análise feminista da inmigración. Debemos afastarnos de ambos os polos: o que equipara muller inmigrante á atraso e tradición e aquel outro que asimila as mulleres inmigradas á autonomía e a liberdade de opresións de xénero. Varias autoras entenden que a inmigración libera as mulleres que a emprenden das discriminacións de xénero. Isto é preciso matizalo. É certo que a inmigración en moitos casos individuais brinda un grao de liberdade fundamental para moitas mulleres. Entre os motivos de migrar están os de liberarse dunha discriminación relativa ao xénero: mulleres viúvas, nais solteiras, repudiadas, violadas, maltratadas... acóllense á inmigración como ferramenta de saída dunha situación difícil para elas. Sen embargo, e malia que a inmigración poida constituír unha estratexia individual de independización, non podemos afirmar que a inmigración sexa en termos xerais unha ferramenta unívoca de liberación das opresións de xénero, porque a inmigración tende a reproducir os sistemas de desigualdade e dominación masculina. Concluimos con Carmen Gregorio (1998: 79-81) coa necesidade de estudar as desigualdades de xénero na sociedade de orixe da inmigración tanto dende unha perspectiva económica como ideolóxico e cultural. Neste sentido é fundamental o estudo das seguintes variables: as actitudes de membros do grupo doméstico relativas á cuestión da migración feminina, ao abandono de fogar, ao emprego feminino, ao control sexual; existen mecanismos patriarcais de control e subordinación do traballo da muller inmigrada –conceptualizado como axuda ou deber destas co grupo familiar–; a ideoloxía da maternidade e o compromiso familiar; a feminización da pobreza; a desigualdade de acceso das mulleres aos recursos pola incidencia de normas das sociedades de orixe; etc.

A inmigración brinda ás mulleres unha maior liberdade de movemento e acción. As mulleres que emigran soas¹⁴⁰ vense na necesidade de acceder ao espazo público. Ademais da necesidade de desenvolverse no ámbito público á hora de traballar, estas mulleres gozan –a priori¹⁴¹– dunha maior liberdade de desfrutar do eido público no seu tempo de ocio, xa que a distancia cos seus fogares afástaas do control dos seus pais ou maridos. Ou cando menos relaxa os efectos dese control. Debemos matizar que dadas as ocupacións das mulleres en destino, maioritariamente empregadas internas do

¹⁴⁰ Matizamos as mulleres que migran soas para diferencialas das mulleres reagrupadas, sen posibilidade de acceder a un permiso de traballo inicialmente.

¹⁴¹ Gregorio (1998) pon de relevancia no estudo das mulleres inmigradas dominicanas que os homes en orixe teñen ferramentas de control sobre a liberdade de movemento destas mulleres mediante o uso de informadores que lle dan conta aos maridos das compañías, vestimentas e costumes en destino das súas mulleres, fillas, etc.

servizo doméstico e prostitutas en clubs de alterne¹⁴², as inmigradas non están nas mellores circunstancias para desfrutar dun acceso real ao ámbito público. A internas están recluídas no interior de fogares alleos, o que non deixa de ser un espazo privado, e dispoñen de moi pouco tempo de ocio e acceso real á esfera política.

O acceso ao traballo non significa automaticamente un paso da sociedade tradicional á moderna, nin unha mellora de status. Malia que a inmigración das mulleres soas leva asociada unha maior autonomía financeira, as obrigas morais que teñen as inmigradas coas sociedades de orixe e os seus grupos domésticos limita o uso das ganancias que adquiren no traballo no seu tempo de ocio. Gregorio (1998) explica que é unha práctica común entre as traballadoras inmigradas facer horas extra para poder pagar o seu ocio e enviar en remesas ou aforrar os soldos íntegros para as familias en orixe. Laura Oso e María Villares (2005: 3) estudan as mulleres que destinan todos os seus aforros a montar un negocio en destino. A invisibilidade que afecta ás mulleres inmigrantes emprendedoras que se establecen por conta propia como estratexia de mobilidade social que lle permita saír dos nichos laborais tipicamente femininos aos que se ven abocados as mulleres inmigrantes¹⁴³.

As empresarias inmigradas soen ser mulleres casadas, xefas de fogares monoparentais ou solteiras sen cargas. A acumulación de diñeiro vese facilitada cando ambas as partes da parella residen en España sen descendencia á que enviarlle remesas (OSO y VILLARES, 2005: 8). Esta é precisamente a situación das xefas de fogares transnacionais. Ademais da situación familiar, existen outros factores fundamentais que inclinan ás mulleres inmigradas a abrir un negocio propio ou a empregarse por conta allea: a experiencia laboral previa, a formación, a disposición de redes familiares e sociais de apoio, etc.

As mulleres inmigradas inician a experiencia por varios motivos: económico, político, psicolóxico, de xénero, etc. Coa inclusión da perspectiva de xénero no estudo das migracións a partir dos oitenta conséntase que as mulleres protagonizan unha inmigración diferente á masculina en varios aspectos. Un deles é a causa e deseño da decisión de migrar. As causas macroestruturais -políticas e socioeconómicas- afectan

¹⁴² Modalidade maioritaria entre as diferentes ocupacións das traballadoras sexuais en España.

¹⁴³ Para profundar no tema véxase o magnífico artigo OSO, Laura y VILLARES, María, “Mujeres inmigrantes latinoamericanas y empresariado étnico: dominicanas en Madrid, argentinas y venezolanas en Galicia”, *Revista Galega de Economía*, vol. 14, 2005, núm. 1-2, pp. 1-19. Véxase tamén PROVANSAL, Danielle y MIGUEL, Cécile, “Intersticios y trayectorias femeninas emprendedoras extranxeras en Barcelona” en TELLO, Rosa; BENACH, Núria y NASH, Mary, *Intersticios*, Barcelona, Ediciones Bellaterra, 2008, pp. 165- 191.

de xeito diferente en función do sexo. Xa sinalamos as eivas que supón para as mulleres a feminización da pobreza, das políticas de axuste estrutural, das crises económicas que asolagan América Latina e o Surlleste Asiático, etc. Ademais destas causas macro temos que reparar nas micro. Existe consenso na maioría das investigacións en que non son precisamente as persoas máis pobres as que inician os proxectos migratorios, porque a inversión económica é importante para poder emprender a viaxe, nomeadamente dende América Latina e África. Boa parte das mulleres que migran fano na condición de cabezas de familia, apoiadas polo seu grupo doméstico –incluído o marido: principal beneficiario económico da migración da esposa (GREGORIO, 1998: 17)- que viaxan por causas económicas: para enviar remesas aos seus fogares e contribuír á subsistencia do núcleo familiar. Pero as migracións non teñen só unha causa senón unha presa delas, xerarquizadas iso si. Ademais das causas económicas, existen outros motivos que empurran as mulleres a coller as maletas e voar. A persecución política, o estado de guerra ou a tensión militar forte son causas de inmigración por motivos políticos. As mulleres tamén migran para evitar ser vítimas de agresións sexistas en caso de difamación ou adulterio real, repudio, viudedade, estigmatizadas, nais solteiras, etc. A migración por motivos de discriminación de xénero é de xeito maioritario aplicable ás mulleres na medida en que as discriminacións por motivos de xénero soen darse cara ao grupo feminino. Coa migración, por veces pódense eludir certos ritos ou discriminacións concretas que non se dan en todas as sociedades.

Dolores Juliano (citada en ZABALA, 2004) divide as inmigrantes en función dos motivos especificamente femininos que as fan saír dos seus países: a) o desprazamento producido estruturalmente pola patrilocalidade –ao que xa fixemos mención ao referirnos á feminización das migracións internas-, b) a migración económica pola asignación social de tarefas diferentes por sexo: o éxodo rural cara ás cidades e c) a mobilidade xeográfica das mulleres de status desvalorizado nas sociedades de orixe.

Con respecto aos motivos que decantan ás mulleres inmigradas cara a España podemos citar os que obtén Carmen Gregorio (1998: 137- 138) da enquisa “Mujeres dominicanas inmigrantes en la Comunidad Autónoma de Madrid (CAM)”. As motivacións máis repetidas foron a da facilidade de entrada (39, 5 por cento), a lingua compartida (24,9 por cento), a presenza de amigos/as ou familiares (13, 7 por cento), etc. Gregorio sinala tamén a facilidade de atopar traballo no servizo doméstico como causa significativa. Xa fixemos mención, no apartado *Occidente: porteiro e amo de*

chaves, ás relacións histórico- políticas e económicas que trazan as redes migratorias cara a certos países e non cara a outros. A lexislación española, na vangarda da defensa dos dereitos dos homosexuais ou das mulleres, comeza a ser un motivo de inmigración cara ao Estado español. Debemos ter en conta que a pesares das estatísticas feitas, cada caso é particular, e nesa medida debemos facer un uso responsable dos datos e xeralizacións, evitando caer en novos estereotipos.

Parte II

4. Análise mediática: As que se moven non saen na fotografía

A segunda parte da tese está estruturada en dous capítulos. Este primeiro, *Análise mediática: as que se moven non sae na fotografía*, constitúe unha análise do suxeito da investigación, as mulleres no contexto de diversidade: concretamente as mulleres inmigrantes nos medios de comunicación, nomeadamente na prensa, aínda que as características se poidan extrapolar ao resto dos medios. Analizarei a representación da muller inmigrante construída mediante unha serie de técnicas discursivas como estereotipo negativo ou invisible. Escollín a institución mediática para rastrear a visibilidade das mulleres inmigrantes baixo a premisa de que o non sae nos medios de comunicación entrado o século XXI non existe. É dicir, baixo o presuposto da construción da realidade social por parte dos medios. Partindo da premisa de que o discurso mediático contribúe á construción da identidade colectiva e tendo en conta que na cuestión da emigración entra en relación o nós cos outros, os medios de comunicación son o principal escenario de análise da representación das mulleres inmigrantes, para demostrar a invisibilidade das mesmas na sociedade.

O primeiro dos tres apartados deste cuarto capítulo, *Banco de traballo*, recolle a metodoloxía desta parte da investigación. O método empregado é a Análise Crítica do Discurso (ACD), apoiada na Teoría do Marco e completada coa análise das fotografías publicadas pola prensa nas que aparezan mulleres inmigrantes. No primeiro epígrafe xustifico a elección do método: a ACD, en tanto esta metodoloxía me permite rastrexar actitudes racistas e sexistas na medida en que o aplicarei cunha perspectiva de xénero.

No segundo epígrafe repaso os antecedentes de análises do discurso de prensa en relación a mulleres inmigrantes, así coma dos antecedentes de estudos de análise fotográfico nos xornais de inmigradas. No terceiro epígrafe da metodoloxía defendo o carácter crítico desta investigación comunicativa. Trátase dunha análise intersubxectiva, onde ademais da analista están presentes as voces das analizadas. Este aspecto é de inclusión obrigada dado que o tema da investigación práctica é a invisibilidade das mulleres inmigrantes na prensa. Non podo caer na contradición de obviar as voces das propias afectadas, porque de facelo estaría incorrendo no erro que critico e denuncio na actuación mediática. Obviamente, os límites da presente investigación (persoal, temporal; económico; etc.) non permiten unha presenza constante destas voces. O carácter do traballo, por outra banda, non é compatible con esta posibilidade, pois a autoría da tese é persoal. Sen embargo, para evitar a perspectiva de investigadora “excluínte”, e superar a dicotomía de suxeito /obxecto de investigación que podería incorrer na crítica de etnocentrismo pola miña condición persoal de muller, branca,

heterosexual, de clase media, europea, etc., dedícolle un espazo neste capítulo ás voces das mulleres inmigrantes ás que dirixo a mirada nesta investigación.

O segundo apartado, *Ferramentas*, está dividido en dous capítulos: Ficha de Análise e Mostra. Nel dáse conta dos criterios de mostra e selección de noticias, así como dos principais instrumentos de análise que empreguei. Explícase o proceso de elaboración ad hoc dunha ficha de análise a partir das hipóteses presentadas e dos principais elementos de auscultación da ACD e xustifícase a elección da mostra en papel: datas, diarios, xéneros, etc. O terceiro e último apartado deste capítulo, *Andoriñas transparentes: A ACD do tratamento mediático das migradas na prensa de referencia galega e catalá*, constitúe a análise en si do corpo mediático que compón a mostra. É unha lectura dos resultados mixtos –aínda que se aplica unha preferencia pola análise cualitativa dada o carácter da metodoloxía escollida- a partir da aplicación da ficha de análise a cada unha das pezas informativas que compoñen a mostra en papel sobre a que traballo. Analízanse a utilización de estratexias discursivas e recursos lingüísticos nas noticias, e resto de xéneros informativos da mostra, co gallo de visibilizar as técnicas de creación de estereotipos a partir da realidade da inmigración feminina. Entre as categorías diseminadas atópanse dende os aspectos de deseño e maquetación (sección, xénero xornalístico, número e posición na plana, acompañamento visual ou infográfico, etc.) ata a temática e o léxico, pasando pola autoría, estrutura verbal, protagonismo (función, presenza de voz) e descrición (nación, idade, profesión, relixión, formación, etc.) do suxeito, tipos de fontes e citas, escenario, responsabilidade da acción, presentación de datos, figuras retóricas, ton, sintaxe, etc.

O obxectivo é o desenmascaramento das estratexias que fan aparecer, sempre como excepción, as mulleres no discurso da inmigración mediadas pola lectura de xénero da domesticidade contra o que as mulleres españolas comezaron a loitar fai xa varias décadas. O discurso mediático constrúe a realidade tanto por as súas ausencias coma por as súas presenzas. De aí a importancia de visibilizar as mulleres inmigrantes e de deconstruír o estereotipo negativo que recae sobre elas. Ao final do apartado, extráense as conclusións comparativas do tratamento das distintas cabeceiras.

“De la misma manera que el concepto y la práctica de la ciudadanía son reformulados y renegociados mediante las iteraciones democráticas, también la identidad del sujeto (o sujetos) que pone en marcha el mismo proceso de iteración se somete, a su vez a la reflexión de la comunidad, desde el momento en que, en palabras de Arendt, se le hace la pregunta que

se realiza a todo recién llegado a la esfera pública: “¿quién eres tú?” (SÁNCHEZ MUÑOZ en AMORÓS, 2007: 69).

O concepto de *iteracións democráticas* de Seyla Benhabib (2005: 130)¹⁴⁴ aplicado aos medios de comunicación vains servir para analizar a representación das mulleres inmigrantes dende a perspectiva crítica feminista cunha vontade claramente interdisciplinar. Partindo da premisa de que as identidades son abertas, mergullámonos nun foco de negociación¹⁴⁵ fundamental das mesmas: a prensa. A loita activa contra as opresións de calquera tipo, e fundamentalmente aquelas que teñan como motivo a pertenza a un xénero determinado, motiva a análise dos medios, en tanto institución social fundamental na creación e mantemento do estado de opinión pública dunha sociedade.

Os medios de comunicación son, a comezos do século XXI, a parcela do espazo público cun maior poder de creación de ideoloxía. A ideoloxía do grupo dominante é impresa nas grandes cabeceiras e dilúese co café, como un terrón de azucre, nos corpos que están expostos a ela. Lakoff (1995: 138) expón que é o grupo¹⁴⁶ dominante da sociedade quen “*fija estereotipos para los otros grupos y decide, sobre la base de estos estereotipos, qué grupos son “buenos” y cuáles “malos”*”. A perspectiva feminista bríndanos a ferramenta da interdisciplinaridade para realizar, nesta segunda parte da investigación, unha análise do suxeito da investigación, as mulleres inmigrantes, na prensa. Analizamos a representación das inmigradas construída mediante unha serie de técnicas discursivas como estereotipo negativo ou invisible. Escollemos a institución mediática para rastrear a visibilidade dos suxeitos da investigación baixo a premisa de

¹⁴⁴ Seyla Benhabib define as interaccións democráticas como “*procesos complejos de argumentación, deliberación e intercambio público a través de las cuales se cuestionan y contextualizan, invocan y revocan, afirman y posicionan reivindicaciones y principios de derechos universalistas tanto en las instituciones legales y políticas como en las asociaciones de la sociedad civil. Estas pueden darse en los cuerpos públicos “fuertes” de las legislaturas, el sistema judicial y el ejecutivo, así como en los entes públicos “débiles” de asociaciones de la sociedad civil y los medios*”.

¹⁴⁵ Os medios de comunicación son un escenario onde se crean e transforman as identidades.

¹⁴⁶ Outras/os estudosas/os do tema empregan o termo “clase dominante” para referirse a quen en última instancia constrúe os estereotipos a través das institucións, os medios de comunicación incluídos. Nesta investigación cando empreguemos o termo clase queremos que se entenda non só en termos económicos, obvios –pois o acceso e control dos medios de comunicación na actualidade esixe un elevado custe monetario– senón tamén de xénero e etnia concretos. Os donos da prensa son homes. Segundo datos de 2006 (publicados en *El Periodista Digital*) só 16 dos 120 periódicos españois está dirixido por unha muller. No audiovisual as cifras son semellantes, pois só Antena 3 ten unha directora de informativos (Gloria Lomana). A clase (alta) neste caso vai ligada a un xénero (masculino) e a unha etnia ou orixe nacional. Segundo varias críticas de investigadoras/es, a porcentaxe de xornalistas migrantes nos medios españois non é significativa nin sequera nos postos máis baixos. Só os medios étnicos están dirixidos por migrantes (cun xénero concreto: masculino maioritariamente).

que o que non sae nos medios de comunicación, entrado o século XXI, non existe. É dicir, baixo o presuposto da construción social da realidade por parte dos medios.

“La lectura atenta de un ejemplar de un periódico puede ayudarnos a percibir qué escenarios merecen atención prioritaria para lo que podemos llamar la mirada informativa, por tanto, qué personajes y qué actuaciones son considerados significativos y cuales son marginados o incluso excluidos” (MORENO, 2007: 187)

Todo fenómeno social importante ten unha representación mediática na actualidade e a migración non é un excepción. Aínda que cando falamos de migradas xurdan os matices, como tamén acontece cando inserimos a variable sexo noutros campos de análise. A representación das mulleres en todos os eidos da esfera pública so sofre particularidades respecto á dos homes. O espazo mediático convértenos aos/ás espectadores/as en suxeito colectivo. Na sociedade da información na que estamos mergulladas/os, a información chega a toda a cidadanía nun ou outro grao, pero chega. Non existen individuos desinformados en Occidente, cando menos non totalmente absortos do mundo que os rodea. Quen non vexa o televisor, lerá os xornais, escoitará a radio ou navegará por internet, ou simplemente asistirá pasivamente aos debates no autobús ou á saída do teatro¹⁴⁷. Na sociedade das tecnoloxías da información e o coñecemento (tic) todos os individuos somos unidades de información: emisores/as e receptores/as. Por outra banda, o discurso mediático e salvando o caso de internet, en tanto medio non controlado e de fácil acceso polo baixo custe que carreta no noso contexto social, é en gran medida homoxéneo. No caso do tema da migración especialmente, xa que os intereses estatais e nacionais son comúns aos donos e anunciantes dos medios de comunicación. O discurso mediático, en tanto construción social da realidade, constitúe un discurso histórica e culturalmente situado¹⁴⁸ paradoxalmente presentado como un discurso obxectivo e sen voz, polo tanto sen intencións nin intereses. A figura do xornalista maquilla os intereses dos anunciantes

¹⁴⁷ O obxecto de análise nesta investigación é a prensa escrita, concretamente a prensa rexional de referencia en Galicia e Cataluña. Sen embargo, hai que matizar que os medios de comunicación de diferentes soportes se retroalimentan entre si. É ben sabida a utilización dos diarios como material para a elaboración das escaletas de radio e como fonte de obtención de material para o deseño de programas audiovisuais informativos, etc. Por outra banda, na era tecnolóxica, os diarios xa se apuntaron ao carro das edicións on-line, fonte onde beben o resto de medios internautas, e viceversa.

¹⁴⁸ Véxase o primeiro apartado do capítulo un de CASTELLÓ, Enric (2008), *Identidades mediáticas*, Barcelona, Edicións UOC, pp. 27- 83.

dos medios de comunicación con moito carmán de neutralidade. En todo discurso ademais do/a emisor/a (quen fala) e do/a receptor/a (quen recibe a mensaxe) está o/a protagonista da mensaxe (de quen se fala). Nesta investigación centrámonos na construción social do estereotipo da inmigrante como masculino (coa conseguinte ausencia comparativa de mulleres inmigrantes nas notas), homoxéneo, e mesmo masa (sen nome), pobre, inculta, delincuente e invisible socialmente en tanto individuo cunha identidade. A construción social da muller inmigrante como ausente perpetúa a división dos espazos público e privado, relegando unha vez máis ás mulleres, neste caso ás inmigrantes, á esfera privada e oculta. Analizaremos de vagar como cando aparecen o fan en tanto representantes do estereotipo de coidadora, corpo- sexuada, vítima, etc.

Esta segunda parte componse de dous capítulos, o correspondente á ACD e aquel que analiza as impresións como consumidoras de medios e implicadas das protagonistas da mostra, as inmigradas. O primeiro capítulo da segunda parte está formado por tres apartados. O primeiro titúlase *Banco de traballo* e recolle a metodoloxía desta parte da investigación. O método empregado é a análise crítica do discurso de Van Dijk, complementada pola Teoría do Framing ou marco, completada, así mesmo, coa análise das fotografías publicadas pola prensa nas que aparezan mulleres inmigrantes. No primeiro apartado xustifícase a elección da metodoloxía, que aplicada cunha perspectiva de xénero, permite rastrexar actitudes racistas e sexistas. O discurso racista ten como característica principal a combinación dunha representación negativa de Eles/as, por oposición a unha representación positiva do Nosoutras. Os dous contextos de análise escollidos comparten a particularidade de ser nacións do Estado español, coa conseguinte historia de vindicación identitaria fronte á identidade dominante e maioritaria. Cataluña e Galicia teñen historias de migración diferentes (a primeira é país de inmigración dende fai décadas, mentres que a segunda é país de emigración ata que neste século virou país de inmigración cunhas cifras aínda modestas)¹⁴⁹, pero ambas as dúas son escenarios privilexiados para analizar a tensión entre feminismo e multiculturalismo. No contexto galego e catalán o multiculturalismo non só ten voz de migrante senón tamén de retornado/a, minorizado/a, minoría, etc. Esta circunstancia complica a cuestión de estudo á vez que a enriquece, por iso teremos ansia de acotar o tema todo o posible.

¹⁴⁹ Para afondar neste aspecto véxase SOLÉ, Carlota (2005), “Sociedades de emigración –Sociedades de inmigración. Inmigración interior, comunitaria y no comunitaria en SOLÉ e IZQUIERDO, Integraciones diferenciadas en Cataluña, Galicia y Andalucía, Rubí, Antrophos, pp. 13-21.

Van Dijk presta atención a tres categorías discursivas: os outros coma diferentes, perversos e ameaza. Atende tamén a lexicalización e escolla das palabras utilizadas (falaremos da substantivación de “ilegal”, as metáforas naturais e militares, etc.), a temática, morfoloxía sintáctica, figuras retóricas, citación de fontes e asociación semiótica coa información visual (as mensaxes nos verbais pero moi influentes na audiencia, etc.) Segundo esta teoría de análise do discurso mediático, os medios de comunicación crean os estereotipos, prexuízos e ideoloxías que logo serán utilizadas para lexitimar o sistema, pechando así o círculo de dominación cultural, e masculina neste caso.

Con esta metodoloxía observaremos a estreita relación entre o fenómeno migratorio español e o papel que teñen os medios de comunicación na creación de certa imaxe sobre este fenómeno na opinión dos/as españois/las. Os medios socializan. Segundo Van Dijk son, ademais, unha ferramenta que utiliza o poder para o control da poboación. As cifras do barómetro do Centro de Investigaciones Sociológicas (CIS) apuntan a unha crecente preocupación da opinión pública española sobre o tema da emigración, mesmo por diante doutos asuntos tradicionalmente preocupantes coma o terrorismo ou o paro¹⁵⁰. Isto confirma a importancia dos medios en tanto configuradores das preocupacións sociais e temas de conversa.

No segundo epígrafe repasamos os antecedentes de análises do discurso – críticas, de *framing*, etc.- de prensa en relación ás migracións, poñendo especial atención ás que teñen como obxecto de estudo as inmigradas.

¹⁵⁰ Véxase o apartado 9. “Conclusiones de los barómetros de opinión. La inmigración como “problema”” en CABEZAS y VELILLA, 2005: 102 e ss). Véxase tamén GRANADOS en IGARTÚA y MUÑIZ, 2007: 51- 57. A pregunta que, en xaneiro de 2005, encabeza a enquisa realizada polo CIS mensualmente a unha mostra de 2.500 persoas de nacionalidade española é a seguinte: “*Para empezar, ¿cuáles son, a su juicio, los tres problemas principales que existen actualmente en España?*”. A persoa que contesta a enquisa ten que responder entre unha lista pechada de 37 ítems, entre os que se atopan: “*paro, drogas, inseguridad ciudadana, terrorismo, infraestructuras, sanidad,(...), inmigración*, etc. Dado que a porcentaxe da poboación inmigrante sobre o total da poboación de España representaba en 2005 arredor dun 5 por cento, resulta cando menos curioso que a maioría da mostra tivese contacto na súa vida cotiá con inmigrantes. Ou quizais opinaron tal polo consumo mediático que fixeron. A dúbida é máis ca razonable. A conclusión á que chegan a maioría de investigadores/as trala lectura de este tipo de barómetros e enquisas é que a realidade da inmigración como “problema” é máis unha realidade mediática que social. En setembro de 2006, a inmigración pasou ao primeiro lugar do ranking de preocupación sinalados polo barómetro do CIS. Cunha porcentaxe do 8 % de inmigrantes sobre a poboación española total. A reflexión anterior vira máis significativa, se cabe. Mary Nash (2005: 29) sinala anteriores enquisas de opinión que detectaban a presenza de “*actitudes y comportamientos discriminatorios hacia las minorías étnicas y las personas inmigrantes*”. Refírese a unha enquisa a escolares españois/as publicada por El Periódico (20/12/1995), a unha enquisa do Centro de Investigaciones sobre la Realidad Social de 1996 que puxo de relieve o rexeitamento da presenza de inmigrantes ao contrastar que un 41 % sinalaron que había “muchos”, e un 27% que opinaron que había “demasiados” estranxeiros, fronte a só o 27% restante que dixo que eran poucos. Por outra banda, Nash sinala que en febreiro de 2001 segundo o barómetro do CIS a inmigración era o problema social máis grave da sociedade española para un 32,2% da cidadanía consultada.

O segundo apartado, titulado *Ferramentas* está dividido en dous epígrafes: *Ficha de Análise e Mostra*. Co obxectivo de manter sempre presente as presenzas e ausencias inxustificables en nome da obxectividade e a veracidade informativa elaborouse unha ficha de análise, tomando como modelos varias investigacións precedentes de temática afín. No apartado da *Mostra*, como o nome indica, preséntase e xustifícase a mostra escollida para a análise en consonancia cos criterios da metodoloxía escollida: a ACD.

O terceiro e último apartado deste capítulo, *Andoriñas transparentes: A ACD do tratamento mediático das migradas na prensa de referencia galega e catalá*, constitúe a análise en si do corpo mediático que compón a mostra. É unha lectura dos resultados mixtos –aínda que se aplica unha preferencia pola análise cualitativa dada o carácter da metodoloxía escollida- a partir da aplicación da ficha de análise a cada unha das pezas informativas que compoñen a mostra en papel sobre a que traballamos. Analízanse a utilización de estratexias discursivas¹⁵¹ e recursos lingüísticos nas noticias, e resto de xéneros informativos da mostra, co gallo de visibilizar as técnicas de creación de estereotipos a partir da realidade da inmigración feminina. Entre as categorías diseminadas atópanse dende os aspectos de deseño e maquetación (sección, xénero xornalístico, número e posición na plana, acompañamento visual ou infográfico, etc.) ata a temática e o léxico, pasando pola autoría, estrutura verbal, protagonismo (función, presenza de voz) e descrición (nación, idade, profesión, relixión, formación, etc.) do suxeito, tipos de fontes e citas, escenario, responsabilidade da acción, presentación de datos, figuras retóricas, ton, sintaxe, etc.

4.1 Banco de traballo

4.1.1. Xustificación da metodoloxía

Na última década, os estudos españois sobre a relación do xénero e a etnia cos medios de comunicación viñéronse incrementando e medrando en calidade. Moitas son as investigadoras e investigadores da península ibérica que contribúen a consolidar unha temática xa arraigada noutros eidos académicos como o anglosaxón ou o holandés, poñamos por caso. Aquelas/es que mostraron interese académico polo tratamento da

¹⁵¹Patiño Santos y Martín Rojo (en BAÑÓN, 2007: 90) definen as estratexias discursivas como: “*los movimientos discursivos que confluyen en un discurso, poniendo de manifiesto los contenidos implícitos que los hablantes transmiten*”.

inmigración e das mulleres nos medios de comunicación non coinciden na elección do marco teórico nin das ferramentas metodolóxicas. Aquí xorde unha das primeiras encrucilladas. A perspectiva feminista crítica e interdisciplinar fixo bascular a romana do lado da Análise Crítica do Discurso (ACD), por varios motivos, completada coa teoría *framing* ou teoría do marco.

Partimos das seguintes premisas para delimitar o marco teórico- metodolóxico desta segunda parte:

- *“El lenguaje nos utiliza tanto como nosotros lo utilizamos”* (LAKOFF, 1995: 31)
- O discurso é un espazo xerárquico e xerarquizado ao que acceden os grupos de poder, aqueles maioritarios ou dominantes. Véxase que as mulleres son un grupo maioritario socialmente e que sen embargo está minorizado polo grupo masculino, por iso falamos de grupos minorizados e non só de minoritarios. No caso das mulleres inmigrantes as cifras amosan que entre os individuos que atravesan as fronteiras xa non son minoría, sen embargo, as ausencias no espazo público, e nomeadamente nos medios, seguen a ser unha realidade.
- Os seres humanos acumulamos coñecemento de temas e personaxes cos que non temos contacto na nosa vida diaria. A fonte de coñecemento para estes temas son os medios de comunicación.
- *“El peso de los conocimientos ajenos, que no adquirimos por propia experiencia y cuya validez no podemos probar directamente es cada día mayor”* (MORENO, 2007: 334)¹⁵².
- A capacidade de expresión e autoidentificación das minorías é decisiva no seu proceso de recoñecemento (NASH, 2005: 99).
- Un mellor coñecemento da complexa realidade da inmigración abriría perspectivas para o recoñecemento da diversidade e a complexidade sociocultural (NASH, 2005: 74).
- Os medios de comunicación xogan un papel de educación relevante na sociedade. A máxima xornalística de Ramonet¹⁵³ indica as tres funcións básicas dos medios de comunicación como educar, entreter e formar.

¹⁵² Quizais Amparo Moreno estivese pensando nos resultados das enquisas do CIS sobre o estado de opinión pública en España que sinalan dende 2005 a inmigración como un dos tres principais problemas do Estado.

- O discurso dos medios de comunicación é ambivalente na súa “pretensión referencial, como espejo pretendidamente objetivo de la realidad, y e su función mediadora es un lugar estratégico de construcción del discurso social” (RETIS, 2006).
- Os medios de comunicación producen e reproducen estereotipos e prexuízos de xénero e de etnia, que constrúen as mulleres migradas como obxecto ausente, silenciado, vítima, etc. As representacións que fan os medios dos/as migrantes négalles a axencia e o recoñemento da súa subxectividade (NASH, 2005: 70).
- O discurso é un acto social con consecuencias importantes na sociedade, tales como a creación de temas de conversa. Os medios constrúen a axenda. En expresión de Cohen “*Os medios non nos din o qué debemos pensar, pero si sobre qué debemos pensar*”¹⁵⁴.
- O valor da natureza interdisciplinaria: que intersecta xénero coas variables de etnia, clase, dereitos, cidadanía, nacionalidade, lingua, comunicación, poder, etc.
- Todo coñecemento é situado. A realidade é apreendida por un suxeito cun enfoque determinado, dentro dun marco cultural (histórico e social) determinado.
- As noticias constrúense. En termos de Amparo Moreno (2007: 219), unha cousa son as personaxes construídas como estereotipos que saen na prensa e outra moi distinta as persoas reais que están detrás. Unha cousa é, pois, a realidade e outra diferente o que os medios din sobre ela.
- “*Las identidades étnicas y de colectivos de inmigrantes o de mujeres son fruto de una construcción cultural*” (NASH y MARRE, 2003: 23).

¹⁵³ É celebre no eido comunicativo, e nomeadamente nas facultades de Infomación a máxima de Ramonet sobre as tres finalidades da comunicación. Esta afirmación foi extractada do artigo publicado en 1995 en *El Viejo Topo*, núm. 86: “El poder de fin de siglo”, pp. 36-40.

¹⁵⁴ A teoría da Agenda-Setting, con orixe teórica na obra de Walter Lippmann, *Public Opinion* (1922) e articulada por Maxwell McCombs e Donald Shaw en “The Agenda-Setting Function of Mass-Media” (1972, *Public Opinion Quarterly*) ten dous niveis. O primeiro é o exposto na frase do texto. O segundo nivel, teorizado por Weaver, Graber, McCombs e Eyal, vai máis aló e afirma que os medios ademais de dicirnos sobre qué pensar, dinnos qué pensar. Este segundo nivel baséase na posibilidade de xerarquizar os elementos dunha noticia de xeito que os argumentos que se queren impoñer na sociedade se resalten e causen unha maior influencia na opinión pública. Nesta investigación non subestimamos o poder de sedución dos media, sen embargo, deixamos un espazo a crítica, tanto por parte das/os espectadoras/es, como por parte da redacción ou dirección dos medios, sobre todo dos alternativos.

- As representacións culturais son unha ferramenta clave na dinámica de construción das sociedades multiculturais actuais, así como das outras (alteridade) en tanto identidade colectiva (NASH y MARRE, 2003: 22).
- A cultura hexemónica constrúe os discursos identitarios cos que marca ao resto dos grupos.
- *“La invisibilidad y la falta de reconocimiento reproduce esquemas de subalternidad y la carencia del atributo de subjetividad a las personas inmigrantes genera visiones culturales estereotipadas de diversidad cultural en clave de otredad subalterna”* (NASH, 2005: 25).
- Os medios de comunicación en canto mecanismo de produción simbólica constitúen un xugoso prato ao que os grupos de poder non queren renunciar.
- Os medios son unha ferramenta de empoderamento necesaria e imprescindible para as mulleres (REMC¹⁵⁵, 2007: 95).
- Malia que a televisión é o medio omnipresente na sociedade, a prensa escrita xoga un rol fundamental na formación das elites de opinión (VAN DIJK, 2008: 23)¹⁵⁶.
- A obxectividade aséptica e neutral non existe, pero a subxectividade non implica caer na manipulación e no engano. Para evitar esas consecuencias negativas é aconsellable situarse en tanto emisor/a do discurso. No caso dos medios de comunicación sería de agradecer que se publicara na mancheta unha declaración sincera de intereses comerciais e políticos dos donos das corporacións mediáticas. Hoxe impensable. No caso das investigacións, o/a autor/a debe posicionarse ao comezo do texto.
- A liberdade de expresión é un dereito non só para as/os xornalistas senón tamén para toda a sociedade. Sentirse cidadá esixe, entre outras cousas, *“saberse reconocido (sic) en ella y mal pueden sentirse reconocidos (sic) como ciudadanos (sic) aquellos que jamás tienen la posibilidad de dar a conocer*

¹⁵⁵ Grupo de Mujeres de la Red Estatal de Medios Comunitarios, creada en España en 2005. Véxase www.medioscomunitarios.net

¹⁵⁶ Eliecer Crespo (2008: 46) sinala que o xornal está considerado o medio de comunicación máis fiable, ao tempo que convida máis á reflexión, e polo tanto, ten *“más capacida para fijar en el ciudadano (sic) determinados valore y modelos de referencia y para reproducir las ideologías imperantes y las concepciones sociales”*.

públicamente su juicio razonado ni de expresar qué es lo que en verdad les importa” (AIERBE, 2008: 46)¹⁵⁷

Todas estas afirmacións son coherentes coa metodoloxía da Análise Crítica do Discurso (a partir de agora ACD) e coa Teoría do *Framing* na medida en que ambas dúas son teorías de corte crítico e tradición construtivista, aquela que entende a realidade como unha construción social. Peter L. Berger e Thomas Luckmann son os pais desta teoría que parte da socioloxía do coñecemento, nacida con Max Scheler en 1920, establecendo como ocupación da mesma a análise da construción social da realidade (BERGER y LUCKMANN, 1998: 15). Martínez Lirola sintetiza esta teoría e a súa incidencia nos medios no seguinte parágrafo:

“Es un hecho incontrovertible que los medios de comunicación influyen en nuestro saber, en nuestros valores y en nuestras relaciones sociales ya que constituyen un factor decisivo en el proceso de construcción social de la realidad por su capacidad para elaborar representaciones que contribuyen a forjar identidades sociales” (MARTÍNEZ LIROLA, 2008: 144).

A teoría do *Framing* ou teoría do Enfoque está actualmente en voga, dende que en 2007 a revista científica internacional *Journal of Communication* lle dedicara un monográfico (marzo, Vol. 57, 1). Sen embargo, son poucos os estudos publicados en España nos que esta se aplique á representación das mulleres nos medios ou á representación dos/as inmigrantes. Por non dicir que non temos coñecemento de ningún estudo que aplique o marco teórico do *Framing* á análise das mulleres inmigrantes na prensa. Pilar Giménez e M^a Rosa Berganza publicaron en 2009 un ensaio no que analizan dende a Obxectividade e a Teoría do *Framing* a relación do xénero e os medios de comunicación, concretada na análise do tratamento informativo da IV Conferencia Mundial de Nacións Unidas sobre as Mulleres celebrada en Beijing en 1995. Neste traballo pioneiro, as autoras conclúen que: *“los medios valoran la realidad de un modo exclusivo y particular y que esta manera de encuadrar la información influye directamente en la percepción que el público tiene sobre los hechos” (GIMÉNEZ y BERGANZA, 2009: 145).*

¹⁵⁷ Aierbe bota man das coñecidas reflexións éticas de Adela Cortina. Para profundizar no tema acúdase á obra desta última.

A teoría do Marco xorde a fins dos anos setenta e comezos dos oitenta logo do auxe da corrente obxectivista no mundo do xornalismo entre os 60 e 70. *Frame* (marco) é un termo acuñado no eido da psicoloxía cognitiva por Bateson, trasladado por Goffman á socioloxía na súa obra *Frame Analysis. An Essay on the Organization of Experience* (1974). Con este termo salientase a importancia do contexto (de interpretación e valoración pola/o xornalista) á hora de comprender unha información. Os *frames* non están só no/a autor/a da noticia, senón tamén no medio (o cal ten unha liña editorial e unhas rutinas de produción da información) , etc. Da socioloxía, a Teoría do *Framing* pasou ao Xornalismo da man de Tuchman, quen en 1978 lle aplicou os marcos aos medios de comunicación. Este autor ilustra coa metáfora da fiestra que nos permite ollar o mundo a teoría do *Framing*. As dimensión da fiestra, a claridade do cristal, o espazo ao que dá, a situación e proximidade de quen mira pola fiestra, etc. construírán unha realidade diferente. Pois non pensará o mesmo da realidade quen a viu dende unha fiestra pequena con cristal opaco que dá a un patio interior que quen mirou por un ventanal grande e con cristais transparentes, limpos, que dá a unha paisaxe ampla e natural. Segundo os estudos elaborados sobre a representación dos e das inmigrantes nos medios de comunicación, a conclusión é que os resultados non varían moito nas distintas cabeceiras analizadas¹⁵⁸. A homoxeneización do discurso non falsea a hipótese da Teoría do *Framing* senón que nos indica que as fiestras polas que miran os/as lectores/as dos diarios españois cara á realidade das migrantes son dun tamaño semellante e teñen un cristal de opacidade similar, ademais de estar situadas nun mesmo tipo de vila –segundo coa alegoría de Tuchman. Este autor sinala varios elementos nos que se atopan os marcos nos medios de comunicación: os medios materiais e humanos cos que conta un xornal para cubrir unha noticia –xa que non é o mesmo mandar un enviado especial ao escenario dun feito ou gozar dos servizos dun correspondente que cubrir unha nova por axencia ou notas de gabinete, por exemplo-; os roles e o modo de traballar das/os xornalistas dun medio – que tamén constitúen na medida en que inflúen no produto final ofrecido á audiencia-; as fontes; o estilo persoal e literario do/a autor/a

¹⁵⁸ Van Dijk (2003: 50) por exemplo sinala que en España os medios de comunicación amosan, dentro dun moderado abanico de ideoloxías, un tratamento semellante da inmigración o que da como resultado un racismo discursivo semellante. Granados (2005: 438) tras analizar as noticias que contiñan a palabra “marroquí(s) nas edicións impresas de *ABC*, *El Mundo* e *El País* entre o 1 de outubro de 2002 e o 1 de xaneiro de 2003 conclúe que: “*los tres periódicos analizados se diferencian poco en la manera –léxico, estilo y retórica- de cubrir las informaciones relacionados con minorías étnicas o extranjeras*”. A diferenza, segundo o autor, ven cando “*se trata de acontecimientos de naturaleza delictiva*”, nese caso o tratamento informativo da inmigración por parte das tres cabeceiras si é notablemente distinto. *El País* amosa un tratamento máis ético da mesma.

do texto; a ideoloxía; o escenario do feito; a sección na que se publique a noticia; a extensión do texto; a disposición na páxina¹⁵⁹; a impresión a cor ou en branco e negro; o acompañamento ou non de fotografía e/ou infografía (gráficos, táboas, etc.); etc.

Despois de Tuchman outros teóricos da información completaron a Teoría do *Framing*. Gitlin recoñece a utilidade dos *frames* para as/os xornalistas, na medida en que lle permiten procesar grandes cantidades de información con menor traballo. Gitlin engadiu un enfoque socializador –de poder– á Teoría ao afirmar que quen manexa os *frames* é quen controla o sentido simbólico da realidade –os símbolos sociais–. Hackett entende a transferencia de ideoloxía dun modo non político. Para este autor, os/as comunicadores/as proxectan inconscientemente a súa cosmovisión á audiencia empaketada nas noticias que elaboran. Posteriormente, Tankard fixo unha análise de formato e contido para ver qué di e qué oculta cada noticia. Altheide, nunha liña próxima, falaba de *frames* como formatos.

A Teoría do *Framing* considera varios procesos informativos: a selección, a xerarquización, a recepción, etc. Varios autores quixeron ver unha relación entre esta teoría e outras da comunicación como a do *agenda-setting* ou do *gate-keeping*¹⁶⁰. A primeira das citadas céntrase na idea de que os medios de comunicación impoñen a axenda de temas de conversa á audiencia, e non só os temas, senón tamén a importancia de cada un, xa que os xerarquizan no tratamento que lle dan na publicación. A segunda teoría, do *gate-keeping*, céntrase na selección das noticias. Se ben a proximidade entre as teorías citadas é innegable, trátase de aproximacións distintas, xa que cada unha se centra nuns procesos diferentes, dándolle maior importancia a uns aspectos determinados e deixando de lado outros.

En conclusión, a Teoría do *Framing* non entende o xornalismo como algo obxectivo coa connotación de neutral, aséptico, etc. As/os autoras/es das noticias poñen parte da súa ideoloxía nas mesmas, as rutinas dos medios e os equipos directivos que defenden uns intereses político- económicos fan o resto. Así, a información é unha

¹⁵⁹ Está fondamente estudado que as páxinas pares teñen un maior efecto na atención das/os lectoras/es dos xornais, por iso sempre se abren as seccións en impar. Deste xeito a xente ten que ver como continúan, pois ao comezo non lle fan falta reclamos.

¹⁶⁰ O concepto de *gatekeeper* foi elaborado por Kurt Lewin nun estudo de 1947 no que se centrou nas dinámicas interactivas nos grupos sociais. Os *gatekeepers* son porteiros, grupos de poder, que deciden se deixan pasar a información polo seu filtro ou se a reteñen co conseguinte silenciamento da mesma. Para saber máis do Newsmaking e do gatekeeping véxase o artigo de LOZANO, José Carlos (2007), “Newsmaking y gatekeeping: cómo se producen las noticias” en IGARTÚA y MUÑIZ, *Medios de comunicación, inmigración y sociedad*, Salamanca, Eds. Univ. de Salamanca, pp. 17-33.

interpretación situada da realidade. Esta constatación teórica leva á consecuencia lóxica de analizar os medios de comunicación con perspectiva crítica para desenmascarar as ideoloxías que están detrás da construción das noticias. Dado que as páxinas dos diarios son álbums de estereotipos e prexuízos negativos sobre as outras, caracterizadas polos grupos dominantes como obxectos pasivos –nomeadamente vítimas- ou simplemente como elementos ausentes, unha análise sobre as identidades subalternas nos medios ofrécenos unha pista, máis ca fiable, de quen son os grupos de poder. Ou viceversa: se se fai un estudo sobre a propiedade e acceso aos medios de comunicación, tamén podemos obter indicios fidedignos de quen serán, pois, os grupos oprimidos que saian estigmatizados e estereotipados na prensa. Nesta investigación, partindo da sospeita, máis ca fundada tras anos de consumo de comunicación na sociedade, da construción das mulleres inmigrantes nos medios como estereotipos –forxadas a partir de prexuízos negativos- polos grupos dominantes, o que ten como consecuencia o reforzo do patriarcado como estrutura social, optamos por analizar a representación das inmigradas na prensa para tirar as consecuencias políticas e sociais da súa estereotipación por parte dos grupos dominantes. A denuncia da opresión é un dos primeiros pasos para a súa eliminación. E o foro dos medios de comunicación é un espazo privilexiado da dominación, motivo polo cal se reviste dunha aura de obxectividade e asepsia coa pretensión de manter afastada a crítica que pode desenmascarar o seu partidismo. A perspectiva crítica é unha ferramenta fundamental á hora de facer unha análise deste contexto, ademais dun dos elementos imprescindibles no caixón do feminismo. Completamos, pois, o marco teórico metodolóxico do *Framing* coa ACD, teoría en expansión dende comezos dos anos 90. Data na que sae á rúa a revista *Discourse and Society* editada polo lingüista holandés Teun A. Van Dijk. Arredor dese ano publicáronse tamén varios títulos fundacionais desa disciplina: *Language and Power* de Norman Fairclough (1989), *Prejuice in Discourse* de Van Dijk (1984), *Language, Power and Ideology* de Ruth Wodak (1989), etc. Tras un congreso celebrado en Amsterdam en 1991, un grupo de estudosos/as da ACD puxéronse en contacto e formaron unha rede. Cada un/ha destes/as teóricos/as do discurso especializáronse nun aspecto diferente. Pero todos/as teñen en común uns criterios básicos que tentamos enunciar a continuación:

- O aspecto cuantitativo ten menos importancia para a ACD que o aspecto cualitativo (JÄGER, 2003: 87).

- O enfoque é interdisciplinar. A interdisciplinaridade sitúase tanto na teoría como na práctica da análise.
- O enfoque oríentase cara aos problemas ou temas, non queda só na lingua nin nos paradigmas.
- A teoría e a metodoloxía son eclécticas¹⁶¹.
- O estudo inclúe sempre o traballo de campo e a etnografía.
- O enfoque é abductivo: movemento constante entre a teoría e a práctica.
- É imprescindible estudar o contexto histórico e incorporar eses resultados á análise.
- As categorías e ferramentas para a análise defínense en función dos procedementos en consonancia co problema concreto que se investiga.
- O obxectivo é a práctica.
- A ACD require unha ética explícita (VAN DIJK, 2003: 175).
- A análise é simultaneamente cognitiva, social e política.
- A ACD é esencialmente diversa.
- Debe ser comprensible, accesible e rigorosa.
- Defende a posición socio- política, manifestada abertamente, de lado das oprimidas e os dominados, e apoia a súa loita contra a desigualdade.
- A relación entre o poder e o discurso é obvia para a ACD.

A maioría dos puntos enumerados pertencen á categorización que fai Ruth Wodak (2003: 109- 110) das características máis importantes da ACD, no enfoque histórico, que ela teoriza, e que nesta investigación seguimos xunto cos enfoques de Van Dijk e Fairclough.

Wodak e Fairclough elaboraron en 1997 unha primeira lista de 8 ítems para definir a ACD que reproducimos a continuación pola súa importancia histórica neste enfoque, e porque segue vixente.

1. *El ACD aborda problemas sociales.*
2. *Las relaciones de poder son discursivas.*
3. *El discurso constituye la sociedad y la cultura.*
4. *El discurso efectúa una labor ideológica.*
5. *El discurso es histórico.*

¹⁶¹ Na ACD empréganse tanto teorías como metodoloxías doutras disciplinas, dando lugar a unha teoría e metodoloxía propias da ACD interdisciplinares e pluriperspectivistas.

6. *El vínculo entre el texto y la sociedad es mediato.*
7. *El análisis del discurso es interpretativo y explicativo.*
8. *El discurso es una forma de acción social.* (SCOLLON en WODAK y MEYER, 2003: 207).

Segundo Van Leeuwen (citado en WODAK, 2003: 28), a ACD ocúpase de dous aspectos: “*del discurso como instrumento de poder y de control, y también del discurso como instrumento de la construcción social de la realidad*” . Fairclough (2008: 174) define a ACD como “*un análisis del discurso que pretende explorar sistemáticamente las relaciones a menudo opacas de causalidad y determinación entre(a) prácticas discursivas, eventos y textos y (b) estructuras, procesos y relaciones sociales y culturales más amplias*”. Para esta definición Fairclough emprega categorías de Bourdieu. Pola súa parte, Van Dijk (1997: 16; 2003: 144) define a ACD como unha perspectiva crítica, non como unha teoría ou metodoloxía, para estudar o texto ou a fala (o discurso). Meyer (2003: 35) coincide con Van Dijk na definición da ACD como un enfoque, e non como método único. A ACD céntrase nas relacións de poder, dominación e desigualdade dunha sociedade concreta que examina a través dos seus discursos. O obxectivo é desenmascarar os mecanismos de manipulación, lexitimación e creación de consenso enfiados nos discursos para favorecer os grupos de poder e perpetuar así o sistema de inxustiza actual. Neste sentido, pódese dicir que a ACD “*va más allá de los criterios metodológicos tradicionales de adecuación observacional descriptiva y explicativa*” (VAN DIJK, 1997: 17). A ACD tamén observa e explica o que analiza, pero coa diferenza de que a lupa a través da que mira ten –no caso concreto desta investigación- unha lente violeta (feminista) e branca –en tanto presenza de tódalas cores- (étnico- cultural e nacional). As actitudes conservadoras, que pretenden reforzar o *statu quo*, están en contra da ACD en tanto práctica “política”, ou mesmo “non científica” por non obxectiva, etc. Sen embargo, a perspectiva feminista que atravesa esta investigación como espiña dorsal sustenta esta elección teórico-metodolóxica. “*Unha análise crítica das condicións de acceso á comunicación e ao discurso público presupón unha análise dos efectos políticos, socioculturais e económicos do dominio*” (VAN DIJK, 1993: 523). O feminismo persegue o obxectivo político- social e económico de rematar coas opresións e a dominación masculina. Un dos principais cometidos da ACD é a descrición das relacións entre o discurso e poder, e máis concretamente “*a descrición dos abusos do poder social por mediación do*

discurso” (VAN DIJK, 1993: 523). A ACD e o feminismo teñen en común ademais dunha perspectiva crítica e interdisciplinaria (na medida en que o xénero é unha categoría transversal que o atravesa todo), o compromiso cun ideario ético de xustiza social e política, a consciencia da existencia dunha dominación dos grupos maioritarios ou maiorizados¹⁶² de poder sobre os outros e a súa construción en tanto alteridade, ausencia, etc. mediante estereotipos. Como sabe o feminismo e a lingüística crítica, máis concretamente a ACD, un dos obxectivos do dominio é *“prohibir ou limitar a igualdade de acceso ós devanditos recursos (atendendo aos propios intereses)”* (VAN DIJK, 1993: 524). No contexto discursivo mediático no que se centra esta segunda parte da investigación, a dominación por parte dos grupos de poder, as elites comunicativas, limita o acceso dos grupos minorizados á tribuna mediática. As mulleres migradas son un dos grupos minorizados que ve imposibilitado ou dificultado en grande medida o seu acceso á prensa en tanto suxeito ou fonte de información.

Van Dijk (1993: 525) afirma que: *“Os grupos dominantes han tentar controlar os medios de produción “simbólica”, como son o sistema educativo e os medios de comunicación”*. Cabe matizar que o dominio rara vez é absoluto, e que sempre cabe a posibilidade da resistencia. A existencia do movemento feminista ou a historia de case dúas décadas da ACD e dos estudos do *Framing* demostran que a crítica é factible. Segundo o lingüística holandés, é de esperar que os grupos dominados *“tenten conseguir máis poder aumentando o seu acceso ós recursos socialmente valorados”* (VAN DIJK, 1993: 525). Sobre este aspecto en particular hai que salientar o punto J. da Plataforma de Beijing –primeiro capítulo dedicado aos medios de comunicación e o xénero- no que se reconece o papel fundamental que poden desempeñar os medios para a consecución da igualdade de xénero, e polo tanto para o seu contrario: a desigualdade. No artigo 235. Punto J. sinalase: *“Se nota la desatención a la cuestión del género en los medios de información por la persistencia de los estereotipos basados en el género que divulgan las organizaciones de difusión públicas y privadas, locales, nacionales e internacionales”* e continúa con esta idea no seguinte artigo *“236. Hay que suprimir la proyección constante de imágenes negativas y degradantes de la mujer en los medios de comunicación”*.

¹⁶² Empregaremos os termos minorizado para facer referencia aos grupos que sen ser minoritarios cuantitativamente si están discriminados no acceso á vida política e pública, e ao poder por tanto. Do mesmo xeito empregaremos o termo maiorizados para aludir aos grupos que sen ser maioría detentan o poder. As mulleres son un grupo minorizado, e non minoritario, en todas as sociedades do planeta.

A Plataforma de Beijing, 1995, contempla dous obxectivos estratéxicos:

Objetivo estratégico J.1. Aumentar el acceso de la mujer y su participación en la expresión de sus ideas y la adopción de decisiones en los medios de difusión y por conducto de ellos, así como en las nuevas tecnologías de comunicación.

Objetivo estratégico J.2. Fomentar una imagen equilibrada y no estereotipada de la mujer en los medios de difusión.

Ambos os dous obxectivos son coherentes coa perspectiva crítica, o primeiro está encamiñado a corrixir as limitacións de acceso aos grupos que non teñen o poder (as mulleres) e o segundo pretende corrixir a creación estereotipada das outras en tanto grupo dominado nos medios de comunicación. As mulleres migradas son un grupo minoritario (en relación aos/ás nacionais) e minorizado¹⁶³ (en relación aos inmigrantes). Esta dobre opresión fainas presa de varios tipos diferentes de dominación discursiva, por unha banda son obxecto do racismo discursivo –campo de análise primordial de Van Dijk¹⁶⁴- e por outra son diana de sexismo discursivo. Van Dijk (1993: 544) sinala que: *“as minorías étnicas tamén teñen menos acceso á construción da súa propia representación na opinión pública”*.

Logo de xustificar a análise crítica, e mergullarnos nas relacións de poder e acceso, centrarémonos na definición de discurso coa que traballaremos. Nos estudos mediáticos existe un debate teórico entre o enfoque do discurso e o do contido¹⁶⁵. Ámbas as técnicas de investigación gozan dunha ampla difusión no contexto español. A primeira técnica de investigación citada, a análise do discurso, emprega un enfoque indutivo mentres que a segunda, análise do contido, usa un enfoque dedutivo. Existen outras diferenzas significativas, por exemplo a persecución dunha mensaxe común en varias pezas da primeira e a fórmula máis cuantitativa da segunda. Debido a estas particularidades hai autores/as que enfrontan estas metodoloxías. Sen embargo, outros/as estudosos/as como Miguel Vicente Mariño (2006) aposta por unha triangulación da investigación dada a súa potencial complementariedade¹⁶⁶.

¹⁶³ A feminización da inmigración apoiada nas estatísticas de poboación total de cada Estado, e nomeadamente de España, sustenta esta tese.

¹⁶⁴ Para afondar nesta cuestión véxase VAN DIJK, Teun. A (2003), *Dominación étnica y racismo discursivo en España y América Latina*, Barcelona, Gedisa.

¹⁶⁵ Para unha caracterización máis detallada da análise do contido véxase TORTAJADA en IGARTÚA y MUÑIZ, 2007: 175 e ss.

¹⁶⁶ Para máis información véxase VICENTE MARIÑO, Miguel (2006), “Desde el análisis del contenido hacia el análisis del discurso: la necesidad de una apuesta decidida por la triangulación metodológica”,

Fairclough (2008: 172) define a categoría discurso como “*uso lingüístico hablado o escrito*” que amplía “*para incluir las prácticas semióticas (...) como la fotografía y la comunicación no verbal*”. Do discurso como uso lingüístico derívase que este é “*una forma de práctica social, con una orientación informada por la teoría social*”. E do uso do discurso como práctica social derívase, así mesmo, que é un modo de acción situado histórica e socialmente. A ACD analiza a tensión entre a cara constituínte do discurso e a cara constituída. Fairclough (2008: 172) apunta que o discurso é constitutivo das identidades sociais, as relacións sociais e os sistemas de coñecemento e crenzas. Van Dijk (2003: 146), o outro fundador da ACD xunto con Fairclough e Wodak –se falamos da perspectiva histórica- conceptualiza o discurso en sentido amplo como acontecemento comunicativo, o que inclúe conversa, texto escrito, xestos, deseño da portada, disposición tipográfica, imaxes, etc. Como acabamos de comprobar a noción de discurso é tremendamente polisémica. Varios/as autores/as¹⁶⁷ sinalan como tres principais tradicións: a de filosofía lingüística de Oxford, a foucaultiana e a da pragmática francesa. Van Dijk define o discurso como “*el texto y el acto de habla socialmente situados*” (2008: 20). Para evitar os prexuízos para a investigación do uso dun termo polisémico presentamos unha definición concreta: uso semiótico social no que hai que ter en conta a súa produción.

4.1.2. Antecedentes da investigación

“Como señala Mary Nash (2001) existe una paradoja entre la realidad social y la representación cultural en la doble vertiente de género y de inmigrante ya que la invisibilización del colectivo de mujeres inmigrantes y los estereotipos vigentes en el imaginario colectivo no se corresponde con la progresiva feminización de los procesos migratorios y el perfil cada vez más predominante de mujer joven soltera y dinámica” (REIGADA, 2004: 2¹⁶⁸).

Coincidimos co organizador das xornadas anuais sobre “Medios de comunicación e inmigración” en Murcia, Manuel Lario en que: “*el panorama de estudios sobre el fenómeno migratorio y sus implicaciones para la sociedad española es*

comunicación presentada ao IX Congreso IBERCOM, Sevilla-Cádiz. Disponible en: <<http://www.hapaxmedia.net/ibercom/pdf/VicenteMarinoMiguel.pdf>> (Última consulta 02/06/2008)

¹⁶⁷ Véxase ÍÑIGUEZ RUEDA, L (2003), *Análisis del discurso*, Barcelona, UOC, p. 96 e ss.

¹⁶⁸ Trátase de un documento on line co que a paxinación sinalada é a que consta na impresión do artigo baixado da rede.

ya *amplísimo*” (LARIO, 2008: 65). Tese que non se pode estender ao panorama de estudos sobre as mulleres inmigrantes na prensa en España, un dos eidos fundamentais –en termos de Reigada (2004)- dende o que se contribúe a facer visible socialmente a realidade das mulleres migradas, “*a la vez que ésta era interpretada, y lo que es aún más importante, a la vez que esta realidad era construída*”. Son varios os autores (VAN DIJK, 2003; BAÑON, 2007, 2008; LORITE, 2008; IGARTÚA y MUÑIZ, 2007; LARIO, 2006; LIROLA, 2008 etc.) -maioritariamente homes-, que se dedican a destacar o papel negativo que realizan os medios de comunicación no campo da inmigración. Por outra banda, existe outro grupo de estudosos –e algunha estudosa- (VAN DIJK y ZAPATA-BARRERO, 2007; CHECA, 2008, etc.) que reflexionan sobre a relación do discurso político coa opinión pública a través da mediación da prensa.

Asunción Bernárdez Rodal é a directora do único estudo completo¹⁶⁹ publicado en España sobre a representación mediática das mulleres inmigrantes. Trátase de *Mujeres inmigrantes en España: representaciones en la información y percepción social* (Madrid, Fragua, 2007). Neste texto preséntanse as conclusións da investigación do grupo PICNIC sobre a representación das mulleres inmigrantes nos informativos de televisión das dúas canles estatais públicas (TVE1, La 2) e dúas privadas (Tele5, Antena3). Bernárdez e o seu grupo completaron a mostra televisiva coa realización de oito grupos de discusión nos que xogaron coas variables de xénero, clase, formación, ocupación e residencia. Ademais do libro de PICNIC déronse ao prelo recentemente en España algúns (poucos) artigos enfocados á análise mediática de mulleres inmigrantes. En orde cronolóxica: Peio Aierbe (2003), Clara Pérez Wolfram (2003a), Mohamed El-Madkouri (2004), Alicia Reigada Olaizola (2004), Mary Nash (2005) e Lola Pérez Carracedo (2007) asinaron breves artigos en libros corais, ou mesmo en páxinas web sobre a temática que nos ocupa. As catro investigadoras e os dous investigadores citados coinciden en denunciar a invisibilidade e o silencio ao que os medios de comunicación condenan ás mulleres.

Aierbe (2003) presenta os datos –obtidos a partir da análise de vinte diarios españois da base de datos do Centro de Documentación Mugak entre o 1 de marzo de 2006 e o 27 de novembro de 2007- dun 12, 63 por cento de presenza das mulleres

¹⁶⁹ A fins de 2009 a ONG ACSUR-Las Segovias presentou un estudo breve titulado “Elles i nosaltres”: una aproximació al discurs dels mitjans de comunicació catalans sobre les dones immigrades, no que elabora un diagnòstico a partir da análise da prensa catalana do tratamento das migradas bolivianas e marroquís residentes en Catalunya. Nin a extensión, nin a intención do traballo é comparable ao estudo do grupo PICNIC.

inmigradas no total de noticias que tratan o tema da inmigración¹⁷⁰. Peio Aierbe (2002: 8 -9) sinala que, por enriba, só na metade desas noticias as mulleres son suxeitos, non en exclusiva –segundo matiza- das mesmas. As cifras finais –non aparecen no 87 por cento das novas de inmigración, son secundarias no 6 por cento e suxeitos no 7 por cento- confirman a hipótese da invisibilidade das inmigradas nos medios.

Clara Pérez Wolfram (2003a: 124) coincide con Aierbe na denuncia desa invisibilidade, en tanto na maioría das informacións en prensa sobre inmigración a imaxe que se visibiliza é masculina. A xornalista chega a esta conclusión tras analizar unha mostra de 395 informacións extraídas dos principais diarios vascos, así como dos baleirados no Centro de Estudios y Documentación sobre racismo y xenofobia durante os tres primeiros meses do ano 2002. Pérez Wolfram (2003a: 168) verifica a hipótese da construción mediática da realidade inmigrante como masculina, invisibilizándose a presenza das mulleres migradas. Lola Pérez Carracedo (2007) extrae a consecuencia desta invisibilidade, a súa inexistencia social. Porque o que non sae nos medios de comunicación non existe. “*Ser denominado, dar nombre, es una de las condiciones por las que el sujeto se constituye en el lenguaje. Al ser nombrado alguien recibe cierta posibilidad de existencia social*” (BERNÁRDEZ, 2007: 136). Se mudamos a fonte de información e no canto de mirar nos medios de comunicación observamos as cifras do INE relativas a poboación estranxeira residente en España, comprobamos que a metade (aproximadamente) do total de inmigrantes que residen en España son mulleres. A construción mediática das migradas dista moito da realidade estatística oficial. Por tanto, podemos afirmar que na prensa non saen representadas boa parte das migradas. Lola Pérez Carracedo (2007) sinala que “*aparece (...) una parte sesgada y miserable, de la realidad de la inmigración protagonizada por mujeres (...): la imagen de la tragedia*”. A denuncia da construción do estereotipo negativo a partir da realidade diversa das mulleres inmigradas é compartida polo estudo do grupo PICNIC. A ausencia de voz é un dos trazos que salientan tanto o equipo dirixido por Bernárdez (2007: 136) como Pérez Carracedo (2007) ou Pérez Wolfram (2003a). A cada estereotipo de migrada asígnanselle uns trazos en función da nacionalidade de nacemento. Así as latinoamericanas son asociadas a mulleres tradicionais, indefensas, ilegais, sensuais, pobres, vítimas de mafias, etc. As musulmás –en termos de Bernárdez (2007: 137)- son construídas como mulleres submisas (veladas), tradicionais e

¹⁷⁰ O obxecto concreto da análise mediática de Aierbe son as mulleres traballadoras inmigrantes.

relixiosas, familiares, vítimas de violencia dos seus compañeiros musulmáns, etc¹⁷¹. As subsaharianas, terceiro estereotipo exposto polo grupo PICNIC, aparecen en contextos de pateiras como excepción, e enfatizándose a súa maternidade. Os homes subsaharianos nunca aparecen nos medios representados como pais nas pateiras, ao contrario que as mulleres. O estereotipo de mulleres do Leste de Europa non aparece representado na mostra do citado estudo, pero si no imaxinario social, como veremos noutras análises.

O estudoso El- Madkouri analiza a representación na prensa española das mulleres árabes. Segundo o autor, estas aparecen poucas veces en tanto suxeito da noticia e sempre ligadas a algún dos seguintes temas: relixión, islamismo, machismo árabe, liberdade, inxustiza xurídica, xeopolítica, crise, etc. (EL-MADKOURI, 2004: 173). Alicia Reigada (2004) tamén analiza a representación en prensa das inmigradas, concretamente das marroquís. Con este, entre outros traballos, Reigada axuda a consolidar un novo campo de investigación centrado nos estudos sobre comunicación, xénero e migración. Segundo a autora segue sendo pertinente unha análise sobre como se comezou a visibilizar a inmigración feminina, quen e dende ónde interviñeron neste proceso e os mecanismos que se utilizaron, pero –sobre todo– aínda é preciso analizar qué aspectos das súas vidas se visibilizaron e cales seguen silenciados. As conclusións de Reigada non difiren moito das presentadas polo resto de autoras/es citadas/os, e que mostran unha “*representación estereotipada, simplista y reduccionista*”, na que as migradas aparecen sempre en contextos negativos, magnificando así todo o “*relacionado con lo extraño o conflictivo*”, reducindo a realidade complexa das migradas marroquís –como a de calquera outro grupo nacional de migradas– a “*un discurso de sumisión, la victimización y el estigma social*”.

Pola súa parte, Mary Nash (2005: 103 e ss), nun capítulo de *Inmigrantes en nuestro espejo*, libro que trata de identificar os mecanismos culturais que actúan na transmisión dun imaxinario colectivo sobre a inmigración en clave de “*otredad*

¹⁷¹ El- Madkouri presenta unha completa descrición do retrato das mulleres árabes na prensa española. O autor sinala, ademais dos trazos culturais e relixiosos, o protagonismo que ten o aspecto externo destas mulleres nas noticias onde aparecen en tanto argumento. Pois, segundo analiza Mohamed El- Madkouri (2004: 185), “*la mujer no es la noticia sino el argumento*”. A oposición entre tradición e modernidade alegorízase nas roupaxes coas que van “tapadas” estas mulleres árabes, por oposición á vestimenta occidental. O autor presenta unha taxonomía de denominacións de diferentes prendas árabes femininas que serve para aclarar malentendidos polo uso sinónimoico falaz que os medios fan de conceptos tan diferentes como chador, burka ou hijab (EL-MADKOURI, 2004: 180- 181). A consecuencia do tratamento analizado por El- MADlouri é unha muller “*atrasada, oprimida, maltratada. Es en total la suma de todas las características de la discriminación de género, cultura y religión*”.

cultural” (NASH, 2005: 11- 13), facilita ferramentas para descodificar os rexistros culturais negativos respecto ás inmigradas. Nash “*examina la construcción de la doble alteridad de las mujeres inmigrantes en tanto mujeres e inmigrantes y explora el significado de los usos de un discurso de otredad de género y cultural en la configuración del perfil de las otras inmigrantes en la década de los noventa*”.

Os diferentes estereotipos presentados por PICNIC comparten a conceptualización da muller migrante como vítima. Para a construción do estereotipo negativo das migradas empréganse, ademais da estratexia da vitimización, outras estratexias: a da naturalización (sexualización), a ausencia de individualización, a creación de distancia social e a insistencia no suxeito lexislado (o adxectivo “ilegal” define ás persoas migradas) (BERNÁRDEZ, 2007: 139), etc. Clara Pérez (2003a: 168) incide en que as mulleres inmigradas non aparecen como suxeitos do seu proxecto migratorio, senón como obxectos. A obxectualización, a partir do léxico (pateiras no canto de persoas que chegan en pateira; ilegais ou irregulares no canto de mulleres en situación de irregularidade administrativa; etc.) e a excepcionalidade (as cifras non se desglosan por sexo xeralmente, a existencia de mulleres nunha pateira sinalase como excepción) son dúas estratexias textuais empregadas habitualmente polas redactoras e os xornalistas coa consecuencia de representar as mulleres migradas como inexistentes, sen voz. A xornalista vasca sinala, así mesmo, a primacía dos contextos relacionados co mundo privado á hora de representar as migradas nos medios de comunicación. A familia e as relacións de xénero son, segundo Pérez Wolfram, os temas predominantes no tratamento das mulleres migradas na prensa. A visión que se da no eido privado é negativa: ablacións, imposición de levar o veo, casamentos forzados con dotes, violencia sexista, etc. Así, as mulleres migradas son construídas como vítimas dos seus compatriotas, para exculpar á sociedade de destino segundo á lóxica de ensalzar os méritos propios e ocultar os alleos¹⁷², á par que se esaxeran os prexuízos que causan os outros e se minimizan os producidos polo endogrupo.

Con respecto á perspectiva de ACD que empregaremos, cabe salientar que Van Dijk se ben ten traballado sobre todo a análise do discurso étnico nos medios, nomeadamente na prensa, non ten estudos concretos sobre xénero e inmigración na

¹⁷² Trátase da característica xeral do discurso racista estudado por Van Dijk (MUÑIZ, 2007: 11): “*en una imagen negativa de Ellos –e Elas- combinada frecuentemente con una representación positiva de Nosotros mismos –e Nosotras mesmas-. El corolario de esta táctica es mitigar una representación positiva de los Otros –e das Outras-, así como también evitar la posible imagen negativa de nuestro propio grupo*”.

prensa, polo momento. Gustaríanos mencionar un estudo de ACD con perspectiva de xénero, que se ben non trata a inmigración, pódenos axudar a enfocar a nosa investigación. Referímonos a *La violencia sexual y su representación en la prensa*, publicado por Anthropos a partir da tese doutoral de Natalia Fernández dirixida polo propio Van Dijk. Nesa obra, Natalia Fernández analiza un corpus de 89 noticias nas que se trata o tema da violencia contra as mulleres extraídas de sete diarios durante un período de catro anos. Xa fixemos referencia, no apartado anterior, ao antecedente dentro da Teoría do *Framing* da análise levada a cabo por Pilar Giménez e M^a Rosa Berganza. Esta mesma técnica de análise é empregada para abordar o tema da inmigración, sen perspectiva de xénero, por Igartúa e Muñiz (2007).

Se nos centramos no contexto galego só hai unha publicación que trata a temática da inmigración na prensa, pero tampouco ten perspectiva de xénero. Trátase do estudo: *A inmigración na prensa galega: o reflexo da diversidade. Perspectiva teórica e análise socio- estatística*, elaborado entre a Universidade de Vigo e a Oficina Autónoma de Cruz Vermella en Galicia. O estudo de 2007 non se afasta doutros publicados no resto do Estado. Tres anos antes da publicación desta investigación, Xavier Ron elaborou un “Informe sobre o tratamento da inmigración na prensa galega”. Centrándose nas páxinas de *El Correo Gallego* durante os meses de abril a xuño de 2004, Ron conclúe que dos catro tipos de discurso: institucional, policial, ético e económico- laboral son os dous primeiros os que copan un 84 por cento das representacións de migración na prensa analizada. Un lustro antes, en 1997, Miquel Rodrigo e Manuel Martínez Nicolás concluíran, así mesmo, que non se aprecian tantas diferenzas no tratamento da inmigración “segundo a ideoloxía dos diarios (conservadores ou liberais) aínda que os diarios conservadores situaban o conflito sobre todo na esfera do policial e do xudicial, e os liberais adoitaban preferir a política” (BARBA-PAN et al., 2007: 28).

O estudo da Cruz Vermella dedícalle un breve apartado ao tema das mulleres inmigrantes e á análise da súa representación na prensa galega. A realidade estudada é que as mulleres inmigrantes “apenas atopa oco nas páxinas dos xornais” (BARBA PAN et al., 2007: 140) e que, cando o atopan, ese oco ten unha características moi concretas e restrinxidas. As conclusións presentadas son que as mulleres aparecen nun 58,3 por cento en noticias, e nun 33,3 por cento restante en breves. As novas asinadas maioritariamente en Galicia aparecen nas seccións de Galicia (50 por cento das veces), local (33,3 por cento) e Sucesos (16,7 por cento). Destacan as fontes informativas

político- institucionais (83,3 por cento dos casos) e os tons de contribución (33,3 por cento), conflito (25 por cento), reivindicación (25 por cento) e explotación (16,7 por cento). Hai que sinalar que, comparativamente, os homes inmigrantes están representados cun ton maioritariamente de conflito ou político institucional e de solidariedade- humano –estas dúas últimas modalidades non aparecen no tratamento das mulleres inmigradas. En xeral, non figuran os datos das nacionalidades de nacemento (66,7 por cento) con excepción da americana (nun 33,3 por cento dos casos). A conclusión principal extraída neste estudo con respecto as migradas é que: “*Se hai un punto no cal sexa evidente a confirmación xornalística de estereotipos relacionados coa inmigración, ese tema é a muller, directa e infortunadamente asociada coa prostitución ou ben con traballo doméstico, ambas as dúas actividades con fortes contidos escravistas*” (BARBA- PAN et al., 2007: 126). Os termos que aparecen con maior frecuencia para ilustrar a representación das migradas nos medios galegos analizados por Barba Pan et al. (2007: 131) son: “*redes, explotación, prostitución, estranxeiras, inmigrantes, escravismo, delito, axuda, explotación e colaboración*”.

Xa, para rematar coa exposición dos antecedentes temáticos e teórico-metodolóxicos da investigación queremos salientar –a modo de síntese- en tanto antecedentes desta investigación, ademais do estudo dirixido por Bernárdez, os traballos de Alicia Reigada¹⁷³ e Clara Pérez Wolfram. Reigada achegouse ao estudo dos diferentes procedementos de representación das mulleres inmigrantes na prensa española, co enfoque da análise crítica do discurso. Pola súa parte, Clara Pérez é xornalista, colaboradora de Mugak, Centro de Estudios y Documentación sobre racismo y xenofobia do País Vasco. Pérez Wolfram deu ao prelo “Género y discurso sobre la inmigración en la prensa” (2003), unha rigorosa análise do discurso sobre a inmigración con perspectiva de xénero.

Se xeralizamos o obxecto de análise, mulleres inmigradas, ás mulleres en xeral e rastreamos a súa representación e visibilidade, comprobamos que a invisibilidade e a representación estereotipada das inmigradas non obedece só a súa diferenza cultural, senón tamén ao seu xénero¹⁷⁴. Pois, as mulleres españolas, como as inmigradas, están

¹⁷³ Actualmente, a investigadora Alicia Reigada está en etapa de tese cun tema diferente ao do seu DEA. Como doutoranda en Periodismo na Universidade de Sevilla traballou o tema das mulleres inmigrantes traballadoras e a imaxe das inmigradas marroquís na prensa española, a partir dos que escribiu interesantes artigos. Agora traballa o contexto da plantación e recolección da fresa en Huelva por parte das inmigradas. Deixou a ACD e o tema da representación en prensa das migradas por outro enfoque.

¹⁷⁴ Existen varios estudos a nivel español, e por suposto europeo e internacional sobre o tratamento das mulleres nos medios de comunicación. Non é este tema o obxecto desta investigación, por iso nos

discriminadas na prensa estatal¹⁷⁵. Xa fixemos mención ao mal tratamento que dá a prensa aos/ás inmigrantes –construción mediática masculina- polo que concluímos que non é só unha das variables, xénero ou etnia, a que fai das mulleres inmigradas obxecto de invisibilización e tratamento negativo na prensa, senón unha combinación de ambas as dúas variables citadas, en conxunción con outros factores como poden ser a clase, relixión, trazos antropomórficos, etc.

4.1.3. *Porto de navegación: altofalantes violetas*

Logo de presentar a xustificación da elección teórico- metodolóxica e expoñer os antecedentes da investigación dispoñémonos a presentar as coordenadas cara as que nos diriximos nesta singladura. O porto cara ao que navegamos neste veleiro de papel – concretamente de follas de diario rexional- é a xustiza na representación mediática das migradas. O obxectivo desta investigación é pintar de violeta o veleiro de papel no que navegamos co fin de achegarnos máis ao porto de destino. O violeta alegoriza a perspectiva feminista coa que levamos a cabo a análise crítica do discurso sobre a inmigración feminina en España. Pintar de violeta implica localizar as estratexias de construción de estereotipos e a propia invisibilidade da que son obxecto as migradas. Este paso é fundamental á hora de tomar posesión da propia voz para poder reivindicar os dereitos en igualdade das migradas na sociedade española. Esta investigación trata sobre a viaxe do veleiro de papel violeta, non da chegada a porto, pois para a consecución da igualdade real entre homes e mulleres, incluída/os as/os de distinta orixe, nacionalidade, etnia, relixión, clase, cultura, etc. quedan moitas millas. O importante é o rumbo e o traballo de remodelación deste veleiro. Escollemos o papel de xornal para elaborar esta metáfora porque os medios de comunicación constitúen na actualidade, en termos de Reigada un:

limitamos a citar o Informe do Proxecto Global de Monitoreo de Medios que se fai cada lustro. O último é do 16 de febreiro de 2005, xornada durante a que se monitorizaron 12.893 noticias en televisión, radio e periódicos de 76 países. Os resultados, publicados en febreiro de 2006 pódense ler en <http://www.whomakesthenews.org/reports/past-reports.html>, xunto cos resultados de 1995 e 2000. Queremos destacar só os titulares: o día analizado só o 21 % das persoas obxecto de noticia foron mulleres, fronte ao 79% restante; as noticias onde saíron mulleres foron de temática celebridades, arte e deportes (28%), sociais e legais (28%), crimes e violencia (22%), ciencias da saúde (22%), economía (20%) e política e goberno (14%); as mulleres aparecen en maior medida (19%) que os homes (8%) protagonistas de informacións; etc. Véxase tamén MORENO, 2007; TUBÍO, 2007; PUÑAL, VÁZQUEZ E VILAS, 2007; ALTÉS, 2007, SOLAR, 2007; VIZOSO, 2007; LOVERA, 2007; MONZÓN, 2007; VEGA, 2007; LÓPEZ DE LA CERDA, 2007; etc.)

¹⁷⁵ A este respecto recoméndase a lectura do capítulo segundo, “Las mujeres y los discursos mediáticos” de FERNÁNDEZ DÍAZ (2003: 20 e ss).

“ámbito privilegiado para abordar la problemática intercultural por su potencial discursivo y simbólico, su capacidad para configurar los imaginarios sociales sobre la inmigración femenina extracomunitaria, construir realidades, crear espacios de debate público –a través del consenso y del disenso- y espacios de diálogo intercultural en los que se negocien y (re)definan las identidades, en los que a la vez se difuminan, se rompen, pero también por su capacidad para (re)producir y legitimar las relaciones de poder entre los distintos grupos sociales” (REIGADA, 2004: 2-3)

As identidades mediáticas son –como o resto das identidades culturais- unha construción simbólica, cuns límites sempre discutibles (CASTELLÓ, 2008: 102). Miquel Rodrigo propón usar o termo en plural: identidades culturais, ou no caso que nos ocupa identidades mediáticas, para pór de manifesto a diversidade e diversificación da natureza das mesmas. Identidade é un dos conceptos capitais do século XXI. As identidades representan para os individuos o seu plano de situación no espazo. Os grupos minoritarios séntense constringidos nun non- espazo ou nun oco excesivamente incómodo, deseñado polos grandes grupos de poder e espallado a través dos altofalantes mediáticos. Os medios de comunicación son no contexto contemporáneo a institución onde mellor se poden examinar a produción e (re)produción de identidades. Castelló resalta o carácter exclusivo e individual das identidades, que sempre inflúen na vida cotiá dos/as individuos. O feito de estar sempre en proceso –a apertura das identidades- da pé ás reivindicacións sobre as mesmas –por parte dos grupos minoritarios ou minorizados- tan en voga nas últimas décadas¹⁷⁶. As identidades mudan co contexto. Nesta investigación centrámonos no contexto mediático, que á súa vez fai de amplificador a outros variados contextos: o espazo privado dunha muller migrada, o mercado no que se sucede unha noticia, o mar no que chegan as pateiras, as comisaría onde se executan ordes de expulsión, etc. As identidades mudan, así mesmo, coas circunstancias: cada feito ou cada tema ten unha influencia fundamental, pois, na representación da identidade concreta. Sen embargo, e como veremos, os contextos e circunstancias amplificados polos medios de comunicación reforzan un tipo de representación. E malia que as identidades sexan individuais, como veremos nos

¹⁷⁶ “La identidad cultural no se civiliza o se abandera por parte de los grupos hegemónicos pero se convierte en una reivindicación de los grupos a los que la estructura social y política no favorece. Quien habla y problematiza sobre la identidad, suele hacerlo porque piensa que la suya o la de su grupo está en peligro” (CASTELLÓ, 2008: 101). Esta cita de Enric Castelló lembra á de Raimundo Pániker (citado en AMORÓS, 2005 : 433) “quien teme perder su identidad, ya la ha perdido”.

resultados da análise pódense construír –e de feito constrúense- de xeito estereotipado para un grupo non homoxéneo de persoas, neste caso as mulleres migradas. Porque, as identidades malia ser individuais na súa percepción, constrúense nos discursos sobre a colectividade (CASTELLÓ, 2008: 54) e nas interaccións entre os individuos e os grupos. Claro que se falamos de identidades mediáticas, hai que entender que os medios de comunicación deben ter algunha particularidade: certa implicación na transformación das identidades. (CASTELLÓ, 2008: 64). O resultado son pois –empregando a expresión de Castelló- desequilibrios representacionais. Miquel Rodrigo (en CASTELLÓ, 2008: 17) recoñece que “*la construcción identitaria de la alteridad del inmigrante es un constructo del que no se puede escapar facilmente*”. Esta formulación non nega a capacidade de resistencia dos grupos estigmatizados nin as súas accións reivindicativas, que nun futuro poidan estabilizar a construcións das representacións non homoxéneas nin pechadas para os grupos minoritarios, senón abertas, diversas e plurais para todos os seres humanos que contén, ademais, cunha cota de pantalla –ou tribuna de prensa- equiparada.

Castelló (2008: 12) define as identidades mediáticas como: “*propuestas discursivas que apelan a, redundan en y transforman las narraciones identitarias que circulan en espacios culturales y que son esparcidas y suministradas como recursos en ámbitos grupales, familiares y personales*”. A alianza do poder dos medios de comunicación co das identidades constitúen unha potente estrutura “*que modela los discursos de la sociedad*” (CASTELLÓ, 2008: 13). Os desequilibrios de poder xeran desequilibrios representacionais¹⁷⁷. Entre as primeiras críticas do feminismo ao patriarcado figura a ausencia de representación ou a representación desvalorizada que se fai das mulleres. Esta crítica segue vixente hoxe, nun grao máis preocupante, se cabe, no caso das mulleres inmigradas en España. Unha das hipóteses principais desta investigación é que a invisibilización das mulleres inmigrantes nos medios de comunicación ten consecuencias nocivas como o reforzo da tese multiculturalista que categoriza as identidades como todos homoxéneos e autorreferidos, que non mudan nin admiten diversidade no seu interior. A dobre alteridade imposibilita o contacto entre mulleres autóctonas e alóctonas, o que impide a formación de redes de pactos feministas e a conformación dunha identidade feminista (igualdade sexual) no contexto de multiculturalidade (diversidade cultural). A invisibilidade mediática das mulleres

¹⁷⁷ Véxanse os apartados dedicados á teoría de Nancy Fraser no capítulo segundo deste traballo.

migradas circunscribe no fenómeno da desvalorización do papel das mulleres en tanto traballadoras, actoras económicas e sociais: suxeitos activos en definitiva (AIERBE, 2003: 10)¹⁷⁸. En Galicia, unha das comunidades con menor inmigración do territorio español, os medios fomentan e reforzan a creación e mantemento de estereotipos negativos sobre os inmigrantes: pobres, delincuentes, novos, africanos e homes, cando os datos indican unha clara feminización da inmigración, orixe latinoamericana e europea maioritaria, con niveis medios de estudos, economía media no país de orixe, etc. A hipótese é que os medios constrúen as identidades culturais en maior medida que a realidade social estatística e cotiá. Para comprobala analizaremos tamén as representacións mediáticas de modo comparativo nos medios de Cataluña, unha das principais comunidades autónomas en tanto destino de inmigración.

Os medios de comunicación non teñen fácil acceso á vida privada. As mulleres por definición histórica están pechadas nos seus corpos e fogares¹⁷⁹. As inmigrantes tamén. No momento de contacto cultural entre individuos de diferentes culturas, os medios están presentes e poden visibilizar, nomear, permitir existir as mulleres inmigrantes. Agora que a inmigración aínda é un fenómeno recente (coas características actuais, pois non ten nada de novo ser nómade) en España (dende 1996) e sobre todo en Galicia (dende o século XXI), é o momento de definir as pautas de relacións, de visibilizar as mulleres inmigrantes. Os medios de comunicación xogan un papel fundamental neste aspecto. O obxectivo desta investigación é poñer de relevancia a importancia que ten para a integración da sociedade, e nomeadamente para a igualdade sexual na diversidade cultural, a visibilización das mulleres migradas nos medios, para xerar unha visión positiva realista destas e facultar a sinatura de pactos e o trazado de redes de solidariedade entre elas, e coas autóctonas para combater así as teses multiculturalistas que pechan as mulleres nas súas culturas e non permiten nin a súa saída nin a crítica interna, ou cando menos non reforzalas dende a sociedade occidental que as critica.

A prensa ten o poder de definir que é o “normal” –mediante a construción dunha identidade colectiva concreta, pois as identidades son o que se conta delas- coa vantaxe de que a aura de obxectividade que a rodea depura toda posible sospeita de partidismo, en tanto vehículo da ideoloxía da clase dominante. A identidade permítenos coñecemos e (re)coñecemos a nós mesmas, á par que permite que as outras e os outros nos coñezan.

¹⁷⁸ O tema da invisibilidade xa foi tratado nun apartado anterior desta investigación. Véxase o capítulo 3.

¹⁷⁹ Véxase o capítulo 1 deste traballo.

As identidades dannos sentido, e sitúanos nun contexto. As identidades defínense nas representacións que os medios de comunicación catapultan cara á audiencia, construindo así a opinión pública. A invisibilidade nos medios de comunicación implica a reclusión na realidade social a un non- lugar, a unha sombra movediza. Somos o que os medios din que somos. E cando non nos nomean, non existimos de todo. Esta circunstancia imposibilita que encaixemos nalgures, condénanos a vagar como sombras buscando un foco que nos alumee e nos permita existir. As identidades constrúen os límites simbólicos das comunidades como as fronteiras, os límites xurídicos das nacionalidades e os Estados. Do mesmo xeito que as persoas poden atravesar os muros e os peches sen documentación que os acredite como cidadáns/ás de pleno dereito dunha comunidade política, os/as inmigrantes poden existir socialmente –as estatísticas do INE certificano- sen gozar de existencia simbólica, quedando á marxe dos discursos mediáticos. É máis, os medios de comunicación lexitiman as políticas de exclusión política e mesmo as actuacións sociais racistas dos individuos en tanto reforzan os estereotipos tradicionais dos/as estranxeiros/as, ao paso que crean uns novos sobre os inmigrantes –estereotipo masculino- asociándoos á delincuencia, marxinalidade, etc. Os medios de comunicación son un forte mecanismo de inclusión e exclusión social simbólica.

A linguaxe é a outra cara da moeda da identidade, e os estudos da relación da lingua co poder teñen xa unha longa tradición. Bourdieu fala das relacións lingüísticas como “relacións de poder simbólico” e destaca a importancia de ter en conta a praxe. É o uso da lingua o que a emparenta co poder (CASTELLÓ, 2008: 85). A lingua é o medio a través do que funciona o sistema de representacións que constrúen as identidades. A lingua é en si propia un sistema de representacións do mundo: unha cosmovisión concreta (CASTELLÓ, 2008: 91). E os estereotipos son “*una forma de “conocimiento” sesgada, distorsionada o exagerada que a menudo se aplica para describir, o representar, a un determinado grupo de personas tipificándolas*”. As aspas que enmarcan coñecemento connotan –en verbas do propio autor- o descoñecemento dos grupos que se describen. Xeralmente, os estereotipos son definidos dende os grupos de poder e asignados aos grupos minoritarios ou minorizados. “*El pensamiento estereotipado es absolutamente discriminador: condena a las personas a ser aquello que los estereotipos dicen que han de ser*” (RIBAS, 2008: 464). Os estereotipos son “*discursos del desequilibrio representacional*” que conteñen unha ideoloxía dominante. A ideoloxía dos grupos de poder que poden acceder aos medios de comunicación e

construír o discurso que estrutura a cosmovisión dunha determinada sociedade. Co uso dos estereotipos estes acaban por naturalizarse. Os estereotipos en relación co xénero están profundamente ligados a prexuízos negativos. Os xuízos de valor poden ser positivos ou negativos. Pero, xeralmente, os asociados a estereotipos son de valor negativo. A mensaxe que transmiten os estereotipos convértese en estanca. A repetición dos estereotipos a través dos medios de comunicación alimenta as identidades e xera mecanismos de regulación de condutas (CASTELLÓ, 2008: 94- 95). A naturalización dos estereotipos convérteos en moldes nos que se fan encaixar a todos os individuos dos colectivos que definen. A transmisión da ideoloxía dominante por parte dos estereotipos pódese facer de xeito consciente ou inconsciente, pero sempre ten lugar. Por veces, os estereotipos estigmatizan os individuos dos que forman a identidade mediática. Montserrat Ribas (2008: 466) conclúe que os inmigrantes representados na prensa “*no son personas concretas, con una situación personal definida y con unos objetivos y necesidades específicos; sino que son meras realidades estereotipadas*”. A autora demostra esta tese coa moda estendida nos medios de comunicación de denominar os/as inmigrantes con formas xenéricas (inmigración, inmigrantes, colectivo magrebí, etc.), o que dificulta a súa representación individualizada.

Os medios de comunicación na súa pretendida obxectividade evitan o uso directo dos estereotipos, conscientes do seu poder simbólico, pero non renuncian a transmitir a súa mensaxe. A estratexia máis empregada é a de pór en boca doutros (as fontes informativas) mensaxes que non poderían difundir sen incorrer en racismo discursivo e outras actitudes política e mediaticamente incorrectas, de provir dunha xornalista ou redactor.

4.2. Ferramentas

Para realizar a viaxe contamos cun caixón de ferramentas metodolóxicas de carácter práctico que presentamos a continuación. Daremos conta dos criterios de mostra e selección de noticias, así como dos principais instrumentos de análise que empregamos. Elaboramos ad hoc unha ficha de análise a partir das hipóteses presentadas e dos principais elementos de auscultación da ACD. A ficha incorpora á análise semiótica a de contido. Focaliza a atención nos aspectos sintáctico, léxico e semántico. Obter un instrumento ad hoc que dea conta de todos os aspectos aos que nos enfronta un discurso é ambicioso de máis (BERNÁRDEZ, 2007: 78), e en boa medida

alleo á ACD, na medida en que esta perspectiva se caracteriza polo enfoque abductivo: movemento constante entre a teoría e a práctica. Pero traballar sen ferramentas de apoio é custoso de máis, de modo que empregaremos esta ficha a xeito de guión, pero sen que a súa finitude estableza cotos a outros aspectos que a análise crítica poña de manifesto. É dicir, traballarase sobre unha ficha e tamén se analizarán aspectos e categorías non recollidos na mesma, pero que a análise demande observar directamente nas pezas informativas que compoñen a mostra. Dadas as hipóteses e a epistemoloxía de partida, así como o marco teórico- metodolóxico crítico, optamos por un enfoque cualitativo, que se aproxima- sen chegar ao termo medio- a un enfoque cuantitativo, na medida en que teremos en conta a repetición dunha estratexia textual ou elemento semántico, léxico ou lingüístico á hora de extraer conclusións. Debido á cantidade de material obtido na mostra fíxose necesaria unha ferramenta metodolóxica que lle dea coherencia interna á análise, e que evite que esta se deixe levar pola ideoloxía da información no canto de pola perspectiva crítica da analista. Os produtos mediáticos están deseñados para penetrar na consciencia e mesmo no inconsciente da audiencia de xeito acrítico. O emprego dun guión é pertinente para evitar caer na falacia obxectivista que, poñamos por caso, non se cuestiona as afirmacións sexistas ou racistas, por exemplo, cando estas están convenientemente atribuídas a unha fonte e entre aspas. A ficha de análise contribúe a que a analista manteña diante en todo momento as alertas que saltan ante o pensamento sexista e culturalista inserido e convenientemente ocultado nas informacións. No caso da representación mediática das inmigrantes é tan importante o que se di como o que non se di. *“Tomar en consideración tanto lo incluído en los textos como lo excluído, y por tanto lo que valoran positivamente como lo que valoran negativamente, ayuda en primer lugar a diferenciar lo que se explica de lo que sucedió o sucede”* (MORENO, 2007: 330). A ficha fai precisamente a función de manter sempre presente as presenzas e ausencias inxustificables en nome da obxectividade e a veracidade informativa.

4.2.1. Ficha de análise

1.1. Datos técnicos

Diario:

Data:

En portada: Si /Non

Páxina: Par /Impar, Núm.:

Espazo: 2, 1, ½, ¼, 1/8 (Columnas:)

Superior/ Inferior Esquerda/ Dereita

Contexto (Entre que noticias aparece):

Sección: Internacional/ Nacional/ Local/ Sociedade/ Sucesos/ Economía/ Cultura/ Deportes

Xénero informativo: Breve/ Noticia/ Reportaxe/ Crónica/ Entrevista

Foto: Si/ Non

Pé de foto:

Autora: Axencia/ Diario/ Sinatura: Autora/ Autor

1.2. Actoras da información:

a) Titulación:

b) Sinopse:

c) Eixe temático: Prostitución/ Mafias/ Veo/ Violencia machista/ Xénero e Familia (casamentos)/ Ablación / Educación/ Traballo/ Integración/ Lexislación/ Fronteira/ Delincuencia/ Cultura/ Relixión/ Dereitos/ Viaxe (proxecto)/ Sanidade/ Racismo/ Problemas inmigrantes/ Cultura- Ocio/

d) Actoras: Axente/ Paciente

Individual (representante/ persoal)/ Colectivo (definido/ non definido)

Nacionalidade:

Descriptor: Inmigrantes/ Estranxeiras/ Sen papeis/ Ilegais/ Inmigradas/ Migradas

Idade

Actividade: Prostitución/ Servizo Doméstico/ Hostalería/ Agricultura/

Estudos: Primaria/ Secundaria /Universitaria

Relixión: Si/ Non, Cal:

Con voz: Si/ Non

Función: Experta/ Protagonista/ Testemuña/ Opinante/ Institucional/ Anónima/ ...

f) Fonte: Endogrupo/ Exogrupo

Institucional/ Comprometida (ONGs...)/ Reivindicativa/

g) Citas: Directas/ Indirectas

h) Atribución da responsabilidade: Sociedade/ Inmigrantes/ Goberno/ Mafias/

i) Escenario: Privado (Doméstico/ Templo)/ Público (Traballo/ Rúa/ Policial/ Viaxe/)

l) Recurso alarma social: Si/ Non; Xeralización: Si/ Non

m) Binomio nos/elas: Si/ Non

n) Público da noticia: Inmigrantes/ Endogrupo/ Sociedade sen divisións

1.3. Linguaxe:

Léxico

Campos semánticos

Figuras retóricas: metáfora

hipérbole

Ton: Conflito / Humanitario / Paternalista / Vitimista / Contribución /

Datos: Si/Non

Desagregados por sexo: Si/ Non
Sintaxe: Activa/ Pasiva,
Estilo:

4.2.2. Mostra

A mostra está composta por informacións¹⁸⁰ sobre mulleres inmigrantes publicadas nunhas datas aleatorias (15 días anuais) entre o 4 de abril de 2004 e o 31 de decembro de 2006 en catro diarios de prensa rexional, dous de referencia de Cataluña e outros dous de Galicia. Concretamente, a mostra foi recollida na edición en papel de *La Voz de Galicia e Faro de Vigo* en tanto representantes dos diarios galegos e *El periódico de Catalunya e La Vanguardia*, en tanto representantes da prensa rexional catalá. Os días seleccionados de xeito aleatorio son o día 2 de cada mes, porque o 1 de Xaneiro non hai xornal¹⁸¹. E os tres restantes para completar a quincena, son o último día dos meses cuarto (abril), oitavo (agosto) e duodécimo (decembro) para obter un reparto equitativo no ciclo anual. Ao escoller os días de xeito aleatorio están representados todos os días da semana de xeito equilibrado: 4 luns e martes, 6 mércores, 7 xoves- domingos¹⁸². A ACD permite a elección de noticias de xeito aleatorio, sen ter en conta os criterios precisos para garantir uns resultados cuantitativos. Sen embargo, decidimos establecer unha mostra que si nos permita obter resultados cuantitativos. Por este motivo, observamos o criterio cuantitativo (mínimo de dúas semanas anuais) e a representatividade dos diferentes días da semana (con tradición temática e extensión diferente na publicación debido ás rutinas periodísticas e á actualidade semanal). Non escollemos os días dunha mesma semana de xeito corrido porque quixemos evitar uns resultados excesivamente concretos, producidos por un acontecemento determinado que

¹⁸⁰ O criterio de establecemento da mostra de prensa é a selección de todas as pezas informativas, entre as que figuran breves, noticias, crónicas, entrevistas, reportaxes, perfis e fotonoticias, dos días escollidos. Non analizaremos as pezas clasificadas como opinión e situadas nas páxinas rotuladas co identificador “opinión”, “editorial” ou similares porque a nosa intención é facer unha radiografía das representacións informativas en prensa das inmigradas e non analizar as opinións declaradas das distintas cabeceiras senón os estereotipos e a presentación pretendidamente obxectiva que fan os diarios das migradas.

¹⁸¹ Dos diarios analizados, e como é costume no Estado español, tres diarios non editan xornal o día 1 de xaneiro, por ser o 31 de decembro festivo. *La Voz de Galicia, Faro de Vigo e El Periódico de Catalunya* non saen á rúa o primeiro día do ano, pero si *La Vanguardia*, co que hai que matizar que no caso deste diario se analizou o día 1 de xaneiro, no canto do 2, o primeiro mes do ano de 2005 e 2006.

¹⁸² O caso de *La Vanguardia* ten unha particularidade. Dado que se publica diario o 1 de xaneiro, varía a distribución de días da semana analizados. Para este diario son 3 luns, 4 martes, 6 mércores, 7 xoves-venres e domingos e 8 sábados. Cabe matizar, así mesmo, que os días 1 ou 2 de cada xaneiro analizados non son días da semana correntes – falando semanalmente e a nivel xornalístico- na medida en que ademais da rutina e actualidade do día real de publicación teñen que facer acopio da actualidade e rutinas máis importantes do día anterior ao que non houbo xornal.

eclipsa a realidade informativa habitual. Varias/os autoras/es critican a tendencia dos estudos sobre inmigración a extrapolar uns resultados concretos, obtidos nun contexto reducido (sen contrastar) e nunhas datas determinadas. Coa elección aleatoria de días tentando cubrir todos os anos analizados e a obtención da mostra a partir de diarios de dúas comunidades españolas, antagónicas no que á historia da inmigración se refire, tentamos escapar a esta crítica pretérita.

No tocante aos xornais da mostra, foron seleccionados o diario de referencia de Galicia, único diario con libro de estilo, código deontolóxico ou sección de *Ombudsman* na prensa galega, *La Voz de Galicia* e, por outra parte, *Faro de Vigo* en tanto decano da prensa española, diario con experiencia demostrada, con tirada a nivel galego, inscrito no OJD (Oficina de Justificación de la Difusión) e con perspectiva local importante. *Faro de Vigo* céntrase na provincia de Pontevedra e nomeadamente na área metropolitana de Vigo, cidade galega con maior número de inmigrantes. Escollín, por outra banda, os dous diarios cataláns de maior tirada e prestixio, un máis progresista e de carácter populista, *El Periódico de Catalunya*, e outro de orixe conservadora, *La Vanguardia*, porque Cataluña vai á vangarda dos movementos inmigratorios en España tanto a nivel cuantitativo como cualitativo (legal, social, de xénero, etc.). Adriana Patiño e Luísa Martín Rojo (2007: 82) sinalan a Cataluña como excepción política e mediática no tratamento alarmista da inmigración no Estado Español. Cataluña é tamén o lugar onde conseguiron botar fondas raíces os que Victoria Camps (2004: 238)¹⁸³ considera mecanismos necesarios en conxunción: os códigos deontolóxicos e os mecanismos de supervisión e control que velen pola efectividade dos primeiros. En 1996, a Comisión de Periodismo Solidario do Col·legi Oficial de Periodistes de Catalunya (COPC) editou o Manual de estilo periodístico sobre el Tratamiento de las minorías étnicas, primeira iniciativa española desta índole. Por outra banda, no ano 2000 comezou a funcionar o Consell Audiovisual de Catalunya (CAC), organismo independente que vela polo cumprimento das normas deontolóxicas na profesión periodística en Cataluña. Son xa célebres as súas recomendacións dirixidas a autoridades, empresas e profesionais do xornalismo (AIERBE, 2008: 117- 118). O carácter pioneiro de Cataluña na redacción de recomendacións sobre o tratamento das minorías na prensa obsérvase xa dende o ano 1992, cando o COPC aprobou o seu código deontolóxico, que inclúe no criterio número

¹⁸³ Victoria Camps no artigo “Instituciones, agencias y los mecanismos de supervisión mediática” publicado en Conill, J. Y V. González (coords.) (2004) *Ética de los medios. Una apuesta por la ciudadanía audiovisual*. Barcelona: Gedisa propón como solución á falta de efectividade dos códigos deontolóxicos na profesión periodística a combinación destes con medidas de control.

12 a recomendación de evitar as expresións e testemuñas vexatorias ou lesivas para a súa condición de minorías. En 1996, o 3º Congreso de Xornalistas de Cataluña incluíu dúas conclusións sobre a xenofobia (1- Aconsellar a inclusión de xornalistas de minorías étnicas nos medios e 2- Formación “multicultural” para as/os xornalistas) (BARBA- PAN et. al., 2007: 49- 50).

Os criterios de elección dos periódicos da mostra son o carácter rexional, histórico, ideolóxico e sociolóxico.

1- Todos os diarios seleccionados na mostra son de carácter rexional, se ben non foron escollidos todos os diarios rexionais de España.

2- A pertenza a unha nacionalidade histórica minoritaria recoñecida pola Constitución Española de 1978. Galicia e Cataluña son dúas nacións históricas do Estado español¹⁸⁴. Por este feito comparten varias características. Ricard Zapata-Barrero (2008: 13) define o contexto de Cataluña como aquel no que se interrelacionan dous procesos: “*el ya existente de demandas de autogobierno de naciones minoritarias y el nuevo proceso que resulta de la inmigración*”. Compartimos a premisa de Zapata Barrero (2008: 111- 112) de que a xestión da inmigración ten en Cataluña¹⁸⁵ unha características propias como nación minoritaria.

3- Os contextos de principal receptor¹⁸⁶ de inmigrantes e o de principal emisor de emigrantes. Cataluña é segundo Zapata Barrero (2008: 15) “*un país construído a partir de la inmigración*” e Galicia é un país de emigrantes, que só recentemente (a comezos do século XXI o saldo poboacional de entradas e saídas deixou de ser negativo) viu inaugurada a súa etapa de país receptor de inmigrantes.

4- Os xornais de maior tirada e influencia nas respectivas comunidades. Para esta selección foron tidos en conta os datos dos estudos de medición de audiencia de España: Oficina de Justificación de la Difusión (OJD) e Estudio General de Medios (EGM).

¹⁸⁴ De entre as tres nacionalidades históricas minoritarias de España: Galicia, Cataluña e o País Vasco, esta última foi desestimada por varios motivos. Fundamentalmente polo descoñecemento da lingua vasca por parte da investigadora, pola ausencia de contacto con esa comunidade e por ser a realidade migratoria do País Vasco similar á de Cataluña, o que podía desequilibrar a mostra en favor de comunidades con maior tradición de acollida fronte a inexperiencia de Galicia nesta empresa.

¹⁸⁵ Tanto Galicia como o País Vasco poderían estar nesta caracterización no canto de Cataluña, porque se ben a historia migratoria dos tres países é diferente, os tres comparten o carácter de nacións históricas minoritarias e minorizadas historicamente polo mesmo Estado.

¹⁸⁶ Empregamos o termo “recepción” de xeito aséptico, co obxecto de designar o proceso de encontro nunha sociedade dada cun conxunto poboacional que ven de fora. Co termo non entramos a valorar a calidade de recepción por parte da sociedade anfitrión, só describimos o feito real de encontro entre os/as que estaban e os/as que chegan.

5- Diarios coa sede central nas principais provincias da súa comunidade en número de estranxeiros/as. Vigo e A Coruña son os concellos galegos con maior número de persoas de orixe estranxeira. Segundo datos de 2005, ofrecidos por Barba-Pan et. al. (2007: 62) Vigo conta con 11.571 inmigrantes e A Coruña con 7.674. Con respecto a Cataluña, Barcelona é o concello con maior taxa de inmigración, e un dos maiores índices de España xunto con Madrid e Valencia.

6- A nivel ideolóxico *La Vanguardia* está considerado o diario de referencia catalán, e de liña editorial con tendencias conservadoras. Mentres que *El Periódico de Catalunya* é un xornal popular e progresista, con clara tendencia sensacionalista. *El Periódico* está considerado o diario catalán da rúa polo seu tratamento emotivo e mesmo subxectivo, ademais do uso do léxico coloquial. Pola banda dos diarios galegos da mostra, *La Voz de Galicia* é o diario de referencia galego. A súa liña editorial está próxima ao centrismo liberal. *Faro de Vigo* é un diario fundamente comercial e de ampla información local, o que o achega á rúa. Malia que na actualidade ambos os diarios galegos se acheguen máis ao partido conservador que aos progresistas, no contexto temporal da mostra, eran cabeceiras con simpatías progresistas, malia que economicamente conservadoras.

<u>La Vanguardia</u>	2004 ¹⁸⁷	2005	2006
Promedio tirada en exemplares(OJD):	. ¹⁸⁸	238.021	.
Promedio difusión (OJD):	203.703	208.139	202.161
Lectoras/es diarios (EGM):	800.000	649.000	697.000

El Periódico de Catalunya

Promedio tirada (OJD):	.	221.817	.
Promedio difusión (OJD):	171.212	170.114	167.804
Lectoras/es diarios (EGM):	884.000	854.000	789.000

La Voz de Galicia

Promedio tirada (OJD): . . .

¹⁸⁷ Ofrecense os datos de OJD do exercicio relativo a xullo 2003- xuño 2004 para 2004 e así respectivamente co resto dos anos da mostra.

¹⁸⁸ Os datos que faltan por cubrir, e dado que a difusión por parte dos organismos é anual, non foi posible atopalos no momento da investigación. Malia os intentos de contacto co organismo responsable da elaboración do OJD. Os datos que constan foron obtidos a través da hemeroteca e grazas á axuda de contactos en medios de comunicación que aínda os conservaban nos seus arquivos.

Promedio difusión (OJD):	.	105.032	103.399
Lectoras/es diarios (EGM):	679.000	572.000	668.000

Faro de Vigo

Promedio tirada (OJD):	.	.	.
Promedio difusión (OJD):	.	42.031	41.637
Lectoras/es diarios (EGM):	303.000	290.000	292.000

Segundos os datos do EGM, en 2004¹⁸⁹ *El Periódico de Catalunya*, *La Vanguardia*, e *La Voz de Galicia* son o cuarto, quinto e sexto diarios –respectivamente- en número de lectoras/es diarios. EGM mostra como en 2005 houbo un descenso xeralizado nos índices de lectura de prensa que afectou de maneira desigual aos diarios da mostra. Neste exercicio, *El Periódico* adiantou unha praza converténdose no terceiro diario de información xeral –excluíndo os deportivos *Marca* e *As-* máis lidos. *La Vanguardia* conserva a quinta posición e *La Voz de Galicia* atrasa unha, pasando ao sétimo lugar. *Faro de Vigo* adianta unha posición –de 13º a 12º- en índice de lectura. O último ano da mostra, 2006, as posicións dos diarios analizados mantéñense con respecto ao anterior e dáse un leve repunte –excepto no caso de *El Periódico de Catalunya*- no número de lectoras/es.

Con respecto os estudos de OJD, os últimos datos dispoñibles (período controlado xullo 2007-xuño 2008) sinalan a *La Vanguardia* como un diario de referencia cunha tirada de 246.170 e cunha media de difusión de 205.504 exemplares. Dos diarios da mostra, síguea *El Periódico de Catalunya*, cunhas cifras de tirada e difusión de 220.336 e 164.414 exemplares respectivamente. Os diarios galegos van detrás, con 120.285 exemplares de tirada e 103.828 de difusión *La Voz de Galicia*, e moi por detrás *Faro de Vigo* cuns datos de 48.528 exemplares de tirada e 40.978 de difusión.

El Periódico de Catalunya e *La Vanguardia* figuran entre os cinco diarios de maior difusión no Estado español. *La Voz de Galicia* figura no sexto lugar, e *Faro de Vigo* está moi lonxe de achegarse ás posicións do resto de diarios da mostra a nivel estatal. Sen embargo, é o segundo diario en difusión de Galicia, logo de *La Voz de*

¹⁸⁹ Datos extraídos de www.aimc.es dende febreiro de 2004 ata novembro de 2004. Trátase das estatísticas do 3º ano móbil. Escollemos esta ondanada porque é a que abrangue un período anual –sen ser completo- máis prolongado. A 1ª ondanada

Galicia. Polo tanto, no caso dos dous diarios cataláns analizados e un dos galegos (*La Voz de Galicia*), estamos perante prensa rexional de referencia a nivel estatal.

La Vanguardia (LV) foi fundada en 1881 polos irmáns empresarios de Igualada, Carlos e Bartolomé Godó y Pie, nun escuro soto no corazón da Barcelona vella. LV nace como medio de expresión dunha facción do partido liberal. De tirada local nun principio, LV foi o primeiro diario en ofrecer dúas edicións (matutina e vespertina). Este “*diario político de avisos y noticias*” –segundo rezaba a cabeceira nas orixes– independizouse do Partido Constitucional e ampliou a súa tirada ata converterse no medio de maior difusión, e no primeiro español en enviar correspondentes á Primeira Guerra Mundial. Dos 80.000 exemplares de tirada de 1912, pasou a máis de 200.000 á morte de Ramón Godó. Durante a Guerra Civil a Generalitat incautou o diario, recuperado pola familia Godó logo do triunfo do franquismo, o goberno do cal imporá a liña editorial, se ben non o control financeiro do diario. A fins do séc. XX e comezos do XXI, LV adaptouse aos tempos cunha innovación tecnolóxica e un tratamento máis sofisticado da imaxe e a cor e á competencia co nacemento de *El Periódico de Catalunya*. A versión dixital do diario saíu á rúa o 10 de setembro de 1998. En 2006 sufriu unha importante restructuración coa adaptación ao sistema web 2.0. Durante o período da mostra, 2004- 2006, o director de LV foi José Antich.

El Periódico de Catalunya (EP) acendeu as rotativas o 26 de outubro de 1978 no ensanche de Barcelona para sacar á rúa unha dobre versión (en castelán e catalán) diaria (de distribución matutina) e de pago. Este diario fundado polo barcelonés Antonio Asensio Pizarro pertence ao Grupo Zeta e ideoloxicamente é progresista, catalanista e non nacionalista. EP caracterízase polo gran tratamento gráfico e por ser o primeiro diario español impreso a toda cor con abundante información local e deportiva. Trazos que propiciaron a captación de novas/os lectoras/es non habituais de prensa, senón tamén a audiencia doutros diarios, fundamentalmente de LV, diario que segue líder de Cataluña, pero xa non en exclusiva. No período analizado dirixía EP Antonio Franco, primeiro director do diario (1978-1982), impulsor do Estatuto de Redacción deste medio.

La Voz de Galicia (LVG) nace no ano 1882 como periódico progresista e republicano, “*con la firme determinación de servir exclusivamente a los intereses de Galicia*”¹⁹⁰, dende unha visión progresista da vida e a sociedade. Cofundada polo seu

¹⁹⁰ Véxase LA VOZ DE GALICIA (2007), *La Voz de Galicia 1882-2007: 125 aniversario*, A Coruña, Voz de Galicia.

primeiro director Juan Fernández Latorre, José M. Martínez e Antonio Prieto Puga, o diario coruñés, LVG destacará –xa dende os comezos- pola multiedición. En 1896 fará o primeiro salto a tres edicións que multiplicará no 1978¹⁹¹ e triplicará en 1987.¹⁹² LVG foi o segundo diario español en elaborar o seu propio Estatuto de Redacción¹⁹³, así como a figura do Defensor dos/as lectores/as. O Grupo Voz -empresa familiar de Fernández Latorre, ao que pertence o diario, constituíu unha Fundación (1997), un máster (1993), unha televisión (2005), etc. A edición dixital¹⁹⁴ do diario púxose en marcha en maio de 2000, como líder galega de información na rede. No período da mostra houbo dous directores de LVG. Bieito Rubido ata marzo de 2006 e Xosé Luís Vilela, que asumiu a dirección trala destitución do anterior director.

Faro de Vigo (FV) é o periódico decano¹⁹⁵ da prensa estatal. Nace en 1853 como publicación bisemanal e dá o salto a diario en 1879. Dende a súa aparición FV consolidouse como o segundo diario galego. A comezos do século XX, tivo lugar a verdadeira implantación deste diario con sede no Sur de Galicia, concretamente na cidade que lle dá nome, Vigo. O seu principal obxectivo era superar o illamento no que se atopaba o Sur da comunidade. A clara vocación industrial e comercial líase no rótulo de cabeceira do diario da familia De Lema: “*periódico mercantil, agrícola e industrial*”. En 1986 pasou a formar parte da Editorial Prensa Ibérica¹⁹⁶ e comezou unha fase de modernización e expansión traducida nas súas seis delegacións –todas asentadas no Sur de Galicia, nomeadamente nas provincias de Pontevedra e Ourense. No ano 2001 comezou a funcionar a súa edición dixital¹⁹⁷. No período da mostra houbo dous

¹⁹¹ *La Voz de Galicia* puxo en marcha un amplo plan de comarcalización e rexionalización. Nos anos 70 do século pasado contaba xa con seis delegacións, cinco subdelegacións e máis de 200 correspondentes. Pero será no ano 1978, a data na que consolidará cun cambio de sede da delegación de Pontevedra e co lanzamento de sete edicións diarias, na seguinte orde: Vigo, Pontevedra, Ourense, Lugo, Santiago, Ferrol e A Coruña. A reforma converteuna no quinto diario de información xeral máis vendido en España, segundo datos de OJD de 1980, despois de *ABC*, *Ya*, *El País* e *La Vanguardia*. (GARCÍA GONZÁLEZ, 2004: 5-6).

¹⁹² O 19 de maio de 1987, *La Voz de Galicia* comarcalizouse, dando o salto de sete edicións a doce, engadindo as cabezas de comarca.

¹⁹³ O 19 de xaneiro de 1988, LVG convértese tras *El País*, no segundo diario español con Estatuto e Consello de Redacción que regule as relacións laborais no seno da empresa.

¹⁹⁴ www.lavozdeg Galicia.com

¹⁹⁵ En tanto cabeceira de información xeral, *Faro de Vigo* é o diario decano da prensa española. Sen embargo, dado que nun principio se editaba cunha menor frecuencia, hai outros periódicos, como o compostelán *El Correo Gallego* máis antigos en tanto diarios.

¹⁹⁶ A Editorial Prensa Ibérica nace en 1978 nas illas canarias. En 1984 merca varias sociedades xestoras na subasta dos Medios de Comunicación Social do Estado. E será a partir de 1988 cando o grupo non se limite a compra de diarios xa existentes, senón tamén a fundación de cabeceiras novas –nomeadamente bautizadas como *La Opinión de* (lugar) ou *Diario de* (lugar). Actualmente o grupo posúe máis dunha quincena de diarios en España.

¹⁹⁷ www.farodevigo.es

directores en FV, Pedro Pablo Alonso García –ata febreiro de 2006- e Juan Carlos Da Silva.

O período seleccionado foi delimitado no inicio polo 2 de abril de 2004, data de creación do Observatorio Galego da Inmigración e da Loita contra o racismo e a xenofobia por parte do goberno popular de Manuel Fraga. Tívoise en conta para a fixación da data, así mesmo, a entrada do PSOE no goberno español o 14 de marzo de 2004. Así como a promulgación do Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España. O 11 de marzo de 2004 tiveron lugar os atentados terroristas nos trens de Madrid. A estela do 11-S chegou a España e, nomeadamente, aos medios de comunicación onde se manifestou en forma de desconfianza e alarma social cara aos musulmáns, e cara aos inmigrantes en xeral¹⁹⁸.

No período seleccionado tiveron lugar tamén outros acontecementos relevantes para a inmigración en España tales como o proceso de normalización de inmigrantes de 2005 –sen precedentes cuantitativos- levado a cabo polo goberno socialista español¹⁹⁹; os tráxicos sucesos da valla de Melilla en 2005; o cambio de goberno en Galicia tras o trunfo nas eleccións do 19 de xuño de 2005 da esquerda que formará goberno bipartito de PSdG-PSOE e BNG poñendo fin a 14 anos de maioría absoluta do PP –era Fraga (1989- 2005)-; a chamada crise dos caiucos en 2006; a creación do Observatorio Español del Racismo y la Xenofobia o 21 de marzo de 2006 que conta entre os seus obxectivos a “*promoción del principio de igualdad de trato y (...) de la elaboración del tratamiento adecuado del racismo y la xenofobia en los medios de comunicación y propuestas de empleo de buenas prácticas en este tratamiento*” (LARIO, 2008: 209); os datos das enquisas do CIS que sitúan a inmigración como primeira problema das/os

¹⁹⁸ A este respecto recoméndase a lectura do artigo de EL- MADKOURI, Mohamed (2006), “ La representación del inmigrante “árabe” tras los atentados del 11-S” en CASADO VELARDE, Manuel; GONZALEZ RUIZ, Ramón y ROMERO GUALDA, M^a Victoria (eds.), *Análisis del discurso: lengua, cultura, valores*. Actas del I Congreso Internacional, Arco Libros, Vol. 2, pp. 1871- 1887. Para afondar no tema máis concreto do tratamento da inmigración a partir dos sucesos do 11 de Marzo en España véxase RETIS, Jessica (2004) “La inmigración: Víctimas y victimarios en el 11-M” en *Revista Latinoamericana de Comunicación CHASQUI*, núm. 87, set 2004, pp. 46- 53. Segundo a xornalista “ningún acontecimiento ha tenido tanta envergadura en los medios y en la opinión pública española como los atentados del 11 de marzo de 2004” (RETIS, 2004: 50).

¹⁹⁹ Para unha maior profundización véxase Silvia Cabezas y Javier Velilla (2005). Os autores levaron a cabo unha análise con motivo do proceso extraordinario de regulación de inmigrantes de 2005. En *Imagen mediática y opinión pública sobre la inmigración en España y Cataluña* presentan os resultados da análise dos principais diarios españois durante os meses de febreiro a marzo de 2005.

españolas/is a fins de 2006, no terceiro lugar dende mediados de 2004; a creación do Consello Galego da inmigración en xullo de 2006²⁰⁰; etc.

A data final escollida é o 31 de decembro de 2006. O 22 de decembro de 2006, o bipartito galego (PSG-PSOE/BNG dende 19 xuño de 2005 ata 1 de marzo de 2009) asinou cos medios de comunicación un documento de bases para a aplicación dun código deontolóxico para o tratamento non estereotipado da inmigración nos medios galegos e nas institucións de poder. A Xunta de Galicia do bipartito promoveu a fins do mes de decembro de 2006 a sinatura da chamada *Declaración sobre o Tratamento Informativo do Fenómeno da Inmigración*²⁰¹ cos medios de comunicación de Galicia. Esta circunstancia fai pensar nun corte nesta data no tratamento mediático galego da inmigración.

O 2006 está considerado por varios estudos e grupos de investigación de migración e comunicación un ano de información “unipolar”. Migracom, o Informe do Observatorio Español contra el Racismo y la Xenofobia 2006 ou Mugak coinciden en destacar o carácter alarmista, eurocéntrico, duro, centrado excesivamente na chegada de caiucos e nas medidas de control político, etc. (LARIO, 2008: 210).

“2006 foi o ano en que, tanto dende a Administración pública galega como, en especial, dende as entidades que traballan con inmigrantes, se impulsou a necesidade de elaborar unhas normas para promover un compromiso ético sobre o tratamento informativo da inmigración” (BARBA-PAN et. al., 2007: 52- 54). O Foro da Inmigración elaborou un protocolo de boas prácticas no tratamento mediático e político da inmigración. O 30 de outubro de 2006 publicouse o Decálogo, precedido polos artigos primeiro e segundo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Consideramos que tres anos son unha extensión suficientemente ampla para revelar os cambios e transformacións que se puideran ter dado no tratamento mediático das migradas. A continuación expoñemos os resultados desenvolvidos da análise.

200 O Consello Galego da Inmigración creouse polo Decreto 127/2006, do 27 de xullo (Diario Oficial de Galicia nº 150, do 4 de agosto)

²⁰¹ A declaración consta de tres puntos:

“1- Que a inmigración constitúe en termos xerais un fenómeno positivo e enriquecedor, nos ámbitos social, económico e cultural, para a nosa sociedade.

2- Que a información elaborada e transmitida polos medios de comunicación debe preservar a dignidade do inmigrante como ser humano e os seus dereitos como cidadán de pleno dereito. Consideran neste sentido que a información que se difunda sobre o fenómeno inmigratorio debe fuxir de tópicos, estereotipos e xeralizacións.

3- Que os medios asinantes se comprometen a elaborar uns criterios orientativos que, sen menoscabo dos principios de veracidade e de independencia informativa, e respectando cadansúa específica liña editorial, resalten os valores e a contribución dos inmigrantes á convivencia plural de todos os españois e, xa que logo, de todos os galegos”.

4.3. Andoriñas transparentes: A ACD do tratamento mediático das migradas na prensa de referencia galega e catalá

4.3.1. As cifras da invisibilidade: Mugak como muleta introdutoria

O *Centro de Estudios y Documentación sobre racismo y xenofobia* de SOS Racismo, Mugak²⁰², dirixido por Peio Aierbe, analiza sistematicamente a representación que se ven facendo das minorías étnicas nos medios de comunicación. Este Observatorio conta coa primeira revista de prensa²⁰³ e base de datos de noticias relacionadas coa inmigración de España. Tres dos diarios da nosa mostra, *El Periódico de Catalunya*, *La Vanguardia* e *La Voz de Galicia*, figuran na base de datos de Mugak. Nesta investigación e como complemento da busca e análise da mesma, apoiarémonos nos datos que ofrece a ferramenta en cuestión.

Se indexamos a busca na base de datos de prensa de Mugak entre abril de 2004 e decembro de 2006, ambos os dous meses incluídos, e seleccionamos a presentación das mulleres inmigradas en todos os diarios²⁰⁴ cos que traballa o Observatorio, o resultado da busca é que as migradas non aparecen en 14.046 noticias dun total de 15.997 artigos que tratan o tema da inmigración. É dicir que só están representadas nun total de 1.951 noticias. Destas, aparecen como suxeito nun total de 1.090 pezas informativas e con carácter secundario en 861 noticias.

	Non aparecen	Suxeito	Secundarias	Total
Base de datos de Mugak	14.046	1.090	861	15.997

Concretando a busca segundo os criterios da nosa mostra, delimitamos o campo de “periódico” a *El Periódico de Catalunya*, e obtemos o resultado de 466 noticias onde as mulleres non aparecen representadas, 50 artigos onde aparecen con carácter

²⁰²Centro impulsado dende SOS Arrazakeria que ven desenvolvendo a súa labor dende 1995.

²⁰³Xunto con Xenomedia de Barcelona, o Observatorio de la Diversidad fai un seguimento diario do papel que xogan os medios, e en particular, a prensa. O *Centro de Estudios y Documentación sobre racismo y xenofobia* de SOS Racismo edita unha Revista de Prensa diaria e gratuita cos contidos que aparecen en máis de vinte periódicos do Estado español.

²⁰⁴ABC, Avui, Berria, Canarias 7, Deia, Diario Vasco, Diario de Navarra, Diario de Noticias, Diario de noticias de Alava, Diario de noticias de Gipuzkoa, El Correo, El Día, El Mundo, El País, El Periódico de Cataluña, El Universal, El Universo, Gara, Hika, La Jornada, La Prensa Gráfica, La Razón, La Vanguardia, La Verdad de Murcia, La Voz de Galicia, Las Provincias, ND, Prensa Latinoamericana, Prensa Libre, Público e Sur.

secundario e 45 pezas onde son suxeito. En *La Vanguardia* as mulleres están ausentes en 727 noticias e aparecen representadas nun total de 126 novas: en 68 como suxeitos e en 58 como personaxes secundarios. En *La Voz de Galicia* non aparecen en 456 noticias e si o fan como suxeitos en 48, e con carácter secundario en 37 pezas informativas.

	Non aparecen	Si:	Suxeito	Secundarias	Total
<i>El Periódico de Catalunya</i>	466	95	45	50	561
<i>La Vanguardia</i>	727	126	68	58	853
<i>La Voz de Galicia</i>	456	85	48	37	541

Na análise efectuada sobre a mostra aleatoria seleccionada para esta investigación as cifras obtidas son máis modestas na medida en que dadas as condicións da mesma analizouse unha cantidade menor de exemplares diarios. Sen embargo, como se pode comprobar as porcentaxes son semellantes, sobre todo no caso da prensa catalá analizada. No seguinte cadro podemos observar como o número de noticias que aluden ao tema da inmigración sen ter en conta ás mulleres son máis do dobre que aquelas noticias nas que están representadas as migradas. Máis adiante entraremos a comparar a porcentaxes de noticias nas que as mulleres inmigradas son fonte, suxeito ou meros axentes pasivos. Con respecto a este último punto, queremos salientar que en varias noticias sobre a inmigración e os migrantes nas que non se menciona a mulleres en ningún dos papeis do proceso informativo (nin como fontes, protagonistas, secundarias, etc.) estas si aparecen representadas na fotografía que ilustra a noticia, xerando un paradoxo. Volveremos sobre este tema.

Os titulares e as fotografías e infografía en xeral- xunto co pé de foto- é o que os/as lectores/as visualizan nun primeiro nivel de lectura dun diario. Segundo as teorías da comunicación, a maioría de lectores/as non vai máis aló da lectura do titular e o visionado da fotografía (primeiro) e a lectura do pé de foto (segundo). Como moito, o perfil de lector/a medio/a lerá tamén a entradiña –parágrafo introdutorio que nas reportaxes e entrevistas condensa a información do resto da noticia e que no caso dos artigos expón os principais datos en orde de maior a menor importancia, seguindo o esquema da pirámide invertida²⁰⁵-. Deste xeito o ocultamento das mulleres migradas no

²⁰⁵ Modelo de redacción da noticia no que a principal información vai ao comezo, popularizada durante a Guerra de Secesión Nortamericana co obxecto de que a redacción recibise a información esencial antes de que se cortase a comunicación por telégrafo. Hoxe en día, segue en vigor o uso da pirámide invertida; de menos a máis información, ou o que é o mesmo, do principal ao secundario. O método xorde por iniciativa dos operarios de telégrafos que para suministrar un tempo ecuánime áos diferentes medios

corpo da noticia entra en contradición coa súa representación na fotografía, pois esta información prima (segundo as teorías centradas na percepción) sobre o resto. Vexamos primeiro as cifras do total de noticias sobre migración con e sen representación de mulleres dos catro diarios da mostra:

	Migradas	Migrados	Total
<i>El Periódico de Catalunya</i>	39	78	117
<i>La Vanguardia</i>	29	86	116
<i>La Voz de Galicia</i>	38	51	89
<i>Faro de Vigo</i>	35	56	91
SUMA	141	271	411

É manifesta a diferenza cuantitativa entre os diarios cataláns e os galegos analizados. *El Periódico de Catalunya* e *La Vanguardia* destinan un maior espazo á representación do tema da inmigración e dos/as inmigrantes en comparación cos dous diarios galegos. *El Periódico de Catalunya* é en concreto o xornal da mostra que maior número de noticias dedica á inmigración, un total de 117. Cifra moi semellante á de *La Vanguardia*, con 116 noticias. Pero curiosamente é *La Voz de Galicia* (cunha nova menos que *El Periódico*) último diario da mostra en número de noticias sobre inmigración, o segundo con maior cantidade de artigos con representación de mulleres inmigrantes publica, 38 noticias dun total de 89 nas que trata a temática migratoria. *La Vanguardia*, sendo o primeiro diario en noticias de inmigración é o último en informacións de mulleres migrantes, con 31 pezas, catro menos que *Faro de Vigo*- con 35 pezas. Existe unha oposición parcial entre os datos obtidos na análise propia, e arriba expostos, e os que figuran como resultado da busca na base de datos de Mugak atendendo aos criterios temporais e os diarios escollidos na mostra da análise propia. A aleatoriedade da mostra é o mellor método para garantir uns resultados representativos. Aínda así é obvio que os resultados non poden ser tan completos nin fiables como aqueles que proveñen da análise do total dos días do período, sen necesidade de ser mostreados. De todos os xeitos, o carácter cualitativo desta investigación réstalle, sen desvirtuar, relevancia aos datos cuantitativos, dispoñibles noutras análises.

A suma total dos datos, independentemente da cabeceira, indica que un terzo das noticias sobre migración representan mulleres migradas e dous terzos só a homes que migran. Vexamos, a continuación, os datos sobre o número de artigos de cada un dos

deseñaron unha caste de rolda de prensa, con tempos iguais e por turnos para cada informador/a. Deste xeito o fundamental era o que primeiro se comunicaba.

diarios desagregados polos tres anos da mostra, para comprobar se os datos corresponden a unha tendencia –e polo tanto existe continuidade e semellanzas entre as cifras de cada ano- ou se, polo contrario, se deu algunha excepción puntual nun dos anos da mostra –o que se traduciría nun pico cuantitativo.

<i>El Periódico de Catalunya</i>	Migradas	Migrados	Total
2004	17	19	36
2005	14	30	44
2006	08	29	37

<i>La Vanguardia</i>	Migradas	Migrados	Total
2004	10	26	36
2005	8	25	33
2006	11	35	46

<i>La Voz de Galicia</i>	Migradas	Migrados	Total
2004	11	16	27
2005	13	14	27
2006	14	21	35

<i>Faro de Vigo</i>	Migradas	Migrados	Total
2004	11	14	25
2005	09	18	27
2006	15	24	39

Como acabamos de comprobar, non existe pico significativo algún entre os datos desagregados por ano e diario. Co que podemos concluír que a mostra ten un nivel de representatividade aceptable, garantida, así mesmo pola súa amplitude temporal– garantía de que non se xeralicen datos ocasionados por un evento ou feito noticioso concreto senón que se comparen datos relativos a un conxunto amplo de feitos novidosos sobre o tema concreto da inmigración e se poidan establecer así xeralizacións máis representativas.

No caso de *El Periódico de Catalunya* cabe resaltar que o número de noticias sobre a inmigración onde aparecen representadas mulleres diminúe ano a ano, das 17 pezas de 2004 pasa ás 08 de 2006. Sen embargo, o número de información totais que dedica á temática da inmigración mantense, mesmo aumenta un punto total, das 36 de 2004 ás 37 de 2006, cun pico en 2005, con 44 pezas. O resultado mostra un incremento das novas de inmigración con representación de homes migrantes e unha diminución de informacións con representación de mulleres migradas, que non ten correspondencia nas cifras do INE que recollen unha crecente feminización da migración en España, e tamén en Cataluña. Unha situación semellante acontece no caso de *La Vanguardia*. O diario

dos condes de Godó diminúe o número de noticias sobre inmigración onde se representa a mulleres migradas entre 2004 –con 10 pezas- e 2005 con 8, que volven a subir a 11 en 2006. Como no caso do outro diario catalán da mostra, as noticias sobre inmigración con perspectiva masculina increméntanse entre 2004 -26 pezas- e 2006- 35 pezas, sufrindo tamén unha leve diminución en 2005, ano no que baixa unha noticia con respecto a 2004. Aínda que diminúe menos no caso das noticias de inmigración con representación só de migrados que coas de representación tamén de migradas.

Nos dous diarios galegos analizados dáse unha suba progresiva e lenta tanto das noticias que representan a mulleres migrantes como das novas de inmigración e migrados que non contemplan ás mulleres. *La Voz de Galicia* experimenta un incremento moi leve no número de pezas informativas sobre inmigración con mulleres inmigrantes entre 2004 –con 11 pezas-, 2005 -13 novas- e 2006 -14 informacións. O total de artigos informativos tamén se incrementa entre 2004 -27 pezas-, 2005 –con 27 noticias- e 2006 –coa suba a 35 noticias. O caso de *Faro de Vigo* é moi semellante ao da cabeceira coruñesa. Incrementa o número de espazos dedicados a informacións de inmigración con representación feminina entre 2004 -11 pezas- e 2006 -15 novas, cun leve descenso en 2005 –como acontecera no caso de *La Vanguardia* e *La Voz de Galicia*. Con respecto ás noticias de inmigración totais tamén se produce un incremento: 25, 27 e 39 pezas en 2004, 2005 e 2006 respectivamente, co que as noticias sobre inmigración sen representación de mulleres experimentou un incremento nesta cabeceira: 14, 18 e 24 noticias nos anos respectivos. A continuación, expoñemos os datos relativos ás fotografías nas que saen representadas mulleres migradas que acompañan a noticias onde están invisibilizadas e silenciadas.

Fotografías con migradas en noticias onde non están representadas	
<i>El Periódico de Catalunya</i>	11+1
<i>La Vanguardia</i>	9+1
<i>La Voz de Galicia</i>	8
<i>Faro de Vigo</i>	5

O caso de *Faro de Vigo* ten unha particularidade. Ademais de tratarse do diario con menor número de fotografías de mulleres migradas en noticias onde non saen representadas, hai que indicar que dúas das fotografías recollidas no esquema son fotonoticias, unha modalidade híbrida entre a noticia e a fotografía, co que se acentúa aínda máis o carácter a parte desta cabeceira nesta práctica paradoxal de ilustrar noticias

de inmigración sen perspectiva de xénero con mulleres migradas.

Malia que o carácter desta investigación non é cuantitativo achegámonos aos resultados numéricos que obtemos a partir da aplicación da ficha de análise elaborada para esta investigación a cada unha das información que representan a migradas ou no seu caso temáticas de relevancia directa para as mesmas. A continuación, ofrécense os datos desagregados por categoría e a modo de táboas para facilitar a comprensión e análise comparativo entre cabeceiras acompañadas dunha interpretación, facendo uso da perspectiva cualitativa da ACD.

4.3.2. Análise da situación das migradas na maqueta dos diarios: excluídas das primeiras planas

A localización das informacións na superficie total dos diarios revela a importancia xerárquica das mesmas dentro dos contidos. As/os lectoras/es non analizan a composición visual do diario, sen embargo intúena. Os hábitos dos/as lectores/as están abondo estudados para saber qué páxinas ou espazos dos diarios observar primeiro e con maior atención. E dado que o tempo é un valor escaso nas sociedades postindustriais actuais, e que outros medios (televisión e internet) acostumaron á audiencia a consumir información de xeito telegráfico, os editores tiveron que adaptarse ás presas. O/a lector/a medio/a non dispón de tempo para ler un xornal de maneira íntegra, de xeito que parte do tempo do que dispón empregáao en buscar a información que si consumirá. Os/as editores/as sábeno e deseñan un diario cunha composición visual atractiva e áxil, que permita aproveitar ao máximo o tempo de lectura, sen desperdicialo en buscas. Por este motivo xorde a portada, que con vocación de sumario facilita aos/ás lectores/as a información sobre a localización dos temas máis relevantes, segundo o criterio editorial. A portada é o principal espazo dos xornais, e tamén o espazo máis caro para a publicidade, precisamente porque chega a todo individuo que estea en contacto con ela. As portadas lense, e sobre todo vense, sen necesidade de esforzo por parte do/a lector/a. É o primeiro que se le ao mercar un diario pero tamén é o primeiro co que se entra en contacto á hora de decidir qué diario mercar ou ler nun quiosco, mediateca ou cafetería. Por este motivo, as primeiras planas sempre conteñen a principal información do día, como reclamo para a súa compra e lectura. Tenden a ser atractivas visualmente, con grandes fotografías, en cor, con tipografías grandes e negras, etc. Na actualidade xa é común a edición a toda cor dos diarios, práctica implantada a

comezos do século XXI. Ata esa data os diarios só imprimían en cor a portada os domingos e as páxinas de publicidade mellor pagadas. *El Periódico de Catalunya* foi a primeira cabeceira española que tomou a decisión de imprimir a totalidade do diario a cor –iso aconteceu no cambio de deseño de 2000-, o que se convertería no seu sinal de identidade, posto que se avanzaba ao resto das cabeceiras impresas no Estado. A práctica de imprimir as fotografías de portada a cor, que agora fan a grande maioría dos diarios españois, *El Periódico de Catalunya* pona en práctica dende 1982.

A contraportada é un espazo singular. Se atendemos ao criterio publicitario para dirimir a importancia xerárquica das páxinas dun diario e polo tanto da orde de visualización das mesmas, observamos que a contraportada é xunto coa portada o espazo máis codizado polas empresas anunciantes. Este feito reflexa que o/a lector/a medio/a lle dará a volta ao exemplar do diario logo de ollar a información xeral da portada para ver que lle ofrece a contra. Xeralmente, os medios de comunicación escollen este espazo para alixeirar o contido. É dicir, que presentan pezas informativas máis frescas e amenas como unha entrevista con ton desenfadado ou mesmo uns pasatempos de moda como o sudoku, que comeza a verse nas contraportadas dos gratuítos. A prensa seria segue situando as sección de lecer no centro do diario. O carácter da contraportada pretende deixarlle á audiencia un bo sabor de boca, logo de ler tantas malas noticias, seguindo a moda inglesa do xornalismo, para quen a máxima é “bad news, good news”, ou o que é o mesmo as malas noticias son boas noticias para a empresa editorial. É dicir que os diarios venden máis se publican malas noticias.

Portada	SI	NON		
<i>La Voz de Galicia</i>	3	35	1 Contraportada	
<i>Faro de Vigo</i>	1	34		
<i>La Vanguardia</i>	1	28	1 Contrap	4 sumarios
<i>El Periódico</i>	3	36		

Como se observa na táboa superior, a práctica totalidade das informacións que tratan sobre mulleres migradas non gozan, segundo o criterio editorial, da importancia informativa necesaria para ocupar unha portada. Só en tres ocasións nos casos de *La Voz de Galicia* e *El Periódico de Catalunya*, unha nova sobre migración feminina se imprimiu en portada. Nos outros dous diarios da mostra, *Faro de Vigo* e *La Vanguardia*, a primeira plana estivo reservada só para unha información sobre migradas. Non se observa un desequilibrio entre as cabeceiras galegas e as catalás. A contraportada

tampouco é un espazo no que as novas de migración feminina se difundan, á vista dos resultados da mostra. Só nunha ocasión *La Voz de Galicia* levou un asunto de migración feminina á contra. Algo que tamén acontece en *La Vanguardia*. Este último diario dedica un breve espazo no sumario que aparece na segunda páxina de cada edición á información de migradas en catro ocasións. O resto dos diarios da mostra non teñen un espazo semellante a este “Sumario” co que as comparacións non son pertinentes. Por outra banda non contamos con datos estatísticos de índices de lectura deste tipo de seccións. A partir de observacións persoais podemos afirmar que, salvo que se busque algo concreto, en xeral non se acode ao “Sumario” de xeito minucioso. Por outra banda, só os/as lectores/as habituais desta cabeceira saben da existencia deste espazo, na medida en que noutros diarios non existe unha sección de funcións semellantes. A súa situación en páxina par ofrece un indicio da pouca importancia que se lle concede. Semella un recheo para non abrir sección en páxina par. A disposición dos elementos da páxina non é casual en prensa. Realmente nada é casual na edición dun diario. A vista diríxese antes cara ás páxinas impares, por iso as seccións abren sempre en páxina impar. Os/as editores/as sitúan nas páxinas que antes se ven (as impares) os elementos que consideran de maior importancia. Ou visto doutro xeito, as noticias de determinada temática que figuran maioritariamente en páxinas pares son aquelas que gozan de menor importancia informativa segundo os equipos directivos dos xornais.

Páxina	Par	Impar
<i>La Voz de Galicia</i>	24	14
<i>Faro de Vigo</i>	15	20
<i>La Vanguardia</i>	10	19
<i>El Periódico</i>	27	12

La Voz de Galicia e *El Periódico de Catalunya*, volven coincidir no criterio de situar a maioría das novas de migración feminina en páxinas pares, de menor importancia, mentres que *Faro de Vigo* e *La Vanguardia* dispoñen a maioría das informacións nas que representan migradas en páxinas impares. Dado que este é só un elemento, non pode lerse de maneira illada, e concluír que *Faro de Vigo* e *La Vanguardia* lle prestan maior atención ás noticias de migradas. É preciso ler os resultados en conxunto, porque se o resto dos elementos non responden á mesma lóxica, quizais haberá que concluír que, ou ben, a colocación na metade correspondente da páxina non foi deliberada tendo en conta a connotación, ou ben, que as necesidades de

espazo doutras noticias relegaron as informacións analizadas a estas situacións de modo derivado ou colateral e non premeditado, hipótese máis probable. Seguimos, pois, coa lectura relacional dos resultados numéricos da análise. Con respecto ao espazo que ocupa cada información, e como vemos no cadro inferior, *El Periódico de Catalunya* é o diario da mostra que maior espazo dedica de media ás novas de migración feminina, cunha nova de catro páxinas, cinco de dúas, cinco de unha e oito que ocupan entre 2/3 e 4/5 de páxina, etc. Pola contra, o xornal analizado que menor espazo destina a noticias sobre mulleres migradas é *Faro de Vigo* con seis informacións que ocupan menos de 1/16 de páxina, sete que ocupan entre 1/6 e 1/8, sete que ocupan 1/4, etc. O segundo diario da mostra por espazos dedicados á representación de migradas é *La Voz de Galicia* con unha nova a dúas páxinas, seis a unha cara, seis entre 2/3 e 4/5 e cinco a media páxina, etc. Á vista deste novo dato, no que *La Voz de Galicia* e *El Periódico de Catalunya* por unha parte e *Faro de Vigo* e *La Vanguardia* por outra volven coincidir nos criterios de disposición dos elementos na páxina, faise aínda máis probable a segunda hipótese presentada sobre as causas da colocación en páxina impar- par en cada un dos diarios da mostra. Dado que os que sitúan as novas no lado con menor relevancia da páxina (*La Voz de Galicia* e *El Periódico de Catalunya*) son tamén os que lle dan máis espazo. Este segundo criterio ten unha interpretación máis unívoca que o anterior co cal é máis fiable. Sen embargo, antes de chegar a unha conclusión definitiva, esperaremos a observar os resultados doutras categorías.

Espazo	4	2	1	2/3- 4/5	1/2	1/4	1/6- 1/8	1/16
<i>La Voz de Galicia</i>	-	1	6	6	5	7	9	4
<i>Faro de Vigo</i>	-	-	3	7	5	7	7	6
<i>La Vanguardia</i>	-	1	2	6	7	6	4	3
<i>El Periódico</i>	1	5	5	8	4	6	6	4

Ademais do espazo que ocupa unha noticia, a súa disposición visual é importante á hora de seleccionala ou non para a súa lectura por parte dun/ha hipotético/a lector/a. Canto maior número de columnas máis atención chamará a información. Como observamos no cadro inferior, *El Periódico de Catalunya* é o diario da mostra que máis información de migración feminina maqueta a cinco columnas, un total de 16, seguidas de 11 a catro columnas. O segundo posto nesta tipoloxía ocúpao *La Vanguardia* con 15 novas a cinco columnas e 6 a catro. No terceiro lugar está *La Voz de Galicia* con 10 novas a cinco columnas e 11 a catro. E en último lugar, *Faro de Vigo*, con 12 novas a

cinco columnas e 5 a catro. Este último é o diario da mostra que máis información de migradas maqueta a unha soa columna: 9, precedendo a *La Voz de Galicia* con 8 e a *El Periódico de Catalunya* con 6 pezas.

Columnas	1	2	3	4	5
<i>La Voz de Galicia</i>	8	6	3	11	10
<i>Faro de Vigo</i>	9	3	6	5	12
<i>La Vanguardia</i>	1	5	2	6	15
<i>El Periódico</i>	6	2	3	12	16

Xa fixemos referencia á importancia da disposición visual dos elementos da páxina. A vista accede primeiro aos espazos superiores e centrais das páxinas, así como ao lado dereito. Tanto *La Voz de Galicia*, como *La Vanguardia* e *El Periódico de Catalunya* sitúan as noticias de migradas preferentemente na parte superior da páxina. *Faro de Vigo* empata en número de casos que sitúan as informacións na parte inferior ou superior. Hai que ter en conta que cando as noticias ocupan toda a plana o criterio de catalogación foi non adscribilas a ningunhas das categorías, co que convén adherir as noticias dunha páxina, dous e mesmo catro nunha ocasión de *El Periódico* ao reconto final. O que da un resultado de 24 pezas informativas máis na categoría superior e esquerda, dado que a disposición a toda páxina ten o obxectivo de obter unha maior visibilidade, como acontece nas noticias dispostas na metade superior da plana e na marxe esquerda.

La Voz de Galicia sitúa as noticias de migradas preferentemente na parte dereita, ao contrario do que fan *Faro de Vigo* e *El Periódico*. No caso de *La Vanguardia* hai dúas informacións máis na metade esquerda que na dereita. Este resultado non pode lerse illado do resto. Ao final do repaso pormenorizado chegaremos a unhas conclusións relacionais globais.

Situación	Superior	Inferior	/	Esquerda	Dereita
<i>La Voz de Galicia</i>	20	11		7	16
<i>Faro de Vigo</i>	15	15		14	8
<i>La Vanguardia</i>	17	9		8	6
<i>El Periódico</i>	16	7		16	5

4.3.3. *A elección da sección nunca é accesoria: entre sucesos e sociedade*

O contexto é fundamental á hora de significar unha información. De xeito subconsciente téndese a asociar a unha nova aqueles datos que están próximos á mesma no tempo e no espazo. Por iso á hora de ler o carácter positivo ou negativo que deixa unha nova hai que ter en conta as noticias que a circundan. Por este motivo é fundamental a elección da sección do diario no que se presentará a noticia, porque as noticias tamén están connotadas pola sección na que están situadas. O caso máis paradigmático é aquel no que se sitúan as noticias negativas na sección de Sucesos. Ou, dende outra perspectiva, aquel no que as noticias maquetadas na sección de Sucesos se connotan de negatividade. Este último é o caso das noticias de migración que se colocan na sección de Sucesos. Dos catro diarios analizados, só *Faro de Vigo* conserva a sección de Sucesos como tal, apartado no que sitúa un terzo das noticias de migradas da mostra. O resto dos xornais analizados utilizan, por veces, o termo “sucesos” como cintillo que cataloga a información, por exemplo na sección de breves. *El Periódico de Catalunya* segue esta práctica na maioría das informacións breves que tratan o tema da migración, e nomeadamente en todas aquelas que tratan a chegada de inmigrantes por costa. O diario barcelonés sitúa dous terzos das súas informacións sobre migradas na sección de sociedade, a maioría baixo o cintillo de “sucesos”. *La Vanguardia* edita dous terzos das noticias de migradas na sección de sociedade. *La Voz de Galicia*, pola súa parte, sitúa as informacións nas que representa a migradas na sección de España (14 noticias), seguida de Galicia (9 informacións). *Faro de Vigo*, como indicamos anteriormente, edita un terzo das noticias de migradas na sección de Sucesos (13 novas), seguida de Local (7 informacións) e España (6 noticias).

A sección de sucesos foi concibida inicialmente como un caixón de xastre onde situar todas aquelas novas referentes a feitos fortuítos, “*imprevisto: una riada, una erupción volcánica. Y donde nadie es responsable*” (LÓPEZ DÍEZ, 2006). O dicionario da Real Academia Española da Lingua, na súa 22ª edición, define “Suceso” como termo orixinario do latín *successus*, con seis acepcións.

1. *m. Cosa que sucede, especialmente cuando es de alguna importancia.*
2. *m. Transcurso o discurso del tiempo.*
3. *m. Éxito, resultado, término de un negocio.*

4. m. *Hecho delictivo.*

5. m. *Accidente desgraciado.*

6. m. *Mat. En un experimento aleatorio, subconjunto del total de resultados posibles.*

A primeira acepción é moi xeral e non nos serve como criterio de clasificación de noticias xa que todos os feitos publicados en prensa deben cumprir o criterio da relevancia pública, ou importancia como recolle a definición. Desbotamos a segunda e a terceira acepción porque tratan doutras realidades, alleas á susodita sección. Reparámos na cuarta e na quinta. A cuarta implica unha transgresión da normalidade e da legalidade. Pero non todos os delitos se conceptualizan no contexto mediático como “sucesos”. Para converterse en feito novidoso editado en sucesos, ademais de ser un delito, o acontecemento debe adoeecer de desgraza, de accidente. Por exemplo non é susceptible de publicarse como suceso un delito de piratería informática ou un roubo de guante branco dunha obra de arte. Malia cumprir o requisito de ser delitos, non cumpren o de ser desgrazas ou accidentes. A última acepción da RAE (22ª Edición) fai referencia ao carácter casual ou aleatorio dos sucesos. Isto ven a reforzar a quinta acepción de accidente, sen responsable directo/a polo tanto.

Logo desta aproximación aos “sucesos” concluímos que a chegada de inmigrantes á costa ou os casos de violencia machista non deberían formar parte desta sección, por varios motivos. O primeiro é que a migración non é unha excepción, senón unha realidade que tivo lugar en todos os momentos históricos e en todas as zonas do mundo. O excepcional da migración actual son as características que a fan un feito diferente a outros movementos migratorios históricos, realidade que non xustifica a súa categorización como feito casual, aleatorio, accidental, etc. Dentro das propias pezas informativas sobre a chegada de migrantes por mar a España dende os países do Magreb ou de debaixo do Sáhara, son excepcionais aquelas nas que se narran accidentes fatais ou mortes de persoas que viaxan/viaxaban nas padeiras ou caiucos. Polo tanto, estamos ante un feito novidoso que non cumpre obxectivamente cos requisitos de ser un “suceso”. O segundo motivo polo que as novas de inmigración non deberían quedar baixo a categoría de Sucesos é que si teñen responsables detrás. As propias noticias fan referencia ás mafias que traen de xeito ilegal a persoas. Pero non son os únicos responsables, nin sequera os principais do tráfico. Das migracións son responsables as políticas de axuste estrutural das institucións de Bretton Woods, as grandes desigualdades económicas entre os mal chamados Centro e Periferia, a pobreza

extrema, as guerras, as crises, a acumulación de riquezas en certas áreas do mundo, etc. E todos estes feitos á súa vez teñen uns responsables: as cúpulas directivas políticas e financeiras, as grandes multinacionais e as propias sociedades. As consecuencias de editar na sección de Sucesos ou baixo un cintillo con esa etiqueta son moi graves para os suxeitos que migran na medida en que connota de xeito negativo a todo un conxunto de persoas que mudan de país de residencia. O discurso de sucesos vitimiza aos/ás migrantes, dificultándolle así a integración á sociedade de chegada. A sobrerrepresentación de noticias de pateiras constrúe o estereotipo social dunha inmigración maioritariamente africana e masculina. Os medios contribúen á invisibilización doutras vías de entrada, maioritarias, tales como aeroportos e fronteiras terrestres e con elas outros tipos de inmigrantes que veñen en avión dende América Central ou do Sur ou en autocar dende Europa do Leste. Por estas outras entradas silenciadas no discurso mediático chegan maioritariamente mulleres novas e con axencia, que deciden sobre o seu proxecto migratorio e o costean como poden.

Por outra banda, os casos de violencia machista, en xeral, ou que teñen como protagonistas a inmigrados/as en particular, tampouco deberían figurar na sección de sucesos. As dúas razóns expostas para o caso da chegada e a viaxe da migración son pertinentes tamén aquí. Os casos de violencia machista non son sucesos, casos illados, accidentes sen un nexo común e uns responsables. A violencia machista ten causas claras e responsables. Non podemos categorizala pois como un suceso. Trátase dunha práctica social concreta. A Declaración da Nacións Unidas sobre a Eliminación da Violencia contra a muller (1993) define a violencia machista como:

“Calquera acto de violencia baseada en cuestións de xénero que ten como resultado ou ten a probabilidade de rematar con algún dano físico, sexual ou psicolóxico ou con algún tipo de sofrimento para as mulleres, incluíndo ameazas desas accións, coerción ou privación arbitraria de liberdade, e que ocorra na vida pública ou privada”.

Trátase pois dun feito relacionado co status social de subordinación das mulleres aos homes. Nada máis lonxe da casualidade e da falta de responsabilidade. Volveremos sobre a violencia machista no apartado das temáticas. Agora, continuamos coa disposición visual dos elementos da páxina. Obsérvese o cadro inferior sobre a presenza das novas de inmigración feminina nas diferentes seccións de cada un dos diarios da mostra. Chama a atención por atípica a situación predominante, en segunda posición,

das pezas informativas relativas á inmigración con representación feminina de *La Vanguardia* na sección de Internacional.

Sección	Intern	Est	Nac	Local	Soc	Suc	Outros
<i>La Voz de Galicia</i>	2	14	9	2	3	-	8
<i>Faro de Vigo</i>	2	6	3	7	1	13	3
<i>La Vanguardia</i>	5	1	-	-	16	-	7
<i>El Periódico</i>	2	-	1	-	21	-	15

4.3.4. Análise dos xéneros xornalísticos das migradas

En relación co espazo que ocupan as informacións está o xénero ao que pertencen. A noticia é o xénero máis común nas páxinas dos diarios e tamén na totalidade dos xornais da mostra. A noticia é o xénero de información por excelencia. A maioría dos/as teóricos da comunicación defínena como a narración dun feito noticioso de interese para a sociedade. O criterio para saber se un feito é ou non unha noticia é a aplicación da estratexia das anglosaxonas cinco W. A/o redactor/a, ante un feito, debe preguntarse Quén (Who), Qué (What), Cándo (When), Onde (Where), Por qué (Why). En xeral engádese o sexto elemento Cómo (How). Se o/a xornalista é quen de contestar a boa parte destas preguntas, ten un feito noticiable. As pautas para a elaboración dunha noticia –xénero con tres partes: titular, entradiña ou lead e corpo- son o uso estrito dos criterios noticiosos: veracidade, claridade, concisión e actualidade. Os feitos pasan a ser noticias cando un/ha redactor/a o recolle, interpreta e valora, sen engadir para iso opinión. Segundo a teoría do *Framing* que seguimos é neste proceso de construción da noticia cando se lle poñen uns marcos ás pezas informativas. Na mostra, o segundo xénero máis presente é o breve –nos casos de *La Voz de Galicia* e *La Vanguardia*- e a reportaxe- no caso de *El Periódico de Catalunya*. *Faro de Vigo* dedica o mesmo espazo a breves e reportaxes na mostra analizada, exactamente 4 pezas de cada tipo. A reportaxe, e xunto coa crónica e a entrevista, o xénero xornalístico onde a información está máis próxima á interpretación. Estes tres xéneros, ao contrario que os breves e algunhas noticias, van sempre asinados por reporteiros/as, e nunca por o propio diario (sen nomes) ou axencias. O que garante unha maior calidade e desenvolvemento da información. O criterio da sinatura sérvenos para dirimir qué xéneros son máis subxectivos e polo tanto en cales debe figurar o responsable do exercicio informativo.

A continuación, ofrécense unhas definicións breves dos distintos tipos de xéneros atopados na mostra. O breve é unha versión abreviada, como o propio nome indica, da noticia. Consta de dúas partes: titular e corpo, onde condensa a principal información dun feito: os datos que nunha noticia figuran no lead, dado o tipo de redacción predominante –a pirámide invertida (datos de maior a menor importancia)- nas notas informativas. A reportaxe é o xénero informativo máis versátil xa que admite o uso dunha cantidade variada de recursos, temáticas, e mesmo características doutros xéneros, tanto informativos, como de opinión e literarios. A reportaxe é o xénero máis libre e amplo da redacción periodística e tamén un dos que máis dedicación esixe na súa elaboración. Por este motivo, editado nas páxinas dun diario é signo de calidade informativa. Os límites á liberdade deste xénero son os criterios de calidade informativa: o rigor e a claridade. Na reportaxe non se empregan os criterios de noticiabilidade da concisión (soen ser de extensión ampla) nin da radical actualidade, pero si o de interese por parte da sociedade. Atendendo á teoría do *Framing* e tamén á ACD, a reportaxe ofrece a vantaxe da elaboración máis pausada e polo tanto menos suxeita ás rutinas periodísticas, pero por outra banda ten unha carga interpretativa máis forte que outros xéneros, o que permite unha maior inferencia dos marcos do/a xornalista. A entrevista é un xénero máis novo que a reportaxe, tan antiga como a necesidade humana de contar historias veraces. Este xénero pode describirse como o relato resultante dunha conversa entre un/ha xornalista e unha fonte: persoa de relevancia pública, ou posuidor/a de información de interese social. O relato pode estar en estilo directo (escrito coas palabras do/a entrevistado/a en primeira persoa) ou en estilo indirecto (en terceira persoa, onde as palabras da fonte son reelevatoras polo/a xornalista). Na mostra non consta ningún exemplo de entrevista indirecta, aquela na que o redactor/a traduce as palabras da fonte e as presenta nun relato salpicado de intertextualidade. O xénero inventado polo editor do New York Tribune, Horace Grely, e polo propietario do New York Herald, James Gordon Bennett, tamén é signo de calidade informativa na medida en que supón exclusividade e orixinalidade, dous criterios de noticiabilidade moi valorados no xornalismo de calidade, sempre á busca de exclusivas. O resultado editado non mostra o traballo de selección da/o entrevistada/o, preparación do cuestionario e a entrevista, realización, transcripción e logo selección e xerarquización por parte do/a redactor/a e posteriormente por parte dos/as xefes/as. Todo este proceso é o taller de enmarcado da noticia, do cal nos interesan os efectos discursivos dende o enfoque do *Framing*. O último xénero citado, a crónica, é un relato

detallado e temporal de feitos. A etimoloxía do termo: cronos é ben explícita neste punto. Hai varias modalidades, pero fundamentalmente nos medios empréganse dúas: aquela que comeza polo final e logo cronoloxicamente desenvolve o relato dos acontecementos e a que segue o esquema cronolóxico dende comezo a fin, antítese da noticia ou pirámide invertida, xénero máis popular nas redaccións actuais. Vexamos no cadro inferior a presenza de cada un dos xéneros nas diferentes cabeceiras da mostra.

Xénero	Breve	Noticia	Reportaxe	Crónica	Ent.
<i>La Voz de Galicia</i>	7	21	5	1	4
<i>Faro de Vigo</i>	4	26	4	-	1
<i>La Vanguardia</i>	4	20	2	-	3
<i>El Periódico</i>	6	18	11	-	4

4.3.5. *As que se moven non saen na foto: cifras da invisibilidade en imaxes*

As fotografías, e xunto con elas os pés de foto, son os elementos máis vistos nos diarios. A disposición dunha ou varias fotografías vai en consonancia co xénero, o espazo que ocupa a información e outros elementos. Os breves non levan fotografía, as noticias poden levala ou non, e as reportaxes e entrevistas sempre van acompañadas de elementos visuais: fotografías, debuxos ou infografía (táboas, datos, esquemas, etc.). *La Vanguardia* é o diario da mostra que máis acompaña as informacións de migradas con fotografías (todas excepto 7), seguido de *El Periódico* (excepto 8) e en último lugar – compartido- ilustran as pezas *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia*. Se cruzamos a táboa das fotografías coa dos xéneros, comprobaremos que *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo* son dous dos medios con máis breves e noticias con representación de migradas: 7 breves e 21 noticias *La Voz de Galicia* e 4 breves e 26 noticias *Faro de Vigo*, fronte aos 4 breves e 20 noticias de *La Vanguardia* ou aos 5 breves e 18 noticias de *El Periódico*. Este último é de novo o xornal cun tratamento informativo máis serio en tanto a cantidade de fotografías e aos xéneros escollidos maioritariamente para editar as informacións de migradas. Máis adiante faremos unha análise semiótica das fotografías.

Foto	SI	NON
<i>La Voz de Galicia</i>	26	12
<i>Faro de Vigo</i>	23	12
<i>La Vanguardia</i>	22	7
<i>El Periódico</i>	31	8

4.3.6. *As sinaturas responsables do tratamento informativo*

A autoría é signo de calidade da información. Os breves e algunhas noticias que son recibidas polos diarios de axencias de prensa, publícanse frecuentemente coa sinatura da axencia, ou se algún redactor/a –normalmente en prácticas- parafrasea ou amplía o seu contido mudándose a sinatura da axencia pola do diario. Estas novas son comúns á maioría dos diarios. Pola contra, as reportaxes e entrevistas, que sempre se asinan por alguén da plantilla do diario gozan de maior calidade e exclusividade. O/a xornalista, segundo a ACD e a Análise do Marco (*Frame Theory*), intervén dun xeito fundamental na creación de sentido a través da redacción dunha información, poñendo elementos propios de xeito inconsciente. De ser consciente poderíamos falar de manipulación ou uso pouco ético da profesión. En troques, aquí referímonos á influencia que teñen os intereses persoais do/a xornalista, os gustos, a formación, etc. É obvio que non tratará do mesmo xeito unha noticia de violencia machista unha persoa que non estudou nunca a perspectiva de xénero e que se refire ao fenómeno como “violencia doméstica” (sic) que unha persoa sensible á temática e que segue as regras dun código ético de tratamento informativo da violencia machista. O coñecemento que temos da realidade é limitado, aínda que para uns/unhas sexa máis limitado que para outros/as, en determinadas áreas de coñecemento. A formación dos/as profesionais da comunicación é un factor clave á hora do tratamento informativo da realidade das inmigradas. Pero non só os intereses e coñecementos do/a xornalista inflúen e enmarcan unha noticia no diario, hai outros factores contextuais tales como o resto das noticias que chegan á redacción o mesmo día e que son competencia para a información de migradas á hora de decidir se ocupa un espazo nas páxinas do diario ou non e a situación concreta na que se editará. A valoración da noticia depende non só da liña editorial do medio (hai diarios que publican sucesos en sección propia e outros que tenden a non publicalos), da ideoloxía do diario (obviamente non é o mesmo estar a favor da redistribución da riqueza a nivel mundial que ser accionista dun partido nacionalista de tendencia intolerante como puido ser CIU liderado por Pujol²⁰⁶), senón

²⁰⁶ Son coñecidas no contexto catalán as declaracións de Jordi Pujol, ex- presidente nacionalista (CIU) de Cataluña con respecto á inmigración. O 09 de novembro de 2004 Pujol pronunciou unha conferencia titulada 'Gent i país' no Institut d'Estudis Catalans (IEC). Na disertación apuntou que a inmigración “es un

tamén polo resto de informacións que se suceden simultaneamente e das que o diario ten coñecemento. As rutinas xornalísticas tamén implican a determinadas fontes excluindo a outras. As asociacións de mulleres migradas quéixanse de que os medios non acoden a elas como fontes, nin sequera cando a temática o require. A estrutura organizativa do medio inflúe, así mesmo, na cantidade e calidade das informacións que chegan a editarse. Os medios con rede de correspondentes e estruturas máis horizontais que verticais –onde os/as traballadores/as teñen unha maior marxe de liberdade de movementos- tenden a ter un maior número de informacións novidosas, en exclusiva, é dicir, de elaboración propia. O propio sistema de maquetación, o número de seccións que ten un diario, a súa tipografía, o tamaño dos titulares ou as noticias que se imprimen por páxina son, así mesmo, factores que influirán na información final. Centrándonos de novo na figura do/a xornalista, xa fixemos referencia á importancia no momento de tratar un feito novidoso da súa ideoloxía, os seus coñecementos... pero hai que reparar tamén no seu estilo, na linguaxe que usa e nas rutinas, ou roles e modos de traballar que empregue, etc. O lugar dos feitos e a facilidade de acceso ás fontes que este posibilite son tamén un factor a ter en conta no estudo da construción de ideoloxía a través dos medios, analizado polo *Frame Analysis*.

Autoría	Axencia	Diario	Sinatura:	A/	O
<i>La Voz de Galicia</i>	13	6	2?	5/	12
<i>Faro de Vigo</i>	15	11	5?	3/	2
<i>La Vanguardia</i>	7	4	2?	9/	12
<i>El Periódico</i>	3	7	1?	17/	11

No cadro superior, obsérvase que a sinatura de axencia e/ou diario é maioritaria no caso de *Faro de Vigo* (26 axencia/diario fronte a 10 sinaturas), e equilibrada no caso de *La Voz de Galicia* (19 axencia/diario e 19 sinaturas). *La Vanguardia* asina maioritariamente, aínda que por pouca distancia, as novas de migradas con persoal do diario fronte á sinatura de axencias ou o nome corporativo. *El Periódico de Catalunya* é, dos diarios da mostra, o que maior presenza de noticias asinadas por redactores, pero sobre todo redactoras, presenta (29 sinaturas fronte a 9 casos de axencia e diario sen nomes propios). Nas informacións dos outros tres diarios da mostra predominan

problema innegable” e un “riesgo suplementario” para o catalán. Segundo a nota de prensa de Europa Press: Pujol “lamentó que durante muchos años el fenómeno de la inmigración “se ha tratado con criterios de poco control y poca limitación”, en parte, según dijo, “porque muchos países europeos habían puesto el acento en la política generosa de asilo de gente perseguida y amenazada”. Estamos perante unhas declaracións que foron tildadas de racismo de élitos por varias persoas.

sinaturas masculinas. A única excepción é *El Periódico de Catalunya*, con 17 sinaturas de mulleres fronte a 11 de homes, e un caso dubidoso. Por veces, as sinaturas son siglas e iso dificulta enormemente o recoñecemento da personalidade que hai detrás. Facendo o reconto reparamos en que en *La Voz de Galicia* as entrevistas realizadas a mulleres migradas ou relacionadas coa migración están asinadas por mulleres. Varios estudos sobre autoría e comunicación denuncian que as mulleres malia ser xa boa parte das redaccións dos medios sofren discriminación vertical e horizontal. O primeir tipo é coñecido como o teito de cristal: as mulleres enfróntanse a unha barreira invisible a través da que non poden ascender malia a súa preparación académica ou experiencia. Ningún dos diarios da mostra está dirixido por unha muller, e as xefas de sección son unha excepción. A discriminación horizontal encasilla as mulleres xornalistas maioritariamente nas seccións chamadas brandas: sociedade, cultura, local, etc. Aquelas que teñen unha menor incidencia financeira ou política. Esta realidade fai pertinente a sospeita de que as mulleres asinen máis noticias de migradas cando estas informacións se catalogan en seccións como sociedade ou cultura e menos cando estas pezas van editadas nas seccións de política nacional ou internacional. Así parece no caso de *El Periódico de Catalunya*, diario que edita a maioría das noticias de inmigradas en Sociedade, con maioría de sinaturas femininas, e no caso de *La Voz de Galicia* con maioría de sinaturas masculinas e de novas de migración feminina na sección de Política (29 sumando as seccións de internacional, estatal, nacional e local) fronte a 3 novas en Sociedade. Sen embargo, *La Vanguardia*, malia publicar a maioría das pezas informativas sobre migradas en Sociedade faino con maioría de sinaturas masculinas. O que non invalida a teoría anterior, se non que a reforza. Nin sequera as seccións “brandas” están garantidas para as xornalistas.

4.3.7. Análise das temáticas predominantes

Sen deixar o apartado das cifras e os datos, centrémonos agora nos aspectos máis cualitativos da análise, tales como a temática principal das informacións. No cadro inferior podemos observar como existe unha leve variación por cabeceiras das principais temáticas publicadas. Pero salvo excepcións temáticas puntuais, os catro diarios tratan temas semellantes. *La Voz de Galicia* é, xunto con *Faro de Vigo*, o medio que máis tratamento reserva para a prostitución, con 6 e 5 referencias respectivamente, fronte ás 2 e 3 de *La Vanguardia* e *El Periódico de Catalunya*. A referencia temática ás

mafias, con 4 notas en *La Voz de Galicia*, nin sequera atopa un espazo en *El Periódico de Catalunya*, e nos outros dous diarios da mostra aparece de modo residual (unha referencia en cada unha). O tema do veo sae reflectido en 6 ocasións en *La Vanguardia* e só 2 no outro diario catalán da mostra e en *Faro de Vigo*. En *La Voz de Galicia* sae só unha referencia. O tema da violencia machista recibe tratamento mediático abundante (entre as 8 pezas de *Faro de Vigo* e as 5 de *La Voz* pasando polas 6 dos diarios cataláns). As relacións das mulleres coa familia reciben un tratamento equilibrado nas distintas cabeceiras, como acontece coa integración, a temática de fronteira, o terrorismo, os accidentes e a trata. Hai outras temáticas máis desequilibradas no tratamento dos diarios da mostra, tales como o traballo, no que a representación de *La Vanguardia* baixa a media de catro referencias do resto de diarios a só unha, ou como o tema da lexislación no que o mesmo diario sube a media de tres referencias a sete. *El Periódico de Catalunya* trata en exclusiva na mostra analizada a temática da educación, a da sanidade -esta xunto coa *Voz de Galicia*- e a viaxe -xunto con *Faro de Vigo*. O diario populista barcelonés tamén presta unha atención privilexiada comparada co resto de medios analizados á temática da cultura e á relixión (7 referencias fronte a 1 de *La Voz de Galicia* e 0 do resto), á de dereitos (8 referencias fronte ás 5 de *La Vanguardia* e á media de 1,5 dos diarios galegos) e aos problemas das migradas (4 fronte á media de 1 do resto).

Eixe temático	<i>La Voz</i>	<i>Faro</i>	<i>La Vanguardia</i>	<i>El Periódico</i>
Prostitución	6	5	2	3
Mafias	4	1	1	-
Veo	1	2	6	2
Violencia machista	5	8	6	6
Xénero e Familia (voda)	4	3	4	5
Educación	-	-	-	3
Traballo	4	3	1	4
Integración	4	5	5	6
Lexislación	3	3	7	4
Fronteira	6	5	4	5
Delincuencia	4	6	2	3
Cultura	-	-	-	3
Relixión	1	-	-	7
Dereitos	1	2	5	8
Viaxe (proxecto)	-	2	-	2
Sanidade	1	-	-	1
Racismo	3	2	1	-
Problemas inmigrantes	2	1	-	4
Cultura- Ocio	5	1	3	5
Terrorismo	2	1	3	3
Accidente	2	1	1	1
Trata	1	1	1	2

Como observamos no cadro superior, as principais temáticas das pezas informativas sobre inmigración que representan a mulleres migradas son a violencia machista, a prostitución e a familia por unha parte e a integración, a lexislación, a fronteira e os dereitos por outra. O primeiro grupo contén o tema con máis referencias (25), a violencia machista, e caracterízase por englobar a temáticas que nos medios reciben un tratamento practicamente en exclusiva feminino. Profundemos en cada tópico concreto.

4.3.7.1. As migradas como vítimas de violencia machista

A violencia machista defínese como aquela que ten lugar contra as mulleres pola súa subordinación social aos homes. Trátase dunha violencia instrumental, é dicir, aquela que busca un fin determinado. O obxectivo da violencia machista é a consecución ou mantemento do control da vítima por parte do agresor. Trátase pois dunha relación de poder, xa que pretende manter unha opresión de xénero e a dominación masculina.

4.3.7.1.1. As nomenclaturas da violencia

Na crenza de que a linguaxe non é inocente, comezamos a análise do tratamento das noticias sobre violencia machista e inmigración, pola terminoloxía que fai referencia á propia temática. Existe unha confusión terminolóxica nos círculos políticos, na opinión pública e nos medios de comunicación do fenómeno que aquí denominamos violencia machista. Nas noticias da mostra podemos atopar ata cinco nomenclaturas diferentes para referirse á violencia exercida contra as mulleres:

- 1- “violencia doméstica” (“*La rusa asesinada con su bebé fue atendida trece veces por agresiones*”, EFE, 30/04/2004, 22, *La Voz de Galicia*. Ficha 4; “*Rania da testimonio del horror*”, Jesús Fraga, 30/04/2004, contraportada. *La Voz de Galicia*. Ficha: 5; “*Mata a su ex mujer de dos disparos de escopeta en Granada*”, Agencias/Madrid, 2/01/2006, 18. *La Voz de Galicia*. Ficha: 26; “*Los médicos de urgencias detectan casos ocultos de violencia doméstica en mujeres*”, C. Jimeno, 30/04/04, 31. *La Vanguardia*. Ficha: 75; “*Dos veces en un mes*”, Salvador Enguix/Valencia, 2/06/04, 29. *La*

- Vanguardia*. Ficha: 78; “Primera muerte del año por violencia doméstica”, Madrid/EFE, 1-2/01/06, 34. *La Vanguardia*. Ficha: 92; “La futura ley contra la violencia machista en Catalunya plantea discriminaciones por nacionalidades o residencia, según Amnistía Internacional”, 2/05/06, 2 (Sumario). “Amnistía Internacional ve fallos en la futura ley catalana de violencia machista”, Cristina Carulla/Barcelona, 2/05/06, 27. *La Vanguardia*. Ficha: 96; “El terror en casa”: “Detenida una mujer víctima de malos tratos acusada de asesinar a su marido”, Madrid/Agencias, 2/08/06, 29. *La Vanguardia*. Ficha: 97; “Detingut un home a Lleida per la mort de la seva dona”, Rosa Matas/Lleida, 2/10/05, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 131), 2-
- 2- “maltrato” (“Rania da testimonio del horror”, Jesús Fraga, 30/04/2004, contraportada. *La Voz de Galicia*. Ficha: 5; ““Jennifer presentía que iba a morir y concertó una póliza”, dicen su amigos”, Agencias/Alzira (Valencia), 2/05/04, 49. *Faro de Vigo*. Ficha: 40; “Detienen en Vigo a un rumano por supuesto maltrato a su ex novia”, Redacción/ Vigo, 2/12/04, 50. *Faro de Vigo*. Ficha: 49; “Apresan a una mujer por la muerte de su marido en Madrid”, Agencias/Madrid, 2/08/06, 34. *Faro de Vigo*. Ficha: 64; “El terror en casa”: “Detenida una mujer víctima de malos tratos acusada de asesinar a su marido”, Madrid/Agencias, 2/08/06, 29. *La Vanguardia*. Ficha: 97; “L’assassinada de Màlaga patia maltractament psicològic”, Salomé Machío/Sevilla, 30/04/04, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 104; “Polèmica a Holanda per un curtmetratge crític amb l’islam”, *El Periódico/Amsterdam*, 31/08/04, 53. Ficha: 115),
- 3- “violencia de xénero” (“Mata a su ex mujer de dos disparos de escopeta en Granada”, Agencias/Madrid, 2/01/2006, 18. *La Voz de Galicia*. Ficha: 26; “El gobierno crea un juzgado de Violencia contra la Mujer”, Redacción/Vigo, 2/09/06, 9. *La Voz de Galicia*. Ficha: 66; “A Burgos, mor agredida per la parella” (despece), Julia Camacho/Sevilla, 2/04/05, 44. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 123),
- 4- “violencia contra as mulleres” (“El gobierno crea un juzgado de Violencia contra la Mujer”, Redacción/Vigo, 2/09/06, 9. *La Voz de Galicia*. Ficha: 66), “violencia de sexo” (Protagonista: “Jennifer Lara, Víctima de violencia de sexo”, 2/05/04, 37, “El terror en casa: El descenso al infierno de Ismael y

Jenny”, Salvador Enguix/Alzira, 2/05/04, 40. *La Vanguardia*. Ficha: 77)

- 5- “violencia machista” (“*La futura ley contra la violencia machista en Catalunya plantea discriminaciones por nacionalidades o residencia, según Amnistía Internacional*”, 2/05/06, 2 (Sumario). “*Amnistía Internacional ve fallos en la futura ley catalana de violencia machista*”²⁰⁷, Cristina Carulla/Barcelona, 2/05/06, 27. *La Vanguardia*. Ficha: 96; “*Detingut un home a Lleida per la mort de la seva dona*”, Rosa Matas/Lleida, 2/10/05, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 131).

Outras noticias que na mostra catalogamos como de temática violencia machista, nin sequera teñen na titulación ou no corpo das mesmas ningún termo para referirse a este fenómeno. Falan de “sucesos” sen máis, ou refírense á violencia exercida por un agresor antes de apuñalar de morte á vítima como “*la estaba molestando*” (“*Una mujer muere tras ser apuñalada ocho veces por su esposo en Palma*”, EFE/Palma, 2/10/2006, 16. *La Voz de Galicia*. Ficha: 35; “*Una mujer de 29 años, asesinada por su marido en Palma de Mallorca*”, EFE/Palma, 2/10/06, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 69). Noutras ocasións, céntrase a énfase noutro feito ou característica protagonizada polo agresor para falar doutro tema no canto de violencia machista, mesmo cando o caso é tan evidente como nunha noticia recollida nos catro diarios da mostra na que se narra a historia do asasinato dunha muller xa atendida anteriormente, ata en 13 ocasións, polos servizos sociais por violencia machista. *Faro de Vigo* (30/04/04, 48. Ficha: 39) pon a énfase no “parricidio”, e dálle protagonismo ao agresor. O titular é ilustrativo: “*El ucraniano que mató a su mujer e hijo, bajo una crisis de agresividad*”. O feito noticiado non é o caso de violencia machista que remata co asasinato senón o estado de saúde do agresor. *Faro* refírese en todo momento ao suxeito como “*el presunto parricida*”, dado que ademais de á parella asasinou ao bebé de 8 meses que tiñan en común. Esta estratexia discursiva contribúe a negar o carácter “estrutural” deste tipo de violencia, presentando o caso como illado, como un suceso, ou simplemente negándolle o protagonismo á vítima e desprazándoo cara o agresor. *Faro de Vigo* segue esta estratexia en varias ocasións: “*Muere en Cádiz el británico que el viernes degolló a su compañera*”, EFE/Cádiz, 2/08/04, 23. *Faro de Vigo*. Ficha: 42; “*Detienen en Vigo a un rumano por supuesto maltrato a su ex novia*”, Redacción/ Vigo, 2/12/04, 50. *Faro de Vigo*. Ficha: 49). A elección da terminoloxía para designar o fenómeno da violencia

²⁰⁷ As repeticións de pezas informativas débese a que nunha mesma noticia por veces empréganse distintos termos relativos á violencia machista.

estrutural contra as mulleres determina a creación da opinión pública sobre o fenómeno e polo tanto educa a sociedade sobre esta problemática. Os medios de comunicación teñen unha función de servizo público, na que entra a tarefa de sensibilizar e formar á poboación sobre a necesidade de eliminar todo tipo de discriminacións. Co uso da linguaxe, os medios de comunicación elaboran representacións simbólicas da realidade. Partindo desta premisa, concluímos que non se creará a mesma representación simbólica empregando o termo malos tratos ou violencia doméstica que violencia contra as mulleres ou violencia machista. Malos tratos ou mal trato é o termo popular que se utiliza para facer referencia á violencia exercida contra os membros máis febles polos máis fortes dun colectivo. As relacións familiares de poder están implícitas no termo maltrato. Popularmente, son fundamentalmente os/as menores dun núcleo familiar os que poden sufrir maltrato. Pero non só os/as menores. As relacións xerárquicas que someten ás mulleres aos varóns facultan que estas tamén sexan vítimas de violencia por parte do membro que detenta o poder na familia: o varón. De aí, que o uso do termo se estendera para facer referencia tamén á violencia contra as mulleres, pero sen perder a connotación de “menores de idade”. O apelido de “maltrato” segue a ser infantil²⁰⁸.

Violencia doméstica é unha perífrase abondo explícita. Trátase da violencia que se exerce no núcleo do fogar, entre os membros dunha familia. Ben pode tratarse dun caso de violencia dun pai contra un fillo, dunha rifa entre un tío e un avó ou dun home contra a súa parella. O termo préstase a confusión, como acontece co anterior: “maltrato”. A variante violencia de xénero é unha das nomenclaturas máis empregadas, sobre todo no eido político e institucional e tamén en varios foros académicos e mediáticos. A fins dos 90 a súa inclusión ao castelán suscitou unha polémica, que tivo reflexo nos medios de comunicación, na que un sector de persoas se posicionaron en contra do calco da palabra inglesa “gender” ao castelán “género”. A polémica saltou coa celebración do Cumio da Muller de Beijing en setembro de 1995, cando as feministas pactaron universalmente o termo común para facer referencia aos roles e comportamentos sociais que se lle asignan socialmente a cada sexo. En 2004 a Academia española seguía manifestándose en contra do uso do termo “xénero” e aconsellando o uso de “violencia doméstica o por razón de sexo” para, segundo eles,

²⁰⁸ Referímonos ao estereotipo que constrúe ás mulleres que sofren violencia machista como persoas sen axencia. Co adxectivo infantil queremos facer referencia á infantilización que sofren as mulleres, sen por iso incorrer na invisibilización doutras polas do estereotipo de maltrato. Non debemos esquecer ás persoas –nomeadamente ás mulleres– de idade avanzada e á súa situación de indefensión social, sendo ademais obxecto de estereotipos como o citado.

evitar o equívoco entre sexo e xénero. É cando menos sospeitoso que so se bote man do criterio de desfacer a polisemia cando se trata de asuntos de xénero. Segundo recolle Claudia Vallejo²⁰⁹ na súa tese doutoral, o ano 1999 foi significativo para España na inclusión social do termo “violencia de xénero” xa que a UE declarou esa data “Año Europeo contra la violencia de género”. España, como o resto dos 15 países membros organizou e executou unha serie de campañas de concienciación, e a opinión pública adoptou e familiarizouse co termo “violencia de xénero”, recollido posteriormente na Ley Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. Violencia de xénero é un termo que fai referencia ao carácter sociocultural da mesma. O xénero é unha construción cultural diferencial en función do sexo, que sitúa as mulleres nunha situación de subordinación con respecto aos homes. Ao falar de violencia de xénero facemos referencia ao carácter estrutural da violencia machista, pero non separamos a violencia exercida polo membros do colectivo masculino cara aos do feminino da exercida polas mulleres cara aos homes. Polo tanto, ao non separar, estamos equiparando calquera tipo de violencia exercida sobre un sexo cara o outro, eliminando así a necesaria crítica dunha situación de subordinación real das mulleres fronte aos homes. Para evitar confusións xurdiron os termos de violencia contra as mulleres, que explicita o colectivo vítima do outro, violencia machista, aquela exercida contra as mulleres polo mero feito de ser tal (pola súa situación de dominación) e mesmo outras versións máis radicais como terrorismo machista, dadas as características psicolóxicas e físicas de xeración de terror nas vítimas común aos agresores.

4.3.7.1.2. *A fórmula xornalística: “malos tratos” ou “violencia doméstica”*

Na mostra, como pode observarse nas enumeracións de casos catalogados anteriormente, predomina o uso do termo maltrato ou malos tratos e violencia doméstica. Tamén se atoparon, pero de xeito excepcional, o uso de termos como violencia contra as mulleres (1 caso), violencia machista (2 casos) e violencia de xénero

²⁰⁹ La representación de la violencia contra las mujeres en la prensa española (El País/El Mundo) desde una perspectiva crítica de género. Un análisis crítico del discurso androcéntrico de los medios. Trabajo de investigación. Departamento de Periodismo y Comunicación Audiovisual, Programa de Doctorado de Comunicación Social, Universidad Pompeu Fabra, Septiembre 2005. 248 pp. Disponible en http://www.dissoc.org/recursos/tesis/Tesis_Vallejo.pdf

(3 casos). O uso dos termos violencia de xénero ou violencia contra as mulleres coincide, xeralmente, coa cita dunha lei ou programa governamental. Os dous casos nos que se fai referencia ao fenómeno como violencia machista correspóndense cos diarios cataláns. O primeiro a partir dun informe de Amnistía Internacional publicado en *La Vanguardia* e o outro en *El Periódico de Catalunya*. O caso de “violencia contra as mulleres” é semellante: *La Voz de Galicia* reseña a creación dun xulgado de Violencia contra as mulleres. A conclusión é que estes termos non xorden espontaneamente do estilo e coñecementos dos/as redactores/as destas novas senón da citada ONG e o goberno. Só *La Voz de Galicia* (en dúas ocasións) e *El Periódico de Catalunya* (unha vez) empregan o termo violencia de xénero. *Faro de Vigo* emprega fundamentalmente o termo maltrato ou mesmo “suceso” sen facer maior especificación.

Segundo varios estudos, referirse ao fenómeno como violencia machista, é dicir facendo referencia ás súas causas- e non ás consecuencias: maltrato, violencia contra as mulleres, etc. contribúe á creación dunha representación simbólica do fenómeno máis próxima á realidade e con maior forza de concienciación e sensibilización da poboación, co obxecto de rematar con esta manifestación de dominación masculina. Se atendemos a esta recomendación, e avaliamos as noticias da mostra, os diarios suspenden estrepitosamente. O diario máis vitimizador da mostra, atendendo ás noticias analizadas, é *Faro de Vigo*. A cabeceira viguesa é que a emprega o termo malos tratos nun maior número de noticias (3), fronte a unha vez de uso en cada un do resto dos diarios da mostra. Presentar á muller agredida como vítima só contribúe a reforzar o seu status subordinado. Máis alá da elección do termo xeral para referirse ao fenómeno, todos os diarios empregan o termo “vítima” para referirse ás mulleres asasinadas por violencia machista. A caracterización xeral da vítima a través da anáfora é unha estratexia discursiva recorrente na prensa escrita cando se trata de mulleres, e nomeadamente de migradas. Volveremos sobre o tema.

4.3.7.1.3. *A construción da excepcionalidade*

Por outra banda, e como xa indicamos, a estratexia de invisibilización do fenómeno é frecuentemente empregada polos diarios. Existen diferentes variantes, observables nos exemplares da mostra. Dende o emprego maioritario de expresións como “violencia doméstica”, sobre todo no caso de *La Vanguardia* que o utiliza ata en cinco novas diferentes, ata a descrición dun caso de violencia machista como suceso

illado, negándolle así o carácter estrutural. A estratexia discursiva da presentación do agresor como un monstro contribúe a ocultar o carácter social e a natureza sistemática da violencia machista. Natalia Fernández sinala na súa tese sobre a violencia sexual e a súa representación na prensa que: *“todas las feministas sin excepción han desmantelado el sentido de esta extendida creencia acerca del monstruo sádico o el enfermo mental o sexual”* (FERNÁNDEZ, 2003: 34). Abonda con reparar nos datos estatísticos de parentesco e familiaridade entre os agresores e as agredidas. Na grande maioría dos casos, existen lazos de parentesco de primeiro grao: matrimonio, divorcio, etc. Esta información tamén está recollida na mostra: *“las mujeres que han muerto a manos de sus parejas durante 2005 fueron 62”* (*“Primera muerte del año por violencia doméstica”*, Madrid/EFE, 1-2/01/06, 34. *La Vanguardia*. Ficha: 92), *“han mort, como a mínim, 46 dones a mans de les seves parelles o ex”* (*“Detingut un home a Lleida per la mort de la seva dona”*, Rosa Matas/Lleida, 2/10/05, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 131).

4.3.7.1.4. A responsabilización da violencia machista ás vítimas: as estratexias da culpabilización e a pasividade

A presentación das mulleres agredidas en tanto vítimas pasivas, ou mesmo como “provocadoras” da situación revela a persistencia dos estereotipos de xénero nas noticias sobre violencia machista. En varias das noticias analizadas obsérvase a estratexia da culpabilización das vítimas. Esta estratexia materialízase na redacción coa sinalización das circunstancias ou “escusas” polas que estas mulleres non se afastaron do agresor. Deste xeito dáse a entender que os agresores as mataron porque elas o quixeron. É dicir que se culpabiliza ás vítimas pola súa pasividade. O exemplo máis obvio da mostra é a noticia titulada *“L’assassinada de Màlaga patia maltractament psicològic”* (Salomé Machío/Sevilla, 30/04/04, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 104), onde a redactora pon de relieve as causas da ausencia de denuncia por parte da agredida: *“vivía sense papers”, “tenía por que si denunciava la seva parella no podria legalitzar la seva situació”*. Mesmo hai noticias nas que se pon en boca da vítima a súa responsabilidade no maltrato: *“estuve disculpándole (al maltratador novio) mucho tiempo”, “había vuelto a equivocarme y me sentí más vulnerable que nunca, pero también aprendí mucho”* (*“Lo peor de la calle es la soledad, no importarle a nadie”*, Paloma Abejón/La Voz/Madrid, 2/02/2006, 47. *La Voz de Galicia*. Ficha: 28).

A mesma lóxica discursiva obsérvase na estratexia de culpabilización pola ausencia de denuncia policial, no caso de que a agresión publicada non sexa a primeira. Hai varias noticias con esta estratexia. Unha delas foi publicada polos catro diarios da mostra: *“La rusa asesinada con su bebé fue atendida trece veces por agresiones”* (titular), *“no interpuso ninguna denuncia contra su compañero”* (*La Voz de Galicia*, 30/04/2004, 22; Ficha: 4), *“atendieron en 13 ocasiones a la joven rusa”, “en ninguna de las ocasiones interpuso denuncia alguna contra su compañero”, “le aconsejaron la necesidad de separarse de su pareja y de denunciar, pero ésta se negó”* (*“El ucraniano que mató a su mujer e hijo, bajo una crisis de agresividad”*, EFE/Málaga, 30/04/04, 48. *Faro de Vigo*. Ficha: 39). *La Vanguardia* (30/04/04, 31; Ficha: 75) publica na cabeza de titulación, concretamente no subtítulo, unha frase practicamente idéntica á da cabeceira coruñesa: *“Los servicios sociales de Málaga atendieron en 13 ocasiones a la mujer apuñalada”*. Sen embargo, o tratamento informativo é diferente. Mentres que *La Voz de Galicia* culpabiliza á vítima por non ter denunciado o maltrato, o diario catalán explica no corpo da noticia: *“confesó que sufría malos tratos de su pareja, aunque desestimó el consejo de “separarse y denunciar”, “explicó que no se separaba porque tenía una “gran dependencia emocional, afectiva e económica” de su pareja”*. *El Periódico de Catalunya* tamén publica esta noticia (30/04/04, 41; Ficha: 104). Titúlaa: *“L’assassinada de Màlaga patia maltractament psicològic”*. O tratamento é semellante ao de *La Vanguardia* que expón os motivos para non denunciar da vítima, sen xulgala: *“había estat atesa...pels serveis socials”, “va dir que era víctima de maltractament psicològic”, “mai va presentar denúncia”, “había tingut el seu últim contacte”, “telèfon municipal del 010 d’ajuda a dones maltractades”, “vivía sense papers”, “tenia por que si denunciava la seva parella no podria legalitzar la seva situació”*. Ademais da noticia hiperrepresentada que acabamos de analizar, figuran na mostra outros exemplos da estratexia de vitimización asociada ao feito de non denunciar ao agresor reincidente. Por exemplo esta de *Faro de Vigo* na que se indica: *“le había comentado que había sido amenazada de muerte por su ex marido, pese a lo cual no había presentado denuncia”, “En 4 de esos 62 casos pesaba sobre el agresor orden de alejamiento”* (*La Voz de Galicia*, 2/01/2006, 18; Ficha: 26). Pero por outra banda, as mulleres agredidas tamén son culpabilizadas pola súa actividade. É dicir, por saír do patrón social da pasividade que se lle ten asignada. Neste caso a estratexia empregada é a responsabilización ás vítimas da agresión no caso de que estas pediran o divorcio, se separaran e refixeran a súa vida con outra parella. Existe un dobre raseiro para medir as

características femininas e masculinas nas novas sobre violencia machista. Por exemplo, a dependencia emocional que nelas se castiga como factor que lles impediu denunciar e saír do círculo da violencia, para eles é un atenuante na súa responsabilidade no crime.

4.3.7.1.5. A exculpación do agresor: estratexias de atenuantes e excepcionalidade

A presentación de atenuantes da culpabilidade do agresor son comúns nas noticias sobre violencia machista recollidas na mostra. Os/as xornalistas sinalan o alcoholismo, enfermidades mentais, etc. como factores que diminúen a responsabilidade do agresor, mesmo nos casos máis graves de violencia machista, os que rematan en asasinato. Vexamos algúns exemplos: “algún familiar había hablado de que podía padecer esquizofrenia”, “extremo que hasta el momento no ha sido confirmado (“El ucraniano que mató a su mujer e hijo, bajo una crisis de agresividad”, EFE/Málaga, 30/04/04, 48. *Faro de Vigo*. Ficha: 39), “(él) nunca aceptó/comenzó a beber/frecuentar malos ambientes/perdió el trabajo” (“El terror en casa: El descenso al infierno de Ismael y Jenny”, Salvador Enguix/Alzira, 2/05/04, 40. *La Vanguardia*. Ficha: 77), “el seu company..tenia atacs d’histèria quen barrejava amb alcohol els medicaments que prenia per a l’epilèpsia que patia” (“L’assassinada de Màlaga patia maltractament psicològic”, Salomé Machío/Sevilla, 30/04/04, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 104). Existe unha asimetría entre a presentación das mulleres e a dos homes. Segundo os códigos éticos e a responsabilidade penal, non se debe desvelar a personalidade dos agresores, na medida en que a lei de presunción de inocencia protexe aos acusados. Sen embargo, existe a práctica xeneralizada de presentar datos concretos das vítimas que violan a súa intimidade, mesmo nos casos fatais de morte, o que de feito incomoda ás familias, especialmente ás súas criaturas.

4.3.7.1.6. A representación irrespectuosa das migradas: vítimas ante todo

Segue a observarse en varias noticias da mostra analizada que as mulleres non son mencionadas con respecto. Empréganse alcumes, diminutivos, ou fórmulas estereotipadas como aquela que fai mención á nacionalidade, dato que non aporta información relevante. Pola contra, o feito de sinalar a nacionalidade de orixe das

mulleres vítimas de violencia machista reforza o estereotipo de inmigradas vítimas e pasivas. Non hai máis que ler os titulares para facerse unha idea da asociación inmigrada = vítima. “*La rusa asesinada con su bebé fue atendida trece veces por agresiones*”, EFE, 30/04/2004, 22. *La Voz de Galicia*. Ficha: 4; “*de origen marroquí*” (“*Una mujer muere tras ser apuñalada ocho veces por su esposo en Palma*”, EFE/Palma, 2/10/2006, 16. *La Voz de Galicia*. Ficha: 35); “*joven rusa*”, “*estaba en España de forma irregular*” (“*El ucraniano que mató a su mujer e hijo, bajo una crisis de agresividad*”, EFE/Málaga, 30/04/04, 48. *Faro de Vigo*. Ficha: 39); “*Detienen en Vigo a un rumano por supuesto maltrato a su ex novia*”(Redacción/ Vigo, 2/12/04, 50. *Faro de Vigo*. Ficha: 49); “(él) tardó un tiempo aún en traerse a Jenny a España (desde República Dominicana)” (“*El terror en casa: El descenso al infierno de Ismael y Jenny*”, Salvador Enguix/Alzira, 2/05/04, 40. *La Vanguardia*. Ficha: 77); “*vivía sense papers*” (“*L’assassinada de Màlaga patia maltractament psicològic*”, Salomé Machío/Sevilla, 30/04/04, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 104); “*la dona, de nacionalitat portuguesa, convivía amb l’acusat*” (Despece: “*A Burgos, mor agredida per la parella*” en “*Una dona intenta cremar casa seva amb el marit i 4 fills al lliç*”, Julia Camacho/Sevilla, 2/04/05, 44. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 123). A estratexia de assimilar inmigrada a vítima non é exclusiva das pezas informativas de temática sobre a violencia machista senón das novas sobre migradas en xeral. O uso do substantivo “vítima” está xeneralizado nas pezas da mostra. Mesmo hai casos nos que este se emprega de xeito contradictorio, xa que se fai acompañar dun verbo en voz activa cun obxecto directo que connota unha acción forte. Por exemplo: “*la víctima se puso en contacto con el 112 para denunciar*” (EFE/Palma, 2/10/06, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 69). A construción da muller vítima está relacionada coa estratexia de presentación das mesmas como suxeitos pasivos, receptivos e sen axencia. Así as inmigradas que protagonizan as novas de violencia machista son: “*asasinadas*” (“*Una mujer de 29 años, asesinada por su marido en Palma de Mallorca*”, EFE/Palma, 2/10/06, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 69), “*falecen*” (“*falleció después de recibir ocho puñaladas*” EFE/Palma, 2/10/06, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 69), “*morren*” (“*murieron...a manos de sus parejas o ex parejas*” (EFE/Palma, 2/10/06, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 69), “*padecen*” (“*L’assassinada de Màlaga patia maltractament psicològic*”, Salomé Machío/Sevilla, 30/04/04, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 104), etc.

4.3.7.1.7. Análise dun caso paradigmático

Queremos deternos nunha noticia da mostra dado o grao de contradición latente na súa redacción. Trátase da información titulada *“El terror en casa: El descenso al infierno de Ismael y Jenny”*, (Salvador Enguix/Alzira, 2/05/04, 40. *La Vanguardia*. Ficha: 77). Na apertura de sección figura o cintillo: *“Protagonista: “Jennifer Lara, Víctima de violencia de sexo”*, (2/05/04, 37). *La Vanguardia* reservou para a edición deste feito un espazo amplo de 4/5 de páxina a catro columnas anchas (o que equivale a cinco columnas). O contexto desta información publicada en Sociedade é outra nova de violencia machista. Tanto na portada da sección (*“Protagonista: “Jennifer Lara, Víctima de violencia de sexo”*) como no pé de foto (*“Las víctimas. Jennifer Lara con sus hijos Keit, de 8 años, y María, de 5, que murieron en el incendio provocado por el padre de los niños”*) faise referencia explícita á condición de vítima da protagonista. Este feito está relacionado co tratamento a posteriori e de sucesos escollido dende a redacción. Volveremos sobre o tema. O autor da noticia non eleva á titulación o carácter activo e de autodefensa da protagonista. No corpo da noticia pode lerse como Jennifer denunciara ao maltratador, se sentenciara unha orde de afastamento e posteriormente denunciara á policía que o agresor incumprira esa sentenza: *“condenado...por un delito de maltrato hacia la víctima, incumplió la orden”*, *“Jennifer llamó a la policía, que conminó al agresor a alejarse, pero no notificó la infracción a los juzgados”*. A actuación da protagonista mostra unha gran axencia neste caso, sen embargo, unha lectura rápida (a máis habitual) do corpo de titulares e a fotografía non permite facerse esa impresión, senón unha ben diferente. Xa no final do corpo da noticia (a onde moi poucos/as lectores/as chegan) incídese de novo na axencia da protagonista: *“el acoso verbal se incorporó al físico”*, *“Jenny decidió entonces denunciar”*, *“se separó”*, *“pidió la custodia de los niños y se compró un piso”*, *“ocho procesos, una sentencia por maltrato”*, *“una orden de alejamiento”*. A exaltación da axencia das mulleres que sofren violencia machista é un bo exercicio discursivo. Sen embargo, este choca frontalmente coa exposición pormenorizada de detalles persoais e íntimos da outrora parella que pasan á actualidade informativa por un crime de violencia machista. Enguix, o xornalista que asina a noticia, detense en todo tipo de detalles vitimizantes tales como a descrición da *“salvación”* do español que trouxo a súa amante de República Dominicana: *“que la sacó de una realidad incierta para presentarle un mundo mejor”*. A frase anterior ten, no contexto dunha noticia de violencia machista na que se narra un

suceso trágico, unha lectura –cando menos- sospeitosa de racismo. Racionalmente, dende a perspectiva feminista, unha non pode imaxinarse que sexa mellor vivir en España sufrindo violencia machista que sen pasar por este trance en Latinoamérica. A narración pormenorizada da historia de amor entre os protagonistas ten, ademais dun claro obxecto sensacionalista, o efecto de reforzo dos estereotipos de xénero e da sobrerrepresentación das mulleres como vítimas. Frases como *“fue un flechazo”, “el amor ha acabado en tragedia”* alimentan o mito do amor romántico ateigado de celos que contribúe a naturalizar a violencia machista. As seguintes expresións chegan o cumio de tal estratexia: *“su excompañero comenzó a maltratarla después de tener su segundo hijo”, “estaba tan enamorada”, “fue capaz de engendrar a María”*. Presentar o amor como un motivo de tolerancia da violencia machista contribúe á formación da poboación na idea equivocada e perniciosamente machista de que a violencia é connatural ao amor. Por outra banda, a descrición da protagonista responde aos estereotipos de xénero: *“sólo el afable carácter de Jenny, su exuberante belleza física y humana, su pasión por la buena cocina y su incansable atención hacia su compañero, amortiguaban la frustración de un hombre...”*, *“fue Jenny quien le consiguió el trabajo”, “ella trabajaba de limpiadora”, “tras hablar con...accedieron a darle trabajo a su compañero”, “(ella) se rompía la espalda limpiando”*. Un tratamento mediático equilibrado sobre a violencia machista esixe que non se preste atención aos hábitos e costumes das vítimas porque non engaden información pertinente, e pola contra tenden a encasillar as mulleres en estereotipos de xénero e ofrecen á audiencia datos cos que xulgar o seu comportamento. O caso que se debe someter a xuízo nunha noticia de violencia machista é o crime de carácter estrutural que tivo lugar e non se a vítima fixo ou non algo que puidese desencadear tal feito. A violencia de xénero ten como causa principal a estrutura de discriminación e subordinación das mulleres aos homes, e tratamentos como o analizado contribúe á forxar unha tolerancia social á violencia machista, indesexable atendendo o carácter socializador dos medios e a súa función de formación dunha opinión pública crítica e responsable.

4.3.7.1.8. *As fontes institucionais e pouco expertas*

Nun tratamento responsable son de especial importancia as fontes informativas ás que acode o/a xornalista para adquirir datos e coñecemento da situación. Parodicamente varias teóricas feministas que estudan o tratamento da violencia

machista nos medios fan a comparación entre a descrición dun suceso que faga referencia a un atraco dun banco e doutro que describa un caso de violencia machista. A calquera lle parecerá ridículo preguntar aos/ás comerciantes circundantes do banco atracado se coñecían ao atracador, se era unha boa persoa, que costumes tiña, etc. Sen embargo, esta estratexia é empregada en varias noticias da mostra e non levanta os recelos que si xorden no caso do atracador ou violador, poñamos por caso. Nun caso de latrocinio haberá que acudir a fontes expertas tales como psiquiatras, psicólogos, criminólogos, etc. Seguindo coa mesma lóxica nun caso de violencia machista haberá que recadar información falando con expertas/os na materia: expertos/as en violencia, asociacións de mulleres vítimas de violencia machista, etc. No total das noticias da mostra que tratan casos de violencia machista sen desenlace final a fonte principal é a protagonista. Isto acontece nas entrevistas a Kaoutar Haik, inmigrante marroquí (*“Lo peor de la calle es la soledad, no importarle a nadie”*, Paloma Abejón/La Voz/Madrid, 2/02/2006, 47. *La Voz de Galicia*. Ficha: 28); e a Rania, xornalista saudí (*“Rania da testimonio del horror”*, Jesús Fraga, 30/04/2004, contraportada. *La Voz de Galicia*. Ficha: 5). Son precisamente estas noticias as que mostran un maior grao de respecto polos feitos e tratan a violencia machista como un fenómeno estrutural. Concretamente na entrevista á xornalista saudí que conta o seu caso nos medios para sensibilizar á audiencia pódese ler: “(no tenía) *ningún motivo para atacarme*”. E faise referencia ao carácter universal deste mal: “*sin diferencias de religión o nacionalidad*”. Sen embargo, a maioría das noticias están elaboradas non dende a prevención, e a prospectiva, o que denotaría un tratamento responsable e adecuado do fenómeno da violencia machista, senón dende a retrospectiva.

4.3.7.1.9. O tratamento retrospectivo e de sucesos

Do total das pezas da mostra dedicadas á temática da violencia machista, só unha información se pode clasificar como “a priori” e correspóndese co xénero informativo de carácter institucional, o que lle resta mérito, pois non permite o achegamento entre a audiencia e a temática. A maioría das novas están abordadas dende a óptica do suceso. Trátase de noticias sobre asasinatos de violencia machista, normalmente na fase de detención do agresor. Por este motivo, as fontes son maioritariamente fontes institucionais, nomeadamente policiais. Na mostra recóllense exemplos nos que as fontes son: os servizos sociais locais (*“La rusa asesinada con su*

bebé fue atendida trece veces por agresiones”, EFE, 30/04/2004, 22. *La Voz de Galicia*. Ficha: 4), o Tribunal Superior de Xustiza de Valencia (“*Jennifer presentía que iba a morir y concertó una póliza*”, “*dicen su amigos*”, Agencias/Alzira (Valencia), 2/05/04, 49. *Faro de Vigo*. Ficha: 40); a policía (“*Detienen en Vigo a un rumano por supuesto maltrato a su ex novia*”, Redacción/ Vigo, 2/12/04, 50. *Faro de Vigo*. Ficha: 49); o 112 e a policía local (“*Una mujer de 29 años, asesinada por su marido en Palma de Mallorca*”, EFE/Palma, 2/10/06, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 69); a Garda Civil (“*Una dona intenta cremar casa seva amb el marit i 4 fills al llit*”, Julia Camacho/Sevilla, 2/04/05, 44. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 123), ou o Ministerio de Interior (“*Mata a su ex mujer de dos disparos de escopeta en Granada*”, Agencias/Madrid, 2/01/2006, 18. *La Voz de Galicia*. Ficha: 26). Existen outras denominacións máis xerais que tamén fan referencia á fontes policiais dependentes de Interior tales como: “*fuentes cercanas al caso*” (“*El ucraniano que mató a su mujer e hijo, bajo una crisis de agresividad*”, EFE/Málaga, 30/04/04, 48. *Faro de Vigo*. Ficha: 39) ou “*fontes de la investigació*” (“*L’assassinada de Màlaga patia maltractament psicològic*”, Salomé Machío/Sevilla, 30/04/04, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 104). Por outra banda, existe a modalidade, moito menos estendida de preguntarlle aos/ás amigos/as e familiares dos protagonistas (víctima e agresor). Destaca o caso no que as amizades dunha muller asasinada logo de pedir axuda ás institucións culpan á xuíza do suceso, na medida en que esta non detivo ao agresor logo da primeira violación da orde de afastamento que tiña en vigor. Dous diarios recollen esta noticia: “*Jennifer presentía que iba a morir y concertó una póliza*”, “*dicen su amigos*”, Agencias/Alzira (Valencia), 2/05/04, 49. *Faro de Vigo*. Ficha: 40 e “*El terror en casa: El descenso al infierno de Ismael y Jenny*”, Salvador Enguix/Alzira, 2/05/04, 40. *La Vanguardia*. Ficha: 77. Outra peza informativa da mostra engade o dato –non pertinente– dunha enfermidade psíquica do agresor, obtido nunha fonte familiar que non indica directamente. En todo caso, as citadas fontes (familiares ou amizades) non parecen as idóneas nin para xulgar se houbo negligencia xudicial nin para diagnosticar unha doenza psíquica. En conclusión, faltan fontes expertas en violencia machista que lle dean concreción e fiabilidade ás noticias, e sobre todo que presenten cadros de actuación para a prevención social da violencia machista. Para isto tamén sería recomendable que os diarios editasen máis noticias sobre violencia machista sen ter que esperar a que se produzan agresións. Deste xeito, os medios cumprirían coa súa función social de formación crítica e en valores éticos de xustiza e igualdade, un deber democrático da prensa. É necesario que se sigan

publicando notas sobre as agresións para non incorrer no erro de invisibilizar e polo tanto correr o risco de naturalizar a violencia machista. Pero, tamén debe publicarse de xeito simultáneo pezas informativas prospectivas, de prevención e concienciación social. Na mostra está recollida unha peza informativa que pola titulación semella prospectiva: “*Los médicos de urgencias detectan casos ocultos de violencia doméstica en mujeres*”, C. Jimeno, 30/04/04, 31. *La Vanguardia*. Ficha: 75), pero que se afondamos na lectura, e pasamos ao corpo comprobamos que se trata dunha información de suceso máis, que narra a morte dunha muller e o seu bebé vítimas de violencia machista. Esta peza, ademais, incorre en varias estratexias de vitimización e culpabilización da agredida tales como a acusación por non denunciar, o subliñado da súa dependencia económica e emocional exaltando así os estereotipos de xénero vixentes neste caso, etc.

4.3.7.1.10. A vítima que na defensa vira agresora

Na mostra, dous diarios editaron un caso de violencia machista no que a protagonista (a muller agredida) nun acto de autodefensa asasinou ao agresor. Trátase de “*Apresan a una mujer por la muerte de su marido en Madrid*”, Agencias/Madrid, 2/08/06, 34. *Faro de Vigo*. Ficha: 64 e “*El terror en casa”: Detenida una mujer víctima de malos tratos acusada de asesinar a su marido*”, Madrid/Agencias, 2/08/06, 29. *La Vanguardia*. Ficha: 97. En ambas as dúas pezas informativas se fai referencia no subtítulo a que o home tiña unha orde de afastamento e que o asasinato se produxo na casa da muller: “*El hombre, que tenía una orden de alejamiento por maltrato, fue apuñalado en un piso de Alcalá de Henares*”(Faro de Vigo) e “*La mujer dice que su pareja quebrantó la orden de alejamiento y llegó a su domicilio de Alcalá de Henares ensangrentado y con una cuchillada, pero la policía no halló rastros de sangre y sí olor a lejía*” (*La Vanguardia*). As principais fontes deste suceso son a policía (institucional), os veciños do inmoible, que din que oíron unha discusión da parella, e a muller detida por asasinato. No tratamento da noticia, en ambas as dúas cabeceiras, faise unha descrición detalladas dos antecedentes policiais do home asasinado, mostrando á audiencia un historial delictivo amplo: “*malos tratos*”, “*acumulaba en su expediente otros tres nombres distintos*”, “*trece detenciones por resistencia*”, “*robo con violencia*”, “*tenencia de droga*”, “*quebrantamiento de varias órdenes de alejamiento*” (*Faro de Vigo*) e “*el fallecido, sobre el que pesaba una orden de alejamiento por malos*

tratos- y que acumulaba en su expediente otras tres identidades...resistencia...robos con violencia...droga...quebrantamiento de varias órdenes...podría haber llegado al piso herido” (La Vanguardia). Segundo os códigos xornalísticos non se deben presentar datos privados das vítimas de violencia machista. Neste caso, a relación de delitos correspóndese co agresor que finalmente é asasinado. Podería pensarse que a relación de datos negativos do home é para xustificar a presunta agresión da “acusada”, sen embargo, a redacción de *La Vanguardia* é ben explícita: “*la policía no tardó en sospechar de la mujer*”, a quen non creron na súa versión ante o indicio da limpeza con lixivia do piso. Ningunha das noticias sobre este feito concreto profundizan nas implicacións que tería para unha vítima de violencia machista, con orde de afastamento para o seu agresor en vigor, unha agresión con final trágico en caso de autodefensa. O tratamento de ambas as cabeceiras é sensacionalista e morboso e non engade información útil para as mulleres que están en situación de acoso tras denunciar e obter unha orde de afastamento, nin para a sociedade en xeral. En varias noticias da mostra se indica que a agredida tiña unha orde de afastamento en vigor que o agresor incumpriu. Quizais sería máis recomendable un tratamento preventivo e prospectivo deste aspecto que unhas pezas vermellas (xornalismo sensacionalista).

4.3.7.1.11. O agresor “*compañero (sentimental)*”

Con relación ao léxico empregado –e máis aló da denominación xeral da violencia machista nas diferentes formas xa analizadas- cabe salientar que o apelativo de “*compañera sentimental*” está en desuso: só aparece de xeito anecdótico na mostra para referirse ás agredidas, concretamente en catro ocasións e tres diarios da mostra. Vexamos os exemplos concretos: “*presuntamente asesinó a su compañera sentimental*” (“*Muere en Cádiz el británico que el viernes degolló a su compañera*”, EFE/Cádiz, 2/08/04, 23. *Faro de Vigo*. Ficha: 42), “*presunto autor de malos tratos a su ex compañera sentimental*” (“*Detienen en Vigo a un rumano por supuesto maltrato a su ex novia*”, Redacción/ Vigo, 2/12/04, 50. *Faro de Vigo*. Ficha: 49). Temos que destacar un caso no que nunha noticia institucional na que se fai un repaso polas cifras de mulleres asasinadas por violencia machista se alude á condición do agresor como “*compañero sentimental, cónyuge o novio*”. Trátase dunha noticia editada en *La Vanguardia* (1/01/05, 334. Ficha: 92). O cal fai pensar que dende eidos institucionais se segue a recorrer a asociación violencia machista-sexualidade-amor o que naturaliza a violencia e

a lexitima. En *El Periódico de Catalunya* (2/04/05, 44. Ficha: 123) tamén se emprega nunha noticia da mostra o termo “*compaña sentimental*” para referirse a un caso de violencia machista. Seguen a presentarse os casos de violencia contra as mulleres asociados á sexualidade. Mediante o uso de metáforas conceptuais mitígame e lexitímase a acción violenta (FERNÁNDEZ DÍAZ, 2003: 54). Na mostra atopamos varios exemplos. A utilización de termos como: “*compañero*” (en referencia ao agresor) (*La Voz de Galicia*, Ficha: 4), “*su marido*” (*La Voz de Galicia*, Fichas: 5, 35, *Faro de Vigo*. Ficha: 69), “*su pareja*” (*La Voz de Galicia*. Ficha: 39, *La Vanguardia*. Fichas: 75, 78, 97), etc. Segundo os termos da estudiosa da representación mediática da violencia machista, Natalia Fernández Díaz (2003: 69): “*cuando el agresor es conocido de la víctima se diluyen los elementos delictivos y entran con fuerza los afectivos, lo que tiene por efecto una mitigación del hecho*”. De aí a necesidade de disociar a relación entre os protagonistas e conceptualizalos no caso concreto do delito de violencia machista como vítima e agresor, que é o que neste contexto son de facto. Ademais do uso do léxico sexual obsérvase na mostra un claro predominio do léxico policial e médico, dado o carácter retrospectivo das novas e o abuso de fontes institucionais, nomeadamente policía e servizos sociais –como observamos.

Ademais da xa analizada violencia machista, figuran neste primeiro grupo temático feminizado a prostitución con 16 referencias, a familia con 15 e outras temáticas máis relacionadas coas mulleres tales como a trata, o veo, etc.

4.3.7.2. *A construción do binomio inmigración-prostitución*

Nin que dicir ten que a prostitución non é exclusivamente exercida por mulleres, xa que tamén hai homes, transexuais, travestis, etc. que se dedican ao negocio do sexo. Sen embargo, nos medios a visión predominante, e mesmo poderíamos aventurar que practicamente exclusiva, é a da prostitución exercida por mulleres, frecuentemente na rúa ou clubs de alterne, en réxime de semiescravidade e “obrigadas”.

4.3.7.2.1. *A cabalo entre o enfoque institucional e o de sucesos*

O tratamento predominante no que atinxe ás noticias sobre prostitución é o institucional. Na mostra abundan as noticias sobre plans municipais contra a

prostitución (*“El plan contra la prostitución en Montera se extenderá a otras zonas de la capital”*, La Voz/Madrid, 02/04/2004, 74. *La Voz de Galicia*. Ficha: 3), actuación policial sobre os negocios –pisos de citas- (*“La policía vigila la concentración de inmigración ilegal en pisos de citas”*, N. M. (Nacho Mirás)/Santiago, 2/05/2004, 16. *La Voz de Galicia*. Ficha: 6), presentación de informes oficiais (*“La Xunta cifra en más de 8.200 las prostitutas en ejercicio en Galicia”*, Anxo Lugilde/Redacción, 02/07/2004, 50. *La Voz de Galicia*. Ficha: 8; *“El 44% de las prostitutas que ejerce en Galicia intentó, sin éxito, dejarlo”*, M. M./E. V./ Santiago, 2/07/04, 24. *Faro de Vigo*. Ficha: 41; *“Se dispara el negocio del sexo”*, Eduardo Rolland/Vigo, 2/04/06, 26. *Faro de Vigo*. Ficha: 59), etc. En segundo lugar, tras as informacións institucionais, figuran as de sucesos (*“Dos de los diez detenidos en Lugo y Ribadeo por supuestos delitos de prostitución ingresaron en Bonxe”*, La Voz/Viveiro, 2/05/2005, 7. *La Voz de Galicia*. Ficha: 17; *“Un búmeran en el burdel”*, M. Cheda/Santiago, 31/08/2006, L5. *La Voz de Galicia*. Ficha: 32; *“La hermana de la joven nigeriana que apareció ahogada en el puerto pide que se investigue su muerte”*, Redacción/Vigo, 2/12/06, 9. *Faro de Vigo*. Ficha: 71; *“Detinguda una dona proxeneta a Mataró”*, M. L., 2/05/05, 35. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 124). Estes dous tratamentos maioritarios imposibilitan, como no caso da violencia machista, un coñecemento ou aproximación realista desta situación para a sociedade en xeral. A información institucional e de sucesos vai xeralmente ligada a fontes oficiais: policiais, políticas, etc.

4.3.7.2.2. *O abolicionismo predomina sobre o regulamentarismo*

O tratamento maioritario da prostitución na mostra é o abolicionista. Isto é debido ao predominio de notas informativas de carácter institucional entre as analizadas. Durante o período da mostra, España estaba gobernada polo PP nun principio e polo PSOE despois, ambos partidos abolicionistas. No caso de Galicia, gobernaron a comunidade durante a mostra PP e logo coalición de PSdG-PSOE e BNG, os dous primeiros abolicionistas e o terceiro regulamentarista. En Catalunya, durante o mesmo período gobernaron en coalición PSdC-PSOE (abolicionista), ERC e IU. O carácter abolicionista da maioría dos partidos gobernantes no contexto da mostra determinou o carácter abolicionista das notas informativas de orixe institucional, a maioría. Na mostra atopamos unha excepción do tratamento institucional de carácter abolicionista

predominante. Trátase dunha peza informativa publicada por *Faro de Vigo*, na que se lle dá voz ás tres fontes expertas principais na temática da prostitución: o colectivo galego Alecrín que traballa coas mulleres que exercen a prostitución dende unha perspectiva abolicionista, o Colectivo en Defensa dos Dereitos das Prostitutas Hetaira que traballa coas protagonistas dende unha óptica regulamentaria e ANELA, a Asociación Nacional de Locais de Alterne, tamén partidaria da regularización. Ademais está recollida a postura da representante institucional do momento, Carme Adán, a Secretaria Xeral de Igualdade, membra do BNG, que valora positivamente que se abra debate sobre o tema da prostitución. A noticia titulada “*Un trabajo regulado o abolición*” (E. R. /Vigo, 2/04/06, 27. *Faro de Vigo*. Ficha: 60) recibiu un tratamento amplo a cinco columnas e con fotografía nun espazo de 2/3 de páxina impar, as que reciben o impacto visual en maior grao. A titulación é impecable en termos informativos, xa que sitúa a problemática sen entrar en sensacionalismos nin conflitos sobredimensionados. O subtítulo informativo condensa o tema: “*Grupos feministas, asociaciones de prostitutas y empresarios no se ponen de acuerdo sobre esta actividad*”. A postura das mulleres que exercen a prostitución está recollida a través das voceiras dos colectivos que traballan con elas. Tanto Alecrín como Hetaira xustifican a súa actuación (dende a abolición ou a regulamentación) polo apoio dun grupo de implicadas. A noticia é ilustrada cunha fotografía dunha muller co seguinte pé de foto: “*Una prostituta, en una manifestación a favor de la legalización de su actividad*”. De xeito que se desequilibra o tratamento cara ao polo da regulamentación. Non dicimos legalización, pois o exercicio da prostitución xa é legal en España. O que está penado é o proxenetismo. No propio titular elévase á categoría de traballo a prostitución o que xa dá unha pista do enfoque informativo. Sen embargo, no corpo da noticia dáse a entender que a maioría das feministas están a favor da abolición (“*la mayor parte de los grupos feministas, y el propio Instituto de la Mujer, apuestan por su abolición*”). O que resulta equívoco. Ademais engádense os motivos abolicionistas (“*atenta contra los derechos humanos*”, “*convierte a la mujer en un objeto*”, “*cuyo cuerpo se puede comprar*”, “*se le quita su dignidad*”). A postura regulamentarista está representada por Hetaira, quen argumenta os beneficios do recoñecemento laboral da actividade (“*queremos que se reconozca*”, “*actividad económica legítima*”, “*defienden que la prostitución debe ser una actividad legal*”, “*queremos que se pueda cotizar en la Seguridad Social*”, “*en régimen de autónomo o por cuenta ajena*”). Para equilibrar a afirmación de que o goberno central, e o Instituto de la Mujer de España, está a favor da abolición, faise referencia ao

“borrador del anteproyecto que prepara el gobierno de Maragall”, que dado que “es un contrato mercantil”, “puede ser regulado por la Generalitat”, pola contra, de ser “derecho laboral sería competencia del Estado”. O final aberto da noticia coa celebración por parte de Adán da existencia do debate e a falta de medidas do goberno galego inmediatas (“a corto plazo no está prevista norma alguna”) deixa liberdade á audiencia para decidir unha postura. Non ocorre o mesmo no resto das noticias da mostra.

4.3.7.2.3. A afonía mediática das protagonistas da inmigración e a prostitución

As protagonistas, as mulleres que exercen prostitución, non teñen voz salvo en contadas ocasións. E na maioría desas excepcións as voces son escoitadas de maneira mediada a través de estudos institucionais, ou de representantes de ONG’s. Non atopamos declaracións directas de mulleres coa experiencia da prostitución na mostra. Sen embargo, si figura no corpo de análise unha entrevista a unha vítima de trata. Este é o caso de Somaly Mam, quen protagoniza un par de entrevistas. Unha editada en *El Periódico de Catalunya* (Nùria Navarro, 2/06/04, 11. Ficha: 107) na que Mam fala en tanto presidenta de AFESIP, unha ONG que loita contra a trata de nenas en Asia fundamentalmente. E así o recolle o titular da entrevista (*“A Cambodja una verge costa 850 euros”, Somaly Mam, presidenta d’Afesip*). O subtítulo confirma o enfoque: *“De petita va ser venuda a un bordell. Un cop lliure, viu per rescatar altres nenes de l’infern”*. Nesta peza informativa non se establece unha fronteira clara entre trata e prostitución, o que pode levar a confusión. AFESIP é abolicionista, e a xornalista fai unha transcrición das ideas da entrevistada como corresponde ao xénero periodístico escollido. Na segunda entrevista da mostra a Somaly Mam, publicada en *Faro de Vigo* (*“Muchos pedófilos tienen la protección de las embajadas”, Sofía López /Ourense, 2/07/06, 52. Faro de Vigo. Ficha: 62*) tamén se resalta a situación persoal de Mam, quen *“fue vendida como esclava en varias ocasiones”, “fue obligada a ejercer la prostitución”, “su marido la sacó de los prostíbulos”*. Mediante a estratexia da xeralización, a súa descrición como vítima da trata, reforzada polo seu relato (*“las violaciones son masivas”, “hay continuas torturas a niñas asiáticas”, “sufrida por las mujeres obligadas a emigrar de sus casas”, “para mantener a sus hijas”, “las menores obligadas a prostituirse”, “en medio de la ignorancia total de sus derechos”, “eliminar*

el turismo sexual”, “*violación masiva de mujeres por jóvenes cuyos padres les pagan una o varias que luego violan todos sus amigos*”, “*constatamos la aparición de decenas de mujeres degolladas*”, “*explotación sexual y tortura*”) extrapólase ao resto das mulleres inmersas no mundo do traballo sexual. A consecuencia é a suposición de trata en casos como o do accidente de tráfico de tres persoas novas nunha fuxida da Garda Civil, onde a única evidencia é “*el hecho de que fuera otro quien llevara su documentación abre la posibilidad de que la chica pudiera ir en ese vehículo en contra de su voluntad para ser tratada como chica de alterne*”, “*las redes que operan en este mundo se apropian de la documentación*”, “*para evitar que huyan*” (“*Los kamikazes muertos en la AP-2 pueden estar vinculados con la delincuencia*”, Javier Ricou/Lleida, 30/04/04, 33. *La Vanguardia*. Ficha: 76). A idea que chega á audiencia é pois aquela que identifica prostitución con violencia machista, e non fai distincións entre trata e prostitución voluntaria na medida en que nega a existencia desta última. Esta é tamén a postura da ONU e das institucións que ocuparon o poder estatal e autonómico. A postura abolicionista, presente nas informacións institucionais, está reflectida en expresións como: “*Esclavitud sexual*”, “*atenta contra los derechos humanos*”, “*destino fácil para las redes que trafican con mujeres*”, “*explotación sexual*” (“*El plan contra la prostitución en Montera se extenderá a otras zonas de la capital*”, La Voz/Madrid, 02/04/2004, páx. 74. *La Voz de Galicia*. Ficha: 3) ou en expresións como “*vender ... su “cuerpo gentil”*” (“*La Xunta cifra en más de 8.200 las prostitutas en ejercicio en Galicia*”, Anxo Lugilde/Redacción, 02/07/2004, 50. *La Voz de Galicia*. Ficha: 8). A postura abolicionista responde ao esquema dicotómico, onde as ONG's que “rescatan” ás prostitutas son o polo positivo e as mafias e os cómplices con estas son o polo negativo. A dicotomía mafias-“salvadoras” tamén ten unha equivalencia con outros/países de orixe e “salvadoras”/países de Occidente. Na entrevista de *Faro de Vigo* a Somaly Mam ensálzase a tarefa de Europa en cooperación coa ONG de Mam (“*comenzó a trabajar ayudando a las mujeres prostitutas*”, “*tras una intensa lucha contra la prostitución*”, “*se vio obligada a trasladarse a Francia*”, “*amenazas de muerte que recibía constantemente*”, “*denunciar la esclavitud sexual*”, “*para ayudar a la inserción de las chicas*”, “*las mandábamos a trabajar a los talleres, pero ya no*”, “*queremos que aprendan*”, “*conseguimos que muchas sean autónomas, casadas y con hijos*”) en oposición ás actuacións dos gobernos de orixe e das mafias (“*en Camboya se detiene a muchos pedófilos*”, “(otros) *están protegidos por las propias embajadas*”). Neste esquema, o lugar que lles queda por ocupar ás mulleres que se dedican á

prostitución é o da invisibilidade e da pasividade, receptoras de explotación e salvación por parte dos dous polos da dicotomía.

4.3.7.2.4. *A estratexia da vitimización múltiple*

A vitimización é unha estratexia discursiva omnipresente na representación das migradas nos medios de comunicación. Sen embargo, adquire diferentes modalidades ou particularidades en función do subtema. No caso concreto das migradas que se dedican á prostitución, a vitimización materialízase a través da construción destas mulleres como vítimas de mafias intercontinentais. Vexamos uns exemplos textuais da mostra: *“Continuas rotaciones, abusos y chantajes transcontinentales”* (titular dun despece), *“son constantes los abusos de mujeres que llegan del extranjero”, “son retenidas en los clubes”, “los mayores problemas se dan”, “víctimas de las mafias que no sólo las presionan a ellas sino también a sus familias en los lugares de origen”* (*“La Xunta cifra en más de 8.200 las prostitutas en ejercicio en Galicia”*, Anxo Lugilde, 02/07/2004, 50. *La Voz de Galicia*. Ficha: 8), *“se dedicaban a capturar mujeres en el extranjero”* (*“Dos de los diez detenidos en Lugo y Ribadeo por supuestos delitos de prostitución ingresaron en Bonxe”*, *La Voz/Viveiro*, 2/05/2005, 7. *La Voz de Galicia*. Ficha: 17), *“se vio obligada a acabar comerciando con su cuerpo”* (*“Un búmeran en el burdel”*, M. Cheda/Santiago, 31/08/2006, L5. *La Voz de Galicia*. Ficha: 32), *“El 44% de las prostitutas que ejerce en Galicia intentó, sin éxito, dejarlo”* (titular), *“La Xunta sostiene que operan tres mafias en la comunidad, siendo la del Este la “más cruel”* (subtítulo), *“En Galicia operan tres tipos de mafias: la latinoamericana, la africana y la que opera en los países de la Europa del Este”, “han sido obligadas a prostituirse”, “llegan a Galicia con una fuerte vinculación con las mafias y marcadas por las altas deudas contraídas por el viaje”* (M. M./E. V./ Santiago, 2/07/04, 24. *Faro de Vigo*. Ficha: 41), *“Alecrín no tiene duda de que la mayoría de las prostitutas son víctimas de mafias”, “someten a las mujeres a las condiciones más duras, de semiesclavitud”, “las extranjeras prostituídas forzosas pasan de proxeneta en proxeneta”* (*“Se dispara el negocio del sexo”*, Eduardo Rolland/Vigo, 2/04/06, 26. *Faro de Vigo*. Ficha: 59), *“(conductor) tenía en uno de sus bolsillos la documentación de (la joven)”*, *“el hecho de que fuera otro quien llevara su documentación abre la posibilidad de que la chica pudiera ir en ese vehículo en contra de su voluntad para ser tratada como chica de alterne”, “las redes que operan en este mundo se apropian de la documentación”,*

“para evitar que huyan” (“Los kamikazes muertos en la AP-2 pueden estar vinculados con la delincuencia”, Javier Ricou/Lleida, 30/04/04, 33. La Vanguardia. Ficha: 76), “coaccionava dones estrangeres perquè es prostituïsim”, “les obligava a consumir droga amb els clients” (“Detinguda una dona proxeneta a Mataró”, M. L., 2/05/05, 35. El Periódico de Catalunya. Ficha: 124), etc.

4.3.7.2.5. A construción do binomio prostitución-delincuencia

Logo de analizar as pezas informativas institucionais e de carácter abolicionista comprobamos que varios trazos se repetin insistentemente. Entre as características omnipresentes nas noticias abolicionistas están a problematización e a asociación da prostitución coa delincuencia. Concluímos pois que ambas son estratexias típicas da perspectiva abolicionista, que recalca as *“quejas de vecinos perjudicados”* (*“La policía vigila la concentración de inmigración ilegal en pisos de citas”*, N. M. (Nacho Mirás)/Santiago, 2/05/2004, 16. *La Voz de Galicia*. Ficha: 6), as dificultades da actuación policial (*“probar...es muy complicado para la policía”* en *“La policía vigila la concentración de inmigración ilegal en pisos de citas”*, N. M. (Nacho Mirás)/Santiago, 2/05/2004, 16. *La Voz de Galicia*. Ficha: 6), o proxenetismo (*“se lucran”, “proxeneta”* en *“La policía vigila la concentración de inmigración ilegal en pisos de citas”*, N. M. (Nacho Mirás)/Santiago, 2/05/2004, 16. *La Voz de Galicia*. Ficha: 6) ou os delitos contra os traballadores en situación de irregularidade (*“detenidos”, “delitos contra los trabajadores”, “Ley de Extranjería”, “se les cursó expediente de expulsión”, “inmigración ilegal”* en *“La policía vigila la concentración de inmigración ilegal en pisos de citas”*, N. M. (Nacho Mirás)/Santiago, 2/05/2004, 16. *La Voz de Galicia*. Ficha: 6). A asociación entre prostitución e inmigración ten unha función estigmatizadora de dobre dirección. A confusión coa que se redactan as noticias de redadas policiais e clubs ou pisos de citas leva a identificar prostitución con actividade ilegal. A realidade xurídica é que o penalizado é o proxenetismo e no caso da inmigración a estancia ilegal en territorio español sen os permisos administrativos pertinentes. Sen embargo, os tratamentos informativos de sucesos non ofrecen información precisa senón unha narración de feitos inconexa e incompleta onde se recalca a ilegalidade sen citar qué leis se incumpren e levando así ao equívoco, moi comúns socialmente, de categorizar a propia prostitución como un delito. Xa que nas

noticias de sucesos as persoas que acaban detidas son as mulleres que exercen esta actividade. O feito é que estas mulleres son arrestadas por estancia ilegal no país e non pola actividade que exercen. Sen embargo, a impresión que causa o feito, sen explicación complementaria, é a asociación de prostitución e delincuencia.

4.3.7.2.6. *A metonimia da trata*

Outro dos trazos omnipresentes nas noticias de carácter institucional e de marcado ton abolicionista é a énfase no carácter vitimista das mulleres que exercen a prostitución logo de migrar. Para iso empregan unha serie de estratexias textuais tales como a vitimización, a xeralización, a falta de identificación e individuación das mulleres que traballan no eido da prostitución, etc. A continuación observamos uns exemplos que demostran a tese inicial deste epígrafe. O despece titulado “*Continuas rotaciones, abusos y chantajes transcontinentales*” (“*La Xunta cifra en más de 8.200 las prostitutas en ejercicio en Galicia*”, Anxo Lugilde/Redacción, 02/07/2004, 50. *La Voz de Galicia*. Ficha: 8) é ilustrativo deste tipo de tratamento abolicionista e vitimizador por partida tripla: das prostitutas, das migradas e das mulleres. Segundo información recollida na propia mostra o 90% das mulleres que exercen a prostitución en Galicia son inmigradas (“*En Galicia ejercen la prostitución 8.200 mujeres, de las que el 90 % son extranjeras*”, titular en portada da noticia (“*La Xunta cifra en más de 8.200 las prostitutas en ejercicio en Galicia*”, Anxo Lugilde/Redacción, 02/07/2004, 50. *La Voz de Galicia*. Ficha: 8)). Dato que da pé á asimilación entre prostitución e trata. A perspectiva abolicionista chega frecuentemente a esta conclusión xa que mantén que non é posible unha prostitución totalmente libre. É dicir, que para as/os abolicionistas, a prostitución non é nunca unha actividade libremente escollida, senón algo imposto. No caso da inmigración de mulleres esta tese chega ata o seu cumio, xa que se ve reforzada polo estereotipo de falta de axencia das inmigrantes. Observamos que as mafias e os proxenetas son dous elementos omnipresentes nas noticias institucionais: “*las europeas y las africanas son las que más sufren el flagelo de las mafias y los engaños*”, “*el control de las mafias*”, “*para perseguir al proxeneta*”, “*son constantes los abusos de mujeres que llegan del extranjero*”, “*son retenidas en los clubes*”, “*los mayores problemas se dan*”, “*víctimas de las mafias que no sólo las presionan a ellas sino también a sus familias en los lugares de origen*” (“*La Xunta cifra en más de 8.200 las prostitutas en ejercicio en Galicia*”, Anxo Lugilde/Redacción, 02/07/2004, 50. *La Voz*

de Galicia. Ficha: 8), “se dedicaban a capturar mujeres en el extranjero”, “les entregaban”, “las recogían”, “las trasladaban a los clubes”, “permanecían trabajando hasta saldar la deuda”(“Dos de los diez detenidos en Lugo y Ribadeo por supuestos delitos de prostitución ingresaron en Bonxe”, La Voz/Viveiro, 2/05/2005, 7. La Voz de Galicia. Ficha: 17), “una joven venezolana logró aterrizar en España gracias a que x le había preparado todo el papeleo y organizado el viaje”, “emplearla como asistente en el hogar”, “se vio obligada a acabar comerciando con su cuerpo”(“Un búmeran en el burdel”, M. Cheda/Santiago, 31/08/2006, L5. La Voz de Galicia. Ficha: 32), “La Xunta sostiene que operan tres mafias en la comunidad, siendo la del Este la “más cruel”(subtítulo), “han sido obligadas a prostituirse”, “llegan a Galicia con una fuerte vinculación con las mafias y marcadas por las altas deudas contraídas por el viaje”, “operan tres tipos de mafias”, “la más cruel” (“El 44% de las prostitutas que ejerce en Galicia intentó, sin éxito, dejarlo”, M. M./E. V./ Santiago, 2/07/04, 24. La Voz de Galicia. Ficha: 41), “Alecrín no tiene duda de que la mayoría de las prostitutas son víctimas de mafias”, “someten a las mujeres a las condiciones más duras, de semiesclavitud”, “las extranjeras prostituídas forzosas pasan de proxeneta en proxeneta”, “el proxenetismo está castigado” (“Se dispara el negocio del sexo”, Eduardo Rolland/Vigo, 2/04/06, 26. Faro de Vigo. Ficha: 59), “coaccionaba dones estrangeres perquè es prostituïsim”, “les obligava a consumir droga amb els clients”, “la detinguda era la que proporcionava els estupefaents a les prostitutes”(“Detinguda una dona proxeneta a Mataró”, M. L., 2/05/05, 35. El Periódico de Catalunya. Ficha: 124). A sobrerrepresentación das mafias, que moitas veces só aparecen citadas por organismos abolicionistas (como é o caso de Alecrín) e as institucións, contribúe á construción das migradas como persoas sen axencia nin proxecto migratorio propio. Prodúcese as xeneralizacións de que as mulleres migrantes que se dedican á prostitución o fan de maneira forzada. O estereotipo resultante non é só que as migradas se ocupen na prostitución porque non teñen unha opción mellor, senón que ademais se lles nega a capacidade de decisión sobre o seu proxecto migratorio. Négaselle o protagonismo e a responsabilidade na decisión de migrar. Debido a sobrerrepresentación das migradas tratadas prodúcese unha xeneralización segundo a que toda inmigrada prostituta foi tratada, é dicir mercada e vendida como un obxecto.

A sobrerrepresentación dos proxenetes contribúe a alimentar o estereotipo da actividade forzada e complementa o estereotipo da migrada tratada. As mafias e proxenetes son representados mediaticamente como os protagonistas das decisións que

implican e incumben ás mulleres que se prostitúen e migran. O seu contrario, a invisibilización dos proxenetas, tampouco sería desexable na medida en que naturalizaría un tipo de relación de subordinación e opresión das mulleres a determinados individuos. Un tratamento equilibrado da prostitución nos medios pasaría por unha representación do proxenetismo en tanto responsable das prácticas forzadas e negativas desta actividade e a presentación das mulleres que exercen a prostitución como as protagonistas deste fenómeno. Nos medios, onde predominan as novas de carácter institucional e abolicionista, téndese a responsabilizar a mafias e proxenetas de que as mulleres migradas se dediquen á prostitución. Estamos pois perante outra estratexia que lle nega a axencia ás migradas se se dedican a determinadas actividades. Pero tamén existen outra serie de colectivos que forman parte do mundo e que hai que visibilizar nos medios cada un asumindo as súas responsabilidades, e non as que non lle competen. Os clientes, segundo unha observación de Belén Puñal²¹⁰, comprobada na mostra, non aparecen practicamente nas noticias sobre prostitución. E ben sabido é que nun trato comercial esíxense dúas partes: quen presta os servizos e quen os recibe. Na mostra só se rexistra un caso noticiable no que aparece un cliente. A noticia xorde porque o presunto cliente presuntamente roubado por unha prostituta resulta ser delincuente “*contra los derechos laborales, coacciones y falsa acusación*” para prexudicar á muller que acusa falsamente dada a súa situación administrativa irregular (“*Un búmeran en el burdel*”, M. Cheda/Santiago, 31/08/2006, L5. *La Voz de Galicia*. Ficha: 32).

4.3.7.2.7. A estratexia da temporalidade e a substitución

En varias das noticias da mostra destácase a inestabilidade das prostitutas (“*la mayoría se ve afectada psicológicamente*”, “*crisis nerviosas*”, “*estados depresivos*”, “*origen en situaciones conflictivas que en ocasiones culminan en agresiones físicas*”) e as súas ganas de deixar esa actividade (“*la gran mayoría quieren abandonar la prostitución pero se encuentran con grandes trabas*” (“*La Xunta cifra en más de 8.200 las prostitutas en ejercicio en Galicia*”, Anxo Lugilde/Redacción, 02/07/2004, 50. *La Voz de Galicia*. Ficha: 8), “*ha confesado que preferiría abandonar esta actividad*”, “*lo han intentado en alguna ocasión*”, “*sin éxito por falta de medios con los que*

²¹⁰ PUÑAL RAMA, Ana Belén, “O tratamento da prostitución nos medios de comunicación”, manuscrito cedido pola autora.

emprender una nueva vida”, “El 44% de las prostitutas que ejerce en Galicia intentó, sin éxito, dejarlo” (titular) (M. M. /E. V./ Santiago, 2/07/04, 24. *La Voz de Galicia*. Ficha: 41). O texto do pé de foto da noticia da que se extraen os exemplos anteriores sintetiza a mensaxe: “Una alternativa laboral como salida. La conselleira de familia, Pilar Rojo, defendió que la postura de las administraciones ante la prostitución debe ser la de ofrecer salidas profesionales a las mujeres que la ejercen, alternativas para abandonar esta actividad y avanzar en su “abolición” social. Rojo recuerda que nueve de cada diez son mujeres inmigrantes, lo que indica cuál es el colectivo sobre el que deben incidir las políticas públicas de apoyo”. Tamén se incide na situación persoal e económica decadente das protagonistas da prostitución: “las españolas que ejercen las prostitución proceden de ambientes marginales”, “o son adictas a las drogas”, “carece de permisos de residencia y trabajo” (“Se dispara el negocio del sexo”, Eduardo Rolland/Vigo, 2/04/06, 26. *Faro de Vigo*. Ficha: 59). Establécese unha distinción entre as autóctonas e as alóctonas á hora da elaboración do estigma. As españolas son estigmatizadas pola pobreza e as drogas, mentres que para as estranxeiras abonda a súa condición de migradas. Coa construción do estigma refórzase a postura abolicionista predominante na mostra, segundo a cal de haber opcións, unha muller non sería prostituta. Ou unha segunda lectura, unha “muller normal” non é prostituta voluntariamente. Dada a alta porcentaxe de prostitutas migradas, este estigma reforza o estereotipo negativo das migradas, producíndose así unha acumulación bidireccional de prexuizos.

4.3.7.2.8. *A metaprostitución inmigrada: unha excepción mediática*

Destacan por un tratamento diferente dúas pezas informativas de temática sobre a prostitución publicadas en dous dos diarios da mostra e relativas ao mesmo feito: a estrea dunha película na que as protagonistas son dúas prostitutas: unha española e outra inmigrada (de orixe latinoamericano). Trátase de dúas pezas de Espectáculos (“León de Aranoa retrata en “Princesas”, su cuarto filme, la amistad entre prostitutas”, Begoña Piña/Servicio especial/Madrid, 31/08/05, 29. *Faro de Vigo*. Ficha: 88 e “Fernando León recrea el món de la prostitución a “Princesas””, Luís Marchal/Madrid, 31/08/05, 48. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 130) nas que se recollen as impresións do director tras achegarse ao mundo da prostitución durante a documentación do filme. León de Aranoa

subscribe a posición de Hetaira, colectivo no que se apoiou tanto el como as actrices á hora de preparar e interpretar os papeis de mulleres prostitutas e reais. Estas dúas pezas informativas, e alén de que falan dunha ficción documentada –pero ficción ao fin–, presentan máis información sobre a realidade das mulleres prostitutas que o resto das noticias da mostra. A información máis completa é a publicada por *El Periódico de Catalunya*. Aranoa reconece o descoñecemento e prexuízos arredor da prostitución aos que tivo que facer fronte para levar adiante o seu proxecto cinematográfico: *“la part més punyent de la prostitució és desconeguda”, “em vaig acostar amb prejudicis al món de la prostitució, tot i que elles parlaven de les seves coses de forma molt senzilla”*. Nesta cita dáse conta dos prexuízos que existen arredor da prostitución eponse de manifesto a complexidade do tema. Complexidade que esixe unha aproximación mediática diversificada e ben documentada, que acuda a fontes expertas, e non só ás institucionais (maioritarias na mostra). A visión mediática *“simplificada e estereotipada da realidade na que se exerce prostitución (...) contribúe a alimentar o estigma social e a marxinação deste colectivo”*, en termos de Ana Belén Puñal²¹¹. Deste xeito, os medios de comunicación contribúen a naturalizar a desigualdade entre homes e mulleres, acentuada no caso das mulleres migradas, na medida en que os medios tamén naturalizan a desigualdade entre a poboación autóctona e a alóctona, a que ven de fóra.

A representación da prostitución nas páxinas do diario sofre un desequilibrio reseñable entre aquelas noticias aparecidas nas seccións de información do diario e as notas publicitarias que teñen como tribuna as páxinas de contactos ou “relax”. Cremos pertinente facer referencia ao incremento constante desta sección dende os anos 80²¹², mentres que as pezas informativas sobre prostitución non sufriron un proceso paralelo. Sen embargo, e dado o carácter informativo da mostra non entraremos a analizar a representación das migradas nas páxinas de contactos²¹³. Simplemente queremos salientar que cando hai uns intereses comerciais detrás a visibilización das migradas prostitutas non é un problema.

²¹¹ Ídem

²¹² Hai que facer mención ao contexto actual de crise económica global, e as consecuencias que esta coxuntura ten na publicación de anuncios de “relax” ou “contactos” en prensa. Segundo varias novas de 2008 e 2009, estase a rexistrar unha baixada no volume de publicación destes anuncios dada a crise tamén no sector da prostitución.

²¹³ Xa xustificamos a elección das pezas meramente informativas, excluindo as categoría de opinión e publicidade, dadas as diferentes intencionalidades e características destas.

4.3.7.3. *As temáticas relativas á familia e á tradición: o eido da reprodución*

A terceira e última temática xeral específica de mulleres que compón este primeiro grupo analizado é a das relacións familiares, concepto amplo que se emprega para englobar noticias sobre maternidade, aleite, normas de vestimenta e comportamento femininos, etc.

4.3.7.3.1 *O debate do veo*

Neste apartado foron catalogadas as noticias sobre o veo, incluídas as relativas ao conflito diplomático que sufriu Francia co secuestro por parte dun grupo terrorista de dous xornalistas franceses para chantaxear ao goberno francés e evitar a aplicación da lei de prohibición dos símbolos relixiosos, a chamada lei do veo. Malia que non se trata dunha noticia que represente a mulleres inmigradas cara a España, visibiliza a realidade da migración nun contexto culturalmente próximo. Por outra banda o tratamento da temática de xénero e inmigración por parte dos diarios españois é relevante á hora da construción da inmigración, en tanto se considera a Francia, un estado occidental, receptor de migración, e polo tanto de realidade semellante –coas súas diferenzas e particularidades dado o seu pasado colonial africano diferencial ao latinoamericano español e a maior experiencia migratoria do país veciño-. O tratamento deste conflito diplomático dirimiuse nos termos da democracia e “*defensa de los valores de la República*” contra o integrista, e concretamente o “*primer grupo terrorista iraquí*”. Nas noticias extráense as consecuencias do incidente que: “*perjudicará la imagen del Islam y las relaciones con Occidente*” (“*Francia desoye la amenaza del Ejército Islámico y aplicará la ley del velo*”, Corresponsal/París, 31/08/2004, 18. *La Voz de Galicia*. Ficha: 9), *El Periódico de Catalunya* engade a mesma información pero dunha fonte diferente: “*Secretari general de l’Organització de la Conferència Islàmica...va assegurar que és un acte perjudicial per a l’islam*”, “*els segrestos danyen la reputació de la resistència legítima i l’aspiració del poble iraquíà*” , “*la majoria de la població iraquiana ha condemnat els segrestos*” (“*El món àrab recolza França i exigeix alliberar els ostatges*”, *El Periódico*, 31/08/04, 9. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 111) o que contribúe a rebaixar a carga de xuízo que tiña esta mesma información. España está situada diplomaticamente con Francia neste conflito contra un grupo

terrorista: “*El Gobierno francés ha recibido un alud de apoyos*”, “*el Gobierno ha sido secundado*”, “*los 25 países de la UE intercedieron ayer también y suscribieron*” (“*París despliega todo su arsenal diplomático por los dos rehenes*”, J.R. González Cabezas/Corresponsal París, 31/08/04, 6. *La Vanguardia*. Ficha: 79). O máis relevante do tratamento conxunto deste feito (o secuestro dos xornalistas galos e a posterior negociación diplomática francesa) por varias cabeceiras da mostra: *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, é a utilización do léxico. Os diarios empregan os termos “*grupo islamista*” (“*Los dos periodistas galos piden a Francia que derogue la “ley del velo”*”, Agencias/París- El Cairo, 31/08/04, 33. *Faro de Vigo*. Ficha: 44) para referirse aos secuestradores. Os dous diarios cataláns analizados deixan clara a diferenza entre o grupo terrorista (illado) e os gobernos de países de relixión musulmá, coa especificación do “*apoyo explícito de las autoridades del emirato*”, e de “*la cadena de televisión (Al Jezira)*” (“*Francia apacigua la crisis de los rehenes con mensajes de conciliación sobre la ley del velo*”, J. R. González Cabezas/Corresponsal París, 02/09/04, 9. *La Vanguardia*. Ficha: 81). O outro diario catalán tamén presenta este dato: “*Al-Jazira...per primera vegada va condemnar el segrest*” (“*Carrera contra rellotge a França per a l’alliberament dels reporters*”, Montse Capdevila/París, 31/08/04, 8. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 110). Coas palabras “*principis d’humanitat i de respecte de l’ésser humà que també estan en el cor del missatge de l’islam*, *El Periódico* evidencia a humanidade da relixión do Islam para deslígala deste acto concreto dun grupo de terroristas (“*Carrera contra rellotge a França per a l’alliberament dels reporters*”, Montse Capdevila/París, 31/08/04, 8. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 110), práctica na que insiste destacando a inocencia do mundo árabe en xeral, quen apoia a Francia: “*la comunitat musulmana de França va condemnar unànimement el segrest dels reporters*” (“*Carrera contra rellotge a França per a l’alliberament dels reporters*”, Montse Capdevila/París, 31/08/04, 8. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 110), afirmación que leva ao titular do día seguinte: “*El món àrab recolza França i exigeix alliberar els ostatges*” (*El Periódico*, 31/08/04, 9. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 111) e especifica nos subtítulos: “*La lliga Àrab, la Jihad islàmica i el Clergue radical Sadr s’uneixen a la protesta*” e “*Arafat demana que “pel bé de l’Iraq”, els periodistes siguin enviats al seu país*”. En conclusión, obsérvase unha diferenza de tratamento clara entre os diarios galegos, que se ben non condenan a todo o mundo árabe tampouco o eximen da posible responsabilidade por connotación, e o tratamento dos diarios cataláns, e nomeadamente *El Periódico de Catalunya*, que cun

tratamento máis sensible e cauteloso evidencia o carácter illado e particular –dun grupo concreto- do secuestro dos reféns franceses para evitar as posibles consecuencias negativas da construción do estereotipo de árabe como terrorista, xa abondo alimentado coa literatura mediática posterior ao 11-S de 2001²¹⁴.

O veo preséntase, segundo a interpretación da lei francesa, como un “*símbolo religioso ostensible*” (“*Incertidumbre en Francia a la espera de la liberación de los dos periodistas*”, EFE/París, 2/09/04, 25. *Faro de Vigo*. Ficha: 47) e non como o que realmente é, un símbolo político de opresión das mulleres, invisibilizándoas na esfera pública de dominio masculino. É cando menos curioso que nas noticias sobre o veo só aparezan mulleres veladas ou non de xeito explícito nun pé de foto de *El Periódico*: “*Dones musulmanes en la manifestació d’ahir a París a favor de l’alliberament dels ostatges*” (“*El món àrab recolza França i exigeix alliberar els ostatges*”, *El Periódico*, 31/08/04, 9. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 111) e no corpo dunha noticia editada por *La Vanguardia*: “*apenas unas pocas decenas de personas, entre ellas algunas jóvenes con velo, se manifestaron en Estrasburgo para defender el derecho a la escolarización de las jóvenes musulmanas*” (“*Francia apacigua la crisis de los rehenes con mensajes de conciliación sobre la ley del velo*”, J. R. González Cabezas/Corresponsal París, 02/09/04, 9. *La Vanguardia*. Ficha: 81). No resto das noticias que tratan o tema da lei do veo francesa, e máis concretamente o conflito do secuestro que pretende retrasar a súa execución social en setembro de 2004, non son representadas mulleres migradas, ou descendentes de migradas en Francia. Atopámonos ante un exemplo claro de heterodesignación masculina. As mulleres son esta vez, unha máis, as destinatarias dos pactos, non as asinantes. A discusión sobre a vestimenta feminina está disputada por o goberno francés –abandeirado da laicidade- e un grupo terrorista de orixe iraquí que pretende conservar a tradición do veo, estratexia política de ocultamento das mulleres no espazo público, e polo tanto, de reforzamento da súa reclusión na esfera privada (na escuridade dos fogares). As implicadas, mulleres musulmanas, migradas ou non, residentes en Francia, asisten a este debate de modo pasivo, como moito forman parte dunha manifestación multitudinaria organizada por outros. A representación mediática é neste caso o correlato dunha situación de

214 Véxase EL- MADKOURI MAATAOUI, Mohamed (2006a), “La representación del inmigrante “árabe” tras los atentados del 11-S” en CASADO VELARDE, Manuel; GONZÁLEZ RUÍZ, Ramón & ROMERO GUALDA, María Victoria (eds.), *Análisis del discurso: lengua, cultura, valores*. Actas del I congreso Internacional, Arco Libros, Vol. 2, pp. 2207- 2230.

subordinación real que se traspón á prensa co seu conseguente reforzamento.

O veo como unhas das temática principais (elevada á titulación) aparece tamén cun tratamento totalmente diferente nunha entrevista publicada por *El Periódico de Catalunya* (“*El vel no és una manifestació cultural sinó un símbol d’opressió de la dona*”, Mar Vallecillos, 2/10/05, QDD 10-11. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 132). O diario catalán entrevista a Sihem Hahxi, descrita no antetítulo como “*Musulmana, feminista i antiracista, aquesta dona meitat algeriana i meitat francesa és una apassionada defensora del laïcisme com a garantia d’igualtat*”. Esta peza informativa é unha excepción, dentro da mostra, en tanto tratamento e representación das mulleres migradas. O tratamento é amplo, a cinco columnas e dobre páxina, cunha grande fotografía da entrevistada –con pé de foto explicativo: “*Sihem Hahxi, durant la seva recent estada a Barcelona*”-. A autora, Mar Vallecillos, pregunta á vicepresidenta de *Ni Putas ni Submisas*²¹⁵ –movemento cunha marcada perspectiva feminista- sobre varias temáticas: o veo, as relación do xénero coa familia (tipos de casamentos), a educación, a cultura e a relixión, os dereitos, etc. A presentación da entrevista, a través da entrada pero tamén das preguntas, é a dunha muller cualificada (deseñadora multimedia aplicada á pedagogía), con opinión (concede unha entrevista) e criterio propios, pero tamén cunha relixión, que defende: a musulmá. Este último trazo contribúe a deconstruír o prexuízo que estigmatiza as mulleres de relixión musulmá como submisas, dependentes e silentes. O subtítulo da entrevista xustapón os adxectivos “*Musulmana, feminista i antiracista...*” que en Occidente se consideran dicotómicos. E refórzase a asociación dos conceptos co remate do subtítulo: “*... aquesta dona meitat algeriana i meitat francesa és una apassionada defensora del laïcisme com a garantia d’igualtat*”. Sihem Hahxi “*musulmana creient*”, mesmo “*alerta sense por de l’amenaza d’una interpretació tancada de l’islam*”. A mensaxe vertida na titulación é desenvolvida na entrevista, coas propias palabras da entrevistada, o que reforza o contido da mesma, deixando claro que o Islam é unha relixión compatible coa práctica da laicidade e da igualdade, e polo tanto co feminismo. Fronte ao multiculturalismo, Sihem Hahxi aposta pola “*integració ètnica*”. A entrevista é un magnífico exercizo de representación das mulleres doutras culturas, migradas ou descendentes de migradas, residentes en Francia, dende unha perspectiva feminista, única na mostra informativa. Frases como “*una germana és respectada quan ella respecta les normes: manera de vestir, de sortir,*

²¹⁵ Véxase o magnífico ensaio sobre o movemento asinado pola súa primeira presidenta. AMARA, Fadela y ZAPPI, Sylvia (2004), *Ni putas ni sumisas*, Madrid, Cátedra, Colecc. Feminismos

d'exercir la sexualitat...”, “*violacions col·lectives*”, “*les dones han de seguir certs costums de les seves comunitats d'origen, encara que estiguem a França*”, “*la dona i el seu cos semblen pertànyer a la família, al barri, i sobretot als homes... cultures*” poñen de manifesto a perspectiva feminista crítica –excepcional na mostra- sobre a sobrecarga de identidade por parte das mulleres, o sistema dicotómico patriarcal que asimila muller a espazo privado, e en última instancia á cultura. Na entrevista tamén se explica como as mulleres que saen dos patróns de comportamento preestablecidos son castigadas: “*va ser violada per no seguir normes*”. A responsabilidade da violencia exercida contra as mulleres recae, nesta entrevista, non sobre o Islam, senón sobre o fundamentalismo relixioso (“*l'altre gran error ha sigut el de cedir davant el fonamentalisme*”), de fonda pegada patriarcal. A solución que se presenta é a integración en condicións de igualdade, e laicidade: a integración dos diferentes seres humanos, para previr dese xeito a construción de guetos (“*el principal repte a Espanya és evitar la creació de guetos*”) onde xermole o patriarcado e se radicalice a dominación masculina, xa preexistente nas nosas sociedades. O tratamento da vestimenta feminina nesta peza é radicalmente diferente ao do resto das notas sobre o veo ou a burka, onde se presenta o veo como símbolo relixioso, sen connotación política, asimilando así todas as sociedades onde se practica o Islam á dominación masculina e á tradición. A xornalista destaca a frase: *El vel no és una manifestació cultural sinó un símbol d'opressió de la dona*” para o titular.

Na mostra figura outra noticia onde se constrúe a imaxe das mulleres inmigradas en orixe na que se fai referencia como tema central a vestimenta, xa destacada no titular: “*La batalla de la lencería en RIAD*” (Arifa Akbar, 30/04/06, 9. *La Vanguardia*. Ficha: 95). O pé de foto presenta o enfoque da información: “*Coquetas. Pese a vivir públicamente con velo, las mujeres del golfo Pérsico son también coquetas en la región se gastan unos 1.700 millones de dólares anuales en productos de belleza*”. O antetítulo da noticia, “*Arabia Saudí intenta mantener un equilibrio entre la modernización de la sociedad y el respeto a sus tradiciones*”, tamén presenta a relación de debate entre tradición e modernidade das sociedades emisoras de migrantes. Como na maioría dos conflitos sobre o multiculturalismo, as protagonistas son as mulleres, e a materia de discusión é a indumentaria e modos de comportamento das mesmas. O debate non se realiza nos termos de se unha muller debe ir velada ou non, algo que se dá por suposto, nin sequera se debe ou non usar lencería occidental, algo que tamén se dá por asumido, senón se as mulleres que mercan lencería deben ser atendidas por un home ou por outra

muller. A temática da noticia é pois a integración laboral das mulleres de Arabia Saudí, pero presentada anecdoticamente como unha noticias sobre “vanidade” feminina. A autora do artigo orixinal (publicado inicialmente por *The Independent*), Arifa Akbar non bota man de argumentos políticos, senon que presenta o debate en termos superficiais. Segundo o enfoque, as vantaxes de que as mulleres se incorporen ao sector servizos son económicas: “*la presencia femenina vendiendo...reforzará la economía porque animará a las mujeres...a gastar*”. A partir do caso da venta de lencería, a xornalista, salta á integración laboral en xeral e ás novas situacións que xera, presentando a segregación como a solución adoptada pola sociedade saudí: “*problemas de una oficina con segregación de sexos*”, “*tenemos que encontrar una fórmula para que los hombres trabajen con mujeres sin mezclarse con ellas*”, “*al entrar en el ascensor para mujeres...se despojan de los pañuelos y las tradicionales abayas y lucen vaqueros y tacones*”. Entre as causas da incorporación das mulleres ao traballo asalariado cítanse “*problemas demográficos también contribuyen a empujar a las mujeres al mundo del trabajo*”, “*la integración de las mujeres puede haberse visto impulsada por*”, “*la tecnología ha hecho más aceptable la idea de una mujer empresaria*”, etc. No corpo da noticia preséntase o dato da creación de “*la Sociedad Nacional de Derechos Humanos del país ayudó a crear hace un año el primer refugio para víctimas de violencia doméstica*” como un feito relacionado coa incorporación das mulleres ao traballo. Unha peza informativa cun tratamento moi semellante é a reportaxe a catro páxinas publicada por *El Periódico de Catalunya* na que se describe o contexto de Líbia (“*Líbia mira a Europa*”, 2/05/04, Montse Capdevilla/Trípoli, Quadern del Diumenge, 2-4. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 105) caracterizado por un certo aperturismo tras un xiro político do seu líder: Gaddafi. Escollemos a noticia malia que non trata de inmigrantes españois/las directamente porque fala da liberdade das mulleres en países musulmáns. Analizamos esta peza encadrada na estratexia discursiva de construción do estereotipo das outras, como contrapunto ás españolas, e como exemplo da estratexia de comparación dos países e culturas de orixe das persoas migradas e dos de destino. A comparación ao ser sutil exerce unha poderosa influencia nos imaxinarios das/os espectadores e é aceptada de xeito acrítico. Ademais, esta peza concreta fala dos/as migrantes en Libia e a súa importancia económica. A reportaxe ensalza a apertura de país oriental e descríbena como un achegamento a Occidente. E sinala como un dos puntos de referencia da apertura a mellora dos dereitos das mulleres, información que leva ao titular dun destacado: “*Gaddafi ha modificat lleis per millorar la llibertat de les*

done”. Son mulleres as que ilustran a metade das fotografías da reportaxe, cos pés de foto: “*Trípoli: Dues done* cobertes amb el vel caminen per un carrer de la medina de la capital, sota un retrat del líder”, “*Sota aquestes líneas, dues noias libies posen a Leptis Magna, un del principals centres de l’antic Imperi Romà al nord d’Àfrica. A sota, dues beduines, a Sabartha*”. A dicotomía entre tradición e modernidade de Libia e Occidente respectivamente está presente en oracións como: “*arribar a l’aeroport de Trípoli és per a un estranger com travessar el túnel del temps*”. A maioría das diferenzas descritas recaen sobre as mulleres e os costumes relativos ao xénero feminino, tanto nas fotografías (mulleres veladas e beduinas) como no texto, onde se describe a concepción libia do matrimonio como: “*el matrimoni és la màxima aspiració dels joves*”, “*en aquesta societat...veuen en aquest acte l’única sortida per realitzar-se*”, “*Gaddafi ha volgut que l’Islam regeixe...especialment les relacions íntimes entre homes i done*”.

Os lugares comúns das noticias sobre a vestimenta feminina, tendo en conta que non hai noticias sobre a indumentaria masculina, son a sobrecarga da identidade cultural das mulleres, e nomeadamente das migradas que ante o cambio de escenario cultural se ven obrigadas a cinguir máis apertadas se cabe as galas da súa tradición que portan a honra e sinais de identidade do seu grupo cultural. Son as mulleres as que cargan coas identidades, e a exaltación das normas de vestimenta é unha boa proba desta afirmación. Xa fixemos referencia a noticias sobre o veo. Hai, así mesmo unha noticia que menciona a burka (“*El Ayuntamiento de Barcelona rechaza por “frívola” la idea del PP de prohibir la burka*”, Redacción/Barcelona, 31/12/06, Vivir 3. *La Vanguardia*. Ficha: 102). Trátase dunha noticia institucional, onde se dá conta dunha petición da oposición –PP- de que se prohiba a burka na normativa municipal barcelonesa. A mensaxe da noticia é a crítica a esta roupaxe por opresiva para a muller, pero négase a existencia dunha polémica social real sobre esta temática (“*no tiene sentido crear polémicas donde no las hay*”). A fotografía que acompaña a noticia mostra a mulleres musulmás na cidade vestindo veos non burkas. O pé de foto sinala: “*Mujeres musulmanas en una calle del barrio barcelonés del Raval*”. A elección da fotografía é axeitada segundo o tratamento da mesma, xa que incide na mensaxe sen entrar en polémicas sensacionalistas ou morbosas. Estamos ante un dos poucos casos nos que a noticia esixe a ilustración da mesma cunha fotografía coral de mulleres musulmás na rúa. Este tipo de imaxes téndense a empregar erradamente para ilustrar calquera temática relacionada coa migración e o multiculturalismo. O léxico empregado nesta

información é relativo ao dereitos: “convivencia”, “espacio público”, “derecho”, “dignidad de la mujer”, “integración”, “evitar que haya discriminación hacia las mujeres” o que denota unha perspectiva feminista, pouco habitual nunha nova non asinada (sinatura de Diario). Podemos supoñer que dende a redacción se asumiu a xerga da fonte institucional e governamental (probablemente da Regidoria de Dones i Joventud do Ajuntament de Barcelona).

4.3.7.3.2. *A ameaza social da poligamia*

Con respecto á sexualidade e á concepción do amor e da familia atopamos dúas noticias na mostra que tratan o tema da poligamia. Unha delas fai referencia ao código civil de Alxeria –e foi seleccionada na mostra na medida en que contribúe á construción das mulleres migradas en orixe- (“*Argelia impulsa un Código de la Familia que mantiene la poligamia y la obediencia de la mujer al marido*”, David Alvarado/Rabat, 2/03/2005, 24. *La Voz de Galicia*. Ficha: 15) e a outra é unha entrevista publicada en *La Vanguardia* (“*Soy partidario de la poligamia, pero respetamos la Constitución española*”, Isabel Ramos Rioja/Barcelona, 2/04/06, 37. *La Vanguardia*. Ficha: 93) realizada pola xornalista Isabel Ramos Rioja ao presidente da FEERI (Federación Española de Entidades Religiosas Islámicas) e secretario da Comisión Islámica.

Na primeira noticia citada, o pé de foto xa mostra quen son as protagonistas e cal é a temática a tratar. Di: “*Una mujer ejerce el voto, durante las legislativas de hace dos años*”. As protagonista son as mulleres alxerinas e o tema os seus dereitos. O autor, David Alvarado, bota man de fontes reivindicativas para describir a situación xudicial das mulleres alxerinas tras a reforma do código da Familia. Os termos: “*poligamia*”, “*obediencia de la mujer al marido*”, “*deberes de la esposa*”, “*proporcionarle descendencia*”, “*cuidar y educar a los niños*”, “*solicitar el divorcio*”, “*argumentos que una mujer podrá esgrimir*”, “*contrato del matrimonio*”, “*el encargado de ejercer ese papel*”, “*se mantiene la poligamia*”, “*se prescribe la obligatoriedad de que*”, “*trágica situación de muchas mujeres*”, etc. evidencian a permanencia da tradición nas sociedades de orixe das migracións cara a Europa, e nomeadamente cara a España. Este tipo de noticias contribúen a xerar distancia e reforzar as fronteiras simbólicas entre nós (occidentais avanzados/as e modernos/as) e os/as outros/as (tradicionalis, países de partida de movementos de migratorios). Enfatizando os trazos negativos da situación das mulleres alxerinas (as outras) estase a construír unha fronteira simbólica entre

ambas partes, de feito constrúese a propia dicotomía. Toda a noticia, pero sobre todo o titular, é un exemplo de exaltación do negativo. Insístese no que non conseguiu a reforma do código no canto de aplaudir os seus avances. A poligamia recibe un tratamento crítico, ou negativo, nesta primeira noticia e un tratamento socialmente negativo aínda que valorado polos islamistas na entrevista mencionada. A autora da entrevista publicada por *La Vanguardia* eleva a titulares a resposta sobre a poligamia coa consecuencia social do alarmismo, xa que sinala como punto de discusión o propio principio de igualdade entre homes e mulleres no contexto de multiculturalidade actual. Varias das preguntas da entrevista están centradas na valoración do entrevistado sobre a poligamia, opinión extensible ao membros da Comisión Relixiosa que preside. Estamos perante a estratexia discursiva da intertextualidade. As entrevistas son o paradigma da intertextualidade, estratexia que se emprega para darlle credibilidade a un argumento. O feito de recorrer a un cargo institucional para entrevistalo ven dado polo recoñecemento social que as respostas recibirán. Neste caso concreto, estamos ante un representante institucional recoñecido socialmente, pero non pola sociedade en xeral, senón e fundamentalmente polos outros/e as outras. É dicir, estamos perante un representante dos/as outros/as, da relixión musulmá en concreto. Os efectos dunha entrevista na que se incide nos puntos de encontro entre ambas sociedades son a alarma social e o reforzamento da construción da fronteira entre nós e eles/as. O propio entrevistado é consciente das diferenzas entre o nós e o eles/as e non dubida en mostrar a súa oposición, se ben de xeito moderado para evitar enfrontamentos directos. Pero a polémica está servida. O presidente da FEERI cuestiona a obrigatoriedade de quitar o veo para tomar as fotografías documentais dos rexistros españois (como pasaporte ou NIE), e propón como salvagarda do que el entende como “*el derecho de la mujer musulmana a llevar velo*” o criterio de actuación en función da petición das implicadas. Por outra banda, manifesta o seu desexo de practicar a poligamia en España, desexo que non realiza para non contravir a constitución española e provocar un enfrontamento directo co estado de dereito. A xornalista incita ao entrevistado a polemizar con preguntas como “*(anterior presidente FEERI) tomó una segunda esposa después de convertirse al islam, ¿hay algún miembro de la nueva junta que tenga más de una esposa?*”. O entrevistado contesta: “*Ninguno, desgraciadamente*”, “*hay siete miembros de la junta que desean casarse con otra, pero nos da miedo*”. Logo de ler o corpo completo da entrevista, a elección do titular semella, canto menos, esaxerada. A intención do diario é a de chamar a atención dos/as lectores, sen para iso reparar nas

consecuencias de alarma social e construción do outro, o colectivo musulmán, como algo radicalmente oposto, e só contido na súa “tradición machista” polas leis españolas e polas súas circunstancias persoais (“¿Está a favor de la poligamia? Sí, pero mi mujer no me deja”). Resposta, esta última, que semella intencionalmente graciosa, para procurar un achegamento co auditorio. Esta última frase ten unha carga machista moi forte, xa que en última instancia se está responsabilizando, e mesmo culpando, á muller dunha situación que ela non controla. Dando a entender algo falso e construindo á muller musulmá como con axencia restrinxida ao criterio tradicional. Coa afirmación, falsa, de que a muller ten peso na decisión do presidente da FEERI de non ser polígamo refórzase a primeira parte do discurso, na que o entrevistado propón como criterio na toma de fotografías documentais con ou sen vea a decisión das propias mulleres. É dicir que se emprega o argumento da axencia das mulleres cando lle convén ao patriarcado, só se lles deixa –e mesmo pide que decidan– cando optan pola opción tradicional patriarcal. Pero amósanse reticentes e mesmo críticos cando a resposta escollida non é a que lles convén aos tradicionalistas. Nesta entrevista tamén se tratan temas como a circuncisión, a fetwa²¹⁶, a construción de templos e a vinculación co terrorismo. Este último elemento, dado o seu alto carácter de connotación contamina o resto do discurso producindo automaticamente a asociación musulmán = terrorista. Este estereotipo anula a presunción de inocencia de terrorismo cando se trata de persoas musulmanas, especialmente se son varóns e novos. Volveremos sobre a construción da delincuencia, especialmente do terrorismo, sobre as identidades árabes.

Outra das temáticas englobadas no apartado xénero e familia é a maternidade, un lugar común da migración en Occidente. Xa fixemos referencia na parte teórica desta investigación ao discurso de contribución²¹⁷ da inmigración que xustifica a necesidade da aceptación do fenómeno dos movementos transnacionais en tanto estes contribúen a incrementar as taxas de natalidade e a estabilizar así a pirámide demográfica europea, en proceso de envellecemento acelerado. Analizamos a nivel teórico a ambivalencia da maternidade das inmigradas. Por unha banda, as sociedades receptoras aceptan a “axuda” demográfica das inmigradas, pero por outra existe un temor –fomentado polos

216 A fetwa ou fátwa é un edicto relixioso, tradicional da relixión musulmana, que ten carácter de lei para a comunidade que depende do clérigo que a emita

217 Varios/as estudosos/as critican o chamado discurso de contribución da inmigración, aquel que xustifica a existencia deste fenómeno a partir dos beneficios que reporta para as sociedades de destino. O discurso da contribución céntrase en destacar consecuencias positivas dos fluxos migratorioa para as sociedades de destino tales como a contribución á seguridade social dos/as traballadores/as estranxeiros/as, o aumento da natalidade, o rexuvenecemento da pirámide poboacional, etc. Varios/as investigadores/as critican que se xustifique a inmigración a partir dunha perspectiva utilitarista e non de xustiza.

medios de comunicación e certos sectores políticos (fundamentalmente os conservadores)- a unha natalidade “excesiva das migradas” que desequilibre a relación migración- nacionalidade e transforme o xenotipo predominante. O discurso da inmigración como ameaza, no que a continuación afondaremos máis pormenorizadamente, compite e colabora co da inmigración como contribución, e a maternidade é un dos escenarios de debate.

4.3.7.3.3. O reforzo do mito da tradición a través da maternidade

Na mostra contabilizamos un total de catro noticias sobre a maternidade. Unha relativa aos primeiros nacementos do ano (“*El primer gallego del año nació en Vigo siete minutos tras las uvas*”, La Voz/Redacción, 2/01/2005, 49. *La Voz de Galicia*. Ficha: 12), outra que fai referencia á baixa natalidade galega (“*Galicia, el país donde las mujeres se cansaron de ser madres*”, E. Álvarez/Redacción, 2/06/2005, 9. *La Voz de Galicia*. Ficha: 18) poñendo como contrapunto ás migradas; unha terceira cun enfoque social que narra a historia dun centro de acollida e reinserción de nais soas que na actualidade atende fundamentalmente a migradas (“*Un hogar lejos de casa*”, Amaia Mauleón/Vigo, 2/08/05, 24. *Faro de Vigo*. Ficha: 57) e unha cuarta sobre o aleite (“*El 70% de las madres catalanas dan de mamar a su hijos hasta los tres meses*”, Celia Traviesas/Barcelona, 2/10/06, 32. *La Vanguardia*. Ficha: 99) anunciada na portada do diario citado co titular “*La llegada de la población inmigrante podría ser un factor importante en el crecimiento que ha experimentado la lactancia materna en Catalunya*”. No discurso mediático dáse por asumido que son as migradas as que incrementan a taxa de natalidade. Mesmo se censura o prexuízo cando a realidade non o cumpre: “*a diferencia de otros años cuando los hijos de inmigrantes son los que capitanean por número las listas de los primeros nacidos*” (“*El primer gallego del año nació en Vigo siete minutos tras las uvas*”, La Voz/Redacción, 2/01/2005, 49. *La Voz de Galicia*. Ficha: 12). Na primeira peza sobre maternidade citada, fáiselle un oco á noticia do primeiro bebé de pais inmigrados, malia non ser nin o primeiro bebé español nin o primeiro galego. Dos catro casos sinalados só se profundiza no caso da nai migrada, mesmo se ilustra o caso cunha fotografía (a única da peza informativa) e se destaca nun subtítulo: “*Internet forjó la relación de los padres de la niña más tempranera de A Costa da Morte*”. Na titulación non se fai mención ao carácter de

migrante da nai da criatura, sen embargo, este dato si figura no pé de foto: *“Fruto del amor en la “Red”. Los padres de Ariadna tienen una bonita historia para contarle. Se conocieron por internet y tras casarse Isabel vino de Perú a Galicia. Ya es habitual, como dice su marido Daniel, con ironía, que sean los inmigrantes los que contribuyan a paliar la baja natalidad de la Costa da Morte”*. No pé de foto insístese así mesmo na normalidade da contribución da migración á demografía. A relación de Galicia coas taxas demográficas é particular na medida en que factores como a migración non teñen unha incidencia tan importante como no resto do Estado. Sobre este feito figura unha noticia da mostra titulada: *“Galicia, el país donde las mujeres se cansaron de ser madres”* (E. Álvarez/Redacción, 2/06/2005, 9. *La Voz de Galicia*. Ficha: 18). Esta noticia pertence ao tipo das que presentan a migración como contribución, estratexia que vai en detrimento da consolidación da perspectiva de xustiza, xa que valora ás inmigrantes como “contribuíntes, nais, coidadoras” e non como persoas cuns dereitos humanos inherentes, o que en realidade son. Nesta peza informativa cítase á inmigración como un factor esperanzador, dado que contribúe ao crecemento demográfico: *“ser debido a.. o a la llegada de inmigrantes, ya hay cifras que permiten vislumbrar...”*, *“la comunidad recuperó 25.000 habitantes”*.

Nas noticias que vimos de analizar non se establece unha diferenza cualitativa, mais si cuantitativa, –as estranxeiras pairen máis- iso si sen entrar na análise das causas da maternidade das españolas e das migradas. Sen embargo, no discurso mediático si está presente esa fronteira. Na mostra atopamos outras noticias que contribúen a construír as fronteiras entre nós e elas. A construción das mulleres migradas como nais vai unida ao reforzo do estereotipo feminino tradicional das outras en tanto natureza, reprodución e coidados. Nunha das pezas informativas da mostra sinálase o incremento do leite como asociado ao crecemento da migración (*“El 70% de las madres catalanas dan de mamar a su hijos hasta los tres meses”*, Celia Traviesas/Barcelona, 2/10/06, 32. *La Vanguardia*. Ficha: 99). E establécese unha relación causal entre a maior porcentaxe de inmigradas doulas e a inserción laboral das mulleres autóctonas, quen aleitan menos. Literalmente especifícase que *“ha de mejorar la normativa laboral”*. Esta información evidencia o uso da estratexia de construción diferencial das outras fronte a nós. No desagregado que se ofrece especifícanse as porcentaxes de doulas por nacionalidades (*“si la media se sitúa en el 81%, las mujeres del Magreb superan el 93%, la de América Central y del Sur alcanzan el 91%, el mismo porcentaje que el de las mujeres de África Subsahariana”*). Con este dato, os/as lectores/as poden establecer unha xerarquía

comparativa de desenvolvemento entre as migradas en función da súa orixe nacional: consecuencia perniciosa do enfoque da noticia. A autora desta peza informativa recorre a fontes institucionais (resultados dun estudo da Conselleria de Salut de Catalunya) e a fontes directas: protagonistas, entre elas unha doula reivindicativa dos beneficios do aleite, e da necesidade de mellora das condicións laborais que o fagan compatible. A valoración positiva do aleite implica, pois, unha mostra máis do enfoque de contribución da migración, que así mesmo, e de xeito paralelo, contribúe á construción diferencial das culturas emisora e receptora, en termos da dicotomía: tradición-modernidade. A cuarta noticia compilada na mostra sobre a maternidade enfatiza a construción do estereotipo por oposición á poboación receptora. Preséntase ás migradas como mulleres sen recursos e necesitadas da axuda occidental. Trátase dunha reportaxe a cinco columnas en páxina completa sobre un centro vigués que acolle a embarazadas sen recursos ou nais con fillos menores de 2 anos. O titular “*Un hogar lejos de casa*” (Amaia Mauleón/Vigo, 2/08/05, 24. *Faro de Vigo*. Ficha: 57) xa establece a fronteira entre migradas e autóctonas, sinalando que as migradas non están na súa casa, pero co matiz de acollida (o termo fogar connota calidez). O concepto de “axuda” agroma no cintillo da peza: “*Tres décadas ayudando²¹⁸ a las madres*”. Así como o de “acollida” aparece no subtítulo: “*El Centro Santa Isabel, en Vigo, acoge desde hace 30 años a mujeres embarazadas sin recursos, y les apoya en el camino a la inserción*”. O discurso da busca dunha vida mellor, á de orixe, está presente nesta información (“*salí de Venezuela en busca de una vida mejor*”). Os relatos de vida salientan as circunstancias negativas (“*la dura historia*”, “*un duro viaje en patera*”, “*traten de evadirse*”, “*tienen una situación muy dura*”, etc) quizáis para darlle un maior valor á tarefa do centro, pero deste xeito tamén se contribúe a vitimizar ás migradas. Non se destaca a súa axencia á hora de comezar un proxecto migratorio se non as penalidades que pasaron no proceso. As consecuencias para estas mulleres é a subordinación a un estereotipo pasivo e vítima das circunstancias, moi alonxado da súa circunstancia vital (loitadora e con capacidade de decisión e acción). Na noticia destácase que neste centro que leva 30 anos funcionando, na actualidade a maioría das hóspedes son mulleres migradas, e matiza “*son inmigrantes a la espera de formalizar su situación*”, o que dá a entender que as migradas suplantaron as autóctonas na recepción de axudas. Argumento delicado posto que forma parte do discurso neorracista ou de diferenza nacional.

²¹⁸ O subliñado é noso.

4.3.7.3.4. *A excepcionalidade da inmigrada chegada en pateira*

O estereotipo da muller migrada nai tamén se reproduce a través das noticias sobre a chegada en pateiras de persoas, onde se insiste en destacar o número de mulleres –de xeito máis remarcado se están preñadas ou van acompañadas de bebés- que xunto coas cifras de menores son presentadas cun carácter de excepción. Na noticia “*Trescientos inmigrantes en tres días*” (2/11/05, 33. *La Vanguardia*. Ficha: 91) faise fincapé en que nas embarcacións había un bebé e “varias embarazadas”. Unha situación semellante é relatada e ilustrada –a fotografía mostra un bebé chegado na pateira en mans dunha voluntaria da Cruz Vermella- na peza “*L'allau de pasteres col·lapsa els centres de menor a Andalusia*”, Julia Camacho/Sevilla, 2/11/05, 35. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 133), onde se especifica que na embarcación viaxaban varias mulleres de orixe magrebí. Na mostra figura unha peza informativa na que se dá conta da adopción dunha nena chegada nunha pateira (“*Un guàrdia civil cuidarà una òrfena arribada en pastera*”, *El Periódico*/Sevilla, 2/04/04, 36. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 103). Na noticia especificase que a nai da nena morreu na viaxe en pateira. A traxedia é unha vez máis ingrediente do discurso informativo sobre migradas.

4.3.7.3.5. *A construción das migradas a través da función familiar*

Outro subtema fundamental para a formación do estereotipo das migradas son as relacións de parella. Na mostra hai tres noticias sobre o matrimonio. Unha na que se fai referencia ao elevado número de casamentos en orixe durante as vacacións dos musulmáns que residen en Europa e que aproveitan os meses de verán para casar en Marrocos cunha parella compatriota (“*La boda de l'immigrant*”, Antonio Baquero/Khuribga/Enviat Especial, 31/08/04, 30. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 114), outra de raíz institucional, a partir dun pronunciamento legal sobre matrimonios gais (“*Justícia assegura que els gais estrangers poden casar-se*”, Agències/Madrid, Juan Ruíz/Santander, 2/08/05, 26. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 127) e unha terceira na que unha familia hindú se interpón na unión dunha moza co seu mozo por ser este musulmán (“*Una familia hindú rapta a su hija para alejarla de su novio*

musulmán”, Luís Benvenuto/Santa Coloma de Gramanet, 31/08/05, Vivir 2. *La Vanguardia*. Ficha: 89). Máis aló das diferenzas, ambas as noticias comparten unha forte presenza da tradición cultural no momento da unión coa parella. Na primeira a tradición está presente dende a elección do lugar de orixe para buscar esposa e casar. Costume que vai en detrimento da integración das persoas migradas nas sociedades de destino. As cifras de casamentos ofrecidas inciden no carácter normal, e non excepcional deste caso. O subtítulo reza: : *“Milers de marroquins residents a Europa aprofiten les vacances per casar-se al seu país”* e *“La ciutat de Khuribga celebra a l’estiu uns 35 enllaços al dia”*. A descripció do rito do casamento é de marcado ton folclórico e mesmo exotizante. Preséntase aos outros como unha cultura tradicional e ateigada de ritos descoñecidos en Occidente. A fotografía do coche dos noivos é todo un exemplo da folclorización dos outros. Por outra banda no corpo da noticia ofrécese razóns –aducidas polos propios migrados marroquí que casan- para enlazarse con una muller da súa cultura: *“les marroquines són millors”*, *“són de la nostra religió y són de la nostra mateixa sang”*, *“és la familia dels immigrants la que ha elegit la futura esposa i ha pactat el matrimoni”*, *“la qualitat més apreciada pels immigrants en les seves esposes és la submissió”*. O conxunto de motivos polos que casar presentados contribúen a crear e reforzar o estereotipo da muller migrada, en orixe, como submisa, e cuns trazos socioculturais determinados e diferentes aos das mulleres das sociedades occidentais de destino dos fluxos migratorios. A noticia sobre a parella multiétnica hindú-musulmán na que a familia dela a rapta para evitar a unión tamén contén unha forte carga de tradicionalización das outras culturas. Ademais de reforzar a idea de que son as mulleres as que están obrigadas a seguir os ditados da tradición xa que o mozo musulmán non é atacado pola súa familia. E temos serias dúbidas de que se fose unha moza musulmá tampouco sería custodiada pola familia. Ademais dun subtexto relixioso, haino tamén de xénero. O enfoque da noticia sanciona o comportamento de acordo á tradición –excluíndo o secuestro, obviamente- que segue o grupo (familia dela) e premia a rebeldía e a adecuación aos novos patróns de vida –multiculturalidade, que non multiculturalismo, tolerancia cara outros cultos e culturas, e integración- do individuo particular (a moza de familia hindú que decide emparellarse cun mozo musulmán). A presentación da protagonista migrada é nunha porcentaxe significativa a dunha vítima da súa familia, e en última estancia da súa cultura-relixión (detrás do comportamento –descontrolado- da súa familia). Un titular do tipo: *“Una familia hindú rapta a su hija para alejarla de su novio musulmán”* ten o efecto na audiencia de

provocar a asociación hinduismo = intolerancia, ou directamente hinduismo = integrismo. Malia que a mensaxe final da noticia é “*tenemos nuestras diferencias y religiones distintas pero compartimos los mismos valores*”, é dicir, a vitoria do amor e a tolerancia interrelixiosa. O feito é que só unha porcentaxe moi pequena de lectores/as dun diario chegan ao cabo das noticias. E as doses de dramatismo das noticias (“(su novio) *pensó que jamás volvería a verla*”) e a descrición detallada da violencia exercida pola familia presentada unicamente como hindú (“*entraron en su casa*”, “*agarraron a su novio, lo inmovilizaron*”, “*la arrastraron por las escaleras*”, “*gritó y le dieron un puñetazo*”, “*se resistió y la atacaron*”, “*la metieron en una furgoneta*”, “*la encerraron en un piso*”, “*la arrastraron, le pegaron, la ataron*”, etc.) constrúe unha imaxe negativa do colectivo hindú, que pouco ten que ver coa descrición deste feito illado.

Xa para rematar con este subapartado temático queremos facer referencia á aparición na mostra doutra peza informativa na que son tratados os temas relativos ao xénero e á familia tales como os casamentos. Trátase dunha entrevista publicada por *El Periódico* –cabecera da mostra con maior número de entrevistas- co titular “*El meu passat sempre estarà en el meu present*” (Núria Navarro, 2/02/06, 8. Ficha: 135). A entrevistada, Kaoutar Haik, é descrita pola autora, Núria Navarro, como “*supervivent*” no cintillo. Esta entrevista é o paradigma dentro da mostra da construción do estereotipo da muller migrada como vítima. Haik é vítima da súa familia (a nai opresora que a abandona, que a casa cun maltratador e volve a aproveitarse dela cando pode darlle cartos), da parella (o segundo marido tamén a maltratou), e da propia cultura (“*la cultura àrab no m’ha afavorit*”). A estratexia de construción diferencial do nós e os/as outros/as está tamén presente neste peza informativa. Onde a figura do salvador é “*un educador de carrer em va preguntar a Santa Coloma si volia anar a un centre*”, “*vaig acceptar encantada*”, “*em van donar afecte, llibertat i confiança*”. Esta noticia é prototípica da estratexia discursiva descrita por Van Dijk na que se destacan os trazos negativos dos outros (a nai, as parellas e mesmo os compañeiros de rúa da súa cultura: “*la mare va començar a inflingir-li un salvatge maltractament*”, “*als 12 anys la va expulsar de casa i la nena va estar quatre anys vagant*”, “*em pegava amb un cinturó*”, “*em pegava com si fos un animal*”) e se minimizan os positius, á vez que se resaltan as características positivas da sociedade receptora (a bondade do traballador social que a recolle) e se invisibilizan as negativas. A asociación da protagonista co nós –mediante a aceptación da senda da reinserción social- lévaa a un exitoso presente (namorada de novo, con traballo e un libro na imprenta que conta a súa historia) que se dá a entender

non tería logrado de seguir no seu círculo de orixe. Este tipo de enfoques tenden a reforzar o esquema maniqueo de nós: bos/as e eles/as: malos/as, que interiorizado a nivel social dificulta a integración real da poboación migrada en destino.

4.3.7.4. Análise das temáticas mixtas: as migradas como excepción

O segundo grupo temático está composto por noticias que versan sobre tópicos comúns a migrados e migradas, que en xeral reciben nos medios un tratamento máis masculino coa conseguinte infrarrepresentación das mulleres migradas. As temáticas xerais sobre migración que máis presenza teñen nas noticias da mostra son a integración e a fronteira en primeiro lugar, con 20 referencias cada unha, e a lexislación (17 referencias), dereitos (16) e delincuencia (15). As pezas de temática fronteiras e nomeadamente as de chegada en pateiras xa foi tratada en varios apartados deste mesmo capítulo.

4.3.7.4.1. A integración a través das temáticas de entretemento e ocio. A excepción da normalidade

Mergullámonos, agora, nas pezas catalogadas na temática integración, excluindo a análise da estratexia de distanciamento entre nós e as outras, que será tratada máis adiante no apartado correspondente. Dentro da temática de integración, hai un grupo de noticias da mostra que se poden catalogar baixo a categoría do ocio e o deporte. Son fundamentalmente noticias que fan referencia á resolución da Federación Internacional de Atletismo que rexeitaba a participación de Niurka Montalvo pola marca nos mundiais de Helsinki (“*Niurka Montalvo no disputará el Mundial de Helsinki*”, EFE, 2/08/2005, 35. *La Voz de Galicia*. Ficha: 11 e “*Montalvo no saltará als mundials*”, E. P., 2/08/05, 47. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 128). Dada a coñecida orixe cubana da deportista e a súa posterior nacionalización española, a súa presentación normalizada en prensa e sen facer uso de estereotipos relativos á inmigración fomenta unha imaxe positiva deste fenómeno, e favorece a integración dos diferentes colectivos nacionais. En ningunha das dúas pezas informativas que tratan o feito se recorre ao uso de termos relativos ao campo semántico da inmigración. É un dato significativo que o adxectivo “inmigrante” se empregue no discurso mediático sempre apelidado de conceptos

negativos como a delincuencia, a trata, a marxinalidade, etc. Un uso simétrico do termo migración e do campo semántico que o envolve redundaría na construción dunha imaxe real e equilibrada do fenómeno da migración. Mentres tanto, unha presentación de persoas migradas en contextos normalizados, de ocio e entretemento, favorece a construción positiva e realista da inmigración. Hai varias noticias na mostra que cumpren a función de normalizar e desdramatizar o fenómeno da inmigración. Son pezas informativas sobre literatura, gastronomía, televisión, deporte, acollida estival de nenos/as saharauis, música, ocio, viaxes, etc. Todas teñen en común unha visión máis positiva da inmigración en comparación coas noticias do resto das temáticas analizadas ata o momento. Nesta categoría temática enmarcamos tamén un conxunto de informacións sobre colectivos nacionais de inmigrantes, nomeadamente, de uruguayos/as, arxentinos/as (2 pezas) e bolivianos/as.

Comecemos a análise polo primeiro grupo. Destaca entre as pezas informativas desta temática unha reportaxe de viaxes, ou transporte, na que un xornalista de *La Voz de Galicia* elabora un relato humano a modo de crónica a través da vivencia propia na viaxe e da dos protagonistas. Trátase da reportaxe: “*Al café y al cruasán invita RENFE*” (Rodri García/*En el “Estrella Galicia”, 2/01/2006, 12-13. La Voz de Galicia. Ficha: 25*). Rodri García ademais de representar a persoas de nacionalidade galega e española, presenta e mesmo lle brinda voz -en ocasións- a persoas inmigradas orixinarias de Bolivia, República Dominicana, Sudamérica, Brasil, Inglaterra, Suíza (home), Italia (home e nena). Salvo o mencionado caso de Suíza, o resto das persoas inmigrantes son mulleres, que recoñecemos como inmigradas por expresións do tipo de: “*con acento sudamericano, le apunta*”, “*habla poco, y al hacerlo se descubre su acento brasileño*”. A presentación de persoas de orixe estranxeira faise así de modo natural: pola diferenza de acento, como se dunha diferenza dialectal de dentro da península se tratara. Tamén se establece a diferenza polo aspecto, nomeadamente polo cabelo e o peiteado: “*es una jovencilla dominicana que ha dedicado “muchas horas” a hacerse las trenzas de su peinado*”. A perspectiva do redactor é explicitada na frase: “*el mestizaje se impone y este tren es un ejemplo vivo*”. As persoas de nacionalidade española tamén entran na categoría de mestizaxe: “*medio gallego, medio suizo*”. O tratamento das persoas inmigrantes, salvo a presentación das características de acento e peiteado diferentes non se diferencia do das persoas españolas que viaxan no conxunto. Mesmo se presentan trazos positivos, neste caso dun inmigrante comunitario: “*un italiano muestra a su hija cómo recoger todo, un ejemplo de civismo*”.

Na mostra figura unha peza sobre gastronomía, a modo de opinión. É como unha entrevista en primeira persoa que se autofai unha inmigrada colombiana de profesión xornalista. A peza pertence ao espazo informativo, concretamente á sección temporal de *La Voz de Galicia*, *Así nos ven* (Ximena Zuleta (Colombia) “*Galicia me ganó por el estómago*”, 2/08/2004, 40. Ficha: 31). Trátase dunha metáfora da integración cultural a través da gastronomía, tópico relativo a Galicia. A protagonista inmigrada escribe toda unha serie de expresións que contribúen a reforzar o mito da acollida, da chegada a un futuro mellor máis farto e amable: “*ocurrió que pisé la tierra madre*”, “*llegué a Vigo bastante cansada y famélica*”, “*allí me esperaban mis amigos*”, “*me socorrieron a base de una fenomenal invitación*”, “*ese fue mi bautizo como filla galega y el comienzo de mi nueva vida*”, “*inicié mi andadura*”, “*aprovechaba para conocer gente y afianzar las relaciones*”, “*hice amigos gallegos que me fueron abriendo las puertas del conocimiento...*”, “*Galicia me conquistó*”, etc. Só hai unha frase no relato que fai referencia ás dificultades da inmigración: “*existen ciertas hostilidades para aceptar que todos somos ciudadanos del mundo*”, o que contribúe a xerar unha idea irreal, edulcorada, do proxecto migratorio. Un/ha lector/a que non teña contactos directos coa inmigración e que lea esta peza informativa levará a impresión equivocada de que a maioría dos/as inmigrantes que chega a Galicia é recibida polas amizades cunha invitación para unha mariscada. Unha visión máis realista ofrécea a peza sobre os percusionistas elaborada por *El Periódico de Catalunya* (“*Tambors a tocar de casa*”, Julia Barrio/Barcelona, 2/07/04, 43. Ficha: 109). O cintillo e o subtítulo explicitan o ton de conflito desta peza: “*La pugna entre el descans i l’oci: Els percussionistes*” (cintillo), “*Djembés i “darbukas” sonen a la ciutadella fins després del tancament del parc. Els que els toquen asseguren que no molesten i diuen que els veïns s’haurien d’alegrar de viure en una zona amb poc trànsit*” (subtítulo). Os protagonistas do conflito son os bongueiros por unha parte e os veciños pola outra. Nos dous bandos hai mulleres, pero representadas como acompañantes: “*explica Fàtima*”, “*jo vinc aquí perquè el meu nòvio ve aquí*”. A representación dos inmigrantes, construídos como masculinos, é negativa. Preséntanse como persoas que se drogan, non respectan o entorno (problemas coa veciñanza), etc: “*fumar porros*”, “*un altre amic li passava xocolata*”, “*perquè relaxa*”, “*passen les hores mortes*”, “*marihuana*”, “*ho comparteixen tot però no es coneixen de res*”, “*un contorsinista que presumia d’haver-se untat el cos amb oli de marihuana se n’ha anat amb una dona que ha conegut*”, “*l’aire ja no fa aquella olor de maria*”, “*els marroquins són els únics que encara tenen*

ganes de fer festa". O tema do racismo agroma nesta peza coas insinuacións dos bongueiros: "si ens veu a tots marroquins no diu res (vigilant). Li fem por", "i han de sortir pel forat", "no accepteu la música àrab", "teniu por dels moros", "sou una mica racistes", "es lamenten", "una persona està tocant i li demanen els papers". Sen embargo, a opinió expresada dos/as bongueiros/as non é presentada como verdadeira, senón como subxectiva. Julia Barrio, a xornalista que asina a reportaxe, sinala incoherencias do razoamento do grupo de mozos/as marroquís que suxestionan á audiencia sobre o grao de verdade das súas opinións: "els que els toquen asseguren que no molesten", "diuen que els veïns s'haurien d'alegrar de viure en una zona amb poc trànsit", "és una forma de vida en que el més important és sentir-se bé amb un mateix, i portar-se bé amb els altres", "almenys així ho entenen els bonguers".

4.3.7.4.2. As inmigradas como traballadoras

As pezas sobre traballo, e concretamente as que presentan a mulleres inmigradas como profesionais, fomentan a integración das mulleres inmigrantes ao presentalas como persoas cualificadas e con axencia. Son exemplos as pezas: "La serigrafía tiene una excelente salida laboral", Luís Guerra Paz/Santiago, 2/08/2006, L2. *La Voz de Galicia*. Ficha: 30; "Premio a un gimnasio para mujeres". E. Fuentes/Pontevedra, 31/08/06, 4. *Faro de Vigo*. Ficha: 65; "Un àngel a l'hospital", Elisabeth G. Iborra/Barcelona, 2/05/04, QDD 12-13. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 109; "La jove escriptora Najat El Hachmi llegirà un monòleg sobre la immigració", Xavier Hoste, 2/09/04, 50. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 116; "Sant Cugat fitxa Asha Mirò per presentar "Continuarà...", *El Periódico*/Barcelona, 2/12/04, 92. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 117. Nestas informacions preséntanse méritos destas profesionais como: "desarrolló una intensa labora como promotora de actividades culturales", "publicando", "impartiendo", "además de trabajar" (*La Voz de Galicia*. Ficha: 30), "(proyecto) ha ayudado a muchos inmigrantes" (*Faro de Vigo*. Ficha: 65), "fan possible l'entesa entre els immigrants i els metges que els atenen", "tradueix", "facilitin l'entesa entre metges i pacientes estrangers", "sense caure en l'estereotip", "no serveix per res parlar d'integració cultural i conceptes similars si no posem eines, perquè aquestes persones, si els dones els mitjans, donen la talla perfectament", "el mediador ajuda que no siguin tan rígids" (*El Periódico de Catalunya*. Ficha: 106), "ha guanyat diferents premis literaris en llengua catalana i col·labora en publicacions

d'àmbit cultural” (*El Periódico de Catalunya*. Ficha: 116), *“la polifacètica”, “dos llibres autobiogràfics han convertit Asha Miró en un fenòmen mediàtic”, “la nova presentadora...ja havia fet algunes incursions en el món audiovisual”, “va presentar”, “ha col·laborat”* (*El Periódico de Catalunya*. Ficha: 117).

4.3.7.4.2.1. O mito da acollida

Continuemos a análise polo segundo grupo. O mito da acollida está presente en todas estas pezas. E de maneira explícita a través de varias expresións, algunha en titulares como o exemplo de *“Tierra de acogida”*, portada de *Vigo 4 Costados* na noticia de *Faro de Vigo* do 31/08/04 (Ficha: 45). O titular desa nova reforza o mito da acollida introducindo o campo semántico do futuro: *“Uruguayos en busca de un futuro para sus hijos”* (Ana Rodríguez/Vigo, 31/08/04, 5 V4C.). Ao longo desa mesma reportaxe a xornalista introduce de novo o termo futuro en varias ocasións: *“numerosos uruguayos han llegado a Vigo para labrarse un futuro mejor”, “venimos a trabajar para darle un futuro mejor a nuestros hijos”,* etc. O mito da acollida constrúese con expresións como: *“en general la adaptación a la sociedad no resulta difícil”,* dando a entender que os/as inmigrantes que non se adaptan é porque non queren. É dicir que se responsabiliza do fracaso ao propio individuo e non á sociedade de destino. E matízase *“el recibimiento depende de la situación legal en que se encuentre el emigrante”*. Esta frase contribúe a criminalizar a situación de irregularidade no Estado, xa que se dá a entender que adaptarse é doado salvo excepcións, e aclárase que a recepción non é boa se a situación non é regular. Unha declaración dunha persoa migrada de orixe uruguaia á que se recorre como fonte na reportaxe indicada confirma esta interpretación *“cuando eres legal y tienes los papeles en regla la cosa cambia”*. Xa de cara ao final do corpo da reportaxe móstrase a realidade da adaptación dun xeito máis duro: *“hay que renunciar a buscar un empleo a la medida de tu formación”, “la mayoría de las mujeres del colectivo trabaja en la limpieza doméstica”, “de nada le sirven sus títulos”, “los hombres se emplean más fácilmente en la construcción, la hostelería”, “y en oficios que nunca antes habían ejercido”,* e móstrase que malia a ese bo recibimento en caso de situación regular este non se fai en condicións de igualdade, senón de convidados que deben adaptarse a determinados nichos laborais. No resto das pezas da mostra séguese o mesmo esquema: mito da acollida e da busca dun futuro mellor (*“un fracaso le llevó a dejar Argentina”, “vine aquí para intentar un nuevo proyecto de vida”,*

“después de que fracasara”, “apostó por”, “el desengaño patagónico la llevó a Barcelona” en La Vanguardia. Ficha: 84 e “Dues germanes romaneses busquem el paradís” (subtítulo, El Periódico de Catalunya. Ficha: 112); “els primers busquen una vida millor” en El Periódico de Catalunya. Ficha: 134), a condición de regularidade para un bo recibimento (“al no tener el permiso de residencia la gente no se atrevía a contratarme” en La Vanguardia. Ficha 84; “treballo molt, cobro poco, no tinc papers i rarament puc anar a la platja”, “fa un somriure esperançador quan se li recorda la proposta socialista de regularitzar tot inmigrant que certifiquei una feina estable”, “així, tot s’arreglaría per a ella: papers, estabilitat, i, sobretot, ingressos fixos per enviar més dels 300 o 400 euros al mes que consiguem reunir” en El Periódico de Catalunya. Ficha: 112), redución a certos nichos laborais (“vuelta a empezar”, “su alto perfil profesional es un hándicap más que una ventaja”, “presenté papeles pero me rechazaron” en La Vanguardia. Ficha: 84; “Gairabé totes treballen en el servei domèstic” en El Periódico de Catalunya. Ficha: 134), etc. A integración tamén se ilustra cunha noticia positiva titulada “La esperanza se llama Cedeira” (Gillermo Pardo/Redacción, 2/05/2004, 18. La Voz de Galicia. Ficha: 7) na que se reforza o mito da acollida española, por oposición á italiana: “Emigraron de su país para labrarse un futuro en Italia, pero un contrato con membrete gallego los alojó en la hospitalaria villa coruñesa” (subtítulo). Nesta peza tamén se presentan os problemas da inmigración: racismo, inxustiza, e sobre todo a pesada burocracia: “nos duele que se exija tanto papeleo para trabajar”.

A temática da lexislación está moi interligada coa da integración, na medida en que sempre se fai referencia á situación administrativa do colectivo ou inmigrante particular. Ademais, durante o período da mostra tivo lugar unha regulación extraordinaria de inmigrantes e varias pezas xiran en torno a este acontecemento. *La Voz de Galicia* editou “Los inmigrantes crean una bolsa de empleo para salvar la regularización” (Alberto Magro/Vigo, 2/03/2005, 12. Ficha: 14). Na mesma data *Faro de Vigo* deu ao prelo unha información sobre o mesmo feito titulada ““Argentinos en el exterior” denuncia que sólo se han regularizado 300 inmigrantes” (Redacción/Vigo, 2/03/05, 11. Ficha: 51). Trátase de dúas pezas informativas que responden ao esquema das institucionais dado que reproducen o contido obtido nunha fonte que envía aos medios a súa opinión. Neste caso non é unha fonte institucional ao uso, senón unha fonte comprometida. Trátase da perspectiva da Asociación de inmigrantes Arxentinos no exterior, a través dun voceiro e da propia presidenta, Lorena Lores, quen fala polos

migrantes en tanto migrada que preside unha asociación. A información de *La Voz de Galicia* é unha descrición das trabas para o proceso de regularización de persoas inmigradas. O enfoque é positivo xa que non culpabiliza ás persoas inmigrantes do feito de que “*En las tres primeras semanas de proceso no arreglaron sus papeles ni el 5% de los ilegales de Galicia*” (subtítulo) senón que culpa a empresarios e nun principio – aínda que logo o solventaron- ás administracións. O titular mostra a axencia de migrantes: “*Los inmigrantes crean una bolsa de empleo para salvar la regularización*” (titular) e “*Ponen en marcha un “inem paralelo” que hará llegar currículums al empresariado gallego*” (antetítulo), aínda que presenta a inmigración, cun trazo positivo (“*han demostrado ser los más emprendedores*”), como masculina. Mesmo a tenor do feito de que a presidenta da asociación de migrantes que denuncia a situación de falta de colaboración do empresariado na regularización sexa unha muller. A peza de *Faro de Vigo* que fai referencia ao mesmo feito non asume o discurso da asociación como fixera *La Voz de Galicia* senón que bota man do recurso da intertextualidade constantemente, ou ben explícita a fonte. Vemos a mostra no titular: ““*Argentinos en el exterior*” denuncia que sólo se han regularizado 300 inmigrantes. Salvo pola diferenza na forma da presentación, as informacións ofrecen o mesmo contido. *La Vanguardia*, o mesmo día da publicación das dúas informacións citadas, tamén editou unha peza sobre a inmigración arxentina pero cun enfoque moi diferente. Trátase dunha reportaxe a dúas páxinas no suplemento do periódico, *Vivir*, titulada: “*Argentina late en Catalunya*” composta por tres perfil, dos que seleccionamos os de mulleres inmigradas: “*Carolina Sáinz: “En casa me dicen: “No se te ocurra volver””*” e “*Lucila Cruz: “Venimos por “contagio”, por tener familia o amigos aquí*” (Rosa M. Bosch/Barcelona, 2/03/05, *Vivir* 4-5. Ficha: 84). O enfoque da reportaxe é o de presentar a comunidade inmigrada arxentina como unha das máis antigas e maioritarias das asentadas en Cataluña. Trátase dunha peza de carácter humano, que presenta a realidade da migración arxentina a través de datos, pero sobre todo a través das vidas de varias persoas. Con respecto á perspectiva de xénero e étnica cabe dicir que as migradas son representadas como de formación universitaria, sen relixión e con voz e axencia, unha novidade no tratamento xeral das migradas. Esta noticia xa foi analizada como exemplo da construción do mito da acollida. Non volvemos sobre o tema. *La Vanguardia* edita tamén no período da mostra unha nova sobre lexislación previa ás regularizacións do executivo socialista. Trátase dunha noticia institucional na que se dá conta da aprobación da nova lei de Etranxeiría: “*Zapatero aprueba su política de inmigración*” (Luís Izquierdo/Madrid,

31/12/04, 32. *La Vanguardia*. Ficha: 83). Nesta noticia destacan a estratexia da homoxeneización e da xeralización mediante cifras: “*cientos de miles de inmigrantes sin documentación*”, “*un millón de “sin papeles”*”, “*el Gobierno calcula que en España hay actualmente varios cientos de miles de inmigrantes en situación irregular*”, “*cerca de un millón de extranjeros*”, etc. A hipérbole é explícita. Por outra banda constrúese unha imaxe da inmigración como laboral e suxeita ás vontades de mafias. Discurso que se corresponde co institucional que se reproduce nesta peza informativa. Por veces, os medios non son máis que os voceiros dos poderes políticos e reproducen acriticamente os seus discursos. O cuarto diario da mostra, *El Periódico de Catalunya*, tamén editou pezas informativas sobre as regularizacións de persoas inmigrantes. Fíxoo de xeito prospectivo e a partir de fontes institucionais: “*La regularització de “sense papers” començarà a principis de febrer*”, (Olga Pereda/Madrid, 31/12/04, 1/01/05, 45. Ficha: 118). O contido é moi semellante ao da noticia anteriormente comentada de *La Vanguardia*. Neste caso tamén se constrúe á persoa inmigrante como laboral. Neste caso, as mulleres –unha vez máis, como acontece na nova de *La Vanguardia*– son construídas como excepción: “*un altre cas específic serà el de les empleades domèstiques que treballen en diverses cases*”, “*podran obtenir els papers sempre que els seus ocupadors els garanteixin en total un mínim de 30 horas setmanals durant sis mesos*”.

4.3.7.4.3. *A representación minoritaria dos dereitos políticos*

As preocupacións políticas e os dereitos de primeira xeración: civiles e políticos, son temáticas minoritarias nos medios de comunicación. En toda a mostra só atopamos un caso claro de tratamento igualitario no tocante aos dereitos políticos a unha muller migrada. Trátase dunha peza de *El Periódico de Catalunya* (“*El viatge continua*”, Sandra Oñate, 31/08/04, Supl. 17. Ficha: 113) na que se recollen opinións de varias persoas que a xornalista, Sandra Oñate, atopa pola rúa en relación a un tema político de actualidade: o Estatut de Cataluña. Unha das persoas consultadas é Aïssatou Balde, unha muller migrada quen opina: “*El nou Estatut ha d’apostar por la integració de tots els immigrants a Catalunya*”. Durante o período da mostra *El Periódico de Catalunya* edita outra dúas pezas de dereitos. Por unha banda dedícalle o espazo diario “*La protagonista*”, un perfil de carácter informativo situado na sección de opinión, a Xirin

Ebadi (*La protagonista: "Xirin Ebadi"*, Ángel Sánchez, 2/07/04, 6. Ficha: 108). Esta peza destaca pola temática, mais o tratamento peca de falta de perspectiva feminista e igualitarista en termos de etnia e cultura. Por exemplo faise énfase na relixión da premiada co Nóbel e constrúese como excepción: "*primer que li donen a una dona musulmana*". A expresión máis clara da construción como excepción cultural é: "*la Mare Coratge de l'Islam continua sent el flagell del poder*". Deste xeito os seus logros non se poden atribuir á súa cultura de orixe. Moi pola contra, preséntanse como logros excepcionais da persoa de Xirin Ebadi: "*va ser pionera en la judicatura del seu país i va presidir l'Audiència de Teheran*", "*les femines van ser vetades per ser "massa emocionals i irracionals" per impartir justícia*", "*per la seva lluita ha patit les ires dels aiatol·làs*". Con este comentario non pretendemos desmerecer a Xirin Ebadi, senón presentar a dúbida de que o traballo desta persoa sexa totalmente individual. Ben seguro que hai unha rede de persoas que a apoian no seu país. E sen embargo, a imaxe que dá *El Periódico* nesta peza informativa é que é a única persoa de Oriente Medio con axencia e valores universais de igualdade e defensa dos dereitos de mulleres e infancia. Por outra banda, *El Periódico de Catalunya* edita unha noticia sobre o conflito político en Cuba e a recepción que o feito ten na comunidade de cubanos asentada en España ("*Beto, ¿ya supiste?*", Mauricio Bernal/Barcelona, 2/08/06, 6. Ficha: 140). As noticias sobre temática de dereitos políticos son minoritarias na mostra dado o tratamento laboral da inmigración que fan as institucións e que reproducen os medios de comunicación de xeito maioritariamente acrítico. *Faro de Vigo* tamén deu ao prelo unha noticia de temática política, relacionada cos dereitos dos inmigrados, pero non no país de recepción senón no de orixe. Trátase dunha peza informativa sobre as reaccións en España das eleccións en Venezuela ("*La comunidad venezolana en Vigo dividida entre el "chavinismo" y Rosales*", Redacción /Vigo, 2/12/06, 10. Ficha: 72). Resulta cando menos sospeitoso que en ningún momento da noticia se mencione a situación política, de ausencia de dereitos de primeira xeración, das persoas de orixe venezolana que residen en España. Deste xeito contribúese a normalizar a idea de que os/as migrantes voten para os seus países de orixe e non en destino. O subtítulo condensa a información e o ton do artigo: "*Más de 1.300 residentes en Galicia y Asturias están llamados a votar mañana en el consulado*" e "*La oficina de Marqués de Valladares abrirá de 10.30 a 21.00 horas sin interrupción*". Véxase a énfase que se fai nas cifras. Volveremos sobre este tema.

4.3.7.4.4. *As migradas como vítimas da delincuencia de aquí e de acolá*

Na maioría das noticias sobre delincuencia, as mulleres migradas non aparecen como suxeitos activos, senón como vítimas, ou ben de compatriotas (mafias que as extorsionan e tratan ou trafican, homes que as maltratan...) ou ben de españois/las que as explotan ou enganan. Son vítimas de pequenas mafias españolas (*“El fiscal pide cárcel para tres vecinos de O Saviñao por explotar a inmigrantes”*, Carlos Cortés/Monforte, 02/04/2004, páx. 11. *La Voz de Galicia*. Ficha: 1), do terrorismo (*“Las raíces gallegas del 11-M”*, María Jesús Fuente/Vigo, 2/04/2004, páx. 19. *La Voz de Galicia*. Ficha: 2; *“En memoria de las víctimas (21): “María Ivanova, “Se sentía feliz en Madrid””*”, Javier Maestro, Mar Díaz Varela, Mariano Guindal, Juan Carlos Merino y Yolanda Purón, 2/04/04, 14. *La Vanguardia*. Ficha: 74), de disparos en espazos públicos –quizais por racismo- (*“Herida de dos disparos una mujer al enfrentarse con un guarda jurado en un vagón de RENFE en Madrid”*, EFE/Madrid, 2/11/2006, 17. *La Voz de Galicia*. Ficha: 36; *“Una joven colombiana resulta herida grave tras recibir un disparo en una calle de Madrid”*, EFE/Madrid/Jaén, 2/05/05, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 54; *“Recibe dos tiros al enfrentarse al vigilante de un vagón de tren”*, 2/11/06, 42. *Faro de Vigo*. Ficha: 70; *“Un vigilante dispara a una mujer en una estación”*, EFE, 2/11/06, 47. *La Vanguardia*. Ficha: 101), etc. Pero tamén son verdugos, protagonistas activas das situacións de delincuencia descritas. Son culpables de tráfico de drogas (*“Detenidas dos personas por tráfico de drogas y blanqueo de dinero”*, EFE, 2/09/2004, 52. *La Voz de Galicia*. Ficha: 10; *“Dieciséis detenidos y 48 kilos de cocaína incautados en abril”*, 2/05/05, 17. *Faro de Vigo*. Ficha: 53), de complicidade co terrorismo (*“Detenido en Bruselas el portavoz de Al Qaida que reivindicó el 11-M”*, Melchor Sáiz-Pardo/Madrid, 2/02/2005, 19. *La Voz de Galicia*. Ficha: 13; *“Detinguda una familia marroquina a Leganés relacionada amb l’11-M”*, El Periódico/Madrid, 02/02/05, 24. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 120), de roubo (*“Cae en Madrid una banda que atracó tres hoteles en una hora”*, EFE, 31/08/2005, 15. *La Voz de Galicia*. Ficha: 23; *“Cae una red que atracó treinta comercios y hoteles”*, EFE/Madrid, 31/08/05, 36. *Faro de Vigo*. Ficha: 58; *“Desarticulada una banda que atraca a joyerías y peleterías en España y Francia”*, EFE/Madrid, 2/12/06, 72. *Faro de Vigo*. Ficha: 73), de tráfico de bebés (*“Tráfico de bebés: Investigan la venta de niños por parte de mujeres búlgaras”*, 2/08/04, 23. *Faro de Vigo*. Ficha: 43), de timar (*“Estafas reconvertidas al euro y a las tecnologías”*: *“El*

*timo de la “estampita” sigue vigente”, Ujué Foces/Vigo, 2/05/04, 17. Faro de Vigo. Ficha: 52), etc. Chama a atención que malia contar cun maior número de pezas informativas sobre migradas, *El Periódico de Catalunya* só teña unha información na que se asocie inmigración feminina e delincuencia de xeito deliberado. Trátase dunha nova recollida tamén por *La Voz de Galicia* na que se dá conta da detención dunha familia de orixe marroquí considerada cómplice da fuxida dun dos responsables dos atentados do 11-M. Os diarios da mostra que máis noticias sobre violencia e migración editan son os galegos, con moita diferenza respecto a *El Periódico de Catalunya*. A construción da migrada como delincuente ten unha serie de trazos comúns tales como: o traballo dentro dun grupo ou organización, por veces a familia; descrición mediante a nacionalidade de orixe –e por veces tamén a idade (trátase fundamentalmente de mulleres novas, menores de 20 anos na maioría das notas, salvo a da nai da familia marroquí detida por terrorismo); noticias policiais resultado da captura da banda con uso exclusivo de fontes institucionais; etc.*

4.3.7.4.5. O binomio irregular –delincuente

Á representación das mulleres migradas na prensa tamén se lle aplica a estratexia xeral de asimilación irregularidade - delincuencia. Ao indicar a nacionalidade ou condición de irregularidade administrativa das persoas migradas nas noticias de temática relacionada coa delincuencia xérase unha asociación inconsciente nos/as lectores/as de inmigración e delincuencia, na que as migradas –aínda que en menor medida que os varóns inmigrantes- tamén están implicadas. O grao forte desta estratexia é indicar a nacionalidade en noticias sobre delitos no titular, xerando así o estereotipo negativo das comunidades inmigradas de determinadas orixes. Así acontece en varias das noticias da mostra: “*Cae el portavoz de Al Qaida en Europa tras la detención de una familia marroquí en Leganés*” (*La Voz de Galicia*, 2/02/2005, portada), “*El ucraniano que mató a su mujer e hijo, bajo una crisis de agresividad*” (EFE/Málaga, 30/04/04, 48. *Faro de Vigo*. Ficha: 39), “*Muere en Cádiz el británico que el viernes degolló a su compañera*” (EFE/Cádiz, 2/08/04, 23. *Faro de Vigo*. Ficha: 42), “*Tráfico de bebés: Investigan la venta de niños por parte de mujeres búlgaras*” (*Faro de Vigo*, 2/08/04, 23. Ficha: 43), “*Detienen en Vigo a un rumano por supuesto maltrato a su ex novia*” (Redacción/ Vigo, 2/12/04, 50. *Faro de Vigo*. Ficha: 49), “*Detenido un matrimonio marroquí y sus dos hijos en relación con el 11.M*” (OTR Press-

EFE/Madrid, 2/02/05, 35. *Faro de Vigo*. Ficha: 49), “*Detinguda una familia marroquina a Leganés relacionada amb l’11-M*” (*El Periódico*/Madrid, 02/02/05, 24. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 120). *La Vanguardia* non eleva a nacionalidade da/o inmigrante ao titular en ningunha peza sobre delincuencia. Os corpos das noticias conteñen en maior grao que os titulares a condición de irregularidade ou a nacionalidade das persoas migradas. De feito, as novas da mostra cumpren este requisito, pois de non ser así non poderían ter sido seleccionadas.

4.3.7.4.6. *As inmigradas como protagonistas de accidentes e catástrofes de todo tipo*

Máis que como delincuentes, ou ameaza: “*Tráfico de bebés: Investigan la venta de niños por parte de mujeres búlgaras*” (2/08/04, 23. *Faro de Vigo*. Ficha: 43), “*Detinguda una dona proxeneta a Mataró*” (titular) (M. L., 2/05/05, 35. *El Periódico*. Ficha: 124), etc., as mulleres inmigradas son representadas como vítimas. A estratexia da victimización vai sempre parella á presenza de mulleres migradas na prensa. Estas son asociadas nos titulares e corpos das noticias a catástrofes, accidentes, dramas, etc. Varios exemplos son: “*Muere una mujer aplastada por una máquina de limpieza mientras tomaba el sol en la playa*” (Colpisa/Valencia, 2/08/2005, 16. *La Voz de Galicia*. Ficha: 20), “*Su madre la echó de casa a los doce años por negarse a casarse con un marroquí por unas monedas. Robó para subsistir y se drogó para poder tener valor*” (subtítulo) (“*Lo peor de la calle es la soledad, no importarle a nadie*”, Paloma Abejón/La Voz/Madrid, 2/02/2006, 47. *La Voz de Galicia*. Ficha: 28), “*Herida de dos disparos una mujer al enfrentarse con un guarda jurado en un vagón de RENFE en Madrid*” (titular), (EFE/Madrid, 2/11/2006, 17. *La Voz de Galicia*. Ficha: 36), “*Una joven colombiana resulta herida grave tras recibir un disparo en una calle de Madrid*” (titular) (EFE/Madrid/Jaén, 2/05/05, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 54), “*Recibe dos tiros al enfrentarse al vigilante de un vagón de tren*”(titular), (2/11/06, 42. *Faro de Vigo*. Ficha: 70), “*La hermana de la joven nigeriana que apareció ahogada en el puerto pide que se investigue su muerte*” (titular), (Redacción/Vigo, 2/12/06, 9. *Faro de Vigo*. Ficha: 71), “*En memoria de las víctimas (21): “María Ivanova, “Se sentía feliz en Madrid””*” (titular) (Javier Maestro, Mar Díaz Varela, Mariano Guindal, Juan Carlos Merino y Yolanda Purón, 2/04/04, 14. *La Vanguardia*. Ficha: 74), “*La mujer, italiana y de 60 años, falleció aplastada mientras tomaba el sol en la playa valenciana de la*

Malvarrosa” (subtítulo) (“Muere atropellada por un camión de limpieza en la playa de Valencia”, Valencia/Redacción y agencias, 2/08/05, 25. *La Vanguardia*. Ficha: 87), “*Una familia hindú rapta a su hija para alejarla de su novio musulmán*” (titular), (Luís Benvenuto/Santa Coloma de Gramanet, 31/08/05, Vivir 2. *La Vanguardia*. Ficha: 89), “*Una diputada alemana, amenazada por pedir a las musulmanas que se quiten el pañuelo*” (titular) (Marc Bassets/Corresponsal/Berlín, 2/11/06, 5. *La Vanguardia*. Ficha: 100), “*Un vigilante dispara a una mujer en una estación*” (titular) (EFE, 2/11/06, 47. *La Vanguardia*. Ficha: 101), “*La mayoría de les 13 víctimes de la pastera eres dones i nens*” (titular) (2/04/05, 44. *El Periódico*. Ficha: 122), “*El camión de la neteja mata una italiana de 60 anys en una platja valenciana*” (titular) (Jesús del Ramo/valència, 2/08/05, 24. *El Periódico*. Ficha: 126), etc.

4.3.7.4.7. *O dato de presas en prensa: a realidade axexa tímida*

Na mostra figura unha información que ofrece porcentaxes de mulleres migradas presas en Galicia (“*Funcionarios de prisiones denuncian la masificación de las cárceles gallegas*”, A. B./A. G./Redacción, 02/08/2005, 11. *La Voz de Galicia*. Ficha: 19). A peza está elaborada a partir dun informe dos sindicatos de funcionarios de prisións galegos, no que se revela que as cadeas están masificadas en Galicia. Segundo os funcionarios, a masificación leva á delincuencia. O despece describe o perfil do encadeado: home novo (entre 30 e 40) español e reincidente. Pero no despece sinalase que aumentan os estranxeiros, xente menor de 30 anos e mulleres na cadea. Malia esta información que podería tildarse de xerar alarma social, ofrécese o dato concreto de que as migradas representan só o 1,94% dos estranxeiros en prisión (34,69% do total da poboación encadeada). A construción das mulleres migradas como vítimas en noticias relativas á delincuencia comparte os trazos da estratexia discursiva sinaladas na análise das pezas sobre violencia machista. Características tamén presentes nas representacións de migradas que sofren un accidente, de tráfico ou doutra índole. Na descrición da situación negativa que viven as inmigradas explotadas, as vítimas da delincuencia, etc. ademais da acción dos explotadores soe presentarse, como trazo de intimidación para as mesmas, o hipotético peso da aplicación da Lei de Estranxeiría. Varias das noticias fan fincapé na situación administrativa de irregularidade das migradas, feito que presentan

como equiparable á acción delitiva das persoas que as explotan. Deste xeito no canto de criticar os aspectos negativos da lei, dende a prensa vitimízase máis á inmigrada, na medida en que se fai responsable da súa situación. Traemos aquí de novo a colación os exemplos das pezas informativas nas que unha migrada non denunciou ao seu agresor por dependencia emocional e tamén administrativa del, en tanto reagrupada ou en condición administrativa de irregularidade (*“La rusa asesinada con su bebé fue atendida trece veces por agresiones”*, EFE, 30/04/2004, 22. *La Voz de Galicia*. Ficha: 4; *“El ucraniano que mató a su mujer e hijo, bajo una crisis de agresividad”*, EFE/Málaga, 30/04/04, 48. *Faro de Vigo*. Ficha: 39; *“vivía sense papers”*, *“tenía por que si denunciava la seva parella no podria legalitzar la seva situació”* (*“L’assassinada de Màlaga patia maltractament psicològic”*, Salomé Machío/Sevilla, 30/04/04, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 104). Ao presentar o carácter administrativo da vítima estase aportando ao auditorio unha arma de dobre fío, que por unha folla corta á vítima ao responsabilizala en último termo da súa situación, e que pola outra recorta un estereotipo ao que compadecer e ter pena. Estratexia que lonxe de achegar o auditorio aos/ás migrantes, o que fai é propiciar unha relación xerárquica de migrada-vítima e español/a-salvador/a que non favorece o establecemento de alianzas e diálogo. Segundo a análise que fai Natalia Fernández (2003: 123) a partir da obra de Van Dijk: *“los sujetos socialmente irrelevantes o menos relevantes sólo son visibles en una posición principal cuando protagonizan una acción negativa”*. As migradas xerarquicamente ocupan un nivel social moi baixo. O escalafón das vítimas é sempre o máis baixo. Varias estratexias discursivas reforzan o estereotipo da muller vítima. Xa fixemos referencia á construción sintáctica das mulleres como complementos directos ou complementos nominais e non suxeitos das accións que protagoniza. Este é o caso das noticias sobre violencia machista onde o suxeito é o agresor, de quen se describe unha acción nomeadamente clínica (ataques, crises de ansiedade) ou xudicial –en cuxo caso a función é frecuentemente a de suxeito paciente-. Vexamos uns exemplos xa en titulares: *“Mata a su ex mujer de dos disparos de escopeta en Granada”*, Agencias/Madrid, 2/01/2006, 18. *La Voz de Galicia*. Ficha: 26; *“El ucraniano que mató a su mujer e hijo, bajo una crisis de agresividad”*, EFE/Málaga, 30/04/04, 48. *Faro de Vigo*. Ficha: 39; *“Muere en Cádiz el británico que el viernes degolló a su compañera”*, EFE/Cádiz, 2/08/04, 23. *Faro de Vigo*. Ficha: 42; *“Detienen en Vigo a un rumano por supuesto maltrato a su ex novia”*, Redacción/ Vigo, 2/12/04, 50. *Faro de Vigo*. Ficha: 49; *“Tres detenidos por el asesinato de la mujer hallada descuartizada en la*

Barceloneta”, Barcelona (Redacción/Agencias), 2/12/04, 39. *La Vanguardia*. Ficha: 82; “*Detingut un home a Lleida per la mort de la seva dona*”, Rosa Matas/Lleida, 2/10/05, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 131).

4.3.8. *A sintaxe da opresión: a inmigrada como suxeito paciente*

Volvendo á análise textual, observamos que é frecuente a estratexia de situar sintacticamente á migrada como suxeito paciente, mentres o agresor, ou explotador adquire o rango de complemento axente. Podemos observalo en titulares (“*Una mujer de 29 años, asesinada por su marido en Palma de Mallorca*”, EFE/Palma, 2/10/06, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 69; “*Muere atropellada por un camión de limpieza en la playa de Valencia*”, Valencia/Redacción y agencias, 2/08/05, 25. *La Vanguardia*. Ficha: 87) e tamén no corpo das noticias. As estruturas sintácticas pasivas reforzan a construción das mulleres migradas como seres sen axencia, pasivos.

O carácter activo ou pasivo das migradas que aparecen representadas nas informacións é un dato clave á hora de analizar a construción social das outras. Este ítem é unha estratexia discursiva que contribúe a representar as mulleres migradas como vítimas. Sen atender ás particularidades de cada cabeceira –farémolo a continuación– observamos que dous terzos do total das actoras que aparecen representadas nas informacións da mostra son caracterizadas como pasivas. Só un terzo das personaxes femininas son activas. Negarlle a capacidade de axencia ás mulleres é unha vella estratexia do patriarcado, que volve –en expresión de Sassen²¹⁹– con formas novas. Dos catro diarios da mostra, só *El Periódico de Catalunya* presenta unha maioría de actoras axentes: 23 casos fronte a 18 pasivas. Este dato combinado co carácter maioritariamente colectivo e non definido destas actoras que constatamos nun cadro posterior, dá como resultado unha construción do estereotipo de muller inmigrante como maioritariamente pasiva, sen axencia e non organizada. Bernárdez (2007: 105) sinala que os varóns inmigrados aparecen caracterizados de forma colectiva en maior porcentaxe que as mulleres inmigradas. Nesta investigación non entramos de xeito pormenorizado a analizar o tratamento dos migrados, xa que o obxecto de análise son as migradas. Sen embargo, si entramos a analizar comparativamente os modos nos que se presenta e representa as mulleres que migran cara a España.

²¹⁹ A socióloga holandesa pronunciou esta frase no marco do congreso Mundos de Mulleres 2008 na súa semiplenaria lida ante o auditorio feminista concentrado en Madrid.

Actoras	Axente	Paciente
<i>La Voz de Galicia</i>	13	27
<i>Faro de Vigo</i>	8	28
<i>La Vanguardia</i>	12	21
<i>El Periódico</i>	23	18
SUMA	56	94

4.3.8.1. “Semiactivas”

Ademais das mulleres en rol de activas e as que están claramente en rol de pasivas, figura unha categoría intermedia, que Natalia Fernández (2003: 128) ven a catalogar como “semiactivas”. Estas mulleres son presentadas como suxeito dunha acción, eclipsada por outra principal. No caso das pezas informativas con temática de violencia machista, é frecuente a caracterización das mulleres como semiactivas, nomeadamente nos casos nos que as protagonistas pediron axuda (denunciaron, tentaron saír da relación e cortar o contacto co agresor, se separaron, etc.) pero que, aínda así, remataron asasinadas. Nestas noticias, a vitoria do agresor sobre a vítima é manifesta e invalida os tentos de actuación da muller, restándolle importancia por exemplo á acción de denunciar as agresións e solicitar unha orde de afastamento (*“el presunto agresor, que tenía una orden de alejamiento”* (*“Una mujer de 29 años, asesinada por su marido en Palma de Mallorca”*, EFE/Palma, 2/10/06, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 69). Esta estratexia discursiva está presente tamén nas noticias institucionais nas que un dos parágrafos soe dedicárselle ao relato do número de mulleres asasinadas cunha orde de afastamento en vigor. Como no seguinte exemplo: *“En 4 de esos 62 casos pesaba sobre el agresor orden de alejamiento”* (*“Mata a su ex mujer de dos disparos de escopeta en Granada”*, Agencias/Madrid, 2/01/2006, 18. *La Voz de Galicia*. Ficha: 26). *“La victimización es una legitimación de la pasividad”*, segundo unha acertada expresión de Natalia Fernández (2003: 130).

4.3.8.2. A supresión do axente, a alusión ao lugar do crime e a elección de factores relativos ao contexto

Outras estratexias discursivas empregadas na construción do estereotipo das mulleres migradas como seres pasivos e subordinados –e en última instancia

invisibilizados- é a supresión do axente, a alusión ao lugar do crime ou a elección de factores relativos ao contexto. A supresión do axente supón que se descoñeza quen vitimiza ás mulleres, migradas neste caso. Esta estratexia é empregada nalgúns titulares da mostra, non así no corpo das noticias, onde en xeral se sinala o axente, aínda que só sexa de modo xenérico coa anáfora “compañeiro ou excompañeiro” nas súas diversas modalidades textuais xa indicadas. Na mostra só figuran en titulares cinco exemplos do uso da supresión do axente (“*La rusa asesinada con su bebé fue atendida trece veces por agresiones*”, EFE, 30/04/2004, 22. *La Voz de Galicia*. Ficha: 4; “*Una joven colombiana resulta herida grave tras recibir un disparo en una calle de Madrid*”, EFE/Madrid/Jaén, 2/05/05, 18. *Faro de Vigo*. Ficha: 54; “*La hermana de la joven nigeriana que apareció ahogada en el puerto pide que se investigue su muerte*”, Redacción/Vigo, 2/12/06, 9. *Faro de Vigo*. Ficha: 71; “*Una diputada alemana, amenazada por pedir a las musulmanas que se quiten el pañuelo*”, Marc Bassets/Corresponsal/Berlín, 2/11/06, 5. *La Vanguardia*. Ficha: 100; “*L’assassinada de Màlaga patia maltractament psicològic*”, Salomé Machío/Sevilla, 30/04/04, 41. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 104). As estratexias da alusión ao lugar do crime ou a elección de factores contextuais son máis comúns. O exemplo máis claro da primeira estratexia atopámolo en *La Voz de Galicia*, onde a alusión ao lugar dos feitos contribúe dun xeito claro a comprender e mesmo xustificar dalgunha maneira o crime: (“*el suceso ocurrió (...) en un olivar cercano al cortijo Atalaya, propiedad de su exmarido, Manuel C.C*” (“*Mata a su ex mujer de dos disparos de escopeta en Granada*”, Agencias/Madrid, 2/01/2006, 18. *La Voz de Galicia*. Ficha: 26). Con esta estratexia a peza informativa adquire precisión e o crime que vitimiza á migrada naturalízase, xa que semella máis “determinante” o lugar que a produción do feito (FERNÁNDEZ DÍAZ, 2003: 127). Hai un suceso editado por tres diarios da mostra no que o lugar onde se desenvolve o feito é relevante na medida en que é un dos poucos datos dispoñibles. Trátase dun tiroteo rexistrado nun tren de RENFE, onde un vixiante dispara a unha migrada que viaxaba no convoi. Nas tres noticias (“*Herida de dos disparos una mujer al enfrentarse con un guarda jurado en un vagón de RENFE en Madrid*”, EFE/Madrid, 2/11/2006, 17. *La Voz de Galicia*. Ficha: 36; “*Recibe dos tiros al enfrentarse al vigilante de un vagón de tren*”, 2/11/06, 42. *Faro de Vigo*. Ficha: 70 e “*Un vigilante dispara a una mujer en una estación*”, EFE, 2/11/06, 47. *La Vanguardia*. Ficha: 101) sinálase o lugar dos feitos nos titulares, pero a ubicación non axuda a xustificar o feito, en investigación por iniciativa da propia RENFE.

Coa última estratexia citada ofrécense datos que contribúen a xustificar o feito, ou cando menos achegan aos/ás lectores á súa comprensión. Xa analizamos polo miúdo unha noticia sobre violencia machista na que se ofrecen os máis irrelevantes datos da relación entre a vítima e o agresor (“*El terror en casa: El descenso al infierno de Ismael y Jenny*”, Salvador Enguix/Alzira, 2/05/04, 40. *La Vanguardia*. Ficha: 77). Trátase dun exemplo prototípico do uso desta estratexia tamén presente noutras pezas da mostra. Sen embargo, non podemos dicir que ningunha das tres estratexias sexa de uso maioritario no monto das pezas analizadas. Non en troques, o uso complementario das mesmas si constitúe unha estratexia que combinada co resto das analizadas contribúen de xeito eficaz á construción do estereotipo da migrada como pasiva, vítima e invisibilizada.

4.3.9. *A xeralización: colectivo non definido*

A xeralización é unha estratexia discursiva que difumina os trazos específicos das mulleres reais que migran e que constrúe no seu lugar un estereotipo estanco e simplificador da realidade das migradas. No cadro inferior observamos os datos desagregados por diario sobre a representación individual ou colectiva das inmigradas. *La Voz de Galicia* presenta as mulleres migradas tanto de xeito individual, maioritariamente persoal, como colectivo –nomeadamente non definido. *Faro de Vigo* e *El Periódico de Catalunya* represéntanas máis de xeito colectivo, mentres que *La Vanguardia* o fai de modo individual e persoal. En todos os diarios da mostra, é rara a presentación individual das mulleres migradas en tanto representantes dun colectivo, asociación, etc. Os poucos casos rexistrados (un cuarto da porcentaxe individual, que como dixemos salvo no caso de *La Vanguardia* é minoritaria) correspóndense con entrevistas feitas a presidentas de ONGs tales como a vicepresidenta de Ni Putas ni Submisas ou á Somaly Mam, presidenta e fundadora da ONG AFESIP. A complexidade e diversidade das traxectorias e proxectos migratorios queda deste xeito, e á merced da xeralización e a simplificación, sepultada baixo o estereotipo xeral das migradas como vítimas, pasivas e invisibles se atendemos ás porcentaxes nas cifras ou á contabilización de noticias con e sen mulleres nas pezas sobre información. Trataremos o subtema do uso das cifras, co obxectivo de xeralizar trazos como o de vítimas, nun apartado posterior.

	Individual (representante/ persoal)		Colectivo (definido/ non definido)	
<i>La Voz de Galicia</i>	19	4/15	19	6/13
<i>Faro de Vigo</i>	18	5/14	22	8/14
<i>La Vanguardia</i>	17	5/17	13	1/12
<i>El Periódico</i>	19	5/15	21	5/16

4.3.10. Caracterización anafórica das “migradas”: de “inmigrantes” a “ilegais”

A continuación, mergullámonos na caracterización anafórica das migradas pola súa orixe ou condición administrativa, pola relevancia na construción de imaxinarios e estereotipos que ten a linguaxe. Á hora de decidir qué peza informativa debería ser seleccionada segundo o criterio de representación de migradas no discurso mediático experimentamos algunhas dificultades. A maioría solventadas nas informacións nas que se recorre ao uso de terminoloxía como a presentada no cadro inferior. Na redacción de noticias sobre migración en xeral e sobre migradas en particular, con frecuencia os/as xornalistas escollen termos como “inmigrantes”, “estranxeiras”, “sen papeis”, “ilegais”, “indocumentadas”, “irregulares” e mesmo “emigrantes”.

En ningunha das pezas da mostra se rexistra o termo “migradas”, ou “inmigradas”, palabra que máis empregan as propias protagonistas da viaxe, e que muda a connotación de temporalidade e viaxe sempre inacabada pola de axencia, permanencia, e outros trazos máis positivos. O termo que máis veces aparece recollido nas noticias analizadas é “inmigrantes”, seguido de “estranxeiras”, este último empregado en noticias de temática legal, nomeadamente nas noticias políticas sobre procesos de regulación de persoas doutras orixes nacionais, etc. “Sen papeis” é unha denominación que malia ter menos presenza que as anteriormente citadas, tamén se contabilizou en varias ocasións e en todas as cabeceiras da mostra. O termo sinónimo, “indocumentadas”, ten un uso cuantitativa e cualitativamente similar. “Ilegais”, pola contra, só aparece en *La Voz de Galicia* e nun par de pezas informativas. Constatamos, pois, que no tempo da mostra xa era un termo en desuso. Clara Pérez (2003a: 158) xa apuntara este dato en 2003. Non en troques, a estudosa non se mostra optimista. Xa que o cambio de nome por outro de categoría e sentido semellantes non diminúe as consecuencia de deshumanización. Segue sendo o mesmo can con diferente correa. Pérez sinala que “ilegal” foi substituído por “sen papeis” e “irregulares”. Nesta investigación constatamos que “irregulares” perde, como acontecera con “ilegal” uns

anos antes, presenza nos medios. Este termo só aparece nunha peza de cada un dos diarios analizados a excepción de *La Vanguardia*. Unha porcentaxe significativa das pezas informativas -17 en *La Voz de Galicia e Faro de Vigo*, 8 en *La Vanguardia* e 8 en *El Periódico de Catalunya*- non empregan ningún dos termos citados. Nestes casos, as noticias son identificadas como relativas ás migradas pola referencia da orixe ou nacionalidade distinta á española. O dato da nacionalidade aparece sempre reseñado, mesmo en noticias nas que outros datos como o nome ou a profesión se eluden. Semella que a nacionalidade sexa o dato definitorio por excelencia dos seres humanos. Pero a realidade é que o é só dos/as migrantes que veñen de fora. “*É signo de privilexio non ter marcas*” en expresión de María Xosé Agra. Unha causalidade que se observa nas fichas de análise é que nas noticias de ton positivo, malia definirse ás protagonistas pola súa nacionalidade de orixe non se empregan termos como “inmigrantes” ou “estranxeiras”. O xentilicio emprégase como descritivo cultural ou para darlle un trazo de exotismo ou mesmo diversidade, como por exemplo na noticia que anuncia a fichaxe de Asha Miro para presentar un programa cultural en La 2 (“*Sant Cugat fitxa Asha Mirò per presentar “Continuarà...”*”, *El Periódico/Barcelona*, 2/12/04, 92. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 117).

	<i>La Voz</i>	<i>Faro</i>	<i>La Vanguardia</i>	<i>El Periódico</i>
Inmigrantes	12	9	7	13
Estranxeiras	4	4	2	6
Sen papeis	3	1	2	3
Ilegais	2	-	-	-
(In)migradas	-	-	-	-
Orixe/Nación	17	17	8	8
Indocumentadas	3	2	1	1
Irregulares	1	1	-	1
Emigrantes	-	1	1	-

4.3.11. Hiperrepresentación das nacionalidades latinoamericana e magrebi

As migradas representadas nas catro cabeceiras son latinoamericanas, africanas (fundamentalmente magrebís) e a moita distancia europeas do leste, europeas comunitarias ou asiáticas. Estas últimas non están practicamente representadas nas noticias da mostra. *El Periódico de Catalunya* visibilízaas en tres pezas informativas,

Faro de Vigo en dúas e *La Voz de Galicia* e *La Vanguardia* en cadansúa noticia. Unha porcentaxe moi afastada do total de 46 pezas nas que aparecen referenciadas as africanas ou 38 informacións nas que se visibiliza a latinoamericanas. As europeas do leste son representadas en 14 pezas e as europeas comunitarias en 8 noticias. Por cabeceiras, *La Voz de Galicia* representa a africanas e latinas na mesma porcentaxe (12 pezas), e as europeas do leste e comunitarias tamén na mesma proporción (3 informacións). *Faro de Vigo* hiperrepresenta a migradas de orixe africano (16 noticias), visibiliza as migradas latinoamericanas en 11 pezas e mostra máis a europeas do leste (5 novas) que ao resto de europeas e asiáticas (unha peza cada grupo de nacionalidades). O diario *La Vanguardia* visibiliza en primeiro lugar a latinoamericanas (7 noticias), seguidas de africanas (5 novas), europeas do leste (3 pezas), do resto de Europa (2 informacións) e asiáticas (1 noticia). E, por último, *El Periódico*, representa maioritariamente a africanas (13 pezas), latinas (8 informacións), europeas do leste e asiáticas na mesma proporcións (3 noticia cada grupo) e por último europeas comunitarias –sempre segundo os criterios xeopolíticos do período da mostra- (2 pezas).

As africanas son designadas de xeito xenérico, en ocasións mesmo facendo referencia á relixión musulmá ou ás pateiras e caiucos como termos clave para que os/as lectores/as entendan a que colectivo nacional se fai referencia. No caso das chegadas de embarcacións ás costas españolas, na maioría das noticias só se alude ao punto de orixe da pateira, ben sabido que non todas as persoas que viaxan na embarcacións son oriundas do porto do que sae a mesma. En xeral, as migradas que proveñen de África son encasilladas en tres categorías xenéricas: subsaharianas, magrebís ou musulmás. Son poucos os casos –podémolos reducir ás entrevistas en profundidade, e non todas son tan detalladas- nos que se fai referencia concreta á orixe, citando un país, e moito menos unha cidade ou poboación concreta. Esta estratexia discursiva réstalle axencia á viaxe e á decisión das mulleres de migrar. Enmarcalas nunha corrente migratoria, connotada de forzada pola presenza de mafias, e priválas dos trazos definatorios como a orixe concreta elimina a diversidade que as caracteriza e humaniza. África é un continente enorme e cunha diversidade cultural e xeopolítica inmensa no seu interior. Reducir iso a “africanas” ten unhas consecuencias prexudiciais evidentes para as persoas que migran deste continente.

Nalgunhas ocasións, as migradas de América Latina tamén son designadas de xeito colectivo como “*originarias de países sudamericanos*” (“*Dieciséis detenidos y 48 kilos de cocaína incautados en abril*”, 2/05/05, 17. *Faro de Vigo*. Ficha: 53), pero non

coa mesma frecuencia que as mulleres orixinarias de África. Con respecto a este segundo gran bloque continental: América Latina cabe destacar a infrarrepresentación se atendemos ás cifras estatísticas que sinalan un aumento significativo dos fluxos inmigratorios dende os países de América do Sur e Central cara a España, protagonizados maioritariamente por mulleres. Na mostra observamos como *La Voz de Galicia* constrúe o estereotipo de inmigrantes procedentes de América Latina como axentes, fronte ao estereotipo pasivo das migradas orixinarias de África. As temáticas nas que saen representados estes dous colectivos nacionais teñen boa parte da responsabilidade neste feito. As africanas están representadas sobre todo en noticias de pateiras, mentres que as inmigradas procedentes de América Latina protagonizan pezas informativas doutras tópicos. Que a maioría dos medios hiperrepresente o estereotipo africano e, comparativamente, invisibilicen o colectivo latinoamericano ten consecuencias para a construción do estereotipo xeral de migradas, definido como africana, musulmá, e con outra lingua e cultura. Os medios poñen así o acento nas diferenzas entre nós e as outras e non nos puntos de unión.

Nacionalidade	África	Eup L.	L A	Europa	Asia
<i>La Voz de Galicia</i>	12	3	12	3	1
<i>Faro de Vigo</i>	16	5	11	1	2
<i>La Vanguardia</i>	5	3	7	2	1
<i>El Periódico</i>	13	3	8	3	3
SUMA	46	14	38	9	7

4.3.12. A idade “adulta” con carácter “joven” presuposta

A idade é un trazo definitorio que non sempre aparece referenciado nas informacións da mostra. De feito nunha parte das noticias só se representa ás migradas como “adultas”. Este é o caso das noticias que tratan de chegadas de pateiras. Neste tipo de pezas informativas represéntase ás migradas como excepción, e aparecen reseñadas nunha liña da noticia dun xeito semellante a este exemplo extraído da mostra: “*viajaban 11 personas, de las que dos eran mujeres*” (“*La Guardia Civil intercepta en las costas mauritanas 4 cayucos con 130 inmigrantes a bordo*”, Agencias/Tenerife, 2/08/06, 23. *Faro de Vigo*. Ficha: 63). En varias ocasións faise referencia ao carácter de “joven” das migradas, sen concretar a idade. En xeral, o perfil de mulleres que migran cara a España é o de muller nova e traballadora, e así o reflicten as noticias da mostra nas que se fai

referencia á idade, pois nin sequera na metade das noticias se dá conta deste dato: parte tamén da estratexia discursiva de construción das migradas como colectivo masa, sen identidades persoais propias –máis alá dunha manda de excepcións –nomeadamente as entrevistas-. Só en 7 noticias aparecen mulleres de máis de 50 anos, fronte ás 22 de entre 20 e 35 anos, as 16 menores de 18 e as 14 entre 36 e 50 anos. Por cabeceiras, *La Voz de Galicia* é o diario que representa as mulleres migradas máis novas: 7 menores, 5 de entre 20 e 35 anos e tamén 5 de entre 36 e 50 anos. *La Vanguardia* é, pola contra, o diario que visibiliza a máis mulleres de máis de 50 anos, en 4 pezas. Aínda así a media de idade é nova, ou “joven” como se recolle en varias noticias da mostra: 7 concretamente, sen contar as das categorías “novas” entre as que se especifica a idade real ou aproximada das migradas. En termos xerais, pois, a idade non se sinala, máis alá dunha xeralización da franxa de idade, nova, adulta, etc. “*La edad se destaca cuando se considera relevante o significativo para la noticia. Ello ocurre cuando se tocan los extremos y por lo tanto surge la hipérbole*” (FERNÁNDEZ DÍAZ, 2003: 133). Os extremos son as menores, casos destacados, e as anciás. Queremos destacar unha noticia editada en *La Vanguardia* na que se recolle un asasinato a unha muller maior. Na peza titulada “*Tres detenidos por el asesinato de la mujer hallada descuartizada en la Barceloneta*” (Barcelona (Redacción/Agencias), 2/12/04, 39. Ficha: 82), a idade da vítima -64 anos- preséntase como un dato relevante na construción do feito. É preciso destacar que a muller asasinada non é inmigrada senón nacional. Esta peza foi escollida pola súa contribución á construción de varios estereotipos cruzados. Por unha banda reforza a idea da negatividade da migración, xa que os sospeitosos do asasinato son tres homes inmigrados. En segundo lugar, a posición de home- axente e muller vítima, coa peculiaridade de que a muller é neste caso membra da etnia discursivamente dominante- a española. En terceiro lugar, polo reforzo que supón esta noticia para a asociación de inmigración- delincuencia. E en última instancia, pero non menos importante, polo que esta peza informativa concreta ten de construción e reforzo do prexuízo que identifica a violencia machista co desexo sexual. Unha anciá é precisamente a antítese do que socialmente se entende por “icona sexual”. Deste xeito, na noticia, malia que se presenta a relación da vítima co principal sospeitoso do asasinato, como estreita e de tinxes emocionais- sexuais (“*se supo que la víctima tenía un amigo...íntimo*”, “*la frecuentaba y había desaparecido*”, “*se supone que este hombre tenía mucha relación con la víctima*”, “*el hombre habría propuesto matrimonio a la víctima*”, “*habría intentado convencerla*”, etc.) descártase o tratamento da noticia como un caso de violencia

machista. Non é casual que o/a xornalista da noticia xusto antes de engadir o dato do presunto amigo íntimo da vítima redactara a frase: “*los agentes preguntaron a vecinos (...) sobre la vida y milagros de la mujer*”. Esta expresión denota un ton xocoso que ridiculiza a idea de que unha anciá tivese un amante máis novo ca ela sen outros motivos ocultos e menos nobres que o amor ou a compañía. A desconfianza mesmo é compartida pola vítima quen dubida das intencións do seu “amigo”. No corpo da noticia indícase que: “*la insistencia del sospechoso habría provocado que la mujer se sintiera acosada y contara a una amiga estas presiones*”. Finalmente, preséntase como móbil do asasinato o económico: a posesión do piso da vítima, algo socialmente máis coherente que un ataque de violencia machista contra unha anciá.

Idade	-18	20-35	36-50	+50	Adulta / “Joven”	
<i>La Voz de Galicia</i>	7	5	5	1	3	4
<i>Faro de Vigo</i>	5	5	4	-	1	2
<i>La Vanguardia</i>	1	8	4	4	-	-
<i>El Periódico</i>	3	4	1	2	-	1
SUMA	16	22	14	7	4	7

4.3.13 A exclusión do dato laboral

Como acontece no caso da idade, en algo máis de dous terzos das informacións (94 pezas) non se fai referencia á actividade ou profesión das migradas. Cando na realidade, os datos estatísticos clarifican que a gran maioría das mulleres migradas están en situación laboral activa. Os primeiros estudos con perspectiva de xénero que se fixeron sobre medios de comunicación concluíron que a muller é a súa imaxe, muller en tanto corpo, obxecto sexual. Este estereotipo ten a súa contrapartida na “ama de casa”, muller inactiva. No caso da migración, e parafraseando os resultados dos estudos recollidos en Fernández Díaz (2003: 20 -22), o binomio “obxecto sexual”- “perfecta ama de casa” agrávase no caso das migradas pasando a converterse en “corpo exótico” versus “reagrupada pechada no seu fogar” ou “reagrupada nai”. Xa analizamos a relación entre a construción social do estereotipo de muller obxecto (a corporalización) coa adscrición a determinados espazos correlativa aos sexos. Como puxen de relevo cos títulos dos apartados: *Pechadas no seu corpo, prisioneiras do seu lar*, existe una relación directa entre o reparto de espazos e a formación do carácter xenérico. A racionalidade binaria patriarcal: co seu sistema de dicotomías naturaliza a división de

espazos e a adxudicación de tarefas en función desa división espacial. O que supón un grande atranco para a incorporación real das mulleres ao mercado de traballo asalariado en condicións de igualdade. Esta circunstancia agrávase tamén no caso das mulleres inmigrantes. As inmigradas son construídas como reagrupadas e dependentes economicamente dos seus maridos, cando a realidade social é outra. A maioría das mulleres chegan a España, non xa acompañadas das súas parellas, senón soas, deixando á familia en orixe, e reagrupánda posteriormente. Os nichos principais cara aos que se dirixen as inmigrantes son o sector doméstico, na modalidade de interna e a prostitución. Ambas as actividades laborais invisibilizan as mulleres na esfera pública, circunstancia que contribúe á xeración do estereotipo da “ama de casa” ou “reagrupada” nun polo, fronte ao “obxecto sexual” ou “prostituta exótica” doutra banda. No cuarto de pezas informativas –fronte a $\frac{3}{4}$ nos que non se especifica- nos que si se fai referencia á actividade laboral que desempeñan as migradas a principal ocupación citada é a prostitución (con 16 informacións) repartidas de xeito desigual entre os diarios galegos (5 pezas en cada cabeceira) e os cataláns (3 noticias en cada periódico). En segundo lugar figuran outras ocupacións, categoría que engloba: agricultura e profesións liberais). *El Periódico de Catalunya* é o diario da mostra que máis profesións non estereotipadas cita (8 pezas informativas), seguido de *La Voz de Galicia* (5 noticias) e *La Vanguardia* (2 novas). *Faro de Vigo* só cita as ocupacións de prostitución, servizo doméstico e hostalería nas informacións analizadas. A terceira ocupación reseñada –en 8 ocasións- é o servizo doméstico. *Faro de Vigo* e *La Vanguardia* especificano en 3 pezas e *La Voz de Galicia* e *El Periódico de Catalunya* nunha ocasión. E por último, a hostalería é citada en 4 pezas: 2 de *El Periódico*, 1 de *La Voz de Galicia* e 1 de *La Vanguardia*.

A individualización é un trazo de poder nos medios de comunicación e as migradas –como vimos- aparecen caracterizadas de xeito colectivo na maioría das noticias, de xeito que os trazos que engaden información persoal e reflicten a pluralidade e a diversidade das mulleres que chegan a España, como pode ser a profesión, non soen saír reflectidos nos medios de comunicación. E cando o fan é como excepción, xa que o estereotipo de migrada se constrúe como prostituta ou traballadora de coidados.

Actividade	Prostitución	Serv.Doméstico	Hostalería	Outros	NS
<i>La Voz de Galicia</i>	5	1	1	5	29
<i>Faro de Vigo</i>	5	3	-	-	25

<i>La Vanguardia</i>	3	3	1	2	18
<i>El Periódico</i>	3	1	2	8	23
SUMA	16	8	4	15	95

4.3.14. A invisibilización dos estudos

Os estudos tampouco son un dato ofrecido polas noticias da mostra, salvo contadas excepcións (16 casos). O motivo responde á mesma estratexia discursiva que a ausencia da reseña da actividade laboral das migradas. Construílas como inactivas, como nais que pairen sen orde nin concerto, como reagrupadas con cargos á seguridade social, etc. contribúe a manter as migradas lonxe da esfera pública, cando menos no imaxinario simbólico que os medios de comunicación contribúen a tecer. Como no caso da profesión, na gran maioría das noticias non se cita a cualificación académica das mulleres migradas representadas. Nos casos nos que se fai prima a representación da categoría de universitarias: 10 casos, seguida de secundaria e primaria, ambas con 3 representacións. A audiencia, tras a lectura, fôrmanse a idea de que as migradas son maioritariamente mulleres sen estudos, o que contribúe a construílas como estereotipo negativo, atrasadas fronte ás europeas –estudadas e independentes economicamente. A naturalización e a ausencia de individualización completan así á vitimización como estratexias predominantes na construción do estereotipo das inmigradas.

Estudios	Prim.	Secund.	Univ.	NS	(nots.)
<i>La Voz de Galicia</i>	1	1	2	29	33
<i>Faro de Vigo</i>	2	-	1	33	32
<i>La Vanguardia</i>	-	-	4	18	25
<i>El Periódico</i>	-	2	3	33	33

4.3.15. A omnipresenza da relixión

Ao contrario dos datos anteriores, a relixión ou fe que cada muller profesada non a individualiza senón que a constitúe como parte dun colectivo homoxeneizado polos medios de comunicación, de aí que este trazo si figure na maioría das noticias, sobre todo as que representan a determinados colectivos nacionais. A relixión é un trazo omnipresente nas noticias que representan a inmigrantes de orixe magrebí e nortafriana en xeral. De feito, por veces, identifícase a orixe das persoas que migran como “de orixe

musulmá”, como se o Islam fose unha patria política. Aínda así, a tendencia maioritaria é a de non citar a relixión nas pezas analizadas. Só en 19 informacións se fai referencia ao credo particular. Os diarios cataláns da mostra son os que máis referencias fan á confesión relixiosa das representadas: *El Periódico de Catalunya* en 10 pezas e *La Vanguardia* engade este dato en 7. Do total de 19 casos nos que se cita o credo, 14 refírese ao Islam, fronte a 1 Hinduísmo e 1 a todas as relixións (incluídos Catolicismo e Islam). O catolicismo ademais de ser a relixión histórica de España éo tamén de boa parte de América Latina, coas súas particularidade. Case a metade das inmigradas residentes en Galicia e Cataluña son de orixe latinoamericana. Sen embargo, a relixión católica está invisibilizada na mostra das pezas informativas analizadas. Estamos perante á estratexia de exaltan as diferenzas e ocultar as similitudes cos/coas outros/as. A construción dos outros como relixiosos fronte ao carácter menos relixioso²²⁰ da sociedade de acollida é unha estratexia discursiva, non así, menos forte na mostra recollida que a estratexia de construír a outra como inactiva e atrasada, dependente economicamente, e nai de familia e ama de casa ante todo. A especificación do dato da relixión contribúe a xerar unha distancia social entre nós e as outras, de xeito que non sexa posible a empatía. A construción das outras como diferentes irreconciliables, na medida en que o Islam se presenta nos medios de comunicación na súa cara máis fundamentalista e intolerante, é unha estratexia que tamén está presente nas noticias da mostra.

Relixión	SI	NON	Islam/	Católica/	Hindú/	Varias
<i>La Voz de Galicia</i>	2	33	2	-	-	-
<i>Faro de Vigo</i>	-	34	-	-	-	-
<i>La Vanguardia</i>	7	18	4	-	1	1
<i>El Periódico</i>	10	28	8	-	-	-

4.3.16. A ausencia de voz de inmigradas no discurso mediático

A ausencia da voz propia das implicadas é a principal crítica que se fai dende o feminismo ás institucións públicas. Como se pode observar no cadro inferior o resultado total da ausencia de voces supera practicamente nunha porcentaxe dun terzo á presenza.

²²⁰ Noutros países europeos como Francia exáltase o laicismo propio fronte á relixión de inmigrantes e persoas con ascendentes orixinarios doutros países nunha versión máis forte da estratexia de presentación dos outros como bárbaros. A razón oponse á fe.

Faro de Vigo editou durante o período da mostra unha peza informativa máis con voz que sen voz. En *El Periódico* hai un equilibrio entre a presenza e ausencia de voces (19 pezas de cada modalidade). O resto das cabeceiras representan a máis migradas sen voz que a mulleres inmigrantes con voz. A representación de mulleres migradas sen voz contribúe a restarlle axencia. Esta estratexia discursiva complementa á da ausencia de actividade laboral, estudos, idade, identidade en fin. O elemento principal na construción da identidade propia e individual é a voz, por iso esta parte da construción do estereotipo das migradas é fundamental tanto para o éxito como para o fracaso do mesmo no imaxinario simbólico social ou colectivo.

Unha porcentaxe importante das migradas non son representadas pola súa voz (con citas directas ou indirectas) senón en tanto referente verbal (son nomeadas), por veces como excepción, ou como imaxe. A análise fotográfica farémola máis adiante. Por agora, centrámonos na implicación da ausencia da voz das migradas nas noticias analizadas. Non ter voz implica non ter voto, é dicir carecer de poder de decisión, e de axencia en último termo. Ao non ter voz, outras –e nomeadamente outros- falan por ti e mesmo te constrúen, xa que a linguaxe é o primeiro tixolo na construción das identidades. A ausencia de voz remite ao estereotipo da espera: a que está aí pero non participa. A que espera a que a rescaten dunha pateira, dun prostíbulo, da rúa, etc. A que espera a que lle dean papeis nun proceso de regulamentación. A que espera a que a salven. Outro motivo da ausencia de voz das migradas nas novas é a súa condición de vítimas mortais da violencia machista. Como observamos na exposición temática, hai unha porcentaxe, non desdeñable, de mulleres migradas representadas en tanto vítimas de violencia machista asasinadas. A construción do estereotipo da migrada vítima complétase coa estratexia discursiva da ausencia de voz. Nalgunha peza detectouse que malia que se transmite a voz (mediante cita ou de xeito indirecto) de mulleres inmigrantes, unha estratexia discursiva de desprestixio réstalle credibilidade. Na mostra figura unha noticia que ofrece datos que axudan a comprender a situación de ausencia de voz de migrantes, nomeadamente nas pezas sobre a chegada de pateiras. Silvia Fernández asina no diario *La Vanguardia* (2/04/05, 33-34. Ficha: 85) unha noticia categorizada como “con voz de migrantes” na que se afirma sobre os/as migrantes: “no hablaban “más que cuatro palabras en francés” y se expresaban en su dialecto”, “ninguno de ellos quería dar su nombre”, “todos respondían “mandinga”, “sabían que todo lo que contasen iría en su contra y no querían soltar prenda”, “no hablaban nada”. Este caso, no que se fai referencia explícita á voz de migrantes é unha excepción.

Na maioría das noticias sobre padeiras da mostra, as migrantes nin teñen voz nin se xustifica discursivamente a ausencia da mesma. Na noticia citada e noutro par de casos inclúese a testemuña de migrantes que ían a bordo de padeiras interceptadas con cadáveres dentro ou con casos graves de deshidratación e hipotermia como causa dun alongamento excesivo da viaxe: “según explicaron los supervivientes”. A ausencia de voz está asociada á vulnerabilidade, a imposibilidade de defensa ou reclamación algunha. Os grupos de poder posúen parcelas discursivas que lles permiten crear opinión pública. O acceso ás tribunas mediáticas non é gratuíto, e as mulleres migradas teñen poucos cheques mediáticos dispoñibles.

Con voz	SI	NON
<i>La Voz de Galicia</i>	9	26
<i>Faro de Vigo</i>	23	22
<i>La Vanguardia</i>	10	15
<i>El Periódico</i>	19	20
SUMA	61	83

4.3.17. A función das migradas suxeito: de protagonistas a expertas

As migradas con voz poden ser presentadas en tanto expertas (só en 4 ocasións do total de 141 noticias da mostra), protagonistas (117 pezas), testemuñas (14 novas), doadoras de opinión (4 informacións) ou institucionais (4 noticias). Como se pode apreciar na táboa inferior, a maioría das migradas da mostra foron representadas como protagonistas, malia que a categoría non implique un tratamento informativo acorde. Xa analizamos a representación das mulleres migradas como vitimizante e invisibilizadora. Segundo analiza Natalia Fernández (2003: 127), existen varias iconografías sobre mulleres vítimas. Os medios de comunicación teñen á súa disposición unha ampla serie de estratexias textuais para presentar as vítimas, e dentro das mesmas atópase a fórmula da muller vítima en posición prominente. É dicir que malia a aparente contradición, os medios tamén presentan as migradas vítimas como suxeitos. Para iso, as migradas son colocadas como dentro de “*actos negativos, irrelevantes o de escaso valor*”, deste xeito refórzase o estereotipo negativo das mulleres. É frecuente que as accións das vítimas sexan meros actos verbais como denunciar, acusar, pedir axuda, etc. Todos eles actos presentados nos medios de comunicación como reforzo da vulnerabilidade das mulleres. Xa mostramos exemplos destas estratexias en apartados anteriores.

Función	Experta	Protagonista	Testemuña	Opinion	Institucional	Secundaria
<i>La Voz de Galicia</i>	2	33	1	-	-	-
<i>Faro de Vigo</i>	1	30	4	3	-	1
<i>La Vanguardia</i>	-	20	2	4	3	-
<i>El Periódico</i>	1	34	7	8	1	1
SUMA	4	117	14	15	4	2

4.3.18. O predominio das fontes do endogrupo

Na maioría das noticias, as fontes –orixe da información- forman parte do endogrupo (dende a perspectiva propia), é dicir que malia que as noticias tratan sobre inmigradas, as persoas ás que os/as xornalistas recorreron para obter a información do feito noticioso son autóctonas, fundamentalmente institucionais: policía, Garda Civil, goberno, etc. É influínte, mais non determinante, nesta circunstancia o feito de que sexan minoritarias as persoas de orixe inmigrante que traballan nos medios de comunicación de carácter xeralista. Unha das recomendación da IV Conferencia Mundial sobre a Muller celebrada en Pekín 1995, no artigo 234 punto J.1 –relativa a representación igualitaria das mulleres nos medios- é precisamente a de incluír a máis mulleres nas redaccións. Seguindo a mesma lóxica, varios/as expertos/as en migracións propuxeron como medida incluír a persoas doutras orixes e etnias nos medios de comunicación occidentais para poder contrarrestar a perspectiva eurocentrista dominante nas redaccións. Sen embargo, esta recomendación non parece suficiente para rematar co racismo discursivo e o eurocentrismo, xa que malia recoñecer a importancia dos imaxinarios dos/as redactores/as de diarios, a responsabilidade da perspectiva mediática é fundamentalmente froito das rutinas que van máis alá dos coñecementos e intereses dos/as xornalistas que traballan en determinadas cabeceiras. Non queremos caer na falacia de afirmar que coa entrada de máis inmigrantes aos medios de comunicación o racismo discursivo caerá en desuso, como tampouco aconteceu co sexismo logo da entrada de mulleres xornalistas ás redaccións dos medios. Hai que ter en conta que a entrada ás redaccións non asegura o ascenso nas mesmas condicións que os compañeiros varóns e occidentais, o que se traduce na construción do teito de cristal xunto con outros sistemas de discriminacións sexistas e eurocentristas tanto horizontais como verticais nas plantillas dos medios, como noutras institucións sociais. Sen embargo, tampouco queremos negar a pertinencia da entrada en igualdade de condicións para autóctonos/as e alóctonos/as nas redaccións, como en calquera outro posto de

traballo. En todo caso, e sendo ambiciosas, consideramos que o desexable sería esixir a inclusión de persoas (de todas as orixes e sexos) con conciencia crítica de xénero e etnia. Xa que nin todas as mulleres son feministas, nin todas as persoas que migran avogan polo diálogo intercultural e a diversidade. De xeito que alén dos motivos de inclusión –que xa non é pouco-, non é suficiente solicitar a incorporación aos medios de inmigrantes. A complexidade da estrutura mediática e o seu alto poder simbólico, pero tamén económico e político dificultan a busca de fórmulas máxicas. É preciso actuar sobre varios fronts (dada a diversidade de factores) para lograr un tratamento igualitario por parte dos medios das mulleres, dos inmigrados, das inmigradas, etc.

Fonte	Endogrupo	Exogrupo
<i>La Voz de Galicia</i>	28	14
<i>Faro de Vigo</i>	27	13
<i>La Vanguardia</i>	19	13
<i>El Periódico</i>	25	17
SUMA	99	57

4.3.19. O abuso de fontes institucionais

Observamos no cadro superior que todas as cabeceiras recorren maioritariamente e nunha porcentaxe moi similar a fontes do propio grupo cultural. Se preguntamos ás asociacións de migradas e a grupos constituídos de expertas sobre temática de migración con perspectiva de xénero comprobamos que non son grupos de difícil acceso. Sen embargo, as rutinas xornalísticas dificultan este contacto. Distinguimos entre tres categorías de fontes. As fontes institucionais forman parte do endogrupo, e concretamente das institucións políticas (gobierno e policía fundamentalmente, aínda que tamén se enmarcan nesta categoría os partidos da oposición, o poder xudicial, etc.), sociais, culturais, etc. As fontes comprometidas, maioritariamente do endogrupo, están compostas por membros de ONG's, sindicatos, e outros/as axentes con discurso comprometido coas migradas e os migrados. As fontes reivindicativas, normalmente pertencen ao exogrupo, á poboación migrada. Soen ser grupos ou asociacións de migrantes. No cadro inferior observamos como practicamente a totalidade das fontes son de orixe institucional. Só unha pequena porcentaxe son comprometidas ou reivindicativas. Este dato ofrece moita información sobre o tipo de tratamento mediático que se fai nos diarios da mostra da inmigración feminina. Por cabeceiras, é quizais *La*

Voz de Galicia a que máis pezas documenta con fontes institucionais: 23 das 26 fontes citadas na mostra pertencen a esta categoría. Despois do diario coruñés, é *El Periódico de Catalunya*, a editora que máis noticias documentadas con fontes institucionais. Seguida a pouca distancia por *La Vanguardia* e *Faro de Vigo*. Este último diario é o que máis recorre a fontes comprometidas, segundo observamos na mostra. O que favorece un tratamento de maior calidade.

É máxima do xornalismo contrastar as noticias en cando menos tres fontes distintas. Sen embargo, as presas e as rutinas profesionais dificultan que se cumpra este mandato deontolóxico. Na maioría das pezas informativas só se cita unha única fonte, o que vai en prexuízo da calidade informativa e da diversidade de datos ofrecidos polos diarios. Unha cabeceira que contraste os feitos e obteña información de fontes diferentes e expertas terá garantido un tratamento especializado e moitas veces exclusivo dun feito. O que interesa ao xornalismo, se ben non á empresa xornalística e aos grupos de poder que fan chegar as súas mensaxes aos medios.

Nos casos nos que só se cita unha fonte esta soe ser de carácter institucional e nomeadamente o Ministerio de Interior (Policía Nacional e Garda Civil), os servizos sociais provinciais ou cargos políticos (representantes do goberno fundamentalmente), etc. Como xa indicamos, as fontes determinan as temáticas e sobre todo o tratamento das pezas informativas. Obviamente non resultará unha mesma noticia de violencia machista, por poñer unha temática ampla, bebida exclusivamente de fontes policiais que se o/a redactor/a busca unha fonte experta en dominación social con subtexto de xénero.

Na mostra tamén atopamos un grupo de noticias elaboradas a partir de dúas ou máis fontes, pero en moitos casos da mesma categoría. É dicir que se completa información policial coa ofrecida por salvamento marítimo e os servizos sociais locais – por poñer un exemplo típico dos atopados na mostra-. Deste xeito, malia que se conte con varias fontes, todas son oficiais. Tamén hai un número significativo de casos nos que se completa a fonte oficial cunha fonte informal: unha testemuña por exemplo. Pero son moi escasas, anecdóticas, as pezas ilustradas con opinións de expertos/as nas materias concretas sobre as que versan ditas noticias. Na análise observouse que nos casos nos que o diario establece contacto cun/ha experto/a é para entrevistalo/a, e non para completar informacións pertencentes a outros xéneros periodísticos como a noticia ou a crónica. O xénero, polo tanto, tamén inflúe no uso das fontes, xa que cada tipo de información esixe un nivel de concreción determinados.

Fonte	Institucional	Comprometida	Reivindicativa
<i>La Voz de Galicia</i>	23	-	3
<i>Faro de Vigo</i>	25	11	2
<i>La Vanguardia</i>	18	3	2
<i>El Periódico</i>	20	1	8

4.3.20. A excepcionalidade das citas directas de migradas

En consonancia cos datos das categoría anteriores, a maioría das citas das informacións analizadas son indirectas. Por cabeceiras, *El Periódico de Catalunya* é o diario que máis protagonismo reserva para as citas directas, un garante da calidade informativa. No outro polo da romana atópase *La Voz de Galicia*, onde só 13 pezas informativas ofrecen citas directas, fronte a 32 que non o fan. A intertextualidade emprégase co fin de darlle credibilidade a unha información, mediante o uso doutros discursos que se teñen por veraces e que polo tanto contan coa confianza dos/as lectores/as. “*En los medios esto se evidencia con el uso de las fuentes o generadores de datos que provienen de instituciones o representantes reconocidos socialmente, y por lo tanto, fidedignos*” (FERNÁNDEZ DÍAZ, 2003: 97- 98). Como se recolle na cita que antecede este comentario, a elección da fonte é fundamental á hora de optar pola intertextualidade. Un alto grao de fontes institucionais na mostra pode garantir un número importante de citas directas. E así é o no caso dos diarios cataláns. As cabeceiras galegas analizadas na mostra ofrecen unha porcentaxe de arredor dun tercio de citas directas, fronte a metade dos diarios cataláns.

Citas	Directas	Indirectas
<i>La Voz de Galicia</i>	13	32
<i>Faro de Vigo</i>	13	29
<i>La Vanguardia</i>	19	22
<i>El Periódico</i>	26	26

4.3.21. As responsabilidades compartidas

A maioría das informacións recollidas na mostra e analizadas ofrecen unha visión problemática da inmigración onde hai vítimas, culpables e verdugos. As responsabilidades están repartidas de xeito bastante dispar nos diferentes diarios entre a

propia sociedade receptora: 2 pezas en *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* e *El Periódico de Catalunya* e 1 en *La Vanguardia*; as inmigradas ou migrantes en xeral: 5 pezas de *La Voz de Galicia* e 1 en cada un do resto dos diarios da mostra; os gobernos: 2 pezas en *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*, e 5 en *La Vanguardia* e 4 en *El Periódico*; as mafias: 6 pezas en *La Voz de Galicia*, 4 en *Faro de Vigo*, 2 en *La Vanguardia* e 3 en *El Periódico de Catalunya* e entre os terroristas: 2 pezas en *La Voz de Galicia*, 2 en *Faro de Vigo* e *La Vanguardia* e 1 en *El Periódico de Catalunya*. Unha lectura global destes resultados permítenos concluír que o planteamento de *La Voz de Galicia* é conflitivo. O diario coruñés responsabiliza fundamentalmente a inmigradas, mafias e terroristas dos problemas exaltados por un enfoque negativo e conflitivo da inmigración nas sociedades de destino. Na outra póla da balanza está o tratamento de *El Periódico de Catalunya*, diario que destaca a responsabilidade da sociedade de destino e dos gobernos, aínda que tamén reconece o papel das mafias e en menor grao terroristas e migradas (1 peza).

Responsabilidade	Sociedade	Inmigrantes	Goberno	Mafias	Terroristas
<i>La Voz de Galicia</i>	2	5	2	6	3
<i>Faro de Vigo</i>	2	1	2	4	2
<i>La Vanguardia</i>	1	1	5	2	2
<i>El Periódico</i>	2	1	4	3	1

4.3.22. O espazo das noticias e os espazos dos xéneros

A división dos espazos público e privado e a asignación correlativa aos mesmos de cada un dos sexos: feminino- privado e masculino- público foi denunciado polo feminismo xa nos anos 70. O célebre lema que popularizou Kate Millett de: “o persoal é público” fai referencia a esta práctica patriarcal que tende a invisibilizar as mulleres no ámbito privado. Este é un dos principais motivos polos que as mulleres migradas non son representadas nunha porcentaxe acorde a súa presenza demográfica. Os medios son a un tempo reflexo e pincel da presenza social dos diferentes colectivos. O que sae na prensa é maioritariamente orixinario do eido público, de non ser así o/a xornalista non podería acceder á información necesaria para elaborar a noticia. Sen embargo, no caso da representación mediática de mulleres inmigradas, atopamos na mostra varias noticias nas que o escenario é privado. É preciso matizar que a violencia machista é un tema

relativo ao espazo público e que independentemente do espazo material no que tivera lugar o crime machista, a peza informativa será contabilizada como de escenario público. A diferenza da situación dunha información no eido público ou privado é fundamental por varios motivos, entre eles resulta fundamental o apuntado por Amparo Moreno (2007: 219):

“las informaciones que enfocan personajes que actúan en un escenario privado, o en situaciones marginales o no, que ponen de manifiesto los conflictos por la posesión o no de bienes, se contruyen de forma que apelan a lo que sentimos. Mientras que aquellas informaciones que enfocan a los personajes que actúan en los escenarios públicos suelen contruírse apelando a lo que argumentamos y racionalizamos”.

Entre os espazos públicos, ademais do traballo, destaca a presenza do escenario policial, a viaxe e a rúa. Foron clasificadas como de escenario de viaxe a maioría das noticias sobre chegada de pateiras. Os feitos sucedéronse no mar, nas costas españolas, nas praias, etc. O espazo con maior presenza nas pezas informativas da mostra é o institucional en xeral e o policial en concreto. As noticias sobre “interceptación de pateiras” por exemplo, comparten o espazo da viaxe co policial. Son de escenario policial a maioría das informacións sobre violencia machista, xa que ao estar tratadas con perspectiva retrospectiva a principal fonte é a policial e o lugar no que se desenvolven é nos xulgados, calabozos ou institucións médicas –onde se interna aos agresores-. O escenario da rúa é xunto co policial un dos máis comúns, dado o funcionamento dos medios de comunicación. Obviamente o acceso a escenarios privados, non oficiais, é moito máis difícil para os/as xornalistas que cobren os feitos de actualidade. A rúa é un lugar de libre acceso para a prensa. Na rúa acontecen os accidentes, atentados, delitos, etc. E, como xa indicamos, as noticias con tratamento negativo sobre a inmigración priman na mostra. É lóxico, pois, que o escenario público, e dentro deste a rúa, sexa un dos primordiais na mostra. O escenario público do traballo tamén aparece aínda que en menos ocasións, nomeadamente nas noticias sobre profesionais, como xa indicamos excepcionais. Na mostra hai unha porcentaxe moi alta de noticias catalogadas como de escenario público pero sen encaixar en ningunha das subcategorías concretas: traballo, rúa, viaxe, policial, etc. Dentro do escenario privado, queremos chamar a atención sobre o feito de que non apareceran na mostra un número relevante de noticias catalogables na categoría de “templo” que xustifique a inclusión desta opción na ficha de análise. De feito só hai propiamente dúas noticias ambientadas

en lugares relixiosos: un convento (“Monges d’importació”, Pere Pratdesaba/Vic, 2/05/06, 46. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 137) e unha mesquita (“*El pare no va matar el xai*”, Mayka Navarro/Barcelona, 31/12/06, 40. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 141).

Escenario	Privado	Público: rúa	policía	viaxe
<i>La Voz de Galicia</i>	7	32	11	6
<i>Faro de Vigo</i>	2	35	9	11
<i>La Vanguardia</i>	1	29	6	6
<i>El Periódico</i>	3	37	5	2

4.3.23. *A estratexia da alarma social*

O uso da alarma social é unha estratexia discursiva que empregan todos os diarios analizados, pero é *Faro de Vigo* a cabeceira que máis a utiliza: faino en 20 pezas dun total de 35. O resto dos diarios da mostra emprégana en menor medida que a desestiman. *El Periódico de Catalunya* é o que en porcentaxe fai menos uso dela. A visión da inmigración como unha ameaza foi obxecto de estudo de varios/as investigadores/as dende comezos de século. Malia que as porcentaxes decrecen, os medios seguen recorrendo ao recurso da alarma social. Os anteriores estudos sobre este tema apuntan a unha masculinización do estereotipo da inmigración e a construción do migrante como ameaza. Dado que as noticias que escollemos para formar parte da mostra representan a mulleres migradas sorprende que a incidencia da alarma social sexa do 45 por cento. Porque segundo as conclusións de estudosas como Clara Pérez (2003a: 156) cabería esperar o contrario.

“En aquellas informaciones en las que se vincula de forma acrítica la inmigración con la criminalidad o con el narcotráfico siempre se utiliza el masculino genérico “los inmigrantes” o “los colombianos”, “los marroquíes”, etc., y se obvia tanto a nivel fotográfico como estadístico (datos) la presencia de mujeres en dicho colectivo”.

Sen embargo, tras a constatación da presenza do uso da estratexia discursiva da alarma social, ou –dito doutro xeito- da construción social da migrada como ameaza, reparamos en que as estratexias textuais empregadas polos/as redactores/as para esta construción (estudadas por Clara Pérez entre outras/os autoras/es) son completadas por

unhas estratexias privativas para o caso das migradas. As estratexias comúns (analizadas na masculinización da migración e na vinculación de inmigrante- ameaza) máis frecuentes son a vinculación acrítica de inmigración e criminalidade. A propia situación de irregularidade administrativa é conceptualizada como un delito, paradoxalmente premeditado e irreflexivo, pasivo, etc. a un tempo. A connotación de delincuencia é automática, de xeito que cando se fala de ilegais, pola condición administrativa irregular, os/as espectadores/as presupoñen unha serie de crimes. A ilegalidade é un sinónimo simbólico de criminalidade. Esta representación é abertamente racista, por iso dende a redacción se tenta atenuar a súa carga mediante estratexias como a do establecemento dun binomio entre nós e as outras, na que o endogrupo é descrito de xeito positivo, minimizando os seus defectos e ensalzando as virtudes; mentres que co endogrupo se segue a estratexia contraria. O profesor Van Dijk (1997, 2003, 2008) aprofundou na análise desta práctica en varias obras.

4.3.23.1. A “insistencia en el sujeto legislado”

No estudo do grupo PICNIC (BERNÁRDEZ, 2007) complétase a lista de estratexias de presentación das mulleres migradas (vitimización, naturalización, ausencia de individualización e creación de distancia social) coa estratexia: “insistencia en el sujeto legislado”, tamén chamada “sujeto transitado por la burocracia”. Esta estratexia, ademais de situar as migradas nun non lugar, sempre esperando (a ser regularizadas, deportadas, expulsadas, a que se lle abra unha orde de expulsión, etc.), contribúe á construción de migrantes como ameaza. A principal técnica que emprega, ademáis das fotografías de colas de inmigrantes e titulares nos que se narra a súa “odisea” administrativa, é a designación xenérica con termos impersoais como “ilegais”, “irregulares”, “sen papeis”, etc. Nun cadro superior analizamos polo miúdo este recurso discursivo. Como indica Pérez Wolfram (2003a: 158) designar a un migrante con este tipo de termos borra os seus trazos humanos e convérteo para os/as lectores/as en parte dunha masa situada entre dúas beiras, de carácter criminal (pola asociación ilegalidade-criminalidade) e sen nome nin rostro. O protagonismo sintáctico que adquiren as pateiras na noticias sobre a chegada tamén contribúe á deshumanización do colectivo migrante. Por exemplo, en *La Voz de Galicia* (2/05/2004, 24; Ficha: 16) a noticia titulada “*Los muertos en la patera de El Hierro eran mujeres y niños*” ten como suxeito sintáctico, ou complemento directo, de varias oracións “la patera”: “*avistaron a la*

patera a la deriva”, etc. O mesmo acontece noutras noticias da mostra: *“la embarcación fue detectada”* (*“Interceptadas cinco pateras con cerca de 200 inmigrantes, 2 de ellos muertos”*, Europa Press/Sevilla, 2/11/2005, 17. *La Voz de Galicia*. Ficha: 24), *“seis cayucos alcanzan las islas”, “la situación más dramática fue la de una barquilla”, “el cayuco fue avistado”* (*“Seis cayucos alcanzan las islas con 440 “sin papeles”, tres de ellos muertos”*, José Moreno/Tenerife, 2/09/2006, 16. *La Voz de Galicia*. Ficha: 33), *“Las islas Canarias, desbordada por los cayucos”* (titular), *“botes con capacidad para 30 o 40 ocupantes alcanzaron las islas con más de un centenar de personas”, “la mayor avalancha de inmigrantes en patera de la historia”* (*La Voz de Galicia*, 31/12/06, 6 LDLV; Ficha: 37), *“Interceptadas dos pateras con 98 subsaharianos frente a las costas de Almería”* (titular), *“patera fue avistada”* (EFE/ Almería, 31/12/2006, 18. *La Voz de Galicia*. Ficha: 38), *“Rescate de pateras a la deriva en Fuerteventura”, “la barquilla que ocupaban los inmigrantes...estaba a punto de zozobrar”* (2/10/04, 31. *Faro de Vigo*. Ficha: 48), *“(otra patera) fue interceptada”* (*“Interceptados más de un centenar de inmigrantes en la costa andaluza”*, OTR Press/Madrid, 2/07/06, 35. *Faro de Vigo*. Ficha: 61), *“La Guardia Civil intercepta en las costas mauritanas 4 cayucos con 130 inmigrantes a bordo”* (titular), *“los dos cayucos restantes eran los más ocupados”, “una patera llegó ayer”* (Agencias/Tenerife, 2/08/06, 23. *Faro de Vigo*. Ficha: 63), *“En la jornada de ayer se detectaron seis embarcaciones que, procedentes de África, intentaban llegar a las islas”* (subtítulo), *“la embarcación que llegó... en la que viajaban”, “fue detectada”, “llegaron dos cayucos”* (*“Tres inmigrantes, de los 430 que llegaron ayer a Canarias, fallecen tras su rescate”*, Agencias/Madrid, 2/09/06, 27. *Faro de Vigo*. Ficha: 68), *“La masiva llegada de pateras desborda los servicios de asistencia en la costa almeriense”* (subtítulo), *“pateras que rondaban la zona en un intento de entrar de forma clandestina”, “otra patera fue localizada y arribó a la playa”, “detectaban otra patera”, “se detectó otro intento frustrado de una embarcación”, “fue interceptada”, “se encontraron pateras abandonadas”* (*“SOS en las costas de Almería”*, Rocío Amores/Almería, 31/08/04, 24. *La Vanguardia*. Ficha: 80), *“fue avistada”, “fue interceptada”, “rescatada por un remolcador”* (*“El Gobierno pide más a Marruecos”*, Las Palmas/Madrid (Redacción y agencias), 2/04/05, 33-34. *La Vanguardia*. Ficha: 85), *“(embarcación) interceptada”, “(embarcaciones) transportadas”* (*“Trescientos inmigrantes en tres días”*, 2/11/05, 33. *La Vanguardia*. Ficha: 91), *“naufragar la pastera en la que viatjava”* (*“Un guàrdia civil cuidarà una òrfena arribada en pastera”*, El Periódico/Servilla, 2/04/04, 36. *El Periódico de*

Catalunya. Ficha: 103), *“l’allau de pasteres col·lapsa els centres de menors a Andalusia”*, *“van ser localitzades”* (*“L’allau de pasteres col·lapsa els centres de menor a Andalusia”*, Julia Camacho/Sevilla, 2/11/05, 35. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 133), etc.

4.3.23.2. A ameaza a partir do uso de termos negativos

Clara Pérez (2003a: 157) sinala a estratexia discursiva de construción da migración como unha ameaza a partir do uso de termos negativos como “avalancha”, “invasión”, “oleada”, “masiva” etc. Todas estas palabras connotan unha relación de inmigrantes en tanto atacantes fronte a poboación autóctona en tanto vítima. *“Estos términos auguran catástrofes y situaciones de inseguridad”*, afirma Pérez. A xornalista Rocío Amores asina en *La Vanguardia* (31/08/04, 24; Ficha: 80) a noticia titulada: *“SOS en las costas de Almería”*. O subtítulo emprega o termo “masiva” así como o verbo “desbordar”: *“La masiva llegada de pateras desborda los servicios de asistencia en la costa almeriense”*. Toda a peza é un magnífico exemplo do uso da terminoloxía que contribúe á construción do/a migrante ameaza. Reproducimos a continuación as expresións máis esaxeradas: *“las fuerzas de seguridad se vieron desbordadas...por la llegada masiva de inmigrantes sin papeles”*, *“en la mayor oleada migratoria registrada durante todo el verano”*, *“se palpaba el miedo a que sucediera alguna tragedia”*, *“desembarcos masivos”*, *“cerca de ochocientos inmigrantes clandestinos”*, *“uno de los veranos más complicados de las costas de Almería”*, *se encuentran totalmente desbordados”*, *“las comisarías de policía se encuentran repletas de inmigrantes”*. Chamounos especialmente a atención a frase: *“se palpaba el miedo a que sucediera alguna tragedia”* pola súa forte carga interpretativa, raiando de pleno na opinión. En *El Periódico de Catalunya* publícase unha peza informativa cun ton moi similar á citada. O titular xa explicita o uso da estratexia de construción da ameaza da chegada de migrantes. *“L’allau de pasteres col·lapsa els centres de menor a Andalusia”* (*El Periódico*, 2/11/05, 35; Ficha: 133). No corpo da noticia pode lerse: *“les arribades per via marítima tornen a ser massives”*, *“(centres de menors) ja estaven desbordats”*, etc. Esta información figura ao comezo do corpo o que garante unha cifra de lectores/as máis elevada que o medio ou final da peza. Entre as informacions da mostra de *La Voz de Galicia* tamén atopamos un exemplo paradigmático desta estratexia. Como no caso de *La Vanguardia*, o titular xa explicita o ton: *“Las islas Canarias, desbordadas por los*

cayucos”. Reproducimos, a continuación, unha mostra da terminoloxía do corpo: “*la mayor avalancha de inmigrantes en patera de la historia*”, “*los centros de acogida...quedaron totalmente desbordados*”, “*el drama se hacía más evidente*”, “*El Ejecutivo central tomó conciencia de la magnitud del problema*”, “*el drama de la inmigración continuará en el 2007*” (*La Voz de Galicia*, 31/12/06, 6 LDLV; Ficha: 37). Palabras como “avalancha”, “desbordar”, “problema”, “drama” son empregadas nesta peza de marcado ton negativo. Xurxo Fernández asina un exemplo de como non se debe tratar o feito da inmigración: interpretándoo, catalogándoo de drama, dándolle continuidade no tempo, xulgando a excepcionalidade do acontecemento, etc. A frase “*la mayor avalancha de inmigrantes en patera de la historia*” peca, ademais de esaxeración, de descoñecemento da historia.

4.3.23.3.O abuso do termo “masivo”

O termo “masivo” malia que se usa fundamentalmente nas noticias sobre a chegada de migrantes, sobre todo en padeira, non é exclusivo das noticias sobre fronteira e viaxe. Atopamos un exemplo do seu uso en varias noticias con temática relativa á prostitución: en *La Voz de Galicia* (2/07/04, 50; Ficha: 8) a peza recibe o subtítulo: “*La llegada masiva de sudamericanas y ciudadanas del Este de Europa, impulsa el crecimiento del sector*”. Noutro caso *Faro de Vigo* (“*El 44% de las prostitutas que ejerce en Galicia intentó, sin éxito, dejarlo*”, M. M. /E. V./ Santiago, 2/07/04, 24. Ficha: 41) edita a expresión “*se ha producido una masiva incorporación de inmigrantes*”. Tamén nunha peza de *Faro de Vigo* se emprega o termo masivas, en referencia ás violacións de rapazas e mulleres para reforzar a postura trafiquista da entrevistada. A expresión concreta é “*las violaciones son masivas*” (“*Muchos pedófilos tienen la protección de las embajadas*”, Sofía López /Ourense, 2/07/06, 52. *Faro de Vigo*. Ficha: 62). En pezas sobre demografía tamén se atoparon exemplos.

4.3.23.4.O racismo implícito en “caza de inmigrantes”

O termo “caza” de inmigrantes foi denunciado por varios/as estudosos/as da temática migratoria pola súa carga racista. Presupoñer que un ser humano é susceptible de ser cazado como unha fera é abertamente racista. A contraportada de *La Vanguardia* do 2/09/06 (Ficha: 98) leva por titular: “*La caza de emigrantes se convoca en internet*”.

A xornalista Ima Sanchís elabora unha entrevista á Gobernadora do Estado de Zacatecas, México, Amalia García Medina de ton progresista e con perspectiva de xénero, pero cun titular moi desafortunado. Nas rutinas xornalísticas é frecuente que os titulares escritos polos/as autores/as das noticias queden excluídos da maquetación final. Dende a posición de xefatura de redacción, ou dende máis arriba na xerarquía da prensa execútanse cambios na titulación. Mesmo hai diarios como *El País* que teñen un equipo de titulación que se dedica a esta tarefa en exclusiva. Pola gran diferenza de ton e intención da titulación e do corpo da entrevista podemos supoñer que Ima Sanchís non escribiu o titular definitivo co que se publicou esta entrevista.

Alarma social	SI	NON
<i>La Voz de Galicia</i>	17	21
<i>Faro de Vigo</i>	20	15
<i>La Vanguardia</i>	12	17
<i>El Periódico</i>	14	25
SUMA	63	78

4.3.24. A Ausencia de individualización: caldo de cultivo de estereotipos

A xeralización é un recurso discursivo que contribúe a xeración e ao mantemento dos estereotipos, ao non permitir a individualización. A construción dun estereotipo sen diversidade é o resultado do emprego deste tipo de recursos. A consecuencia é o empobrecemento das relacións entre poboación migrada e poboación autóctona, no caso das mulleres factor diminutivo do feminismo global. Por cabeceiras, *La Vanguardia* é o diario que menos recorre á xeralización (12 novas de 27), seguido de *Faro de Vigo* (17 de 25). *La Voz de Galicia* e *El Periódico de Catalunya* empregan a xeralización en 20 pezas e prescinden dela en 18 e 19 respectivamente. Dentro das estratexias de xeralización sobresaie a abstracción por medio de números. Profundizaremos nese tema nun apartado posterior. Outro dos mecanismos da estratexia da xeralización, ou asimilación, é a ausencia de nominalización. Natalia Fernández (2003: 81) apunta esta estratexia como unha das estratexias empregadas para a caracterización antagónica da sociedade receptora e as/os inmigrantes que chegan, cadansúa nun dos polos da dicotomía: positivo- negativo. No canto do nome indícase sempre o dato diferenciador: a etnia, neste caso a orixe ou patria de nacemento diferente á española. A grande maioría das vítimas de accidentes son caracterizadas como “muller

dunha certa nacionalidade estranxeira”. Recibir un nome é unha condición necesaria para constituírse como individuo cunha identidade social, e iso élle negado no discurso mediático aos e ás inmigrantes, presentados/as como membros/as dun colectivo –o de inmigrantes- pero non como individuos cunha historia de vida concreta- salvo en honrosas e contadas excepcións. Como indicamos, a diferenza entre cabeceiras no uso da estratexia da xeralización é moi pouca. Vexamos a táboa inferior.

Xeralización	SI	NON
<i>La Voz de Galicia</i>	20	18
<i>Faro de Vigo</i>	17	18
<i>La Vanguardia</i>	12	17
<i>El Periódico</i>	20	19

4.3.25. O establecemento do binomio nós/elas

A lóxica patriarcal funciona con parellas binarias. Así, gusta de opoñer a tradición á modernidade, a democracia á barbarie, a civilización á delincuencia, etc. e toda unha serie de parellas de opostos que se identifican coa primeira parella nós e as outras: as mulleres autóctonas e as alóctonas. Xa reparamos na terminoloxía empregada nos medios de comunicación para referirse ás outras: estranxeiras, sen papeis, irregulares, ilegais, inmigrantes, etc. A continuación, examinamos as cifras da oposición binaria entre nós e elas nas distintas cabeceiras. Dende o momento no que a nacionalidade se constata nunha información como un dos datos descritivos máis relevantes, xa se está a facer unha diferenciación entre nós (as/os españois/las) e os/as inmigrantes. Sen embargo, o que se recolle no cadro superior son as noticias nas que se fai unha comparación explícita entre mulleres españolas e estranxeiras, ben sexa mediante a típica comparación a base dunha enumeración de calidades, ben sexa mediante unha descrición antagónica consciente e intencionada. As cifras totais mostran que na maioría das pezas informativas non se fai unha distinción explícita. O binomio nós/elas está presente en 51 noticias dun total de 141, algo máis dun terzo do total. Vexamos os datos exactos desagregados por cabeceiras:

Binomio nos/elas	SI	NON
<i>La Voz de Galicia</i>	20	18
<i>Faro de Vigo</i>	10	25
<i>La Vanguardia</i>	8	21

<i>El Periódico</i>	13	26
SUMA	51	90

A construción das migradas como diferentes é unha estratexia discursiva con serias implicacións para as mulleres. Na parte teórica sinalamos varias. Cabe destacar a ausencia de trazado de redes de solidariedade e pactos entre todas as mulleres que residen nun mesmo espazo e o consecuente reforzo de certas teses holísticas do multiculturalismo: aquelas que negan a variación das identidades e polo tanto contribúen a xerar estereotipos irreconciliables para as persoas de distintas orixes culturais. A sexualidade é un trazo de diferenciación entre nós e os outras, fundamentalmente as outras. As mulleres occidentais son presentadas como mulleres liberadas, que controlan a súa sexualidade. No polo oposto están as migradas, construídas como mulleres exóticas, hipersexualizadas e que non son donas do seu corpo: vítimas de mafias, de trata (confundida habitualmente co tráfico no eido informativo e político), etc. Na prostitución, atópase na actualidade unha fronteira entre mulleres autóctonas e alóctonas, nós e as outras. *“El tango Galleguita retrató hace casi un siglo a la mujer que salió de Galicia para vender en Buenos Aires su “cuerpo gentil”. Hoy más de 8.200 mujeres de las que 90% son extranjeras, se dedican a la prostitución”. “La Xunta distingue en el informe entre autóctonas (galegas e portuguesas) y las extranjeras” (“La Xunta cifra en más de 8.200 las prostitutas en ejercicio en Galicia”, Anxo Lugilde/Redacción, 02/07/2004, 50. La Voz de Galicia. Ficha: 8).* Esta fronteira tamén se observa nas noticias de temática machista: *“por 38 españolas murieron 20 víctimas de origen extranjero (“Primera muerte del año por violencia doméstica”, Madrid/EFE, 1-2/01/06, 34. La Vanguardia. Ficha: 92).*

4.3.25.1. A polarización e o contraste

A polarización e o contraste son dúas estratexias empregadas para representar ás outras. O contraste aparece, por exemplo, nas noticias relativas á natalidade nas que explícitamente se alude ao carácter máis “tradicional” das mulleres inmigrantes que pairen e amamantan máis ás súas criaturas. Os polos tradición- modernidade fanse encaixar nesta estratexia coas mulleres que veñen de fora e as que naceron aquí, en Occidente. Aínda que cando a dicotomía ten nun dos seus polos o referente masculino, a modernidade estalle reservada, e a tradición restante queda libre para as mulleres. As

xerarquías sexuais por veces complétanse coas étnicas e deste xeito ás mulleres inmigrantes sonlle asignadas de xeito correlativo os polos negativos das dicotomías: neste caso a tradición. Todo o relacionado coa bioloxía na muller é ensalzado cando se trata de retratar a mulleres inmigrantes: parir, dar o peito, a sexualidade, etc.

Unha das estratexias máis empregadas e estudadas á hora de representar aos outros, e ás outras, como diferentes e “peores” é a presentación comparativa e positivizada do nós en relación á presentación negativizada das outras. Xa fixemos referencia a todos os casos de tratamento de actos delitivos por parte de inmigrantes, así como á construción do estereotipo das outras como ilegais, asociada á delincuencia penal. Os españois e as españolas xorden nas noticias con temática sobre a inmigración e os/as inmigrantes como voces autorizadas e “salvadores/as”. Analizamos xa a caracterización institucional da prostitución onde os gobernos e as ONG’s –salvo contadas excepcións (Hetaira, Licit, etc) queren “salvar” as mulleres representadas como vítimas explotadas e sen axencia. A presentación positiva do nós tamén é empregada en noticias con outras temáticas dentro das pezas relativas á inmigración. No caso das informacións que fan referencia á chegada de inmigrantes, fundamentalmente por mar e a bordo de pateras, observamos unha estratexia similar á da “salvación” das prostitutas inmigrantes. Neste caso trátase dunha salvación física. Todos os diarios analizados empregan os termos: “rescate”, “salvamento”, etc. para describir o momento no que entran en contacto inmigrantes e españois/las de nacemento. O discurso sobre a chegada de inmigrantes céntrase na descrición da tarefa dos servizos marítimos que avistan pateras e van ao seu encontro e na atención médica que reciben as persoas que chegan. A noticia é a chegada das embarcacións. O que acontece cos/as inmigrantes que “interceptan” os equipos de Interior –de acordo coa lóxica de ensalzar os actos positivos e ocultar os negativos- é silenciado polos medios de comunicación, que non lle dedican apenas unhas liñas de modo excepcional e sen entrar en detalles. Observemos os seguintes exemplos: “*serán repatriados*” (“*Interceptados 106 inmigrantes de origen magrebi frente a las costas de Almería y Granada*”, Agencias/Almería, 2/07/2006, 26. *La Voz de Galicia*. Ficha: 29), “*los mayores de edad fueron entregados a la policía para la tramitación del correspondiente expediente de repatriación a sus lugares de origen*” (“*Interceptadas dos pateras con 98 subsaharianos frente a las costas de Almería*”, EFE/ Almería, 31/12/2006, 18. *La Voz de Galicia*. Ficha: 38), “*se esperaba que fueran repatriados*” (“*El Gobierno pide más a Marruecos*”, Las Palmas/Madrid (Redacción y agencias), 2/04/05, 33-34. *La Vanguardia*. Ficha: 85). O resultado é a

construción do mito da “salvación”, e solidariedade da poboación española que “rescata”, “auxilia”, etc. a inmigrantes. O que redonda na vitimización das migradas e no reforzo da súa pasividade. Máis alá dos campos semánticos empregados (rescate, salvación, axuda, etc.), as estruturas sintácticas onde os e as inmigrantes cumpren a función de obxecto directo gramatical ou de suxeito paciente reforzan o estereotipo das mulleres migradas carentes de axencia. Constrúe o estereotipo do/a inmigrante como aquela persoa que espera, a que a rescaten, a que a salven... Vexamos uns exemplos: “*los supervivientes fueron trasladados*”, “*rescató*”, “*falleció mientras le auxiliaban*” (“*Los muertos en la patera de El Hierro eran mujeres y niños*”, EFE/El Hierro, 2/05/2005, 24. *La Voz de Galicia*. Ficha: 16), “*han sido rescatados cerca de 200 inmigrantes indocumentados*”, “*recuperados dos cadáveres*”, “*llegada del dispositivo de rescate*”, “*fueron izados a bordo*”, “*rescató, descubrió, detectó*” (“*Interceptadas cinco pateras con cerca de 200 inmigrantes, 2 de ellos muertos*”, Europa Press/Sevilla, 2/11/2005, 17. *La Voz de Galicia*. Ficha: 24), resalta o pé de foto: “*Medalla de oro en el trabajo a la Cruz Roja. El ministro de Trabajo, Jesús Caldera, reconoció la labor de la institución con los inmigrantes en un acto en el puerto de los cristianos*”, da mesma noticia son as expresións: “*rescataron*”, “*fueron interceptados*”, “*escortados por una patrullera de la GC*”, “*donde la Cruz Roja realizó labores humanitarias*”, “*les esperaba un dispositivo*”, “*trasladados/conducidos*”, “*les dispensó una primera atención*”, “*tuvo que recibir asistencia médica*” (“*Interceptados 106 inmigrantes de origen magrebí frente a las costas de Almería y Granada*”, Agencias/Almería, 2/07/2006, 26. *La Voz de Galicia*. Ficha: 29), outro pé de foto exemplificador é “*Policías y guardias civiles atienden a algunos de los inmigrantes llegados a la Gomera*” (“*Seis cayucos alcanzan las islas con 440 “sin papeles”, tres de ellos muertos*”, José Moreno/Tenerife, 2/09/2006, 16. *La Voz de Galicia*. Ficha: 33), “*que aportasen plazas libres para dar refugio a los sin papeles*” (“*Las islas Canarias, desbordadas por los cayucos*”, Xurxo Fernández, *Los Domingos de la Voz*, 31/12/2006, 6. *La Voz de Galicia*. Ficha: 37), o propio titular: “*Rescate de pateras a la deriva en Fuerteventura*” (2/10/04, 31. *Faro de Vigo*. Ficha: 47), a mesma noticia contén as expresións: “*rescate de pateras a la deriva*”, “*rescató*”, “*este rescate se produjo*”, “*Guardia Civil auxiliara a otros 38 inmigrantes*”, etc. Outras expresións de construción do mito da salvación son: “*fueron arrojados con mantas*” (“*Más de 30 detenidos en una patera, en la que iban 9 menores*”, 2/05/05, 49. *Faro de Vigo*. Ficha: 55), “*pudo rescatar a los inmigrantes*” (“*Tres inmigrantes, de los 430 que llegaron ayer a*

Canarias, fallecen tras su rescate”, Agencias/Madrid, 2/09/06, 27. *Faro de Vigo*. Ficha: 67), de novo unha fotografía reforza a construción do mito da salvación, o pé de foto reza: “*Uno de los 22 inmigrantes rescatados el jueves es atendido por un voluntario a su llegada a la isla de El Hierro*”, a mesma peza contén as expresións: “ *fueron rescatados*”, “*(patera) fue rescatada por el pesquero*”, “*fueron trasladados a hospitales*”, “*el resto llegó...fueron atendidos*” (“*El Gobierno pide más a Marruecos*”, Las Palmas/Madrid (Redacción y agencias), 2/04/05, 33-34. *La Vanguardia*. Ficha: 85), “*s’els va submnistrar una dieta tova amb molt de líquid i abrics*”, “*quan van poder ser atesos*”, “*els infermers de la Creu Roja van detectar*”(“*La majoria de les 13 víctimes de la pastera eres dones i nens*”, 2/04/05, 44. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 122), destaca tamén o pé de foto: “*Una voluntària de la Creu Roja abriga el nadó arribat en una pastera*”. Exactamente a mesma fotografía pero sen pé de foto aparece noutra noticia da mostra, concretamente en *La Vanguardia* na noticia titulada “*Trescientos inmigrantes en tres días*” (2/11/05, 33. Ficha: 91). Na peza informativa da fotografía co pé de foto citado, atopamos a expresión: “*La Junta ha sol·licitat a les autoritats portuàries.que els permetin condicionar una zona per atendre els nens*” (“*L’allau de pasteres col·lapsa els centres de menor a Andalusia*”, Julia Camacho/Sevilla, 2/11/05, 35. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 133), “*rescatats per la Guardia Civil*” (“*Arriben 106 immigrants en pasteres*”, Europa Press, 2/07/06, 27. *El Periódico de Catalunya*. Ficha: 139).

Queremos reparar nunha peza informativa publicada por *El Periódico de Catalunya* co evocativo título de “*Pasteres solidàries*” (Manuel Vilaseró/Puerto del Rosario/Enviat Especial, 31/12/04, 1/01/05, 46. Ficha: 119). Nesta noticia, amplíase a caracterización positiva do polo nós á toda a sociedade, e non só ás ONG’s e aos servizos de Salvamento Marítimo da Garda Civil e do Ministerio de Interior. A peza está ilustrada cunha imaxe co seguinte pé de foto explicativo: “*Acollits i adoptats: Tina i Fana, amb el seu nadó, en un centre d’acollida de Fuerteventura*”. A utilitzación do termo adopción para facer referencia a adultos implica unha infantilización da inmigración. O que resulta nun reforzo do estereotipo da falta de axencia por parte dos/as inmigrantes. O subtítulo expón o suxeito da acción positiva, parte da sociedade receptora: “*Diversos empresaris espanyols acullen i donen feina a famílies senceres d’africans arribats per mar a Fuerteventura*”. No corpo do texto, o redactor insiste no bo carácter do empresario que “acolle” á familia de inmigrantes: “*els donaré feina i vivenda*”, “*els esperarà a l’aeroport*”. Esta noticia, que constitúe unha excepción na

mostra, é o exemplo máis radical da estratexia da representación da alteridade mediante o distanciamento entre “nós” e “elas” empregando a énfase dos nosos trazos positivos. A mesma finalidade, aínda que exposta nun grao menor, téñena as noticias que describen os procesos de acollida por parte de institucións sen ánimo de lucro (monxas, etc.) de inmigradas. Palabras como “axuda” ou a xa citada “acollida” son comúns neste tipo de pezas. O cintillo “*Tres décadas ayudando a las madres*” ilustra o carácter enfático dos trazos positivos da sociedade receptora. No corpo da noticia tamén se incide no carácter positivo do nós: “*acoge... a mujeres embarazadas sin recursos*”, “*y les apoya en el camino de la reinserción*”, “*cuentan con la ayuda de*”, “*el objetivo final es lograr su inserción sociolaboral*” (“*Un hogar lejos de casa*”, Amaia Mauleón/Vigo, 2/08/05, 24. *Faro de Vigo*. Ficha: 57). Ademais do enfoque do “rescate” analizado, tamén atopamos na mostra varias noticias con temática de fronteiras nas que se emprega o campo semántico de “interceptar” no canto do de rescatar ou salvar. O enfoque é máis explícito nestas pezas, onde se dá a entender, mesmo sen logo concretalo, que as persoas que migran pasan a disposición policial. Co que o resultado non é o reforzo da construción do distanciamento entre nós e elas senón a criminalización das migradas.

4.3.26. *O discurso dirixido cara ao endogrupo*

A continuación, centrámonos no tipo de público cara ao que vai dirixida cada noticia como criterio de análise. Cada un dos diarios da mostra ten un público fidelizado. No apartado no que presentamos a mostra describimos, a grandes trazos, o/a lector/a tipo de cada unha das cabeceiras. A prensa non é unha canle que xere tanta fidelización como pode requirir unha emisora de radio. Sen embargo, si é un soporte cun importante grao de fidelización no número de lectores/as. En xeral as persoas mercan e len os diarios que están escritos na súa lingua, conteñen información do seu entorno local e son afíns á súa ideoloxía, entre outros requisitos. O colectivo de migradas de países de fala non hispana teñen un impedimento á hora de ler os contidos da prensa española (e galega e catalá), sobre todo ao comezo da súa estancia en España, cando aínda non se fixeron coas ferramentas lingüísticas que lles permitan a comprensión lectora. Barcelona é, xunto con Madrid, a comunidade que alberga a edición do maior número de publicacións editadas por e para inmigrantes. Na actualidade existen máis dun cento de publicacións especializadas en público

inmigrado. Hainas en varios idiomas, formatos e periodicidades. Segundo a edición número dous do Estudo de Medios para Inmigrantes (EMI) auditado pola AIMC e presentado o 16 de outubro de 2008 na Casa de América, o perfil de lector/a migrado/a que consume información a través de prensa xeralista de pago –a que escollemos para elaborar a mostra- é a dun home (53,3%), entre 20 e 34 anos (52 %). Nos datos totais obtidos na realización dun total de 3500 entrevistas persoais a poboación migrada, evidénciase que a lectura de diarios xeralistas de pago é a cuarta e última opción informativa do colectivo de inmigrantes, cunha porcentaxe de seguimento do 14,9 por cento. A primeira fonte de información escrita son os semanarios editados por inmigrantes (cun 27% dos/as lectores/as), seguido polos diarios gratuítos (cunha porcentaxe de seguimento do 24,8%) e polas publicacións de periodicidade mensual editadas por e para inmigrantes (16% de audiencia total). Se atendemos aos datos concretos da provincia de Barcelona, a lectura de diarios xeralistas pasa ao terceiro posto cunha porcentaxe do 20,4 por cento, tras o 32,3 por cento dos gratuítos e o 22,7 por cento dos semanarios editados por inmigrantes. O perfil do lector/a tipo tamén se modifica no estudo do ámbito territorial barcelonés. A porcentaxe de lectoras (17,6%) é a máis afastada da cifra de lectores (22,7%) nas catro categorías de prensa analizadas por AIMC. Os dous diarios cataláns da mostra figuran na lista de medios auditados en 2008 por EMI. Concretamente, *La Vanguardia*, cunha porcentaxe de 41 por cento, é o principal diario en seguimento de lectores/as de orixe estranxeira. *El Periódico* segue ao diario fundado polos condes de Godó en lectores/as, cunha cifra porcentual do 31,9 por cento.

Dado que esta investigación non se centra na fase de recepción da información e polo tanto na figura do/a lector/a, senón no discurso, deixamos de lado a análise dos hábitos de consumo informativos de inmigrantes e tornamos ao tratamento informativo. O ton, a temática, a inclusión ou exclusión dos protagonistas nas fontes, etc. xeran a idea dunha comunidade concreta. Na análise diferenciamos entre tres hipotéticos públicos receptores: unha sociedade sen divisións ou unha sociedade fragmentada, onde por unha banda está o endogrupo autóctono e por outra un gheto de inmigrantes. Tras a análise constatamos que a maioría das noticias están dirixidas cara a un lector abstracto pertencente ao endogrupo, escindindo deste xeito a sociedade simbolicamente. Excluindo a poboación migrada da institución mediática. Os dous diarios galegos analizados son as cabeceiras que máis redactan para o endogrupo. Pola contra, os medios cataláns da mostra tenden a enfocar as noticias cara a unha sociedade sen

divisións. Os casos nos que as cabeceiras dirixen as noticias cara a poboación migrada, tamén unha práctica de fragmentación, son excepcionais, como se pode observar no cadro inferior.

Público da noticia	Inmigrantes	Endogrupo	Sociedade sen divisións
<i>La Voz de Galicia</i>	-	26	12
<i>Faro de Vigo</i>	4	26	10
<i>La Vanguardia</i>	4	9	19
<i>El Periódico</i>	2	14	25
SUMA	10	75	66

4.3.27. A hipérbole

Pospoñemos a análise do léxico e os campos semánticos empregados na construción das informacións ao remate da análise. Na mostra non se atopou ningunha metáfora relevante, pero si de forma excepcional hipérboles, construídas a partir da imprecisión e esaxeración na exposición de datos, nomeadamente nas noticias sobre a chegada de pateiras ás costas españolas: andaluzas e canarias. O diario da mostra que máis emprega esta estratexia de xeito máis ca evidente é *La Vanguardia* que fai uso de expresión imprecisas e precedidas de xiros como: “*un total de....a bordo de al menos...*”, “*dar asistencia a tanto inmigrante*”, “*a cerca de ochocientos inmigrantes clandestinos*” (“*SOS en las costas de Almería*”, Rocío Amores/Almería, 31/08/04, 24. Ficha 80), “*más de 300*”, “*varias embarazadas*”, “*varias embarcaciones*” (“*Trescientos inmigrantes en tres días*”, 2/11/05, 33. *La Vanguardia*. Ficha: 91). Cando se ofrecen cifras sempre se deixa aberta a posibilidade de que o relato sexa inferior á realidade. Por outra banda, a utilización de expresións como “tanto inmigrante” raia na opinión, práctica non aceptada na información, xa que os medios teñen espazos reservados para este outro xénero periodístico. A utilización das hipérboles soe ir completada discursivamente co emprego de metáforas naturais ou militares. Neste caso concreto, a noticia de *La Vanguardia*, a xornalista fai uso da metáfora natural da inundación: “*en la mayor oleada migratoria registrada durante todo el verano*”. No corpo da noticia faise unha minuciosa descrición da situación da mar (“*el mar totalmente en calma y la luna llena*”), o que integra a metáfora na información facendo que pase desapercibida nunha lectura non crítica. Deste xeito os efectos da metáfora son máis contundentes.

Nas noticias sobre chegada de pateiras, e tamén nas informacións sobre procesos de regulamentación, violencia machista, etc. téndese a aludir ás migradas en forma de números, o que Van Dijk denominou a “retórica dos números”. As cifras connotan exactitude, veracidade. Pero outro dos efectos da cuantificación é a xeralización na que sumen ás individuos contadas. En termos de Natalia Fernández (2003: 143-144) a consecuencia do uso dos números non é so a abstracción de identidades e concreción dos feitos senón tamén a de perfilado da identidade das mulleres caracterizándoas en tanto parte do sexo feminino, e reducíndoas ao papel de vítimas. A sentenza de Fernández cúmprese no caso das noticias de violencia machista- o seu eido de estudo- pero tamén nas de chegada de mulleres migradas en pateira, ou na de exclusión social en tempos de regulación administrativa, etc.

Hipérbole: datos	SI
<i>La Voz de Galicia</i>	1
<i>Faro de Vigo</i>	-
<i>La Vanguardia</i>	3
<i>El Periódico</i>	-

4.3.28. Noticias con datos cuantitativos

Na elaboración da ficha de análise estableceuse a categoría de noticias con datos cuantitativos sobre inmigrantes, e dentro desta categoría outra que as divide entre aquelas nas que os datos se desagregaron por sexo, e nas que non. A presentación dos datos da inmigración pode contribuír a xerar a idea de invasión cando se malinterpretan, pero se se fai un bo uso das cifras, os datos reais da migración o que fan é contribuír a desfacer a pantasma da “oleada”, “invasión”, “masiva”, etc. As cifras desagregadas por sexo, así mesmo, contribúen a desfacer o estereotipo de inmigrante como masculino, xa que a cifra real da presenza de mulleres e homes inmigrantes é moi similar. Os diarios cataláns mostran unha presenza maior de noticias nas que non se ofrecen datos estatísticos sobre a migración. Os galegos, pola contra, mostran unha presenza equilibrada entre as noticias que ofrecen datos e as que non- este é o caso de *La Voz de Galicia*, ou mesmo unha primacía (con pouca vantaxe iso si) das noticias con datos sobre as que non presentan cifras ou porcentaxes de migrados/as –este é o caso de *Faro de Vigo*. Vexamos as cifras concretas no cadro inferior.

Datos	SI	NON
<i>La Voz de Galicia</i>	19	19
<i>Faro de Vigo</i>	20	15
<i>La Vanguardia</i>	13	16
<i>El Periódico</i>	14	25

4.3.28.1. Datos desagregados por sexo

Centrándonos nas noticias que ofrecen estatísticas e datos cuantitativos, existe unha primacía entre as que non desagregan os datos por sexo (entre as que se inclúen aquelas que fan referencia exclusiva ao número de mulleres vítimas de violencia machista por exemplo) sobre as que si indican a cantidade de migradas e migrados. A porcentaxe das noticias con datos desagregados por sexo está moi equilibrada coas pezas nas que non se desagrega en tres diarios da mostra, non así en *El Periódico de Catalunya*, medio no que só nun ¼ de informacións con datos están desagregados por sexo. A consecuencia simbólica da práctica de non desagregar os datos por sexo é a construción do estereotipo do inmigrante como masculino. Malia que a feminización da migración é unha realidade universal, e tamén española, dende hai décadas, existe a idea estendida nas sociedades de que a maioría das persoas que veñen inmigradas a España, e ao resto do mundo, son homes. Esta crenza contribúe a reforzar o estereotipo da muller pasiva, vítima e sen axencia que espera a que alguén actúe por ela, neste caso os homes: maridos, pais, fillos, etc. que deixen o país para buscar sustento económico para as familias. No cadro inferior sinálase a situación concreta de cada cabeceira en relación a se desagregan ou non os datos por sexo.

Desagregados por sexo	SI	NON
<i>La Voz de Galicia</i>	9	10
<i>Faro de Vigo</i>	11	9
<i>La Vanguardia</i>	6	7
<i>El Periódico</i>	3	11

4.3.29. O ton de conflito como maioritario

Resulta difícil enmarcar determinadas noticias nunha categoría concreta de ton. Por iso hai corenta noticias que están computadas como de ton non definido: 11 en *La Voz de Galicia*, 9 en *Faro de Vigo* e 10 en cada unha das cabeceiras catalás. Outras teñen máis dun ton global. As noticias foron clasificadas en cinco categorías diferentes de tons. O ton de conflito caracteriza a aquelas pezas informativas nas que a mera presenza da migrada en territorio español se considera unha ameaza, e fonte de calquera tipo de problemas: económicos, sanitarios, sociais, educativos, políticos, culturais, etc. A perspectiva deste ton é sempre á propia do endogrupo, a quen pertence o xornalista e a dirección do medio de comunicación, como a maioría dos lectores/as do mesmo. Tamén se enmarcaron dentro desta tipoloxía as noticias nas que a temática principal é a de delincuencia, drogas, terrorismo, etc. e se indica a nacionalidade de orixe ou a condición de irregularidade administrativa no país da migrada. Luís Benvenuty asina unha noticia titulada “*Muy latina, más segura*”, “*La feria de Abril acaba con pocos incidentes y muchos inmigrantes*” (“*Muy latina, más segura*”, Luís Benvenuty/Sant Adrià de Besòs, 2/05/05, Vivir 2. *La Vanguardia*. Ficha: 86). Esta información de ton non definido representa unha mostra do imaxinario social sobre tratamento da inmigración como un conflito, un problema. O titular é precisamente unha mostra de que existe a crenza de que a inmigración é problemática e conflitiva. O xornalista evidencia a falsidade da ecuación inmigración- conflito describindo unha feira con asistencia maioritaria de poboación inmigrada nun clima de seguridade e tranquilidade. De todos os xeitos o mérito da seguridade do evento non se lle recoñeceu á asistencia de inmigrantes. Tras ler a noticia completa a responsabilidade da tranquilidade recae sobre os Mossos de Esquadra, nunha das súas primeiras actuacións en tanto novo corpo policial en Cataluña. A única fonte feminina da noticia, unha muller migrada dende Ecuador, de 25 anos de idade, sentencia nunha das frases recollidas polo xornalista: “*aquí una se siente más segura*”. Debe entenderse que aquí é Cataluña e alí, Ecuador. Logo o mérito da tranquilidade é dos Mossos e non da propia poboación migrada. É común que as noticias con ton de conflito sexan tamén as que pertencen á categoría de oposición binaria entre nós- elas, e con fontes endóxeas (non migradas).

O ton humanitario, segundo a definición de Clara Pérez (2003a: 139-140), é aquel no que se resalta o carácter humanitario dalgunhas accións, sobre todo de aquelas que levan a cabo os axentes de policía e salvamento marítimo, ou algúns centros de

adscripción relixiosa de cara a mellorar a situación das migradas. Verbos como “rescatar”, “auxiliar”, “ir en su encuentro”, etc. son comúns nas informacións sobre a chegada en pateira e as accións dos policías. Véxase a análise da estratexia de distanciamento nun apartado anterior. A fronteira entre o ton de conflito e o humanitario no caso das noticias sobre a chegada é borrosa. Na análise o criterio foi marcar a opción global, pero nalgunha noticia foi seleccionada máis dunha opción na categoría de ton.

O ton de contribución é aquel no que se ensalzan as virtudes positivas da inmigración en tanto contribuínte ao sistema de cotización da Seguridade Social, ás bolsas de traballo desempeñando labores necesarias para a sociedade, etc. No caso das mulleres migradas destácase a presentación social e mediática da súa contribución á natalidade, ás tarefas de coidado de anciáns e menores, e mesmo ao aleitamento das criaturas. Este ton recibe críticas por parte de varios colectivos e estudosos/as da inmigración na medida en que xustifica un acto de xustiza pola súa rendibilidade económica e social. E por outra banda contribúe a reforzar o patriarcado propio substituindo as mulleres occidentais, emancipadas coa incorporación laboral masiva, por inmigradas que tornan a facer as tarefas tradicionais e de coidados que nin os gobernos nin unha corresponsabilidade real asumen.

Os tons paternalista e vitimista son parentes do patriarcado. O paternalista é aquel no que se trata as migradas como menores de idade, sen poder de decisión. O enfoque trafiquista é unha das modalidades de estratexia paternalista máis empregadas. O ton vitimista caracteriza ás noticias nas que os/as inmigrantes se presentan como vítimas, persoas sen axencia que son traídas e levadas sen tomar decisións. Trátase da estratexia discursiva de negar a axencia ás migradas construíndoas como vítimas, como menores. Os tons son moi semellantes, e as súas consecuencias sociais tamén.

Ton	Conflito	Humanitario	Paternalista	Vitimista	Contribución	Sem
<i>La Voz de Galicia</i>	9	7	6	3	4	11
<i>Faro de Vigo</i>	16	8	6	2	1	9
<i>La Vanguardia</i>	14	3	2	-	3	10
<i>El Periódico</i>	12	8	4	1	5	10
SUMA	51	26	18	6	12	40

Como podemos observar no cadro superior a maioría das noticias da mostra empregan o ton de conflito. Se desagregamos as cifras por cabeceira, comprobamos que todas empregan este ton en primeiro lugar. O seguinte ton por uso é o humanitario, como indicamos, ligado ao de conflito. *La Vanguardia* afástase un pouco do resto de

diarios da mostra, mantendo un uso moito máis excepcional deste ton, só en 3 ocasións, fronte ás 8 de media do resto. O ton paternalista é o terceiro en uso, seguido do de contribución e do vitimista. Son os diarios galegos os que prefiren o uso do ton paternalista. En canto ao uso do ton de contribución son *La Voz de Galicia* e *El Periódico de Catalunya* os medios que máis o empregan, fronte ao menor uso de *La Vanguardia* e *Faro de Vigo*.

4.3.30. A sintaxe activa como norma

A continuación, categorizamos de xeito global a sintaxe das noticias entre activas e pasivas. A maioría das noticias empregan sobre todo a sintaxe activa, se ben hai unha porcentaxe (arredor dun ¼ nos diarios galegos e irrelevante nos diarios cataláns da mostra) que emprega fundamentalmente estruturas sintácticas en voz pasiva. A sintaxe connota a temática e as protagonistas das noticias. Así unha prevaencia de estruturas activas é lida como unha estratexia discursiva positiva. Sen embargo, hai que facer unha lectura da utilización das estruturas pasivas en función do contexto para poder extraer conclusións máis acertadas. Xa observamos noutras categorías de análise que a presentación dos e das inmigrantes que chegan en padeira se fai a partir de estruturas pasivas que sitúan aos/ás inmigrantes na situación de espera, subordinados/as á acción dos protagonistas activos da noticia: os equipos de salvamento marítimo e os servizos de atención médica en terra. Tamén fixemos referencia á utilización de estruturas gramaticais pasivas ou de subordinación á función de Obxecto Directo das inmigradas vítimas de violencia machista. As inmigrantes maltratadas e asasinadas polos agresores son retratadas como vítimas pasivas que reciben impasibles consellos e advertencias dos servizos sociais e do entorno, nalgúns casos, e que non actúan. Lembremos o caso publicado por todas as cabeceiras da mostra na que se xulga discursivamente á muller rusa que fora atendida 13 veces polos servizos sociais e á que lle recomendaran que denunciara ao seu agresor e que ao final foi asasinada por este sen ter interposto unha denuncia. Véxase os sucesivos apartados de vitimización das migradas xa presentados.

Sintaxe	Activa	Pasiva
<i>La Voz de Galicia</i>	28	10
<i>Faro de Vigo</i>	28	10
<i>La Vanguardia</i>	26	3

Tras a análise cualitativa, apoiada nos datos extractados dunha análise mixta da mostra e seguindo coa perspectiva crítica de análise do discurso, afirmamos co grupo PICNIC que: *“Las inmigrantes son parte del discurso general sobre inmigrantes que es, fundamentalmente, masculino”* (BERNÁRDEZ, 2007: 134). Amparo Moreno (2007: 187) sinala que a través das follas dun diario podemos saber a qué se lle dá importancia social: a qué escenarios, personaxes, temas, etc. Constátase pois a ausencia de recoñecemento das mulleres migradas en tanto suxeito social de pleno dereito. Pois quen non é nomeado non existe e os medios de comunicación son na actualidade o principal escenario de bautismo social dos individuos. Varias das informacións que están recollidas na mostra como noticias que representan a mulleres, preséntanas como excepción (as mulleres embarazadas que viaxan en pateira, unha presidenta de asociación de inmigrantes entre unha ducia de varóns representantes doutros grupos, etc.), vítimas (de violencia machista, de accidentes, do terrorismo, da trata, do tráfico, etc.) ou como obxectos pasivos. A metodoloxía da ACD, apoiada na teoría do *Framing* ofreceunos as ferramentas necesarias para facer unha análise cualitativa que non queda na xeralización senón que se mergulla nas particularidades e estratexias de representación das mulleres migradas, e conseguintemente que desvela a construción do estereotipo de migradas pola prensa.

4.3.31. A linguaxe e a construción dos estereotipos

“El lenguaje que el discurso mediático asocia a las inmigrantes y utiliza para denominarlas aparece como el momento inicial del proceso de transferencia simbólica que conduce a la formación de su identidad mediática” (CASERO, 2007: 73)

Xa fixemos mención ás estratexias de construción do estereotipo das migradas a través da linguaxe, en cada un dos apartados temáticos anteriores. A continuación, analizaremos a construción da inmigrante de orixe árabe como terrorista fundamentalista: unha constante na prensa, segundo constataron varios estudos anteriores sobre a representación da inmigración na prensa española. A exposición do dato da relixión musulmá, maioritaria segundo constatamos na mostra, está relacionada coa estratexia de construción do outro como ameaza terrorista. Dende os sucesos dos

ataques terroristas nos Estados Unidos de Norteamérica o 11 de setembro de 2001, na prensa consolidouse o estereotipo de árabe=terrorista. A sospeita cara o musulmán, mesmo o máis tolerante e integrado, esperta na sociedade, e nos medios de produción simbólica, nomeadamente nos medios de comunicación. Segundo o experto arabista Mohamed El-Madkouri (2006a: 2207), os atentados do 11 S marcaron un antes e un despois na representación da inmigración. Ed-Makouri sinala que a “fundamentalización” da inmigración, é dicir, a asociación acrítica entre inmigración, fundamentalismo e terrorismo, é notoria nos medios. A investigación alude á “terrorificación” da inmigración económica para caracterizar o estereotipo de inmigrante: *“problemático, desagradecido, insaciable, fanático, y hasta delincuente, que se convierte ahora, a ojos de muchas opiniones, en un terrorista en potencia que viene a desestabilizar la seguridad de la civilización occidental”* (EL MADKOURI, 2006a: 2214). Na mostra observamos o uso reiterado de xeralizacións e da abstracción que contribúen á construír as persoas que migran como terroristas. A homoxeneización leva á consolidación de varias asuncións, sinaladas por El-Madkouri (2006a: 2216) tales como que 1) todos os/as inmigrantes son *“corresponsables de las actitudes de algunos de sus miembros”*, 2) *“los inmigrantes son un problema de seguridad nacional”*, 3) *“todos los inmigrantes de “origen musulmán” son musulmanes, cuando no islamistas”* e 4) *“ser musulmán es estar dispuesto a ser terrorista”*. A relación conceptual entre Islam e terrorismo dáse por suposta e demostrada. Os medios de comunicación, como sinala o noso investigador, loan o discurso relixioso. No léxico, o reflexo é o abuso do campo léxico -semántico da guerra e o terrorismo. Na mostra atopamos varios exemplos desta tese. Queremos destacar o amplo tratamento que se lle concedeu en todas as cabeceiras analizadas na mostra ao conflito diplomático entre Francia e un grupo terrorista concreto de Iraq, que malia non contar co apoio da sociedade musulmá, nin sequera a máis radical e mesmo fundamentalista, serviu para xerar a impresión da intolerancia dos musulmáns cara aos dereitos de laicidade e respecto ás institucións democráticas de Occidente. Véxase nun apartado anterior a análise pormenorizada desta serie de noticias.

Malia que a mostra se corresponde a unha época posterior aos atentados terroristas dos trens de cercanías en Madrid, acontecidos en marzo de 2004, no corpo de análise teñen eco os sucesos, concretamente a través da noticia da captura do voceiro de Al Qaida, que sucedeu ao apresamento dunha familia de Leganés, presuntamente implicada na fuxida do mesmo. Todos os diarios da mostra lle dan cobertura a esta

detención. *La Voz de Galicia* leva a portada (“*Cae el portavoz de Al Qaida en Europa tras la detención de una familia marroquí en Leganés*”) a nacionalidade de orixe da familia presuntamente cómplice do voceiro de Al Qaida, xerando así unha asociación forte entre terrorismo e países de cultura árabe. O estereotipo occidental entende o árabe e musulmán como sinónimos malia que como aclara El-Madkouri (2006b: 1885): “*no todos los países islámicos son árabes, ni todos los árabes son musulmanes*”. Na peza da *Voz de Galicia*: “*Detenido en Bruselas el portavoz de Al Qaida que reivindicó el 11-M*” (Melchor Sáiz-Pardo/Madrid, 2/02/2005, 19. Ficha: 13) faise un tratamento sensacionalista e de “terrorificación”, en expresión de Ed-Madkouri. O pé de foto que acompaña a imaxe que ilustra esta peza é dabondo explícito: “*Imágenes de vídeo en el que se reivindican los atentados del 11-M*”. O titular de portada e a fotografía da peza son un claro exemplo de construción e reforzo do choque de civilizacións. Malia que as accións negativas, as comete un grupo concreto: GICM (Grupo Islámico Combatente Marroquí), na noticia esténdese a acción ao resto da comunidade musulmá, como se pode apreciar na fotografía escollida e no pé de foto. Ao longo de toda a peza editada en *La Voz de Galicia* obsérvase unha dualidade entre os occidentais –que traballan en colaboración- e os outros, caracterizados como terroristas en potencia, ou cando menos en cómplices do mesmo. O léxico empregado para a redacción por Melchor Sáiz-Pardo é unha mostra prototípica do tratamento da temática terrorista en relación coa inmigración. O xornalista emprega no mesmo parágrafo termos como: “*mezquita*”, “*activista*”, “*atentados*”, “*operación antiterrorista*”, “*masacre de los trenes*”, “*célula que perpetró la masacre*”, “*terroristas integristas*”, “*suicidaron*”, “*asesinos que lograron zafarse con vida del cerco policial*”, “*fuga*”, “*autores materiales*”, “*células integristas desmanteladas*”, “*atentados*”, “*jefe*”, “*acólitos*”, “*cuatro marroquíes capturados*”, “*supuesto cerebro de la masacre*”, “*arrestado bajo otra identidad*”. *Faro de Vigo* editou o mesmo día unha noticia sobre este feito. Titulouna “*Detenido un matrimonio marroquí y sus dos hijos en relación con el 11.M*” (OTR Press-EFE/Madrid, 2/02/05, 35. Ficha: 50). Cremos oportuno destacar o contexto desta noticia. Esta peza informativa comparte páxina de maqueta con tres noticias sobre terrorismo: Bomba de ETA en Denia; discurso de Pilar Manjón editado; vítimas de ETA e GRAPO piden solidariedade e Gordillo quere prohibir pacto con terroristas por lei. Ningunha das outras noticias é relativa ao terrorismo fundamentalista, sen embargo, o equipo editorial decidiu situar a noticia da detención da familia, presunta colaboradora con banda terrorista con novas relativas a ETA e GRAPO para xerar así unha asociación

dun terrorismo descoñecido co imaxinario de ETA tan interiorizado pola acción dos medios. Os subtítulos reforzan o carácter terrorista dos detidos: *“Los investigadores vinculan a esta familia con miembros del “Grupo Islámico Combatiente” e “Están acusados de facilitar la huida de Mohamed Belhadj, cuyo hermano fue capturado en Bélgica”*. A nivel léxico-semántico non hai diferenzas que destacar coa noticia de *La Voz de Galicia* previamente analizada. A redacción emprega tamén os termos relativos ao campo semántico do terrorismo: *“vinculan a esta familia con miembros del GICM”, “atentados”, “acusados de alojar a implicados/de facilitar la huida”, “hermano del presunto portavoz de Al Qaeda”, “fue detenido”, “los detenidos tienen también relación directa con otros dos de los huídos”, “alojaron en su domicilio”, “atentado suicida”, “en el que perdieron la vida”, “grupo terrorista”, etc.* Na mostra, non atopamos publicada ningunha peza en *La Vanguardia* sobre este feito, pero si en *El Periódico de Catalunya*, quen titulou: *“Detinguda una familia marroquina a Leganés relacionada amb l’11-M, “Investigació de la xarxa de terrorisme islamista a Espanya”* (cintillo), *“La policia acusa els 4 arrestats d’ajudar 2 autors de l’atemptat a escapar-se” e “La parella i els dos fills guarden relació amb el portaveu d’Al-Qaida a Europa”* (subtítulos). A peza (*El Periódico/Madrid*, 02/02/05, 24. Ficha: 120) comparte páxina na maqueta con dous breves sobre terrorismo (non se rebaixa a pena a un etarra e o fiscal veta o pacto con terroristas) co que se reforza a idea de asimilación do terrorismo fundamentalista ao xa coñecido pola poboación española e que leva as siglas de ETA. O tratamento deste diario é semellante ao dos anteditos. Emprega as mesmas estratexias. Destaca o uso –moito máis explícito que nos outros diarios- de léxico terrorista: *“després de l’explosió del pis de Leganés on es van immolar set més dels membres del comando”, “les acusacions contra la família marroquina van més enllà”, “que la de la mera col·laboració que implicaria aquesta presumpta ajuda als fugits”, “atemptats”, “es va portar a terme una batu en què va caure”, “van ser arrestats”, “després de que un home amb accent àrab informés de la seva ubicació en una trucada”, “la policia sosté que, en últim terme, el matrimoni i els germans detinguts ahir són en realitat membres actius del GICM a Espanya”, etc.* Queremos sinalar aquí a detectada estratexia –moi común en casos de violencia machista- de empregar como fontes aos veciños: *“els veïns van explicar, al saber la notícia, que a l’apartament viven en la pràctica unes 12 persones”*. O dato que engaden os veciños é irrelevante para a causa xudicial e constrúe á inmigración como masa, e mesmo a animaliza.

La Vanguardia edita na mostra a peza *“En memoria de las víctimas (21):*

“María Ivanova, “Se sentía feliz en Madrid””” (Javier Maestro, Mar Díaz Varela, Mariano Guindal, Juan Carlos Merino y Yolanda Purón, 2/04/04, 14. Ficha: 74) na que presenta ás mulleres inmigrantes, e tamén aos homes, como vítimas do terrorismo fundamentalista. O contexto da noticia, que subconscientemente se tende a relacionar co contido da mesma, é unha peza sobre o primeiro rezo islamo- cristiá nunha mesquita. Xa tiramos as consecuencias de relacionar mesquitas con terrorismo. Sen embargo, neste caso concreto cabe introducir o matiz da tolerancia interrelixiosa que implica que o rezo sexa de dous credos, e nomeadamente o maioritario de Occidente (Cristianismo) e o maioritario do mundo árabe (Islam). Na reportaxe de *La Vanguardia*, *“En memoria de las víctimas”*, figuran 3 biografías de migradas, fronte a 4 máis de persoas nadas en España. Dado que a porcentaxe de persoas inmigradas en España era na data de publicación da reportaxe (2004) en torno a un 6% constatamos unha sobrerrepresentación das migradas como vítimas, o que vai en detrimento da súa integración social e normalización como cidadás iguais ao resto. A estratexia de vitimización vai acompañada dunha idealización da persoa finada, da que se exaltan os aspectos positivos, pero sobre todo os aspectos femininos, aqueles que reforzan o estereotipo de muller tradicional: nai e esposa (*“acababa de echarse un novio”, “tenía un hijo”, “su deseo era reunificar a su familia”, “esperaba regularizar su situación legal y a partir de ahí traerse a su marido y a su hijo”*), coidadora (*“trabajaba en España como asistenta”, “compaginaba esa labor con otro trabajo”, “cuidaba de un niño y se ganaba así la vida”, “llevaba una vida tranquila”, “no era buena cocinera”, “optaba por preparar platos típicos de su país”*), coqueta e presumida –o que reforza a construción da muller obxecto (*“tan impecable como siempre- dicen que siempre le gustaba ir muy arreglada y maquillada- tomo el cercanías”*), etc. O discurso desta peza informativa reforza o mito da acollida, e idealiza a inmigración, e fundamentalmente a recepción por parte da sociedade do endogrupo ao exogrupo: *“la vida empezaba a sonreírle”, “estaba contenta”, “se había adaptado muy bien”, “tras su llegada”, “se veía dentro de un tiempo de vuelta a su patria”, “pudiéndose permitir una vida más agradable que la que la obligó a marcharse”, “años de penuria...la animaron a emigrar”, “a su llegada...se instaló”, “decidieron buscar un futuro mejor”, “se vinieron a España con todo el dolor del mundo, como cabe imaginar, pues dejaron a sus hijas”*, *“murió en su asiento. Y, con ella, el sueño”*, etc. Ao longo da peza non se responsabiliza a ninguén dos atentados do 11-M. Dada a proximidade no tempo, está presente no imaxinario social a autoría dos mesmos (en proceso policial e xudicial nese

intre). Nesta peza, as migradas son construídas como vítimas e non como verdugos, como acontecera nas tres novas anteriormente analizadas. Con este mesmo ton e intención, *La Voz de Galicia* publica unha noticia tamén sobre vítimas do 11-M, de orixe galega. Entre os perfís destaca o dunha muller inmigrada, presentada como “*pontevedresa de 42 años de origen colombiano*”. Resulta contraditorio o titular “*Las raíces gallegas del 11-M*” (María Jesús Fuente/Vigo, 2/04/2004, páx. 19. Ficha: 2), pero sobre todo o subtítulo: “*La Xunta de Galicia investiga el número de víctimas y de colaboradores de origen gallego en el atentado de Madrid para estudiar una forma de homenaje o recompensa*” coa información sobre a orixe colombiana da vítima. Se se considera galega non debería sinalarse a nacionalidade de orixe, xa que en prensa menos é máis. Os datos que se sinalan responden a un motivo, neste caso inconsciente, a construción das mulleres migradas como vítimas.

O terrorismo xorde de novo como temática na mostra de *La Vanguardia* nunha entrevista a Félix Herrero, presidente da Feeri e secretario da Comisión Islámica (“*Soy partidario de la poligamia, pero respetamos la Constitución española*”, Isabel Ramos Rioja/Barcelona, 2/04/06, 37. Ficha: 93). Neste caso a vinculación entre terrorismo e Islam establécea a xornalista, Isabel Ramos Rioja, de maneira explícita ao preguntar de maneira directa: “*¿Cómo está el caso de las detenciones que se practicaron entre miembros de su mezquita por supuesta vinculación terrorista?*”.

4.3.32. *As que se moven non saen na foto: análise do tratamento visual das migradas*

“*La selección de las imágenes incide claramente en la representación de la realidad por lo que el emisor trata de establecer una coherencia entre la imagen y el fin que pretende conseguir: conmover, persuadir, dar pena, etc.*” (MARTÍNEZ LIROLA, 2008: 149).

As fotografías son xunto cos titulares os espazos que gozan de maior atención por parte da audiencia na lectura dun diario, e os/as editores/as –conscientes desta realidade- empregan a ferramenta da infografía (imaxes, gráficos, cadros, debuxos, etc) con obxectivos concretos, entre os que se poden contar os citados: conmover, persuadir, dar pena, etc. Na temática concreta da inmigración, e nomeadamente na relativa ás mulleres inmigradas, como indica Martínez Lirola (2008: 149), “*las imágenes son cruciales en el proceso de persuadir al lector para que acepte una imagen particular de*

las personas de otras culturas”. Nesa medida a Análise Semiótica das imaxes que acompañan aos textos das pezas informativas analizadas é fundamental á hora de completar a ACD. Para obter unha correcta diagnose da representación das mulleres inmigradas na prensa de referencia galega e catalá é preciso, pois, prestar atención ás fotografías. Dentro da narración periodística, as imaxes xogan un papel moi importante na medida en que apoian ao texto, complétano ou mesmo lle confiren un ton determinado. A principal tese da teoría do *Framing*, ou do encadre, ten unha aplicación evidente nas imaxes de prensa. A perspectiva coa que o/a fotógrafo/a toma as instantáneas determina o resultado gráfico. O contexto vira totalmente en función do punto físico concreto dende o que se dispara o obturador, pero non só o lugar da toma da fotografía ten incidencia no encadre. Hai que valorar outra serie de aspectos como o plano, a cor, a temática da fotografía, a tipoloxía de retrato (individual ou colectivo), etc. Comecemos co plano. Dentro da imaxe podemos distinguir entre o plano xeral, aquel que mostra unha ou varias persoas na súa totalidade corporal; o plano $\frac{3}{4}$ ou americano, que mostra a unha persoa de fronte dende a cabeza ata os xeonllos; o plano medio, que como indica o termo presenta a unha persoa de medio corpo: da cintura cara arriba; o primeiro plano (pp.), aquel que mostra o rostro e parte do tronco a modo de fotografía de carné, e o primeirísimo primeiro plano (ppp.), que mostra un rostro moi ampliado. Cada tipo de fotografía ten uns efectos sobre quen mira. O plano xeral sitúa ao suxeito –neste caso mulleres migradas- nunha posición na que este pode ser observado(as) polos/as espectadores/as de prensa, quen adoptan a posición de voyeurs. Por este motivo, o plano xeral suxire distancia social e afastamento. Algo semellante acontece co plano $\frac{3}{4}$, que como o xeral suxire distancia social, pero non tanto afastamento coa audiencia, senón unha proximidade relacional complicada. O/a espectador/a ten, como no plano xeral, aos obxectos de contemplación para poder escratalos, pero xa non a súa total disposición pois o corpo xa non sae completo. O caso do primeiro plano é diferente xa que está asociado á relevancia social. Só son presentados en pp. ou ppp. os persoeiros con relevancia pública.

Plano	Xeral	$\frac{3}{4}$	$\frac{1}{2}$	pp.	Ppp.
<i>La Voz de Galicia</i>	8	4	3	2	1
<i>Faro de Vigo</i>	6	3	4	2	2
<i>La Vanguardia</i>	3	4	5	2	3
<i>El Periódico</i>	14	4	9	6	-

Segundo se recolle no cadro superior, na mostra predominan os planos xeral, medio e $\frac{3}{4}$. Hai pequenas diferenzas en función do diario, pero a trazos xerais, o plano de corpo enteiro é o maioritario en todas as cabeceiras salvo en *La Vanguardia*, que prima o encadre $\frac{1}{2}$. Logo do plano xeral, os medios tenden a optar polo medio ou o $\frac{3}{4}$. *La Voz de Galicia* edita máis planos $\frac{3}{4}$ para representar a inmigradas, mentres *Faro de Vigo* e *La Vanguardia* escollen o encadre de medio corpo despois do xeral. A segunda opción de *El Periódico de Catalunya*, o primeiro plano, é a cuarta do resto das cabeceiras. O diario barcelonés presenta a 6 mulleres inmigrantes cun plano de achegamento que connota seriedade e respecto público. O primeiro plano é o plano de representación visual de persoeiros políticos por excelencia, e tende a empregarse para ilustrar a entrevistadas/os. Este é o motivo polo que sobresaie en *El Periódico de Catalunya*, diario da mostra con maior número de entrevistas (e reportaxes nas que tamén se fan entrevistas) a inmigradas no corpo da análise. Concretamente, *El Periódico de Catalunya* editou na mostra 11 reportaxes e 4 entrevistas. Os diarios galegos e *La Vanguardia* empregaron o encadre de primeiro plano no mesmo número de ocasións, 2. A quinta opción para todas as cabeceiras analizadas é o primeirísimo primeiro plano ou plano detalle que soe empregarse para mostrar un rostro moi de preto, e conseguintemente ampliado. *La Vanguardia* é o diario que máis emprega este encadre. Concretamente faino en 3 ocasións, fronte a 2 de *Faro de Vigo*, 1 de *La Voz de Galicia* e ningunha de *El Periódico de Catalunya*.

Ademais do tipo de fotografía hai que ter en conta o ángulo, que pode ser frontal, picado ou contrapicado. O primeiro é o máis obxectivo, fronte ao picado que xera a sensación de superioridade do espectador sobre a persoa retratada pois mírase dende arriba, ou ao contrapicado que confire un valor xerárquico ao fotografado sobre a audiencia, xa que a persoa que sae na imaxe mira aos/ás espectadores/as dende arriba, como dende unha posición superior. As imaxes con contrapicado empréganse para loar a alguén e situalo/a na posición de heroe/heroína, mentres que as imaxes tomadas con ángulo picado contribúen a desvalorizar aos/ás protagonistas.

Plano	Contrapicado	Normal	Picado
<i>La Voz de Galicia</i>	2	16	-
<i>Faro de Vigo</i>	3	12	2
<i>La Vanguardia</i>	-	17	-
<i>El Periódico</i>	5	26	2

Como observamos no cadro superior, a maioría das imaxes da mostra foron tomadas con ángulo normal. Sen embargo, existen unhas excepcións que pasamos a analizar de seguido. Cabe salientar que todas as fotografías editadas por *La Vanguardia* durante o período da análise e que representan a mulleres migradas foron tomadas nun rigoroso plano normal. *El Periódico de Catalunya* presenta 5 casos de planos contrapicados fronte a 2 de picados, *La Voz de Galicia*, 2 contrapicados e *Faro de Vigo*, 3 contrapicados fronte a 2 picados. Ningún diario da mostra primou o ángulo de arriba-abaixo fronte ao de abaixo- arriba, o que nos leva a concluír á vista dos datos xerais que a baixa cantidade de planos picados e contrapicados se pode deber, en parte, a características do contexto onde foron tomadas as fotografías, como por exemplo no caso de fotografías que retratan escenarios ou a persoas sentadas, o que implica un plano picado no primeiro caso e contrapicado no segundo. Pero nunha análise guiada pola teoría do marco (*Framing*) non se pode deixar caer toda a responsabilidade da elección dun determinado marco nas condicións físicas do contexto ou evento. Ademais, varios estudos anteriores, e entre eles o de Muñiz et al. (2007: 155), recollen o uso intencional destes recursos: “*La presentación fotográfica de los actores involucrados con el hecho inmigratorio difiere, utilizando picados para fotografiar a los inmigrantes, frontales a los políticos y contrapicados a los policías*”.

A presenza ou ausencia de cor nos diarios analizados non responde a criterios temáticos senón a unha decisión editorial, polo que non entraremos a analizar esta característica, se ben queremos comentar que a cor empregada con mesura connota seriedade e importancia, mentres que usada sen criterio nin distinción –para todos os espazos- connota sensacionalismo.

A través do indicador do protagonismo individual ou colectivo das imaxes comprobaremos se os medios da mostra apostan pola representación xenérica e arquetípica da inmigración feminina, ou se pola contra presentan a diversidade do fenómeno migratorio mediante a individualización. A hipótese de partida da ACD: a invisibilización das mulleres migradas e a súa construción como estereotipos negativos –cando non están ausentes na prensa de referencia galega e catalá- é extensible ás imaxes de prensa, en tanto eido privilexiado dentro dos medios de comunicación. Partimos pois da hipótese da infrarrepresentación das migradas en tanto persoas reais e a sobrerrepresentación negativa das mulleres inmigrantes nas fotografías de prensa. As imaxes contribúen á construción das inmigradas como estereotipos cunha orixe concreta (africana) e cuns trazos específicos en función da nación de nacemento

(latinoamericanas e europeas do leste como prostitutas; africanas como mulleres tradicionais e sobreviventes de pateiras, etc.), e en xeral das migradas como vítimas de mafias, de agresores de violencia machista, etc. Para constatar a hipótese comezamos coa análise fotográfica. O corpo de análise é o conxunto de noticias sobre mulleres inmigrantes que acompañan ás noticias sobre esta temática previamente revisadas, ás que engadimos as imaxes sobre migradas que acompañan outras fotografías, non necesariamente de temática relativa á inmigración. Se ben, debemos matizar que este segundo caso é excepcional. Contamos cunha mostra de 88 fotografías nas que se representa a mulleres inmigradas ou a mulleres dos países de orixe da inmigración co efecto de construír a inmigrante como un estereotipo concreto.

Imaxes que constrúen as mulleres inmigrantes	
<i>La Voz de Galicia</i>	18
<i>Faro de Vigo</i>	17
<i>La Vanguardia</i>	17
<i>El Periódico</i>	36
TOTAL	88

A diferenza na publicación de fotografías por cabeceiras é paralela á relativa aos textos xa analizados. *El Periódico de Catalunya* é con 35 instantáneas (33 fotografías e 3 debuxos), e como no caso das pezas informativas, o diario que presenta un maior número de imaxes sobre inmigradas. Seguido, como na mostra de textos, de *La Voz de Galicia* –con 18 fotografías e un debuxo- e por *Faro de Vigo* e *La Vanguardia*, empatados en 17 imaxes cada cabeceira. Atendendo a datos cualitativos, os que priman na ACD, que tamén atinxe ás imaxes en tanto parte do discurso mediático, observamos que a maioría das imaxes publicadas por todas as cabeceiras da mostra son colectivas. Malia que en varias instantáneas se poida destacar a unha persoa no pé de foto sobre o resto. A modalidade de protagonista colectiva é a máis común en todos os diarios da mostra, sen excepción. As mulleres de orixe estranxeira aparecen nas fotografías como parte dun colectivo ao que son adscritas e que recoñecemos maioritariamente por signos ou contextos tales como o veo ou as colas para a obtención de papeis que regularicen a súa situación administrativa no Estado español. As fotos individuais representan unha porcentaxe media inferior ao 50 por cento. Só nun diario da mostra, *La Vanguardia*, figuran máis fotografías de carácter individual que colectivo. En orde descendente, a *La Vanguardia* séguena *La Voz de Galicia* coa metade, *Faro de Vigo* con 1/3 e *El Periódico de Catalunya* con só 1/5 de imaxes onde só aparece unha muller inmigrante

fronte á porcentaxe de 4/5 de imaxes colectivas, nas que se representa a un grupo de persoas, normalmente mixto, no que tamén figura cando menos unha muller inmigrada. *El Periódico de Catalunya* é o diario que máis énfase pon na estratexia da construción da ausencia de individuación das inmigradas. Esta estratexia reforza o estereotipo na medida en que non permite que agrome a individualidade.

Tipo de imaxe:	Individual	Colectiva
<i>La Voz de Galicia</i>	6	12
<i>Faro de Vigo</i>	4	13
<i>La Vanguardia</i>	7	10
<i>El Periódico</i>	6	27

A maioría das fotografías editadas na mostra nas que saen mulleres inmigrantes, estas figuran na imaxe na condición de protagonistas. Os diarios galegos da mostra son os que máis inmigradas en posición secundaria representan. Ambos representan a 13 protagonistas inmigradas e a 5, *La Voz de Galicia*, e 4, *Faro de Vigo*, con carácter secundario. Nos diarios cataláns, as inmigradas que son representadas como secundarias nas imaxes é un dato meramente anecdótico, 3 de 33 en *El Periódico de Catalunya*, e 1 de 17 en *La Vanguardia*. Como xa indicamos no apartado anterior, e dado que a maioría das imaxes son colectivas, o protagonismo do que estamos a falar é maioritariamente colectivo. É dicir que se representa a mulleres inmigrantes como parte do colectivo de inmigrantes, dunha nacionalidade de orixe concreta e compartida, ou non, cunhas necesidades e características comúns.

Función da inmigrada	Protagonista	Secundaria
<i>La Voz de Galicia</i>	13	5
<i>Faro de Vigo</i>	13	4
<i>La Vanguardia</i>	16	1
<i>El Periódico</i>	30	3

As temáticas das fotografías son relevantes na medida en que definen as protagonistas, mulleres migradas, en determinadas situacións e cunhas características e capacidades concretas. A continuación, elaboramos unha listaxe das principais temáticas e o número de fotografías nas que estas figuran de xeito principal.

Representacións	<i>La Voz de Galicia</i>	<i>Faro de Vigo</i>	<i>La Vanguardia</i>	<i>El Periódico</i>	T.
Inmigradas maltratadas	2	-	-	1	3

En contexto familiar ou privado	3	-	5	5	13
Facendo colas para obter papeis	2	-	-	1	3
Reivindicando dereitos	5	3	3	3	15
Posando	1	3	3	6	13
Exercendo dereitos políticos	1	2	1	1	5
Traballando na prostitución	1	1	-	-	2
Traballando noutros eidos	2	-	1	4	7
Asociacionismo: actividades	-	6	-	1	7
Premiadas	-	1	-	-	1
Na rúa	1	-	3	11	15
Con fillos	4	3	3	3	13
Coa parella	3	-	1	4	8
No médico	-	-	-	1	1

A principal representación das fotografías, á vista dos resultados recollidos no cadro superior, é a reivindicación de dereitos por parte do colectivo inmigrante, entre o que se representa tamén a mulleres. *La Voz de Galicia*, con 5 casos fronte aos 3 casos do resto, é o diario analizado que maior incidencia fai na representación das migradas como axentes reivindicativos. Hai que matizar que a práctica totalidade das fotografías de mulleres migradas clasificadas na categoría de “reivindicación de dereitos” pertencen á categoría de protagonismo colectivo. Trátase de fotografías mixtas nas que se presenta a homes e mulleres de orixe estranxeira en manifestacións, reunións sindicais, etc. A representación das mulleres como suxeitos activos é fundamental á hora de loitar contra os estereotipos que tenden a construílas como obxectos pasivos.

A segunda representación temática en porcentaxe é a de migradas na rúa. *El Periódico de Catalunya* é o diario responsable deste feito, dado que do total de 15 casos rexistrados na mostra, 11 son do diario barcelonés. *El Periódico de Catalunya* mostra preferentemente a mulleres migradas paseando pola rúa con ou sen fillos para ilustrar noticias sobre dereitos das mulleres, encontros festivos (tangos na rúa, etc.), etc. O escenario público é o lugar privilexiado de construción dos individuos como suxeitos, nesa medida a representación das migradas na rúa é un factor positivo na súa construción como cidadás.

O terceiro posto, segundo a cantidade de casos por representacións temáticas, é compartido por tres tópicos diferentes: as migradas en contexto familiar ou privado, inmigrantes acompañadas das súas criaturas e mulleres de orixe estranxeira posando a cámara. A última categoría ilustra un tipo concreto de pezas informativas,

nomeadamente as entrevistas, os perfís e as reportaxes. *El Periódico de Catalunya* é de novo, en tanto cabeceira que máis entrevistas e reportaxes publica, o medio da mostra que máis posados de mulleres migradas edita –concretamente 6 dun total de 13. As outras dúas categorías empatadas cos posados reforzan a construción da muller como reprodutora e coidadora, relegada á vida privada. As fotografías que mostran as migradas en contexto familiar ou privado e a inmigrantes acompañadas das súas criaturas, xunto coa categoría: mulleres inmigrantes acompañadas –ou mellor dito acompañantes segundo a cosmovisión mediática aquí analizada de xeito crítico- pola parella, situada en cuarto lugar, reforzan o estereotipo de muller doutras culturas como atrasada e sometida á tradición de coidados. Neste punto queremos introducir a categoría de mulleres representadas con veo –en varias das súas modalidades- como estratexia de reforzo do antedito. Na mostra figuran un total de 19 fotografías de mulleres veladas –con cando menos unha muller con veo- sobre un total de 87 imaxes, e tres debuxos. A porcentaxe resultante é do 21 por cento. Tendo en conta que as migradas de orixe musulmá que tenden a levar veo –orixinarias do Magreb (Marrocos, Alxeria e Tunisia) fundamentalmente- representan segundo datos do INE dos exercicios 2004, 2005 e 2006 –os anos da mostra-, unha porcentaxe media do 17 por cento en Cataluña e do 3,5 por cento en Galicia, é obvio que se produce unha sobrerrepresentación mediática das mulleres con veo, e por ende das mulleres musulmás crentes, construídas como maioritarias no contexto da inmigración española, nomeadamente dirixida cara a Cataluña. Efectivamente, é *El Periódico de Catalunya*, seguido por *La Vanguardia*, o diario da mostra con maior representación fotográfica de migradas musulmás veladas. Dada a gran inferioridade porcentual da presenza de inmigradas de orixe musulmá en Galicia é totalmente coherente que os diarios galegos editen menos fotografías con esta tónica. Xa que mentres en Cataluña o colectivo de orixe marroquí é o maioritario (90.905 mulleres) en tanto a presenza de inmigradas, en Galicia ocupa o noveno lugar (con 2.094 mulleres) segundo datos do INE relativos a 2009. Aínda sendo o marroquí o primeiro colectivo inmigrante de sexo feminino por nacionalidade de orixe en Cataluña cabe dicir que na prensa se observa unha preeminencia do arquetipo de muller migrada definida como musulmá, de orixe magrebí, xa observado por Nash (2004, 2007).

Representación de migradas veladas

<i>La Voz de Galicia</i>

3

<i>Faro de Vigo</i>	1
<i>La Vanguardia</i>	5
<i>El Periódico</i>	11
TOTAL	19

Volvendo ao tema das categorías en terceira posición: as migradas en contexto familiar ou privado e as inmigrantes acompañadas das súas criaturas, cabe sinalar que respecto á primeira temática son os diarios cataláns con 5 casos cada un, os que máis imaxes de mulleres en entorno familiar ou privado expoñen. En relación á segunda representación temática mencionada obsérvase un equilibrio practicamente total. Todos os diarios da mostra editan 3 instantáneas –salvo *La Voz de Galicia* que publica 4 imaxes- onde figuran mulleres migradas con rapaces e rapazas pequenos. A presenza das parellas –sempre masculinas- das migradas nas fotografías tamén é un motivo recorrente na mostra fotográfica, aínda que de menor incidencia que a temática da descendencia. *La Voz de Galicia* e *El Periódico de Catalunya* editan 3 e 4 fotografías de migradas acompañadas pola parella, fronte a un só caso de *La Vanguardia* e ningún de *Faro de Vigo*. A representación das mulleres coa parella masculina, como no caso das criaturas, reforza o estereotipo de muller doutras culturas e orixes como tradicional, e polo tanto asociada ao eido da reprodución e o coidado, da familia e dos trazos tradicionais heterodesignados para as mulleres, nomeadamente para as outras mulleres. Son varias as autoras que criticaron o sometemento das mulleres na prensa española ao discurso da domesticidade. Na mostra figuran varias fotografías nas que se representa a mulleres migradas como nais, coidadoras de criaturas mesmo en contextos e temáticas sen relación directa coa crianza. Por exemplo destacan as instantáneas publicadas en *La Voz de Galicia* (02/05/2004, 18) nas que a reportaxe fala da traxectoria migratoria dunha muller, que aparece nas fotografías acompañada pola familia. O pé de foto sinala “*La familia, formada por Jimena, Gianfranco y Martín ha tenido una buena acogida entre sus nuevos vecinos*”. Estamos ante unha mostra da acentuación do status familiar das mulleres, estratexia omnipresente nos medios, nomeadamente na prensa escrita. Outros exemplos da mostra son, tamén en *La Voz de Galicia* (02/02/2005, 20) a ilustración dunha noticia sobre a regularización de persoas inmigrantes en situación administrativa irregular en España cunha imaxe co pé de foto “*Un monje explica a dos ilegales cómo conseguir papeles*”. Cabe destacar que o que o/a xornalista describe como “*ilegales*” son dúas mulleres que cargan cadanseu bebé no colo. Esta imaxe contribúe a reforzar o estereotipo de inmigrada como ameaza ou contribución

demográfica á natalidade para España. Estratexia que lonxe de integrar sobre a base da xustiza e a igualdade entre os seres humanos establece dicotomías entre categorías, xerando fronteiras simbólicas e psicolóxicas. Continuando con *La Voz de Galicia*, e co tema das regularizacións, a noticia “*Los indocumentados piden papeles en París*” (02/07/2006, 32) está ilustrada cunha instantánea dunha manifestación en París cunha fila ocupada por rapaces/zas en cadeiras de bebé. O pé de foto indica “*Cientos de indocumentados marcharon por las calles de París para pedir permiso de residencia*”. A maioría das persoas fotografadas son de orixe asiática segundo se deduce polos trazos físicos. Ben seguro que a manifestación se podía ilustrar con outras imaxes. Sen embargo no diario escolleron esta, o que ten unha consecuencia sobre a construción e reforzo do estereotipo de inmigración -avalancha ou incidencia sobre a natalidade do país de destino. Queremos destacar, así mesmo, a ilustración da reportaxe “*La batalla de la lencería en Riad*” (*La Vanguardia*, 30/04/2006, 9) cunha fotografía de mulleres con nikab (tela negra longa -da cabeza aos pés- que visten en Irán as mulleres) de costas e acompañadas por unha neno/a cada unha. O pé de foto reza “*Coquetas. Pese a vivir públicamente con velo, las mujeres del golfo Pérsico son también coquetas: en la región se gastan unos 1.700 millones de dólares anuales en productos de belleza*”. *La Vanguardia* (02/11/2006, 2) publica tamén unha fotografía de mulleres veladas acompañadas de criaturas para ilustrar unha noticia sobre a polémica levantada en Alemaña polas declaracións dunha deputada que criticou o veu musulmán. O discurso da domesticidade, aplicado na prensa a todas as mulleres, está especialmente ligado ás mulleres inmigrantes e nomeadamente ás migradas con nacionalidade musulmá de orixe. O estereotipo de migrada definida “*en términos de persona dependiente económicamente inactiva y contextualizadas en el marco de la reagrupación familiar*” (NASH, 2005: 110) desagregase en diferentes estereotipos en función da nacionalidade de orixe, como xa indicamos na ACD dos textos da mostra. Nas fotografías observamos como a representación maioritaria das mulleres inmigrantes está ligada á reprodución, domesticidade e familia, mesmo cando a temática da noticia non é directamente a maternidade ou as relacións familiares. En relación ao volume de pezas informativas e fotografías publicadas, *El Periódico de Catalunya* é, xunto con *Faro de Vigo*, o diario que menos instantáneas publica de mulleres inmigrantes representadas como reprodutoras e coidadoras. Unhas das imaxes desta cabeceira (31/12/2005, 46) mostra unha parella de persoas chegadas en patera cun bebé: “*Acollits i adoptats: Tina i Fana, amb el seu nadó, en un centre d'acollida de Fuerteventura*”, explicita o pé de foto. Xa

fixemos referencia a multitude de pezas nas que se resalta a condición de nais ou preñadas das mulleres que chegan en pateira ou caiuco a España, co efecto de crear na opinión pública a idea de avalancha, criticada na ACD. *El Periódico de Catalunya* (31/12/2006, 40) publica ademais, xustaposta a unha fotografía dun grupo de homes de relixión musulmá rezando e na mesma páxina, un grupo de mulleres tamén de credo musulmá. Os pés de fotografía sinalan: “*Ells. Un grupo de musulmans resen en direcció a la Meca al poliesportiu del Raval, dissabte*” e “*Elles. Una trentena de dones durant la pregària, al frontó Colom*”. As fotos mostran a segregación relixiosa e a un tempo constrúen as migradas como grupo discriminado mesmo pola súa cultura de orixe. Na fotografía dos homes non hai criaturas, non así na de mulleres, onde se contan media ducia de nenas e mesmo un bebé na cadeira. Imaxes deste tipo, agravadas pola dicotomía visual, reforzan o estereotipo de mulleres doutras culturas como tradicionais, segregadas e recluídas no eido privado, o que reforza o multiculturalismo de grupos e dificulta a integración real das inmigradas. Esta estratexia responde á lóxica da sobrecarga de identidade cultural por parte das mulleres doutras culturas.

Na mostra contabilízanse case o mesmo número de casos –en concreto 7 e 8 respectivamente- de mulleres con parella que de mulleres traballando (nunha actividade diferente á prostitución pois esta ten categoría propia) ou desenvolvendo actividades en asociacións, nomeadamente de inmigrantes. Estas dúas representacións contribúen a xerar unha imaxe real e diversa das mulleres nadas fóra de España e que na actualidade residen na península. A presentación da muller como traballadora, e polo tanto ocupante da esfera pública é un paso fundamental para a construción das mulleres como cidadás de pleno exercicio. Curiosamente son os mesmos medios que máis mulleres acompañadas de fillos/as publican os que editan a maioría das fotografías de mulleres traballando, en concreto *El Periódico de Catalunya* recolle 4 instantáneas, *La Voz de Galicia* 2, fronte a 1 *La Vanguardia* e ningunha *Faro de Vigo*. Este último diario é o que publica a práctica totalidade das imaxes sobre asociacionismo e actividades de inmigradas: 6 dun total de 7, a outra imaxe corresponde a *El Periódico de Catalunya*. A conclusión inmediata á vista dos últimos datos da análise é que os diarios que máis noticias editan, incorren en maior medida na representación de imaxes que contribúen ao reforzo dos estereotipos, aínda que por outra parte tamén publican un maior número de fotografías que constrúen as migradas como persoas en equidade coa sociedade de destino.

A quinta posición de representacións temáticas ocúpaa a categoría: “mulleres

exercendo dereitos políticos”. Trátase dun grupo de noticias sobre mulleres e dereito a voto, mulleres emitindo opinión política, etc. Neste epígrafe os diarios da mostra están equilibrados, cunha representación cada un, salvo *Faro de Vigo* que ten dúas. A presentación de inmigradas exercendo dereitos políticos con naturalidade contribúe a construílas como cidadás de dereito, cando menos de cara á opinión pública, o que significa unha grande contribución para a convivencia e a integración.

A seguinte posición está reservada á temática visual da obtención da condición administrativa de “residencia legal”, coñecida popularmente como obtención de papeis. Hai 3 imaxes, 2 en *La Voz de Galicia* e 1 en *El Periódico de Catalunya* que amosan a realidade de exclusión social da poboación inmigrante en condición irregular e a necesidade por parte desta de tramitar e xestionar os seus expedientes para lograr a inclusión social, é dicir os permisos sociais pertinentes: residencia, traballo, visado de estudante, etc. Co mesmo número de imaxes, 3, xorde a representación de mulleres vítimas de violencia machista. Para esta categoría só se computaron as fotografías que mostran a mulleres lesionadas ou mortas. Concretamente hai só unha instantánea que mostra o cadáver dunha muller asasinada por violencia machista tapada cunha tea branca e transportada nunha camiña médica. O diario que a edita é *El Periódico de Catalunya* (2/10/2005, 41). En *La Voz de Galicia* (30/04/2004, Contraportada) aparece a outra imaxe do maltrato machista. O pé de foto é abondo explícito: “*El rostro lleno de heridas de Rania llevó el horror a los hogares de los telespectadores saudíes que durante los últimos seis años habían seguido su programa con fidelidad*”. A fotografía en primeiro plano mostra un ollo inflado pechado por un golpe recibido pola presentadora saudí Rania al-Baz. A mesma noticia está tamén ilustrada cunha fotografía idealista da mesma muller envolta nun veio e con expresión doce e infantil. A xustaposición destas dúas imaxes leva a interpretación contraditoria de Rania como unha muller tradicional e submisa por unha banda, e forte e independente ao decidir denunciar a violencia machista da que foi obxecto, pola outra. O corpo da noticia presenta a mesma bipolaridade como indicamos no seguinte apartado da ACD. Por outra parte, a contradición préstase a outra interpretación, a que asimila o maltrato por motivos de xénero á submisión relixiosa e ao carácter tradicional das outras mulleres, as inmigrantes.

A temática da prostitución representa unha porcentaxe significativa na mostra analizada, sen embargo, as fotografías de mulleres inmigrantes traballadoras do sexo é residual na mostra. Só contabilizamos dúas instantáneas de prostitutas, cadansúa nunha

cabeceira galega. Os medios cataláns da mostra, malia que tratan o tema, non o ilustran con fotografías de mulleres inmigrantes senón con gráficas, datos, cadros, etc. As dúas imaxes atopadas teñen en común unha característica técnica cunha consecuencia interpretativa. Trátase de dúas instantáneas difuminadas. A primeira (publicada por *La Voz de Galicia* (02/07/2004, 50)) está asinada coas iniciais CH. E. e a segunda (editada en *Faro de Vigo* (02/04/2006, 26)) por RAFA ESTÉVEZ. En *La Voz de Galicia* a fotografía non ten pé de foto, xa que a imaxe forma parte dunha composición visual cunha táboa informativa titulada “*Perfil de la prostituta en Galicia*”. A imaxe é un perfil en plano xeral dunha muller vestida con roupa moi curta e cinguida, con tacóns altos e as mans en posición de petición –pose relixiosa de agradecemento ou pregaría-. Malia estar difuminada, a audiencia reconece na fotografía a unha muller nova -de entre 25 e 35 anos (como indica o cadro)-, con “perfil” latinoamericano ou caribeño polo ton da pel e o cabelo. O título suxestiona ao lectorado que engade á imaxe –onde o pixelado non permite chegar- trazos do estereotipo de prostituta. O cadro no que se integra a silueta pixelada indica os trazos maioritarios das mulleres que exercen a prostitución en Galicia. Entre os datos figura a súa condición de estranxeiría nunha porcentaxe que oscila entre o 80 e o 95 por cento. Por outra banda, a instantánea de *Faro de Vigo* recolle a dúas mulleres paseando de noite por unha rúa viguesa. O pé de foto reza: “*Dos mujeres que ejercen la prostitución, el pasado jueves, en la avenida de Beiramar, en Vigo*”. As imaxes das mulleres fotografadas correspóndense co estereotipo afroamericano de inmigrada que se dedica ao traballo sexual, posiblemente de orixe caribeña ou brasileira. Son altas, con pelo *afro* e delgadas pero “con curvas”. Ademais da fotografía das dúas mulleres, ilustra a citada noticia de *Faro de Vigo* un conxunto de imaxes de pernas e pés de mulleres. Trátase do único caso²²¹ de fragmentación e cosificación do corpo feminino atopado na mostra de textos e imaxes referentes á inmigración feminina. Todas as pernas e pés calzan zapatos de tacón alto, tanto de agulla como de plataforma. Asina as imaxes fragmentadas SIMÓN ESPINOSA. *Faro de Vigo* escolleu a imaxe dunha perna de muller para representar a cantidade de clubs de alterne de Galicia por provincia. Deste xeito corta a perna á altura comparativa, tratando o corpo da muller como se dunha táboa de *excel* se tratase. Debaixo da fotografía das mulleres de perfil, en movemento, e ás que non se lle ve o rostro, figura unha táboa na que se resalta a porcentaxe de mulleres que exercen a prostitución orixinarias do

²²¹ Coa salvedade das costas de muller espida e tatuadas co Corán rexistradas nun fotograma da película de Theo Van Gogh, da que falaremos a continuación.

estranxeiro (un 85 por cento segundo os datos de *Faro de Vigo*) e as principais zonas de orixe (“*Sudamérica, África y este de Europa*”), ademais da cantidade de prostitutas que exercen en clubs e en pisos.

A representación das inmigrantes como mulleres sen rostro, e polo tanto corpos intercambiáveis implica un grao de xeralización e de falta de individuación moi importante. Trátase dunha estratexia típica do discurso mediático sobre migración feminina que está presente nunha porcentaxe elevada de fotografías da mostra. Ademais de nas imaxes sobre prostitución xa analizadas, os catro diarios da mostra editan fotografías de mulleres de perfil, e de costas, para ilustrar diversas temáticas. O resultado de ocultar o rostro das migradas é a ausencia de individuación, a falta dos seus trazos propios, do que as individualiza e que lles dá unha identidade concreta. Na mostra atopamos imaxes de mulleres inmigradas de costas facendo cola para obter os papeis nun organismo oficial (*La Voz de Galicia*, 02/11/2005, 8), camiñando pola rúa acompañadas de fillos/as (*La Vanguardia*, 30/04/2006, 9; *La Vanguardia*, 31/12/2006, vivir 3), no médico (*El Periódico de Catalunya*, 02/05/2004, 13), tomando o sol na terraza (*El Periódico de Catalunya*, 31/08/2004, QDE, 10), etc. Son máis numerosas as imaxes que representan a mulleres inmigradas de perfil. Destaca unha instantánea presente en tres das cabeceiras, concretamente en *Faro de Vigo*, *La Vanguardia* e *El Periódico de Catalunya*, que encadra a un grupo de mulleres veladas en primeiro plano e cunha manifestación multitudinaria ao fondo. A imaxe aparece igual en *Faro de Vigo* e *La Vanguardia*, pero recortada en *El Periódico de Catalunya*. De xeito que no último diario citado só aparecen tres mulleres en primeiro plano, mentres no resto das cabeceiras saen catro. A fotografía aparece asinada nos catro diarios por MICHEL EULER, fotógrafo de AP. Os pés de foto marcan a diferenza. *Faro de Vigo* describe: “*Miles de personas se manifestaron en París para pedir la liberación de los periodistas secuestrados*”, *La Vanguardia* di: “*Islámicas contra la barbarie: Un grupo de mujeres islámicas, ataviadas con el polémico velo, se manifestaron ayer en París contra los terroristas que amenazan de muerte a los dos periodistas*” e *El Periódico de Catalunya* (31/08/2004, 9) escribe: “*Dones musulmanes en la manifestació d’ahir a París a favor de l’alliberament del ostatges*”. A redacción dos pés de foto vai en relación co tratamento da noticia nas diferentes cabeceiras. O diario galego é dos tres o que menos incidencia fai na presenza das mulleres de relixión musulmá na manifestación. O texto do pé de foto é descritivo e homoxeneizador. O que fai pensar que a elección da fotografía ven forzada pola oferta da axencia de prensa e non por a demanda deste tipo

de imaxe concreta por parte do diario. *La Vanguardia*, pola contra, acompaña a imaxe dun pé de foto máis polemista. Xa que describe as mulleres co adxectivo de : “*islámicas, ataviadas con el polémico velo*” como se de facto estivese a construír interpretativamente unha contradición. *El Periódico de Catalunya* é o diario da mostra cun tratamento máis medido e respectuoso con esta noticia en concreto -véxase a análise textual no capítulo anterior- e así se reflicte tamén na redacción do pé de fotografía: descritivo, sinxelo e directo. Ademais das instantáneas da manifestación francesa para pedir a fin do secuestro e a chantaxe, na mostra figuran unha ducia de imaxes que representan a mulleres migradas de perfil. Hai casos como o da imaxe da presentadora saudí maltratada (*La Voz de Galicia*, 30/04/2004, contraportada) que se xustifican pola necesidade -gusto por mostrar un detalle concreto- pero, na maioría das veces, as imaxes de perfil teñen a finalidade –ou cando menos a consecuencia- de homoxeneizar as migradas e de presentalas como secundarias. Como un elemento decorativo –con importancia temática ou non- da fotografía. Os posados están asociados ao poder, á relevancia social e política. Por este motivo son escasos na representación de migradas. Pois na maioría dos casos as mulleres inmigrantes saen nas fotografías de perfil, falando, mirando ou con poses pouco favorecedoras, o que as constrúe como personaxes pouco serios. Por exemplo, *Faro de Vigo* (02/03/2005, 11) publica unha fotografía da presidenta da Asociación viguesa Argentinos en el Exterior, na que esta, Lorena Lores, aparece nun picado –o que connota unha posición de inferioridade- sentada fronte a un compañeiro erguido –de pé- ao que ela se dirixe xesticulando ostentosamente e falando cun aceno de ton agresivo. Dado que a protagonista da fotografía, como indica o pé de foto (“*Lorena Lores, en el centro, ayer*”), é Lorena Lores, o razoable sería que a imaxe fose tomada noutro ángulo (a metade da fotografía non mostra máis ca espazo baleiro do centro), outro formato, e co suxeito a fotografar en primeiro plano e posando. Na análise figuran migradas de perfil nas manifestacións co obxecto de representar a calquera muller migrada (e de prototipo musulmá) pois o veu non soe faltar (*La Voz de Galicia*, 31/08/2004, 18; *El Periódico de Catalunya*, 31/08/2004, portada e contraportada; etc.), nos hospitais mirando para os primeiros bebés galegos de pais inmigrantes do ano (*La Voz de Galicia*, 2/01/2005, 49), xestionando a obtención de papeis (*La Voz de Galicia*, 02/02/2006, 20; *La Voz de Galicia*, 02/03/2005, 12; *La Voz de Galicia*, 30/04/2005, 23; *El Periódico de Catalunya*, 31/12/2004, 45), traballando (*La Voz de Galicia*, 02/08/2006, L2), en reunión de asociacións de inmigrantes (*Faro de Vigo*, 31/08/2004, 4C, 5), en actos institucionais (*Faro de Vigo*, 02/09/2004, 11), en

actos contra a violencia machista (*La Vanguardia*, 02/05/2004, 41), no médico (*El Periódico de Catalunya*, 02/05/2004, 13), nos centros de acollida (*El Periódico de Catalunya*, 31/12/2004, 46), de festa na rúa (*El Periódico de Catalunya*, 02/07/2005, portada), nun xardín (*El Periódico de Catalunya*, 30/04/2006, 18), en ambiente escolar (*El Periódico de Catalunya*, 02/06/2006, 58), nun bar (*El Periódico de Catalunya*, 02/08/2006, 6), etc.

Volvendo ao motivo do veo, queremos destacar unha fotografía dunha muller velada de perfil, con outras tamén veladas de fondo. O pé de foto redactado por *La Vanguardia* (02/11/2005, 9): “*Velo y voto. La lucha que Yegana y otras mujeres mantienen por el derecho a no ser fotografiadas sin velo permite que los azeríes puedan votar con documentos soviéticos*” reforza a representación cultural das migradas, homoxeneizadas como musulmás, en tanto colectivo unitario e uniforme. A presentación das mulleres como portadoras da simboloxía dunha comunidade concreta, sen profundar nas particularidades de cada individuo, en cada traxectoria e proxecto de vida, xera un arquetipo nuclear, que estereotipa as mulleres inmigradas e non permite que agrome a diversidade cara á opinión pública, xerando así unha idea falsa e simplificada da migración feminina.

Polo seu carácter de fragmentación, malia ter unha intención inicial crítica coa perspectiva patriarcal do Islam, destaca unha imaxe (fotograma) da curtametraxe *Submission* de Theo Van Gogh. Nas costas espidas lense versos do Corán tatuados e tachados por marcas de violencia, quizás latigados. O pé de foto reza: “*Imatge de l’esquena d’una dona, amb versos alcorànics i fuetades*” (*El Periódico de Catalunya*, 31/08/2004, 53).

Ademais das fotografías, xa analizadas, na mostra figuran varios debuxos realistas que representan a migradas. Concretamente atopamos un carbonciño na *Voz de Galicia* e tres en *El Periódico de Catalunya*. O diario galego escolle o debuxo, asinado por LEANDRO LAMAS -famoso debuxante galego- para ilustrar a crónica escrita en primeira persoa por unha inmigrada na sección “Así nos ven”. O debuxo mostra unha muller, morena con pelo rizado e peiteado de xeito *afro*, sentada nunha mesa en actitude de predisposición e mesmo impaciencia –pois levanta os cubertos cara ao ceo e leva un pano branco atado ao colo- ante unha pirámide de marisco galego. Sobre a muller que se prepara para xantar soa, Leandro debuxou un corazón atravesado, o que connota o amor por Galicia da autora da crónica gastronómica alegórica. Os debuxos publicados por *El Periódico de Catalunya* son máis realistas, retratos de mulleres para ilustrar as súas

entrevistas ou perfís. É o caso do retrato de Somaly Mam asinado por JOSEP MARIA CABANÉ (*El Periódico de Catalunya*, 2/06/2004, 11) que mostra á presidenta de AFESIP nunha pose cercana, natural e pensativa, coa cabeza apoiada nunha man. O retrato de Xirin Ebadi asinado por TOÑO VEGA (*El Periódico de Catalunya*, 02/07/2004, 6) mostra á premio Nóbel iraní velada, con rostro comunicativo e sincero, transmisor de sabedoría e experiencia, cun pouso de cansazo físico. O último retrato atopado na mostra tamén o asina JOSEP MARIA CABANÉ (*El Periódico de Catalunya*, 02/02/2006, 8). Representa a Kaoutar Haik de fronte, en primeiro plano e cunha actitude de apertura con certas reservas, non como o caso de Somaly Mam, a quen mostraba máis próxima ao lectorado. O recurso ao debuxo por parte dos/as editores/as pode vir dado pola ausencia de fotografías orixinais dunha personaxe. As entrevistas, dado o seu carácter de exclusivas, deben acompañarse por imaxes tamén orixinais, ou cando menos, pouco difundidas previamente. Quizais este foi o motivo que levou a *El Periódico de Catalunya* a botar man deste recurso. Por outra banda, é fundamental contar co recurso humano dun/ha debuxante na plantilla ou externalizado, para poder incorporar ilustracións ás maquetas, o que lle dá calidade a un medio. Así entendemos a publicación de debuxos por parte de *La Voz de Galicia* e *El Periódico de Catalunya* como un signo de calidade.

Os pés de foto son o segundo elemento discursivo ao que o lectorado presta atención, logo de ler os titulares. Por este motivo, á hora de analizar unha peza informativa é fundamental reparar nos pés de fotografía. Na mostra, a grande maioría dos pés de foto –como indicamos na análise- non contén o nome propio de ningunha das individuos da fotografía nas imaxes colectivas, deste xeito estase homoxeneizando e polo tanto privando de individuación ás mulleres inmigrantes. Nas fotografías de temática administrativa de xestión de papeis non aparecen os nomes das persoas que fan colas, tampouco nas manifestacións e reivindicación de dereitos. Só aparecen os nomes propios nos casos excepcionais de representación de presidentas de asociacións de inmigrantes, fotos de entrevistadas e de xeito informal nas imaxes de maternidade e historias de viaxe/integración. Vexamos as cifras concretas.

Pé de foto	Nome e apelidos	Nome	Alcume	Sen nome
<i>La Voz de Galicia</i>	1	5	-	13
<i>Faro de Vigo</i>	6	-	-	11
<i>La Vanguardia</i>	7	2	-	8
<i>El Periódico</i>	5	6	1	19

Cabe matizar que o único alcume que vimos nun pé de foto na mostra (“*La Biscuit*”) é o dunha artista, bailarina de tango, durante un espectáculo. O texto completo indica: “*Nit argentina: Diverses parelles ballen el tango a la plaça de Catalunya a l’escola de carrer de la Biscuit*” (*El Periódico de Catalunya*, 02/07/2005, portada e “*a la dreta, la Biscuit, abans de començar la sessió*” (02/07/2005, 50). Nos pés de foto orixinais, o alcume sae en cursiva. Exceptuando este caso de presentación con alcume, o resto dos pés de foto dan conta do nome de pila ou do nome e apelidos. Cada diario opta por unha fórmula maioritaria, sen embargo, todos coinciden en empregar maioritariamente a fórmula de homoxeneización, na que non se indica un nome propio, completo ou non, senón un xenérico do tipo de “*inmigrantes*”, “*ilegales*”, “*dones musulmanes*”, etc. *Faro de Vigo* e *La Vanguardia* comparten a estratexia de designar nos pés de foto ás mulleres inmigrantes como personalidades con nome propio completo, co primeiro apelido, mentres que *La Voz de Galicia* e *El Periódico de Catalunya* mostran unha preferencia pola heterodesignación das migradas como persoas con nome propio, por veces coa familiaridade de engadirlle un artigo anteposto, “*La Cristina...*” (*El Periódico de Catalunya*, 31/08/2004, 11), etc. Aínda que no caso de *El Periódico* se lle engadimos os pés de foto dos debuxos ao reconto final obtemos que hai máis textos de fotografías que indican nome e apelidos que só nome, sen superar –como en todos os diarios da mostra- o total de pés de foto sen nomes propios. Deste xeito, é *La Voz de Galicia* o diario que trata dun xeito máis informal, dentro da formalidade de nomear, ás inmigradas nos pés de fotografía da mostra.

Logo de comprobar os indicadores das imaxes concluímos como no estudo de Cruz Vermella e a Universidade de Vigo sobre a inmigración na prensa galega que “*as imaxes contribúen a crear un perfil- estereotipo sobre o inmigrante que pouco ten que ver coa realidade*” (BARBA PAN et al., 2007: 78). O cal ten un agravante no caso das mulleres inmigrantes xa que as constrúe como parte dunha masa masculina, como excepción dentro do imaxinario da inmigración. E como excepción cunha nacionalidade concreta, ou cando menos cunha orixe xeográfica e relixioso- cultural presentada como maioritaria: a árabe -musulmá, de orixe magrebí. Xa expuxemos os casos e tipo de representación das mulleres veladas co hiyab ou con outras teas: nikab, burka, etc. Os medios analizados presentan un prototipo de migrada dende a imaxe da alteridade musulmá, feito que xa constata Nash (2005: 129) no seu estudo de prensa dos anos 90.

Como xa indicamos, “*este modelo homogeneizador acentuaba, además, la típica imagen estereotipada que relegaba a las mujeres a la domesticidad, la maternidad y una división tradicional de los roles de género*” (NASH, 2005: 129). Comprobamos na análise temática das fotografías, como cada un dos trazos enumerados pola especialista en Historia das mulleres están presentes na mostra de imaxes analizadas. Non é necesario que o/a lector/a do diario teña que establecer unha conexión entre a maternidade e a alteridade musulmá, pois esta asociación xa ven explicitada pola fotografía na que se mostra por exemplo a un grupo de mulleres veladas acompañadas de criaturas. Xa para rematar expoñemos as conclusións da ACD, incluíndo as das imaxes.

4.3.33. Conclusións comparativas das cabeceiras

Nun artigo de Adriana Patiño e Luísa Martín Rojo atopamos unha afirmación sobre o tratamento mediático das “bandas latinas”, unha franxa concreta da inmigración, que cremos extrapolable ao reflexo da inmigración feminina na prensa. Di así: “*En casi todo el estado español esta presentación ha tomado tintes alarmistas, a excepción de Cataluña donde tanto el tratamiento político como el mediático han sido diferentes*” (en BAÑÓN, 2007: 82). Unha das hipóteses de partida da ACD dos corpos mediáticos a comparar era que nos medios cataláns a inmigración feminina tería un tratamento máis respectuoso e correcto ademais dunha maior presenza, dada a elevada porcentaxe de mulleres inmigradas en Cataluña, en comparación con Galicia. Segundo cifras do INE 2009, en Cataluña residen un total de 538.330 mulleres estranxeiras, mentres na comunidade galega a cifra é moi inferior, 52.528 mulleres estranxeiras. O número de inmigradas residentes en Galicia representa só un dez por cento da cifra de mulleres inmigrantes asentadas en Cataluña. Sen embargo, tras a análise cuantitativa comparativa das pezas informativas nos catro diarios da mostra, comprobamos que se ben os diarios cataláns son os que destinan un maior espazo –116 pezas cada un- ao tema da inmigración, non ocorre o mesmo coa inmigración feminina. Neste caso, a primeira posición ocúpaa *El Periódico de Catalunya*, con 39 pezas, seguido de preto por *La Voz de Galicia*, cun total de 38 pezas. O terceiro posto, lonxe do que cabería esperar é para *Faro de Vigo*, o outro diario galego da mostra. E a cabeceira que menos pezas informativas sobre mulleres inmigrantes publicou no período analizado na mostra é a catalá *La Vanguardia*. Así, a hipótese cuantitativa queda falseada. A vertente cualitativa

da hipótese, referente a un tratamento máis correcto do tema da inmigración con perspectiva de xénero, e concretamente do que atinxe e implica ás mulleres inmigrantes, é máis difícil de comprobar, xa que require a análise comparativa de toda unha serie de elementos (de deseño, composición, narración, tratamento visual, etc.).

Xa con todos os datos por categorías da ACD diante, comprobamos que *La Voz de Galicia* e *El Periódico de Catalunya* son dous diarios nos que podemos establecer un claro paralelismo no que ao tratamento informativo da inmigración feminina se refire. Coinciden en elevar á portada –concedéndolle maior relevancia- a temática de inmigración feminina (concretamente en 3 portadas, fronte a 1 de *Faro de Vigo* e *La Vanguardia*); mostran unha contundente preferencia pola páxina par á hora de presentar ás inmigradas, fronte a preferencia polas impares de *Faro de Vigo* e *La Vanguardia*; dedícanlle un maior espazo, coa elección de pezas máis longas; publican unha porcentaxe moito maior de reportaxes e entrevistas, xéneros pouco representados en *Faro de Vigo* e *La Vanguardia* (5 pezas en total en cada un); ilustran varias pezas con debuxos orixinais, etc. No polo posto sitúase *Faro de Vigo*, cabeceira que en máis ocasións ocupa a última posición cuantitativo- cualitativa de tratamento mediático da inmigración feminina. É a cabeceira que menos portadas lle dedica, que menos espazo destina ás pezas informativas (o último en número de novas a 5 ou 4 columnas), que maior preferencia mostra polas sinaturas de axencia e diario, que máis espazo dedica a temas de tratamento negativo e vitimizador como a prostitución, a violencia machista, etc; que en maior porcentaxe presenta ás migradas como sen axencia, na posición de pacientes; que máis uso fai da estratexia da alarma social; etc. Por outra banda, e afondando xa na análise discursiva, é tamén o diario da mostra que máis noticias de inmigradas publica como sucesos. De feito é a única cabeceira da mostra que mantén a sección de Sucesos como tal. O resto dos diarios da mostra, como moito, indican no cintillo dos breves ou noticias: “Sucesos”. Os diarios cataláns da mostra coinciden en situar a maioría (2/3) das pezas da temática analizada na sección de Sociedade, mentres *La Voz de Galicia* opta polas seccións territoriais, asociadas á política (España e Galicia) –ambas as dúas opcións máis correctas informativamente que a de manter a sección de Sucesos e recluir a maioría das noticias de temática inmigratoria nese espazo-.

No caso concreto das sinaturas das pezas informativas, en troques de trazarse o paralelismo que vimos resaltando entre *El Periódico de Catalunya* e *La Voz de Galicia*, o que observamos é unha semellanza entre os diarios cataláns por unha banda, e os

galegos pola outra, xa que *La Voz de Galicia* é, logo de *Faro de Vigo*, a cabeceira que máis novas de axencia publica. Os rexionais cataláns analizados, pola contra, mostran unha preferencia pola elección da sinatura de redactores, e nomeadamente redactoras, fronte a masculinización das plumas galegas, sobre todo as de *La Voz de Galicia*. No tocante as temáticas, refórzase o paralelismo entre os diarios galegos por unha banda, e os cataláns pola outra. Os diarios cataláns reservan un maior espazo a temáticas como o veo, fronte a outras como a prostitución ou a violencia machista, sobrerrepresentadas nos diarios galegos. Se ben a prensa rexional galega analizada é na mostra quen máis datos concretos sobre inmigración presentan, tamén é a que máis recorre ao ton paternalista e vitimista, e que emprega en maior medida que as cabeceiras analizadas catalás a voz pasiva nas pezas informativas sobre inmigración feminina. No que respecta ás temáticas, é preciso destacar a trazos xerais as eleccións temáticas de *El Periódico de Catalunya*. O diario barcelonés é o que máis espazo dedica a tópicos como os problemas concretos das mulleres inmigradas, a educación, a sanidade, etc. e o que menos espazo destina a representar motivos como a prostitución, a violencia machista, as mafias, etc, por outra banda é tamén a cabeceira que máis profesións de mulleres inmigradas non estereotipadas presenta. *El Periódico* é tamén un diario correcto –en comparación cos outros diarios da mostra e sempre en termos relativos- no uso da linguaxe. Por exemplo, é o único que xunto con *La Voz de Galicia* emprega a expresión “violencia de xénero”, fronte a outros usos analizados como “violencia doméstica” (sic), “malos tratos”, etc. Tamén emprega o termo “violencia machista” nunha ocasión, como fai *La Vanguardia*. O caso é que acompañado ou en solitario, o diario populista barcelonés sempre ocupa a primeira posición en cuestións de calidade informativa e corrección mediática: léxica e discursiva, na temática que nos ocupa. Na outra pola da báscula, está de novo *Faro de Vigo*, o diario máis vitimizador da mostra, cun maior uso do termo “malos tratos” rexistrado na análise da mostra, coa alusión só a profesións estereotipadas (servizo doméstico, prostitución e hostalería), etc. Para máis detalles repásense os apartados *A representación irrespectuosa das migradas: vítimas ante todo e As migradas como vítimas da delincuencia de aquí e de acolá*. O diario *El Periódico de Catalunya* é a única das catro cabeceiras analizadas que presenta as migradas en maior porcentaxe como axentes que como pacientes. Sen embargo, é *La Vanguardia*, o outro diario catalán da mostra, quen máis fincapé fai na presentación individualizada das mulleres inmigrantes. Nesta categoría *Faro de Vigo* e *El Periódico de Catalunya* comparten estratexia: a da presentación das inmigradas de xeito colectivo, o que

contribúe ao reforzo da xeralización. Todos os diarios da mostra invisibilizan as inmigradas de orixe europea do leste nunha porcentaxe moi semellante. O colectivo máis representado é o africano, seguido do latinoamericano. Por cabeceiras, *Faro de Vigo* hiperrepresenta ás inmigradas de orixe magrebí pois en Galicia segundo as estatísticas o colectivo é o décimo, precedido polo latinoamericano, e neste diario o colectivo de orixe africana é o que máis atención recibe. *El Periódico de Catalunya* tamén visibiliza máis ao colectivo de migradas africano - catalás, pero segundo as estatísticas é máis coherente coa realidade, pois en Cataluña o principal colectivo por nacionalidades de orixe entre as inmigradas é o Marroquí. Claro que se se suman as porcentaxes das nacionalidades de orixe de América Latina obsérvase que no diario populista barcelonés tamén existe unha sobrerrepresentación das inmigradas de orixe africana. A construción das inmigradas africano - catalás e africano - galegas faise dun xeito diferente a das mulleres españolas, pero tamén respecto do resto das mulleres inmigrantes, e nomeadamente das mulleres de orixe latinoamericana. Como indicamos na análise, na mostra observamos como *La Voz de Galicia* constrúe o estereotipo de inmigrantes procedentes de América Latina como axentes, fronte ao estereotipo pasivo das migradas orixinarias de África. Polo tanto, que a maioría dos medios hiperrepresente o estereotipo africano de inmigrada e, comparativamente, invisibilice o colectivo latinoamericano ten consecuencias para a construción do estereotipo xeral de inmigradas, definido como alteridade, e heterodesignado coas calidades opostas ás mulleres occidentais nunha serie de trazos, e comúns a todas as mulleres –como a natalidade, reprodución, etc.– pero diferente aos homes occidentais, o prototipo de cidadán e traballador. Referímonos a dobre alteridade definida por Nash (2005: 106) e que xa desenvolvimos teoricamente nesta investigación.

Os diarios galegos, son os que menos referencia fan aos credos e relixións concretas das inmigradas. Este dato responde á probabilidade, xa que a práctica totalidade dos casos nos que se cita unha relixión, esta é o Islam. E como indicamos, en Cataluña hai unha maior porcentaxe de inmigradas de orixe africano e relixión musulmá. Sen embargo, como tamén matizamos, *Faro de Vigo*, malia ser un diario que hiperrepresenta ao colectivo de orixe cultural e relixiosa árabe- musulmá, non cita –nin sequera nunha soa ocasión- a relixión das inmigradas. Feito que denota calidade informativa. Xa que de non tratarse de informacións sobre temática relixiosa – excepcionais na mostra- o dato sobre o credo é accesorio, e no caso de referirse a relixións diferentes ás maioritarias en Occidente contribúe a reforzar a alteridade e a

crear unha fronteira simbólica entre nós e as outras. Por outra banda, a construción mediática da relixión musulmá, a citada en máis do 90 por cento dos casos nos que figura o dato da relixión, está asociada á tradición en todos os aspectos e nomeadamente nos relacionados coa liberdade das mulleres, o que contribúe a reforzar o estereotipo das migradas como dependentes, sen axencia e atrasadas e tradicionais. Deste xeito dificultase a integración real, reforzándose aquela liña do multiculturalismo que ensina as culturas como totalidades autorreferidas cunha relixión e unha cultura pechadas e inmóbiles asociadas. Nada máis lonxe da realidade. O diario vigués tamén mostra unha maior sensibilidade polo tratamento da temática da inmigración con perspectiva de xénero á hora de empregar fontes comprometidas e desagregar os datos por sexo. Neste criterio de análise *El Periódico de Catalunya* suspende por desagregar os datos só en 3 noticias das 14 que presenta con estatísticas e cifras concretas.

Paradoxalmente os dous diarios da mostra máis antagónicos no tratamento da inmigración feminina tanto a nivel discursivo como léxico (*El Periódico de Catalunya* e *Faro de Vigo*), coinciden en presentar un equilibrio na presentación da presenza e ausencia de voces das mulleres inmigrantes nas pezas informativas analizadas. O resto das cabeceiras decántanse porcentualmente pola ausencia de voz das implicadas. *La Voz de Galicia* cunha porcentaxe de ausencia moito máis elevada que *La Vanguardia*. O diario coruñés é tamén o último no estándar de calidade das fontes informativas -por mostrar unha clara preferencia polas fontes oficiais, de carácter institucional- e tamén na elección do tipo de citas textuais -por escoller maioritariamente as indirectas, fronte ao equilibrio total de *El Periódico de Catalunya* entre citas directas e indirectas. escoitar/ler a voz das implicadas de primeira man é un trazo de indubidable calidade informativa e de forte carácter integrador, na medida en que as individualiza, mostra como suxeitos axentes e brinda unha parcela de espazo público. *La Voz de Galicia* responsabiliza a inmigradas, mafias e terroristas dos problemas -exaltados por un enfoque negativo e conflitivo- da inmigración nas sociedades de destino, e tamén é o diario que máis frecuentemente emprega o recurso discursivo de construír a diferenza entre nós e as outras. Establecendo o binomio xérase e/ou refórzase a fronteira simbólica entre mulleres de diferentes orixes e culturas de nacemento. Na outra pola da balanza está o tratamento de *El Periódico de Catalunya*, diario que destaca a responsabilidade da sociedade de destino e dos gobernos, aínda que tamén recoñece o papel das mafias e en menor grao terroristas e migradas (1 peza). Ademais, *El Periódico de Catalunya* xunto con *Faro de Vigo* e logo *La Vanguardia*, é a cabeceira que menos

incidencia fai no binomio sociocultural entre nós e elas. O diario do grupo Zeta é, así mesmo, o que menos uso fai da estratexia de alarma social, aquela que presenta ás inmigrantes como unha ameaza para a sociedade de destino, e o que máis noticias dirixe implicitamente cara a unha sociedade sen divisións por nacionalidades ou culturas – fronte ao alto índice de pezas dirixidas cara ao endogrupo-. Pero tamén é o diario, xunto con *La Voz de Galicia*, que máis recorre á xeralización, trazo este último negativo. Neste caso concreto é *La Vanguardia*, o diario que menos xeraliza, seguido de *Faro de Vigo*. Estas dúas cabeceiras son tamén as que máis correctamente identifican ás inmigradas nos pés de fotografía. Son, da mostra, os diarios que máis empregan o nome completo (con apelidos) para identificar ás suxeitos fotografadas.

Na análise semiótica das imaxes, as conclusións seguen a mesma senda que na análise textual. *El Periódico de Catalunya* escolle o encadre de primeiro plano en maior porcentaxe que o resto dos medios analizados. Como xa se explicou no apartado da análise visual, existe unha correspondencia entre o número de entrevistas e reportaxes publicadas e o número, e a elección do encadre, de fotografías que representan a mulleres en primeiro plano –o que connota seriedade e respecto público por unha persoa-, posando –o que imprime rigor e respecto-, debuxadas a carbonciño nunha pose correcta, etc. Así mesmo, debemos destacar a seriedade do tratamento de *La Vanguardia*, cabeceira que tomou todas as fotografías nun rigoroso plano normal (sen picados ou contrapicados). Por outra banda, o diario dos condes de Godó, é o único que representa a máis inmigradas de xeito individual que colectivo. No tocante á construción da individuación das mulleres, o diario que máis obstáculos pon é, paradoxalmente, *El Periódico de Catalunya*, que publica a práctica totalidade das fotografías de inmigradas con carácter colectivo, xerando así a impresión de masa homoxénea. A construción das inmigradas como reprodutoras (nais e coidadoras) está presente en todas as cabeceiras da mostra. Sen embargo, pódense establecer matices. *La Voz de Galicia* é o diario que máis mulleres migradas reivindicativas presenta. *El Periódico de Catalunya* mostra predilección por representar inmigradas na rúa e acompañadas de criaturas (reforzando o mito do coidado e da maternidade). Os diarios cataláns son os que máis mulleres veladas mostran, en consonancia coa porcentaxe de migradas de orixe cultural- relixioso musulmá en Cataluña, fronte a Galicia, e tamén os que máis inmigradas en contexto familiar e privado mostran. *Faro de Vigo* é o único diario da mostra que non representa a ningunha inmigrada coa súa parella masculina nas imaxes, e á vez o que máis instantáneas de migradas en actividades asociativas e

exercendo dereitos presenta. Claro que tamén é, xunto con *La Voz de Galicia*, o único medio que publica imaxes de prostitutas, e o que en maior medida cosifica ás mulleres, publicando un conxunto de pernas de mulleres que exercen a prostitución –a xulgar polo contexto e os tacóns altísimos que calzan- a modo de táboas estatísticas, como se o corpo da muller –e nomeadamente o das que exercen traballos sexuais- fose un obxecto.

Logo de observar os resultados agrupados por diarios, concluímos que existe unha diferenza a trazos xerais –e sempre con excepcións puntuais en determinadas categorías xa desenvolvidas de antemán- entre o tratamento da temática da inmigración feminina nos diarios cataláns e galegos da mostra, e nomeadamente entre *El Periódico de Catalunya* e *Faro de Vigo*, cabeceiras que en canto a representación podemos situar nos dous polos antagónicos da balanza. Aínda así, ningún dos tratamentos supera unha ACD, xa que sobre todo no nivel discursivo –e salvo honrosas excepcións que xa sinalamos na análise- a prensa escrita rexional galega e catalá –da cal analizamos unha mostra representativa- segue a invisibilizar ao colectivo de mulleres inmigradas residentes en España, a presentar a inmigración como masculina e a representar ás mulleres estranxeiras a través de estereotipos, fundamentalmente da vítima, tradicional e reprodutora. E dado que as identidades se constrúen a través dos medios, o colectivo inmigrado feminino, a inmigración, as mulleres españolas e toda a sociedade, teñen que enfrontarse ao duro hándicap de xestionar unha realidade descoñecida e terxiversada na opinión pública, o que dificulta enormemente a tarefa de convivencia. Tendo en conta que: “*los discursos y, especialmente, el procedente de los medios, se convierte así en formas de representación identitaria que ordenan, organizan e influyen en nuestra interpretación del mundo*” (CASERO, 2007: 72), o estudo das estratexias discursivas empregadas pola prensa rexional de referencia galega e catalá sérvenos para entender a conformación das identidades simbólicas das inmigradas.

Observamos que a prensa rexional analizada constrúe o estereotipo da muller inmigrante como atrasada, de nivel económico e social baixo. O nivel cultural soe ir ligado ao nivel de instrución. Neste caso, confirmase esta relación. Xa que as outras ademais de pobres socio-economicamente son tildadas de incultas, analfabetas ou con nivel de estudos primarios, mesmo sen rematar. Desenmascaramos as estratexias discursivas como a homoxeneización e a xeralización que teñen como obxectivo a construción do estereotipo negativo da inmigración. Preséntanse as mulleres inmigrantes como parte sempre dunha familia, acompañadas polos/as fillos/as ou polas parellas masculinas. Este trazo reforza o imaxinario da reagrupación familiar como vía

de entrada principal das mulleres migradas, dato non confirmado pola estatística. Os datos apuntan o nesgo desta crenza que espallan os medios. As estratexias discursivas de representación mediática da inmigración feminina incorren nunha hiperbolización do discurso da feminización da pobreza, ligada á inmigración.

No discurso analizado obsérvase o que podemos denominar naturalización da inmigración. Se afondamos na relación que se establece entre os segundos termos da tríada de dicotomías: civilización- cultura/natureza, home/muller e nos/outros - inmigrantes. A muller está ligada ás categorías de natureza e de outros. A muller inmigrante é presentada como unha ramificación da natureza. O uso de metáforas naturais que fan referencia a catástrofes ambientais e naturais para referirse á inmigración, pero sobre todo á inmigración feminina, sérvese –e serve- da crenza apoiada na lóxica binaria patriarcal de que a inmigración é un fenómeno tan incontrolable e caprichoso coma a natureza. Xa se analizou o uso de expresións coma “oleada”, “avalancha”, no sentido de maremoto, inundación, etc. para connotar de xeito negativo a inmigración, e fundamentalmente a inmigración feminina pois son as mulleres as que teñen fillos/as, cos que engrosan as filas dos/as outros/as que supostamente representan unha ameaza para a identidade e economía europeas (crenza estendida no discurso político e mediático). A naturalización da muller tamén cobra forma na construción do arquetipo de inmigrada presentada nos medios como a muller nai, a esposa maltratada, a filla de inmigrantes que ven reagrupada e debe gozar da aprobación da familia para escoller marido, a doula, a coidadora, etc. As inmigradas cando aparecen no discurso da inmigración fano mediadas pola lectura de xénero da domesticidade contra o que as mulleres españolas comezaron a gañar a loita fai xa un par de décadas. O discurso mediático constrúe a realidade tanto polas súas ausencias coma polas súas presenzas. De aí a importancia de visibilizar as mulleres inmigrantes e de deconstruír o estereotipo negativo que recae sobre elas.

A feminización estatística da inmigración non ten un reflexo acorde nos medios de comunicación, que seguen a presentar o fenómeno como maioritariamente masculino. O arquetipo da irregularidade administrativa e concretamente as estratexias de estereotipación das inmigradas en tanto “ilegais” cumpre a dobre función de presentación da migración como negativa, asociada á ilegalidade e polo tanto non apta para normalizar, e criminalizada. A prensa constrúe as migradas como vítimas, pero só en último termo e de modo excepcional como vítimas do sistema xurídico e social español. A culpabilidade e a responsabilidade de todas as situacións negativas que

atravesan recae –no discurso dos diarios analizados- sobre as propias aludidas, as inmigradas, ou sobre mafias de nacionalidades diferentes á española ou inmigrados que as enganan, maltratan, explotan, etc. Os medios exculpan á sociedade española de toda responsabilidade. As mulleres inmigrantes son marcadas por un discurso de dobre alteridade, do que nos medios só se denuncia a parte de responsabilidade esóxena, e non cunha intención meramente de crítica e deconstrución dunha situación de discriminación senón como parte dunha estratexia de vitimización que lonxe de mellorar a realidade das inmigradas, as prexudica aínda máis. A representación das mulleres inmigrantes na prensa constrúese coas estratexias que reflicten e reforzan unha dobre discriminación que estas sofren, marcadas por unha banda polo racismo étnico –son as outras- e por outra banda, polo sexismo, o nesgo androcéntrico –son as mulleres dos outros-, unhas mulleres que se constrúen de modo diferencial ás da sociedade de recepción –Occidente-. As inmigradas son heterodesignadas a través do discurso público –político e mediático- coas calidades tradicionais das que comezan a liberarse as mulleres autóctonas a partir da incorporación á esfera laboral e a vida pública. A superposición do racismo e o sexismo supón para as inmigradas a súa reclusión no nicho da produción con escasas posibilidades reais de saída. E os medios de comunicación son en boa parte responsables deste peche.

Son varias as estratexias discursivas das que botan man os medios de comunicación para construír o estereotipo de inmigrada tradicional e submisa. Entre elas destaca a da construción da pasividade. Poderíamos falar de dobre pasividade. Se reflexionamos sobre a dicotomía de activo/pasiva, observamos que as mulleres inmigradas están relegadas dobremente ao polo negativo da mesma, en tanto home/muller e en tanto nós/outras. Analizamos a construción pasiva da inmigración, onde os suxeitos se ven como persoas carentes de axencia, sen iniciativa, malia o paradoxo de seren inmigrantes e desprazarse dende outro lugar do mundo ata aquí. No caso das mulleres, a pasividade, como carácter tradicional co que carretan, implica o reforzo do estereotipo de muller esposa que acompaña ao seu marido, xefe de fogar. Os datos estatísticos mostran a fición desta representación mediática, xa que unha porcentaxe significativa de mulleres emigran de xeito individual en tanto xefas de fogar, realidade non mostrada nos medios salvo contadas excepcións que xa sinalamos na ACD.

Os resultados desta investigación verifican a hipótese da reprodución por parte dos medios do sistema de dominación. En expresión de Ricard Zapata Barrero e T. A.

Van Dijk: *“el discurso es crucial en la reproducción de este sistema de dominación: puede ser tanto una práctica discriminatoria como, al mismo tiempo, la manera principal de adquirir las actitudes e ideologías racistas”* (2007: 10). Como observamos na mostra analizada, a prensa rexional galega e catalá sitúa as mulleres inmigradas no espazo privado, silenciándoas, invisibilizándoas e asignándolle as tarefas de reprodución e coidados, heterodesignadas para as mulleres dende o comezo dos tempos. Esta representación mediática das inmigradas vai en prexuízo da inclusión das mulleres que veñen doutros países en condicións igualitarias nas sociedades de destino da súa viaxe migratoria, así mesmo, reforza certas teses do multiculturalismo máis radical e xera na opinión pública o imaxinario da inmigrada como muller tradicional e sen axencia, obxectualizadas e sen voz.

5. A voz das inmigradas: a pluralidade de acentos comunica

O quinto e último capítulo da tese, titulado *A voz das inmigradas, a pluralidade de acentos comunica*, é o espazo reservado nesta investigación para servir de voceiro ás mulleres inmigrantes e non incorrer no paradoxo de reivindicar a súa voz falando por elas. Este capítulo é o resultado da elaboración dunha enquisa ás aludidas. No primeiro apartado xustifico a elección destas voces e os mecanismos de contacto con elas. A continuación exporase a metodoloxía da elaboración da enquisa e de seguido a lectura dos resultados en cada comunidade, e de xeito comparado. As conclusións da análise serán contrastadas coas da ACD para obter uns resultados máis completos e rigorosos. Ademais das conclusións finais e a bibliografía de consulta, engadirase un apartado de anexos que inclúa as listas de artigos seleccionados na mostra total, na feminina, a mostra fotográfica e o bruto das fichas de análise elaboradas a partir de cada peza informativa analizada.

5.1. Perspectiva inclusiva

“El feminismo no puede renunciar a la idea de la autonomía y a la constitución de las mujeres en sujetos políticos, pero tampoco puede cerrar los ojos a la existencia de grupos de mujeres con experiencias concretas y específicas de opresión” (COBO, 2006 a: 17)

Con esta afirmación, e a partir da adscrición ao feminismo, xustifícase unha vez máis a elección do tema de estudo, e introdúcese o presente apartado de crítica por parte deses grupos de mulleres con experiencias concretas e específicas de opresión dos que fala Cobo, as mulleres inmigrantes.

Malia que a unidade de análise desta investigación son as noticias, e polo tanto se centraron os esforzos en estudar as estratexias discursivas e os recursos lingüísticos a partir dos que se xeran e reforzan os estereotipos e se invisibiliza ás migradas, abordamos de xeito sumario –como tamén fixemos cos aspectos da práctica institucional: os procesos de produción e as rutinas da profesión periodística- a recepción e percepción nunha dimensión meta. Non nos centraremos en como a sociedade xeral percibe a inmigración a través da influencia dos medios de comunicación, porque xa hai estudos sobre esta temática e excede a nosa intención. Sen embargo, aproximáremos á perspectiva de recepción do discurso mediático por parte

das aludidas, das propias mulleres inmigradas en Cataluña e Galicia²²².

Esta investigación comunicativa defínese polo seu carácter crítico. Trátase dunha análise intersubxectiva, onde ademais da analista están presentes as voces das analizadas. Este aspecto é de inclusión obrigada dado que o tema da investigación práctica é a invisibilidade das mulleres inmigrantes na prensa. Non podemos caer na contradición de obviar as voces das propias afectadas, porque de facelo estaríamos incorrendo no erro que se destaca da actuación mediática. Pretendemos, así mesmo, evitar comportamentos paternalistas. Por outra banda, queremos deixar claro que non cremos que os temas que afectan á determinados grupos minorizados ou minoritarios sexan de análise exclusiva e privativa destes colectivos. O diálogo intercultural – segundo a perspectiva de Seyla Benhabib- esixe unha reciprocidade, igualdade, simetría no trato e que todas as implicadas estean presentes na negociación dos asuntos que as afectan. En expresión de Rosa Cobo (2006a: 17): *“los grupos discriminados y los genéricos oprimidos sí pueden hacer de la interpelación una herramienta moral y política que contribuya al establecimiento de relaciones simétricas entre ellas y nosotras y entre unos y otras”*. Para interpelar precisan ter unha canle de comunicación. O obxectivo deste capítulo é afondar na ausencia desa canle para as inmigradas, e das consecuencias que se extraen deste feito para as mulleres. Nun estudo recente, Cogo et al. (2008: 109) analiza a percepción dos medios por parte de persoas inmigradas, xustificando a súa pertinencia coa tese da construción social da realidade por parte dos medios e as implicacións que este feito ten para as persoas implicadas. *“Esta realidad social construida por los medios es interpretada por los ciudadanos, quienes la acaban utilizando para otorgar sentido a sus propias prácticas sociales y para entender el mundo que les rodea”*. As mulleres inmigrantes son tamén parte da sociedade, en tanto parte desta cidadanía comunicativa que se presupón tras a tese da creación social da realidade. Na enquisa que se realizou ás inmigradas presentouse a opción “axúdache a comprender a sociedade na que vives” como un dos motivos de lectura de prensa. Adiantamos que esta foi, logo da “obtención de información”, o segundo ítem máis escollido polas aludidas. Unha perspectiva inclusiva, non pode caer na dicotomía de nós e as outras na realización da investigación. É preciso empregar as categorías vixentes co gallo de facer unha análise completa da realidade, pero a perspectiva crítica é

²²² Na obtención da mostra de enquisas non se puxo de requisito para a súa cumprimentación máis que as enquisadas fosen mulleres inmigradas, é dicir, nadas e socializadas fóra de España (aínda que a súa nacionalidade sexa a galega ou española por ser descendentes directas de españois/las) e estar actualmente residindo en Galicia ou Cataluña, con independencia da condición administrativa.

fundamental. As inmigrantes son tamén parte da cidadanía que interpreta os medios e que acaba utilizando as construcións sociais da realidade que fan os medios, ademais de sufrir os efectos en tanto parte afectada da utilización por parte do resto da sociedade, a non inmigrada, das construcións sociais da inmigración. A memoria mediática, que tende a adquirir a mesma importancia e lexitimade que a memoria vivida ou experiencial propia, non elimina a capacidade crítica por parte das/os espectadoras/es dos medios de comunicación. E no caso concreto das persoas aludidas polas construcións mediáticas, a conciencia crítica pode verse reforzada pola maior presenza da memoria experiencial, pero sen embargo, e como afirmamos en forma de hipótese de traballo desta parte práctica da investigación, a memoria experiencial convive coa memoria mediática de xeito bastante equilibrado, ao contrario do que se podería pensar dada a contradición entre estas no caso concreto da inmigración, e en xeral na maioría das temáticas tratadas polos medios.

A pertinencia dun diálogo intercultural con perspectiva de xénero levounos a indagar na percepción da recepción mediática das aludidas. Sen embargo, e tendo en conta os límites e carácter desta investigación²²³ non é pertinente unha presenza constante destas voces, senón un espazo que lles sirva como canle de expresión de cara a unha autodesignación, que comeza coa crítica da situación de opresión. Deste xeito, para evitar a perspectiva de investigadora “excluínte” e superar a dicotomía de suxeito /obxecto de investigación que podería incorrer na crítica de etnocentrismo do feminismo que practicamos pola condición persoal de muller, branca, heterosexual, de clase media, europea, etc., dedícaselle un bloque desta segunda parte ás voces das mulleres inmigrantes ás que se dirixe a mirada nesta investigación, e analízase de xeito crítico a presenza/ausencia da súa voz na prensa. Deste xeito respectamos as normas de equidade e complementaria reciprocidade indicadas por Benhabib (2009a: 14) como guía da relación cun outro concreto. Neste caso outras concretas, as migradas.

O silenciado das migradas lesiona a construción dun feminismo universal e tamén dun feminismo coherente no contexto español, galego e catalán, no que nos situamos, na medida en que a voz é unha das ferramentas para a participación nun diálogo –neste caso concreto intercultural- e para poder construírse nun sistema propio, máis alá da dobre heterodesignación patriarcal, tanto por parte da cultura de orixe como da occidental.

²²³ A autoría da tese de doutoramento é persoal.

“Construir un universalismo amplio, ancho, autocrítico, que no sea ciego a las diferencias, que no se deje bloquear, según el término de Bessis, por los intereses de las elites patriarcales y que no silencie a las ‘otras’ debe ser uno de los objetivos del feminismo del siglo XXI” (COBO, 2006 a: 18)

5.2. A enquisa

A metodoloxía da análise da percepción da heterorrepresentación mediática na prensa rexional galega e catalá de referencia por parte das mulleres inmigradas residentes nestas dúas comunidades autónomas con estatuto de nación é a realización dunha enquisa anónima individual de 16 preguntas a unha mostra de 224 mulleres de orixe estranxeira, a metade en cada comunidade. Como é obvio a enquisa realizouse en Galicia e Cataluña para coincidir coa mostra de diarios analizados. Trátase de darlle voz ás aludidas na análise. É dicir ás mulleres migradas que viven en Cataluña e Galicia e que, por unha banda, teñen acceso á prensa rexional sobre a que se efectuou a ACD e, por outra banda, sofren os efectos directos do tratamento mediático que as constrúe dun xeito determinado.

O cuestionario foi redactado en galego (idioma desta investigación) e castelán por ser a lingua común a Cataluña e Galicia, e a lingua nai do colectivo de orixe latinoamericano –maioritario segundo as estatísticas de inmigración correspondentes ao INE (2004 -2009). Inicialmente pensouse en facer unha versión en catalán, finalmente desestimado pola experiencia en Galicia –primeiro lugar de realización de enquisas– onde ás migradas primaban o cuestionario en castelán, ao galego, pola maior facilidade de lectura e comprensión. Exceptuando o colectivo brasileiro e portugués, que primou a enquisa en galego. Colectivos pouco presentes en Cataluña.

O tempo de realización de enquisas foi de dous meses exactos, dende o día 9 de outubro de 2009 ata o 9 de decembro do mesmo ano²²⁴. Durante este período contactei con varias asociacións, de inmigrantes en xeral e de migradas en particular, con sindicatos, ONG’s, cargos políticos, mestras de idiomas, e persoas a nivel persoal e individual, tanto de Galicia como de Cataluña.

A obtención da mostra de enquisas foi moito máis doada e rápida de pechar en

²²⁴ Hai que sinalar que 9 enquisas foron realizadas entre o 27 de decembro e o 5 de xaneiro para equilibrar a mostra galega coa catalá (máis numerosa) nun principio.

Cataluña que en Galicia, dada a maior porcentaxe de migradas residentes na comunidade catalá e dada a maior concentración de migración na cidade de Barcelona e os seus arredores. En Galicia, o tempo de contacto e realización de enquisas a migradas foi moito máis dilatado, ante a necesidade de conseguir unha mostra equilibrada por comunidades.

O cuestionario presentouse como anónimo co obxecto de non xerar reservas por parte das inmigradas coas que se contactou e facilitar así a consecución da mostra de cen formularios cubertos no menor tempo posible. No primeiro bloque fanse constar os datos sociodemográficos para poder situar o perfil das mulleres que cubriron a enquisa e equilibrar a mesma en nacionalidades en función das estatísticas do INE 2009. Con este fin elaborouse unha lista de países de orixe das mulleres estranxeiras residentes en Galicia e Cataluña por orde.

	Galicia	Cataluña
1	Brasil	Marrocos
2	Portugal	Romanía
3	Colombia	Ecuador
4	Romanía	Bolivia
5	Arxentina	Colombia
6	Venezuela	China
7	Uruguai	Italia
8	República Dominicana	Perú
9	Marrocos	Francia
10	Perú	Arxentina
11	Italia	Brasil
12	Paraguai	República Dominicana
13	Cuba	Alemaña
14	China	Reino Unido
15	Francia	Rusia
16	Bolivia	Paraguai
17	Reino Unido	Honduras
18	Ecuador	Ucráína
19	Alemaña	Chile
20	EUA	Uruguai
21	Chile	Portugal

22	México	Polonia
23	Bulgaria	Venezuela
24	Rusia	Cuba
25	Polonia	Filipinas

Tentouse obter unha mostra de enquisas representativa e equilibrada, tanto no que atinxe á nacionalidade, como aos estudos, idade, tempo de “estadía²²⁵” en España, ocupación, etc. O resultado é unha mostra completa e rigorosa na que figuran a maioría dos países dos colectivos que compoñen a inmigración feminina e porcentualmente segundo as cifras do INE. Tamén obtivemos unha mostra equilibrada con respecto ás idades, estudos, ocupacións, etc. Se ben queremos salientar que o sector das mulleres inmigrantes que exercen a prostitución é un dos menos representados na enquisa. O hándicap da discriminación social desta ocupación e das persoas que a exercen poden levar ás mulleres migradas que cubriron a enquisa a non sinalar esta ocupación, aínda exercéndoa. Por outra banda, os tentos de contacto con asociacións que traballan con prostitutas foron pouco frutíferos por ocupación ou reservas dos mesmos ante a investigación que nos ocupa.

Ademais dos datos sociodemográficos, na enquisa as migradas contestaron bloques de preguntas sobre a frecuencia, motivos e tipo de prensa que len e un segundo bloque, máis cualitativo, sobre a caracterización e frecuencia temática do tratamento das migradas en prensa. Xa ao final do cuestionario presentáronse interrogantes máis creativos e deconstrutivos para as migradas sobre a pertinencia de presentar determinados datos en prensa, o tipo de designación que desexan, o grao de representación para con elas que ten a prensa, e a conciencia da influencia desta na creación da opinión pública sobre a migración, entre outras cuestións. A continuación, expoñemos o formulario –tal como foi presentado ás inmigradas- para unha análise máis pormenorizada.

ENQUISA SOBRE REPRESENTACIÓN DE INMIGRADAS EN PRENSA

Idade: menos de 20 anos de 21 a 30 anos de 31 a 40 anos de 41 a 50 anos máis de 51 anos
Nacemento: América Latina Europa do Leste África UE Asia **País** _____
Anos en España: menos de 1 ano de 1 a 2 de 2 a 5 de 5 a 10 máis de 10 anos
Formación básica media universitaria máster- doutorado

²²⁵ Con estancia referímonos a tempo real de residencia en España, independentemente da forma administrativa concreta. O que inclúe a mulleres con visado de estudantes, visado caducado, permiso de residencia, permiso de traballo, etc.

Ocupación actual: servizo doméstico coidados hostalería traballo sexual
servizos agricultura outro: _____
Residencia: Galicia Cataluña **Cidade:** _____
¿Estás nalgunha asociación de inmigrantes? SI NON

1. Les o xornal

nunca cada mes cada semana cada dous días sempre (cada día)

2. ¿Cantos diarios les? 1 2 máis de 2

3. ¿Que tipo de diarios? gratuítos de pago prensa para inmigrantes deportivos

4. Les o periódico porque: infórname axúdame a comprender a sociedade na que vivo

entretenme aprendo _____

4. As inmigrantes nos periódicos

saen moi pouco saen pouco saen bastante saen moito

5. As fotografías de inmigradas publicadas ensinan: mulleres con velo inmigrantes

diferentes inmigrantes en situacións cotiás engaden información á noticia

6. Os seguintes temas saen na prensa 1 moi pouco, 2 pouco, 3 bastante, 4 moito e 5 demasiado

1 2 3 4 5

O traballo sexual (prostitución...)

A vestimenta (velo, burka...)

O matrimonio, parella, a familia, etc.

A chegada a España (pateiras...)

A cultura e as tradicións, etc²²⁶.

A saúde

A Lei de Estranxeiría (regulacións, expulsións, etc.)

A vida cotidiá (ocio, entretemento...)

A educación e os menores

A delincuencia, roubo, mafias...

O terrorismo

O traballo (paro, condicións laborais)

A violencia machista

7. As inmigrantes que saen nos medios representan a realidade son estereotipos depende

8. Os medios de comunicación ensinan as migradas como mulleres víctimas independentes

reagrupadas tradicionalis diversas exóticas delincuentes explotadas tratadas __

9. ¿Que datos sobran nas noticias de inmigración?

idade sexo orixe situación administrativa profesión estudos situación familiar relixión

10. ¿Con que adxectivos che gustaría que te describisen na prensa? ilegal irregular víctima

sin papeles inmigrante inmigrada muller inmigrante muller esposa

prostituta cariñosa nai persoa traballadora interna _____

11. As voces das mulleres inmigrantes nos medios lense

moi pouco pouco bastante moito

12. ¿Como muller inmigrada sénteste representada na prensa?

moito bastante pouco nada

13. ¿Hai diferenza entre como tratan ás inmigrantes os diarios españois e os feitos por inmigrantes?

moita bastante pouca nada

En qué _____

14. ¿Todos os diarios españois tratan igual ás inmigrantes? SI NON

15. ¿Cres que os medios inflúen en como te ven os demais? SI NON

²²⁶ Nun primeiro momento cometeuse o erro de introducir na mesma categoría temática cultura e relixión. Se ben se subsanou posteriormente, dado que precisamente a confusión destas dúas variables é un dos principais erros de determinadas posturas políticas radicais que caen no estereotipo e reducen as identidades a totalidades estancas. Se ben cada cultura ten unha ou varias relixións maioritarias e mesmo oficiais, debemos distinguir entre cultura e relixión. Pois non é o mesmo ser árabe que ser musulmán como se especificou nun apartado anterior desta investigación.

A necesidade de condensación de toda a información nun só folio, para facilitar que as migradas accedaran a cubrilo e non cansalas en exceso con redundancias, obrigounos a deixar fora algúns aspectos que poderían ser interesantes. A brevidade aconsellada para os formularios de enquisa levounos a xerarquizar e primar as cuestións máis relevantes para a análise. Un exceso de datos tería complicado, aínda máis, a xestión dos resultados.

A concisión é a causa de varias eivas do cuestionario. A continuación pasaremos a xustificar as eleccións máis polémicas. No apartado dos datos persoais, a agrupación dos países de nacemento responde aos bloques maioritarios. Non constan Oceanía ou América do Norte. Para acadar un maior nivel de concreción e evitar exclusións, ese apartado foi completado co interrogante do país de nacemento. A división entre Europa do Leste e Unión Europea é así mesmo conflitiva, na medida en que hai países historicamente de Europa do Leste que hoxe forman parte da UE. A integración na comunidade europea fíxose nun período posterior ao rexistrado e analizado na mostra en papel da prensa rexional obxecto de estudo. Por outra banda, a autoconcepción nacional das persoas que cubriron a enquisa é un dato que nos interesa, para poder discernir en que medida son susceptibles ou se ven afectadas polos estereotipos relativos en torno a determinadas nacionalidades de orixe. De feito, logo de contabilizar os datos das enquisas, descubrimos que varias mulleres nadas na Europa do Leste hoxe xa integrada na UE seguen a marcar a opción Europa do Leste e non UE. A xeración de identidades políticas é un proceso lento e complexo que, por veces, non segue o mesmo ritmo que a axenda política.

No apartado de formación escolléronse as opcións básica, media, universitaria e máster- doutoramento. Nun primeiro momento pensárase incluír a opción sen formación, finalmente desestimada para non ferir sensibilidades ao comezo da enquisa, o que podería levar a que as migradas deixaran de cubrir a enquisa. E porque o mero feito de acceder a cubrir unha enquisa, maioritariamente, nun segundo idioma (salvo no caso das mulleres de orixe latinoamericana) esixe uns niveis de alfabetización e polo tanto unha formación básica. A opción media inclúe a educación secundaria e os ciclos de formación profesional de grao medio. Non se lles pregunta ás enquisadas polo título concreto xa que o obxecto desta investigación non é obter unha radiografía do perfil de inmigrada –datos que podemos obter no INE- senon ter presente o perfil sociodemográfico das persoas que contestasen á enquisa sobre a representación na prensa, para comprobar deste xeito o grao de representatividade da mesma.

O apartado ocupación actual pode ser criticado por conducido, xa que só sinala as profesións de servizos, coidados, prostitución e agricultura, tarefas heterodesignadas como femininas. Hai que ter en conta que o cuestionario se elaborou logo de obter os datos da ACD sobre a mostra de prensa. A función da enquisa é comprobar ata que punto os estereotipos presentados nos diarios teñen unha correspondencia real, e evidenciar, no seu caso, o lonxe que están da realidade, diversa por definición. O apartado de ocupación ten a opción de outro, que foi a maioritariamente marcada e cuberta polas migradas.

O seguinte epígrafe, o correspondente ao actual lugar de residencia pon Cidade e non Lugar para que as migradas concretasen a resposta o máximo posible. Quizais Concello sería máis adecuado, para non incorrer en discriminacións urbano /rural. En favor da opción tomada hai que salientar, que as mulleres non tiveron problemas á hora de cubrir este apartado.

A parte específica da enquisa foi elaborada logo de realizar a ACD, a partir das categorías máis repetidas nesta, por iso abundan máis as de carácter negativo. Sen embargo, sempre se deixa opción a unha resposta positiva, na maioría dos casos ofrecida, xa que en xeral as persoas que cobren enquisas non tenden a escribir moito máis alá dos x para marcar unha ou varias das opcións xa presentadas pola enquisadora. Aínda que tamén se tentou na medida do posible (o espazo é reducido) deixar un espazo de resposta libre.

A categoría de tipo de prensa de consulta inclúe a modalidade de prensa por internet como subordinada á gratuíta, de pago, de diáspora ou deportiva. Dado que a análise que efectuamos nesta investigación se centra na prensa en papel, non consideramos oportuno presentar unha opción de prensa dixital, dado que esta se pode clasificar á súa vez, na tipoloxía presentada, e os resultados ofrecen maior riqueza para as conclusións finais.

5.3. Lectura dos resultados

Dado que a enquisa se realizou en dúas comunidades de tradición migratoria e mediática tan diferentes, presentamos os resultados de xeito individual en cada unha delas; para ao final do capítulo comparalos e establecer unhas conclusións comúns para toda a mostra, facendo as salvedades que os datos recollidos nos indiquen.

5.3.1. A mostra galega

Idade:	
menos de 20 anos	5
de 21 a 30 anos	34
de 31 a 40 anos	36
de 41 a 50 anos	27
máis de 51 anos	9
NS/NC	1
TOTAL	112

Logo de contactar con 112 mulleres inmigradas en Galicia obtivemos un perfil de muller nova, entre 21 e 50 anos maioritariamente. Só unha persoa deixou este ítem sen contestar. Ademais das mulleres do perfil de adulta, constatamos unha porcentaxe de en torno a un 8 por cento de mulleres de máis de 51 anos.

Nacemento:	
América Latina	70
Europa do Leste	8
África	7
UE	20
Asia	6
América do Norte e Oceanía	1
TOTAL	112

En torno a un 62 por cento, das mulleres enquisadas son orixinarias de países de América Latina. A segunda categoría máis marcada foi a da UE²²⁷, cunha porcentaxe próxima ao 18 por cento. Nos últimos postos figuran con pouca diferenza Europa do Leste –cun sete por cento–, África –cun seis por cento– e Asia –cun 5 por cento.

País	Número de enquisadas
Brasil	17
Romanía	10
Arxentina	9
Colombia	7
Portugal	6
Ecuador	6
Uruguai	6

²²⁷ Hai que matizar que varios dos países incluídos polas enquisadas na categoría de UE son países que no momento da obtención da mostra de diarios non formaban parte da UE aínda, e estaban catalogados como de Europa do Leste. Entre eles Romanía e Polonia.

Venezuela	5
República Dominicana	5
Perú	3
Paraguay	3
México	3
Corea do Sur	3
Marrocos	3
Angola	2
Cuba	2
Rusia	2
Chile	2
Ucraina	2
Bolivia	1
Nicaragua	1
China	1
EUA	1
Filipinas	1
Polonia	1
Xeorxia	1
Grecia	1
Holanda	1
Xordania	1
Alemaña/Turquía	1
Francia	1
África	2
América Latina	1
UE	1
TOTAL	112

Brasil é a principal nacionalidade de orixe das migradas afincadas en Galicia, e tamén das enquisadas. O segundo país de orixe das mulleres enquisadas é Romanía (cuarto posto no INE 2009), seguido de Arxentina (quinto posto), Colombia (terceira posición) e Portugal (segundo posto segundo os datos do INE 2009), Ecuador (lugar décimo oitavo), Uruguai (sétimo posto), Venezuela (sexto lugar) e República Dominicana (oitava posición). Na táboa superior pódese comprobar o resto das nacionalidades e proporcións representadas na enquisa. A maioría das nacionalidades sinaladas na lista das dez primeiras nacionalidades das estranxeiras residentes en Galicia están representadas na mostra de enquisas, se ben non na posición exacta que indica o INE 2009.

Anos en España	
menos de 1 ano	13

de 1 a 2	14
de 2 a 5	33
de 5 a 10	30
máis de 10 anos	15
NS/NC	7
TOTAL	112

A maioría das mulleres enquisadas residen en España entre fai 2 e 10 anos. Seguidas das que levan en España menos de dous anos, e posteriormente as que xa viviron máis de dez anos neste territorio. Estamos a falar pois de mulleres que tiveron a oportunidade de integrarse, coñecer o idioma e aproximarse como consumidoras aos medios de comunicación autóctonos, sobre os que lle preguntamos nesta enquisa.

Formación	
Básica	20
media	42
universitaria	31
máster- doutorado	11
NS/NC	8
TOTAL	112

A formación media é a categoría cuberta nun maior número de ocasións polas inmigradas que accederon a encher a enquisa. Pero se sumamos os datos de inmigradas con formación universitaria (a segunda) e de máster e doutoramento obtemos unha cantidade igual á da ensinanza media. É dicir que se facemos a división habitual entre formación básica, media e superior, o resultado é practicamente paritario para a ensinanza media e a superior, ambas as dúas con 42 respostas en total.

Ocupación actual:			
servizo doméstico	29		
coidados	6		
hostalería	16		
traballo sexual	2 ²²⁸		
servizos	6		
agricultura	3		
outros	55	sen especificar	8
		profesora	5

²²⁸ Malia que só dúas persoas marcaron a opción “traballo sexual” como ocupación actual temos constancia de que como mínimo seis mulleres enquisadas teñen coñecemento directo da realidade da prostitución. Esta certeza parte da realización da enquisa a un grupo de mulleres atendidas por Vagalume, centro da muller xestionado polas Oblatas, dependente de Cáritas Diocesana Santiago de Compostela, que traballa con persoas inmigradas e mulleres que viven ou viviron en situación de prostitución.

	prisión	3
	paro	9
	estudiante	14
	artista	3
	tradutora	1
	dependenta	1
	limpeza	1
	técnica ONG	3
	ama de casa	1
	medicina	2
	empresaria	2
	investigadora	3
NS/NC	1	
TOTAL	119	

A maioría das mulleres inmigradas enquisadas responderon á categoría outras no apartado da ocupación, deseñado en función dos estereotipos maioritarios na prensa. Aqueles que indican que as mulleres inmigrantes se empregan no servizo doméstico, os coidados, a hostalería e a prostitución. Entre a gran diversidade de tarefas das inmigradas figuran os estudos, o paro, a prisión, a ensinanza, actividades empresariais, a medicina, a coordinación de ONG's, as artes, etc. O servizo doméstico, seguido pola hostalería, é a ocupación maioritaria das enquisadas, se non temos en conta a categoría outros como un todo. Como xa indicamos nunha nota ao pé, a opción da prostitución foi marcada por dúas enquisadas na mostra galega, se ben como mínimo outras catro mulleres tamén teñen coñecementos directos da realidade da prostitución. En xeral, as mulleres responderon á lectura deste ítem con sorpresas, risos irónicos ou mesmo molestia. Algunha ata se ofendeu ante o estereotipo e denunciou de xeito verbal que as inmigrantes latinoamericanas son para os/as españois/las todas unhas *putas*.

Cidade residencia	
Santiago	74
Boiro	2
Arzúa	1
Lugo	3
Milladoiro	6
A Coruña	3
Bertamiráns	1
Silleda	8
Teo	1
Pontevedra	6
Vigo	6
Ourense	1

A enquisa foi cuberta maioritariamente na cidade de Compostela, capital de Galicia e sede da edición de Galicia do diario *Faro de Vigo*, e tamén unha das sedes de *La Voz de Galicia*, e arredores (Milladoiro, Bertamiráns, Teo). Pero tamén estivo á disposición de mulleres inmigrantes en Vigo, Pontevedra, A Coruña, Arzúa, Silleda, Boiro, Lugo, Ourense, etc. Malia que Vigo é unha cidade industrial cun tecido industrial significativo e cunha porcentaxe elevada de inmigración respecto á media galega, non se realizaron nesa cidade máis de media ducia de enquisas pola dificultade de contacto coas asociacións de inmigrantes afincadas en Vigo. Na cidade Olívica, teñen a súa sede as tres únicas asociacións exclusivamente de mulleres migradas de Galicia. O contacto con elas foi imposible en dous casos e deu en negativa no terceiro. En Vigo, o principal contacto foi a Fundación Érguete Integración, quen colaborou de xeito activo na investigación, facilitando así a aproximación aos datos da provincia de Pontevedra.

En Compostela, pola contra, o Foro Galego da Inmigración, colaborou en todo momento coa investigación. Permitindo o acceso e participación da investigadora nas reunións do Foro. Deste xeito foron posibilitados contactos coas asociacións de inmigrantes compostelás para a realización das enquisas. En Compostela as ONGs que traballan coa migración: Cáritas, Vagalume-Oblatas e Cruz Vermella tamén colaboraron na investigación permitindo o contacto con inmigradas que asistían a cursos de idiomas, obradoiros de busca de emprego, talleres de integración, etc. A EOI, e concretamente a profesora de Español para estranxeiros, tamén facilitou o acceso a mulleres inmigrantes de orixes minoritarias en moitos casos, para a realización da enquisa. O sindicato CIG-Inmigración, a través de Laura Bugalho, tamén colaborou na investigación prestando contactos con migradas e asociacións de inmigrantes. Entre as principais asociacións contactadas figuran a Casa Latinoamericana de Galicia, Asociación para a Promoción social e intercultural Gondwana, Asociación Madres Latinas, Asociación Puente Cultural Rumano Gallego, Asociación Socio- Cultural Venezolana de Santiago, ONG Contacto de Boiro, etc. Non todos os contactos foron froitíferos pero, en todo caso, si serviron para profundizar no coñecemento da realidade inmigratoria en Galicia.

Pertenza a asociación de inmigrantes	
SI	20
NON	85
NS/NC	7

TOTAL	112
-------	-----

Dado que a maioría dos contactos se fixeron a través de ONGs, contactos persoais e cursos de idiomas, de busca de emprego, etc. a maioría das mulleres enquisadas non pertencen a asociacións de inmigrantes, se ben hai que matizar que unha boa porcentaxe si mostrou inquietudes pola colaboración e o asociacionismo.

Frecuencia de lectura	
Nunca	10
Mensual	18
Semanal	38
cada dous días	6
diaria	38
NS/NC	2
TOTAL	112

Xa no apartado específico da prensa, comezamos pola elaboración do perfil de lectora de diarios que corresponde ás mulleres que contestaron a enquisa. A maioría le cunha periodicidade semanal, seguida da frecuencia de lectura diaria. Estamos pois ante unha audiencia fidelizada, que se aproxima aos xornais de xeito habitual, e que polo tanto ten unha certa familiaridade e coñecemento da prensa. Cando menos para poder contestar de xeito xeral as temáticas recorrentes, e a presenza de determinados colectivos, tópicos ou estereotipos. Menos dun dez por cento contestaron que non len nunca os diarios. Sen embargo, é preciso matizar que varias das persoas que contestaron que non len nunca o xornal non deixaron por iso de contestar ao resto das preguntas que presupoñen unha aproximación cando menos circunstancial á prensa.

Número de cabeceiras	
1	32
2	38
máis de 2	20
NS/NC	17
TOTAL	112

As enquisadas len unha media de dúas cabeceiras diferentes, seguidas das persoas que len só un diario, é dicir sempre a mesma cabeceira, e o resto que len máis de dúas. Nesta categoría, unha porcentaxe superior ao catorce por cento non contestou o número de cabeceiras que le.

Tipo de diarios	
gratuítos	58
de pago	81
prensa para inmigrantes	12
deportivos	5
NS/NC	7
TOTAL	112

Os diarios de pago, entre os que se atopan os analizados na mostra en papel, son os que máis ollean ás inmigradas galegas, seguidos dos gratuítos e moi por detrás a prensa da diáspora, ou para inmigrantes e os deportivos, estes últimos non chegan nin ao catro por cento. A prensa gratuíta en Galicia non está tan implantada como noutras comunidades dado o seu carácter fundamentalmente rural. En Compostela –capital da comunidade-, por exemplo, só se distribúe de xeito constante o diario gratuíta de *Luns a Venres* do grupo ADN. A maioría das persoas, aquelas que len máis de dun diario, len tanto prensa de pago como prensa da diáspora.

Motivos	
Infórmame	76
axúdame a comprender a sociedade na que vivo	42
entreténme	9
aprendo	21
outros:	7
NS/NC	6
TOTAL	156

Entre os motivos para ler o diario, as inmigrantes contestaron maioritariamente – nunha porcentaxe que rolda o sesenta e oito por cento dos resultados pero máis do sesenta por cento das enquisadas- a obtención de información. A segunda razón máis sinalada –por máis do 37 por cento das enquisadas- é o feito de que a prensa axuda a comprender a sociedade na que unha vive. O terceiro motivo marcado foi a aprendizaxe, e moi lonxe o entretemento.

Frecuencia de representación de migradas	
moi pouco	29
pouco	51
bastante	21
moito	9
NS/NC	2
TOTAL	111

A autopercepción da maioría das migradas é que saen pouco, ou moi pouco na prensa. Menos dun dez por cento afirma que saen moito, e arredor do dezasete por cento que saen bastante. Esta pregunta é moi xeral, e así o manifestaron boa parte das inmigradas que responderon a enquisa, quen nada máis ler a cuestión da frecuencia da representación de migradas na prensa respondían, “por cousas boas, pouco; por cousas malas, moito”. Para darlle un maior nivel de concreción a esta cuestión, deseñouse a pregunta da frecuencia temática.

Fotografías tipo	
Estereotipo musulmá	22
Diversidade	40
Cotiandade- Integración	30
Pertinencia informativa	32
NS/NC	8
TOTAL	131

As fotografías que acompañan as pezas informativas sobre migración que representan a mulleres inmigrantes presentan, segundo a opinión maioritaria das propias afectadas, a “mulleres diferentes”. A expresión “mulleres diferentes” foi obxecto de moitas dúbidas. Varias inmigrantes preguntaron a qué se facía referencia con este termo. A resposta da enquisadora foi sempre (que alguén formulou a pregunta) a mostra de diversidade, inmigrantes diferentes, non estereotipadas. Por veces dun xeito (nacionalidade, vestimenta, etc.), por veces doutro. Aínda así, e dado que a ambigüidade é manifesta, manteremos os resultados desta categoría á espera de obter outros que a confirmen, sen tomalos de xeito illado como concluíntes. Case un terzo das enquisadas coida que as fotografías teñen pertinencia informativa, dado que engaden información valiosa á noticia, e case outro terzo opinan que as fotografías mostran a mulleres inmigrantes en situacións cotiás, o que contribúe a súa integración. Se ben, hai que ter en conta a subxectividade desta categoría, xa que cada quen ten unha idea do cotiá. E a cosmovisión tradicional de cotiá pode reforzar o estereotipo patriarcal da migración. O ítem da representación das mulleres migradas como o estereotipo musulmá de muller velada foi marcada por algo máis dun cuarto da mostra. As categorías, que non eran excluínse, obtiveron un índice de resposta bastante equilibrado.

A frecuencia temática	moi pouco	pouco	bastante	moito	de máis	NS/NC
O traballo sexual	8	8	23	25	38	11
A vestimenta	18	32	26	11	10	15

O matrimonio	17	24	29	17	7	18
A chegada	6	7	24	22	41	12
A cultura	23	29	22	14	11	13
A saúde	29	25	20	18	10	10
A Lei	33	22	23	16	8	10
Problemas propios	36	25	15	12	12	12
A vida cotiá	28	36	20	7	6	14
A educación	26	29	24	12	7	14
A delincuencia..	2	4	20	30	44	11
O terrorismo	4	3	17	26	49	13
O traballo	12	21	16	20	32	11
A violencia machista	5	8	20	19	52	8

Segundo as migradas, hai seis temáticas que as implican e que saen de máis na prensa. Estas son: o traballo sexual, a chegada a España en pateiras, a delincuencia, o terrorismo, o traballo (paro, crise, etc.) e a violencia machista. Na outra póla da báscula están as temáticas infrarrepresentadas. Segundo as implicadas, as temáticas sobre a lei de estranxeiría, os problemas propios das migradas e a educación saen moi pouco. E os temas relacionados coa vestimenta, a cultura e a relixión, a vida cotiá das persoas inmigradas e a saúde a educación saen pouco. Só unha temática aparece representada segundo as migradas na súa medida, no medio das categorías, sinalada cun “bastante”: o matrimonio, as relacións de parella e familiares.

As inmigrantes na prensa	
representan a realidade	24
son estereotipos	28
depende	53
NS/NC	7
TOTAL	112

A pregunta de se as migradas representadas na prensa son estereotipos ou mulleres reais non recibiu unha resposta clara. Xa que a maioría das enquisadas optou pola opción “depende”. Das persoas que responderon hai unhas poucas máis que consideraron que os medios representan estereotipos que mulleres inmigradas reais, pero con pouco diferenza fronte ás que opinaron que os medios mostran mulleres inmigrantes reais.

Heterodesignación na prensa	
vítimas	56
independentes	12

reagrupadas	10
tradicionais	19
diversas	22
exóticas	15
delincuentes	23
explotadas	52
tratadas	17
outros	2
NS/NC	8
TOTAL	236

O cadro superior indica un certo grao de contradición coa resposta “depende” maioritaria do epígrafe anterior. Xa que segundo os resultados das principais heterodesignacións na prensa, as migradas escolleron o termo “víctimas”, e “explotadas” de xeito claramente maioritario. En segunda posición figuran os estereotipos “tradicionais” e “diversas”, seguido moi de preto por “tratadas”.

¿Que datos sobran nas noticias de inmigración?	
idade	18
sexo	34
orixe	26
situación administrativa	27
profesión	10
estudos	6
situación familiar	14
relixión	36
NS/NC	12
TOTAL	183

A maioría das enquisas considera que o dato da relixión e do sexo non son pertinentes nas noticias sobre inmigración, en termos xerais –xa que como indicaron varias mulleres ao cubrir esa opción, sempre pode haber excepcións informativas que requiran a especificación de determinado tipo de datos que en xeral non é ética empregar. Neste punto queremos sinalar a fundada sospeita de que varias mulleres, nomeadamente de formación básica, confundiran a variable sexo (femia/macho) coa temática concreta do sexo, dada a proximidade da pregunta sobre a representación temática. A sospeita fundaméntase en que varias das persoas que marcaron a opción “sexo” como non necesaria, logo tamén escolleron a opción de “muller” ou “muller inmigrante” como favorita para a autodesignación. Aclarado este aspecto, concluímos que en primeiro lugar a relixión, e en segundo, o sexo* son as variables en maior número de ocasións marcadas polas enquisadas como accesorias. Tamén foron

marcadas maioritariamente os ítems de orixe, e a situación administrativa. A idade tamén foi marcada por unha porcentaxe elevada. E en menor medida, a situación familiar, a profesión e os estudos. Arredor do dez por cento non contestaron a pregunta, o que se interpreta univocamente como que coidan que ningunha das variables é accesoria nas novas que implican a mulleres inmigrantes.

Autodesignación na prensa	
ilegal	1
irregular	4
vítima	1
sen papeis	1
inmigrante	11
inmigrada	5
muller inmigrante	21
muller	42
esposa	7
prostituta	-
cariñosa	11
nai	26
persoa	62
traballadora	56
interna	1
outro: cidadá	2
veciña	1
nome	1
ser humano	1
NS/NC	4
TOTAL	257

A categoría marcada polo maior número de inmigradas no que respecta á súa autodesignación foi persoa, seguida de preto por traballadora, cunha porcentaxe que rolda o cincuenta por cento das enquisadas. Dado que o epígrafe permitía a resposta múltiple, outro terzo escolleu a categoría muller, seguida de nai, muller inmigrante, e xa máis lonxe, inmigrante e cariñosa. De entre todos os ítems, entre os que había varios positivos, neutros e negativos, só unha opción non foi marcada nin unha soa ocasión: prostituta. Si foron marcados²²⁹, pola contra, os termos negativos ilegal, irregular, vítima e sen papeis. A opción de resposta libre foi escollida só en cinco ocasións, e as propostas foron a autodesignación como cidadá, veciña, ser humano e a utilización do nome no tanto dun termo xenérico.

²²⁹ En cadansúa ocasión salvo irregular que foi escollido por tres enquisadas diferentes.

Presenza das voces das migradas en prensa	
moi pouca- nada	58
pouca	40
bastante	7
moita	2
NS/NC	5
TOTAL	112

A presenza das voces das inmigradas en prensa é, segundo as implicadas, moi pouca, ou mesmo ningunha. Un cincuenta e dous por cento das enquisadas escolleron esta opción. Fronte ao trinta e cinco por cento que optaron pola opción “pouca”. Só dúas persoas dixeron que a presenza de voces era moita e sete que era bastante.

Grado de representación na prensa	
Moi pouco- nada	50
pouco	44
bastante	13
moito	1
NS/NC	4
TOTAL	112

Só unha persoa contestou que se sente moi representada nos xornais, e en torno ao dez por cento que bastante, o resto das migradas responderon que non se senten nada (opción maioritaria con preto do cincuenta por cento das respostas) ou pouco (con en torno ao corenta por cento) representadas na prensa.

Diferenza na representación de migradas en prensa española e da diáspora	
moita	35
bastante	26
pouca	9
nada	4
NS/NC	38
TOTAL	112

A maioría considera que existe unha diferenza (moita ou bastante) entre o tratamento das migradas por parte da prensa española e a da diáspora, aquela elaborada por e para inmigrantes. En Galicia a distribución de prensa para inmigrantes non é equiparable a Madrid ou Cataluña, comunidades cunha porcentaxe elevada de inmigración cunha tradición temporal importante detrás. Como se indicou no terceiro capítulo desta investigación, Galicia é unha comunidade que só a partir do século XXI

deixou de ter un saldo negativo migratorio negativo, para transformarse de emisora histórica de persoas a sociedade de destino. Unha porcentaxe en torno ao trinta por cento das enquisadas non contestou a pregunta, especificando na maioría dos casos que non tiveran ao seu alcance prensa de diáspora e por iso non podía opinar. Outra porcentaxe de inmigradas malia non marcar no tipo de prensa que len a opción de prensa para inmigrantes si contestou que hai diferenzas no tratamento da inmigración feminina na prensa española e na de inmigrantes. Quizais se teña dado, nalgũa medida, o equívoco de comparar a prensa da sociedade de destino e a de orixe, e non tanto a prensa española e a da diáspora, ambas as dúas no contexto español de estudo.

Tipos de diferenzas	
Linguaxe	2
Temática	8
Perspectiva	20
Discriminación	4
Estereotipos	11
Tratamento xeral	6
Racismo	1
Esaxeración	1
Datos	1
Fotos	1
Inf. de ocio	1
NS/NC	64
TOTAL	120

Cando se lles pide que especifiquen coa modalidade de resposta aberta que tipo de diferenzas hai entre ambos tipos de prensa, a maioría (preto do sesenta por cento) non contesta, cando a anterior pregunta (con resposta pechada e sobre o mesmo tema) só quedou sen contestar nun trinta por cento aproximadamente. As diferenzas de perspectiva e a maior presenza de estereotipos na prensa española foron as respostas maioritarias, seguidas das diferenzas de tratamento en xeral, as temáticas, etc.

Hai diferenzas no tratamento entre diarios españois	
SI	76
NON	29
NS/NC	7
TOTAL	112

Arredor dun vinteseis por cento das enquisadas coida que non hai diferenza significativa no tratamento da inmigración feminina por parte dos diarios españois, fronte a preto do setenta por cento que si ve unha diferenza.

Os medios inflúen en como te ven os demais	
SI	103
NON	6
NS/NC	3
TOTAL	112

Máis do noventa por cento das migradas coinciden en afirmar que os medios de comunicación inflúen en como as ven os demais, é dicir, que xeran opinión pública, reafirmando así a tese da ACD por boca das propias implicadas nesta análise concreta.

5.3.2. *A mostra catalá*

Idade:	
menos de 20 anos	5
de 21 a 30 anos	36
de 31 a 40 anos	30
de 41 a 50 anos	27
máis de 51 anos	12
NS/NC	2
TOTAL	112

Logo de analizar os datos das enquisas correspondentes á mostra catalá observamos que o perfil de inmigrada en función da súa idade é o mesmo que o atopado en Galicia. Muller nova, entre vinte e cincuenta anos, cunha porcentaxe lixeiramente maior de mulleres novas (aquelas que teñen entre vinteún e trinta anos) dentro das adultas seguido das mulleres adultas de idade media (entre trinta e un e corenta anos) e posteriormente as mulleres adultas maiores (de corenta e un a cincuenta anos de idade). Así mesmo, a porcentaxe de mulleres maiores, de máis de cincuenta e un anos, é moi semellante á rexistrada na mostra galega.

Nacemento:	
América Latina	72
Europa do Leste	1
África	25
UE	3
Asia	11

América do Norte e Oceanía	-
TOTAL	112

Os lugares de nacemento maioritarios das migradas catalás varían con respecto ás galegas da mostra. Como no caso da mostra galega, a maioría das inmigradas catalás que contestaron a enquisa son orixinarias de países de América Latina, cunha porcentaxe arredor do setenta por cento. Sen embargo, o segundo posto, que no caso galego estaba reservado para as mulleres orixinarias de Estados da Unión Europea, está ocupado no caso catalán polas migradas orixinarias de África, cunha porcentaxe que supera o vinte por cento, seguida polas estranxeiras que proveñen de Asia, con case un dez por cento. As inmigradas que naceron na UE nun país diferente de España representan na mostra unha porcentaxe insignificante, que non chega nin ao dous por cento. Se comparamos a táboa de nacionalidades das enquisadas coas cifras do INE da porcentaxe de estranxeiras en función da súa nacionalidade de orixe observamos que existe un paralelismo. De xeito que corroboramos a representatividade da mostra.

País	
Marrocos	15
Bolivia	14
Perú	10
Ecuador	8
Uruguai	8
Honduras	7
Paquistán	6
China	5
Paraguai	5
Colombia	5
Arxentina	5
Senegal	4
Guinea	3
República Dominicana	2
Chile	2
Tunisia	1
Brasil	1
Bielorrusia	1
Costa Rica	1
Rep. El Salvador	1
Venezuela	1
Mali	1
Italia	1
Gran Bretaña	1
Nixeria	1
Cuba	1

UE	1
América Latina	1
TOTAL	112

A principal nacionalidade de orixe das inmigradas en Cataluña é Marrocos, a mesma que a das enquisadas. Sen embargo, o segundo colectivo nacional de estranxeiras segundo o INE 2009 en Cataluña non está representado nesta parte da mostra. Trátase de Romanía. O contacto dende a investigación con ASOCROM (Asociación Romanesa de Catalunya) non deu froitos, e de xeito aleatorio non se tivo contacto con ningunha muller nacida en Romanía e residente en Cataluña. Sen embargo, esta nacionalidade está representada na mostra total, xa que en Galicia si se estableceu contacto cun conxunto de persoas de orixe romanesa. As restantes nacionalidades de estranxeiras maioritarias segundo o INE 2009 ata completar o número dez si están representadas na mostra de enquisas. Concretamente Ecuador, Bolivia, Colombia, China, Italia, Perú, etc., os postos que seguen a Marrocos e Romanía no ránking dos dez (INE 2009) correspóndese co cuarto, segundo, décimo, oitavo e terceiro lugar, respectivamente, na mostra de enquisas catalá.

Por outra banda, hai que sinalar que coa porcentaxe de mulleres asiático-catalás se completa a mostra total, desequilibrada no caso da sección galega ante a ausencia case total (un dous por cento) de inmigradas orixinarias do continente asiático enquisadas en Galicia.

Anos en España	
menos de 1 ano	6
de 1 a 2	23
de 2 a 5	34
de 5 a 10	30
máis de 10 anos	13
NS/NC	6
TOTAL	112

O perfil de muller enquisada na parte da mostra catalá correspóndese cunha inmigrada de longa duración, que leva entre dous e cinco anos na maioría dos casos, bordeando unha porcentaxe do trinta por cento, seguida moi de preto polas mulleres que chegaron a España fai entre cinco e dez anos. Outro vinte por cento das enquisadas completou o ano de estadía e non superou os dous. As migradas de moi longa duración, máis de dez anos representan en torno ao dez por cento da mostra. Estamos perante

persoas cuns coñecementos potenciais máis que suficientes para contestar á enquisa, dado que o tempo que levan en España abonda para coñecer a realidade mediática no que atinxe o seu caso persoal, a súa condición de mulleres migradas.

Formación	
Básica	14
media	52
universitaria	35
máster- doutoramento	5
NS/NC	6
TOTAL	112

A categoría de formación media –cunha porcentaxe que rolda o cincuenta por cento- é a maioritariamente cuberta polas enquisadas catalás de orixe estranxeira. A continuación, son maioría, as migradas con estudos universitarios completados –en torno a un trinta por cento do total- seguidas moi de lonxe –co doce por cento- polas inmigradas que completaron a formación básica. As migradas que cursaron un máster ou doutoramento son minoría na mostra catalá, se ben representan algo máis dun tres por cento.

Ocupación actual:	
servizo doméstico	38
coidados	8
hostalería	8
traballo sexual	-
servizos	13
agricultura	2
outros	5
perruqueira	3
modista	1
estudante	2
axente acollida/técnica/mediadora/etc.	5
ama casa	4
limpeza	2
paro	9
secretaria	4
teleoperadora	1
sanitario	2
astróloga	1
logopeda	1
NS/NC	5

TOTAL	114 ²³⁰
-------	--------------------

A categoría outros –con case un corenta por cento- foi a máis marcada polas inmigradas na cuestión da ocupación, seguida moi de preto pola opción “servizo doméstico”, sinalado por 38 persoas. Se lle engadimos as respostas de coidados, obtemos como resultado o estereotipo presente na sociedade que asocia muller inmigrante ao eido da reprodución e os coidados, pero neste caso coa salvedade da remuneración. No caso das respostas pechadas, só a prostitución quedou sen marcar. O resto: servizos, hostalería, etc. foron seleccionadas por unha porcentaxe entre o un – agricultura- e o doce por cento –servizos- pasando polo seis por cento da hostalería.

Cidade residencia	
Barcelona	47
Terrassa	33
Granollers	6
Montcada i Reixac	6
Amposta	4
Sabadell	3
Sant Cugat	2
Mora d’Ebre	2
Gandesa	1
L’Aldea	1
Tortosa	1
L’Ampolla	1
Badía del Vallés	1
Hospitalet de Llobregat	1
El Prat de Llobregat	1
NS/NC	2
TOTAL	112

A cidade de Barcelona e arredores foron o principal punto de realización de enquisas, por varios motivos. O primeiro é que esta zona é a que acumula unha maior porcentaxe de mulleres inmigradas na comunidade catalá. A segunda, a localización das principais asociacións de inmigrantes e inmigradas de Cataluña. E a terceira, a dificultade de cubrir todo o terreo catalán, primou a concentración nunha área privilexiada en tanto a inmigración se refire. Algo máis do corenta e cinco por cento das enquisadas residen na cidade condal. E en torno a outro corenta e cinco por cento nos arredores, área metropolitana e grandes cidades conectadas con ferrocarril de

²³⁰ Algunha das enquisas está pluriempregada e así o reflectiu neste apartado do cuestionario, de modo que a suma total é superior ao número de mulleres que cubriron a enquisa.

“cercanías”: Terrassa, Sabadell, Montcada i Reixac, Badía del Vallés, Hospitalet de Llobregat, El Prat de Llobregat, etc. Tamén se realizaron enquisas no interior, Granollers, e no Sur de Cataluña, concretamente nas tarroconenses Terres de l’Ebre: Amposta, Tortosa, Gandesa, L’Aldea, Mora d’Ebre, L’Ampolla, etc. En Girona tamén foron realizadas enquisas -concretamente en Cadaqués-, pero non consta así nas enquisas xa que as migradas que as cubriron sinalaron Barcelona como lugar xenérico de residencia, a provincia onde están empadroadas, e na que vivían antes de mudarse no verán a Cadaqués. É o caso de seis persoas enquisadas.

Pertenza a asociación de inmigrantes	
SI	34
NON	64
NS/NC	10
TOTAL	108

A porcentaxe de mulleres migradas que responderon a enquisa pertencentes a unha ou varias asociacións de inmigrantes supera o trinta por cento –frente o 19 por cento das galegas-. Este dato débese a que o contacto coas migradas se fixo sobre todo a través de asociacións de inmigrantes. A través da mediación de Úrsula Santa Cruz, ex-secretaria de. Asuntos Sociales de FEPERCAT (Federación Peruana Catalana), voceira da Plataforma Q'atary Perú, responsable Técnica de Atención á Muller do Concello de Moncada i Reixac, Responsable de Xénero e Inmigración da Asociación Nuevos Colectivos, etc., a Unión Cultural Latinoamericana de Terrassa (UCLT) convidounos á asistir ao II Congreso de les Dones Llatines del Vallès Occidental, onde se deron cita máis de 35 mulleres de máis dunha ducia de nacionalidades de orixe, a maioría das cales aceptaron cubrir a enquisa. Outros puntos de contacto fundamentais foron as actividades de ACESOP (Associació Cultural Educativa i Social Operativa de Dones Pakistaneses), da Associació Cultural Amics de l’Àfrica Vallès Oriental de Granollers, FEDELATINA (Federación de Entidades Latinoamericanas de Cataluña), a Asociación General de Mujeres Empresarias Chinas y Españolas, a Associació de Dones Progresistes Frida Kahlo del Prat de Llobregat, a Associació de Dones Tivisa, etc.

Ademais dos contactos a través de asociacións, tamén se estableceron encontros con mulleres a título persoal, a partir de amizades compartidas, etc. Os sindicatos cataláns foron reticentes a colaborar coa investigación. E das ONG’s algunha das interesadas, como ACSUR- Las Segovias, por problemas de cadrar axendas non

puideron colaborar de xeito activo. O mesmo aconteceu cos cursos de idiomas para non catalán falantes.

Frecuencia de lectura	
Nunca	12
Mensual	17
Semanal	38
cada dous días	13
diaria	28
NS/NC	4
TOTAL 112	

O perfil de lectura de prensa da inmigrada afincada en Cataluña é o dunha muller que le cando menos unha vez á semana –en torno ao 37 por cento- ou mesmo dúas –o doce por cento- os xornais. Hai unha porcentaxe do 27 por cento que le a prensa a diario. Algo máis dunha décima parte das inmigradas enquisadas non le a prensa nunca, e algo máis do quince por cento lea cunha periodicidade mensual.

Número de cabeceiras	
1	39
2	31
máis de 2	21
NS/NC	21
TOTAL 112	

A maioría das enquisadas que responderon a cuestión do número de cabeceiras diferentes que len ou consultan –pois un vinte por cento abstívose de responder- a maioría –en torno a un trinta e oito por cento- le sempre o mesmo xornal, fronte ao trinta por cento que consulta dous e ao vinte restante que le máis de dúas cabeceiras diferentes. Estamos pois, ante unha audiencia que na maioría dos casos se informa por máis dunha fonte de prensa en papel, o que lles confire un coñecemento comparativo, e máis crítico da realidade mediática e social.

Tipo de diarios	
gratuitos	80
de pago	30
prensa para inmigrantes	25
deportivos	6
NS/NC	11

As inmigradas catalás prefiren os diarios de carácter gratuito²³¹ para consultar. En torno a un setenta e oito por cento le as cabeceiras que se distribúen de balde no transporte e nas rúas das cidades. Dado que os movementos migratorios transnacionais con destino Cataluña están fondamente consolidados, a prensa para inmigrantes é un produto amplamente distribuído e coñecido na comunidade catalá. Así o mostran as respostas das enquisadas, que marcaron nunha porcentaxe do 24 por cento a tipoloxía de prensa de diáspora como consumida por elas. Varios estudos confirman o importante papel que xogan estes medios na “*reafirmación de las identidades étnicas de los inmigrantes, su adaptación a las sociedades de acogida, y la creación de comunidades transnacionales fundamentadas en redes sociales transfronterizas*” (MENDIETA, 2006: 249). Papel que non cumpren os diarios rexionais e xeralistas dada a exclusión e o tratamento maioritariamente negativo do fenómeno da inmigración e das persoas inmigradas que os caracteriza. A prensa da diáspora, con nomes propios como *El Mirador*, *El Hispano*, *Akhbar Europe*, *Catalina*, *Arg. Express*, *Imagen Latina*, *Soweto*, *Chinalia Tiomes*, *La Voz China* ou *El Latino* en Barcelona, cumpre a función de servizo público de cara á poboación inmigrada residente na comunidade catalá, na medida en que ofrece datos e información especializada sobre dereitos e deberes que permite a integración das persoas migradas á sociedade de destino. Segundo os resultados da enquisa propia, os temas que máis preocupan á poboación inmigrada como as problemáticas propias ou a lei de estranxeiría non gozan nos medios rexionais e xeralistas de pago dun gran espazo e frecuencia representacional, máis ben son temas invisibilizados, fronte a outros de ton máis negativo como a estigmatizadas prostitución, a violencia machista, a criminalidade, etc. A segunda categoría de prensa marcada polas inmigradas é a prensa de pago²³², opción maioritaria en Galicia –quizais pola menor oferta na comunidade galega. A prensa deportiva, como no caso da mostra galega, é a menos consumida, cunha porcentaxe que rolda o cinco por cento de lectoras.

²³¹ Segundo un recente estudo coordinado por Cogo, Gutiérrez e Huertas (2008: 88) a poboación inmigrante que reside en Cataluña reflicte co seu consumo, a continua expansión da prensa gratuita en España. O corenta por cento da mostra manexada por este equipo de investigadoras le regularmente este tipo de prensa, normalmente nos medios de transporte, e entre o lectorado, predomina o perfil feminino.

²³² No citado estudo ofrécense tamén datos sobre a lectura de diarios cataláns de pago. Nomeadamente de *La Vanguardia*, diario “seguido por muchos inmigrantes de Barcelona” pola información que engade sobre oferta inmobiliaria e laboral (COGO et al, 2008: 89)

As imaxes sobre inmigración feminina, aquelas que representan a mulleres de orixe estranxeira, son segundo as enquisadas fundamentalmente fotografías que mostran situacións cotiás, aquelas que contribúen á integración. Logo da cotiandade, as inmigradas sinalan as fotografías que presentan a inmigradas diferentes. A opción que prima a presenza visual do estereotipo musulmá da muller ou mulleres veladas para acompañar noticias sobre migración foi marcada por un dezaioito por cento das migradas, o que implica unha porcentaxe elevada. Aínda así, foi a categoría menos seleccionada, incluída a da pertinencia informativa das imaxes, é dicir que estas engaden información ás pezas informativas que ilustran.

A frecuencia temática	moi pouco	pouco	bastante	moito	de máis	NS/NC
O traballo sexual	4	13	30	25	32	8
A vestimenta	16	32	21	16	14	13
O matrimonio.	14	39	23	12	12	12
A chegada	3	7	26	29	38	9
A cultura	14	32	28	22	8	8
A saúde	15	22	28	23	14	9
A Lei	21	36	20	14	12	9
Problemas propios	20	30	25	15	12	12
A vida cotiá	15	31	24	18	12	12
A educación	15	28	34	19	5	12
A delincuencia	2	12	22	28	35	12
O terrorismo	4	17	14	38	29	10
O traballo	2	13	21	27	39	10
A violencia machista	5	6	15	29	46	11

Cinco das catorce temáticas sinaladas están sobrerrepresentadas en opinión das propias implicadas. Trátase do traballo sexual, a chegada a España, a delincuencia, o traballo e a violencia machista. As inmigradas coinciden tamén en sinalar como moi presentada nos medios a temática do terrorismo. Na outra pola da báscula están as temáticas invisibilizadas tales como a vestimenta, o matrimonio e as relacións familiares, a cultura e a relixión, as leis de estranxeiría españolas, os problemas propios das inmigradas, a vida cotiá e o ocio, etc. A saúde e a educación son dúas temáticas que segundo a percepción das mulleres inmigrantes residentes en Cataluña saen nos diarios cunha frecuencia media ou normal.

As inmigrantes na prensa	
representan a realidade	26
son estereotipos	26

depende	47
NS/NC	13
TOTAL	112

Como no caso da mostra galega, a maioría das inmigradas catalás non se posicionaron na cuestión sobre o tipo de representación que fai a prensa delas. A mesma cantidade de mulleres marcaron a opción representan estereotipos e representan a realidade, e máis dun 45 por cento seleccionaron a opción depende.

Heterodesignación na prensa			
vítimas	46		
independentes	8		
reagrupadas	24		
tradicionalis	15		
diversas	19		
exóticas	19		
delincuentes	11		
explotadas	40		
tratadas	9		
outros	1	terroristas	1
NS/NC	7		
TOTAL	200		

Os resultados anteriores contradinse dalgún xeito cos obtidos na categoría da percepción da heterodesignación. O ítem máis sinalado polas migradas é o de vítimas, cun corenta e cinco por cento, seguido por explotadas –con case un corenta por cento-, reagrupadas, diversas, exóticas, tradicionalis e delincuentes. Na opción de resposta libre unha persoa engadiu a categoría de terroristas. A hiperrepresentación das persoas inmigrantes como vítimas tamén foi denunciada polos suxeitos enquisados no estudo de Cogo et al. (2008:): *“varios entrevistados, especialmente en Barcelona, formulan fuertes críticas ante la representación del migrante como víctima, al detectar que los medios enfatizan la precariedad de sus condiciones de vida, de su vivienda y de su trabajo”*. Os resultados da enquisa propia confirman estes datos. A segunda categoría máis seleccionada polas enquisadas, logo de vítimas foi precisamente “explotadas”, termo que adoita a empregarse para facer referencia as condicións laborais, intimamente ligadas ás de vivenda e condicións de vida en xeral. Un dos principais resultados deste feito é a eliminación da heteroxeneidade –nomeadamente da diversidade da inmigración- que se dá na vida real, na memoria mediática. A perspectiva económica, como sinalan Cogo et al. (2008: 115) prima nas noticias sobre inmigración, dado o

enfoque homoxeneizador e estereotipador que se aplica a este fenómeno. O resultado é a vinculación entre a inmigración e a pobreza. Na enquisa non se preguntou directamente sobre a variable de status. Sen embargo, esta tese está confirmada por medio dos resultados de outros apartados.

¿Que datos sobran nas noticias de inmigración?	
idade	17
sexo	29
orixe	24
situación administrativa	18
profesión	3
estudos	3
situación familiar	8
relixión	32
NS/NC	19
TOTAL	154

Se as mulleres inmigradas enquisadas en Cataluña compuxesen os equipos de edición da prensa, nas noticias sobre inmigración feminina non constarían os datos da relixión –cun trinta e un por cento das respostas-, sexo –co vinteoito por cento- e a orixe –que rolda o 23 por cento-. Esta última variable no discurso mediático soe ir asociada a una serie de trazos estereotipados determinados. Xa que os medios constrúen o perfil de inmigrante en función da súa nacionalidade de orixe asignándolle unha serie de características vencelladas ao folclore, o que exotiza ao outro (COGO et al., 2008: 117). Por debaixo do trinta por cento de supresión figuran as variables da situación administrativa, a idade e a situación familiar. A profesión e os estudos non acadan nin o dous por cento das respostas, o que dá a entender que son variables que non estereotipan ás persoas migradas en termos negativos, e polo tanto as implicadas non censuran a súa presenza en prensa. En torno ao dezaioito por cento das enquisadas opinou que ningún dato dos sinalados é accesorios nas noticias sobre inmigración, ou así se interpreta que non marcaran ningunha das variables presentadas. Hai que ter en conta, así mesmo, a conciencia crítica entre as persoas que contestaron a enquisa, o que as pode levar a non contestar cuestións xenéricas. No momento da realización da enquisa, observouse como varias mulleres matizaban antes de marcar unha opción pechada e de carácter xeral, que a resposta era en termos xerais, sempre aceptando excepcións puntuais.

Autodesignación na prensa

ilegal	1
irregular	1
vítima	1
sen papeis	3
inmigrante	6
inmigrada	6
muller inmigrante	18
muller	46
esposa	12
prostituta	-
cariñosa	10
nai	27
persoa	48
traballadora	56
interna	-
outro	nome a apelido 1
	legal 1
NS/NC	5
TOTAL	242

Ao preguntarlle ás inmigradas como lle gusta ser nomeadas estas responderon maioritariamente que como “traballadoras” –un 55 por cento-, “persoa” –nun 47 por cento-, “mulleres” –un 45 por cento-, nais –un 25 por cento-, mulleres inmigrantes –nun 17 por cento-, etc. Ningunha persoa marcou as opcións de prostituta e interna. Sen embargo, si foron seleccionadas –cadansúa nunha ocasión- as categorías negativas de ilegal, irregular e vítima. Xa no estudo de Cogo et. al. (2008: 114) se constata a incorporación por parte das persoas inmigradas dun “*repertorio de palabras creado en los últimos años por los medios de comunicación españoles en su cobertura de las migraciones*”. Entre eses termos figuran “sin papeles”, “irregular”, “ilegal”, etc. Opcións que as implicadas interiorizaron, iso si nunha porcentaxe moi baixa, e empregan para si propias. Categorias como nai, cariñosa, esposa foron seleccionadas nunha porcentaxe que dobra a doutras como inmigrante ou inmigrada.

Presenza das voces das migradas en prensa	
moi pouca- nada	60
pouca	34
bastante	10
moita	1
NS/NC	7
TOTAL	112

A autopercepción que teñen as migradas da súa presenza en prensa é a da infrarrepresentación das súas voces e opinións. A maioría das enquisadas, roldando o sesenta por cento, afirma que as voces das mulleres inmigrantes saen en prensa moi pouco ou nada. Preto dun 32 por cento afirma que saen pouco e menos do un por cento afirma que saen moito.

Grado de representación na prensa	
Moi pouco- nada	45
pouco	51
bastante	7
moito	3
NS/NC	6
TOTAL	112

Preto do noventa por cento das inmigradas séntese pouco ou moi pouco representada na prensa. Fronte ao dous por cento que se sente moi identificada coas persoas e historias que editan as cabeceiras e un cinco por cento que se sente bastante representada.

Diferenza na representación de migradas en prensa española e da diáspora	
moita	41
bastante	37
pouca	12
nada	9
NS/NC	13
TOTAL	112

As mulleres enquisadas opina que existen diferenzas entre como as representa a prensa española e a feita por e para inmigrantes. A diferenza é moita para case un corenta por cento das inmigradas, e bastante para máis do 35 por cento. Sendo ningunha para menos do oito por cento. Un décimo das estranxeiras que cubriron o cuestionario, deixaron esta opción en branco. O que ocorre con máis da metade das enquisadas na seguinte pregunta, a que pide unha aclaración con resposta libre do tipo de diferenzas.

Tipos de diferenzas	
Linguaxe	3
Temática	6
Perspectiva	9

Discriminación	2
Tratamento +/-	20
Presenza	5
Estereotipos	23
Esaxeración	1
Xeneralización	3
Claridade	1
NS/NC	54
TOTAL	127

Das migradas que responderon a esta cuestión, menos da metade, unha porcentaxe que rolda o vinte por cento situou as diferenzas no tratamento entre prensa española e da diáspora no tratamento máis negativo da autóctona e máis respectuoso e positivo da feita por inmigrantes; e na presenza de estereotipos na prensa española para designar ás persoas que naceron fora. A perspectiva é un dos trazos sinaladas, xunto coas diferenzas de linguaxe, temática, presenza, etc.

Hai diferenzas no tratamento entre diarios españois	
SI	73
NON	31
NS/NC	8
TOTAL	112

As enquisadas tamén recoñecen unha diferenza de tratamento entre as propias cabeceiras españolas. Aínda que hai que resaltar unha porcentaxe do trinta por cento que denuncia a homoxeneización no tratamento da temática relativa á inmigración feminina nos diarios españois.

Os medios inflúen en como te ven os demais	
SI	105
NON	4
NS/NC	3
TOTAL	112

O consenso sobre a influencia mediática na sociedade é practicamente absoluto entre as migradas. Preto do 95 por cento afirma rotundamente que os medios exercen unha influencia clara na maneira de interpretar e actuar que teñen os demais. O que confirma en boca das implicadas a hipótese da construción mediática da inmigración.

5.3.3. *As conclusións comparativas*

O perfil de inmigrada enquisada é o de unha muller nova (entre 21 e 40 anos), latinoamericana, que leva entre dous e cinco anos residindo en España, con formación media- alta, ocupada no servizo doméstico, urbana e non asociada. Con esta mostra obtivemos os resultados da lectura semanal- diaria dun mínimo de dous diarios diferentes, gratuítos²³³ en Cataluña e de pago en Galicia, co obxectivo fundamental de informarse, e coñecer/comprender mellor a sociedade na que viven. Segundo as implicadas, a súa presentación na prensa escrita é pouca ou moi pouca, as fotografías que ilustran as pezas informativas sobre migradas presentan a inmigrantes diferentes en situacións cotiás.

As inmigradas galegas e catalás coinciden en sinalar como temáticas sobrerrepresentadas no tocante á inmigración, a prostitución, a chegada a España, a delincuencia, o traballo e a violencia machista. Segundo unha porcentaxe significativa de enquisadas, as mulleres inmigrantes na prensa saen moito cando se trata de asuntos negativos, e moi pouco cando se trata de aspectos e temáticas positivas. Así a maioría das representacións de inmigradas corresponden a vítimas, mulleres explotadas, reagrupadas, delincuentes, etc. Esta cosmovisión coincide coa obtida na enquisa realizada no estudo coordinado por Cogo et. al (2008: 112-113) no que se sinala o “predominio de un imaginario de las inmigraciones contemporáneas asociado a conflictos, problemas y criminalidad”²³⁴. Se as inmigradas redactasen as novas que as implican suprimirían datos como a relixión, a orixe ou o sexo²³⁵, ademais da situación administrativa. A autodesignación das mulleres inmigrantes dista moito da heterodesignación. As implicadas reclaman cualificativos como “persoa”, “traballadora”, “muller”, ou “nai”. Así mesmo, constatan a ausencia das súas voces no discurso mediático e decláranse pouco ou moi pouco representadas en conxunto no discurso dos medios de comunicación, e en concreto na prensa escrita. Malia que recoñecen a presenza dos estereotipos de xeito xeral na prensa, as inmigradas establecen

²³³ As enquisas realizáronse no cuarto trimestre de 2009. Dende decembro de 2007 está dispoñible o EMI (Estudo de Medios para Inmigrantes), promovido pola ACPI (Asociación para o Coñecemento da Poboación Inmigrante). Os datos cuantitativos sobre o consumo de medios da poboación inmigrada están dispoñibles, para a comparación cos ofrecidos nesta investigación, na rede.

²³⁴ Concretamente ofrécese o dato de que o 66 por cento das persoas enquisadas fan referencia a un imaxinario negativo, a maioría destas persoas enquisadas (43 por cento) son inmigrantes residentes en Barcelona.

²³⁵ Véxase a aclaración sobre esta variable no apartado correspondente deste capítulo (3.1.1.)

diferenzas entre o tratamento e presenza da temática que as implica e presenta na prensa española e na diáspora, e tamén entre as propias cabeceiras españolas.

Preto do noventa e cinco por cento das inmigradas afirma que o que a xente le nos diarios inflúe na súa opinión, percepción e actuación. É dicir que as enquisadas consideran que a opinión pública está influenciada pola representación negativa e excepcional- véxanse os resultados da ACD no capítulo anterior- que os medios de comunicación fan delas, as mulleres inmigrantes.

Tras a lectura detallada dos resultados das enquisas efectuadas en Galicia e Cataluña comprobamos que a inmigrada media é unha muller con perspectiva crítica, consciente da realidade mediática do seu país de residencia. Estamos perante a mulleres informadas, que son capaces de ler entre liñas e ofrecer unha opinión formada e sólida sobre a representación mediática da súa realidade concreta, en tanto mulleres inmigradas, e así o confirma a categoría de estadía media das enquisadas, entre dous e cinco anos de residencia en España. A continuación cruzaremos os datos obtidos na ACD que efectuamos sobre a mostra de diarios en papel e os resultados das enquisas, para comprobar ata que punto as inmigradas están no certo na súa valoración da representación que fan delas os diarios españois.

5.3.4. Cruce de resultados entre a mostra e as enquisas: Conclusións contrastadas

Como vimos de indicar, a mostra das enquisas verifica a hipótese da construción social da realidade por parte dos medios de comunicación. As mulleres inmigradas están convencidas, así o manifesta preto dun 95 por cento, de que os medios inflúen en como as ven os demais, é dicir o resto da sociedade. Esta afirmación maioritaria por parte das implicadas xustifica, a posteriori, a elección do tema de análise da parte práctica desta investigación co gallo de presentar un caso práctico da situación multicultural, que caracteriza o noso contexto actual, con perspectiva feminista.

As inmigradas están dentro da corrente de opinión pública en tanto residentes na sociedade española, e a súa vez teñen unha posición preferente na análise e comprensión da representación mediática en tanto axentes con experiencias migratorias propias. As mulleres inmigrantes, ademais da fonte informativa –que comparte co resto da sociedade- gozan da experiencia propia e de persoas moi próximas, o que lle dá un punto de vista privilexiado para comprender e xulgar as representacións mediáticas da

inmigración feminina. A pluralidade de fontes é sinónimo de calidade informativa, xa que permite contrastar os datos e obter unha versión máis obxectiva. Por outra banda, a categoría de fontes primarias é a que nos pode brindar unha información máis completa na medida en que posúe unha experiencia da que outro tipo de fontes –como as oficiais– non dispoñen. En caso de conflito entre a información de dúas fontes diferentes, é lóxico pensar que se primen os datos da fonte máis próxima. No caso concreto da inmigración feminina, as mulleres inmigradas, en caso de contradición de datos ou informacións primarán a experiencia propia ou a de familiares ou amizades próximas que migraron aos datos publicados en diarios por descoñecidos/as sobre persoas coas que non teñen contacto. A desconfianza e a actitude crítica son consecuencia ou ben dunha formación crítica ou de experiencias propias de contradición ou mesmo estigmatización por medio doutros. Logo de facer a ACD dos textos sobre a migración feminina en Galicia e Cataluña e ver os resultados, de tratamento negativo maioritario, esperábase atopar unha masa crítica de mulleres inmigradas. Os resultados das enquisas confirmáronnos en grande parte esta hipótese, sen embargo sorprendeunos atopar unha porcentaxe significativa de inmigrantes que dixeron non ter coñecementos da realidade mediática do seu contexto actual. Aínda que reflexionado a posteriori é lóxico pensar que as persoas se afasten das institucións que as “maltratan”. Ademais, nun contexto de crise económica mundial, a situación concreta do colectivo inmigrado, e nomeadamente da parte feminina deste, é se cabe máis crítica que a do colectivo social orixinario de España, o que pode ter unha incidencia nos hábitos de consumo de medios. Cada medio de comunicación ten un uso maioritario e polo tanto unhas circunstancias e contexto de uso ideais. Así, por exemplo, a prensa é o medio consumido habitualmente por persoas ocupadas, de educación secundaria ou universitaria, e nos medios de transporte ou despachos a primeira hora da mañá. En época de crise, o consumo de diarios decrece²³⁶ polo aumento de persoas paradas²³⁷. Se ben, hai que ter en conta o uso da prensa diaria como fonte de anuncios e ofertas

²³⁶ O contrario acontece con outros medios de comunicación como a televisión, asociada a tempos de ocio e polo tanto en aumento en época de crise dado o maior tempo libre dalgúñas persoas e os baixos custos de consumo. Sen embargo, se desagregamos o consumo mediático por sexos, temos que matizar que as mulleres en época de crise aumentan a súa carga laboral, nomeadamente en tarefas informais, para poder manter a unidade familiar.

²³⁷ Como indicamos, ademais dos motivos económicos obvios para deixar de consumir bens que non son de primeira necesidade en época de crise, existen outros como o cambio da rutina que nos afasta dos gratuítos no caso de non ter un emprego fora do fogar, ou o menor tempo no caso de incrementarse a necesidade de sobrevivir cuns medios máis limitados.

laborais, espazo que malia non ser obxecto de análise desta investigación si pode atraer lectores/as ás seccións informativas que analizamos.

Constatado, de man das propias inmigradas, que os medios crean e manteñen a opinión pública, afondamos na representación que estes fan da temática que nos ocupa: a inmigración feminina. Comezamos por observar se existe diversidade no tratamento mediático das migradas. As enquisadas apuntaron maioritariamente que existen diferenzas na representación que delas fan as distintas cabeceiras españolas, onde están incluídos os xornais rexionais analizados na mostra. En torno a un 70 por cento das inmigradas que contestaron a enquisa consideran que non todos os diarios españois tratan igual ás inmigrantes. A resposta das inmigradas coincide cunha hipótese presentada antes de iniciar a ACD. Como xa indicamos nun apartado anterior, si existen diferenzas no tratamento da inmigración feminina nas diferentes cabeceiras. Se ben, trátase de particularidades máis que dunha diversidade e pluralidade real de representacións. Na ACD presupuxemos a hipótese de que o tratamento entre os diarios galegos e cataláns sería diferente tanto cuantitativa como cualitativamente. Sen embargo, tras a análise do discurso da mostra, comprobamos que as diferenzas corresponden a certas categorías, pero que a grandes trazos todos os diarios comparten os estereotipos sobre a inmigración, e as estratexias de estigmatización tales como a xeralización, a homoxeneización, a ausencia de individualización, a vitimización, a criminalización, e a invisibilización entre outras. Precisamente, sobre a última estratexia citada, a da ausencia de visibilidade, a ACD que efectuamos verificou a hipótese inicial da investigación: as mulleres inmigrantes están invisibilizadas como colectivo na representación mediática, e nomeadamente na prensa escrita. Xa que dado o volume de follas de diario que comprobamos, a cantidade e espazo que ocupan as noticias sobre mulleres inmigrantes atopadas representan unha porcentaxe pouco significativa, sobre todo nas cabeceiras catalás. Antes de realizar a ACD, e tras observar as cifras e porcentaxes da poboación de orixe estranxeira rexistrada en Cataluña presentamos a hipótese perfectamente factible da maior representación por parte da prensa editada na comunidade catalá das mulleres inmigradas e as temáticas que as implican. Sen embargo, e como xa se indicou nas conclusións da ACD, se ben se pode establecer unha serie de semellanzas entre os criterios de edición e tratamentos da prensa catalá analizada, no aspecto cuantitativo, *El Periódico de Catalunya* coincide máis con *La Voz de Galicia* que con *La Vanguardia*, de modo que a hipótese queda falseada. A conclusión que podemos extraer é que os medios non representan a realidade, porque de

facelo a prensa catalá tería un número de noticias relativas á inmigración dez veces maior á galega, dado que tamén ten unha porcentaxe de dez inmigradas por unha galega. As mulleres enquisadas coinciden coa hipótese da investigación, en afirmar que as mulleres inmigradas nos xornais saen “pouco” –cunha porcentaxe superior ao 40 por cento- ou “moi pouco” –cunha cota que rolda o 25 por cento-, opcións maioritariamente marcadas. A impresión é compartida polas inmigradas asentadas en Cataluña e Galicia.

A representación minorizada das migradas é estereotipada, segundo unha hipótese da investigación –as inmigradas saen pouco e cando o fan son representadas estereotipadamente como vítimas- confirmada pola ACD e compartida pola metade das inmigradas enquisadas que contestaron a esta pregunta, xa que un 50 por cento marcaron a opción “depende”. Así unha cuarta parte das inmigradas opinan que as mulleres inmigrantes que saen na prensa corresponden a estereotipos e non a mulleres reais. Un dato que reforza a hipótese da construción das inmigradas como estereotipos polas cabeceiras é o feito de que máis dun 43 por cento das migradas se sinta “moi pouco” representada na prensa, porcentaxe á que hai que sumarlle outro 42 por cento aproximadamente de inmigrantes que se senten “pouco” representadas nos diarios. A falta de representación ven dada, así mesmo, polas temáticas determinadas que saen nos medios e polo léxico e estratexias discursivas empregadas. As inmigradas coinciden en destacar a omnipresencia dos mesmos temas que foron atopados maioritariamente na ACD da mostra de diarios sobre a que traballamos. Temáticas como a violencia machista, o traballo sexual, o terrorismo, a violencia e a delincuencia, a chegada a España por mar, etc. ligadas á inmigración foron sinaladas polas implicadas como “moi presentes” na axenda mediática, fronte a outras como os problemas concretos das persoas inmigradas, e nomeadamente das mulleres, as súas tradicións culturais, a saúde, a educación e os/as menores, etc. que saen “pouco” ou “moi pouco”. Os resultados da ACD coinciden coa opinión das inmigradas sobre a sobrerrepresentación de determinadas temáticas asociadas a estereotipos negativos na sociedade española. É o caso das prostitución e obviamente da delincuencia –salvando as distancias significativas entre as motivacións e orixes dos estereotipos que marcan a estas dúas realidades e aos seus colectivos. Na ACD concluímos que a elección e o tratamento temático do diario *El Periódico de Catalunya* era excepcional na mostra na medida en que é o que máis espazo dedica a tópicos como os problemas concretos das mulleres inmigradas, a educación, a sanidade, etc. e o que menos espazo destina a representar motivos como a prostitución, a violencia machista, as mafias, etc. Fronte á excepción

sinalada, na mostra de diarios, as principais temáticas das pezas informativas sobre inmigración que representan a mulleres migradas son a violencia machista, a prostitución e a familia por unha parte e a integración, a lexislación, a fronteira e os dereitos por outra. Tópicos que tanto as inmigradas catalás como as galegas sinalaron como presentes “de máis” na prensa diaria.

A partir da mostra illamos as categorías léxicas empregadas maioritariamente para sinalar ás inmigradas e presentámolas nunha cuestión co gallo de que as mulleres de orixe estranxeira escolleran de entre os adxectivos presentados e outros de ton máis positivo e igualitario aqueles cos que se senten identificadas. O resultado foi a elección unánime de termos como “persoa”, o adxectivo “traballadora”, “muller”, “nai”, etc. As preferencias de autodesignación das mulleres inmigrantes distan moito dos termos de heterodesignación que figuran nos medios de comunicación e que elas mesmas coñecen e critican. Na enquisa, as inmigradas opinaron sobre a frecuencia de uso de determinados conceptos, tales como “víctimas”, “reagrupadas”, “tradicionalis”, “explotadas”, “tratadas”, etc. e acertaron cunha precisión moi fina os estereotipos que figuran nas noticias editadas a diario na prensa. “Vítimas” foi o termo máis sinalado, con preto dun cincuenta por cento, polas inmigradas, e tamén o máis atopado na mostra de diarios. A estratexia de vitimización das inmigradas está omnipresente na representación mediática, onde é presentada de diferentes formas en función do subtema concreto da peza informativa.

Se as inmigradas redactasen as novas das que son protagonistas, as categorías sobrerrepresentadas na mostra tales como a situación administrativa, a nacionalidade de orixe ou a relixión non terían cabida nos medios. Como constatamos na mostra, a nacionalidade de orixe é un dato sobre o que se constrúe o estereotipo das inmigradas. A cada cultura de orixe sonlle asignados unha serie de trazos e habilidades estereotipados. Así, as latinas son asimiladas co exotismo e a sexualidade, ademais de coa tradición, trazos que ao modo de ver da opinión pública –manipulada mediaticamente- encaixan con tarefas como os coidados, a reprodución e a prostitución. As mulleres musulmás son construídas como tradicionalis, relixiosas e familiares, o que as relega ao eido privado, e en menor medida que ás mulleres de orixe latinoamericana ou de Europa do Leste, ao sector doméstico de traballos de coidados de anciáns/ás e nenos/as e á limpeza.

A afonía mediática das protagonistas da inmigración é unha realidade, comprobada na ACD, da que elas son conscientes. Así o mostra a resposta maioritaria á

enquisa da total ausencia de voces, cunha porcentaxe superior ao 52 por cento, ou a súa “pouca” presenza nas pezas informativas, opción marcada por máis do 32 por cento das enquisadas. Como xa sinalamos, a voz é un dos elementos principais na construción da identidade propia e individual das persoas. Nesa medida é preocupante que na representación das migradas se lles negue a axencia, ao privalas do seu instrumento de manifestación: a voz. Estamos pois ante a construción dun estereotipo e non ante unha presentación equilibrada, plural e realista das mulleres inmigradas. A representación mediante a imaxe tamén foi obxecto de reflexión para as inmigradas, quen consideran que as fotografías que mostran mulleres inmigrantes en prensa son maioritariamente instantáneas que representan a “inmigrantes diferentes” e a “inmigrantes en situacións cotiás” –cunha porcentaxe do 34 por cento cada unha-, fronte a outras representacións como aquelas que “engaden información á noticia” e “mulleres con velo” que reforzan o estereotipo musulmá- cunhas porcentaxes do 23 por cento e o 18 por cento respectivamente. Se interpretamos a opción “inmigrantes diferentes” como diversidade de mulleres entón a interpretación que fan as inmigradas da fotografía de prensa sobre elas é positiva, pero un tanto afastada da realidade observada na ACD. Se pola contra, interpretamos o ítem “inmigrantes diferentes” como representación da alteridade entón a opinión das inmigradas coincide coa obtida na investigación tras a análise da mostra de diarios en papel. A ambigüidade, xa criticada, desta opción presentada na enquisa como resposta pechada, non nos permite establecer unha conclusión contrastada entre a mostra e as enquisas. Sen embargo, se nos apoiamos no resto das opcións e a porcentaxe de marcame que tiveron por parte das protagonistas da inmigración, si podemos concluír que as inmigradas opinan que as imaxes que as representan en prensa son pertinentes informativamente, ademais de reforzar a integración na medida en que mostran a mulleres en situacións cotiás, o que ten a dobre lectura de reforzamento da tradición na medida en que a expresión “situacións cotiás” permite un amplo abano de interpretacións, entre eles as tradicionais ou patriarcais. O 18 por cento das inmigradas coidan que as imaxes que saen publicadas acompañando as noticias sobre inmigración mostran a mulleres con velo o que reforza o estereotipo de orixe musulmá, xerando a idea de que é o Magreb é a principal orixe xeográfica das mulleres inmigradas, o cal é unha falacia. Como indicamos no apartado correspondente, as conclusións da ACD sobre o tratamento visual da inmigración feminina apuntan unha representación maioritariamente colectiva, de carácter secundario, en contextos ou actividades tradicionalmente femininas tales como coidar os nenos, ou acompañadas de varóns

adultos –nomeadamente parellas-, en planos xerais ou $\frac{3}{4}$, con pés de fotografía pouco individualizadores, etc. O tratamento visual de *El Periódico de Catalunya* volve destacar positivamente pola súa ética comunicativa, fronte ao maior grao de cosificación e xeralización dos diarios galegos, nomeadamente de *La Voz de Galicia*.

A trazos xerais podemos afirmar que as mulleres inmigradas teñen unha actitude crítica alimentada pola súa experiencia migratoria, que lles permite observar os medios con criterio e ser conscientes en boa medida dos efectos e a conformación das estratexias discursivas que estes empregan para xerar os estereotipos onde as pretenden pechar. Os estereotipos xerados e reforzados nos medios de comunicación seguen unha lóxica moi semellante ás identidades pechadas e as concepcións holísticas e estancas de culturas que manexa certa póla conservadora da teoría política multiculturalista. A perspectiva feminista critica tanto a concepción inmovilista das culturas e as identidades como a conformación e mantemento dos estereotipos, na medida en que funcionan do mesmo xeito e responden a un mesmo esquema de pensamento intolerante e filopatriarcal.

Conclusiones

Nesta investigación que aquí conclúe, tentei ofrecer unha análise da cuestión multiculturalista (teoría política da multiculturalidade) que resistise un exame feminista. Para iso peneirei as teses do multiculturalismo, o liberalismo e outras teorías políticas de actualidade co aparello da igualdade de xénero. O gran que superou a criba é só unha pequena parte da palla que foi desbotada en tanto sospeitosa de patriarcal, aínda que enmascarada de cultural. No marco teórico concluimos con María Luísa Femenías que a capacidade do suxeito- axente é proporcional á súa mobilidade cultural, tese que nos dispuxemos a comprobar para o caso concreto das mulleres inmigradas. Dende a perspectiva feminista interesábanos comprobar se as mulleres con mobilidade cultural, aquelas que migran, gozan de autonomía –por oposición á vitimización- e axencia correspondentes segundo o postulado enunciado. Varias institucións nos terían servido para comprobar a hipótese, sen embargo, e dado o carácter especial da mobilidade cultural que ten lugar na actualidade –aquela caracterizada polo peche das fronteiras do chamado primeiro mundo e a conseguinte irregularidade administrativa dos desprazamentos e posteriores estadias das persoas inmigradas- decidimos achegarnos a unha institución que escusa os procedementos formais de entrada: a prensa. Os medios de comunicación non requiren o DNI²³⁸ da persoa interesada antes de filmala pola rúa, como si esixe a institución política para o trámite da votación por poñer un exemplo. Por outra banda, os medios de comunicación son, entrado o século XXI, unha das principais plataforma de creación e mantemento das identidades. Nesa medida servíronnos de escenario e material de análise para comprobar o grao de axencia e autonomía das inmigradas.

O multiculturalismo, vai a contrasentido do feminismo en varios dos seus postulados. Dende a perspectiva igualitarista, concluimos a necesidade de examinar as motivacións reais das supostas tradicións culturais para poder cribar así as culturas, separando os trazos identitarios dunha comunidade asentados en valores comúns e os costumes que subordinan e oprimen a un xénero fronte ao outro. A subalternidade do xénero feminino fronte ao masculino non é tolerable baixo os presupostos igualitarios que guiaron esta investigación, e polo tanto en caso de contradición ou enfrontamento entre os postulados culturais ou comunitarios e os individuais rexidos polos valores da igualdade e a xustiza, os primeiros perecen baixo os segundos, sobre todo cando o

²³⁸ Referímonos ao procedemento formal previo. Sen embargo, e como detallamos na análise crítica do discurso da mostra de prensa, os medios de comunicación non presentan un tratamento equilibrado da sociedade regular e da irregular administrativamente falando.

obxecto de discriminación é –e tende a ser²³⁹- un suxeito do xénero feminino. A cultura é un concepto cuxa ambigüidade e confusión foron aproveitadas polo multiculturalismo ou o comunitarismo, entre outros, co gallo de ocultar as súas bases patriarcais e fundamente discriminantes. Na parte teórica acotamos os conceptos de cultura, identidade ou humanidade para evitar a sobrecarga feminina das cotas identitarias culturais, que enmascaran discriminacións.

En plena era da globalización, constatamos a feminización da pobreza e a relación que esta ten coa feminización da supervivencia- en expresión de Saskia Sassen- e a feminización da inmigración. Para concluír tal foi preciso estudar as particularidades do movemento migratorio actual, e concretamente do proxecto migratorio das mulleres e nomeadamente da súa situación no contexto de chegada, no que nos centramos na investigación. Partindo da afirmación de Amelia Valcárcel sobre a existencia dunha relación entre a inmigración e o benestar das mulleres mergullámonos no estudo da realidade das mulleres inmigrantes. Logo de escrutar a lei de estranxeiría española, que segue os ditados da UE, e fundamentalmente as figuras construídas baixo o estereotipo da femineidade tales como a reagrupación familiar, e achegarme aos principais nichos laborais das inmigradas no noso contexto –a prostitución e o servizo doméstico dentro do amplo sector dos coidados- concluín que a inmigración tende a reproducir os sistemas de desigualdade e dominación masculina. Así, ás dificultades propias da mobilidade cultural, hai que engadirille as propias do xénero discriminado. As mulleres que migran teñen que superar unha serie de obstáculos a maiores que os homes nas mesmas condicións, hándicaps que non só deben saltar na sociedades de orixe, senón tamén nas de destino do proxecto migratorio. Do anterior, séguese que a mobilidade cultural ten varias eivas cando a visten mulleres.

O estudo sobre as condicións maioritarias das migradas no contexto español puxéronnos sobre aviso das dificultades que albergaría a busca da autonomía e a axencia das migradas en prensa. Na análise da situación legal, laboral, social, etc. das inmigradas constamos a súa presenza maioritaria no espazo privado, ben sexa en nichos laborais feminizados ou nos seus propios fogares, no caso de reagrupadas, impedidas pola lei de estranxeiría a traballar. É ben sabido que os medios de comunicación teñen no eido privado un ámbito de difícil acceso. A prensa faise eco fundamentalmente do que

²³⁹ Referímonos a que determinado tipo de discriminacións se dan sobre as mulleres e non sobre os homes. Lémbrese a lista de ítems conflictivos no multiculturalismo elaborada por Parekh –analizada nun apartado anterior-, na cal a maioría dos puntos a discutir atinxen exclusivamente ás mulleres.

acontece na esfera pública. De modo que concluímos, mesmo antes de efectuar a ACD, que as inmigradas están invisibilizadas nos medios de comunicación. Hipótese que verificamos no estudo da prensa.

A partir da ACD, complementada coa Teoría do Marco concluímos que as distintas cabeceiras tratan a inmigración dun xeito moi semellante, malia as particularidades cuantitativas e cualitativas que ten o fenómeno nas dúas comunidades obxecto de análise: Galicia e Cataluña. A conclusión é que ademais do marco a través do que se mira, unha fiestra dun tamaño, opacidade e emprazamento moi similar –segundo a alegoría de Tuchman-, e o acto ou fenómeno cara ao que se dirixe a atención –realidade que comparte unha serie de trazos nas comunidades de estudo, aínda que tamén se rexistran unhas diferenzas- os medios de comunicación comparten un imaxinario e intereses que os fan tratar a inmigración dun xeito moi semellante. Tendo en conta os planteamentos da teoría da Espiral do Silencio de Noelle-Neumann, afirmamos que os temas máis relevantes do momento teñen un reflexo nos medios, e a inmigración non é unha excepción, se ben a representación non é equilibrada cuantitativamente nin igualitaria e xusta cualitativamente. Como afirmamos tras a ACD comparativa das principais cabeceiras de prensa rexional catalá e galega, existen particularidades no tratamento da temática da inmigración feminina por parte dos distintos medios. Así, *El Periódico de Catalunya* descubriuse como o diario máis equilibrado no trato das inmigradas. Este diario, malia compartir as estratexias discursivas que constrúen o estereotipo das inmigradas –a xeralización, a falta de nominalización e individualización, a vitimización, a exaltación dos trazos delitivos, a incidencia na falta de axencia, o ton paternalista, e un amplo etc.- emprégaa en menor grao que outras cabeceiras, e nomeadamente menos que *Faro de Vigo*, o xornal menos equilibrado da mostra no tocante á representación da inmigración feminina. Concluimos que a prensa rexional catalá analizada é, a trazos xerais, máis rigorosa e respectuosa coas inmigradas que a prensa galega, se ben se pode establecer certa comparación entre *El Periódico de Catalunya* e *La Voz de Galicia* por unha banda e *La Vanguardia* e *Faro de Vigo*, sempre nesta orde, pola outra. A calidade e cantidade no tratamento de *La Voz de Galicia* non permite afirmar rotundamente que a representación da migración que fan os medios cataláns sexa de maior calidade e rigor que a que fan as cabeceiras galegas, xa que en varios aspectos, *La Voz de Galicia* sitúase, sempre despois de *El Periódico de Catalunya*, como a cabeceira da mostra máis equilibrada e rigorosa. Convén subliñar que en prensa tan importante é o que se di como o que non se di. Nesa medida a

visibilización ou invisibilización de determinadas temáticas é relevante. No caso concreto que nos ocupa, a inmigración feminina, concluímos que os medios cataláns tratan o fenómeno nunha porcentaxe pouco adecuada á situación estatística reflectida polo INE. Como xa concluímos na ACD, tendo en conta que a porcentaxe de inmigradas en Galicia supón só un dez por cento das asentadas en Cataluña, un tratamento mediático equilibrado tería arroxado unhas cifras moi superiores para o caso catalán que para o galego, cousa que non ocorre, pois é precisamente *La Voz de Galicia*, o medio da mostra que máis inmigradas representa.

Concluimos que as mulleres inmigrantes son unha excepción á asociación de mobilidade cultural coa axencia e a capacidade de suxeitos. Os medios de comunicación constrúen o estereotipo da inmigrada de modo negativo, precisamente, como oposición a esta realidade. Tras a análise da mostra, concluímos a construción das inmigradas como estereotipo pasivo, representado pola figura da vítima, sen axencia por definición. Malia que non é a hipótese central desta investigación, apuntamos que no caso da inmigración masculina, a representación tamén está estereotipada. Sen embargo, a figura de varón inmigrante constrúese como activa, suxeito de todo tipo de accións negativas, pero con capacidade de axencia. Polo tanto, concluímos que non é só unha das variables, xénero ou etnia, a que fai das mulleres inmigradas obxecto de invisibilización e tratamento estereotipado vitimista na prensa, senón unha combinación de ambas as dúas variables citadas, en conxunción con outros factores como poden ser a clase, relixión, trazos antropomórficos, etc. En todo caso, a hipótese da mobilidade cultural e a conseguinte axencia queda falseada no caso das mulleres inmigrantes, xa que como comprobamos as inmigradas son construídas nos medios como excepción ao patrón dominante da inmigración na institución mediática: o varón árabe e musulmán. Os medios de comunicación cumpren a función da construción das mulleres con mobilidade cultural como parte dun estereotipo caracterizado pola súa pasividade. Así, a maioría estatística dos proxectos migratorios vehiculados cun avión e con orixe América Latina son ocultados baixo os minoritarios desprazamentos en pateira dende a África subsahariana ou magrebí ou as viaxes de mulleres reagrupadas polos seus familiares musulmáns. As cámaras dos medios apuntan os seus flashes cara ás mulleres veladas, ás nais que acompañan aos/ás fillos/as pola rúa, ás parellas que van de lado dos maridos/noivos, en definitiva cara ao perfil de mulleres tradicionais. Pola contra, silencian e invisibilizan a outros colectivos de inmigradas con maior capacidade axente. As xefas de fogar –en expresión de Laura Oso-, mulleres que viaxan soas por iniciativa

propia e que mandan remesas para manter á familia en orixe, á que por veces conseguen reagrupar, saen pouco no discurso mediático, e mesmo cando os medios as enfocan lles negan a axencia. As inmigradas non teñen voz. A aparición das protagonistas da inmigración como fontes é anecdótica na mostra. Concretamente, do total de 140 noticias analizadas en profundidade só en catro delas aparecen inmigradas en función de expertas. Como expuxemos na mostra, non ter voz implica non ter voto, é dicir carecer de poder de decisión, e de axencia en último termo. Ao non ter voz, outras –e nomeadamente outros- falan por ti e mesmo te constrúen, xa que a linguaxe é o primeiro tixolo na construción das identidades. A ausencia de voz remite ao estereotipo da espera: a que está aí pero non participa. A que espera a que a rescaten dunha pateira, dun prostíbulo, da rúa, etc. A que espera a que lle dean papeis nun proceso de regulamentación. A que espera a que a salven. O paternalismo é a columna vertebral do esquema mediático aquí analizado. Como concluímos na ACD, o enfoque trafiquista é unha das modalidades de estratexia paternalista máis empregadas. Comprobamos que o tratamento da prostitución é paradigmático no que atinxe ao emprego das estratexias do vitimismo e a falta de axencia. Cun enfoque predominantemente institucional preséntase ás mulleres inmigradas en situación de prostitución –tratamento non moi distanciada do doutras temáticas relativas a mulleres inmigrantes- mediante o estereotipo da trata e a explotación, negándolle a axencia, non só na elección da actividade senón tamén na decisión do propio proxecto migratorio. As inmigradas son presentadas como vítimas de mafias de compatriotas que as mercan e venden sen que medie decisión delas, invisibilizando así a elección persoal de viaxar da maioría das inmigrantes, pero tamén son presentadas como vítimas das súas sociedades de orixe –comparadas coa sociedade europea- e dos seus propios compatriotas, os homes que as maltratan. Concluimos que a prensa presta especial atención ás temáticas relacionadas coa violencia co obxecto de problematizar o fenómeno da inmigración, e construír as inmigradas como vítimas, responsables en último termo da súa situación, na medida en que non “aproveitan” as ferramentas que a sociedade de destino pon ao seu alcance. Isto é especialmente claro no caso da responsabilización das vítimas de violencia machista da súa “sorte” cando non denuncian ao agresor reincidente, así como tamén nas noticias, maioritariamente de carácter retrospectivo, nas que os corpos de interior –nomeadamente a policía- aconsellan ás vítimas que denuncien as mafias ou agresores, ofrecéndolle a cambio inmunidade temporal.

Logo de efectuar a ACD acudimos ao suxeito da investigación, as mulleres inmigradas, co gallo de contrastar os resultados da análise e verificar o seu grao de consciencia da súa heterorrepresentación na prensa. Concluimos que as inmigradas están informadas e son conscientes –a grandes trazos- da distorsión na representación da migración feminina nos medios. O 84 por cento das enquisadas considera que a súa presenza nos medios é nula (un 52 por cento) ou “pouca” (segundo o resto das inmigradas). Como xa indicamos, a ausencia de voz está asociada á vulnerabilidade, a imposibilidade de defensa ou reclamación algunha. Os grupos de poder posúen parcelas discursivas que lles permiten crear opinión pública. O acceso ás tribunas mediáticas non é gratuíto, e as mulleres migradas teñen poucos cheques mediáticos dispoñibles. As inmigradas non se senten representadas na prensa. Como concluimos nos resultados da enquisa, o 43 por cento das migradas séntese “moi pouco” representada na prensa, porcentaxe á que hai que sumarlle outro 42 por cento aproximadamente de inmigrantes que se senten “pouco” representadas nos diarios. As principais críticas que fan as implicadas ao seu tratamento mediático son a sobrerrepresentación de temáticas negativas (a violencia machista, o traballo sexual, o terrorismo, a violencia e a delincuencia, a chegada a España por mar, etc), o uso de categorías que as constrúen como estereotipos tales como “víctimas”, “reagrupadas”, “tradicionais”, “explotadas”, “tratadas”, etc, a súa afonía mediática, e o uso e abuso de variables como a situación administrativa, a nacionalidade de orixe ou a relixión, datos que as inmigradas prefiren omitir na súa presentación. As implicadas demandan unha autodesignación moi lonxe da heterodesignación que fan delas os medios. Se elas redactasen as noticias que as implican denominaríanse “persoa”, “traballadora”, “muller”, “nai”, etc., termos pouco frecuentes no discurso sobre a inmigración.

Tendo en conta a tese da construción social da realidade e a posición dos medios como plataforma privilexiada nesta tarefa, preocupámonos de confirmar a hipótese da construción das mulleres migradas como obxectos pacientes ou complementos axentes, sen capacidade de axencia e atributos de suxeito. As consecuencias sociais da creación e mantemento mediático deste estereotipo son o reforzo das teses multiculturalistas que comprenden as culturas de xeito holístico, e as identidades como marcos pechados, negando a os cambios e os empréstimos culturais dando lugar a inmovilidade cultural das persoas, e nomeadamente das mulleres, suxeitos que se enfrontan ao hándicap patriarcal da mobilidade, e no caso de que esta mobilidade se dea na práctica dificultase o seu coñecemento e difusión, privando así as migradas de ferramentas de integración

social e acción política. A opinión pública condena ao groso das inmigradas a nichos laborais restrinxidos, determinados contextos, limitando a súa capacidade de expresión e actuación –mesmo para aquela para a que contan con experiencia e formación demostrables. O estereotipo da pasividade e a falta de axencia réstalle oportunidades ás migradas abrindo a brecha entre mulleres de diferentes orixes, nacionalidades, clases, etc. reforzando as diferenzas no canto de acurtalas, tarefa que persegue o feminismo. O primeiro paso para un cambio social é o coñecemento da opresión e o descontento con esta. No caso das inmigradas, e como comprobamos coa enquisa, este feito xa ben dado. O seguinte paso é a reclamación da autodesignación parello á constitución das inmigradas como suxeitos, tarefa que esixe unha colaboración dos medios, na medida en que como expuxemos, son unha ferramenta fundamental de creación de identidades. Esta investigación súmase ás pouquísimas elaboradas no contexto español que visibilizan a ausencia e discriminación das inmigradas na prensa. A perspectiva crítica é o útil máis valioso co que incidir no funcionamento das institucións que, como os medios, teñen mecanismos de autorregulación e control. Cos datos obtidos contribuímos á labor de crítica que reclama Victoria Camps (2004a: 42) na seguinte afirmación: *“La información mediática está sometida a una serie de tiranías, seguramente inevitables, pero que deberían ser conocidas para defendernos de su dominación”*. Como constatamos na enquisa a poboación alóctona é máis consciente –a xulgar polos resultados da enquisa trimestral do CIS sobre as principais problemáticas do contexto español- da manipulación que xira en torno ao discurso público da inmigración. Esperamos que os resultados desta tese contribúan a xerar un coñecemento máis realista dos medios por parte da sociedade no seu conxunto.

Son moitas as tarefas pendentes no estudo da realidade da inmigración feminina dende o contexto de chegada. Na busca concreta nos medios de comunicación, na que aquí nos centramos, e unha vez constatada a invisibilización da inmigración e as estratexias de construción das inmigradas como vítimas sen axencia a partir do discurso mediático, resta por facer unha aproximación ao eido da produción informativa para observar os mecanismos, so enunciados nesta investigación, que desembocan na produción do discurso que analizamos mediante a ACD. É pertinente un exame das rutinas productivas en relación coa inmigración feminina co gallo de observar e visibilizar os procedementos e causas dos mesmos que cristalizan no discurso mediático. Por outra banda, tamén queda pendente a exploración máis detallada da recepción. Os estudos da audiencia centrados na inmigración feminina son noveis aínda

no contexto español. Nesta tese de doutoramento só iniciamos de maneira modesta esta vía de estudo, ao realizar a enquisa ás inmigradas sobre a recepción do discurso da prensa rexional coa que traballamos. Unha investigación da envergadura dunha tese doutoral abre infinitos roteiros de investigación, a maioría quedan sen transitar nesta etapa. A necesaria acotación levounos a escoller sendeiro sen excesivos desvíos, só aqueles necesarios para a comprensión total do escrito. No período posdoutoral serán retomados parte destes novos vieiros para completar a investigación, sempre aberta ante a actualidade e presteza da temática escollida.

Bibliografía

- ADÁN, Carme (2002), “Introducción” en ADÁN, Carme, *Epistemología, naturaleza e xénero*, Exemplar de tese de doutoramento, pp. 3- 18.
- ADORNO, T. W. y HORKHEIMER, (1997) H, “La industria cultural” en ADORNO, T. W. y HORKHEIMER, H, *Dialéctica de la ilustración*, Madrid, Trota, pp. 165- 212.
- AGRA, María Xosé (2000), “Multiculturalismo, justicia y género” en AMORÓS, Celia, *Feminismo y filosofía*, Madrid, Síntesis, pp. 135- 164.
- AGRA, María Xosé (2003) “Liberalismo político y feminismo” en LÓPEZ PARDINA, T. y OLIVA PORTOLÉS A. (Ed.), *Crítica feminista al psicoanálisis y a la filosofía*, Madrid, Ed. Complutense S. A. pp. 181- 206.
- AGRA, María Xosé (2006), “Ciudadanía, feminismo y globalización” en RUBIO, Ana y HERRERA, Joaquín (Coord.), *Lo público y lo privado en el contexto de la Globalización*, Andalucía, Instituto de la Mujer, Junta de Andalucía, 2006, pp. 67- 94.
- AGRA, María Xosé (2007a), “Fitos e fíos da xustiza distributiva” en VÁZQUEZ LOBEIRAS, María Jesús (coord.), VÁZQUEZ SÁNCHEZ, Juan (coord.) y RAÑA DAFONTE, César Lorenzo (coord.), *Experientia et sapientia: estudios dedicados a la memoria de Ángel Álvarez Gómez*, ISBN 978-84-9750-902-2, pp. 67-82.
- AGRA, María Xosé (2007b), “Cultura, diversidad cultural y política: apuntes para una reflexión feminista” en AMORÓS, Celia (Ed.), *Multiculturalismo y feminismo*, Madrid, Instituto de la Mujer, pp. 13-29.
- AGRA, María Xosé (2008), “Capacidades humanas e igualdad de las mujeres” en PULEO, Alicia, *El reto de la igualdad de género*, Madrid, Ed. Biblioteca Nueva, 2008, pp. 125- 146.
- AGRA, María Xosé (2009), “Martha C. Nussbaum: Liberalismo político de las capacidades” en MÁIZ, Ramón (Comp.), *Teorías políticas contemporáneas*, Valencia, Tirant lo blanch, pp. 365- 398.
- AGUADO, Ana (2007), “Mujeres entre Oriente y Occidente” en <<http://www.uv.es/iued/actividades/articulos/MujeresentreOriente.pdf>> (última consulta 09/10/2008)
- AGULAR, Marta, “Miedo Prestado” en <<http://www.acoge.org/opinion.htm>> (última consulta 09/10/2008)

- AGUSTÍN, Laura María (2004), *Trabajar en la industria del sexo, y otros tópicos migratorios*, Donostia, Tercera Prensa.
- AIERBE, Peio (2003), “Inmigración y delincuencia, un binomio interesado” en AIERBE et al. *Análisis de prensa 2002. Inmigración, racismo y xenofobia*, Donostia: Tercera Prensa, pp. 59- 83.
- AIERBE, Peio (2007), “Sin papeles: límites como movimiento, fuerza como agente de cuestionamiento del concepto de ciudadanía” en SUÁREZ NAVAZ, Liliana; MACÍA, Raquel y MORENO, Ángela, *Las luchas de los sin papeles y la extensión de la ciudadanía*, Traficantes de sueños, pp. 237- 252.
- AIERBE, Peio (2008a), “Herramientas para trabajar las buenas prácticas informativas” en LIROLA, María (Coord.), *Inmigración, discurso y medios de comunicación*, Alicante, Universidad de Alicante. Disponible en: <<http://www.mugak.eu/gunea/obsmedios/miradas/her>> (Última consulta: 13/02/2009)
- AIERBE, Peio (2008b), “Representación de las mujeres trabajadoras inmigrantes en los medios de comunicación” en BAÑÓN HERNÁNDEZ, Antonio Miguel (Ed.), *Comunicación, empleo y mujer inmigrante*, Donostia, Tercera Prensa, pp. 7-20.
- AIERDI, Xabier (2007), “La traductora de Gerd Baumann. Notas sobre etnicidad y actitudes ante la inmigración en el País Vasco” en IGARTUA, Juan José y MUÑIZ, Carlos (Eds.), *Medios de comunicación, inmigración y sociedad*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, pp. 281-309.
- ALBELA GARCÍA et al. (2007), “Situación xeral da inmigración en España” en LÓPEZ DE LERA, Diego (Dir.), *Administración pública e estranxeiría: necesidade formativas e “boas prácticas”*, Santiago de Compostela, EGAP, pp. 29- 48.
- ALEXANDER, M. Jacqui y TALPADE MOHANTY, Chandra (2004), “Genealogías, legados, movimientos” en HOOKS, Bell, BRAH, Avtar, SANDOVAL, Chela, ANZALDUA, Gloria..., *Otras inapropiables. Feminismos desde las fronteras*, Madrid, Traficantes de Sueños, pp. 137- 184.
- ALFARO MORENO, Rosa María (2007), “Televisión que se feminiza: laberinto de género. Recomendaciones para salir del atolladero” en CHOCARRO MARCESSE, Silvia (coord.), *Nosotras en el país de las comunicaciones*, Barcelona, Icaria, pp. 45- 62.
- AL- HIBRI, Azizah Y. (1999), “Is western patriarchal feminism good for third world/

- minority women?” en COHEN, Josua; HOWARD, Matthew & NUSSBAUM, Martha (Eds.), *Is Multiculturalism bad for women? Susan Moller Okin with Respondents*, New Jersey, Princeton University Press, pp. 41- 46.
- AL-SADAWI, Nawal (2008), “Creativity, Women and Dissidence”, Madrid, Ediciones Congreso Internacional e interdisciplinar Mundos de Mujeres, pp. 9-15.
- ALTÉS, Elvira (2007), “¿Quién figura en las noticias?” en Libro de Ponencias de *V Convención de Periodistas de España*, Lugo, Maio de 2007, pp. 89- 94.
- ÁLVAREZ SILVAR, Gabriel (2005), “La inmigración de “gallegos” en Galicia. Un estudio de caso” en SOLÈ, Carlota y IZQUIERDO, Antonio (Coords), *Integraciones diferenciadas: Migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía*, Barcelona, Anthopos, pp. 105- 118.
- ÁLVAREZ POUSA, Luís (2007), “Un observatorio para o xornalismo social” en *Comunicación e Cidadanía*, nº 1, Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e Observatorio Galego dos Medios, pp. 7-18.
- ALVARGONZÁLEZ, David (2002), “Del relativismo cultural y otros relativismos” en *El Catoblepas*, nº 8, outubro 2002, pp. 13.
- AMADO, Ana María y VALLE, Norma, (1996) “¿Qué es el sexismo y cómo nos afecta?” en AMADO, Ana María y VALLE, Norma, *El ABC para un periodismo no sexista, Fempress*. Disponible en <http://www.mujaresenred.net/news/article.php3?id_article=103> (Última consulta 10/10/2008)
- AMARA, Fadela y ZAPPI, Sylvia (2004), *Ni putas ni sumisas*, Madrid, Cátedra, Colecc. Feminismos.
- AMECO PRESS, “Inmigración femenina en España”, 8 de xuño de 2007. Disponible en <http://www.amecopress.net> (Última consulta: 10/10/2008).
- AMECO PRESS, “La población femenina es la gran olvidada de los procesos migratorios”, 8 de marzo de 2008. Disponible en <http://www.amecopress.net> (Última consulta: 10/10/2008).
- AMORÓS, Celia y DE MIGUEL, Ana (Eds.) (2007), *Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización*. Vol. 3, Madrid, Minerva Ediciones.
- AMORÓS, Celia, (1997) *Tiempo de Feminismo, sobre feminismo, proyecto ilustrado y postmodernidad*, Madrid, Cátedra, 1997
- AMORÓS, Celia (2005) *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias para la lucha de las mujeres*, Madrid, Cátedra.

- AMORÓS, Celia “La idea de igualdad” en *Fempres*. Disponible en <http://www.geocities.com/Athens/Parthenon/8947/celiamoros.htm> (Última consulta 10/10/2008)
- AMORÓS, Celia (2006), “Entrevista a Celia Amorós y Amelia Valcárcel” en *E-mujeres*. Disponible en <http://www.e-mujeres.net/entrevista/entrevista-celia-amoros-y-amelia-valcarcel> (Última consulta: 11/02/2010).
- AMORÓS, Celia (Ed.) (2007a), *Multiculturalismo y feminismo*, Madrid, Instituto de la Mujer.
- AMORÓS, Celia (2007a), “Por una Ilustración multicultural ilustrada” en AMORÓS, Celia (Ed.), *Multiculturalismo y feminismo*, Madrid, Instituto de la Mujer, pp. 109- 125.
- AMORÓS, Celia (2007b), “As mulleres están en terra de ninguén”, Entrevista de M. X. Agra e D. Vilavedra en *Grial*, núm. 176, pp. 50- 59.
- AMORÓS, Celia (2007c), “Feminismo y multiculturalismo” en AMORÓS, Celia y DE MIGUEL, Ana (Eds.), *Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización*. Vol. 3, Madrid, Minerva Ediciones, pp. 215- 263.
- AMORÓS, Celia (2007d), “Globalización y orden de género” en AMORÓS, Celia y DE MIGUEL, Ana (Eds.), *Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización*. Vol. 3, Madrid, Minerva Ediciones, pp. 301- 331.
- AMORÓS, Celia (2007e), “Sujetos emergentes y nuevas alianzas política sen el “paradigma informacionalista”” en AMORÓS, Celia y DE MIGUEL, Ana (Eds.), *Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización*. Vol. 3, Madrid, Minerva Ediciones, pp. 333- 372.
- AMORÓS, Celia (2008), “El legado de la ilustración: de las iguales a las idénticas” en PULEO, Alicia, *El reto de la igualdad de género*, Madrid, Ed. Biblioteca Nueva, pp. 45- 61.
- ANDALZÚA, Gloria (2004), “Movimientos de rebeldía y las culturas que traicionan” en HOOKS, Bell, BRAH, Avtar, SANDOVAL, Chela, ANZALDUA, Gloria..., *Otras inapropiables. Feminismos desde las fronteras*, Madrid, Traficantes de Sueños, pp. 71- 80.
- ANDERSON, Elizabeth, (2000), “Feminist epistemology and Philosophy of Science”, *The Standford Enciclopedy of Philosophie*, (Summer 2000, edition), Edward N. Zalta (Ed.) Disponible en: http://plato.stanford.edu/archives/sum2004/entries/feminism_epistemology/

- (Última consulta 10/10/2008).
- APARICIO GÓMEZ, Rosa (2006), “Mujeres inmigrantes: prisioneras de género”. Ponencia lida no Mediterranean Women’s Forum Unesco Networkm 5th International Congress “Women: migrations and intercultural dialogue”, Atenas, 23-26 Outubro de 2006. Disponible en: <http://www.aulaintercultural.org/article.php3?id_article=1768> (Última consulta: 04/11/08).
- APARICIO GÓMEZ, Rosa (2007), “Las “segundas generaciones” en España: ¿qué movilidad social? en IGARTUA, Juan José y MUÑIZ, Carlos (Eds.), *Medios de comunicación, inmigración y sociedad*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, pp. 311-341.
- ARJONA GARRIDO, Ángeles; CHECA OLMOS, Juan Carlos y ACIÉN GONZÁLEZ, Estefanía (2005), “Economía étnica y espacios alternativos de ocio. Estrategias económicas de las mujeres subsaharianas” en CHECA y OLMOS, Francisco (Ed.), *Mujeres en el camino. El fenómeno de la inmigración femenina en España*, Barcelona, Icaria, pp.117- 138.
- ARJONA, M^a Ángeles (2008), “El autoempleo como oportunidad socioeconómica de la mujer inmigrada” en BAÑÓN HERNÁNDEZ, Antonio Miguel (Ed.), *Comunicación, empleo y mujer inmigrante*, Donostia, Tercera Prensa, pp. 21-42.
- ASOCIACIÓN DE PERIODISTAS DE BIZKAIA (2000), *Foro de la Inmigración: Manual de estilo periodístico*.
- AUBARELL, Gemma (2000), “Una propuesta de recorrido bibliográfico por las migraciones femeninas en España”, *Papers*, núm. 60, pp. 391-413.
- AZA BLANC, Gonzalo (2004), “Las mujeres en la pobreza: una perspectiva psicológica” en GARCÍA-MINA, Ana y CARRASCO, María José (Eds.), *Género y desigualdad: La feminización de la pobreza*, Madrid, Universidad Pontificia Comillas, pp. 173- 190.
- AZIZE, Yamila (2004), “Empujar las fronteras: mujeres y migración internacional desde América Latina y el Caribe” en OSBORNE, Raquel (Ed.), *Trabajador@ del sexo: derechos, migraciones y tráfico en el siglo XXI*, Barcelona, Eds. Bellatera, pp. 167- 180.
- BÂ, Mariama, (2003) *Mi carta más larga*, Madrid, Ediciones Zanzibar.
- BALIBAR, E. e WALLERSTEIN (1991), I., *Raza, nación e clase*, Santander, EPALA,

p. 152.

- BAÑÓN HERNÁNDEZ, Antonio M. (Ed.) (2007a), *Discurso periodístico y procesos migratorios*, Donostia, Tercera Prensa.
- BAÑÓN HERNÁNDEZ, Antonio M. (Ed.) (2007a), “Los medios como mediadores interculturales. A modo de presentación” en BAÑÓN HERNÁNDEZ, Antonio M. (Ed.), *Discurso periodístico y procesos migratorios*, Donostia, Tercera Prensa, pp. 7-26.
- BAÑÓN HERNÁNDEZ, Antonio M. (2007b), “El discurso periodístico a propósito del viaje de los inmigrantes pobres” en ZAPATA-BARRERO, Ricardo y VAN DIJK, Teun, A. (eds.) (2007), *Discurso sobre la inmigración en España: los medios de comunicación, los parlamentos y las administraciones*, Barcelona, Fundación CIDOB, pp. 45- 67.
- BAÑÓN HERNÁNDEZ, Antonio M. (2007c), “La responsabilidad y su representación en el discurso periodístico sobre la inmigración” en IGARTUA, Juan José y MUÑIZ, Carlos (Eds.), *Medios de comunicación, inmigración y sociedad*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, pp. 61-88.
- BAÑÓN HERNÁNDEZ, Antonio Miguel (Ed.) (2008), *Comunicación, empleo y mujer inmigrante*, Donostia, Tercera Prensa.
- BAÑÓN HERNÁNDEZ, Antonio M. y FORNIELES, Javier (2008), “Conceptos básicos sobre comunicación e inmigración” en BAÑÓN HERNÁNDEZ, Antonio M. y FORNIELES, Javier (Eds.), *Manual sobre Comunicación e Inmigración*, Donostia, Tercera Prensa, pp. 9- 18.
- BARBA PÁN, Montserrat et. Al. (Coord.) (2007) *A inmigración na prensa galega. O reflexo da diversidade*, A Coruña, Oficina Autónoma de Cruz Vermella Española en Galicia.
- BASABE, Nekane (2007), “Diferencias culturales y comunicación: integración socio-cultural de los inmigrantes extranjeros en el País Vasco” en IGARTUA, Juan José y MUÑIZ, Carlos (Eds.), *Medios de comunicación, inmigración y sociedad*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, pp. 233- 255.
- BEAUVOIR, Simone de (1998), *El segundo sexo, Vol. I, Los hechos y los mitos*, Madrid, Cátedra, Universidad de Valencia, Instituto de la Mujer, (Ed. 1949).
- BEDOYA, María Helena (2000), “Mujer extranjera: una doble exclusión: Influencia de la ley de extranjería sobre las mujeres inmigrantes”, *Papers*, núm. 60, pp. 241-256.

- BELGRANO RAWSON, Milagros (2006), “Ni putas ni sumisas. Fadela Amara: Una mujer sin velo”, abril de 2006. Disponible en <<http://www.analitica.com/va/sociedad/articulos/4752484.asp>>, (Última consulta: 08/04/2006)
- BELLIOTI, Raymond A. (1995), “La sexualidad” en SINGER, Peter, *Compendio de Ética*, Madrid, Alianza Editorial, Edición Española de VIGIL Rubio, Jorge & VIGIL Margarita.
- BENACH ROVIRA, Núria (2005), “Diferencias e identidades en los espacios urbanos” en NASH, Mary; TELLO, Rosa y BENACH, Nuria (Eds), *Inmigración, género y espacios urbanos: Los retos de la diversidad*, Barcelona, Ediciones Bellaterra, pp. 71- 83.
- BENACH, Núria (2008), “Espacios urbanos para transgredir las diferencias” en TELLO, Rosa, BENACH, Nuria y NASH, Mary (eds.), *Intersticios, Contactos interculturales, género y dinámicas identitarias en Barcelona*, Bcn, Ediciones Bellaterra, pp. 89- 97.
- BENERÍA, Lourdes (2005), *Género, desarrollo y Globalización*, Barcelona, Hacer.
- BENHABIB, Sheyla (2004), *Los derechos de los otros. Extranjeros, residentes y ciudadanos*, Barcelona, Gedisa.
- BENHABIB, Sheyla (2006), *Las reivindicaciones de la cultura. Igualdad y diversidad en la era global*, Buenos Aires, Katz.
- BENHABIB, Sheyla (2009a), “Otro universalismo: Sobre la unidad y la diversidad de los derechos humanos”, Trad. de David Álvarez. Paper presentado en Seminario “Ciudadanía democrática y diversidad cultural”, Máster en Ciudadanía y Derechos Humanos, Universidades de Barcelona y Girona.
- BENHABIB, Sheyla (2009b), “Claiming rights across borders. International human rights and democratic sovereignty” (inédito). Paper presentado en Seminario “Ciudadanía democrática y diversidad cultural”, Máster en Ciudadanía y Derechos Humanos, Universidades de Barcelona y Girona.
- BERGER, Peter L. y LUCKMANN, Thomas (1998), *La construcción social de la realidad*, Buenos Aires, Amorrortu editores, pp. 1-35.
- BERGER, John (2000), “La mujer como objeto sexual en imágenes” en BERGER, John, *Modos de Ver*, Barcelona, Gustavo Gili, pp. 43- 51.
- BERGER, John (2000), “Ensayo 3” en BERGER, John, *Modos de Ver*, Barcelona, Gustavo Gili, pp. 53- 74.

- BERNÁRDEZ RODAL (2007), Asunción (Dir), *Mujeres inmigrantes en España, Representaciones en la información y percepción social*, Madrid, Editorial Fragua.
- BESSIS, Sophie (1994), *Las mujeres del Magreb*, Madrid, Ed. Horas y Horas.
- BESSIS, Sophie (2002), *Occidente y los otros, Historia de una supremacía*, Madrid, Alianza Ed.
- BESSIS, Sophie, “El hijab” (2004a), Entrevista realizada polo Grupo Eleuterio Quintanilla. Gijón, 25 de novembro de 2004, en *Página Abierta*, 154, decembro de 2004.
- BESSIS, Sophie (2004b), “La polémica sobre el velo en Francia: contenido y consecuencias”, conferencia en Gijón el 26 de outubro de 2004, dentro de las Jornadas Ley contra el uso de signos religiosos en la escuela pública francesa ¿era necesaria? Disponible en <<http://www.comadresfeministas.com/actividades/areasdetrabajo/jornadas/velo.htm>> (Última consulta: 10/10/2008).
- BESSIS, Sophie (2005), *Las emergencias del mundo: economía, poder, alteridad*, Oviedo, Ed. Nobel.
- BESSIS, Sophie (2008), *Los árabes, las mujeres, la libertad*, Madrid, Alianza Editorial.
- BIANCHI, Graziela, BONIN, Jiani y SILVEIRA, Fabrício (2008), “La construcción de la identidad de los movimientos transnacionales” en COGO, Denise; GUTIERREZ, María y HUERTAS, Amparo (coords.), *Migraciones transnacionales y medios de comunicación*, Madrid, Los libros de la Catara, pp. 43- 64.
- BLANCO, Carmen (2003), “Ser e estar en todos os lugares do mundo”, *Unión libre. Cadernos de vida e culturas* 8, Sada, A Coruña, pp. 13-19.
- BLANCO, Cristina (2007), “Las imágenes de la inmigración en España. Apuntes en torno a una realidad que se debate entre lo real y lo imaginario” en IGARTUA, Juan José y MUÑIZ, Carlos (Eds.), *Medios de comunicación, inmigración y sociedad*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, pp. 89- 110.
- BOIX, Montserrat (2007), “Nuevas tecnología de la información y la comunicación: creando puentes entre las mujeres” en CHOCARRO MARCESSE, Silvia

- (coord.), *Nosotras en el país de las comunicaciones*, Barcelona, Icaria, pp. 139-150.
- BOLTVINIK, Julio (2001), “Evolución heterogénea de la pobreza en México” en TORTOSA, José María (coord.), *Pobreza y perspectiva de género*, Barcelona, Icaria, pp. 229- 271.
- BOURDIEU, Pierre (2000), *La dominación masculina*, Barcelona, Anagrama.
- BRAH, Avtar (2004), “Diferencia, diversidad, diferenciación” en HOOKS, Bell, BRAH, Avtar, SANDOVAL, Chela, ANZALDUA, Gloria..., *Otras inapropiables. Feminismos desde las fronteras*, Madrid, Traficantes de Sueños, pp. 107- 136.
- BRAIDOTTI, Rosi (2000), *Sujetos nómades*, Buenos Aires, Paidós.
- BRAVO LÓPEZ, Fernando (2005), “El musulmán como alter-ego irreductible: la expansión del discurso culturalista” en LÓPEZ GARCÍA, Bernabé y BERRIANE, Mohamed, *Atlas de la inmigración marroquí en España*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid, pp. 433- 437.
- BRIDGE (2005), Género y Migración, *Canasta Básica*, Brighton, BRIDGE/Instituto de Estudios de Desarrollo. Disponible en http://www.bridge.ids.ac.uk/reports_gend_CEP.html (Última consulta: 19/12/2008).
- BRICEÑO LIÑARES, Ybelice (2004), “Inmigración, exclusión y construcción de la alteridad. La figura del inmigrante en el contexto español” en MATO, Daniel (Coord.), *Políticas de ciudadanía y sociedad civil en tiempos de globalización*, Caracas, Faces, Universidad Central de Venezuela, pp. 201- 219.
- BROOK, Debora (2008), “Practical Feminism: Supporting Women in the Sex Trade”, Madrid, Ediciones Congreso Internacional e interdisciplinar Mundos de Mujeres 2008, pp. 50-54.
- BUENO, Gustavo (2002), “Etnocentrismo cultural, relativismo cultural y pluralismo cultural”, en *El Catoblepas*, núm. 2, abril 2002, p. 3. Disponible en <http://www.nodulo.org/ec/2002/n002p03.htm> (última consulta 10/10/2008).
- BURCH, Sally (2007), “Comunicación y diversidad cultural: luchas convergentes” en CHOCARRO MARCESSE, Silvia (coord.), *Nosotras en el país de las comunicaciones*, Barcelona, Icaria, pp. 207- 216.
- BUTLER, Judith (2006), *Deshacer el género*, Barcelona, Paidós Ibérica (Traducción de Patricia Soley).

- CABEZAS DE ALCALÁ, Silvia y VELILLA GIMÉNEZ, Javier (2005), *Imagen mediática y opinión pública sobre la inmigración en España y Catalunya. Análisis con motivo del último proceso extraordinario de regularización de inmigrantes*, Barcelona, Observatorio del Sistema Penal y los Derechos Humanos, Universitat de Barcelona.
- CABRERA CABRERA, Pedro José (2004), “Pobreza y exclusión desde la perspectiva de género” en GARCÍA-MINA, Ana y CARRASCO, María José (Eds.), *Género y desigualdad: La feminización de la pobreza*, Madrid, Universidad Pontificia Comillas, pp. 11- 74.
- CALVO, José Manuel (2005), “La 'sharía' desafía el modelo de Canadá. El intento de aplicación de la ley islámica en la provincia de Ontario divide a los musulmanes”, *El País*, 23/10/2005.
- CALVO OCAMPO, Fabiola (2007), “La Red Internacional de Mujeres Periodistas y Comunicadoras: un sueño posible” en CHOCARRO MARCESSE, Silvia (coord.), *Nosotras en el país de las comunicaciones*, Barcelona, Icaria, pp. 81-94.
